# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA
# 20

2018

eISSN 2605-4507
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 20

2018

eISSN 2605-4507
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

**Edita** Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**Secretario Xeral de Política Lingüística**

Valentín García Gómez

**Coordinador científico do CIRP**

Manuel González González

**Directora Técnica de Lingüística**

María Sol López Martínez

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela

**Tfno.** +34 881 996 152 Fax. +34 981 542 553

**Enderezo electrónico** paremias@cirp.gal

http://www.cirp.gal

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2018

**Autor** Varios
**Título** Cadernos de Fraseoloxía Galega, 2018
**Periodicidade** Anual.
**ISSN: 1698-7861** (Cadernos de Fraseoloxía Galega) (versión en papel)
**eISSN: 2605-4507** (Cadernos de Fraseoloxía Galega)
**ISSN: 1698-787X** (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

**Maquetación:**
**Grafisant, S.L.**

Cadernos de Fraseoloxía Galega aparece nos seguintes repertorios bibliográficos: CARHUS, CIRBIRC, COPAC, DICE, DIALNET, DULCINEA, ERIH PLUS, ISOC, LATINDEX, LINGUISTIC BIBLIOGRAPHY ONLINE, MIAR, MLA, OCLC WORLDCAT, REBIUN e SUDOC-ABES e pode lerse en tódalas bibliotecas das Universidades de España e Portugal. Aparece, ademais, no elenco bibliográfico da revista Proverbium (The University of Vermont). Recíbena máis de 100 fraseólogos de todo o mundo.

Tódolos números poden descargarse íntegros en formato PDF de http://www.cirp.es, a onde manteñen ligazóns EUROPHRAS (europhras.org/), o Instituto Cervantes (http://www.letrasgalegas.org/) e diversos Organismos Universitarios (coma tal Biblos-e Archivo).

A presentación, a revisión por pares anónimos, a aceptación de orixinais nesta revista e as condicións de copyright seguen estándares internacionais que se detallan nas Normas (páxs. 413-423).

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA 20

2018

eISSN 2605-4507
Santiago de Compostela

XUNTA DE GALICIA

# CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Directora: Mª Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Secretaria: Vanessa Fernández Pampín (IES Terra de Soneira de Vimianzo)

Consello Científico

Margarita Alonso Ramos (Universidade da Coruña)
María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Patricia Buján Otero (Universidade de Vigo)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
Maria Conca i Martínez (Universitat de València)
Germán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Stefan Ettinger (Universität Augsburg)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
José Enrique Gargallo Gil (Universitat de Barcelona)
Andrea Expósito Loureiro (IES Pedro Floriani de Redondela)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luis González García (Universidade da Coruña)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Hugo Kubarth (Karl-Franzens-Universität Graz)
M. Carmen Losada Aldrey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ottavio Lurati (Universität Basel)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Wolfgang Mieder (University of Vermont)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
Károly Morvay (Universidade Eötvös Loránd de Budapest)
António Nogueira Santos (Portugal)
Beatriz Pérez Traseira (Universidade de Santiago de Compostela)
Julia Sevilla Muñoz (Universidad Complutense de Madrid)
Gerd Wotjak (Universität Leipzig)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

Consello de Redacción

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Vanessa Fernández Pampín (IES Terra de Soneira de Vimianzo)
Xesús Ferro Ruibal (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)
Carme López Taboada (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Ramón Anxo Martíns Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo)
María do Rosario Soto Arias (IES Eusebio da Guarda da Coruña)
Sara Villar Aira (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

**Cadernos de Fraseoloxía Galega**, revista internacional de investigación fraseolóxica, estuda a fraseoloxía e paremioloxía de calquera lingua do mundo e en calquera dos seus enfoques: estrutural, fraseográfico, tradutolóxico, comparativo e didáctico. Difúndese en Europa, América e África, ata o número 17 recíbiana tódalas universidades de España e Portugal e, pasados seis meses, era de acceso libre na rede [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde o número 18 publícase unicamente en formato dixital. Admítense orixinais en oito linguas europeas, aínda que a publicación final se fai só en galego, porque esta revista naceu para estimular en Galicia a recolleita e investigación da fraseoloxía galega e universal, porque forma parte do proxecto de ecoloxía lingüística do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e porque xenerosamente a apoian os 197 fraseológos de 25 países diferentes que xa publicaron nela.

**Cadernos de Fraseoloxía Galega**, revista internacional de investigación fraseológica, estudia la fraseología y paremiología de cualquier lengua del mundo y en cualquiera de sus enfoques: estructural, fraseográfico, traductológico, comparativo y didáctico. Se difunde en Europa, América y África, hasta el número 17 la recibían todas las universidades de España y Portugal y, pasados seis meses, era de acceso libre en la red [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. Desde el número 18 se publica únicamente en formato digital. Aunque se admiten originales en ocho lenguas europeas, la publicación final se hace sólo en gallego, porque esta revista nació para estimular en Galicia la recogida e investigación de la fraseología gallega y universal, porque forma parte del proyecto de ecología lingüística del Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela y porque generosamente la apoyan los 197 fraseólogos de 25 países diferentes que ya han publicado en ella.

**Cadernos de Fraseoloxía Galega**, an international yearbook of phraseological research, studies phraseology and paroemiology in any language of the world and from any approach: structural, phraseographical, translational, comparative and didactic. Until number 17, it was spread over Europe, America and Africa and received by all Spanish and Portuguese Universities and after six months, it was freely available on the network [http://www.cirp.es/pls/bdox/ inv.cfg_ini]. From number 18 it is only published in digital format. Originals are admitted in eight European languages, despite the final publishing is only in Galician. This yearbook was created to stimulate the compilation and research of phraseology in Galicia–both Galician and universal–, as it is part of the linguistic ecology project of the Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades in Santiago de Compostela. Phraseologists from all over the world support this yearbook, to which 197 from 25 different countries have already contributed.

**Cadernos de Fraseoloxía Galega**, revue internationale de recherche en Phraséologie, étudie la phraséologie et la parémiologie de n'importe quelle langue du monde selon toutes les approches: structurale, phraséologique, traductologique, comparative et didactique. Jusqu'au numéro 17, elle était diffusée dans toute l'Europe, l'Amérique et l'Afrique, et envoyée à toutes les Universités d'Espagne et du Portugal; six mois après la parution de ses numéros, elle était en accès libre sur le lien [http://www.cirp.gal/cfg]. À partir du numéro 18, elle n'est publiée qu'en ligne. Des textes originaux sont admis en huit langues européennes, bien que la publication finale soit faite en galicien, car cette revue est née pour stimuler en Galice la collecte et la recherche de la phraséologie galicienne et universelle. En effet, elle fait partie du projet d'écologie linguistique du Centre Ramón Piñeiro pour la Recherche en Sciences Humaines de Saint-Jacques-de-Compostelle, et elle bénéficie aussi du soutien généreux des 197 phraséologues de 25 pays différents qui ont déjà publié leurs travaux dans cette revue.

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** ist eine internationale Zeitschrift, die sich mit der Phraseologie und Parömiologie aller Sprachen der Welt aus verschiedenen Perspektiven wie Lexikografie, Translatologie, Komparatistik und Didaktik beschäftigt. Die Zeitschrift ist in Europa, Amerika und Afrika verbreitet und wurde bis vor Kurzem an alle spanischen und portugiesischen Universitäten per Post geliefert. Zur Zeit ist die Zeitschrift Cadernos de Fraseoloxía – seit der Nummer 18 – nur über das Internet unter <http://www.cirp.gal/cfg> zugänglich. Für die Publikation werden ausschließlich Originalbeiträge in einer der acht europäischen Großsprachen angenommen. Veröffentlicht werden die Arbeiten jedoch nur auf Galicisch, denn ein Hauptziel der Zeitschrift besteht darin, das Galicische als Forschungssprache zu fördern bzw. die galicische Phraseologie und Parömiologie auf internationaler Ebene bekannt zu geben. Die Zeitschrift wird vom Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades mit Sitz in Santiago de Compostela unterstützt und bis dato haben 197 Phraseologen aus 25 verschiedenen Ländern darin mitgewirkt.

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** («Тетради по галисийской фразеологии») — это международный журнал, посвященный фразеологическим исследованиям. В нем публикуются материалы по фразеологии и паремиологии любого из языков мира во всех аспектах: структурном, фразеографическом, переводоведческом, сравнительном и дидактическом. Журнал распространяется в Европе, Америке и Африке. Номер 17 есть во всех университетах Испании и Португалии. Спустя шесть месяцев после выхода, данный выпуск был выложен в свободный доступ. Начиная с 18-го номера, журнал издается исключительно в электронном виде [http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini]. К печати принимаются оригиналы на девяти европейских языках, однако текст публикуется только на галисийском языке, поскольку этот журнал был создан специально для того, чтобы придать импульс сбору материала и исследованиям в области галисийской и общей фразеологии в Галисии. Данный журнал является частью проекта лингвистической экологии Центра гуманитарных исследований им. Рамона Пинейро в г. Сантьяго-де-Компостела, и его любезно поддерживают 197 фразеологов из 25 стран мира, уже опубликовавших здесь свои статьи.

# Índice

**ESTUDOS / PAPERS** ..... 15

CAL VARELA, Mario e FERNÁNDEZ POLO, Francisco Javier: *As novas tecnoloxías no ensino/aprendizaxe das colocacións en inglés / Using the new technologies to teach and learn collocations in English*..... 17

DOMÍNGUEZ NOYA, Eva María e LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol: *A extracción de información fraseolóxica no CORGA: 3 actividades iniciáticas e 10 propostas para levar á aula / The extraction of phraseological information in CORGA: 3 initiatory activities and 10 proposals to take to the classroom* ..... 41

FERRO RUIBAL, Xesús: "*Viño, de ricos; e pan, de pobres". Vinificación e viño na paremioloxía galega / "Viño, de ricos; e pan, de pobres". Vinification and wine in the Galician paroemiology* ..... 67

YAKUBOVICH, Yauheniya: *Rimbaud e Apollinaire nas recreacións poéticas bielorrusas: particularidades do tratamento fraseoestilístico / Rimbaud and Apollinaire in Belarusian poetic recreations: distinctive features of phraseo-stylistic treatment* ..... 197

**RECADÁDIVAS / COMPILATIONS** ..... 221

VILLAR AIRA, Sara: *A fraseoloxía de Tabeirós a través da obra Contiños da Terra (1931) de Manuel García Barros / Phraseology from Tabeirós through the work Contiños da Terra (1931) by Manuel García Barros* ..... 223

**RECENSIÓNS / REVIEWS** ..... 281

ALMEIDA, José João (1999): *Dicionário aberto de calão e expressões idiomáticas*. Por / By Fernando Groba Bouza ..... 283

BERTY, Katrin; MELLADO BLANCO, Carmen; OLZA, Inés (eds.) (2018): *Fraseología y variedades diatópicas*. Por / By Ana Mansilla ..... 285

BLANCO ESCODA, Xavier e MEJRI, Salah (2018): *Les Pragmatèmes*. Por / By María Isabel González-Rey ..... 287

LUQUE TORO, Luis (2012): *Manual práctico de usos de la Fraseología española actual*. Por / By Iván Pazó Rial e Sara Villar Aira ..... 293

MARTÍN SALCEDO, Javier (2017): *Fraseología española en uso. ¡Si tú lo dices! ¡Venga! Ya verás como sí*. Por / By María Álvarez de la Granja ..... 295

MESSINA FAJARDO, Luisa A. (2017): *Apuntes de fraseología, paremiología, traducción y didáctica del español*. Por / By Luis González García ..... 303

VELÁZQUEZ PUERTO, Karen (2017): *¡Dale a la lengua! Integrando el aprendizaje de fraseología en ELE*. Por / By M. Carmen Losada Aldrey ..... 307

**NOVAS / NEWS** ..... 311

1. Libros, revistas ou artigos / *Books, Journals or Papers* ..... 313

1.1. Actas /*Proceedings* ..... 320

1.2. Contidos dos Coloquios de Tavira / *Contents of Tavira Colloquia*..... 320

1.3. Recensións / *Reviews* ..... 362
1.4. Recensionantes / *Reviewers* ..... 363
1.5. Teses / *Thesis* ..... 364
1.6.Traballos de Fin de Master / *Master's Thesis* ..... 365
1.7. Traballos de Fin de Grao / *Final Degree Project* ..... 365
2. Congresos, coloquios, asembleas e xornadas / *Congresses, Symposiums, Assemblies and Conferences* ..... 366
2.1. Congresos EUROPHRAS ..... 366
2.1.1. Congreso EUROPHRAS 2018. University of Bialystok ..... 366
2.2. Coloquios Internacionais de Paremioloxía en Tavira (Portugal): 2018 ..... 366
2.2.1. 12º Colóquio Interdisciplinar sobre Proverbios ..... 366
2.3. Outros congresos, xornadas ou asembleas do ano 2018 / *Other Congresses, Conferences or Assemblies in 2018* ..... 366
2.3.1. I Simposio Internacional de Fraseología. *Tendencias actuales de la investigación en fraseopragmática y fraseodidáctica*. Universidad de Murcia ..... 366
2.3.2. V Congresso Internazionale di Fraseologia e Paremiologia: *Lessicalizzazioni 'complesse'. Ricerche e teoresi*. PHRASIS .....
2.3.3. Congreso *Nouvelles perspectives autour de la phraséologie de la langue littéraire médiévale*. Université Grenoble Alpes ..... 367
2.3.4. I Congreso Internacional de Fraseología y Traducción en Hispanoamerica. *Fraseología, Variaciones-Diatopía, Traducción*. FRASYTRAM, Universidad de Alicante, Universidad Ricardo Palma ..... 367
2.3.5. V Congresso Internacional de Fraseologia e Paremiologia & IV Congresso Brasileiro de Fraseologia. Universidade de São Paulo ..... 367
2.3.6. VII Seminario de especialización Fraseológica. In Memoriam Barbara Wotjak. *Fraseografía sincrónica del español*. Instituto Universitario de Lingüística Andrés Bello, Universidad de La Laguna ..... 368
2.3.7. Xornadas de *Fraseoloxía Multilingüe na Aula*. Universidade de Santiago de Compostela ..... 368
2.3.8. Seminario Internacional *Paremias, una dificultad añadida del alemán*. Universidad Complutense de Madrid ..... 368
2.3.9. Seminario Internacional *Investigación fraseológica y paremiológica: métodos y tendencias*. Universidad Complutense de Madrid ..... 368
2.3.10. Colloque international *Phrasèmes en discours*. Universidad de Padua ..... 369
2.3.11. I Congreso Internacional de *Fraseología y Traducción en Hispanoamérica*. Universidad Ricardo Palma de Lima ..... 369
3. Recursos / *Resources* ..... 369

3.1. Proxecto de Innovación docente. Una experiencia de enseñanza y aprendizaje de la Fraseología aplicando el modelo Flipped Classroom. Fraseología y Traducción ..... 369
3.2. Curso online de fraseoloxía para tradutores do inglés ao español e do francés ao español ..... 369
3.3. *Mistral on Unix* (Base de proverbes) ..... 370
4. Fraseografía espontánea / *Spontaneous Phraseography* ..... 370
4.1. Fraseoloxía en *Phrasemix* ..... 370
4.2. Fraseoloxía en *Recull de Dites Populars Catalanes* ..... 370
**BALANCE / OUTCOME** ..... 371
1. Índices de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Index of Cadernos de Fraseoloxía Galega* ..... 373
1.1. Índices alfabéticos de artigos / *Alphabethical index of papers* ..... 373
1.2. Índice da sección de Recadádivas / *Index of Compilations section* ..... 378
1.3. Índice alfabético de recensións / *Alphabethical index of reviews* ..... 380
1.3.1. Índice alfabético de recensións por autores / *Alphabethical index of reviews by authors* ..... 380
1.3.2. Índice alfabético de recensións por recensionantes / *Alphabethical index of reviews by reviewers* ..... 386
1.4. Índice da sección de Novas / *Index of News section* ..... 391
1.5. Publicacións recibidas na redacción / *Publications received in the editorial department* ..... 394
2. Índice temático dos vinte números de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Subject index of the twenty issues of Cadernos de Fraseoloxía Galega* ..... 395
2.1. Índice dos artigos / *Index of the papers* ..... 395
2.2. Fraseoloxía bilingüe / *Bilingual Phraseology* ..... 402
2.3. Función e índice da sección de Recadádivas / *Function and index of the Recadádivas section* ..... 403
3. Procedencia dos autores de Cadernos de Fraseoloxía Galega / *Origin of the authors of Cadernos de Fraseoloxía Galega* ..... 407
**PROCESO E CONDICIÓNS DE ADMISIÓNS DE COLABORACIÓN / SUBMISSIONS PROCESS AND CONDITIONS** ..... 413

# Presentación[1]

**Cadernos de Fraseoloxía Galega** estrea un novo número, o número 20, 2018. Do mesmo xeito que o anterior está editado unicamente en liña. Con anterioridade ao número 18, podíanse consultar os números dixitalmente aos 6 meses de publicárense en papel. Con esta decisión editorial, **Cadernos de Fraseoloxía Galega** entra definitivamente no grupo das revistas electrónicas, de acceso libre desde o momento da publicación dos seus novos números, mantendo a mesma estrutura en cinco grandes apartados relacionados con aspectos fraseolóxicos ou paremiolóxicos, neste caso, nas seguintes linguas de traballo: español, francés, galego e inglés.

A sección de ESTUDOS ofrece catro traballos que abordan diversas cuestións relacionadas coas distintas áreas da fraseoloxía e da paremioloxía. O traballo de Mario Cal Varela e Francisco Javier Fernández Polo (*As novas tecnoloxías no ensino/aprendizaxe das colocacións en inglés*) aborda o ensino das "colocacións" na aula de inglés como lingua estranxeira a través do emprego de ferramentas da Lingüística de corpus e materiais dispoñibles na Rede. Partindo do funcionamento do Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), Eva María Domínguez Noya e María Sol López Martínez propoñen no seu artigo (*A extracción de información fraseolóxica no CORGA: 3 actividades iniciáticas e 10 propostas para levar á aula*) unha serie de actividades para levar á aula co obxectivo de extraer unidades fraseolóxicas do corpus. Xesús Ferro Ruibal achega un artigo homenaxe aos viticultores galegos ("*Viño, de ricos; e pan, de pobres". Vinificación e viño na paremioloxía galega*) a través dunha compilación e análise dun conxunto de 839 refráns galegos referidos ao viño. No seo da Lexicoloxía explicativa e combinatoria, Yauheniya Yakubovich leva a cabo no seu estudo (*Rimbaud e Apollinaire nas recreacións poéticas bielorrusas: particularidades do tratamento fraseoestilístico*) unha análise comparativa dalgunhas características da combinatoria léxica da poesía de Rimbaud e de Apollinaire e as súas traducións ao bielorruso.

A sección de RECADÁDIVAS ofrece unha nova escolma de fraseoloxía e paremioloxía galegas, un traballo realizado por Sara Villar Aira, dedicado á

[1] O Consello de Redacción de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* quere incluír na presentación deste número unha alusión, e as súas correspondentes desculpas, a un erro cometido no número anterior na referencia a un dos autores participantes na sección de Recadádivas, Ramón Álvarez Losada, ao cal se lle cambiou a orde dos apelidos. A referencia correcta sería: ÁLVAREZ LOSADA, RAMÓN e FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa: *Falares de Boqueixón.*

fraseoloxía propia da comarca de Tabeirós que está presente en *Contiños da Terra* (1931) de Manuel García Barros. Con esta escolma acádanse 617 expresións que se suman ao Tesouro Fraseolóxico Galego (véxanse as cifras na páxina 406).

A sección de RECENSIÓNS valora 6 obras. José João Almeida presenta un dicionario en liña baseado na escoita activa da lingua oral diaria. Katrin Berty, Carmen Mellado Blanco e Inés Olza achegan un volume dedicado á fraseoloxía das variedades diatópicas do español. A seguir, a última obra de Xavier Blanco Escoda e Salah Mejri dedicada á definición de pragmatemas e á reflexión arredor deste concepto. Poñendo o foco na fraseoloxía do español actual, Luis Luque Toro ofrece un manual de exercicios dedicados a definir diferentes unidades fraseolóxicas e traballar con elas de cara á súa adquisición e aprendizaxe. Javier Martín Salcedo presenta un manual didáctico de acceso libre en liña pensado para a ensinanza de español como lingua estranxeira. Finalmente, Luisa A. Messina Fajardo achega un manual de fraseoloxía do español no cal se pon especial atención na dimensión didáctica e traductolóxica.

As referencias bibliográficas da sección de NOVAS seguen a visualizar a vitalidade da investigación fraseolóxica no mundo, xa que para este ano 2018 reunimos 126 libros, artigos, comunicacións ou recensións. A todo isto hai que sumar as 11 unidades (4 artigos, 1 recadádiva e 6 recensións) propias deste número. A seguir, dáse conta das Actas, dos contidos dos Coloquios de Tavira dende o seu inicio, Congresos, Seminarios e Xornadas que se celebraron ata este ano 2018 e dos recursos máis recentes. Tamén se informa de novas achegas ao que chamamos "Fraseografía espontánea".

A sección BALANCE ofrece a referencia completa do que 197 investigadores de 25 países deron á luz nos 20 números de Cadernos de Fraseoloxía Galega nestes seus 18 anos de existencia. O índice ofrécese por orde alfabética de autores, por temática dos traballos e por procedencia dos autores. Esta revista quere agradecer a acollida internacional cumprindo todos os parámetros de calidade e ofrecendo ata o número 17 unha difusión internacional tanto no seu formato en papel como actualmente en Internet (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini).

Coma sempre, a revista remata coas normas de admisión e de valoración de orixinais.

O Consello de Redacción

# Preface[1]

Cadernos de Fraseoloxía Galega launches a new number, number 20, 2018. Same as the previous this number is in online format only. Up until nº17, issues could be consulted digitally 6 months after their print versions had been published. With this editorial decision, Cadernos de Fraseoloxía Galega enters the online journal realm, offering free access right from the publication of each issue while preserving its traditional structure: a five-section design which accommodates pieces of work dealing with any aspect of phraseological or paremiological research in a wide range of languages: Spanish, French, Galician and English in this particular case.

The PAPERS section presents 4 essays where phraseological and paremiological questions of diverse kind are discussed. The paper by Mario Cal Varela and Francisco Javier Fernández Polo (*Using the new technologies to teach and learn collocations in English*) is about the teaching of collocations in the classroom of English as a foreign language throught the use of Corpus Linguistics tools and material available on the Web. Starting from the functioning of the Reference Corpus de Galego Actual (CORGA), Eva María Domínguez Noya and María Sol López Martínez propose in their paper (*The extraction of phraseological information in CORGA: 3 initiatory activities and 10 proposals to take to the classroom*) a series of activities to take to the class with the objective of extracting phraseological units from the corpus. Xesús Ferro Ruibal contributes a tribute article to Galician winemakers (*"Viño, de ricos; e pan, de pobres". Vinification and wine in the Galician paroemiology*) through a compilation and analysis of a set of 839 Galician sayings related to wine. In the field of explanatory and combinatorial lexicology, Yauheniya Yakubovich carries out in the research (*Rimbaud and Apollinaire in Belarusian poetics recreations: distintive features of phrasesthetic treatment*) a comparative analysis of some characteristics of the lexical combinatorial of the poetry of Rimbaud and Apollinaire and its great translations into Belarusian.

The COMPILATIONS section offers one new selection of Galician phraseology and paroemiology; by Sara Villar Aira, in relation to the own phraseology of the

[1] The editors of *Cadernos de Fraseoloxía Galega* wants to include in the presentation of this number an allusion and its corresponding apologies to an error made in the previous number in the reference to one of the participating authors, Ramón Álvarez Losada, which was changed the order of last names. The correct reference would be: ÁLVAREZ LOSADA, RAMÓN and FERNÁNDEZ PAMPÍN, Vanessa: *Falares de Boqueixón*.

Tabeirós region that is present in the work. With this compilation a total of 617 expressions can be added to the Tesouro Fraseolóxico Galego (see figures in page 406).

The section known as REVIEWS evaluates 6 pieces of work. José João Almeida presents an online dictionary based on active listening to the daily oral language. Katrin Berty, Carmen Mellado Blanco and Inés Olza offer a volume dedicated to the phraseology of the diatopic varieties of Spanish language. Next, the last work of Xavier Blanco Escoda and Salah Mejri is devoted to the definition of pragmatemas and the reflection around this concept. Focusing on the phraseology of current Spanish, Luis Luque Toro offers an exercise manual dedicated to defining different phraseological units and working with them for their acquisition and learning. Javier Martín Salcedo presents a free online didactic instruction manual designed to teach Spanish as a foreign language. Finally, Luisa A. Messina Fajardo proposes a Spanish phraseology manual in which special attention is paid to the didactic and translational dimension.

Bibliographical references in the NEWS section continue to highlight the vitality of phraseological research worldwide. For this 2018's issue, we have compiled a list of 126 books, articles, papers, and reviews. To all that, we still have to add the 11 units (4 articles, 1 compilations and 6 reviews) included in this number. Subsequently, all the congresses, seminars and workshops held during 2018, as well as the newest resources, are listed.

The OUTCOME section contains detailed reference to all the contributions made by 197 researchers from 25 different countries to the 20 issues of **Cadernos de Fraseoloxía Galega** throughout its 18 years of existence. The index is ordered alphabetically by author, topic, and author nationality. This publication would like to thank the warm international reception by complying with all the quality parameters and offering an international dissemination both in its traditional paper format untill number 17 and its current online version (http://www.cirp.es/pls/bdox/inv.cfg_ini).

As always, this publication concludes by offering practical information on the admission and assessment process.

The editors

# Estudos
# Papers

# As novas tecnoloxías no ensino/aprendizaxe das colocacións en inglés[1]

## *Using the new technologies to teach and learn collocations in English*

Mario Cal Varela
Universidade de Santiago de Compostela
Mario.cal@usc.es

Francisco Javier Fernández Polo
Universidade de Santiago de Compostela
Xabier.fernandez@usc.es

Resumo: Neste artigo preséntanse unha serie de actividades para o ensino das "colocacións", ou combinacións frecuentes de palabras, na aula de inglés como lingua estranxeira, nas que se empregan ferramentas da Lingüística de corpus e materiais dispoñibles na Rede. A primeira parte do traballo contén unha definición do concepto de colocación e unha breve panorámica das tendencias actuais no ensino de linguas estranxeiras e do papel que desempeñan as novas tecnoloxías. No artigo deféndese que vivimos un momento propicio para a introdución de prácticas de aprendizaxe baseadas en datos, dada a ampla variedade de dicionarios e corpus lingüísticos, a máis de ferramentas para a súa explotación dispoñibles na Rede, a miúdo de forma gratuíta. A segunda parte do artigo contén unha serie de actividades prácticas para o ensino das colocacións léxicas en inglés. En sintonía coa crecente popularidade das pedagoxías centradas no discente no contexto particular do ensino de linguas estranxeiras, as catro actividades presentadas e ilustradas nesta sección poñen a énfase no papel activo do estudante, o verdadeiro protagonista dunha aprendizaxe na que o profesor desempeña un papel de guía e de facilitador. As catro actividades están organizadas de menor a maior complexidade e, xa que logo, están previstas para estudantes con distintos niveis de madurez e distintos graos de independencia ou capacidade para asumir a responsabilidade da súa propia aprendizaxe.

Palabras clave: Aprendizaxe baseada en datos, colocacións, corpus, ensino do inglés.

*Abstract: In this paper, we propose a range of practical activities that may be implemented in the ESL classroom to learn English collocations using the affordances and tools of corpus linguistics*

[1] Data de recepción: 07.06.2019. Data de aceptación: 05.09.2019.

*and the Internet. The first part of the study provides a definition of the key concept of collocation as well as an overview of current tendencies in the teaching of foreign languages and the role of the new technologies. The time is ripe for the introduction of data-driven learning practices in the ESL classroom given the wide variety of free-access dictionaries and corpora available on the web, as well as the tools for their exploitation. In the second, central part of the study, we present a number of practical activities for the teaching of the collocational patterns of English. In line with the current popularity of learner-centered pedagogies in foreign-language teaching, the four activities fully presented and illustrated in this section put a great emphasis on the active role of the students as the true protagonists of their own learning, with the teacher becoming a guide and a facilitator. The four activities are organized in such a way that they show an increasing degree of complexity, therefore, of student maturity and learner independence.*

*Key words: Collocations, corpus, data-driven learning, ESL learning.*

## 1. Introdución

As combinacións pouco naturais de palabras son un fenómeno de interlingua, un dos síntomas máis evidentes da falta de dominio dunha lingua estranxeira, que é, a máis, susceptible de xerar problemas na comunicación. Non obstante, a fraseoloxía, e a combinatoria léxica en xeral, foron durante moito tempo áreas relativamente esquecidas no ensino das linguas estranxeiras, que tradicionalmente deu prioridade á gramática e ó vocabulario entendido como elementos léxicos individuais, sen dúbida porque as teorías lingüísticas prestaban especial atención a estes niveis de descrición da lingua. Porén, a partir dos anos oitenta e, sobre todo, a partir dos traballos de John Sinclair (1991) no mundo anglosaxón, aumentou o interese polo estudo da combinatoria léxica. Estes traballos foron quen de amosar que as combinacións fixas de palabras son un fenómeno ubicuo e constitúen un principio organizativo importante nas linguas que desempeña, ademais, un papel central na adquisición dunha lingua: en esencia, ao aprender unha lingua memorizamos combinacións de palabras, fixas e recorrentes.

Estes avances no terreo da Lingüística téñense traducido nun maior interese por estas cuestións tamén no ensino das linguas estranxeiras (Nattinger & Carrico 1992; Meunier & Granger 2008). Programas e manuais dedican cada vez máis atención á aprendizaxe da fraseoloxía e, nos manuais de inglés como lingua estranxeira, en particular, son cada vez máis habituais as seccións específicas para o estudo das denominadas "colocacións". Na lingüística anglosaxoa adoita empregarse o termo *collocation* (Sinclair 1991) para referirse a aquelas combinacións recorrentes de dous elementos léxicos, especialmente cando pertencen a algún tipo de patrón sintáctico, por exemplo, un substantivo e o adxectivo que o modifica nunha frase nominal (*the plain truth*) ou un verbo e o seu suxeito ou complemento (*tell the truth*). Foi, sobre todo, o desenvolvemento da Lingüística de corpus e das ferramentas de análise lingüística asociadas o que permitiu realizar avances significativos na descrición destas combinacións. A información así obtida tense aplicado, por exemplo, na mellora dos dicionarios destinados a aprendices de linguas (pero non só), cuxas entradas conteñen con frecuencia información detallada tanto sobre a variedade de significados das palabras coma tamén sobre as súas posibilidades combinatorias.

Eses mesmos corpus e ferramentas posúen un gran potencial para a o ensino e a aprendizaxe das colocacións na aula de linguas estranxeiras. De feito, a aprendizaxe de linguas baseada en datos (os extraídos dos corpus, por exemplo) ten experimentado un importante desenvolvemento nas dúas últimas décadas (Guilquin & Granger 2010). Trátase dunha aprendizaxe máis activa na que, empregando corpus de textos e ferramentas de análise computerizada, os aprendices enfróntanse aos datos lingüísticos reais en busca de respostas ás súas preguntas. É unha forma de aprendizaxe centrada no aprendiz, máis activa e, xa que logo, posiblemente tamén máis efectiva (Koosha & Jafarpour 2006), aínda que non exenta de problemas e dificultades para a súa aplicación nas aulas.

No presente artigo, ofrecemos unha breve panorámica destas cuestións e, sobre todo, presentamos unha serie de propostas de actividades de ensino/aprendizaxe das colocacións en inglés baseada en datos e co apoio das novas tecnoloxías. Na primeira parte do traballo, definimos o concepto de colocación, sobre todo, dende o punto de vista da súa relevancia para a aprendizaxe de linguas, así como os principios, as vantaxes e os problemas da aprendizaxe baseada en datos, particularmente para a aprendizaxe das unidades fraseolóxicas. Na segunda parte, descríbense en detalle catro propostas de actividades para o ensino das colocacións en inglés que teñen no punto de mira catro perfís distintos de aprendizaxe, en función, principalmente, do nivel de competencia lingüística e do grao de independencia ou autonomía dos discentes.

## 2. As colocacións dentro da fraseoloxía

As colocacións son combinacións de palabras frecuentes, recorrentes e semifixas, por exemplo, *manter unha reunión*, *promulgar unha lei*, *idea brillante*, *amarga derrota* etc., asociadas na mente dos falantes. Na lingüística anglosaxoa, o concepto remóntase a J. R. Firth, nos anos 50, para quen as colocacións dunha palabra, a maneira en que adoita aparecer de forma repetida a carón doutras, son unha parte integral do seu significado (Carter & McCarthy 1988: 32). Esta idea tería importantes repercusións no desenvolvemento dos dicionarios de inglés e doutras linguas a partires dos anos oitenta (Corpas Pastor 2001), tales como os derivados do proxecto COBUILD. Un dos seus principais responsables, John Sinclair (1991) sostiña que as combinacións repetidas de palabras son un fenómeno ubicuo e, xa que logo, un importante principio organizativo das linguas, o que el chama *the idiom principle*.

O termo "colocación" posúe distintos valores en Lingüística (Boers & Webb 2018). Na Lingüística de corpus, por exemplo, refírese á relación que vencella palabras que teñen algún grao de probabilidade de coaparecer, superior ao que marcaría o azar. Neste sentido, é preciso distinguir as colocacións doutras combinacións máis ou menos frecuentes de palabras reveladas polos estudos de corpus como son os "feixes léxicos" (ingl. *lexical bundles*, Biber & al. 1999), pero nos que os compoñentes individuais non están ligados por ningún tipo de relación sintáctica nin semántica.

En Fraseoloxía, segundo Corpas Pastor (1996: 66), tratarías de "unidades fraseológicas formadas por dos unidades léxicas en relación sintáctica, que no constituyen por sí

mismas actos de habla ni enunciados". Son combinacións estables e usuais, fixadas na norma, entre cuxos compoñentes existe algún tipo de "restrición combinatoria" de natureza semántica[2]. O carácter recorrente e restritivo da relación é o que define as colocacións e as distingue doutras combinacións posibles pero "libres" de palabras. Así, nos seguintes exemplos, o primeiro elemento do par sería unha colocación, pero non o segundo: *revogar/abolir unha lei* fronte a *revisar/ler unha lei*; *un rotundo fracaso* fronte a *un predicible fracaso*; ou *levantar a veda* fronte a *falar da veda*.

As colocacións están formadas por dous colocativos, unha base e un colocado, onde a primeira determina a natureza do(s) segundo(s), de aí o carácter idiomático da combinación. Por exemplo, as colocacións da palabra *lei*, que tomamos como base, terían como posibles colocativos verbos coma *promulgar*, *aprobar*, *elaborar*, *sacar*, *votar*, *derrogar* etc. A diferenza doutras expresións semellantes, coma as locucións idiomáticas (*idioms* en inglés), por exemplo *ser (unha persoa) de lei*, malia existir unha relación forte entre os compoñentes dunha colocación, cada palabra individual segue a manter o seu valor intrínseco no seo da combinación, amosando unha certa "transparencia semántica" (Boers & Webb 2018: 77). Con todo, nalgunhas colocacións obsérvase unha especialización semántica (Corpas Pastor 2001: 93) dalgún dos seus colocativos, dando como resultado unha metaforización xeral da expresión, por exemplo en *levantar unha prohibición*, o que fai ás veces difícil distinguir entre colocacións e locucións idiomáticas, como ocorre, por exemplo, co carácter polisémico da expresión *meter un gol*, que menciona a propia Corpas Pastor.

Na bibliografía especializada, é habitual distinguir entre dous tipos de colocacións, gramaticais e léxicas (Benson & al. 1986). As primeiras están formadas por unha palabra léxica, fundamentalmente un verbo, un substantivo ou un adxectivo e a preposición ou tipo de cláusula que lle segue. Así, un verbo coma *falar* "rexe" e, xa que logo, ten como posibles colocativos as preposicións *de* (algo) ou *con* (alguén). Pola súa banda, as colocacións léxicas están formadas por dúas palabras léxicas e incluiría os seguintes tipos, principalmente: verbo + substantivo (*acadar un obxectivo*), substantivo + adxectivo (*inmenso pracer*), substantivo + substantivo (*banco de peixe*), adverbio + adxectivo (*profundamente durmido*) ou verbo + adverbio (*falar seriamente*).

## 3. As colocacións no ensino do inglés como lingua estranxeira

Malia que o tema das colocacións non suscitou gran interese na aprendizaxe das linguas estranxeiras ata finais do século pasado, nas dúas últimas décadas ten habido unha morea de estudos sobre a cuestión (Boers & Webb 2018). Con todo, este interese non se ten traducido nunha toma de conciencia xeralizada nas aulas. Como apunta Römer (2011: 211), "information and exercises on typical collocations are as yet largely missing from language-teaching course books (or they are inadequate)".

[2] Corpas Pastor distingue entre dous enfoques básicos do concepto de colocación: o da escola británica e a Lingüística de corpus, no que o elemento determinante da colocación é a frecuencia de coaparición das palabras, e o da corrente semántica, onde a esencia da colocación é a existencia dalgún tipo de restrición semántica entre a base e os seus colocados.

As colocacións son centrais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira e o seu uso correcto unha boa medida do grao de dominio da lingua adquirido polo aprendiz. O principal problema na súa aprendizaxe ten que ver coa arbitrariedade destas combinacións e, xa que logo, coa súa impredicibilidade: por exemplo, en galego dicimos *prestar atención* pero non, malia que podería ser perfectamente posible, **dar atención a algo*. A máis, varían dunha lingua a outra (e.g., gal. *prestar atención*, ingl. *pay attention*, fr. *faire attention* ou gal. *aprobar un exame*, ingl. *pass an exam*, fr. *réussir un examen*), o que motiva calcos innecesarios e, como resultado, combinacións léxicas inaceptables para un falante nativo. Xa que logo, fronte a colocacións non problemáticas para o aprendiz, por coincidiren nas dúas linguas (gal. *correr un risco*, ingl. *run a risk*), outras adoitan dar lugar a erros habituais (gal. *cometer un erro*, ingl. **commit a mistake*, no canto de *make a mistake*; gal. *celebrar unha reunión*, ingl. **celebrate a meeting*, no canto de *hold a meeting*; ou gal. *prestar atención*, ingl. **lend attention*, por *pay attention*).

Segundo Bahns (1993), o ensino das colocacións xera fundamentalmente tres interrogantes: 1) deben ensinarse ou adquírense ao tempo que se traballa coa lingua?; 2) cales, das moitas colocacións posibles dunha lingua, deben priorizarse?; e 3) que tipo de actividades e métodos de ensino son os máis adecuados para o seu ensino?

Canto á primeira das preguntas, para Lewis (2000), o nivel de competencia no uso das colocacións non se deriva automaticamente do dominio do vocabulario ou da gramática da lingua estranxeira e deberían, xa que logo, constituír un obxecto de aprendizaxe autónomo. Para este autor, moitos estudantes de nivel intermedio estáncanse na aprendizaxe, porque "they have not been trained to notice which words go with which". O problema radica en que nun nivel intermedio de aprendizaxe, o alumno ten a impresión de coñecer a maioría do vocabulario de calquera texto que lle presentamos, pero non percibe ou subestima a importancia da súa combinatoria. Entende as colocacións dun texto, pero non é quen de usalas activamente. Segundo Lewis, a solución pasa por cambiar o foco da aprendizaxe: no canto de introducir estruturas sintácticas máis complexas e vocabulario máis esotérico, o que o aprendiz de nivel intermedio ou avanzado realmente precisa é tomar conciencia da existencia dos patróns combinatorios típicos das palabras que xa coñece e aprender a usalos activamente. En definitiva, o ensino das colocacións merece, para este autor, un tratamento específico e complementario doutros contidos.

Canto ó segundo dos interrogantes, como apunta Bahns (1993), dado o inmenso número de colocacións dunha lingua (por exemplo, o dicionario Oxford de colocacións en liña contén máis de 150.000 para a lingua inglesa), cómpre decidir en cales se ha centrar a aprendizaxe. A máis da relativa frecuencia de uso das distintas colocacións, dous son os factores relevantes á hora de decidir as prioridades do ensino neste ámbito: o nivel de lingua do aprendiz e a súa lingua materna. En relación co primeiro, segundo apunta Bahns, as colocacións que han tratarse nun curso de nivel básico non poden ser as mesmas cás que cómpre ensinar nun curso avanzado. Canto á segunda cuestión, dado que os problemas dos aprendices a miúdo son o resultado de interferencias da súa propia lingua materna (Nesselhauf 2003), cómpre centrar a atención naquelas colocacións que máis difiren entre a súa lingua e a lingua estranxeira que está a aprender (Bahns 1993), o que significa, por exemplo, que o

catálogo de colocacións que é relevante para un aprendiz galego de inglés non podería ser o mesmo có que se empregue para un estudante alemán ou polonés.

Canto á metodoloxía, Boers e Lindstromberg (2008) (citados en Vasiljevic 2014) falan de tres fases no ensino-aprendizaxe das colocacións: 1) concienciación da súa existencia e importancia, 2) memorización e 3) repaso ou uso activo. A abordaxe adecuada do ensino precisa traballar todas elas na aula a través de actividades específicas, con tarefas como as que describe, por exemplo, a propia Vasiljevic.

De maneira máis xeral, dado que a miúdo as dificultades na aprendizaxe das colocacións están en que lle pasan desapercibidas ao aprendiz, quen non ve nelas un problema, as claves do seu ensino pasan por espertar a súa consciencia sobre a existencia e a importancia destas combinacións, ao tempo que estimulamos a súa curiosidade. Isto é o que en ensino do inglés os especialistas chaman *language awareness* ou *language consciousness raising*, que se aplica para o ensino da gramática dunha lingua (cf. Rutherford 1987, Rutherford & Sharwood Smith 1988) e que se pode extrapolar para o ensino do vocabulario.

Neste mesmo capítulo da metodoloxía de ensino para a aprendizaxe das colocacións nunha lingua estranxeira, segundo unha corrente de opinión moi estendida actualmente na aprendizaxe de linguas, esta debe centrarse fundamentalmente no discente, quen debe desenvolver a súa autonomía para decidir o que e mailo como da experiencia de aprendizaxe. Esta independencia vese favorecida na actualidade pola existencia de abundantes recursos de fácil acceso que pode empregar para explorar os temas que lle interesen en cada momento e segundo o método que máis lle conveña. A dispoñibilidade de recursos gratuítos como dicionarios de todo tipo e unha cantidade ilimitada de datos lingüísticos na Rede, a máis de programas informáticos para a súa análise, ofrece grandes posibilidades para o estudo das colocacións na aula de linguas estranxeiras, como veremos nas seccións que seguen.

## 4. A aprendizaxe baseada en datos

De entre os profundos cambios experimentados pola descrición e a teoría lingüísticas desde mediados do século pasado, cabe salientar o extraordinario interese espertado pola variabilidade estruturada característica da fala e o desenvolvemento de ferramentas e métodos cada vez máis refinados para o seu estudo. A recollida sistemática de mostras de lingua auténticas en forma de colecções, ou corpus, representativos de variedades lingüísticas específicas —xeográficas, sociais ou situacionais— forma hoxe parte habitual da investigación lingüística desde moi distintas perspectivas. Como consecuencia lóxica, o modo en que se ensinan e aprenden as linguas ten mudado tamén profundamente en liña coas novas achegas.

O impacto máis inmediato e visible foi seguramente a transformación dos materiais empregados no ensino de linguas estranxeiras. Os froitos da análise de corpus abríronse camiño ata os libros de texto e condicionaron tanto os contidos como o modo de ensinalos. Pola súa banda, as gramáticas de referencia e os dicionarios enriqueceron as súas explicacións de estruturas e léxico con información moito máis detallada sobre frecuencia, rexistro, combinacións máis habituais etc. O proxecto COBUILD, posto en

marcha en 1980 por John Sinclair desde a Universidade de Birmingham, constitúe un fito fundamental neste proceso. Hoxe en día mesmo as versións dispoñibles gratuitamente en liña dos dicionarios de inglés máis coñecidos incorporan as achegas máis recentes da Lingüística de corpus. Así, por exemplo, o *Longman Dictionary of Contemporary English Online*[3] inclúe como parte das entradas seccións sobre colocacións e abundantes "exemplos extraídos do corpus". O *Macmillan Dictionary*[4] en liña, pola súa banda, destaca en letra vermella as 7.500 palabras máis comúns en inglés e clasificaas en tres niveis de frecuencia (1-3 estrelas), de acordo cos datos extraídos dun corpus.

A introdución directa do traballo con corpus na aula de lingua tardou algo máis en chegar. Para que ese tipo de propostas pedagóxicas resultasen practicables, debían darse certas condicións. A primeira e máis importante xa chegara en realidade nos anos 70, da man da aprendizaxe comunicativa, que redefiniu os papeis de profesor e alumno para cederlle a este último espazo, autonomía e responsabilidade na súa aprendizaxe. A segunda, tamén esencial, implicaba unha dispoñibilidade razoable de ferramentas apropiadas, tanto para a exploración de corpus como para a propia compilación das necesarias colecções de textos. A eclosión de Internet a partir dos anos 90 e os rápidos avances desde entón no que fai a almacenamento, acceso e procesamento de textos permitiron salvar estes obstáculos. O traballo de entusiastas pioneiros (Johns 1994; Tribble & Jones 1997) indicou o camiño e as enormes posibilidades desta metodoloxía e, desde hai xa trinta anos, a denominada aprendizaxe baseada en datos —*data-driven learning* é o termo máis frecuentemente empregado en inglés— ocupa un lugar fixo entre os enfoques didácticos máis comentados. Desde 1994 lévanse celebrado xa trece edicións do congreso bienal TaLC, *Teaching and Language Corpora*, no que especialistas de todo o mundo comparten as súas experiencias co uso de corpus lingüísticos con fins pedagóxicas. Non faltan tampouco obras dirixidas ao profesorado de linguas en xeral (Aijmer 2009; Bennett 2010; O'Keeffe, McCarthy, & Carter 2007; Reppen 2010; Wichmann 1997) que abordan as dificultades técnicas e ofrecen orientacións prácticas, xogando así un papel divulgativo esencial neste ámbito.

Polo que respecta ás particularidades definitorias deste enfoque metodolóxico, cómpre salientar a súa adaptabilidade a distintos contextos e finalidades didácticas. Boulton (2011) enténdeo como un concepto de carácter prototípico, sen un conxunto de trazos necesarios e suficientes. Podemos condensar a súa proposta facendo referencia a catro dimensións ou aspectos centrais. O primeiro é que a aprendizaxe baseada en datos implica o traballo directo con ferramentas de corpus na aula e cos resultados máis habituais que proporcionan, en particular as liñas de concordancia que exemplificaremos máis adiante. Con estudantes principiantes ou menos afeitos ao traballo con estes instrumentos, pódese, non obstante, partir de versións simplificadas dos resultados da análise presentadas en forma de documento de traballo. Este método implica, en segundo lugar, traballar con datos extraídos dun corpus, aínda que a noción de corpus debe entenderse aquí nun sentido moi amplo, que abarque tanto o acceso ás grandes compilacións dispoñibles hoxe como a colecções máis modestas reunidas *ad hoc* ou mesmo contemple actividades para as

[3] https://www.ldoceonline.com/.

[4] https://www.macmillandictionary.com/.

que se emprega un único texto extenso. En terceiro lugar, as aplicacións máis típicas implican unha aproximación fundamentalmente indutiva aos datos. A exploración directa de datos auténticos na procura de regularidades por parte do estudante é, sen dúbida, un trazo central. Define un contexto máis natural de adquisición da lingua na que o discente asume o papel máis estimulante de investigador e abre mesmo a posibilidade de aprendizaxes imprevistas (Bernardini 2000 e 2002). Con todo, alternativas con maior intervención do docente nas que se propón a comprobación dalgunha hipótese relacionada con algunha regra non están tampouco excluídas, sempre e cando se manteña unha esencia construtivista e o estudante conserve a iniciativa (Flowerdew 2015). Por último, a aprendizaxe baseada en datos tende a asociarse co estudo da segunda lingua en niveis avanzados, dado que son os estudantes cunha base consolidada os que en principio poden tirar máis partido destas propostas. Hai, porén, experiencias positivas con estudantes de niveis máis baixos (Boulton 2010: 139) e coa exploración da lingua materna en ámbitos como, por exemplo, a tradución (Beeby et al. 2009).

Sen dúbida, a incorporación dos corpus lingüísticos á práctica pedagóxica constitúe un considerable desafío para profesores e estudantes. Esixe algúns coñecementos previos e uns medios técnicos mínimos, ademais dun certo investimento de tempo tanto na preparación como na posta en práctica das actividades. Son factores nada desprezables que seguramente explican unha difusión menor da esperable dada a xa non curta traxectoria desta metodoloxía no ensino de linguas e os datos en xeral alentadores sobre o seu impacto positivo na aprendizaxe (Römer 2011; Tribble 2015). Á hora de contemplar a posibilidade de integrala na propia práctica docente, cómpre non perder de vista as vantaxes que a experiencia acumulada pon de manifesto.

A máis obvia das achegas positivas desta metodoloxía á aprendizaxe é que expón ao discente a mostras de lingua auténtica, coa súa variabilidade intacta, favorecendo así a familiarización co uso lingüístico en situacións comunicativas reais. Para o docente non nativo os corpus constitúen unha fonte de enorme credibilidade da que obter datos obxectivos sobre os que apoiar as súas recomendacións e explicacións sobre as formas apropiadas para un contexto concreto. Son, xa que logo, un recurso "empoderador" (Mair 2002: 121). O traballo con múltiples exemplos dunha estrutura ou un fenómeno lingüístico concreto desenvolve a capacidade de recoñecer e prestar atención consciente a elementos lingüísticos salientables, o que pode xogar un papel clave na súa adquisición (Flowerdew 2015; Schmidt 2001). Pola outra banda, esta exposición intensiva a un elemento léxico determinado en múltiples contextos contribúe non só a incrementar a "amplitude" do vocabulario dispoñible, senón tamén a "profundidade" dese coñecemento (Cobb 1999). O carácter exploratorio e indutivo do emprego de corpus estimula a curiosidade e mellora a capacidade de formular preguntas proveitosas e procurar información adecuada para darlles resposta, ademais de facilitar a adquisición de aspectos non previstos inicialmente, destrezas todas esenciais para desenvolver verdadeira autonomía na aprendizaxe. Xa para rematar este rápido reconto de motivos para dar o paso, cabe engadir finalmente que esta metodoloxía fomenta tamén a actitude crítica cara ás ferramentas e recursos de aprendizaxe e mellora a comprensión da información que estes proporcionan, ao

"desvelar" e traer a primeiro plano un aspecto chave do proceso moderno de elaboración de dicionarios e gramáticas.

A introdución das ferramentas de corpus na aula enriquece o catálogo de métodos e técnicas a dispor do docente para abordar certos aspectos da aprendizaxe dunha lingua estranxeira. A sutil fronteira entre o léxico e a gramática na que se sitúa a fraseoloxía é unha área idónea para demostrar a súa eficacia. Cómpre adaptar o uso concreto que se fai da técnica ás condicións específicas de cada situación de ensino, tendo en consideración os obxectivos particulares, o nivel e as preferencias de aprendizaxe dos alumnos e a dispoñibilidade de medios. Así mesmo, é necesario axustar as expectativas sobre os seus efectos positivos ao medio e longo prazo, dado que a súa eficacia depende en boa medida de cambios na cultura de aprendizaxe que se producen amodo.

Nas seccións seguintes facemos algunhas propostas, a modo de ilustración, en grao crecente de complexidade para distintos perfís de alumno e para distintos obxectivos do curso. As experiencias das que damos conta refírense exclusivamente á aprendizaxe de inglés como lingua estranxeira, pero os modos de proceder serían igualmente aplicables para outras linguas. En varios dos casos, os exemplos xorden de aplicacións reais resultantes da experimentación persoal dos autores con estudantes de perfil moi diverso, en concreto, estudantes de inglés de nivel intermedio, estudantes de tradución e alumnos de máster dun curso sobre inglés para fins académicos. Comezaremos por usos indirectos da análise de corpus nos que a aproximación é máis ben híbrida, indutiva-dedutiva e nos que a mediación do profesor é, xa que logo, máis explícita.

## 5. Os dicionarios en liña como recurso para aprender colocacións na aula de inglés

Como xa vimos anteriormente, para a lingüística firthiana e neo-firthiana, un compoñente central do significado dunha palabra é o que se deriva das súas colocacións habituais. Na actualidade, a meirande parte dos dicionarios xerais de inglés parten deste principio na súa confección, de aí que conteñan abundante información sobre as colocacións habituais das palabras, tanto na sección central das entradas coma en seccións especiais aparte. Xa de xeito máis específico, tamén contamos con dicionarios de colocacións, a miúdo elaborados polo mesmo equipo responsable dos dicionarios xerais, que conteñen información máis completa e mellor organizada sobre a cuestión. Outra ferramenta en liña que ofrece información útil sobre os patróns combinatorios das palabras é SKELL[5], unha aplicación derivada de Sketch Engine especialmente concibida para o ensino e a aprendizaxe de linguas, unha de cuxas funcións, Word Sketch, permite obter información básica sobre as combinacións máis frecuentes dunha palabra. Coma SKELL, a meirande parte dos dicionarios modernos de inglés, incluídos algúns dicionarios de colocacións, dispoñen de versións en liña. Pola súa gran accesibilidade, a través da Rede e sen rexistro previo, e por seren de balde, estas ferramentas e outras semellantes resultan moi útiles para o ensino e a aprendizaxe das colocacións na aula de inglés, como se amosa a continuación.

[5] https://skell.sketchengine.co.uk/run.cgi/skell.

Como apunta Lewis (2000), unha situación onde se percibe claramente a importancia das colocacións é cando temos que explicarlle aos alumnos as diferenzas entre pares de palabras sinónimas ou cuasisinónimas, como serían *illness* e *disease* ou *powerful* e *strong*. A diferenza entre elas non está na "definición" das mesmas senón nas palabras coas que se adoitan combinar, nos seus contextos de uso: en inglés podemos dicir *a strong tea* ou *a strong argument*, pero non **a strong car*, do mesmo xeito que podemos dicir *a powerful car* ou *a powerful argumen*t pero non **a powerful tea*. Xa que logo, unha posible maneira que ten o aprendiz de "aproximarse" ás diferenzas entre estas dúas palabras e mediante a comparación das súas colocacións habituais.

Para esta tarefa, centrarémonos no par *illness* e *disease*. Pedirémoslle ao aprendiz que consulte a información das entradas respectivas das dúas palabras (Figura 1) no *Online Oxford Collocation Dictionary* en liña[6].

**disease** *noun*

ADJ. **common | obscure, rare |** dangerous, serious | mild | **chronic | acute | degenerative |** deadly, fatal, incurable, killer, **terminal** *fears of a new killer disease* **| curable | preventable | communicable, contagious, infectious | non-communicable | congenital, hereditary, inherited | childhood** *childhood diseases such as mumps and chicken pox* **| tropical | insect-borne, water-borne | occupational | bowel, (coronary) heart, liver, etc. | mental | sexually transmitted, social, venereal** *patients suffering from venereal disease* **| circulatory, respiratory | Alzheimer's, Crohn's, etc.**

**illness** *noun*

ADJ. **fatal, incurable, terminal | debilitating, life-threatening, major, serious, severe | minor | lingering, long, long-standing, long-term, prolonged | brief, short | final, last | acute, chronic | infectious | painful | depressive, mental, psychiatric, psychotic | psychosomatic | physical | respiratory | childhood**

Figura 1. Entradas dos termos "disease" e "illness" no *Online Oxford Collocation Dictionary*

O primeiro que cómpre facer é amosarlle como está organizada a información na entrada, como as palabras tenden a agruparse por similitudes semánticas, o que facilita a aprendizaxe, por exemplo, de sinónimos e antónimos; así, *fatal*, *incurable* e *terminal* aparecen ao carón unha da outra para indicar que son sinónimos, pero tamén *common* e *rare* para amosar que son contrarios. Agora que "ven" como está organizada a información, deberían ser quen de clasificar os adxectivos das dúas entradas en función do seu significado xeral, por exemplo, adxectivos que indican perigo de morte, gravidade, duración, aparato (*respiratory, circulatory*) ou órgano afectado (*heart*, *liver*, *blood*) etc. O seguinte paso é identificar coincidencias e diferenzas entre as dúas palabras, ver que grupos de adxectivos ou modificadores comparten e cales tenden a ser máis habituais con cada unha delas. Para facilitar a comparación poderían utilizar un diagrama coma o da Figura 2, formado por dous círculos que se superpoñen parcialmente e, xa que logo, teñen unha zona en común.

[6] http://www.freecollocation.com/



Figura 2. Diagrama baleiro para un exercicio sobre colocacións

A comparación permite ver que os dous substantivos se combinan de forma igual de natural con algúns dos grupos semánticos que formaron: falamos de *serious illness* ou de *serious disease*, de *fatal illness* ou *disease*, *childhood illness* ou *disease* etc. Con todo, tamén se observan algunhas "especializacións": *disease*, pero non *illness*, combínase con modificadores que indican o tipo concreto de doenza (*Alzheimer's/Crohn's disease*, pero non **Alzheimer's illness*); *disease* tamén parece combinarse de forma máis natural con enfermidades de carácter físico (*bowel*, *liver*, *heart*), mentras que *illness* amosa unha tendencia a "especializarse" en enfermidades mentais (*psychiatric illness*, *depressive* illness etc., malia que falamos de *mental illness* ou *mental disease*). *Disease* tamén se combina máis naturalmente con adxectivos como *water-born*, *hereditary*, *tropical* etc., que permiten clasificar as enfermidades en función da súa orixe, o lugar onde se adoita dar etc. Por contra, en inglés fálase de *final* ou *last illness* pero non de **final disease* para referirse a unha enfermidade que dá como resultado a morte do afectado. Algunhas destas diferenzas remiten ó feito de que só *illness*, pero non *disease*, posúe o significado de condición de estar enfermo, a máis de poder designar a doenza propiamente dita. Podemos tamén conciencialos das limitacións do dicionario e animalos a que completen a información; por exemplo, mesmo se no dicionario só se recollen as expresións *childhood illness* ou *childhood disease*, ámbolos dous substantivos poden recibir outros modificadores referidos ás franxas de idade nas que adoita darse a doenza, e podemos invitalos a que exploren en internet o uso de expresións como *old-age* ou *middle-age illness/disease*, *adult* ou *pre-natal illness/disease* etc. Podemos igualmente aproveitar para identificar e aclarar o valor dalgunhas expresións de significado "escuro"; por exemplo, ver con eles que significa realmente a expresión *acute disease*, que en realidade é unha enfermidade repentina e de curta duración. Podemos, por último, chamar a súa atención sobre falsos amigos que se cadra ignoran, coma que o adxectivo *communicable* en inglés, referido a unha enfermidade, ten o valor de "contaxiosa" e non de "comunicable", que de feito carecería de sentido.

Obviamente, como complemento desta actividade de descubrimento e "concienciación" das diferenzas nos patróns colocacionais das dúas palabras, cumprirá realizar algún tipo de actividade práctica complementaria na que o discente teña que empregar o aprendido en contextos concretos. Neste sentido, é importante lembrar que o ensino do vocabulario

dunha lingua estranxeira débese realizar sempre dentro dun contexto determinado, onde o aprendiz teña que facer un uso activo do aprendido ou, como apuntaba Vasiljevic (2014) (*vid. supra*) a propósito especificamente das colocacións na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a concienciación e a memorización destas expresións deben completarse co repaso e co uso activo das mesmas.

## 6. WebCorp como paso intermedio cara ás ferramentas de corpus

O obxectivo dos creadores de Webcorp era poder extraer información lingüística dos textos da web de forma semellante a como se fai cun corpus convencional (Renouf & al. 2007). Xa que logo, permite buscar palabras, frases ou secuencias descontinuas (mediante comodíns) en textos dispoñibles na Rede. Entre outras funcionalidades especialmente útiles está a posibilidade de aplicar filtros nas procuras e así restrinxir a busca a linguas concretas ou por dominio de busca (.es, www.elmundo.es etc.), o que supón, en definitiva, poder explorar distintas variedades de lingua (xeográficas, rexistros, estilos máis ou menos formais etc.).

Orixinalmente foi concibido especialmente para o estudo da lingua que se emprega nos múltiples novos ámbitos da comunicación vía Internet (chats, blogs etc.) e, en particular, para o estudo de novas creacións fraseolóxicas, neoloxismos léxicos e novas modas lingüísticas en xeral, que non se poden investigar adecuadamente cos corpus tradicionais. Con todo, a ferramenta pode facer as veces dun corpus "normal" para explorar calquera aspecto da lingua. Malia dispor de funcionalidades de busca moi limitadas en comparación con moitos dos corpus máis coñecidos, dende o punto de vista pedagóxico, ten a vantaxe de ser de acceso gratuíto en liña e de posuír un interface relativamente sinxelo de usar para calquera usuario non experto.




Figura 3. Regularidades observadas nas liñas de concordancia do substantivo "risk" (WebCorp)

WebCorp permite procurar un termo chave (*keyword*) na Rede, pero ademáis, en comparación cun buscador tradicional, ten a vantaxe pedagóxica de que presenta os resultados en liñas de concordancias, que facilitan notablemente a identificación por parte do aprendiz dos patróns colocacionais dunha palabra (Guilquin & Granger 2010: 362). Nunha liña de concordancias, como se pode ver na Figura 3, a palabra clave aparece destacada e aliñada no centro, cun pouco de contexto a cada lado, o que nos permite extraer información sobre os seus significados, a súa gramática e, o máis importante para nós, as súas colocacións habituais.

Unha actividade simple que se pode realizar na aula é buscar e identificar as colocacións dunha determinada palabra aplicando algún dos filtros de WebCorp por defecto, por exemplo, o que permite restrinxir a busca á prensa británica "seria" (*UK Broadsheet Newspapers*). Alternativamente, como se ve no exemplo da Figura 3 co substantivo *risk*, é o profesor o que pode levar a cabo a procura e seleccionar unha ou varias pequenas secuencias dentro da liña de concordancias que conteñan información especialmente rica e variada dende o punto de vista colocacional. Xeraríamos entón un documento PDF coas concordancias seleccionadas, que logo compartiríamos cos aprendices. A continuación, podemos pedirlles que abran o ficheiro no seu ordenador ou na súa tableta e que empreguen unha ferramenta de anotación para, como suxire Sripicharn (2010: 381), arrodear con distintas cores nos seus dispositivos, sucesivamente, as preposicións que adoitan ter *risk* como complemento (*at* na Figura 3), os adxectivos que o premodifican (*high*, *low*, *big*, *great*), os substantivos que pode modificar (*risk management*, *risk factor, risk rating*, *risk report*), os verbos dos que *risk* é complemento (*minimize, cut, halve,*

*double, reduce*), os verbos dos que pode ser suxeito (*rise*), as preposicións que rexe cando vai seguido dun complemento preposicional (*of, to, for*) etc.

A decisión de deixarlle ao aprendiz que realice a busca e saque as súas propias conclusións ou, en cambio, de seleccionar para eles aquelas secuencias da liña de concordancias máis ricas e orientar así a súa análise dependerá do grao de madurez e/ou do nivel de lingua do discente (Sripicharn 2010; Guilquin & Granger 2010): un adulto cun nivel avanzado terá sen dúbida unha marxe de tolerancia máis alta ó "ruído" ou datos non relevantes que inevitablemente xera a busca e non precisará indicacións detalladas do profesor.

WordCorp dispón doutras funcionalidades particularmente útiles para a exploración das colocacións. Ao final dos resultados da busca ofrece varias posibilidades de afinamento (*Post Search Options,* Figura 4). Por exemplo, é posible organizar os resultados alfabeticamente a partir da primeira, da segunda palabra etc. á esquerda ou á dereita da *keyword*, o que nos permite identificar de forma inmediata aquelas formas que máis tenden a aparecer nesa posición en relación coa palabra clave, xa que logo, as colocacións máis frecuentes. Tamén é posible xerar un informe estatístico básico do perfil colocacional (función *collocates*) da palabra clave, que lle permite ó estudante identificar aquelas formas que tenden a aparecer con máis frecuencia no entorno da palabra clave e a posición na que adoitan situarse con respecto a ela: unha, dúas, tres ou catro posicións á esquerda ou á dereita (Figura 5). O principal valor pedagóxico desta ferramenta radica en que nos permite identificar dunha ollada as combinacións máis frecuentes, xa que logo, máis interesantes dende o punto de vista da aprendizaxe, para logo poder estudalas nos exemplos que obtemos na lista de concordancias. A táboa mesmo permite anticipar a relación desas palabras coa palabra clave: por exemplo, se a palabra clave é un verbo, calquera substantivo que tenda a repetirse nas posicións 1 e 2 á súa dereita, será posiblemente un complemento; se a *keyword* é un substantivo, calquera adxectivo recorrente na posición 1 á súa esquerda será un premodificador típico etc.




Figura 4. Panel de opcións de WebCorp para filtrar os resultados dunha busca

A título de exemplo, na Figura 5 amósanse os resultados dunha busca na que se aplicaron como filtros o dominio bbc.co.uk/news (só noticias da BBC) e a palabra filtro *health* para limitar os resultados ás noticias sobre saúde. Nela observamos, xa máis claramente do que podiamos ver na secuencia de liñas de concordancias (Figura 3), a forte tendencia do substantivo *risk* a "seleccionar" complementos coas preposicións *of* e *to*, pero tamén o elevado número de aparicións da combinación *at risk.* Podemos ver igualmente que *risk*, neste contexto particular das noticias sobre saúde, adoita formar frases con substantivos coma *health*, *cancer*, *problems* ou *disease*, funcionando non só como premodificadores (e.g., *health risk*, *cancer risk* etc.), senón tamén dentro de frases que complementan a *risk* (*risk of heart disease*) e a combinarse con adxectivos como *high* ou *increased* e máis aínda a funcionar como complemento do propio verbo *increase* (*increase the risk of* etc.). Unha vez identificados estes importantes patróns colocacionais, o estudante pode logo empregar a lista de concordancias para ver exemplos concretos de todas estas combinacións.

**Collocates**

| Word | L4 | L3 | L2 | L1 | R1 | R2 | R3 | R4 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| of | 5 | 7 | 3 | 4 | 166 | 2 | 5 | 11 | 203 |
| the | 6 | 7 | 17 | 50 | 1 | 8 | 7 | 8 | 104 |
| a | 5 | 15 | 40 | 10 | 1 | 10 | 8 | 3 | 92 |
| at | 1 | 5 | 18 | 29 | 4 | 0 | 1 | 1 | 59 |
| to | 9 | 15 | 5 | 0 | 9 | 6 | 6 | 7 | 57 |
| health | 0 | 1 | 3 | 7 | 0 | 21 | 18 | 3 | 53 |
| cancer | 1 | 2 | 2 | 15 | 0 | 15 | 15 | 3 | 53 |
| and | 10 | 3 | 7 | 0 | 4 | 0 | 7 | 21 | 52 |
| heart | 3 | 0 | 4 | 7 | 2 | 22 | 2 | 4 | 44 |
| increased | 0 | 1 | 4 | 30 | 0 | 0 | 0 | 1 | 36 |
| increase | 1 | 3 | 27 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 32 |
| problems | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 19 | 13 | 32 |
| in | 3 | 4 | 2 | 3 | 2 | 3 | 3 | 10 | 30 |
| disease | 0 | 1 | 0 | 2 | 0 | 2 | 22 | 1 | 28 |
| your | 1 | 0 | 0 | 24 | 0 | 0 | 0 | 1 | 26 |
| have | 3 | 20 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 26 |
| is | 6 | 3 | 5 | 0 | 3 | 0 | 3 | 5 | 25 |
| higher | 0 | 1 | 1 | 19 | 0 | 0 | 1 | 1 | 23 |

Figura 5. Palabras máis frecuentes á esquerda e dereita do substantivo "risk" (WebCorp)

## 7. Os grandes corpus

WebCorp constitúe un paso intermedio moi útil entre os resultados obtidos cos motores de busca cos que os estudantes están ben familiarizados e os formatos de resultados máis propios dos corpus académicos. No pasado, estes últimos eran ferramentas impoñentes,

de uso complexo e acceso xeralmente moi restrinxido. Hoxe están en moitos casos a dispor de calquera usuario gratuitamente a través de interfaces de fácil uso. É o caso, por exemplo, do repositorio que propoñemos aquí como fonte de datos para este seguinte nivel. Á hora de introducir estes recursos na aula de lingua, malia a facilidade apuntada, cómpre, en todo caso, contemplar algunhas sesións de formación básica sobre a ferramenta para garantir unha explotación adecuada deste recurso por parte dos estudantes.

O banco de datos compilado por Mark Davies, profesor de Lingüística da Universidade Brigham Young (EE.UU.), e o seu equipo hai xa máis dunha década contén máis dunha ducia de corpus de enorme tamaño e continúa a incrementarse con novos textos e colecciónns de forma regular. Na súa plataforma en liña[7] atópanse integrados, entre outros, os 100 millóns de palabras do British National Corpus ou creacións do equipo do profesor Davies, como o GloWbE, Global Web-based English, que contén 1.900 millóns de palabras representativas das variedades de inglés de vinte países, ou o COCA, o corpus de inglés americano contemporáneo, que contén 560 millóns de palabras correspondentes ao período 1990-2017 e que continúa a medrar en 20 millóns adicionais cada ano. Todos estes recursos son accesibles ao usuario xeral a través dun rexistro gratuíto, que permite 50 buscas diarias, ou dunha licencia ampliada cun custo duns 30 dólares anuais. De acordo coa información ofrecida polo propio portal, un total de 130.000 usuarios empregan esta ferramenta cada mes, para fins de investigación, para a creación de materiais didácticos ou como fonte de información para a tradución de textos.

Os distintos corpus aloxados no sitio comparten unha mesma arquitectura e unha ferramenta de busca que funciona cunha sintaxe sinxela, accesible a calquera estudante de linguas de nivel intermedio. Todas as colecciónns están lematizadas e etiquetadas por clase de palabras, o que permite buscas moi específicas de estruturas recorrentes. Calquera observación sobre unha combinación habitual de palabras feita na clase ou sinalada nos materiais do curso pode servir de punto de partida para unha viaxe exploratoria por este inmenso banco de datos. Así, por exemplo, coa opción "List" [lista] do buscador, en apenas uns pasos podemos obter unha cantidade inxente de datos en resposta a unha cuestión simple como a de que adxectivos se empregan con máis frecuencia para describir a cor, a lonxitude ou o tipo de pelo ("ADJ hair": *black hair, blonde hair* e *dark hair* son os tres máis frecuentes) ou en que orde tenden a colocarse cando se combinan dúas ou máis clases de adxectivos ("ADJ ADJ hair", Figura 6) e someter así a proba a regra recollida na gramática ou proposta como hipótese polo docente.

[7] https://corpus.byu.edu/corpora.asp.

SEE CONTEXT: CLICK ON WORD OR SELECT WORDS + [CONTEXT] [HELP...] iWeb HAIR

| | | CONTEXT (SAMPLE): 100 200 500 ALL FORMS | FREQ TOTAL 8,260 \| UNIQUE 2,567 + |
|---|---|---|---|
| 1 | | LIGHT BROWN HAIR | 235 |
| 2 | | LONG BLACK HAIR | 205 |
| 3 | | DARK BROWN HAIR | 202 |
| 4 | | THICK BLACK HAIR | 164 |
| 5 | | LONG BLOND HAIR | 134 |
| 6 | | CURLY BROWN HAIR | 131 |
| 7 | | CURLY BLACK HAIR | 119 |
| 8 | | LONG BROWN HAIR | 104 |
| 9 | | LONG DARK HAIR | 98 |
| 10 | | CURLY RED HAIR | 86 |
| 11 | | SHORT BLACK HAIR | 86 |
| 12 | | CURLY BLOND HAIR | 77 |
| 13 | | SHORT BROWN HAIR | 75 |
| 14 | | DARK BLOND HAIR | 71 |
| 15 | | THICK DARK HAIR | 71 |

Figura 6. Lista dos resultados máis frecuentes en COCA da busca "ADJ ADJ hair"

Unha busca máis aberta da combinación de substantivos cunha preposición determinada (por exemplo, "NOUN in") pode constituír o primeiro paso dunha actividade na que o estudante deba identificar cales dos termos extraídos do corpus son predicados nominalizados que requiren un complemento preposicional específico (por exemplo, *increase in, change in, interest in, difference in*) e completar a relación con outras preposicións frecuentes.

Como vimos ao describir WebCorp, a busca dunha palabra no seu contexto, opción "KWIC (Keyword in Context)", devolve casos do termo chave xunto cunha porción de contexto previo e posterior ordenados por algún dos termos que o seguen ou o preceden, segundo a preferencia establecida polo investigador. Ademais da disposición ordenada dos resultados, no caso dos corpus de Mark Davies e o seu equipo, a utilización de cores diferentes para cada clase de palabras é unha característica adicional da aplicación que facilita a exploración. Malia esta axuda, a riqueza da información que proporciona o corpus co formato KWIC pode resultar excesiva e pouco doada de procesar por parte daqueles estudantes menos avanzados, polo que cómpre limitar a atención ás estruturas realmente frecuentes. A propia ferramenta ofrece, porén, un modo máis doado de sistematizar esa información a través da opción de colocacións ("Collocates"), coa que se obtén un listado dos termos cos que adoita combinarse a nosa palabra chave, nun intervalo de palabras á dereita ou á esquerda fixado polo investigador.

Figura 7. Vista parcial dos resultados da busca de combinacións da palabra “reason”, no intervalo de dúas palabras no contexto seguinte (COCA)

A modo de exemplo, imaxinemos unha situación na que, como parte da preparación para un debate, un estudante necesite ampliar o seu repertorio de expresións para argumentar a favor ou en contra dunha determinada postura. A súa procura incluiría seguramente termos tales como *reason* [razón, motivo], *proof* ou *evidence* [proba(s)] e o seu obxectivo sería familiarizarse cos contextos e as expresións máis habituais das que forman parte estes termos. A súa exploración podería comezar, por exemplo, por buscar as palabras que seguen con máis frecuencia a “reason(s)”. Coa opción “Collocates”, a busca das posibles combinacións do lema “REASON_N” [razón, motivo_substantivo] no intervalo de dúas palabras no contexto seguinte, tal e como amosa a parte superior esquerda da Figura 7, dá como resultado unha relación de palabras ordenadas por frecuencia que recolle parcialmente a parte inferior esquerda da figura. Cada elemento desa lista é, de feito, un hiperenlace que dá acceso á concordancia correspondente á combinación en cuestión, tal e como se mostra na parte dereita da figura, resultado de seguir o enlace ao cuarto elemento da lista (“doubt”). Deste xeito, as estruturas que lle poden resultar útiles ao estudante preséntanselle de forma máis sistematizada en forma de subconxuntos de exemplos similares.

# 8. O aprendiz como compilador de corpus




Figura 8. Interfaz do programa de concordancia AntConc, de Laurence Anthony

Unha vez que o estudante está familiarizado coa noción de corpus e cos formatos de resultados que se empregan de forma máis habitual, está listo para o seguinte paso, que non é outro que realizar a súa propia compilación de textos. Esa colección pode estar simplemente constituída polo conxunto de textos empregados ao longo dun curso, de xeito que a exploración pode converterse nunha actividade de repaso. Con todo, é seguramente máis estimulante concibila como unha actividade cooperativa na que se pode involucrar o conxunto da clase. Os criterios de inclusión de posibles textos poden ser obxecto de discusión e dar pé a interesantes reflexións sobre o concepto de rexistro, a calidade das fontes, o grao de especificidade temática etc. A participación activa dos estudantes na escolla de materiais conferiralles a estes unha familiaridade da que carecen os textos máis "anónimos" dos corpus tradicionais (Aston 2002: 11), o cal constitúe unha certa vantaxe de cara á explotación posterior do corpus, ao facer, por exemplo, os contextos das liñas de concordancia máis recoñecibles para o estudante. Compilar un corpus *ad hoc* deste tipo pode ser de especial utilidade cando o discente ten que prepararse para empregar un rexistro específico, por exemplo, para realizar unha presentación sobre un tema de especialidade no contexto dunha experiencia de aprendizaxe integrada de contidos curriculares e lingua estranxeira (AICLE).

Xunto cos textos, é necesario contar con algún programa informático que permita a extracción de información sen complicacións técnicas innecesarias. AntConc é unha ferramenta que cumpre perfectamente ese propósito. Foi desenvolvida por Laurence

Anthony, profesor de ciencia e enxeñería da Universidade de Waseda (Xapón), e está dispoñible gratuitamente na súa páxina web[8]. O seu sobrio interface de usuario (Figura 8) inclúe todas as funcións básicas, tales como a extracción de liñas de concordancia (*Concordance*), as colocacións (*Collocates*) ou a lista de palabras ordenadas por frecuencia de aparición (*Word List*). Non permite a inclusión da categoría gramatical nas buscas, ou o emprego de lemas, pero a utilización do asterisco * como comodín posibilita a busca de variantes dunha palabra. A secuencia "reason*", por exemplo, identificaría calquera das seguintes formas: *reason, reasons, reasoning, reasoned* ou *reasonable*.

As compilacións de textos reunidas para explorar con esta ferramenta na aula serán loxicamente de tamaño reducido, da orde dunhas decenas de miles de palabras. Con todo, ao estar recollidas cuns obxectivos moi específicos e presentar, xa que logo, considerable homoxeneidade temática e de rexistro e tipo textual, delas pódese extraer un número comparativamente elevado de expresións, combinacións léxicas etc. características do ámbito representado. En comparación, os corpus estándar, malia o seu tamaño, poden conter, en realidade, apenas un feixe de textos sobre o tema específico de interese para o estudante.

Levar á práctica esta actividade na aula non supón excesivas complicacións. Unha vez discutidos os obxectivos específicos, fíxanse uns criterios para a selección de textos válidos: o tema pode ser moi específico (por exemplo, as vacinas) ou máis ben xeral (por exemplo, a saúde), o rexistro pode ser máis académico ou máis xeral ou divulgativo etc., en función da necesidade específica do discente. Unha vez acordados os criterios, distribúese entre os membros da clase a tarefa de achegar textos coa axuda de calquera dos motores de busca máis populares. Para dar unha idea, para xerar o exemplo presentado na Figura 9, recolléronse só 13 textos, que en conxunto suman algo menos de 17.000 palabras, de diversos tipos de fontes: apuntamentos de bioloxía, blogs sobre saúde, textos periodísticos divulgativos, entre outros. Unha vez gravados os documentos en formato TXT e cargados na aplicación AntConc[9], o primeiro paso da exploración pode consistir en extraer unha lista de palabras ordenadas por frecuencia de aparición. Fóra das palabras gramaticais que adoitan ocupar os primeiros postos (*the, to, and, a, of* etc.), podemos centrar a atención sucesivamente nos termos específicos que figuran nos postos altos desa relación e tomar nota das estruturas e combinacións nas que se integran. No exemplo da Figura 9, pódese observar que o termo *symptoms* [síntomas], no posto 39 da lista con 58 casos, pode combinarse con verbos como *have, experience, show* para expresar que alguén "ten, experimenta ou amosa" síntomas dunha doenza, que son posibles *cold symptoms* e *(any) symptoms of a cold* [síntomas do arrefriado], *flu symptoms* [síntomas da gripe] e *(further) symptoms of (swine) flu* [(outros) síntomas da gripe (porcina)] etc.

---

8 http://www.laurenceanthony.net/software.html

9 Previamente débese seleccionar na configuración xeral (*Global settings*) o sistema de caracteres de Europa Occidental (*Western Europe "Latin1" (iso-8859-1)*).

Figura 9. Paneis de resultados de AntConc: Lista de palabras (ordenadas por frecuencia) na parte superior esquerda da imaxe e Concordancia (KWIK) na parte inferior dereita

En definitiva, cunha pequena colección de textos podemos obter información abundante e valiosa sobre pautas fraseolóxicas e combinatorias, e, se cadra, formular novas preguntas. Podemos, por exemplo, preguntármonos se a presenza de certos elementos adicionais na frase favorece o uso de estruturas do tipo *cold symptoms* fronte a *symptoms of a cold,* e acudir a fontes como COCA para buscar exemplos de "*NOUN symptoms*" fronte a "*symptoms of*". Calquera observación concreta pode, deste xeito, converterse en punto de partida para unha nova tarefa de exploración que expón aos estudantes a múltiples exemplos de combinacións frecuentes de palabras.

## 9. Reflexións finais

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, a familiaridade coas combinacións fixas ou habituais de palabras é un aspecto importante do nivel de fluidez acadado. Non obstante, nos métodos máis tradicionais de ensino este aspecto estaba esencialmente desatendido, coa excepción das frases idiomáticas ou, no caso do inglés, das combinacións de verbos con partículas adverbiais, os temidos "phrasal verbs", que, por ser expresións de significado pouco transparente, entrañaban especial dificultade. Os avances na descrición lingüística na segunda metade do século XX e, sobre todo, o rápido desenvolvemento da Lingüística de corpus trouxeron a primeiro plano esta cuestión das combinacións frecuentes e das "preferencias" combinatorias das palabras. Desde hai xa tres décadas, as denominadas colocacións e os fenómenos fraseolóxicos entendidos nun sentido amplo veñen tendo unha presenza significativa nos materiais e recursos didácticos.

A nosa intención con este traballo non era outra que presentar este terreo fronteirizo entre o léxico e a gramática como un ámbito especialmente apto para estimular a curiosidade dos estudantes e fomentar a súa iniciativa e autonomía na aprendizaxe. A través de Internet, docentes e estudantes teñen hoxe ao seu dispor unha fonte inesgotable de "materia prima"

que cómpre manexar con espírito crítico e método para poder explotar as súas inmensas posibilidades. O percorrido que presentamos aquí por distintas ferramentas e materiais constitúe unha proposta para achegarse de xeito gradual a ese proceso de adquisición das competencias necesarias.

Non cabe dúbida de que a aprendizaxe baseada en datos e o emprego de corpus en concreto presentan certas dificultades técnicas e condicionantes materiais que explican o escepticismo co que a miúdo se reciben propostas nesta liña por parte do profesorado de linguas. Confiamos en que as actividades e recursos presentados aquí demostren que ningunha desas dificultades supón un obstáculo insuperable que deba impedir a integración nalgunha medida deste enfoque na práctica didáctica das aulas de linguas. Os efectos positivos a medio e longo prazo serían mesmo maiores cós inmediatos.

## 10. Referencias bibliográficas

AIJMER, Karin (ed.) (2009): *Corpora and language teaching*. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

ASTON, Guy (2002): "The learner as corpus designer", en KETTERMANN, Bernhard e MARKO, Georg (eds.), *Teaching and learning by doing corpus analysis: Proceedings of the Fourth International Conference on Teaching and Language Corpora*, *Graz 19-24 July, 2000*, 9–25. Ámsterdam/Nova York: Rodopi.

BAHNS, Jens (1993): "Lexical collocations: A contrastive view", en *ELT Journal*, 47(1), 56–63.

BEEBY, Allison, RODRÍGUEZ-INÉS, Patricia e SÁNCHEZ-GIJÓN, Pilar (eds.) (2009): *Corpus use and translating: Corpus use for learning to translate and learning corpus use to translate* (Vol. 82). Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins Publishing.

BENNETT, Gena R. (2010): *Using corpora in the language learning classroom: Corpus linguistics for teachers*. Ann Arbor: University of Michigan Press.

BENSON, Morton, BENSON, Evelyn e ILSON, Robert (1986): *The BBI combinatory dictionary of English. A guide to word combinations*. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

BERNARDINI, Silvia (2000): "Systematising serendipity: Proposals for concordancing large corpora with language learners", en BURNARD, Lou e MCENERY, Tony (eds.), *Rethinking language pedagogy from a corpus perspective,* 225–234. Fráncfort: Peter Lang.

(2002): "Exploring new directions for discovery learning", en KETTERMANN, Bernhard e MARKO, Georg (eds.), *Teaching and learning by doing corpus analysis: Proceedings of the Fourth International Conference on Teaching and Language Corpora, Graz 19-24 July,* 2000, 165–182. Ámsterdam/Nova York: Rodopi.

BIBER, Douglas, JOHANSSON, Stig, LEECH, Geoffrey, CONRAD, Susan e FINNEGAN, Edward (1999): *Longman grammar of spoken and written English*. Londres: Pearson.

BOERS, Frank e LINDSTROMBERG, Seth (2008): *Teaching chunks of language*. Helbling Languages.

BOERS, Frank e WEBB, Stuart (2018): "Teaching and learning collocation in adult second and foreign language learning", en *Language Teaching*, 51(1), 77–89.

BOULTON, Alex (2010): "Learning outcomes from corpus consultation", en MORENO JAÉN, M.; SERRANO VALVERDE, F. e CALZADA PÉREZ, M. (Eds.), *Exploring new paths in language pedagogy: Lexis and corpus-based language teaching*, 129–144. Equinox.

(2011): "Data-driven learning: The perpetual enigma", en GOŹDŹ-ROSZKOWSKI, Stanislaw (ed.) *Explorations across languages and corpora*, 563–580. Fráncfort: Peter Lang.

CARTER, Ronald e MCCARTHY, Michael (1988): *Vocabulary and language teaching*. Londres: Pearson.

COBB, Tom (1999): "Breadth and depth of lexical acquisition with hands-on concordancing", en *Computer Assisted Language Learning*, 12(4), 345–360.

CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

(2001): "En torno al concepto de colocación", en *Euskera*, 46 (1), 89-108.

FLOWERDEW, Lynne (2015): "Data-driven learning and language learning theories: Whither the twain shall meet", en LEŃKO-SZYMAŃSKA, Agnieszka e BOULTON, Alex (eds.), *Multiple affordances of language corpora for data-driven learning*, 15–36. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

GUILQUIN, Gaëtanelle e GRANGER, Sylviane (2010): "How can data-driven learning be used in language teaching?" en O'KEEFFE, Anne e McCARTHY, Michael (eds.), *The Routledge handbook of corpus linguistics,* 359–370. Londres: Routledge.

JOHNS, Tim F. (1994): "From printout to handout: Grammar and vocabulary teaching in the context of data-driven learning", en ODLIN, Terence (ed.), *Perspectives on pedagogical grammar*, 27–45. Cambridge: Cambridge University Press.

KOOSHA, Mansour e JAFARPOUR, Ali Akbar (2006): "Data-driven learning and teaching collocation of prepositions: The case of Iranian EFL adult learners", en *Asian EFL Journal Quarterly*, 8(4), 192–209.

LEWIS, Michael (2000): "There is nothing as practical as a good theory", en LEWIS, Michael (ed.), *Teaching collocation. Further developments in the lexical approach*, 10–27. Hove: Language Teaching Publications.

MAIR, Christian (2002): "Empowering non-native speakers: The hidden surplus value of corpora in continental English departments", en KETTERMANN, Bernhard e MARKO, Georg (eds.), *Teaching and learning by doing corpus analysis: Proceedings of the Fourth International Conference on Teaching and Language Corpora, Graz 19-24 July,* 2000,119–130. Ámsterdam/Nova York: Rodopi.

MEUNIER, Fanny e GRANGER, Sylviane (eds.) (2008): *Phraseology in foreign language learning and teaching*. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

NATTINGER, James R. e CARRICO, Jeanette S. de (1992): *Lexical phrases and language teaching*. Oxford: Oxford University Press.

NESSELHAUF, Nadja (2003): "The use of collocations by advanced learners of English and some implications for teaching", en *Applied Linguistics*, 24(2), 223–242.

O'KEEFFE, Anne, MCCARTHY, Michael e CARTER, Ronald (2007): *From corpus to classroom: language use and language teaching*. Cambridge: Cambridge University Press.

RENOUF, Antoinette; KEHOE, Andrew e BANERJEE, Jay (2007): "WebCorp: an integrated system for web text search", en HUNDT, Marianne; NESSELHAUF, Nadja e BIEWER, Carolin (eds.)", *Corpus linguistics and the Web*, 47–67. Ámsterdam: Brill-Rodopi.

REPPEN, Randi (2010): *Using corpora in the language classroom*. Cambridge: Cambridge University Press.

RÖMER, Ute (2011): "Corpus research applications in second language teaching", en *Annual Review of Applied Linguistics*, 31, 205–225.

RUTHERFORD, William (1987): *Second language grammar: Learning and teaching*. Nova York: Longman.

RUTHERFORD, William e SHARWOOD SMITH, Michael (1988): *Grammar and second language teaching: A book of readings*. Nova York: Newbury House.

SCHMIDT, Richard (2001): "Attention", en ROBINSON, Peter (ed.), *Cognition and second language instruction*, 3–32. Cambridge: Cambridge University Press.

SINCLAIR, John (1991): *Corpus, concordance, collocation*. Oxford: Oxford University Press.

SRIPICHARN, Passapong (2010): "How can we prepare learners for using language corpora", en O'KEEFFE, Anne e McCARTHY, Michael (eds.). *The Routledge handbook of corpus linguistics*,371-384. Londres: Routledge.

TRIBBLE, Christopher (2015): "Teaching and language corpora: Perspectives from a personal journey", en LEŃKO-SZYMAŃSKA, Agnieszka e BOULTON, Alex (eds.), *Multiple affordances of language corpora for data-driven learning*, 37–62. Ámsterdam/Filadelfia: John Benjamins.

TRIBBLE, Christopher e JONES, Glyn (1997): *Concordances in the classroom: A resource guide for teachers*. Houston: Athelstan Publications.

VASILJEVIC, Zorana (2014): "Teaching collocations in a second language: Why, what and how?", en *ELTA Journal*, *2*(2), 48–73. Consultado en: www.eltajournal.org.rs.

WICHMANN, Anne (ed.) (1997): *Teaching and language corpora*. Londres: Longman.

# A extracción de información fraseolóxica no CORGA: 3 actividades iniciáticas e 10 propostas para levar á aula[1]

## *The extraction of phraseological information in CORGA: 3 initiatory activities and 10 proposals to take to the classroom*

Eva María Domínguez Noya
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades /
Universidade de Santiago de Compostela
edomin@cirp.gal

María Sol López Martínez
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades /
Universidade de Santiago de Compostela
msol.lopez@usc.es

Resumo: Nesta contribución describimos polo miúdo o funcionamento da ferramenta de recuperación de información do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) mediante a realización de 3 actividades iniciáticas deseñadas especificamente para a extracción de unidades fraseolóxicas: *a fume/lume de carozo*, *falar os sete falares* e similares e mais *ir/vir ó/ao pelo*. Ofrecemos logo dez propostas para levar ás aulas nas que se explota o corpus cunha dobre vertente: facilitar que o alumno/usuario adquira as destrezas precisas para a consulta de corpus, en relación coas TIC, e a didáctica de aspectos lingüísticos como son variación, sinonimia, eufemismo, rexistros e niveis de lingua, estruturas atípicas, sentido literal e sentido figurado etc., onde as expresións empregadas se rexistran en textos naturais inmersas na secuencia completa, o que resulta instrutivo e ameno. A modo de conclusión, os corpus constitúen unha fonte valiosa para a obtención de material fraseolóxico, así como para a didáctica da lingua, tanto para a elaboración de exercicios como para a explicación de múltiples fenómenos localizados en textos reais.

Palabras clave: corpus, lingua, didáctica.

*Abstract: In this contribution we briefly describe the operation of the* Corpus de Referencia do Galego Actual *(CORGA) information retrieval tool through 3 introductory activities specifically designed for the*

[1] Data de recepción: 10.05.2019. Data de aceptación: 13.09.2019.

*extraction of phrasemes:* a fume/lume de carozo, falar os sete falares and similar, *and also* ir/vir ó/ao pelo. *Afterwards we suggest ten proposals to be practised in the language classrooms in which the corpus is used with a twofold purpose: to enable the student/user to acquire the necessary skills to consult the corpora with regard to ICT, as well as the didactics of linguistic aspects such as variation, synonymy, euphemisms, language registers and levels of usage, atypical structures, literal and figurative sense, etc. Here, the expressions used are found in natural texts embedded in the complete sequence, which seems to be instructive and enjoyable. As a conclusion, corpora represent an important source for the collection of phraseological material, as well as for language didactics, both in the elaboration of exercises and in the explanation of multiple phenomena occurring in real texts.*

*Keywords: corpus, language, didactics.*

## 1. Introdución

Os avances tecnolóxicos que se veñen producindo desde mediados do século XX cambiaron de xeito moi importante a investigación filolóxica e os estudos lingüísticos, xa que permiten dispor de infinidade de recursos para o seu estudo, xa for procurando a perspectiva analítica xa for procurando a didáctica. Entre estas ferramentas, sen dúbida, os corpus lingüísticos ocupan un lugar destacado.

Un corpus, sintetizando a Rojo (2016), é un conxunto de textos naturais, almacenados en formato electrónico, representativos no seu conxunto dunha variedade lingüística e reunidos co propósito de facilita-lo seu estudo científico. Trátase, xa que logo, dun recurso electrónico que pon á nosa disposición a consulta de millóns de palabras nun breve intervalo de tempo. Non obstante, os resultados das procuras van depender i) do tipo de textos que se inclúan (non se poderán obter termos propios da economía se o corpus non contén documentos desa área temática), ii) de como se codifique a información neles presente (será imposible procurar unha determinada cadea nun titular se na estrutura interna das novas estes non constan individualizados) e iii) do sistema de consulta que se habilite para realiza-las buscas (por moito que o corpus estea anotado, se o sistema de consultas non permite a recuperación por etiquetas, non poderá procurarse a través deste criterio).

A utilización de corpus na aula é relativamente recente e tense centrado sobre todo no ensino da lingua como L2 (Bailini 2015). Porén, ó noso modo de ver, resulta tamén moi interesante para o ensino da lingua como L1 pois, como indican Sevilla e Barbadillo (2004: 199), "toda lengua no se puede comprender sin la cultura que lleva aparejada"; ou Ferro Ruibal (2016: 14): "o manexo atinado dos refráns e dos ditos (colocacións, locucións e fórmulas) é o nivel máis elevado de dominio dunha lingua; é algo que está por riba do nivel C2; algo que só teñen ordinariamente os nativos; e nativos con moita aldea ou con moito mar".

Neste sentido, Tolchinsky (2014) establece tres maneiras de aproveita-lo uso de corpus no ensino: de forma indirecta, de forma directa e a través de corpus de aprendices[2]. O noso traballo englóbase nos dous primeiros usos pois, por un lado, no uso pedagóxico indirecto, dáselle importancia á aproximación léxica, isto é, ó ensino de colocacións,

[2] É o caso, por exemplo, de CORTEGAL, para o galego, ou de CAES, para o castelán.

expresións idiomáticas e as chamadas unidades prefabricadas, cuxo coñecemento é fundamental para o desenvolvemento de habilidades lingüísticas, tanto en L1 coma en L2, e polo outro, nun uso directo, "se propone que profesores y alumnos miren juntos los datos reales, los discutan e intercambien opiniones sobre ellos y traten de descubrir juntos las razones que subyacen a los usos detectados" (2014: 14).

Amosando como recuperar datos que conduzan logo á fase de investigación, a nosa achega persegue tamén incentiva-la elaboración de estudos sobre fraseoloxía en corpus galegos, escasos como demostra a consulta en BILEGA coa combinación do tema fraseoloxía (e calquera dos subapartados nos que este se clasifica) e maila palabra CORGA ou TILG como dato adicional.

Así pois, deseguido imos realizar tres actividades deseñadas especialmente para coñece-lo funcionamento da aplicación de consulta do *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) e mailas posibilidades de recuperación e extracción de información das que dispón o usuario. O obxectivo é coñece-las opcións que ofrece o sistema para a recuperación de información, especialmente orientada cara ás unidades fraseolóxicas, co fin de adquiri-las destrezas básicas precisas para logo poder realiza-los exercicios que propoñemos ou formular outros. Na segunda parte preséntanse dez exercicios nos que se vincula a consulta ó corpus, a fraseoloxía e en xeral a didáctica de diferentes aspectos lingüísticos, pois inda que a finalidade do corpus é fornecer datos para o estudo da lingua galega dende múltiples perspectivas, é evidente o seu potencial aproveitamento para a didáctica da lingua.

A modo de apéndice, incluímos unha táboa que esquematiza os exercicios propostos, indicando a modalidade de consulta que se emprega, o tipo de resultado, os aspectos computacionais que se tratan coa procura e mailos aspectos lingüísticos que se poden traballar. Engadimos, así mesmo, unha indicación sobre o nivel de dificultade que presenta a actividade, o cal establecemos en función do tipo de información que se precisa para realiza-la procura: consulta por formas ortográficas, dificultade baixa; consulta por lemas, dificultade media; e consulta por etiquetas, dificultade alta.

## 2. O CORGA

### 2.1. Características xerais e composición

O deseño e o desenvolvemento de recursos informáticos que axuden á incorporación da lingua galega ó mundo das novas tecnoloxías da información destaca como un dos obxectivos fundacionais do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. É neste contexto onde se debe situa-lo *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), accesible de balde e sen necesidade de rexistro previo no enderezo http://corpus.cirp.gal/corga; un corpus documental aberto, equilibrado e representativo que abrangue cronoloxicamente dende 1975 ata a actualidade e cuxo obxectivo é fornecer datos para o estudo da lingua galega actual dende múltiples perspectivas: léxica, morfolóxica, sintáctica, fraseolóxica, terminolóxica, comunicativa etc.

Na súa versión 3.1 de abril de 2019 o CORGA contén 40.178.271 palabras ortográficas (48.184.012 elementos gramaticais) pertencentes maioritariamente a distintos tipos de textos escritos representativos do galego actual —xornais, revistas, blogs, ensaios e textos de ficción (novelas, relatos curtos, obras de teatro e guións)—, mais tamén inclúe 25 horas de transcricións ortográficas de programas de radio dos 90 —informativo, tertulia, variedades ou programa cultural— nas que se aliña o texto coa voz; transcricións que paulatinamente se irán estendendo ós demais períodos cronolóxicos establecidos. Cómpre salientar, así mesmo, que o corpus, codificado na linguaxe estándar XML (*eXtensible Markup Language*), enriqueceuse coa lematización e etiquetaxe morfosintáctica automáticas dos textos que integra.

Respecto da súa composición, o CORGA distribúese como segue:

- 641 xornais que representan 12.181.778 palabras distribuídas en 41.122 noticias. Inclúe exemplares completos d'*A Nosa Terra, A Peneira, De Luns a Venres, Diario Oficial de Galicia, Galicia Hoxe, Novas do Eixo Atlántico, O Correo Galego, O Xornal de Galicia* e *Sermos Galiza*.
- 293 revistas que supoñen 5.514.372 palabras repartidas en 8502 noticias. Engloba números d'*A Voz de Vilalba, Cerna, Código Cero, Consumer Eroski, Disquecool, Díxitos, Entregas de Comunicación Cultural, Feiraco, Galicia Internacional, Gciencia, Luzes, Man Común, Petroglifo, SCQ Basket Magazine, Sprint motor, Teatro do Noroeste, Teima, Tempos Novos* e *Revista Galega de Economía.*
- 569 libros distribuídos en 2809 documentos que totalizan 21.447.180 palabras repartidas do seguinte xeito[3]:
    - 189 novelas que suman 9.671.594 palabras.
    - 161 ensaios que supoñen 7.832.692 palabras distribuídas en 7 libros de texto (511.898 palabras), 10 memorias (474.923 palabras), 52 artigos científicos (321.505 palabras) e 617 documentos de divulgación (6.524.366 formas).
    - 129 colecciónsde relatos que supoñen 2.829.955 formas ortográficas.
    - 91 obras de teatro que conforman un global de 1.312.261 palabras.
- 7 guións televisivos (*A vida por diante, As leis de Celavella, Matalobos, Padre Casares, Pazo de familia, Serramoura* e *Terra de Miranda*) e 1 incluído nunha colección de relatos (*A noite dos cans doentes)* que suman 78.082 palabras.
- 157 entradas constituídas por 65.864 palabras pertencentes ós blogs *Natureza Dixital*, *Se o vello Sinbad tivese fillos* e *Está en galego!*
- 25 horas de transcricións dos programas radiofónicos *Camiño de Volta, Crónica das dúas, Diario Cultural, Informativo, O miradoiro. Paco Feixó, Pensando en ti* e *Xamón Xamón.* En total supoñen 263.407 palabras.

[3] Ante a imposibilidade de relaciona-los títulos, remitimos á listaxe dos documentos recollidos na base de datos que fornece a aplicación de consulta no enderezo http://corpus.cirp.gal/corga/datos?subcorpus=etiquetado+automaticamente.

## 2.2. A aplicación de consulta do CORGA

Para facilita-la recuperación e extracción de datos do corpus deseñouse unha aplicación de consulta, dispoñible en http://corpus.cirp.gal/corga[4], que *grosso modo* permite buscar:

- Palabras ortográficas*: cancela, falar, disllo, nel, ao redor do...*
- Elementos gramaticais: *cancela, falar, dis* (incluíndo tódolos casos con pronomes enclíticos nos que entra *dis*: *dilo, disllo, dísnolo* etc.), *el* (incluíndo as contraccións *nel* e *del*), *ao redor de* (incluíndo os casos de *ao redor desta, ao redor duns, ao redor das* etc.).
- Lemas: *cancela* (inclúe os casos de *cancela* e *cancelas*), *falar* (tódalas formas do paradigma do verbo *falar*), *el* (tódolos casos do pronome de terceira, masculinos, femininos ou xenéricos, singulares ou plurais, e mailas concorrencias da forma arcaica do artigo determinado), *amigo* (inclúe *amigo, amiga, amigos, amigas, amiguiño, amiguiña, amiguiños, amiguiñas, amiguísima, amiguísimo, amiguísimos, amiguísimas, amig@, amig@s, amigo/a, amiga/o, amigos/as, amigas/os, amigo/amiga, amiga/amigo, amigos/amigas, amigxs*).
- Hiperlemas[5]: *ata* (agrupa os lemas *ata, até, ate, hasta* e *hastra*), *esixir* (agrupa os lemas *esixir* e mais *exixir*, polo que devolve tódalas ocorrencias con calquera das formas verbais de calquera deses dous lemas).
- Clases de palabras: *preposición,* por exemplo.
- Valores das subcategorías gramaticais aplicables en cada caso: *grao, xénero* e *número* no caso dos adxectivos, por exemplo.

A continuación imos desenvolver tres actividades iniciáticas que amosan o funcionamento do sistema de consultas do CORGA, co fin de exemplificar algunhas das opcións de recuperación

---

[4] As pestanas *Información, Guía* e *Frecuencias* conteñen diversa documentación de utilidade para o usuario. Da presente en *Información* destacámo-los criterios de selección dos documentos que se incorporan ó corpus, a listaxe de documentos que este contén, o historial de versións, os datos globais do corpus (número de versión, data desta e número de palabras ortográficas e mais elementos gramaticais que constitúen o corpus), as frecuencias en función dos criterios de clasificación (data, tipo de texto, medio, orixe, bloque, xénero, área temática e subtipo de documento), a listaxe de preguntas frecuentes, ou mesmo as publicacións que empregaron o CORGA. Pola súa banda, a pestana *Guía* acolle un manual de uso detallado do sistema de consultas e maila documentación de base do proxecto relativa á estruturación, codificación e anotación do corpus, en tanto que baixo a pestana *Frecuencias* ofrécense as listaxes de formas, elementos gramaticais, lemas, hiperlemas e etiquetas, desagregados segundo correspondan ó CORGA xeral ou ó subcorpus desambiguado manualmente que serviu para adestra-lo etiquetador automático.

[5] O hiperlema nace no noso sistema para agrupar lemas e minimizar así parte dos problemas que xorden pola alta variación ortográfica existente nos textos do CORGA que ten a súa orixe en tres factores: i) a tardía normativización (lémbrese que as primeiras normas oficiais para o galego datan de 1982 e que o corpus contén textos que abranguen dende o ano 1975 ata a actualidade); ii) a convivencia no mesmo territorio de dúas linguas, galego e castelán, o que orixina numerosas interferencias; e iii) a existencia de duplas opcións que posibilita a norma oficial, como poden se-los sufixos *-aría*, *-ería* ou *-ble* e *-bel*, *alcohol* e *alcol*, *osíxeno* e *oxíxeno* etc. Deste xeito, o hiperlema agrupa os lemas que presentan variación gráfica no mesmo sufixo (*cafetaría-cafetería*; *amable-amábel*), cambio de conxugación (*combater-combatir*, *discorrer-discurrir*), presenza de grupo culto (*dictar, construcción, rector*) ou supresión (*ditar, construción*) e mesmo vacilacións no vocalismo (*adobo-adubo*, *entroido-antroido*). Porén, o hiperlema non unifica sufixos diferentes (*alargo* e *alargamento*; *canadense* e *canadiano*), formas patrimoniais e formas pertencentes a outras linguas (*coxín de seguridade* vs. *airbag*; *xeonllo*, *xionllo* vs. *rodilla*) nin sinónimos sen relación de semellanza gráfica (*croucheira*, *nogueira*). Para máis información véxase Domínguez e López (2017).

que acabamos de enumerar e, asemade, capacita-lo usuario coas destrezas básicas que lle permitan logo levar a cabo os exercicios que se propoñen no apartado último. A primeira, a máis sinxela, persegue mostra-la información que pode obterse, para calquera consulta que se realice, mediante unha procura na modalidade de palabra ortográfica a través da recuperación do modismo *a fume de carozo*. A segunda, coa extracción das variantes que presentan a estrutura tipo do dito *falar os sete falares*, quere evidencia-la importancia dos datos de tipo gramatical para supera-las procuras baseadas en formas gráficas, e a terceira, por fin, contrapón contigüidade e proximidade mediante a consulta da frase verbal *ir/vir ó pelo*.

### 2.2.1. Actividade 1: a modalidade de procura por *palabras ortográficas*

O sistema de consultas, no que imos centrarnos deseguido e ó que se accede a través da pestana *Buscas,* ofrece o modelo de captación de datos que se observa na figura 1:




Figura 1. Pantalla inicial de captación de datos

Para recupera-las ocorrencias dunha unidade dada o usuario simplemente ten que se dirixir á caixiña de texto que amosa a figura 1 e cubrir alí coa expresión cuxo uso desexe consultar, ata un máximo de 5 palabras ou segmentos, pois por defecto a busca realízase na totalidade do corpus. Neste caso cubrimos con *a fume de carozo.*

En cuestión de segundos, modificando a opción *Tipo* do bloque *Resultado*, obtemos:

1) as concordancias con tódolos casos do idiotismo (figura 2) no formato KWIC (*Key Word in Context*):




Figura 2. Pantalla con algunhas das concordancias iniciais

Como vemos, indícase para cada concordancia, así mesmo, o ano e medio no que se localiza (se se sitúa o cursor enriba deste dato emerxe a cabeceira que contén a información bibliográfica completa: *título, autor, editorial* ou *url, ano, medio, orixe, bloque, xénero, subtipo* e *sección no texto*), e mailo número de ocorrencia que supón no total de resultados (premendo nel accédese a un pequeno contexto).

O sistema ofrece tamén a posibilidade de visualiza-las concordancias resultantes da procura precedidas da cabeceira correspondente (ítem *Cabeceira* do bloque *Resultado* da parte superior da pantalla), mais este é un formato visualmente pesado, polo que por defecto non se amosan e debe se-lo usuario quen o escolla.

2) os datos relativos á súa frecuencia simple: 78 casos nun total de algo máis de 39 millóns e medio de palabras, distribuídos en 52 documentos dos 52.650[6] que integran o corpus, o que supón unha frecuencia normalizada de 2/millón (figura 3):




Figura 3. Información sobre a frecuencia simple

3) as frecuencias completas segundo os distintos parámetros de clasificación do corpus (lustros, área temática, medio, orixe, bloque, xénero e subtipo de documento), ben visualizándoas mediante gráficas (o que proporciona unha idea rápida da súa distribución) ben mediante táboas (valores numéricos específicos de coincidencias e documentos sobre o total incorporado por cada un dos criterios, ademais da frecuencia normalizada). Por cuestións de espazo deseguido amosamos só a información relativa ó parámetro temporal (figuras 4 e 5):

| Lustro | | | |
|---|---|---|---|
| | Coincidencias | Documentos | Frec. norm. |
| 1975-1979 | 1 / 811.519 | 1 / 117 | 1/millón |
| 1980-1984 | 1 / 1.345.949 | 1 / 143 | 1/millón |
| 1985-1989 | 1 / 1.646.519 | 1 / 120 | 1/millón |
| 1990-1994 | 4 / 4.393.605 | 4 / 386 | 1/millón |
| 1995-1999 | 10 / 8.069.491 | 8 / 12.423 | 1/millón |
| 2000-2004 | 18 / 6.058.547 | 8 / 9.479 | 3/millón |
| 2005-2009 | 3 / 7.936.959 | 3 / 13.877 | 0/millón |
| 2010-2014 | 34 / 8.474.477 | 20 / 14.478 | 4/millón |
| 2015-2019 | 6 / 807.341 | 6 / 1.627 | 7/millón |

Figura 4. Frecuencias completas por lustro




Figura 5. Gráfica por lustro

[6] O alto número de documentos débese a que cada noticia dun xornal ou revista, cada entrada dun blog, cada relato curto dunha colección ou cada prólogo de autoría diferente á da obra xeral son considerados no sistema documentos distintos, pois cada un pode pertencer a un autor diferente, tratar temáticas variadas, ou en definitiva presentar características que os individualizan.

Aquí, se se contrasta a información que proporcionan as dúas figuras para o lustro 2005-2009, obsérvase que a gráfica amosa un baleiro, mentres que a táboa rexistra 3 casos en case 8 millóns de palabras distribuídos en 3 documentos dos case 14.000 que conforman ese período temporal, o que provoca que a frecuencia normalizada non chegue sequera a 1/millón e non estea representada na gráfica por lustros.

Agora ben, hai dous factores que non tivemos en conta na procura realizada e que están impedindo que contemos con datos exactos para analiza-lo modismo. Por un lado, está activada a sensibilidade a maiúsculas e acentos nos parámetros de captación de datos[7]. Trátase sen dúbida dunha funcionalidade moi útil para calquera corpus, e máis se cabe no caso que nos ocupa ante a enorme variación que presentan os textos e que evidencian o proceso de normativización do galego. Porén, está afectando a nosa procura impedindo que se recuperen os casos nos que o dito presenta a preposición con maiúscula por localizarse ó comezo de enunciado. Se deshabilitamos este parámetro, os resultados increméntanse ata os 83.

Polo outro lado, non tivemos en consideración que existe unha variante, non recollida por exemplo no DRAG, nin en Losada *et alii* (2016) nin tampouco no *Tesouro* do proxecto *Fraseoloxía galega* que se desenvolve no CIRP[8], en cuxa difusión cremos que inflúen dous feitos: un de cariz fónico e outro de tipo etnográfico. Trátase da variante *a lume de carozo* para a que o CORGA ofrece 11 casos en 10 documentos diferentes, pertencentes a 9 autores distintos, que abranguen cronoloxicamente dende o ano 2000 ata o 2015, e cuxa primeira documentación se rexistra no ano 2000[9]. En primeiro lugar, a semellanza formal entre *fume* e *lume*, para as que cambia só a consoante inicial, provoca a confusión no modismo e, en segundo lugar, poderían contribuír a diluí-la diferenza varios cambios culturais e sociais: i) a despoboación do rural; ii) a perda do contacto directo cos elementos que orixinan o dito: xa non se ven carozos nin se observa, en consecuencia, cando se botan ó lume, como estes emiten un brevísimo fume e inmediatamente prende neles o lume despedindo unha calor rápida, o que leva a construí-la imaxe da rapidez; iii) cambios apreciables nas tarefas agrícolas: cada vez máis o millo ensílase, proceso no que se tritura toda a planta e non se separa a espiga da palla, e cada vez menos consérvase en espiga, co que si se obterían carozos tras debullalo; e iv) modificacións nos hábitos domésticos xa que, fóra casos moi esporádicos, non se cociña con lume senón con gas ou electricidade, e a fonte de calor na época do frío non é a lareira senón os variados tipos de calefacción.

Pois ben, independentemente das causas que poidan orixina-la segunda variante, é posible recupera-las ocorrencias de ambas, ó tempo, se no lugar do carácter consonántico discrepante utilizámo-lo signo de peche de interrogación ( ? ), dado que '?' actúa como comodín que substitúe un carácter, de xeito que permite que na posición que ocupa apareza calquera letra ou cifra. Se só quixésemos recuperar *fume* e *lume* non valería

[7] Naturalmente, a distinción entre formas con acentos ortográficos e sen eles non é relevante nesta busca, mais si o sería para contrasta-lo emprego de, poñamos por caso, *elite* e *élite.*

[8] https://www.cirp.es/w3/proxectos/proxecto-fraseoloxia-galega.html

[9] O *Tesouso Informatizado da Lingua Galega* (TILG) recolle 3 ocorrencias que anticipan o rexistro deste dito en corpus do galego ó ano 1998 (2 casos) e 1999 (1 caso).

cubrir con *?ume*, posto que obteriamos tamén os casos de *cume*, *Eume, gume, Hume* e *zume,* ou sexa, o que se coñece como *ruído*: resultados que cumpren co criterio de busca pero non responden ó que o usuario desexa localizar. A restrición dos parámetros de consulta e, sobre todo, a fixación da expresión que se procure diminuirá ou anulará o ruído, como ocorre con *a ?ume de carozo*, xa que as palabras contiguas restrinxen a *fume* e *lume* as posibilidades de aparición do substantivo inicial.

### 2.2.2. Actividade 2: a modalidade de procura por *elementos gramaticais*

Malia a axuda que nos poden prestar comodíns e operadores booleanos para realiza-las buscas, a modalidade por palabra ortográfica ofrece serias limitacións por canto non pode subtraerse dunha forma gráfica e devén pouco práctica cando na información que se pretende obter existe variación, flexión e irregularidade. Pois ben, para supera-las limitacións que impoñen as consultas fundamentadas en formas ortográficas concretas creouse a modalidade de consulta por *elementos gramaticais*, a cal, grazas á etiquetaxe morfosintáctica do corpus, facilita dar un salto cualitativo na recuperación de información ó permitir introducir nos parámetros de consulta información de carácter gramatical. Así, a segunda das actividades de demostración, moito máis complexa, persegue exemplificar a potencialidade do sistema desenvolvido, especialmente útil para a obtención de datos de tipo fraseolóxico[10], cando prescindimos dun xeito parcial ou total das formas e recorremos só a información de carácter gramatical. Para iso imos recuperar a través da modalidade de elementos gramaticais os fraseoloxismos do tipo *falar os sete falares* que indican que a acción se realiza en cantidade grande.

Tanto o DRAG coma Losada *et alii* (2016) recollen *falar os sete falares* e mais *chorar os sete chorares,* non obstante, aquí o obxectivo é comprobar se o CORGA enriquece estes resultados con outras variantes. Para iso imos prescindir das formas gráficas, ou sexa da expresión, e reducir o dito a etiquetas. Imponse, polo tanto, a selección da modalidade *Elementos gramaticais* no formulario de consulta, o que implica a inmediata aparición, como amosa máis abaixo a figura 6, das 4 caixiñas que dan conta da información gramatical que se asocia a cada unidade do corpus: *elemento gramatical, etiqueta, lema/ hiperlema* e *unidade*.

Antes de avanzarmos cómpre ter presentes dous feitos: 1) o CORGA está etiquetado morfoloxicamente dun xeito automático (Domínguez 2013), polo que pode presentar erros, factor co que se debe contar á hora de formula-las buscas por etiqueta; e 2) o etiquetario[11] definiuse tendo en conta as recomendacións de EAGLES (1996), o camiño percorrido xa na etiquetaxe de corpus en linguas coma o portugués, o catalán ou o

[10] Non hai máis ca pensar no que supón poder reduci-los paralelismos, repeticións ou estruturas bimembres, característicos de numerosas unidades fraseolóxicas, a padróns estruturais abstractos, sen concreción de forma gráfica que limite as procuras.

[11] O tagset ofrécese en dúas vertentes: i) a modo de esquema, en http://corpus.cirp.gal/xiada/etiquetario/taboa, nunha táboa que recolle as clases de palabras, os atributos e os valores que xulgamos pertinentes para cada unha delas, xunto cun número que indica a posición que o valor ocupa na cadea resultante; e ii) mediante a exemplificación, accesible en http://corpus.cirp.gal/xiada/etiquetario/exemplos, de cada unha das etiquetas, agrupadas por clase de palabra.

castelán e, principalmente, fundamentándonos nos estudos gramaticais dispoñibles para o galego. En total, trala adaptación para dar cabida ás grafías innovadoras que promoven unha linguaxe non sexista[12] (Domínguez e Barcala 2018), o tamaño do tagset sitúase en 453 etiquetas diferentes, resultado de combina-las 18 clases de palabras recoñecidas cos valores dos subtipos e categorías gramaticais pertinentes en cada unha delas: substantivo (18), adxectivo (25), verbo (77), preposición (1), conxunción (2), adverbio (4), artigo (12), demostrativo (13), relativo (15), posesivo (80), indefinido (22), numeral (25), pronome (96), interrogativo-exclamativo (18), locución (4), interxección (1), sinal de puntuación (20) e 20 para a categoría periférica (distínguese aquí a través do subtipo entre abreviatura, sigla, fórmula, símbolo e outros tipos).

Dito isto, premendo no + que está xusto enriba de *Buscar* procedemos a crear 4 liñas de análise, unha por elemento dos que consta o dito *falar os sete falares*, e logo pensamos en como reducir este á súa estrutura morfolóxica. Cómpre, por un lado, deixar aberta a opción de que apareza calquera verbo para indica-la acción, polo que non podemos facer uso da información que nos proporciona o lema (no caso dos verbos a forma en infinitivo); por outro, hai que ter tamén presente que o verbo non ten por que aparecer en infinitivo, pode aparecer unha forma conxugada, o que provoca que non poidamos introducir unha etiqueta completa, mais si podemos quedar co trazo que é común a tódolos casos: trátase dun verbo, polo que no campo *Etiqueta* introducímo-la etiqueta correspondente: *V**[13]. A continuación, na liña seguinte, completamos coa etiqueta do artigo determinado masculino plural, e logo na fila correspondente á análise do elemento 3 introducimos na caixa do elemento *sete*[14]. Por último, na caixiña do elemento 4, botando man do asterisco ( * ), comodín que substitúe un, ningún ou varios caracteres, e do operador booleano NON, representado na ferramenta de consulta polo signo de peche de admiración ( ! ), escribimos **res!mares*, co que estamos pedindo que ese cuarto elemento remate en *-res* mais que se exceptúen dos resultados os casos nos que ese elemento sexa *mares* (en previsión do ruído que introducirían as probables aparicións de *navegar/percorrer/sucar os sete mares*). En definitiva, a procura descrita formalizaríase como amosa a figura 6:

[12] Deste xeito pretendemos afrontar un problema de etiquetaxe que afecta arredor de 2500 formas e propoñemos unha solución para recoñecelas automaticamente e facilita-la súa recuperación.

[13] Deseñouse un menú amigable que guía o usuario nas alternativas dispoñibles, primeiro segundo a clase de palabra e, logo, segundo os trazos subcategoriais posibles en función das eleccións previas. Así mesmo, na observación dos resultados, xa for nas concordancias xa for no contexto destas, sempre que estea explícita unha etiqueta, a ferramenta desenvólvea con só situar enriba o punteiro do rato, proporcionando a caracterización morfosintáctica da unidade en cuestión nunha lingua comprensible para calquera usuario. Esta dobre actuación, menú despregable para formula-las consultas e cadro de texto emerxente co desenvolvemento da etiqueta nas concordancias ou na análise completa da secuencia visible dende o contexto, permite que un usuario non familiarizado co sistema de etiquetaxe aplicado poida realizar consultas a través da modalidade *elementos gramaticais* e comprender facilmente os resultados.

[14] A procura coa etiqueta relativa a numeral cardinal, por se puidese aparecer un numeral distinto de *sete*, incrementa os casos ata os 222, mais entre eles non se rexistra ningunha variante do noso dito cun numeral diferente, polo que na actividade directamente restrinximos a consulta a este.

Figura 6. Pantalla de captación de datos gramaticais para o dito tipo *falar os sete falares*

A aplicación devólvenos 17[15] resultados nos que aparecen, como pode observarse na figura 7, os verbos *beber* (*bebendo os sete beberes*), *chorar* (*choraba/chorando/chorar/chorei/chorou os sete chorares*) *durmir* (*durmiu os sete durmires*), *falar* (*falar/falou os sete falares*), *porfiar* (*porfiou os sete porfiares*) e *pregar* (*pregou os sete pregares*).




Figura 7. Pantalla de resultados para o dito tipo *falar os sete falares*

[15] Cómpre descartar *son os sete investigadores* por ser ruído e *berras os sete matares* por esixir un estudo máis a fondo. Pola súa banda, o TILG ofrece exemplos con *aguantar* (1), *cavilar* (2), *chorar* (10), *falar* (3), *maquinar* (2), *ponderar* (1), *porfiar* (3), *querer* (1), *revolver* (1), *saber* (1) e *xogar* (1), o que incide na fortaleza do padrón e na variabilidade do verbo base.

Antes de dar por finalizada esta actividade é preciso salientar dous aspectos que se desprenden dos resultados anteriores: i) nas buscas con información gramatical tódalas contraccións e conglomerados de forma verbal con pronome enclítico ou segunda forma do artigo desagréganse nos seus elementos constituíntes (por exemplo *en a* na concordancia 1 e *somerxín me* na 11); e ii) as marcas de codificación que aplicamos para sinalar fenómenos que entendemos son relevantes dende o punto de vista lingüístico[16], por exemplo o texto que forma parte dun poema ou aparece nunha táboa, un segmento que está escrito nunha lingua distinta do galego, unha palabra cortada etc., reflíctense nos resultados amosando as palabras afectadas pola marca en cuestión sobre fondo amarelo. Ó pasa-lo cursor sobre algún destes elementos actívanse indicacións aclaratorias sobre a marca en cuestión (*verso,* para a concordancia número 4).

### 2.2.3. Actividade 3: a modalidade de procura por *elementos gramaticais próximos*

A pesar de que as posibilidades de recuperación se incrementan exponencialmente ó poder empregar información de carácter gramatical, a modalidade de procura exemplificada na Actividade 2 caracterízase por requiri-la contigüidade dos elementos implicados, é dicir, estes deben ser sucesivos. Pois ben, para supera-lo atranco que implica a linearidade nas consultas, sexan estas por palabras ortográficas sexan por elementos gramaticais, no sistema de consultas do CORGA habilitouse a modalidade por proximidade. É por isto que, como terceira e última actividade para amosa-las utilidades da ferramenta que serve para extraer datos do CORGA, propoñemos agora recuperar tódolos casos das frases verbais *ir* ou *vir ó/ao pelo* a través da modalidade de procura por elementos gramaticais próximos, para o que debe seleccionarse esa alternativa na sección *Tipo* do bloque *Busca*.

Os datos lingüísticos que cómpre ter en conta para levar a cabo a consulta son: i) o verbo que pode aparecer é tanto *ir* coma *vir,* ambos sumamente irregulares; ii) a forma verbal pode mudar de tempo e persoa; iii) o pronome átono pode estar enclítico, proclítico ou mesmo non aparecer; iv) en caso de aparecer, o pronome átono pode variar e v) a contracción pode grafarse *ó* ou *ao*.

A consulta por *elementos gramaticais* non dá solución ó problema que se formula en iii) e iv): a posible aparición dun pronome en énclise ou en próclise, dado que a linearidade esixe a presenza do elemento que se indica. Para solucionar esa pexa establécense as consultas por proximidade, tanto na modalidade de palabras ortográficas (dúas palabras ou dous segmentos destas) coma de elementos gramaticais (dous lemas, dous hiperlemas, dúas etiquetas, dous elementos gramaticais ou calquera combinación destes), nas que o elemento 1 (e aquí elemento é calquera das opcións que acabamos de mencionar) está con respecto ó elemento 2 á distancia que especifique o usuario (un valor entre 1 e 10, exacto ou inferior ó indicado). A figura 8 amosa o modelo de captación de datos desta modalidade e mailos termos nos que formulamos a consulta para a recuperación dos fraseoloxismos mencionados:

[16] A relación está dispoñible para a súa consulta no enderezo http://corpus.cirp.gal/corga/etiquetas_codificacion, xunto cunha pequena descrición de cada unha e mais un exemplo de uso.

Figura 8. Consulta gramatical por proximidade para a expresión *ir/vir ó/ao pelo*

Esta alternativa permite que se interpolen unidades entre os dous elementos introducidos, co que procurámo-las ocorrencias dos lemas *ir|vir* no elemento 1 que concorran co elemento gramatical *pelo* no elemento 2 a unha distancia máxima de 5 ou menos elementos. Na caixa do lema recorremos ó operador booleano equivalente a OU, a barra vertical ( | ), de xeito que imos obter tanto os casos correspondentes ó verbo *ir* como a *vir*. Por último, cubrimos con *pelo* na caixa do elemento, dado que neste sentido figurado sempre se emprega en singular.

Entre outras, recuperámo-las seguintes concorrencias: *_Non, de veras que eses calificativos* che van ó pelo. / *_A roupa* vénche ó pelo*, que andas feito un zalapastro_ terciou o Nacho_*. / *"A Mariano Rajoy e os seus secuaces do Partido Popular* vénlles ao pelo *a crise económica. / A canción* viña ó pelo *para explicarlle a Álvaro un xentilicio que tiña algo confuso. / E digo aguilloadas porque alí falouse moito de touros e* vénme moi ó pelo. */ E a expedición organizada polos xornalistas de Verín* viñéralle ó pelo *para as súas intencións.* En contrapartida, recupéranse tamén resultados que non corresponden ó que queriamos obter, inda que si cumpren cos criterios da busca, como son: *Tiña razón, pero como ía saber eu isto e ademais onde* ía deixa-lo pelo. / Vaiche caer o pelo*, rapaz, ata o da barba. / Aínda agora aborrezo* ir cortar o pelo*, co pouco que me queda.* Agora ben, como xa advertimos, canto maior sexa a fixación da estrutura que se persegue, menos ruído se introducirá nos resultados.

## 3. Propostas para levar á aula

Deseguido propoñemos dez exercicios[17], relacionados con unidades fraseolóxicas ou con estruturas galegas típicas, que serven tanto para que os alumnos[18] adquiran as destrezas precisas para consultar un corpus, como para que os docentes reparen na utilidade dos recursos electrónicos como fonte para a preparación e apoio das súas aulas, e mesmo adquiran eles as destrezas necesarias para a explotación deses recursos. Estas propostas sitúanse no marco educativo da LOMCE[19], o cal fomenta a interdisciplinariedade e mailo emprego das TIC, e evidencian a utilidade dos corpus para facilita-la ardua tarefa de creación de materiais orixinais adaptados ás necesidades específicas de cada grupo de alumnos.

Cada exercicio inclúe indicacións para axudar a realizalo e información que debe terse en conta á hora de formula-la consulta. Por último, ofrécense pequenos comentarios sobre os aspectos lingüísticos a tratar que suxiren as buscas, mais só están esbozados, non desenvoltos na súa totalidade. O docente deberá adapta-la explicación lingüística de cada aspecto suxerido ó nivel do curso no que aplique as actividades propostas, e tamén, loxicamente, pode adapta-las actividades en función das necesidades do alumnado. Nós suxerímo-lo Bacharelato porque o traballo con unidades fraseolóxicas corresponde ó nivel máis elevado de dominio dunha lingua.

Por último, a selección das unidades fraseolóxicas non responde a un criterio único, senón que combina a necesidade de ser variadas, requirir modalidades de busca e tipo de resultados diverxentes, ofrecer distintos niveis de dificultade e amosar riqueza lingüística nos datos recuperados. Velaquí as veñen.

EXERCICIO 1

1. Localiza no corpus os casos da locución *ser uña e carne*
2. Temporalmente, os resultados establecen algunha diferenza en canto ó uso das variantes?

Pista:

- Utiliza a consulta por palabra ortográfica.
- Lembra que existe a variante *unlla.*

Para comezar propoñemos algo sinxelo: trátase de localizar no corpus as concorrencias da locución verbal *ser uña e carne* empregando a consulta por palabra ortográfica e tendo en conta que existe unha variante de *uña* que é *unlla.*

---

[17] O corpus ofrece a posibilidade de realizar infinidade de actividades posibles, como busca-lo sufixo -*eiro* e clasifica-las formas segundo indiquen lugar ou oficio, investiga-lo uso dos dous alomorfos do artigo, buscar un neoloxismo e indagar se se mantén coa grafía estranxeira ou se adapta á nosa lingua (*tablet/tableta*, *spoiler/espoiler/destripacontos*...), extrae-las características da lingua oral (repeticións, vacilacións, palabras cortadas, secuencias inacabadas etc.), confrontándoas logo coa elaboración do rexistro escrito etc.

[18] Os exercicios están especialmente orientados cara á aula, mais se se prescinde dos conceptos recollidos na última columna da táboa final, son igualmente válidos para que calquera usuario potencial adquira as habilidades necesarias para extraer información fraseolóxica do CORGA.

[19] Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (https://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf).

Dado que esta expresión pode darse sen estar precedida do verbo *ser* ou este pode aparecer en distintos tempos (*eran, son, foron...*), para non restrinxírmo-la recuperación dos resultados debe cubrirse no campo *Texto* co segmento *u*a e carne,* no cal o asterisco, dado que substitúe un, varios ou ningún carácter, facilita que se extraian os casos tanto de *uña* coma de *unlla*.

Observando os resultados, nunha análise rápida poderíase chegar á conclusión de que existe unha relación entre o uso de cada variante e o período cronolóxico no que se documenta, pois os datos amosan o predominio ata 1994 de *unlla* (5 casos), mentres que na primeira década do século XXI xa só se rexistra *uña* (3 casos). Naturalmente, para confirmar tal aseveración habería que estudar tódolos usos das dúas variantes, e non cinguirse só á locución verbal *ser uña e carne.*

EXERCICIO 2

Empregando a información que proporciona o sistema de consultas, ou sexa, buscando no corpus e non acudindo á pestana *Frecuencias*, indíquese:

1. Cal é a frecuencia normalizada da locución prepositiva *por mor de*?
2. Documéntase en tódolos lustros representados no CORGA?
3. Hai algún caso cuxa orixe sexa oral?
4. Sen facer unha nova busca, cales son esas ocorrencias do oral?

Pista:

- Emprega as opcións do tipo *Frecuencia* dispoñibles para *Resultados.*

Para responder estas cuestións debemos seleccionar primeiramente a modalidade de *elementos gramaticais* e deseguido cubrir na caixiña do elemento gramatical con *por mor de.* Logo, en *Resultado* cómpre selecciona-la alternativa *Frecuencia simple*, pois aquí as concordancias non interesan, senón que o dato que se procura é o da frecuencia normalizada, ou sexa, o dato que nos permite ter unha visión xeral do peso estatístico dun elemento e que, dadas as baixas frecuencias dos elementos lingüísticos, adoita expresarse en porcentaxes por millón, que resulta ser neste caso de 43/millón.

Tamén se podería emprega-la consulta por palabra ortográfica, mais habería que ter en conta que a preposición da coda entra en numerosas contraccións, o que obriga a emprega-lo asterisco despois do *d* para cubri-las posibles combinacións: *por mor d**. Nesta modalidade a frecuencia normalizada ofrece un resultado de 50/millón. A diferenza entre as dúas cifras estriba en que nun caso o cómputo realízase sobre 48 millóns e pico, os elementos gramaticais, e no outro sobre algo máis de 39 millóns, as palabras ortográficas susceptibles de ser recuperadas[20].

Por outra banda e malia ser unha locución segura, isto é, unha unidade multipalabra que non presenta ambigüidade á hora de identificala, pois se aparece o segmento *por*

[20] Inda que a versión 3.1 do corpus consta de 40,2 millóns de formas ortográficas, para as frecuencias non se contabilizan unhas 600.000 palabras sobre as que non é posible facer buscas, ou sexa, aquelas que están caracterizadas como pertencentes a outras linguas ou as que aparecen en notas bibliográficas, de aí a cifra de 39 millóns.

*mor de* estamos sempre ante unha locución preposicional, os resultados poden variar lixeiramente en función da modalidade de consulta que empreguemos na procura. Así, por palabra ortográfica, se non está deshabilitada a distinción entre maiúsculas e minúsculas, recupéranse menos casos ca por elementos gramaticais, dado que na versión etiquetada calquera maiúscula a inicio de secuencia que non corresponda a un nome propio ou unha sigla transfórmase en minúscula no elemento gramatical, non así na unidade[21]. É dicir, as secuencias que comecen con *Por mor de* só serán contabilizadas se a consulta se realiza por elementos gramaticais ou se na modalidade de palabras ortográficas se anula a sensibilidade a maiúsculas e minúsculas.

Para responde-la segunda pregunta que formulamos neste exercicio hai que cambia-la opción de *Frecuencia simple* pola de *Frecuencia completa,* e nas táboas que se nos ofrecen observa-las frecuencias por lustros e procedencia dos textos, co que obtémo-los outros dous datos que pediamos: si, rexístrase en tódolos lustros e hai dous casos no oral. Aquí debe facerse fincapé no diferente peso desta locución prepositiva no rexistro escrito (43/millón) fronte ó rexistro oral (7/millón).

Para a última das preguntas o lector non conta coa axuda de nada que viramos na demostración realizada ata o de agora, só coa súa intuición ou o coñecemento previo do emprego do corpus. Porén, chegar ás ocorrencias do oral desde a pantalla de frecuencias completas é sinxelo, posto que concordancias e frecuencias están interconectadas. Así, se prememos no 2 de *Oral* que aparece destacado na información das frecuencias para o parámetro *Orixe*, visualizámo-las dúas ocorrencias[22], unha emitida por Carlos Blanco nun *Diario Cultural* (1) e a outra pronunciada nun informativo (2), ámbalas dúas pertencentes a un rexistro culto e formal:

(1) Carlos Blanco: esta semana <pausa/> de novo <pausa/> con nós <pausa/> Emma Couceiro *por mor de* os festivos habidos a semana anterior [CORGA: Diario Cultural. 30/12/1996]

(2) Xosé Lois Rúa: o chamamento a a doación <pausa/> a a doazón de sangue <pausa/> fai se máis importante en o verán <pausa/> cando descenden os voluntarios e sen embargo incrementan se as necesidades <pausa/> *por mor de* os accidentes [CORGA: Informativo 14:00. 28/07/1997]

## EXERCICIO 3

1. Que variantes se documentan no CORGA para a intensificación do fastidio coa expresión *estar ata* tipificada por *estar ata as orellas*?

[21] A diferenciación entre elemento gramatical (*por mor de*) e a unidade (*por mor dunha* ou *Por mor desta*) resulta de suma utilidade, por exemplo, para discriminar automaticamente nos usos dun marcador discursivo entre a posición inicial de secuencia e unha interior. O sistema ofrece tamén a alternativa de emprega-la consulta por palabras ortográficas e a sensibilidade a maiúsculas e minúsculas, mais esta posúe menos precisión por canto se depende da grafía da forma para a súa identificación: se se busca *por mor de* só recuperará eses casos e non os de *por mor da, por mor dunha, por mor destes* etc.

[22] Repárese en que nas buscas por elementos gramaticais as concordancias resultantes ofrécenno-las contraccións e amálgamas de formas verbais con enclíticos desagregados nos seus elementos constituíntes: *por mor de os, a a, fai se, en o, incrementan se*. Para ve-lo texto en grafía convencional debe acudirse ó contexto.

2. Pódense distinguir entre os resultados variantes situacionais?

3. Que substantivos se sitúan na coda? Pódense relacionar con algún campo semántico concreto?

Pista:

- Combina a información de lema, elemento gramatical e clases de palabra e subtipos, respectivamente.

Empregaremos novamente a consulta por elementos gramaticais, pero agora serán 4 sucesivos, que cubriremos como segue:

Liña do elemento 1: lema *estar*

Liña do elemento 2: hiperlema */ata*

Liña do elemento 3: etiqueta Dd*

Liña do elemento 4: etiqueta Sc*

Con esta busca imos recuperar tódolos casos da expresión, independentemente do tempo e persoa no que apareza a forma verbal (*estou, estaba, están, estás, estar*), sen importar se a variante para a preposición é *ata, até* ou mesmo outra variante non normativa como *hasta, hastra* e *ate,* dado que se agrupan todas elas baixo o hiperlema *ata*, e por último, como mostra máxima da abstracción da consulta, a busca pola clase de palabra e o subtipo, artigo determinado primeiro e substantivo común despois, o que nos devolve tódolos casos que se acubillan baixo o padrón estrutural representado por *estar ata as orellas*. Extractámolos deseguido ordenados polo substantivo coa indicación entre parénteses do número de ocorrencias que hai para cada caso reducindo as posibles variantes á súa estrutura base:

> *estar ata o carallo* (1) | *estar ata a cintura* (1) | *estar ata o cocote* (1) | *estar ata os collóns* (6) | *estar ata o cu* (2) | *estar ata o curuto* (1) | *estar ata os fociños* (1) | *estar ata o gorro* (1) | *estar ata o moco* (1) | *estar ata o nabo* (2) | *estar ata as narices* (1) | *estar ata os ollos* (1) | *estar ata as orellas* (1) | *estar ata as pelotas* (1) | *estar ata a punta do paraugas* (1) | *estar ata os troles* (1)

Os resultados desta consulta constatan a riqueza léxica que posúe o galego con esta significación, posto que son numerosas as variantes que nos devolven os textos. Mais esta consulta non só pode servir para traballa-la sinonimia e o campo semántico (partes do corpo, por exemplo) senón tamén para ilustra-los distintos rexistros ou variedades situacionais, dado que fronte á sutileza demostrada en *estar ata a punta do paraugas*, podemos opoñe-la ordinariez de *estar ata os collóns* ou *ata o cu* e os vulgarismos *estar ata o carallo, ata as pelotas* ou *ata o nabo*, pasando polas zonas corporais que indican localización superior: *estar ata as orellas, ata os ollos, ata os fociños*, *estar ata o cocote*, *estar ata o curuto*; outras nas que se empregan eufemismos: *estar ata o nabo; estar ata as pelotas, estar ata os troles*; ou substantivos que, sen ser partes do corpo, empréganse na parte alta da cabeza: *estar ata o gorro.*

Así mesmo, o emprego do artigo feminino con *narices* permite abordar aspectos sociolingüísticos como son o contacto de linguas ou os distintos tipos de interferencias

que este orixina, e pode aproveitarse ademais como pretexto para suscitar un debate no que se contrapoña norma e uso.

EXERCICIO 4

1. Comproba a vitalidade da estrutura focalizada tradicional galega tipo *Aí a está, aí os veñen* etc.
2. Que problema supón para a sintaxe *aí os veñen*?
3. Sen realizar unha nova busca, amosa unha concordancia que se documente nun guión.

Pista:

- Combina respectivamente elementos gramaticais (*aí, alí, aquí*...) con etiqueta de terceira acusativo e lemas (*andar, estar, ir, vir*).
- Fai uso do operador booleano ( | ), equivalente a OU.

Neste exercicio propoñemos comproba-la vitalidade dunha estrutura que non podemos considerar fraseolóxica mais si tipicamente galega. É este ademais un caso problemático para a sintaxe pois nel atopamos pronomes de acusativo con verbos intransitivos. Trátase da aparición de pronomes de acusativo con verbos intransitivos en estruturas focalizadas con adverbios de lugar, tipo *aí a vén.*

Para extrae-los casos, introducimos na caixiña do lema ou do elemento gramatical do primeiro elemento os adverbios *aquí*|*aí*|*alí*|*velaí*|*velaquí*|*alá*|*acolá*[23] botando man do carácter que converte a busca en expresión regular, a barra vertical ( | ) que equivale a un OU, de xeito que poida aparecer calquera deles. No segundo elemento recorremos ó menú de introdución de etiquetas e seleccionámo-los trazos correspondentes a pronome acusativo de terceira. Por último, na terceira liña introducimos no lema os verbos *andar*|*estar*|*ir*|*vir*| e prememos en *Buscar.* O sistema devólvenos 111 concorrencias, en singular e plural, co verbo en presente, pero tamén en pasado, o cal nos indica que se trata dunha construción relativamente usual no corpus.

Para ve-la súa vitalidade imos acudir nesta ocasión ás gráficas, para o que optamos no bloque *Resultados* pola alternativa *Frecuencias completas* e logo seleccionamos *Gráficas,* onde cunha simple ollada constatamos que esa construción se usa ó longo de tódolos períodos, que a partir do lustro 90-94 aumenta o número de ocorrencias, e que estas se dan na escrita, mais non esquezamos que polo momento a parte oral non está representada en tódolos lustros. Se poñemos o cursor enriba dunha das columnas ou dun cacho da torta aparece o número de ocorrencias e a porcentaxe que representa sobre o total, pero podemos ir máis alá e ve-los exemplos concretos que se localizan nun dos parámetros: por exemplo, as dúas concordancias presentes no medio audiovisual pertencentes a un guión da serie *Padre Casares*.

(3) Moncha: *Aí o vén.*
(4) Miñato: Quietos todos... *aí os están.*

Porén, podemos ir máis alá e incluso ve-lo contexto e maila análise completa da secuencia seleccionada:

[23] E todos aqueles que creamos poden concorrer nesta construción.




Figura 9. Mostra do contexto e análise correspondente a unha concordancia

EXERCICIO 5

1. Identifica as estruturas principais que se poden dar con *poñer/pór verde.*
2. Cales corresponden a usos literais e cales a usos figurados?

Pista:

- Emprega a consulta por elementos gramaticais próximos.

Propoñemos agora un exercicio para practica-la modalidade de consulta por elementos gramaticais próximos cuxo obxectivo é identifica-las diferentes estruturas que podemos atopar coa combinación de *poñer/pór* e mais *verde*, que nos servirán así mesmo para distinguir entre uso literal e uso figurado. Cómpre emprega-la busca por proximidade porque a estrutura non é lineal, xa que entre o verbo e o adxectivo caben diversos elementos, entre eles pronomes enclíticos, co que a consulta por elementos gramaticais sucesivos sería moi restritiva e non amosaría as distintas combinacións que poden darse.

Así, no elemento 1 cubriremos co lema *poñer|pór* ou co hiperlema /*poñer,* e no elemento 2 co lema *verde*; a distancia escollida será de ≤ 5.

As estruturas que se rexistran no corpus resúmense nas seguintes:

(a) poñer algo de cor verde [unha prenda/un obxecto]
(b) poñerse verde ~ poñerse en verde [o semáforo]
(c) poñer verde a alguén (criticar)

EXERCICIO 6

1. Localiza as variantes de expresión tipificadas por *onde comen dous comen tres*.
2. Que verbos se empregan?
3. Predomina algún numeral?

Pistas:

- Emprega a consulta por elementos gramaticais sucesivos.
- Ten en conta o paralelismo verbal e a posible variación do numeral.

Propoñemos localizar aquí tódolos casos da coñecidísima *onde comen dous comen tres,* para o que debemos ter en conta que pode varia-lo verbo empregado e mailo numeral. A consulta por elementos gramaticais sucesivos novamente volve na nosa axuda. Nela

imos aproveita-lo paralelismo verbal presente nas dúas partes e maila etiqueta de numeral cardinal para cubrir como segue:

Liña do elemento 1: elemento *onde*

Liña do elemento 2: etiqueta *V**[24]

Liña do elemento 3: etiqueta *Nc**

Liña do elemento 4: etiqueta *V**

Liña do elemento 5: etiqueta *Nc**

Unha vez máis, a fraseoloxía e o corpus sorpréndennos, pois a aplicación devólvenos seis casos que ilustran esta unidade fraseolóxica, mais cada un dos resultados ciméntase sobre un verbo diferente e un numeral distinto: *caber, coller, comer, durmir, malcomer* e *sachar*. Recollémolos deseguido:

(5) Roi: *Onde caben seis caben sesenta*, un cero a maiores... [CORGA: Xosé Luís Martínez Pereiro, *Carne de estatua*, Bahía Edicións, 2001]

(6) Pero o concello parece compartir os principios fundamentais da malfadada tradición constructora viguesa, esa que di que *onde collen catro collen oito*, meténdolle un pouco máis por aquí e outro pouco por alá. [CORGA: Damián Villalaín, *Tempos Novos / TN1998-01/26*, Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, 1998]

(7) Gurgullo: Xa sabes aquilo de que *onde comen tres comen catro*. [CORGA: Agustín Magán, *Farsa Plautina. Sobre textos de Tito Maccio Plauto*, Sotelo Blanco, 1993]

(8) _Fai caso, nena; *onde dormen dez dormen quince ou vinte*; anda, ven e trainos. [CORGA: Xosé Vázquez Pintor, *A memoria do boi*, Edicións Xerais de Galicia, 2001]

(9) Os albaneses, pobres de solemnidade, acollen sen fanfarra centos de miles de refuxiados nas súas casas: *onde malcomían catro malcomen oito*, pero malcomen todos. [CORGA: Carlos Mella, *O Correo Galego / CG1999-06-01/6*, Editorial Compostela, 1999]

(10) E asemade as vosas mercedes, Don Bernaldino, Don Xaquín e vós, Sancho, que *onde sachan dous sachan cinco* e os meus serventes axudarán e malo será que non deamos cunha mina ou dúas para xantarmos uns centos desas deliciosas ostras montesas. [CORGA: Lalo Vázquez Xil, *A da alba sería*, Edicións do Cumio, 1996]

EXERCICIO 7

1. Relaciona as seguintes frases verbais co significado axeitado e documenta o seu uso no galego actual mediante un exemplo extraído do CORGA.

*a) Disuadir, emborracharse levemente, marearse, coller xuízo*

[24] Se introduciramos unicamente os lemas *comer, caber* e *coller* estariamos impedindo a aparición doutros verbos.

*b) Subir á cabeza, leva-la cabeza, quitar da cabeza, senta-la cabeza*

Pista:

- Emprega nas consultas a modalidade por elementos gramaticais próximos.
- Basea as buscas nos lemas dos modismos.

Aquí trataríase de que primeiramente o alumnado relacionase *disuadir* con *quitar da cabeza*, *emborracharse levemente* con *subir á cabeza, marearse* con *levar* (a alguén) *a cabeza* e por último *coller xuízo* con *senta-la cabeza*. Logo, mediante a consulta por elementos gramaticais próximos e facendo uso do lema verbal e substantivo respectivos a unha distancia igual ou inferior a 4 posicións (na liña do elemento 1, en cadansúa consulta, *quitar, subir, levar* e *sentar*; mentres que na liña do elemento 2 manteríase en tódalas ocasións *cabeza*), extraeríase un exemplo de cada significación. Serven de mostra as seguintes concorrencias:

(11) Iso non hai quen mo *quite da cabeza* por moita terapia que me queiran dar. [CORGA: Francisco Galván, *As crendas de San Porfirio. Diario terapéutico dun esquizofrénico*, Edicións Morgante, 2012]

(12) O viño préndeseme nas pernas, pero non me *sobe á cabeza*. [CORGA: Xosé Manuel Martínez Oca, *Beiramar*, Edicións Xerais de Galicia, 1983]

(13) Como vos contaba, si, trae a cadeira, mellor sentado, é que me *leva a cabeza*, Irene e mais eu criámonos xuntos, viviamos porta con porta. [CORGA: Xesús Manuel Marcos, *Terra queimada / Febre*, Edicións Laiovento, 1997]

(14) *Senta a cabeza*, Xavier, dinche os máis condescendentes, como se palmeasen na túa caluga co consello, monta unha familia, rapaz, que xa vas tendo idade. [CORGA: Manuel Portas, *Denso recendo a salgado*, Edicións Xerais de Galicia, 2010]

Este é un exercicio especialmente útil para estuda-lo réxime verbal e contrapoñe-las funcións sintácticas que desempeña *cabeza* en cada caso: Suxeito (*levar* [a alguén] *a cabeza*), CD (*senta-la cabeza*), Complemento preposicional (*quitar da cabeza*) e, por último, CCL (*subir á cabeza*).

EXERCICIO 8

1. Localiza as ocorrencias de *meterse en camisa(s) de once varas* e ordena os resultados por data.

Pista:

- Usa a consulta por proximidade cos dous lemas substantivos.

Se nos parámetros de ordenación se mantén o que ofrece por defecto a aplicación, isto é, por coincidencia, debe terse en conta que ó realiza-la procura polos lemas, dado que nos resultados *camisa* amosa variación numérica (2 casos de *camisa* e 10 de *camisas*), primeiro ordénanse os resultados alfabeticamente (en primeiro termo os de *camisa* e posteriormente os de *camisas*), e logo como segundo criterio, ante formas iguais, as concordancias organízanse cronoloxicamente en orde descendente, das máis antigas ás máis recentes. É dicir, só unha vez que estamos ante casos iguais entra en xogo a ordenación por data que solicitamos. Naturalmente, os casos non son moitos e aínda

sen orde temporal observamos que se sitúan entre 1994 e 2002, polo que rapidamente emerxe unha conclusión inicial: nos últimos 12[25] anos non se rexistra ningún caso.

Por outra banda, o CORGA ofrécenos 11 casos nos que *camisa(s) de once varas* é o complemento preposicional de *meter.* Agora ben, é interesante así mesmo destaca-la concordancia que recollemos deseguido (15), na que *camisas de once varas* emprégase como sinónimo de *leas*, sen o verbo *meter,* presente nos restantes casos:

(15) O resto sonlle lerias, *camisas de once varas,* adopcións fallidas, soños esnaquizados. [CORGA: Alfredo Conde, *O Correo Galego / CG2002-05-31/25*, Editorial Compostela, 2002]

EXERCICIO 9

1. Partindo da estrutura bimembre *tal x tal z*, que variantes documentas para a unidade fraseolóxica castelá *de tal palo tal astilla*?

Pista:

- Emprega a consulta por proximidade cos dous lemas *tal*.
- Restrinxe a distancia a 3 posicións.

Nesta ocasión, empregando a consulta por elementos gramaticais próximos e tendo en conta a repetición de *tal* nunha estrutura bimembre de proximidade igual ou inferior a 3, propoñemos localiza-las expresións galegas que se empregan no CORGA para a expresión fraseolóxica castelá *de tal palo tal astilla*.

As variantes que se atopan son as seguintes:

*de tal bicho, tal cría | tal nai, tal filla | a tal señor, tal coche | de tal pano, tal saia | de tal semente, tal árbore | de tal árbore, tal semente | de tal pau, tal estela*

EXERCICIO 10

1. Localiza no CORGA unidades fraseolóxicas que indiquen *a nula probabilidade de que algo suceda,* coa estrutura seguinte:

*cando* + artigo determinado + substantivo común + verbo en presente de subxuntivo + substantivo común

Pista:

- Emprega a consulta por elementos gramaticais sucesivos.
- Combina a información de lema ou elemento gramatical coas etiquetas que se indican na estrutura.

As variantes que rexistra o corpus para esta estrutura exemplificámolas a continuación extractando un caso de cada variante, inda que en realidade, se prescindimos da flexión xenérica, o esquema que se documenta limítase a só dúas, por un lado os exemplos (16) e (17) e polo outro as concordancias de (18), (19) e (20), dado que se mencionan tres árbores cuxos froitos (landras, piñas e castañas) é imposible que se convertan en uvas, cando menos, non sen mutacións xenéticas:

(16) De momento todo era espera continente remachada polas reconvencións dos

[25] A data tope que temos en consideración é a do ano 2014, pois os documentos destinados a representa-lo lustro 2015-2019 están aínda en distintas fases do seu procesamento.

adultos: ti fala *cando as galiñas mexen*; cando sexas pai, sentarás á mesa; ti fala *cando a ra críe pelo*..., e así. [CORGA: Xabier Paz, *As vidas de Nito*, Edicións Xerais de Galicia, 2013]

(17) Pois simplemente quedaba reservada para a súa exclusividade a posibilidade de publicalo cando eles cresen oportuno. Ou sexa, *cando as ras críen pelo*. [CORGA: Pedro Feijoo Barreiro, *¡Viva o fu remol! Ópera en cinco actos sobre a música ó pé da rúa*, Edicións Xerais de Galicia, 2005]

(18) Sancha: Teño de plantar un carballo en riba daquel tellado, *cando o carballo dea uvas* estarei ao teu mandado. [CORGA: Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*, Deputación Provincial da Coruña, 2008]

(19) P: <inicio_poema/>Teño de plantar un piñeiro, enriba do teu tellado, *cando os piñeiros dean uvas* estarei ó teu mandado<fin_poema/>. [CORGA: Xosé Lois Ripalda, *O país dos mil ríos. Cultura fluvial en Galicia*, Galaxia, 2009]

(20) R: <inicio_poema/>teño de plantar un castiñeiro enriba da túa eira, *cando os castiñeiros dean uvas* andar hei ó teu rabo<fin_poema/>. [CORGA: Xosé Lois Ripalda, *O país dos mil ríos. Cultura fluvial en Galicia*, Galaxia, 2009]

Non responde á estrutura que se especifica na procura a primeira variante destacada en itálica no exemplo (16), *cando as galiñas mexen*, inda que si corresponde á expresión de imposibilidade de levar adiante un determinado suceso. Como sabemos, as galiñas posúen un único orificio de saída, a cloaca, a través da cal expulsan o líquido de rexeitamento que produce o ril ó filtra-lo sangue mesturado cos excrementos procedentes do tubo dixestivo, o que devén nunha mestura pastosa, polo que *stricto sensu* as galiñas non miccionan.

## 4. Conclusións

A modo de conclusión, queremos salientar, por unha banda, a potencialidade do sistema de consultas do CORGA, que permite empregar nunha mesma busca comodíns, operadores booleanos, sensibilidade a acentos ou maiúsculas e variables clasificatorias dos documentos combinándoos cos distintos tipos de modalidade de procura (por palabras ortográficas ou elementos gramaticais), ben sucesivos ben descontinuos, o que converte o CORGA nunha ferramenta moi útil para obter datos da lingua galega actual de tipo léxico, gramatical, terminolóxico, fraseolóxico, discursivo etc. Mais tamén, por outra banda, como demostramos nas actividades propostas e desenvoltas, o CORGA en particular, e os corpus en xeral, convértese nun valioso recurso para a obtención de fraseoloxía galega, serve ademais como fonte para a elaboración de materiais educativos con lingua real actual e promove a adquisición de competencias nas TIC mediante o seu emprego.

## 5. Referencias bibliográficas

BAILINI, Sonia (2015): "Los corpus como recursos didácticos para la enseñanza de las variedades diatópicas del español", en *FIAPE. V Congreso internacional: ¿Qué español enseñar y cómo? Variadades del español y su enseñanza. Biblioteca virtual redELE* 16*,* 1-17.

BILEGA = GARCÍA GONDAR, Francisco (dir.): *Bibliografía informatizada da lingua galega* [3.0]. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (http://cirp.gal/bilega) [Data de consulta: 6/9/2019]

CAES = ROJO, Guillermo e M. PALACIOS, Ignacio (2016): "Learner Spanish on Computer. The CAES (Corpus de aprendices de español) Project", en ALONSO-RAMOS, Margarita (ed.): *Spanish Learner Corpus Research. Current Trends and Future Perspectives*. Amsterdam: John Benjamins, 55-87.

CORTEGAL = ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2018): "Corpus de textos de estudantes galegos (CORTEGAL). Aspectos metodolóxicos" en DÍAZ, Marta *et alii* (eds.): *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral.* Vigo: Universidade de Vigo, 55-62.

DOMÍNGUEZ NOYA, Eva María (2013): *Etiquetaxe e desambiguación automáticas en galego: o sistema XIADA*. Tese de doutoramento (http://hdl.handle.net/10347/9587) [Data de consulta: 6/9/2019]

DOMÍNGUEZ NOYA, Eva María e LÓPEZ MARTÍNEZ, María Sol (2017): "Tratamento da variación lingüística no CORGA", en NEGRO ROMERO, Marta *et alii* (eds.): *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 421-440.

DOMÍNGUEZ NOYA, Eva María e BARCALA RODRÍGUEZ, Francisco M. (2018): "Grafías innovadoras na linguaxe non sexista: unha proposta para a súa etiquetaxe automática", en DÍAZ, Marta *et alii* (eds.): *Actas do XIII Congreso Internacional de Lingüística Xeral.* Vigo: Universidade de Vigo, 291-298.

DRAG = Real Academia galega: *Dicionario da Real Academia Galega.* (https://academia.gal/dicionario) [Data de consulta: 2/9/2019]

EAGLES (1996): *Recommendations for the Morphosyntactic Annotation of Corpora. EAGLES Document EAG–TCWG–MAC/R* (http://www.ilc.cnr.it/EAGLES96/browse.html) [Data de consulta: 24/04/2019]

FERRO RUIBAL, Xesús (2016): "Prólogo" a *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega"*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, 9-14.

LOSADA ALDREY, M. Carmen; CID FERNÁNDEZ, Alba e FERNÁNDEZ CARBALLIDO, Xurxo (2016): *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades.

ROJO, Guillermo (2016): "Los corpus textuales del español", en GUTIÉRREZ-REXACH, Javier (ed.): *Enciclopedia lingüística hispánica*. Oxon: Routledge, 285-296.

SEVILLA MUÑOZ, Julia e BARBADILLO DE LA FUENTE, M.ª Teresa (2004): "Valor didáctico del refrán" en *Paremia* 13, 195-204.

TILG = SANTAMARINA, Antón (dir.); GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto e ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: *Tesouro informatizado da lingua galega* [4.1]. (http://ilg.usc.es/TILG/) [Data de consulta: 4/9/2019]

TOLCHINSKY, Liliana (2014): "El uso de corpus lingüísticos como herramienta pedagógica" en *Textos de didáctica de la Lengua y de la Literatura* 65, 9-17.

# Apéndice

| Unidade fraseolóxica | Descrición | Modalidade de consulta / Tipo de resultado | Aspectos computacionais | Dificultade | Aspectos lingüísticos |
|---|---|---|---|---|---|
| *ser uña e carne* | Estar moi unidos por vínculos de amizade (DRAG) | Palabra ortográfica / Concordancias | -Emprego de comodíns para substituír caracteres<br>-Delimitación do segmento de busca<br>-Concordancias | Baixa | -Variación léxica: *uña / unlla*<br>-Frase verbal<br>-Atributo |
| *por mor de* | Indica a causa, o motivo de que algo suceda (DRAG) | -Elementos gramaticais / Frecuencia simple / Frecuencia completa<br>-Interconexión frecuencias completas e concordancias | -Sensibilidade a maiúsculas<br>-Frecuencia normalizada<br>-Importancia da distribución temporal para ve-la vitalidade<br>-Importancia da tipoloxía textual en relación co uso | Baixa | -Preposicións e locucións prepositivas<br>-Contraccións con *de*<br>-Vitalidade dunha unidade<br>-Uso escrito/uso oral |
| *estar ata as orellas* (e similares) | Estar moi canso de algo ou de alguén | -Elementos gramaticais / Concordancias | -Lema<br>-Hiperlema<br>-Etiqueta morfolóxica<br>-Criterios de ordenación<br>-Contigüidade | Alta | -Padrón estrutural<br>-Campo semántico<br>-Sinonimia<br>-Eufemismo, vulgarismo<br>-Variedades situacionais<br>-Norma e uso |
| *Aí a vén* (e similares) | Clítico acusativo en construcións con verbo intransitivo | -Elementos gramaticais / Frecuencias completas, gráficas<br>-Interconexión gráficas e concordancias | -Emprego de operadores booleanos ( \| )<br>-Gráficas<br>-Contexto | Alta | -Focalización<br>-Colocación do pronome<br>-Problema de análise sintáctica: pronome de acusativo con verbos intransitivos |
| *poñer / pór verde* | -Poñer algo de cor verde [unha prenda / un obxecto]<br>-Poñerse verde ~ poñerse en verde [o semáforo]<br>-Poñer verde a alguén (criticar) | Elementos gramaticais próximos | -Linearidade e proximidade<br>-Distancia | Media | -Uso literal / uso figurado<br>-Establecemento de estruturas sintácticas a partir dos resultados |
| *Onde comen dous comen tres* (e similares) | Expresión relativa da cantidade | Elementos gramaticais | -Buscas abstractas só con trazos gramaticais | Alta | -Verbos con alternancia vocálica<br>-Paralelismo<br>-Variación nas unidades fraseolóxicas |
| *subir á cabeza*<br>*levar (*a alguén*) a cabeza*<br>*quitar da cabeza, senta-la cabeza* | *Emborrachar levemente*<br>*Marearse*<br>*Disuadir*<br>*Coller xuízo* | Elementos gramaticais próximos | -Recuperación selectiva dun caso de cada modismo<br>-Ruído | Media | -Alomorfos do artigo<br>-Suxeito, CD, Complemento preposicional e CCL |
| *meterse en camisa(s) de once varas* | *Meterse en leas* | Elementos gramaticais próximos | Criterios de ordenación | Media | -Polisemia<br>-Complemento preposicional |
| *tal x tal z* | Xustificación das virtudes e defectos dun descendente a respecto dun ascendente | Elementos gramaticais próximos | Afianzamento das destrezas adquiridas | Alta | -Estruturas bimembres |
| *cando o carballo / castiñeiro / piñeiro dea uvas*<br>*cando a/s ra/s críe/n pelo* | Probabilidade nula de que ocorra algo | Elementos gramaticais | Afianzamento das destrezas adquiridas | Alta | -Léxico: as árbores e os seus froitos |

# *Viño, de ricos; e pan, de pobres.* Vinificación e viño na paremioloxía galega[1]

## *"Viño, de ricos; e pan, de pobres". Vinification and wine in the Galician paroemiology*

Xesús Ferro Ruibal
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
xferro@cirp.gal

Resumo: Compilación e análise de 839 refráns galegos básicos (sen contar variantes) referidos ó viño e recollidos de 282 informantes ou puntos de información que, en moitos casos, comentan a elaboración do viño, a súa conservación, bebida, efectos, utilización médica, calidade segundo as distintas zonas de produción en Galicia, antiga distribución polos arrieiros, maridaxe con certas comidas e tamén sobre a súa sacralización e outras crenzas populares. Artigo de homenaxe ós vinicultores galegos de toda a historia, que, seleccionando castes e refinando técnicas, aprendéronnos este oficio e arte; homenaxe tamén ós vinicultores actuais que souberon mellorar e presenta-los viños de Galicia ata facelos aprezar xa nos cinco continentes.

Palabras claves: Paremioloxía galega. Viño, vinicultura.

*Abstract: Compilation and research of 839 basic Galician proverbs (without counting variants) about wine. These Galician proverbs were collected from 282 people or points of information that comment on wine production, preservation, drinking effects, medical use, quality (depending on different production areas in Galicia), pairing to certain dishes, historical distribution of wine by mule drivers ('arrieiros') and also about its sacralization and other popular beliefs associated with Galician wine. This article is a tribute to historical and present-day Galician winemarkers and is at the same time trying to explain the socio economic effect of the current international prestige of Galician wines.*

*Keywords: Galician paroemiology, wine, viniculture.*

---

[1] Data de recepción: 06.07.2018. Data de aceptación: 31.08.2019.
Quero personaliza-la homenaxe ós viñateiros en Xosé María Fonseca Moretón, líder desde 1989 dun gran proxecto vitivinícola no Rosal que se denomina *Adegas Terras Gauda* e que, tras recupera-los mellores bacelos de albariño, caíño e loureiro, creou máis de 160 hectáreas de viñedo autóctono, con rigor científico na viticultura, na vinificación e na comercialización e isto permitiulle conseguir viños como *Abadía de San Campio* e *Terras Gauda* que trinta anos despois, están non só no mercado galego e español senón tamén en máis de 60 mercados internacionais, con Estados Unidos, Reino Unido, Noruega e China como principais destinos. Un exemplo de como se redime, sen discursos, un Pobo inxustamente empobrecido e como se crea País con traballo intelixente e constante. Pódese ve-la valoración dun historiador económico (CASTRO, Xavier 2017).

# 0. Mirada fugaz pero necesaria á socioloxía vinícola de Galicia

O presente artigo completa outro anterior (FERRO. *Viticultura* 2016). O cultivo da vide e a produción e comercialización do viño forma parte esencial da historia económica e comercial de Galicia. O refrán contido no título fai lembrar un candidato norteamericano que, nos anos da Lei Seca, prometía sarcasticamente en campaña: *Wine for the rich, beer for the poor, and moonshine* [un destilado caseiro] *for the drys* (prohibicionistas). O refrán galego *Viño de ricos; e pan, de pobres* no contexto das nosas paremias e da nosa historia alude a algo parecido: que o viño, ó revés do pan, era algo que só podían consumir os galegos ricos. Pero, en honor á verdade histórica, aínda debemos matizar que, para os máis dos galegos ata ben entrado o século XX, este *pan* era o pan de millo ou de centeo (non de trigo) e que aquel era o pan de cada día por definición: o historiador Pegerto Saavedra faime reparar en que en 1737 o *Diccionario de Autoridades* na definición de PAN di: *Llaman en Galicia a todas las semillas de que se hace pan, menos al trigo*: é dicir, as sementes xa se chamaban *pan* (por metonimia) pero o *trigo* era cousa de ricos ou dun día de festa e por iso o pan que daba tiña nome específico (*pantrigo*).

## 0.1. Viticultura de iniciativa monástica ou nobiliaria

A *viticultura* require terras, unha infraestrutura moi cara (dependendo do terreo, parras ou socalcos e, ademais, lagar e cubas; eventualmente, tamén se precisan muros que protexan de roubos de uva). E, por se for pouco, esixe unha atención intelixente e case diaria á cepa e ás uvas (que a natureza produce). E, aínda así, na producción agrícola da uva non remata o traballo, porque a conversión da uva en viño (*vinificación*) require outro proceso aínda máis complexo, basado nunha experiencia milenaria pero hoxe tamén na investigación científica e na análise de resultados en todo o planeta.

Direino un pouco máis claro aínda, porque os refráns veñen da historia. En Galicia boa parte da produción de uva e a elaboración do viño foi, durante séculos, traballo que se facía para os mosteiros, as catedrais e a nobreza: os *frades* plantaban viñas e arrendábanas despois ós veciños labregos, en boa parte, para comerciaren eles despois co seu quiñón do produto final[2]. Boa parte da ciencia vitícola e vinícola (aparentemente innata) que existe nas aldeas de Galicia procede dos saberes atesourados na vida monástica organizada ferreamente arredor de dúas palabras impostas no principio do monaquismo por san Bieito: *ora et labora* ("reza e fai un traballo manual"). Pero tamén boa parte da grandiosa arquitectura, escultura, pintura e bibliotecas monásticas de Galicia foi posible coa utilización das plusvalías que estes arrendamentos xeraron. Tamén as catedrais e os pazos participaron nestes investimentos que, xerando riqueza,

[2] Da importancia dos mosteiros (e tamén do Ribeiro) na viticultura en Galicia dá idea o *Tumbo das viñas de Ribadavia*, que, entre os séculos XIII e XIV, anota xa en romance galego casas, viñas e herdades que tiñan en Ribadavia os mosteiros de Melón, Oseira, San Clodio, Celanova e outros (MÉNDEZ 2016). Por algo o actual *Museo do Viño de Galicia* está situado na que foi casa reitoral de Santo André de Camporredondo (Ribadavia) e que, xa na súa arquitectura, descobre unha das súas funcións orixinarias: a elaboración, o almacenamento e a distribución de viño cara a Compostela, porque era un priorado de San Martiño Pinario.

tamén creaban postos de traballo[3]. A esta delegación histórica da terra en usufruto ós paisanos, que vivían a pé dela, tamén se apuntou a nobreza.

E, se cadra, tamén vén de aí o noso característico hábitat disperso. Porque en Galicia este arrendamento foral da terra, a cambio dun pagamento anual en especie, era automáticamente transmisible de pais a fillos, e isto debeu fixar poboación na propia terra que se traballaba, creando un territorio humanizado por unha poboación dispersa. Este sistema foral tamén o foron utilizando os *nobres* laicos (non sempre domiciliados en Galicia), que recibían do rei doazóns de terra en Galicia en premio por colaboracions puntuais que eles ofrecerán ós intereses do rei. Co paso dos séculos os nobres acabaron tendo uns intermediarios que xestionaban ante os campesiños os seus intereses, cobrando anualmente as rendas: eran os *fidalgos*, de xeito que esta situación chegou a se-la situación de boa parte da terra cultivada ou aproveitada de Galicia. O viño e os cereais foron as moedas con que os nosos avós pagaban anualmente o arrendamento da terra (*foro*). Disto é do que fala o refrán galego: *o viño é cousa de ricos* (163). E aínda se poden ve-los refráns 488 e 489. Pero do pagamento do foro tamén formaban parte outros productos do campo (como os cereais) e isto explica que, en plena elaboración do viño na adega, o refraneiro lle lembre ó labrego galego que ten que empezar tamén cos preparativos da sementeira do trigo, dos allos e tamén mata-lo porco (véxase o apartado 1.16). O labrego galego foi sempre un traballor multiespecialista cunha fortísima carga fiscal. Se non se entende isto, non se pode entende-lo refraneiro galego nin a dispersión galega da poboación.

Historicamente foron os mosteiros e as casas nobres as que comerciaban co viño, sobre todo dende o Ribeiro. Pola falta de estradas en Galicia, o viño saía en pelellos ás costas de reatas de mulas dos arrieiros para Santiago e outras cidades galegas. Tamén saía para os portos de mar (especialmente Pontevedra, onde se fabricaban toneis) e dende eles saía, xa envasado, para os portos do Cantábrico e (malia o conflito bélico entre Castilla-Francia contra Inglaterra) saía tamén para as Illas Británicas polo menos dende 1296 (PEREIRA 2000: 29) e, segundo diversos testemuños aínda no XVI, por máis que a documentación portuaria que pervive sexa escasa (PEREIRA 2000: 37). Para a historia vitícola e vinícola de Valdeorras, foi importante a información que nunha recente conferencia ofreceu o historiador Isidro García Tato (GARCÍA TATO 2019).

No séc. XVI o viño era un cultivo moi espallado: non só se collía onde hoxe se segue facendo, senón tamén noutras partes, como os vales de Mondoñedo, Ouro, Lourenzá, Ría de Foz, correxemento de Viveiro... Ata mediado o XVII esta vila exportaba viño e mercaba pan: unha relación de 1571 di que *tiene mucha labranza de vino, y la jurisdicción della, donde cogen mucho vino que les baste para la tierra y hay mucha suma dello* (SAAVEDRA: 20).

[3] Xa do ano 751 é o testamento de Odoario, bispo lucense, no que se le isto *et ipsam ciuitatem restauramus eam intus et foris et plantauimus vineis et pomiferis. Postea uero fecimus de nostra familia possessores* ("e restaurámo-la cidade por dentro e por fóra e prantamos vides e maceiras e despois fixemos posesores da nosa familia"). E algún refrán humorístico parece proceder do mundo eclesiástico: 789, 786, 756 e 832.

En cambio, en 1750 a superficie vitícola galega xa ocupaba unhas 40.000 ha. capaces de producir 1.000.000 hls. E, aínda que había cultivo en Betanzos, Mondoñedo, Valadouro, Lourenzá, Ría de Foz, Viveiro, o 50% do viñedo galego xa estaba situado en Ourense: nas beiras do Sil, arredores de Monterrei e nos ribeiros de Ourense e Ribadavia había parroquias nas que o viño era o 90% da produción agraria e os veciños non tiñan ningún tipo de gando, salvo algún que outro porco. En freguesías como Banga, Beiro, Gomariz o monocultivo ía asociado en ocasións ás castañas, que podían facer a vez do pan e as árbores proporcionaban leña para estacar as cepas (SAAVEDRA: 77). E aínda había os dezmos á Igrexa, que se pagaban en especie segundo o que se producía (nas zonas especializadas de cereal, en cereal; e nas zonas vinícolas, en viño e noutras en ovos, millo etc.) pero este pagamento foi esmorecendo lentamente e no inicio do Concilio Vaticano II (1965) xa era raro o párroco que o esixía ou percibía. Así que o consumo habitual de viño non era cousa de pobres.

Na segunda metade do XIX viñeron as tres plagas sucesivas: *oidium* (1853), *mildium* (1886) e *filoxera* (1890); eu de neno aínda oía falar ós maiores do *mildeu.*

### 0.2. A recuperación da plena propiedade da terra en 1926

Os nosos devanceiros loitaron durante séculos contra os foros porque consideraban que, despois de tantas xeracións, as terras xa estaban moi melloradas polo traballo deles e moi ben pagas por séculos de foros. O malestar e a loita en Galicia durou máis de cen anos e os que traballaban as terras a foro e nelas vivían non triunfaron ata o Decreto-Lei de Redención de Foros que, en 1926, entregóulle-la plena propiedade, mediante un único e definitivo pagamento[4]. Falo de algo persoal, porque nacín nunha casiña cun pequeno eirado circundado de parras, que os meus avós conseguirán redimir poucos anos antes de eu nacer. O propietario real, que viña percibindo o pagamento plurisecular, resultou ser un nobre e político español residente en Madrid, que no acto legal final impuxo a sorprendente condición de que a el non se lle esixise presenta-lo título de propiedade da terra aforada. Pero a partir dese momento os meus avós foron propietarios de pleno dereito do eirado e da casa na que eu nacín.

Era imprescindible matizar no inicio esta historia da propiedade real de terras e viñas en Galicia ata 1926, porque quen non coñeza a situación xurídica en que se viviu e traballou en Galicia durante máis de mil anos non podería entender por que os refráns agrícolas galegos nunca falan de grandes magnitudes nin de operacións mercantís importantes e, pola contra, rebordan resignación e, nalgúns casos, fatalidade.

### 0.3. Outros cambios radicais no século XX

Superadas as graves crises vitícolas do XIX e conseguida a plena propiedade da terra coa redención de foros a partir de 1929, nace en 1932 a *Denominación de Origen Ribeiro*: unha vez máis na historia, o Ribeiro sinala o camiño a seguir ás outras zonas vinícolas de Galicia. Pouco e pouco aparecen diferentes movementos asociativos que crean diferentes Adegas (cooperativas ou empresas), dótanse de profesionais que reflexionan sobre o

[4] https://gl.wikipedia.org/wiki/Foro_(contrato)

que admite ou pide o mercado (galego e internacional), de técnicos que analizan en que terreo e en que clima facémo-lo que facemos e que o que nos está dicindo e pedindo este cambio climático a máis calor e menos humidade.

Todo isto concrétase en que, se ata hai poucos decenios as plantacións de vide en Galicia só ocupaban os lindeiros da pequena propiedade ou lugares de difícil acceso, hoxe nalgunhas zonas vinícolas as plantacións de vide xa oscilan entre 10 e 20 ha. e algunhas superan as 50 ha.[5].

O aumento da producción organízase observando a experiencia pioneira da Cooperativa de Leiro (1935)[6] e o movemento asociativo consolidouse nos últimos 50 anos en dúas direccións: ou en cooperativas (do tipo O Ribeiro ou Martín Códax), ou en iniciativas empresariais (do tipo das Bodegas Terras Gauda, no Rosal) pero sempre delimitando zonas en Denominacións de Orixe.

Dito todo o anterior, viticultura e vinicultura son un dos sectores máis dinámicos do campo galego: en cooperativa, en empresas familiares ou en sociedades mercantís, o viño é hoxe un dos productos do campo galego que máis viaxan polo mundo.

Estas sinerxias acabaron mellorando os procesos de viticultura e vinicultura, aumentaron a cantidade e a calidade do viño galego, confrontárono exitosamente cos mellores viños doutros Países e levárono ós mercados dos cinco continentes: o resultado é que hoxe non só se mercan viños galegos nos cinco continentes senón que xa se plantan cepas galegas (maiormente de albariño) en California, Uruguay, Arxentina, Australia ou Francia.

### 0.4. Viticultura galega e cambio climático

Nos últimos anos houbo no resto da península secas e xeadas que trouxeron mildio. A atención científica que hoxe teñen os viñedos fixo ver que estes síntomas de cambio climático favoreceron a maduración da uva, influíron na acidez e agora hai viños de 14° ou 15° que antes non había. Pero tamén se empezou a percibir que uvas precoces e de baixa acidez, coma a mencía (a raíña na Ribeira Sacra co 93% na anada do 2018), sufriron máis ca outras uvas que maduran máis tarde. Iso levou a poñe-los ollos nunha inusual reserva biolóxica, que existe en Galicia, de especies que son máis resistentes a esa calor coma a caíña, a brancellá ou albarella, que era a máis cultivada na Ribeira Sacra antes da plaga da filoxera que arrasara as viñas a fins do século XVIII. Galicia, pola súa posición oceánica e septentrional e por esa reserva natural de cepas aínda pouco cultivadas, parece estar mellor situada ca outras zonas, que agora empezan a traslada-los seus viñedos ós seus montes[7]. Esa reserva biolóxica de especies de vide, hoxe insuficientemente cultivadas, estase convertendo nunha oportunidade. A iso hai

---

[5] http://galiciaenpuertorico.blogspot.com/2012/01/el-albarino-blanco-espanol-n-1-en-usa.html

[6] http://www.vinosycaminos.com/texto-diario/mostrar/1128618/cooperativa-leiro-1935-1968

[7] DÍAZ, Emilia (2019): "*As castes galegas recomendadas para facer viños na Ribeira Sacra, ¿é necesaria unha alernativa á mencía?*" reportaxe en ¿El final del reinado de la mencía? "Los investigadores del cambio climático aconsejan probar variedades más tardías" (*La Voz de Galicia* 19.3.2019).

que sumar que agora hai novas formas de crianza que encontran mercado (crianzas longas en botella, crianzas sobre lías) e viños que se elaboran en depósitos de barro ou de granito[8].

A coalición intensa entre recursos naturais, tradición vitivinícola e planificación científica de tódalas fases do traballo está dando resultados que hai cen anos eran inimaxinables para os nosos avós: con algunha frecuencia nos últimos decenios un viño galego é elixido o mellor Branco de España. E case sempre chega algún premio de certames Internacionais coma International Wine Challenge, Decanter World Wine Awards, Bacchus, Challenge International du Vin, Concours International du Vin e outros de Corea, Xapón ou Sidney.

### 0.5. Corpus e fontes deste traballo

Presento aquí 832 unidades paremiolóxicas (sen contar variantes) procedentes de 282 informantes. É todo o que durante anos dei reunido coas brillantes colaboradoras e colaboradores que sucesivamente me foron asignando para a construcción do *Tesouro Fraseolóxico Galego (TFG)*, que, como se ve, tamén inclúe paremias, é un proxecto que non debería quedar inconcluso, porque é propiedade intelectual do pobo galego, porque quedan aínda fontes moi valiosas sen incorporar e porque queda, sobre todo, o toque da maxia informática que o faga accesible a todo o mundo, coma o CORGA. Á Xunta de Galicia, coa reverencia debida, dígolle que non tería sentido abandonar unha prospección aurífera ós primeiros indicios claros de aparición de ouro.

Neste traballo cito todo coas claves que desencripto con detalle na bibliografía final primaria (9.1.) e prescindo de referencias a outras linguas contemporáneas.

### 0.6. Artigo de homenaxe

Polas razóns ditas no apartado anterior, este artigo quere render homenaxe a cantos galegos anónimos mantiveron viva esta actividade agrícola (posiblemente durante dous mil anos), a cantos nos legaron numerosas e excelentes castes de vides, infraestruturas e indispensables saberes non escritos, dos que o refraneiro é só unha pequeniña parte mnemotécnica. Tamén a tódolos arrieiros da historia que coas súas recuas de mulas ou burros e cos seus carros de bois transportaron o viño dende as aldeas ás vilas e portos de Galicia e de España; tamén ós navegantes que, dende a Idade Media, levaron os nosos viños ós portos do Cantábrico, das Illas Británicas e co paso do tempo de América, como conto en 2.1. Tamén a todos e tódalas que, nas dúas bandas do cambio de milenio, (como queda dito en 0.4) melloraron radicalmente as técnicas de cultivo e de elaboración pero tamén as estruturas de producción e venda e ousaron, con éxito, conseguir que nas catas que se fan por todo o mundo, de cando en cando, os viños de Galicia saian elixidos os mellores, tendo así hoxe francas as portas do mercado internacional. Á miña maneira é unha homenaxe paralela á que coa ferramenta fotográfica recibiron en 1993 (REINOSO e SUÁREZ CANAL).

[8] Pepe Hidalgo, *La Voz de Galicia* 27/06/2019.

Este artigo quere homenaxear primeiramente ós devanceiros anónimos que condensaron toda a súa experiencia vitivinícola nas paremias que aquí presento. Homenaxe tamén a cantos, antes de min, se maravillaron cando unha persoa dicía un refrán acaído e brillante e, seguidamente, eles anotárono e publicárono: penso, especialmente neste tema, no *Refraneiro do viño* que de maneira anónima publicou Xosé María Álvarez Blázquez nas súas Edicións Castrelos (Vigo 1968)[9] e, sobre todo, no monumental e aínda inédito *Refranero gallego* de Vicente Llópiz Méndez, que, de fontes case sempre exclusivas, reuniu en 1954 un conxunto temático e xerarquizado dunhas 21.710 paremias (235 delas do viño) que, coas variantes, superan as 44.000 unidades. Aquí incorporo tódalas paremias do viño de que teño noticia, coa total exclusión das de Vicente Llópiz, porque ese grandioso refraneiro inédito merece unha edición en primicia que sexa íntegra, actualizada e digna: varias persoas levamos anos pedindo (e fracasando pero, mesmo así, soñando) consegui-los recursos necesarios para editalo. Ata ese momento, o refraneiro do viño (e de moitos outros temas) estará incompleto.

As paremias que aquí presento condensan parte da experiencia da antiga vinicultura familiar e confío en que o posible lector saberá aproveita-lo aproveitable, separando o que contén valor perenne do que o tivo ocasional ou está xa superado. Os nosos vellos legáronno-las castes de cepas que temos; a viticultura de onte e a de hoxe, a pesar dos numerosos e importantes matices, son en esencia a mesma. Na vinicultura actual, é certo, introducíronse tantas melloras técnicas, que algún destes refráns resultaralle insuficiente ou arcaico a un enólogo actual pero estou seguro de que (se deixa de parte algunhas paremias que son simples pingas de humor e rivalidade), el encontrará, noutras, máis dunha apreciación asisada e perenne, porque, humildemente, o refraneiro do viño era, en parte, o manual de enoloxía dos nosos bisavós.

Este traballo aspira a da-la palabra ós viñateiros anónimos da historia[10], que estudaron tantos científicos dende puntos de vista diferentes: Sarmiento, Antonio Casares, Filgueira Valverde, Xosé Posada, Pegerto Saavedra, Pereira Fernández, Ferreira Priegue ou Xavier Castro ata cantos (como Mercedes Vázquez Bertomeu) formaron ese libro imprescindible que no 2005 coordinaron Isidro García Tato e Ana M. Suárez Piñeiro (GARCÍA TATO, SUÁREZ PIÑEIRO).

Remato esta introdución con dous cadros simplificadores pero necesarios para quen non coñeza este sector.

---

[9] Darío Xohán Cabana, que traballou nesa editorial, asegúrame que ese refraneiro é obra de Xosé María Álvarez Blázquez, con estas palabras: *Eu non estaba daquela aínda nesa Editorial, pero seino polo moito que temos falado despois. No meu "Xose M. Álvarez Blázquez. Vida e obra"* (*Xerais 2008), afirmeino por escrito na bibliografía del, p. 206, e probablemente tamén nalgún outro lugar dentro da narración* (na p. 187). Agradezo este testemuño de primeira man.

[10] E por iso non marco con asterisco de irregularidade algunhas palabras que a rigorosa Norma actual da lingua galega considera variantes superfluas (*den* por *dean*) ou como desviacións innecesarias. Só marco aquelas desviacións que, por innecesarias, non callaron no uso común (**fuerte* por *forte* no r. 637).

Táboa 1. Viños galegos máis estimados e traballados

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Brancos | albariño | godello | treixadura | loureiro | caíño branco |
| Tintos | mencía | sousón | brancellao | castañal | caíño tinto |
| Hoxe os expertos valoran que Galicia teña, ademáis, un inusual repertorio de vides autóctonas non explotadas que poden ser unha excepcional alternativa, se as actualmente explotadas acabasen tendo problemas na conxuntura dun cambio climático a máis calor e menos auga. | | | | | |

Táboa 2. Variedades de viño

| **Denominacións de Orixe** | **Rías Baixas** | **O Ribeiro** | **Ribeira Sacra** | **Monterrei** | **Valdeorras** |
|---|---|---|---|---|---|
| Variedades principais de viño | albariño, caíño, sousón, espadeiro, loureiro tinto | sousón (tintilla), mencía | mencía, brancellao, merenzao + 15 variedades inexplotadas | mencía, godello | mencía, brancellao |
| **Indicacións Xeográficas Protexidas** | **O Morrazo** | **Iria e Barbanza** | | **Betanzos** | |
| Variedades principais | as mesmas da D.O. Rías Baixas (albariño, caíño, sousón, espadeiro, loureiro tinto) | | | agudelo, branco lexítimo | |

# 1. A vinificación

A vinificación é a culminación da viticultura. Pero, ben mirado, na viticultura a consecución da materia prima (uva) depende do azar meteorolóxico, porque, o refrán testemuña que

1. ***O viño e o pan sempre se dan: uns anos, ben; outros, mal; e outros, menos mal.*** (VIÑO:205).

A viticultura é un proceso parcialmente incontrolable pero a vinificación é un proceso bastante máis controlable: na vinificación case todo depende do rigor que o viñateiro poña no seu traballo, esmerándose na limpeza e ventilación da adega, no estado inmaculado dos recipientes, na atención exquisita ós ritmos da fermentación, trasfegas etc.

Debo recoñecer, con todo, que un refrán indica que na fermentación tamén incide a climatoloxía, porque a néboa dificúltaa:

2. ***Néboa en cubas, auga a cuncas.*** (26104).

Pero é certo que, ordinariamente, un viño bo só se pode estragar se o viñateiro non se esmera en acada-la perfección en todos e cada un dos momentos deste segundo proceso. Na vinificación tradicional, da que o refraneiro extrae a súa experiencia, o labrego converte a súa adega fresca e escura nun laboratorio de química doméstica. A súa capacitación técnica non é universitaria pero ten o rigor adquirido na observación de como facía o seu avó e como facía o seu pai e, sobre todo, gardando memoria das causas que un ano provocaron a perda do viño e tamén das prácticas que explicaron que outro ano conseguise un viño de excepcional calidade.

Se a actual vinificación industrial, case sempre con cubas de aceiro, segue protocolos moi estritos e refinados, a vinificación tradicional familiar de autoconsumo tamén é un proceso no que cada viñateiro pon en xogo ante si mesmo e ante os veciños e amigos

non só o traballo de moitos meses senón a súa capacidade de consegui-lo mellor viño da redonda. Os veciños saben recoñece-lo mérito que ten lograr un viño bo. Conseguir un viño bo dá un prestixio que dura máis ca esa anada e que sobarda o ámbito das uvas. Cando o viñateiro dá a proba-lo propio viño, sabe que pasa voluntariamente un exame social. Se se aproba, ese viñateiro aproba algo máis cá viticultura. Se, en cambio, suspende, a descalificación esténdese a máis materias cá viticultura. Diso fala este refrán:

3. ***Quen de boas uvas fai viño malo, merece uns paus.*** (23911:174).

A vinificación é un proceso longo e delicado que esixe moita atención. Un refrán dío, unha vez máis, moi ben pero á súa maneira metafórica:

4. ***Ó neno e ó viño, moito cariño.*** (23911:223).

Darlle moito cariño ó viño é, outra vez, unha forma figurada de designar un proceso que require moita atención e certa precisión.

### 1.1. A preparación das cubas

No final do século XX as cooperativas e empresas vinícolas de Galicia xa traballaban básicamente con cubas de aceiro inoxidable por ser moito máis doadas de limpar e de manter limpas para a vinificación e tamén máis axeitadas para facer trasegas duns contedores a outros. Pero a vinificación tradicional, da que fala o refraneiro, facíase en cubas, bocois e barrís de madeira de carballo e nestes é nos que aínda seguen criando e trasegando o seu viño os viñateiros de nivel familiar, porque son máis manexables, para as cantidades que eles elaboran, aínda que xa son moitas as familias que incorporaron algunha cuba de aceiro.

As cubas ou recipientes (*fustalla*) nos que o mosto vai *ferver* (fermentar) e nos que o proceso bioquímico se vai producir e finalmente se vai conservar deben estar nun estado de salubridade óptima. Os antigos romanos gardaban e transportaban o viño en ánforas de barro e, se cadra, a palabra *barril* (francés *baril*; inglés *barrel*) podería gardar memoria desa época, aínda que hoxe os barrís de viño son de madeira e os de cervexa ou petróleo son metálicos. O certo é que o barril feito de doelas de madeira substituíu as ánforas porque as ánforas eran pesadas, fráxiles e non apilables. Disque os etruscos xa utilizaban o barril dende o século VI a.C. pero a tradición tamén di que a difusión do sistema se debe ós celtas. O certo é que o barril non só substituíu as ánforas senón tamén os odres[11] e as botas porque o barril non lle modifica o sabor ó viño, aínda que o prezo dos mellores sobe dos 700 €[12].

[11] O ***odre*** ou ***pelexo*** é o máis antigo sistema de transporte de viño (pero tamén de aceite, auga, leite, mel ou cereais). Facíase e faise coa pel de cabra enteira (sen a cabeza nin as partes inferiores das patas) ben curada e ben cosida. Axeitábase para o transporte a lombo de burros, mulas ou cabalos. Deles falan os refráns 211, 212, 588, 745 e 775. Véxanse imaxes de odres con pechaduras modernas en aceiro en [https://www.botasdevinojb.com/index.php@option=com_content&view=article&id=10&Itemid=21&lang=es.html].

[12] https://cincodias.elpais.com/cincodias/2014/03/28/sentidos/1396021801_719985.html

Aínda que hoxe o viño xa se elabora en recipientes de aceiro, na vinificación tradicional de Galicia (e nos viños de crianza) todo se fai –coma durante dous mil anos– en recipientes de madeira. A madeira preferida foi e segue sendo o carballo. Pero, se nos viños de alta calidade, o barril de carballo é dunha única utilización, un labrego non se pode permitir ese luxo, e isto fixo que case todos saiban desfondalo, lavalo por dentro con exquisita curiosidade e volvelo cerrar e apretar ata o punto de devolverlle a total estanqueidade.

Figura 1. Imaxe da Exposición GALAICOS do Museo de Pontevedra

Táboa 3. Recipientes do viño

| Recipientes máis usados na elaboración, almacenamento e transporte tradicional do viño (40301, 40305, 43274) | | |
|---|---|---|
| RECIPIENTE | CAPACIDADE APROX. DE LITROS (valores de Moraña) | CARACTERÍSTICAS |
| ***tinalla*** | De 1.500 (a máis de 2.000 en casas ricas) | Tronco de cono, sen tapa superior, na que o bagazo tinto, xa exprimido no lagar, ferve tendendo a vir á superficie cada 12 horas máis ou menos. O viñateiro teno que facer baixar cada doce horas aprox. deixando o líquido arriba. Faino cun *pisón* (pau duns 170-180 cm que na parte de abaixo tiña unha maza sólida para esmagar ou unha galla con 2 ou tres cotelos para baixar). Ós nenos prohibíaselle achegarse con pan á tinalla (porque o pan ten formento). Ó cabo dunha semana, a division entre parte sólida e líquida está consolidada: nese momento o viñateiro traségao limpo a unha cuba, pipa ou bocoi onde empeza o proceso de crianza. Pero o resto sólido aínda volve pasar polo lagar, para aproveita-lo que aínda conteña. |
| ***bocoi*** | 800 - 1.000 | DRAG sinálalle unha capacidade entre 300 e 700 l. |
| ***pipa*** | 500 | DRAG sinálalle unha capacidade entre 250 e 500 l. |
| ***medio bocoi*** | 350-400 | |

| | | |
|---|---|---|
| ***media pipa*** ou ***bordelesa*** [13] | 250 | Tamén se oe dicir *bordalesa.* |
| ***cuarta*** | 125 | DRAG sinálalle unha capacidade de oito litros. |
| ***pipote*** | 50 | |
| ***bota*** | Recipiente de coiro para o viño, do que se bebe directamente, levantándoo cara ao alto e apertándoo coas mans (DRAG). | |
| ***ola*** | É a medida básica e vén equivalendo a 16 litros (43274). | |

Un barril está composto dun alto número de doelas habilmente curvadas e non menos habilmente ensambladas formando un cilindro arqueado con maior diámetro no centro e menor nos extremos, que se cerra con senllas tampas circulares. Consegui-la perfecta estanqueidade e a plena saúde da madeira de carballo é arte que centralizaron os gremios de *toneleiros*[14] (tamén chamados *cubeiros* ou *pipeiros*[15]). Cada unha das pezas que compoñen o barril ou pipa[16] debe estar en perfecto estado, xa que calquera fallo pode comprometer esa estanqueidade (permitindo a entrada de aire e perda de líquido) e calquera pequena podremia nunha soa doela pode estragar todo o viño que conteña o barril.

> *Ay en Galicia mucha tierra de bino* (sic)*, y muy bueno: el Ribero de Avia, Orense, Lemos, Monterrey, Valdiorras, Quiroga, Las Mariñas... en todas estas tierras no saben los hidalgos, clérigos y labradores buscar cuberos para arcar cubas, sino que todos los saben echar, y se precian de ello, como si fuesen cuberos, y cada uno con sus criados y amigos arca las cubas, e las aprieta, e tienen ingenios de hierro para ello, cada uno en su bodega* (OLEA-2).

Filgueira Valverde, descubridor deste manuscrito en 1935 e primeiro editor en 1947 (OLEA-1), publicou un comentario en 1989 reproducido un ano despois en libro (FILGUEIRA 1990) lembrando a importancia e prestixio do gremio de *toneleiros, cubeiros* e *pipeiros* de Pontevedra, que almacenou e codificou saberes milenarios e que, por ser traballo de precisión, controlaba que non entrasen pipas de Asturias ou doutras partes e tamén que non saísen de Pontevedra pezas sen a marca gremial (FILGUEIRA 1990). Outros historiadores confirman que na segunda metade do s. XVI e primeiras décadas do XVII a economía pontevedresa apoiábase fundamentalmente sobre a pesca e a exportación do viño do Ribeiro (GONZÁLEZ LOPO 2008:354).

---

[13] É frecuente deriva-la palabra *bordelesa* do nome orixinal gascón (*Bordel*) da cidade de Bordeaux, que foi adiantada en Europa na elaboración e comercialización do viño. Con todo, debemos lembrar que na zona rural de Pontevedra existe un lugar chamado tamén *Bordel,* na parroquia de San Martiño de Verducido (verdadeiro *xardín de flores* – como di a cantiga- e tamén de bosques) e que Pontevedra, como queda dito, foi dende a Idade Media exportadora de viño e que tiña o seu experto gremio de toneleiros con marca de seu. Para a etimoloxía de Bordeaux véxase https://fr.wikipedia.org/wiki/Bordeaux#Attestations_anciennes

[14] Recomendo ler *O ofício de toneleiro* de Aníbal Cid Babarro (http://www.almanaque-agricola.com/numeros/2008/2008.02_o_oficio_de_toneleiro.pdf) (CID BABARRO 2007).

[15] En Pontevedra os *cubeiros* parece que tamén se chamaban *pipeiros* pero no Ribeiro, segundo informa Eladio Rodríguez (s.v.*pipeiro*), chamábanlle pipeiros ós que carrexaban viño pero non en pelexos senón en pipas: *En el Ribeiro de Avia llámase también PIPEIRO el comprador de vinos que transporta éstos en pipas o toneles, como el ARRIEIRO recogía el vino en pellejos para conducirlo en recuas de caballerías*.

[16] *Pipa*,´como di o DRAG é "Recipiente de madeira destinado a conter líquidos, especialmente viño, máis pequeno ca o bocoi, cunha capacidade media entre douscentos cincuenta e cincocentos litros".

Compréndese así que o refraneiro recomende que o viñateiro entre agosto e setembro, ese mes de tensa espera da vendima, aproveite o tempo para preparar con moito tino as súas *cubas*[17].

5. ***Ós comenzos de setembre aparella as cubas pra vindimar as uvas.*** (VAZSACO1:827,22468). ***Ós comezos de setembro aparella as cubas para vendima-las uvas.*** (FRAGU-GEG28:164).

6. ***A primeiros de setembro aparella as cubas para vendima-las uvas.*** (11806).

### 1.2. A calidade e hixiene das cubas: evita-lo ermo do bocoi

*Ermo* é o sabor desagradable (a madeira húmida ou mesmo podre) que lle dá ó viño o barril de madeira cando quedou mal lavado ou cando algunha doela nalgún punto está en mal estado[18]. A preparación das cubas en setembro non é só un recordatorio do calendario laboral do viñateiro senón, e sobre todo, un recordatorio das normas de calidade. Se na viticultura foi amoroso o coidado das cepas e das uvas, na vinificación ese coidado deberá ser aínda máis esmerado. O complexo proceso que vai empezar depende absolutamente da preparación exquisita dos recipientes nos que o mosto deberá transformarse en viño. O refraneiro exprésao advertindo cales son neste momento as prioridades:

7. ***Primeiro as cubas, despois as uvas.*** (60023:71).

A experiencia bimilenaria que se condensa no refraneiro insiste nun aspecto fundamental: a calidade e a limpeza das cubas e bocois e demais vasixas necesarias para ferver, trasegar e envasa-lo viño (que se coñece co nome xenérico de *fustalla*) é tan importante ou máis cá calidade das uvas. Se a cepa soubo incorpora-los nutrientes da terra, do sol e do mesmo esterco, o viño esixe, en cambio, unha hixiene absoluta en todo o proceso que se inicia no lagar. Nun recipiente en mal estado estráganse con toda certeza uvas da mellor calidade: é o que en Moraña din *este viño colleu ermo* (43220) ou *colle ermo o bocoi* ou que *sabe o viño ó ermo do tonel* (OTERO 1964: 17, 143-160 s.v. *ermo*). Só unhas pipas boas e limpas garanten que non se perda a calidade que trae a uva; é dicir, abren a porta a un viño bo.

8. ***Fustalla boa e limpa, medio viño fai.*** (CARRA4:60508). (ALVAG:16). (VIÑO:258). ***Fustalla boa, lavada e limpa, fai medio viño.*** (RODGO2:389). (VIÑO:259).

---

[17] *Cuba,* como di o DRAG, é "Recipiente de gran tamaño para gardar viño ou outros líquidos, formado por doelas, colocadas unha a continuación da outra e unidas por unha especie de aros, cerrado a cada lado por unha parede de madeira".

[18] O primeiro que anotou este significado común foi Aníbal Otero Álvarez (1964): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" (*Cuadernos de Estudios Gallegos* LVIII, pp. 143-160) e derívao do latín *EREMVS* "solitario". Pero paréceme máis probable que a evolución partise de *AZYMUS* > *asmo* (sabor ácido do pan que non fermentou) e que finalmente evoluíse así: **asmo*> **armo*> *ermo* con rotacismo e un simple cambio na vogal átona inicial. Con este significado, pero aplicado ó pan, xa o anotara o P. Sarmiento douscentos anos antes (SARMIENTO, Fr. M (1746-1755c): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, ed. de J. L. Pensado Tomé (U. de Salamanca en 1973). Véxase SANTAMARINA, A. *Dicionario de dicionarios.* Instituto da Lingua Galega. USC (edición en liña: http://sli.uvigo.es/DdD/index.php). Véxase https://ilg.usc.es/gl/recursos.

Hoxe o viño xa se fai, mesmo en casos de produción doméstica para autoconsumo, en cubas de aceiro que permiten unha hixiene total. Pero é certo que a crianza en barricas de carballo dálle un sabor especial ó viño. Son viños de tal calidade que permiten un uso único delas. Antes non era así: os bocois reutilizábanse durante anos e por iso o lavado e hixienización da fustalla era a metade do traballo vitícola. Un refrán advirte claramente que

9. ***Cada fustalla cheira ó viño que garda / gardou.*** (RODGO2:389). ***Cada fustalla ole ao viño que gardou.*** (CARRA4:190508). ***Cada fustalla cheira ó viño que garda.*** (VAZSACO1:712,18984). (VIÑO:255). ***Cada fustalla cheira ó viño que gardou.*** (VAZSACO1:712,18985).

10. ***Cada bota cheira ao viño que ten.*** (VIÑO:319).

11. ***Cabaza que non ten viño, non é cabaza nin cabaciño.*** (ALOMO322).

Disque en Escocia, en tempos, algunha das grandes marcas de whisky mercaba en Andalucía bocois que criaran viño de Xerez para os utilizaren na súa cría do whisky[19] (e outros din que para o ron caribeño reutilizaba fustalla que xa criara wisky). Sexa ou non certo, hoxe afírmase que *The Macallan* emprega carballo galego (CID BABARRO 2007:19). En calquera caso, un recipiente que criou un viño de moita calidade pódelle dar aromas complementarios ó novo e, naturalmente, tamén se daría o efecto contrario: se o viño anterior non era bo, empeoraría o novo que se lle botase ou o que nel se criase. Esa é a doutrina dos refráns anteriores.

### 1.3. Tempo da cata e tempo da bebida

Outro elemento da vinificación é a calma. O viño quere o seu tempo de xestación e, por iso, o proceso de vinificación é longo; de xeito que, aínda que imos ver que numerosos refráns falan de *proba-lo viño* por san Martiño e mesmo de facer magostos, e que outros o asocian ós xantares festivos da mata do porco, e que algún refrán chega a anticipar esta primeira cata do viño novo ó san Simón (28 de outubro), a realidade é que, como din outros dous refráns, é recomendable ter moito máis vagar. O primeiro recomenda deixalo estar na quietude escura dos meses de setembro, outubro e primeiros días de novembro.

12. ***En setembro e outono bebe o viño vello e deixa esta-lo novo.*** (RODGO3:331). (FRAGU-GEG28:164) (21817).

Un refrán, deses que son manual de agricultura para varios meses (FERRO.*Viticultura*: 2016:94,285-286), recomenda expresamente unha espera máis ampla: cómpre deixar pasa-las xeadas que queiman a horta.

13. ***Agosto madura e setembro vindima a uva; outubro, bagazo fervendo na cuba; samartiño e nadal (se é pra min) deixalo dormir; e, cando xa a xeada queimou a horta, colle o xarro e ábrelle a porta.*** (MAREVA:24).

Con todo, son máis populares os refráns que asocian setembro a tempo de uvas, de patacas e de mel:

[19] https://cincodias.elpais.com/cincodias/2014/03/28/sentidos/1396021801_719985.html

14. ***Polo san Miguel, sabe o viño a mel.*** (23911:173) (23911:186).

15. ***Polo san Miguel, uvas e mel.*** (11806). (24402:1399). ***Mes de san Miguel, mes de viño, patacas e mel.*** (ANONI-12:7306).

San Miguel celébrase o 29 de setembro e vén sendo o epónimo do mes de setembro, tan importante na cultura do viño. O nome de Miguel permite lembrar, co recurso da rima, outros elementos da alimentación e do comercio rural: as patacas e mailo mel.

### 1.4. Escuridade e frío nas adegas

Cando, prensada a uva, o mosto ferve debe estar apartado da luz. De feito o refraneiro pide adegas escuras:

16. ***Garda o teu viño en estío en sitio oscuro e frío.*** (VAZSACO1:66,1557).

Tamén debe estar protexido do aire:

17. ***O aire no viño feito non lle fai bon proveito.*** (VAZSACO1:163,3863).

### 1.5. Ventilación das adegas

Pero o refraneiro insiste en que a adega debe ter aire limpo, porque, cando está a ferver, pegaríanselle ó viño os malos olores da adega:

18. ***Cando o viño está a ferver aire puro debe ter.*** (VIÑO:419). (ALVAG:12).

O viño impregna do seu aroma a adega na que ferve ou na que repousa, converténdose así nunha metáfora da vida:

19. ***A adega cheira ó viño que ten.*** (RODGO1:56). (RODGO1:366). (34401:44). (23911:187). (23911:212). (VIÑO:251). (GEG1:110).

### 1.6. Pousos do viño

Cando o viño ferve vaise purificando e vai criando pousos sólidos. Esas partículas sólidas en suspensión, que non se verán correctas despois no vaso, son naturais durante o proceso de fermentación. Di Jacinto del Prado *Obra no viño o calor alterándolle o color*:

20. ***Cando o viño está a ferver algún pouso debe ter.*** (CARRA4:260208). (VIÑO:418). (31901).

21. ***O viño déixao fermentar, se logo non te queres lamentar.*** (44508).

### 1.7. En que nivel do barril está o mellor viño?

Por sorprendente que pareza, o refraneiro xa especifica en que nivel do bocoi ou da cuba está o viño de máis calidade e faino marcando a diferenza co que acontece co aceite e co mel. O mellor viño está no medio, porque arriba as levaduras poden criar unha fina capa abrancazada ou rosada, que, cando se saca o viño e se chega a ese nivel, fragméntase formando as chamadas eufemísticamente *flores* (véxase o apartado 1.34). Por outra parte, no fondo sempre se depositan os pousos, así que ese viño do fondo tampouco é aproveitable. Esta precisión o refraneiro extráea da comparanza co que pasa co aceite e co mel:

22. ***Aceite, no alto; viño, no medio; mel, no baixo.*** (RODGO1:36).

23. ***Aceite, o de arriba; viño, o do medio; e mel, o do fondo.*** (23911:168). ***Aceite, o de enriba; viño, o do medio; mel, o do fondo.*** (RODGO1:36). (VIÑO:4).

### 1.8. O viño debe estar apertado ou folgado nas cubas?

Entendo que estar *apertado* quere dicir que na cuba non queda aire *e folgado* refírese a que a cuba quede aire, o que oxidaría o viño, mentres que, se o recipiente está completamente cheo, frea a oxidación. A cousa, segundo o refraneiro, é máis indispensable no caso do viño tinto.

24. ***O viño tinto quer estar apretado e o branco folgado.*** (RODGO3:421). (TABOA2,Pontevedra). (VIÑO:454). (43920). ***O viño tinto quere ser apretado; e o blanco, folgado.*** (23911:208).

25. ***Quen non acrara o seu viño, ten consigo mal veciño.*** (VAZSACO1:78,1899).

Aínda que Galicia parece triunfar máis cos seus viños brancos e que os tintos máis sonados están en Valdeorras e na Ribeira Sacra, hai enólogos como Pepe Hidalgo[20] que suliña que en Galicia hai quince variedades tintas, prácticamente inexplotadas e asegura que non hai no mundo unha zona productora que teña semellante reserva de variedades en espera de explotación. E aventura que terán futuro no renacemento da viticultura na zona norte de Galicia (por exemplo, na histórica de Betanzos).

### 1.9. ¿Cuba grande ou cuba pequena?

O refraneiro valora o viño que se garda en cuba grande, porque sostén que ten o mellor sabor:

26. ***Dame o viño da cuba grande i-o caldo do pote pequeno.*** (RISCO-18). ***Viño, de cuba grande; e caldo, de pote pequeno.*** (21007:1713). ***Viño, de cuba grande; caldo, de pote pequeno***. (TABOA2,Orense). ***Caldo, de pota pequena; e viño, de cuba grande.*** (TABOA2).

### 1.10. Importancia da cuba

O refraneiro recalca a importancia da cuba á súa maneira, é dicir, coas súas normas de estilo, afirmando ironicamente o absurdo que sería o contrario:

27. ***Quen queira ver as huchas baleiras, coza o pan en tortas i-o viño en botas.*** (VAZSACO1:427,10860).

*Coce-lo viño* supoño que é unha maneira de designa-lo proceso de fermentación. A *bota* é un recipiente de coiro para o viño, do que se bebe directamente, levantándoo cara ó alto e apertándoo coas mans: utilízase para transportar a pequena cantidade de viño que poden beber poucas persoas; pero sería un recipiente desaxeitado para realizar nel o proceso de fermentación: sería estragar todo o traballo de viticultura e o

[20] *La Voz de Galicia* 27.6.2019

refraneiro dío coa metáfora de ver baleiras as propias *huchas* (arca ou baúl de madeira onde se garda cousas de valor, como documentos familiares ou roupas de gala pero tamén, noutros casos, o gran de trigo ou centeo que será o pan que se poida comer ata a anada seguinte).

### 1.11. O tempo atmosférico durante a vinificación

Un refrán parece indicar que o bo tempo, necesario para recolle-la uva en perfectas condicións, é tamén necesario durante a vinificación, coma se a néboa nese momento arruínase a vendima.

28. ***Néboa en cubas, auga a cuncas.*** (26104).

Pero o perigo, na vinificación tradicional, dura sempre:

29. ***Cabalo corredor, home rifador, vaso de vidro e tina de viño sempre están en perigo.*** (RODGO1:414). (VIÑO:317). (23911:323).

### 1.12. ¿Atesta-lo viño: outubro ou novembro?

A fermentación do mosto convérteo en viño. Popularmente denomínase *ferver*, porque se parece moito ó movemento que vemos nunha pota con líquido que está ó lume; mesmo se eleva uns graos a temperatura do mosto.

Cando o viño deixa de ferver péchanse hermeticamente as cubas, acción que o refraneiro denomina *atestar, tapar, zapar~sapar~ensapar, barrar* ou *recebar* a tapa superior da cuba ou bocoi. A *zapa* ou *sapa* é o burato superior por onde lle entra o viño ó barril pero tamén o tapón que o cerra e desta palabra derivan os verbos *zapar ~sapar~ensapar*; en cambio, *barrar* e *recebar* aluden á práctica dalgúns lugares de Galicia nos que aseguran a hermeticidade con barro.

O refraneiro é un pouco equívoco nas datas: uns refráns aconsellan facelo en outubro e outros en novembro, probablemente porque a maduración da uva e, polo tanto, a vinificación nuns anos vén adiantada e noutros máis atrasada.

A explicación de que se *atesta, tapa, zapa~sapa~ensapa, barra* ou *receba* o viño "porque xa rematou de ferver" é un pouco simple, porque tódolos viñateiros saben de maneira empírica que o viño está vivo sempre. E mesmo están orgullosos de que, cando ofrecen un vaso ou cunca do seu viño, *faga escuma* de burbullas, que axiña rebentan: iso é indicio de que o viño *ten agulla,* de que está vivo. Xosé Posada dío así:

> *Se lle preguntamos a un viñateiro canto tempo ferve o viño, responde que sempre. Esto é verdade, porque cando acaba a fermentación alcohólica comenza ou iníciase moi de vagar a maloláctica, que é a retrogradación do ácido málico, ó producir ácido láctico e gas carbónico. É decir, exactamente, 1 gramo de ácido málico produce 0,60 gramos de ácido láctico, 160 cms. cúbicos de carbónico gas. Por este gas dise que os viños teñen agulla, é decir, que aínda teñen gas ou que están aínda fermentando, pois presentan no borde da cunca ou taza, copa ou botella, un rosario de burbulliñas pequenas que, cando o viño é bo, aumentan co cheiro e fan remover e acrece-la sensación dos compoñentes volátiles do viño que producen o cheiro.*

> *Esta fermentación, aínda non moi ben estudada, é producida por unha familia de bacterias. É moi importante prós viños galegos, que non madurecen doadamente as uvas e dá viños acedos. É unha maneira de desacidificación biolóxica, porque baixa a acidez total, aumenta o PH, esto é, mellora moito o viño, porque se estabiliza e deste xeito prodúcense poucas fermentacións secundarias*. (POSADA 1979:82-83).

Cando *ferve*, empezan a sedimentarse no fondo primeiro as partículas vexetais; ós quince días, xa caeron as levaduras mortas. E cun mes máis xa caeron as bacterias. Isto significa que a fin de ano xa se poderá extrae-lo líquido limpo sen remove-los pousos do fondo. Por esa razón a billa dos bocois e das cubas nunca está no fondo senón uns dez centímetros, polo menos, por riba do fondo, para non arrastrármo-los pousos, ó sacármo-lo viño.

### 1.13. Barra-las cubas

Como queda dito, é importante garantir que as cubas quedan co viño dentro pero hermeticamente cerradas e sen aire e por iso se *atesta* o barril, que xa o P. Sobreira (1745-1805), frade bieito natural de Beade definía, entre 1792 e 1797, como "Llenar bien alguna cosa, que no quede hueco entre el continente y el contenido" ou "Acabar de llenar alguna vasija de modo que no admita más". Outras denominacións desta operación son *barrar* ou *barrear* "tapar con barro ou outra masa a rolla ou tapón" e *zapar* ou, con seseo, *sapar* e mesmo *ensapar*. O que varía duns lugares a outros de Galicia ou, se cadra máis ben, duns anos a outros (dependendo de como veña a climatoloxía) é a data desta operación de barra-las cubas: algúns refráns aconsellan facela polo Pilar (12 de outubro), polo san Lucas (18 de outubro), polo san Simón (28 de outubro) ou mesmo polo San Martiño (11 de novembro). Un refrán vivo nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense, di:

30. ***Polo Pilar, os nabos á terra i-o viño a envasar.*** (11806). (23911:179). (36507:472). (VIÑO:462).

31. ***Polo san Lucas mata o teu porco e barra as túas cubas.*** (FERRO. *Dicnom*:s.v. Lucas).

32. ***Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as cubas.*** (FERRO. *Dicnom*:s.v. Lucas).

33. ***Por san Simón e san Xudas mata os teus porcos e barrea as túas cubas.*** San Simón e san Xudas celébranse o mesmo 28 de outubro. (18911:472). ***Por San Simón e san Xudas mata o teu porco e atesta as túas cubas.*** (LEIRO2:28).

34. ***Os graus en octubre están curados i-os viños de nai xa sacados.*** (VAZSACO1:149,3502). Este refrán ten vontade de estilo: a uva xa está exprimida e, polo tanto, o zumo da uva xa está fóra da súa nai (a uva) e xa ten vida propia, nun proceso autónomo de depuración que dura semanas e que acabará convertendo ese zumo en verdadeiro viño. Da mesma maneira que os grans de cereal na fin deste mes xa *están curados*, é dicir, aptos para os convertermos en fariña, coas uvas pasa igual: en outubro, xa exprimidas no lagar, as uvas xa non son un conxunto de uvas senón primeiro un líquido (mosto) que se revolve de seu, como algo

que está a ferver nunha pota (*ferver, fermentar*) e que, cando remate a fermentación xa será verdadeiro viño. E o refrán denomina esa inmediata e necesaria trasega a outro recipiente *sacalos de nai*: talmente coma se fose un verdadeiro parto. Este denominar unha cousa con palabras que designan outra realidade parecida ou semellante require en quen fala vontade de estilo: e os falantes, aínda que sexan iletrados e non saiban explicar isto, senten que falar así é máis exacto e máis bonito. Isto demostra que a fala popular ten vontade de estilo.

### 1.14. Aperta-lo baldón

*Aperta-lo baldón* é sinónimo de *barra-las cubas*, só que aquí poñendo a vista no que se fai co baldón ou tapón: apertalo ben ata pechar herméticamente o recipiente que contén o viño novo. A data márcaa para a memoria a rima de *baldón* con San *Simón* (28 de outubro).

35. ***Polo san Simón apreta o baldón / bandón.*** (CARU:22121888) (RODGO3:313) (10208) (13303). Adela Leiro (40601) anota que en Cambados conviven as variantes *baldón* e *bandón*.

36. ***O día de san Simón ponlle o tapón e o día de san Martiño abilla o teu viño***. (RAJO). Para facer unha primeira cata.

37. ***O viño xa sentado quere ser *trasegado.*** (VAZSACO1:76,1826).

38. ***Nunca faltou pan p'a malla nin viño p'a trasfega.*** (VAZSACO1:71,1701).

Pensar en que o *san Simón* aparece aí por necesidades da rima con *baldón* ou con *pipón*, paréceme menos verosímil do que pensar en que o refraneiro galego fálanos de que en Galicia conviven varios ritmos agrícolas, porque hai outros datos que tamén o insinúan. O refraneiro recomenda outra trasfega en maio.

### 1.15. Atestar ou zapar polo san Martiño

E aínda hai outra maneira de dici-lo mesmo: noutros lugares o burato redondo polo que se bota o viño dentro do bocoi chámase *zapa* e tamén se chama *zapa* o propio tapón, composto dun tronco de cono feito de cortiza, envolto nunha tea de saco, para conseguir que, axustando mellor, garanta a estanqueidade. Pero, como xa queda dito, outros refráns galegos recollen outras experiencias: que a fermentación do viño chega a novembro.

39. ***Ata o San Martiño, ferve o viño.*** (45787).

E, por esa razón, aconsellan barrar, máis tarde.

40. ***Polo san Martiño, atesta o viño.*** (11806). (VIÑO:466). ***En san Martiño testa o viño.*** (45020:472).

41. ***Polo san Martiño, atesta o teu viño, deixa a auga e bebe viño.*** (11806). (24402:1480).

42. ***Polo san Martiño, tapa o viño.*** Porque xa rematou de ferver. (44357). ***Polo san Martiño, tápase o viño.*** (43815:154).

43. ***Por san Martiño tapa o teu viño.*** (43953:472).

44. ***En san Martiño serra o teu viño*** (13304:472). Por ser zona de seseo, *serra* equivale a *cerra*; e por metonimia *cerra o viño* quere dicir *cerra o bocoi do viño*.

45. ***San Martiño, zapa o teu viño.*** (40114:472). ***Polo san Martiño, zapa o teu viño.*** (11806). Como queda dito, *zapar* é pechar [unha pipa, bocoi, barril etc.] cunha *zapa*: e a *zapa* é o tapón cónico, normalmente de cortiza, co que se pecha o burato por onde se enche o bocoi pero, como queda dito, tamén é o burato mesmo. *Hai que zapar os bocois para que non collan aire e non se estrague o viño*. *O viño aínda ferve porque se ve zumegar pola zapa* (DRAG s.v. zapa). ***Zapa o viño polo san Martiño***. Pero, como testemuña Adela Leiro (40601:36) en Cambados corren na fala *zapa* e tamén *sapa*. ***En san Martiño ensapa o viño.*** (40210:472). Por ser zona de seseo, *ensapa* equivale a *enzapa*. E, como queda dito, os refráns (35, 36, 37) xa fixaban esta operación no San Simón (28 de outubro).

46. ***En san Martiño zapa o teu viño e mata o teu porquiño.*** (42314:472).

47. ***Por san Martiño zapa o teu viño e sementa o teu alliño.*** (44237:50).

48. ***Polo San Simón ensapa o teu pipón.*** (FRAGU-GEG12:223).

49. ***Polo san Martiño, barra o viño.*** (36615:472). (36615:472).

50. ***Polo san Martiño receba o teu viño.*** (27003:151).

51. ***O verao de san Martiño son tres días nun bocadiño e cando se tapa o viño.*** Indica a pouca duración dos días en novembro e o final da fermentación do viño, por iso se barran as cubas. (32503).

Dado que hoxe en Galicia a elaboración do viño, tanto por parte de cooperativas ou de empresas coma de moitos viñateiros privados, xa utiliza exclusivamente cubas de aceiro que teñen outros e máis eficaces mecanismos para consegui-la plena estanqueidade, todo isto de *zapar, sapar, barrar, recebar* ou *tapar* son xa denominacións que empezan a ser arcaicas para designaren o inicio do proceso da crianza do viño mediante un prolongado repouso.

Precisamente por iso, o refraneiro lembra que o outono inicia o tempo de necesario repouso do viño novo, porque así é como se cría:

52. ***Polo outono, bebe o viño vello e deixa pousa-lo novo.*** (23911:148). (CASAS1:22).

### 1.16. Unha semana urxente de arado entre os trafegos da fermentación

Un lector non galego, que descoñeza que a agricultura tradicional galega tiña como obxectivo a autosuficiencia alimenticia (e, se fose posible, económica), probablemente non perciba que o viticultor galego tradicional tamén é gandeiro e, como resultado de todo isto, carece de meses e mesmo de semanas de descanso.

En plena tensión co delicado traballo que realizou na viña, no lagar e agora na adega, o refraneiro lémbralle que non hai descanso para el. Está en outubro, como xa se dixo, e élle tempo de planta-los nabos e de ara-los campos para bota-lo trigo. É unha operación

que parece esixir certa rapidez, porque o refraneiro só lle dá dez días de prazo e insiste en que hai que facelo neses dez días, chova ou non chova. O inicio desta intervención de urxencia é por san Lucas (18 de outubro) ou san Pedro (de Alcántara) (19 de outubro) pero o remate debe ser por san Simón (28 de outubro).

53. ***Por san Lucas, enxoito ou mollado, cos bois na suca. Por san Lucas bois ó arado, que enxoitos, que mollados. Por san Lucas bota a parella, que estea a terra mollada, que estea seca.*** ((FERRO.*Dicnom*:s.v. Lucas).

54. ***O día de san Pedro bota o grao e tapa o rego. E o día de san Simón alza o arado e os bois.*** Non me parece que o san Pedro deste refrán sexa o San Pedro de Mezonzo (que se celebra o 10 de setembro) senón o san Pedro Alcántara (19 de outubro). O San Simón celébrase o 28 de outubro: nove días de arada debían chegar para ara-las terras dun labrego medio galego.

55. ***Polo San Simón pousa o timón.*** (21112:21). Timón aquí é a rabela ou "lanza del arado a donde echa mano el labrador" como definía o P. Sarmiento.

56. ***Polo san Simón eu che direi si hai nabos ou non.*** (VAZSACO1:591,15657).

O refraneiro dá fe de que certos traballos agrícolas van emparellados. Xa vimos que o refraneiro é unha axenda que, coas súas rimas, faille ó labrego galego o acordante de que, cando está cos delicados traballos na adega, non só é tempo de empezar cos preparativos da sementeira do trigo, senón tamén de mata-lo porco e de sementa-los allos: *Por san Martiño zapa o teu viño e sementa o teu alliño.* (44237:50).

E non esquezamos que en novembro, por moi merecidas que sexan as festas dos magostos, xa é o tempo tamén de empezar a abrir gabias para plantar cepas novas.

Se ben se mira, o labrego galego ten unha axenda coma a dun ministro.

### 1.17. O enigmático outubro, as uvas de colgar (pasas) e o viño tostado

Con todo, hai algúns refráns excepcionais que aínda retrasan a vendima a san Lucas (18 de outubro) e mesmo a san Xudas (28 de outubro). Hai anos nos que

57. ***Entre san Lucas e san Xudas cóllense as uvas. Por san Lucas gorentan as uvas. Por san Lucas poucas son xa as uvas.*** (23911:171).

A variante climatoloxía de Galicia obriga, por veces, a colle-las uvas en outubro, vendima serodia, porque o tempo non permitiu unha boa maduración no verán ou porque un setembro chuvioso impediu a vendima. Pero a afirmación de que se collen as uvas na terceira e cuarta semana de outubro parece propia de cepas do norte da Coruña e do norte de Lugo, zonas nas que, por ser menor a insolación, a maduración require máis tempo, cousa que nos tempos recentes fixo minguar aí unha viticultura que, de todas formas, está ben documentada xa no medioevo.

Pero tamén se podería tratar das chamadas ***uvas de colgar,*** é dicir, desas que se deixan madurar todo o tempo posible e despois gárdanse os acios colgados en lugar cálido da casa

para que se deshidraten (é dicir, para que reduzan ó máximo o contido de auga, paralizando así a acción dos xermes que precisan a humidade para sobreviviren): con isto concentran os elementos nutritivos, porque, aínda que perdan a vitamina C, teñen un valor alto de potasio, calcio, ferro, niacina e provitamina A: son as ***uvas pasas*** que comemos no inverno[21].

58. ***As boas uvas de colgar dispón quen facer ousequios se propón.*** Tamén esta parece unha máxima creada por Jacinto del Prado máis ca un refrán da tradición popular.

E débese lembrar que, se as uvas molladas non valen para ir ó lagar, tampouco valen para colgar:

59. ***Uva mollada non é boa pra ser colgada.*** (60023:87).

60. ***Polo san Lucas saben as uvas***. (CARRA34:16). (23911:155). (39011). Por estas datas é cando mellor saben as uvas. (22105). Xa Hernán Núñez recollía este refrán e comentaba "Porque se van ya acabando, y la privación engendra apetito". ***Polo san Lucas saben ben as uvas.*** (RODGO3:400). (VIÑO:392). (23911:171). (34401:85). ***Polo san Lucas saben ben as uvas, porque hai poucas ou ningunhas.*** (23911:154).

Do *viño tostado*[22] non coñezo refráns e, a pesar de todo, a tradición oral galega, certa ou non, di que o *tostado* é unha técnica galega que pasou a Portugal, cando a coroa de España nos prohibiu o comercio con Inglaterra, dando alí orixe mediante a emigración galega a un *vinho* doce de sona mundial: o *vinho do Porto.* Certa ou falsa esa relación de causa entre *tostado* e *vinho do Porto*, o Douro ten viticultura en socalcos coma o Sil e o Miño na Ribeira Sacra e esa migración andoriña de galegos a Portugal, antitética da emigración a Castela no tratamento que recibían os galegos, acabou preocupando na Corte española e o marqués de Campomanes redactou un informe detallado e crítico en 1764 para o rei de España coa proposta final de que a prohibise (RODRÍGUEZ CAMPOMANES1973 (1764): 42).

Volvendo ó viño tostado, o proceso empeza por secado natural (pasificación) coas uvas colgadas (ou en envases máis anchos que altos) pero sempre en lugar ventilado, cuberto e á sombra durante un mínimo de 90 días. O posterior prensado e a maduración en barrica deberá durar 180 días e en botella (90 días): a elaboración nunca é inferior ós 360 días pero moitas veces supera os tres anos en barrica.

Este proceso estaba moi activo en Valdeorras a mediados do século XX pero tamén no Ribeiro. Era viño de casas grandes, que consumían preferentemente as mulleres en ocasións especiais como partos e certas enfermidades pero que todos utilizaban en

[21] Véxase no anterior artigo referido á viticultura (FERRO.*Viticultura*: 2016:106,390).

[22] Véxase esta descrición xenérica (https://www.ribeiro.wine/gl/os-nosos-vinos/tostado-gl) ou estoutra máis detallada (https://www.ribeiro.wine/es/elaboracion-del-tostado-ribeiro). Unha sucinta historia deste viño tostado ofrécea o profesor Xavier Castro Pérez (catedrático da USC e especialista en historia da alimentación) neste enlace: https://www.ribeiro.wine/gl/os-nosos-vinos/tostado-gl e xa, dunha forma máis completa, no recente libro monográfico (CASTRO 2020) no que emparella tecnicamente o tostado galego con sonados viños doces de Francia, Italia e Hungría.

celebracións e como obxecto de agasallo. Hoxe o tostado volve se-lo que sempre foi: unha das mellores delicadezas gastronómicas de Galicia, que algúns entendidos poñen á par do *Sauternes* (de Sauternais, Bordeaux, F), o *Tokaj*, pronunciado [tókai], (de Tokaj-Hegyaija, Hungría) e o Moscato (de Pantelleria, unha illa volcánica ó SO de Sicilia, que a tradición local identifica coa illa Ogigia na que a ninfa Calipso retivo a Ulises durante sete anos). Do *Tokaj* había xa este dito latino medieval: *Hungariae natus Poloniae educatus* ("nado en Hungría e criado en Polonia") aludindo a que era viño que nobres polacos compraban en grandes cantidades e despois aínda o envellecían en Polonia uns anos máis. Debo e agradezo estas informacións do tókai ó Dr. Károly Morvay.

### 1.18. O enigma das piñeiriñas

Pero hai un refrán que se refire ó mes de outubro:

61. ***Por san Lucas piñeiriñas danse as uvas.*** (FERRO. *Dicnom* s.v.Lucas).

Este refrán parece ter variantes que o levan a novembro (san Martiño) e que me resulta enigmático. Anótoo aquí, por se algún lector é capaz de explicalo:

62. ***Por San Martiño e San Xudas, piñeiriña das túas uvas.*** (VIÑO:393). ***Por san Martiño e san Xudas, piñeiriñas das túas uvas.*** (CARRA32:130). (CARRA34:16). (11806).

Lembramos que o refraneiro prescribe o final da vendima no san Xudas (28 de outubro). Así que eu supoño que este refrán deberíase referir á escolma de acios de uvas para colgar. Lembrese que a *piñeiriña* é o nome tradicional galego do *Sedum album*, unha planta perenne tamén coñecida como *uva de gato* ou *uva do paxariño* que Sarmiento define como "especie de siempreviva mínima, y rastrera de que hay infinidad en los muros, con pezoncitos colorados y en el remate una piñita de 20 o 30 deditos suculentos por hojas, y son infinitas estas piñitas siempre verdes" e da que di que "Acaso de tener los deditos apiñados se diría *pignola* y *piñeiriña*. Dijo la misma partera que también se llamaba *matafogo*, porque, machacada y puesta sobre quemaduras, las cura" (SARMIENTO 1754-1758: 1204).

### 1.19. A felicidade labrega

63. ***Pan en cambeira, cocho morto ie viño en cántara, san Martín glorioso.*** O informante, do León galegofalante, explica que a *cambeira* é o sitio onde se poñen as fogazas de pan. (60017:473). En Galicia *cambeira* é máis frecuentemente o gancho no que se colgan os touciños ou xamóns: vese que é un concepto moi próximo.

64. ***Pan que sobre, carne que baste e viño que non falte***. (VAZSACO1:662,17616).

65. ***Pan que sobre, carne que abonde, viño que non falte e alegría que abaste.*** (23911:206). (VAZSACO1:661,17573) (23911:216).

### 1.20. O viño en xaneiro e meses posteriores

O refraneiro galego non ofrece moitas paremias que aconsellen os traballos da vinificación nos meses posteriores a xaneiro do ano seguinte á vendima. Dos poucos proverbios que están en uso, lembro estes:

66. ***San Xulián garda o viño e garda o pan.*** Celébrase o 7 de xaneiro. (RODGO2:407). (VAZSACO1:330,8169). (23911:152). (34401:86).

67. ***Pra viño ben conservado, trasfégao en maio.*** (23911:145).

Outra paremia alude a que o viño que se sacou do barril e está nun vaso cómpre bebelo, porque, ó darlle o aire, perde todo o seu valor e hai que tiralo:

68. ***Viño quitado, bebelo ou tiralo.*** (RODGO3:421). (TABOA2). (VIÑO:131). (23911:213).

Esta escaseza de refráns da vinificación parece indicar tres feitos: que a produción non sempre debeu de chegar para que coexistisen o viño vello co novo; que non hai tradición na maior parte das familias galegas de excedentes de viño; que as cantidades de viño elaboradas por cada adegueiro galego deberon de ser só as necesarias para o pequeno consumo doméstico e para o pagamento das rendas ós mosteiros: na documentación medieval consta que moitos mosteiros plantaron e arrendaron viñas, así que unha parte dos foros había que pagalos en viño. Eran, polo tanto, os mosteiros e algunhas familias ricas quen debían xerar uns proverbios que recollesen a experiencia galega da vinicultura pero ou aínda non a encontramos ou simplemente non a xeraron. Viño de ricos.

### 1.21. ¿Viño novo ou vello?

O viño novo é un símbolo de alegría da casa labrega galega, porque é o produto dun traballo feito con delicadeza durante todo o ano. En cambio, o refraneiro que valora o amigo vello tamén valora o viño vello, cousa que hoxe todo o mundo matiza, porque non tódolos viños melloran co tempo.

69. ***Aceite, viño e amigo, mellor canto máis antigo.*** (RODGO1:36). (23911:212). (43914). (MOREI1:61). (VIÑO:5). (TABOA2,Rua Petin). ***Aceite, viño e amigo, que *sea antigo.*** (J.P.). ***Aceite, viño e amigos, canto máis vellos, mellor.*** (CARRA4:120108). ***Aceite, viño, mel e amigo, canto máis antigo.*** (23911:236).

70. ***Non probes ovo vello nin viño novo, que che revolve o corpo todo.*** (VAZSACO1:420,10652).

A relación viño e amigos é frecuente nos refráns do viño e aparece dispersa en numerosos refráns doutros apartados: 516, 534, 535, 537, 538, 570, 580, 582, 583, 584, 734, 745, 760,761 e 802.

### 1.22. As uvas e san Lucas

Lémbrese o dito atrás da vendima excepcional por san Lucas (18 de outubro).

### 1.23. A proba do viño novo

Despois dun ano de amorosos coidados das cepas, das uvas e do viño, chégalle ó viñateiro o momento máis emocionante do ano: cata-lo seu viño. Lembremos que atrás queda un refrán (12) que di *En setembro e outono bebe o viño vello e deixa esta-lo novo.* É dicir entre a vendima-prensado-fermentación-envasado e a cata deben pasar, como mínimo, dous meses (setembro e outubro).

Neste momento o viño xa rematou a súa primeira fermentación alcohólica, que inicialmente foi tumultuosa e, antes de que empece a súa segunda fermentación, chamada maloláctica, é un bo momento para cata-lo viño. Aínda que algúns refráns xa autorizan a *deixa-la auga e bebe-lo viño,* a maioría din *mira, proba, cata, abilla o teu viño* ou *bota un traguiño*: é dicir, catalo, facendo un pequeno festexo familiar pero non entrar a saco no consumo porque ten que durar para os doce meses seguintes. Os refráns galegos non falan de mercar viño. Pero esa cata vai asociada a un festexo da familia cos amigos.

Hai nas Terras de Lemos unha delicada expresión galega que designa este momento emocionante de abrir unha pipa de viño: *Heiche dar o beixo do viño.* (ERG.Apéndice)

No mundo rural, e ata a irrupción dos procesos bancarios na actividade agrícola, o calendario labrego máis que números tiña nomes de santos e lúas. Por iso, o momento de cata-lo viño estaba (e en parte aínda está) ligado á festa de san Martiño de Tours, que se celebra o 11 de novembro. E aquí é ben lembrar que a nosa primeira viña estaba diante da basílica de san Martiño de Tours en Ourense; e tamén que este san Martiño de Tours é patrón da diócese ourensá, dos concellos da Merca, A Mezquita, A Peroxa, Amoeiro, Barbadás, Bueu, Cabanas, Coles, Forcarei, Manzaneda, Moaña, Muíños, Nogueira de Ramuín, O Grove, Ourense, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Piñor, Punxín, Quiroga, San Cibrao das Viñas, Teo, Toén, Vilaboa, Vilardevós e Vilariño de Conso e, por se for pouco, é tamén o santo titular de 235 parroquias (5 delas coa denominación dialectal *Martín*). *¡É moito santo este san Martiño de Tours!*

71. ***San Xoán trae o fol cheo de pan e san Martiño bota de viño.*** (23911:174).

Observemos este refrán, porque, unha vez máis, vemos que –coma moitos outros refráns– sen deixar de ser globalmente científico, afirma de maneira sinestésica cales son os momentos gloriosos do mundo rural: o cereal empeza a recollerse en xuño e isto exprésao dicindo con prosopopea que san Xoán (24.6.) *trae o fol cheo de pan*; e, como o viño xa se pode catar o 11 de novembro, dío deste xeito: *san Martiño trae unha bota de viño*. O refraneiro converte os números en imaxes e o calendario en arte.

72. ***Cando chega o San Martiño, xa se proba o bo viño.*** (10412). ***Cando chega o san Martiño, xa se proba o bon viño.*** (998J. Ballesteros Alonso).

73. ***Polo san Martiño mira o teu viño.*** (41750:472). ***Por san Martiño mira o teu viño.*** (49622). ***San Martiño, mira o teu viño.*** (40114:472).

74. ***Por san Martiño abilla o teu viño.*** (TABOA2).

75. ***No día de san Martiño abilla o teu viño.*** (17324). (41741). (15327).

76. ***No día de san Martiño, baixa á bodega e probas o viño.*** (RISCO-18).

77. ***Día de san Martiño proba o teu viño.*** (MACHAAL:20). (CARRA32:130). (CARRA33:7). (CARRA34:16). (CARRA4:70408). (SACO1:220). (SACO2:342). (ALVAG:41). (CARU:17111888). (GOLPE:10). (GOLPE:29). (RODGO3:421). (FILGU-G38). (RISCO-N:3018). (VAZSACO1:175,4142). (VIÑO:430). (34401:86). (44237:49).

78. ***O día de san Simón ponlle o tapón e o día de san Martiño abilla o teu viño.*** (RAJO).

Este refrán parece de creación galega, xa que rima mellor en galego do que en castelán, como advirte esta tradución: *Día de san Martín, prueba tu vino.* Como é natural está ben vivo en Portugal e mesmo nunha versión ampliada: *No día de S. Martinho mata o teu porco e bebe o teu vinho*. (Chaves).

79. ***Polo san Martiño proba o teu viño, a ver si lle pasou o acediño.*** (VAZSACO: Sober).

80. ***Polo san Martiño proba o teu viño.*** (102164:72). (11806). (31303:472). (31901). (FRAGU-GEG12:223). (FRAGU-GEG22:230). ***O viño novo nese tempo xa se pode tomar.*** (41202:344). (41403). ***Por san Martiño proba o teu viño.*** (GOLPE:18). (10613). (41740). (000110).

81. ***Polo san Martiño proba o viño.*** (25707:472). ***Polo san Martiño probo o viño.*** (000107).

82. ***Polo san Martiño cata o teu viño.*** (TABOA2). ***Por san Martiño cata o teu viño.*** (VIÑO:111). ***Polo san Martiño, cata o teu viño***. O orixinal pon cava que me parece errata (11806).

83. ***Por san Martiño xa se coñece o bo viño.*** (RODGO3:313). (15225). (42423). ***...conoce*** (VAZSACO1:798,21439).

84. ***Día de san Martiño, bebe o teu viño.*** (CARRA32:130).

85. ***Día de san Martiño, lume, noces e viño; e, se cadra, un anaco de touciño.*** (23911:215).

86. ***Día de tódolos Santos, andan o pan e o viño por tódolos cantos.*** (RISCO-18).

87. ***Do bo viño novo bota un traguiño polo san Martiño.*** (RODGO3:421). ***Do novo viño bota un traguiño polo san Martiño***. (TABOA2,Pontevedra). (VIÑO:433). ***Do novo viño bótalle un traguiño polo san Martiño.*** (43920).

88. ***Por san Martiño arrea a zapa e proba o teu viño***. (40307). Como vimos en 1.12, a zapa é o burato por onde se enchen os bocois, pipas, barrís etc. *O viño aínda ferve porque se ve zumegar pola zapa.* A zapa é tamén o tapón con que se cerra ese burato. Hai zapas de madeira e de cortiza. (DRAG).

89. ***O día de san Martiño proba o teu viño.*** (15224). (17852). (FRAGU-GEG9:60).

90. ***Polo san Martiño deixa a auga e bebe viño.*** (43815:153). ***Polo san Martiño deixa a auga e vaite ó viño.*** (38319:112).

91. ***Por o san Martiño non me digas de qué viño.*** Nesta data todo viño é bo porque está acabado de facer. (21007:1382).

92. ***Día de san Martiño todo o viño é bo viño.*** (RODGO2:108).

93. ***Polo san Martiño todo o mosto é bo viño.*** (RODGO3:421). (VIÑO:108). ***Polo san Martiño todo o mosto é viño.*** (RODGO3:313). ***Por san Martiño todo o mosto é viño.*** (45703).

94. ***San Martiño, os homes beben o viño.*** (42413).

95. ***Deixa a auga e bebe viño despois do san Martiño.*** (RODGO1:280). (VIÑO:240). ***Deixa a auga e bebe o viño despois de san Martiño.*** (34401:86).

96. ***Dende o san Martiño deixa a auga e bebe viño.*** (34505:158). ***Desde o san Martiño deixa a auga e bebe o viño.*** (34501).

97. ***Despois de san Martiño deixa a auga e bebe o viño.*** (CARRA32:130). (CARRA33:7). (CARRA34:16). (CARRA4:280308). (ALVAG:41). (SACO1:220). (SACO2:338). ***Despois de san Martiño senta mellor o viño cá auga por mor da friaxe.*** (32503). (GOLPE:29). (RISCO-N:3018). (RISCO-18). (RODGO3:313). (RODGO3:421). (VAZSACO1:174,4135). (CARU:17111888). (11806). (21112:15). (21112:16). (21112:27). (22105). (34001). (44307). ***... augha*** (45520). (RISCO-18). (43220). ***Despois do san Martiño deixa a iauga e bebe o viño.*** (21112:29). (38215). (44501). (FRAGU-GEG22:230). (23911:149). ***Despois do san Martiño deixa a auga e bebe viño.*** (VIÑO:241).

98. ***Polo san Martiño, bebe teu viño e deixa a auga para o muíño.*** (CARREA1:138).

99. ***Polo san Andrés, o viño mosto viño é.*** (11806). ***Polo san Andrés, o viño novo vello é.*** (11806). (44359). ***Por san André o viño novo vello é.*** San Andrés é o 30 de novembro e o viño que nese día se abille xa está máis feito. (VAZSACO1:187,4453). ***Chegando o san Andrés, o viño novo, anexo é.*** (VAZSACO1:173,4114).

100. ***Ende vindo Todos Santos e pasando san Andrés, viño novo vello é.*** (Ribasil). (SOBREIRA:469). Lembremos que Todos Santos é o 1 de novembro e que san Andrés é o 30 de novembro. Mesmo di un refrán ***¡Bendito mes, que empeza por santos e remata por san Andrés!***

Este último refrán que fala de Todos Santos (1 de novembro) lémbrame que non podo pechar este apartado sen deixar constancia de que existe unha variante ourensá (máis concretamente de Lobios) que anticipa a proba do viño ó 1 de novembro.

101. ***O día de Tódolos Santos anda o pan e o viño por tódolos cantos.*** (33903).

102. ***Acabaron as vendimas e veñen as esfolladas, pra comer coas nenas catro castañas asadas.*** (GARGO6:62).

Pero, como queda dito, algúns refráns adiantan a proba do viño ó san Simón (28 de outubro) e sepárana da proba do porco. Moita présa parece esa!

103. ***Polo san Simón proba o viño e o porco polo san Martiño.*** (RODGO3:421). (VIÑO:109). (11806). (23911:154). (23911:186).

Quizais sorprenda máis observar que este último refrán procede de colectores da Galicia septentrional: A Capela (11806) e da central: Ferreira de Pantón (23911:154) (23911:186).

O refraneiro insiste en que o viño vai necesariamente asociado á limpeza e á hixiene:

104. ***De cunca porca e sin fregar, viño malo hai qu'esperar.*** (VAZSACO1:838,22801).

### 1.24. Abilla-lo viño e mata-lo porco

Dúas actividades conflúen nese feliz mes de novembro: a proba do viño novo e a mata do porco, que dá a base de tantas comidas dende o caldo co seu unto, os chourizos, ó inconmensurable cocido, á lacoada, e mesmo ás filloas. Por iso o refraneiro emparella a proba do viño novo coa mata do chamado *santo das frebas*.

105. ***Mátase o porco polo Sanmartiño, e bébese o novo viño.*** (23911:214).

106. ***No San Martiño abilla o teu viño e mata o porquiño.*** (24402:1443). (27003:141).

107. ***Polo san Martiño mata o porco e abilla o viño.*** (18001).

108. ***Polo san Martiño mata o porco e proba o viño.*** (18001). (10917:472). ***Por san Martiño mata o porco e proba o viño.*** (40515). (45605).

109. ***Polo san Martiño mata o porco e bebe o viño.*** En Chaves din ***No día de S. Martinho mata o teu porco e bebe o teu vinho.*** (000112). (00062).

110. ***Polo san Martiño mata o teu porquiño e bebe o teu viño.*** (RODGO3:313). (38319:112).

111. ***Polo san Martiño mata o teu porquiño, deixa a auga e ponte co viño.*** (12109:472).

112. ***Polo san Martiño mato o porco e bebo viño.*** (45807).

113. ***Por san Martiño mata o porquiño e proba o viño.*** (18507).

114. ***Polo san Martiño mátase o porco e próbase o viño.*** (21812). (34001). (45012). ***Polo san Martiño mátase o porquiño e próbase o viño.*** (43220).

115. ***Polo san Martiño bebe viño e mata o porquiño.*** (17853).

116. ***No san Martiño bebe o viño e come o touciño.*** O San Martiño, 11 de novembro, é un bo momento para proba-lo viño novo e tamén apetece nesta época o touciño asado nas brasas. (38319:109).

117. ***No san Martiño, porco e viño.*** San Martiño é o mes de novembro. (34501). (34505:158).

118. ***No San Martiño, atesta o teu viño e mata o teu porquiño.*** (11806).

Nótese que este refrán da Capela presenta unha pequena diferenza: o viño só se proba e atéstase.

119. ***San Martiño mata o porco e proba o viño.*** (VAZSACO1:192,4584).

Este último refrán é unha verdadeira prosopopea, porque personifica o san Martiño, coma se fose el quen mata o porco. E outro refrán invirte a distribución dos seus elementos.

**1.25. Viño e magosto**

120. ***Noces, castañas e viño, fan o honor a san Martiño.*** (23911:149).

121. ***Castañas no cesto e viño, fan a delicia do San Martiño.*** (45013). ***Castañas, noces e viño fan a ledicia de san Martiño.*** (VAZSACO1:173,4113). (17324). (15224). (44307). (43310). (VIÑO:165). (11806). (18001). ***Castañas, noces e viño fan as ledicias do San Martiño***. (27003:131). ***Castañas, noces e viño fan un bo rebolicio no San Martiño.*** *Rebolicio* ou *rebolizo* é a revolución ou axitación do ventre. (24001:345). ***Castañas, noces e viño fannos ledicias de san Martiño.*** (21112:20). ***Castañas, noces e viño, fan a ledicia de san Martiño.*** (BOUZA3:61). (TABOA2,Pontevedra). ***Castañas, noces e viño, fan as delicias do San Martiño.*** (43220). (23911:149). ***Castañas, noces e viño, fan ledicia do S. Martiño.*** (CASAS1:24). ***Castañas, noces e viño son a ledicia do San Martiño.*** (39011).

122. ***O día de san Martiño asa castañas e proba o teu viño.*** (27003:151).

123. ***Por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto.*** (RODGO3:313). (11806).

124. ***Por san Martiño castañas e viño.*** (39402). (40307) (44508). ***Por o san Martiño, castañas e viño.*** (21007:1381).

125. ***Con castañas asadas e sardiñas asadas n'hai ruín viño.*** (VAZSACO) (VALLA7:585). ***Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño.*** (45605). (VAZSACO1:430,10943) (TABOA2,Vivero). C***on castañas asadas e sardiñas salgadas non hai ruín viño.*** (RODGO1:519). (VIÑO:172). (GONPE:35). (LEMABOU:3). ***Con castañas asadas e viño novo xa non morre o pobo.*** (TABOA2). ***Non hai ruín viño, con castañas asadas e sardiñas salgadas.*** (39011).

126. ***Señora María e señor Manuel, castañas asadas e viño con mel***. (GARGO6:61). ***Señora María, señor Manuel, castañas asadas e viño con mel.*** (VAZSACO1:428,10880). (15309). Os magostos son festas de homes e mulleres, vellos e nenos, de amizade e de veciñanza.

**1.26. ¿Canto dura o viño na adega do viñateiro? Reflexión social**

Hai un refrán ben simple:

127. ***En samartiño, pan e viño.*** (18402). (12401:472).

Pero del sae unha serie amplificada (*explicitada*, na terminoloxía de Mokienko (1989/2000: 201-318) que resulta estraña, porque fala de que o pan e mailo viño xa se esgotan no san Martiño (novembro). O número de variantes que presenta evidencia que se usa ou usaba moito. Como as explicacións destes refráns poden ser dúas (unha boa e outra amarga) e as dúas teñen que ver coa economía, imos ver primeiro os refráns:

128. ***Antes de san Martiño pan e viño, despois de san Martiño fame e frío.*** (CARRA4:120208). (CARRA4:190508). (CARRA34:16). (ALVAG:35). (RODGO3:313). (VIÑO:146). ***Ata san Martiño, pan e viño, e despois fame e frío.*** (CARREA1:135). (11806). ***Antes de san Martiño, pan e viño; e despois de san Martiño, fame e frío.*** (VAZSACO1:196,4675). ***Ata san Martiño pan e viño, de san Martiño adiante fame e frío.*** (15225). ***Ata san Martiño pan e viño, despois fame e frío.*** (13702:115).

129. ***Ata san Martiño pan e viño.*** (*VAZSACO1:2904 (5º curso)). ***Ata san Martiño pan e viño; de san Martiño adiante, fame e frío.*** (17819). FILGU-G38). (RODGO1:59). ***Ata san Martiño, pan e viño, de san Martiño para diante, pan e viño bastante.*** (11806).

130. ***Dica san Martiño, pan e viño; dempois, fame e frío.*** (14106:473).

131. ***Dica san Martiño, pan e viño, e de san Martiño pa diante, fame e frío.*** (17708:473).

132. ***Astra san Martiño, pan e viño, e de san Martiño adiante, fame e frío.*** (14504:473). (15226). ****Hasta o san Martiño, pan e viño; do san Martiño en diante, fame e frío.*** (26502:473). ****Hasta san Martiño, pan e viño, e de san Martiño en vante, fame e frío.*** (15235:473). ****Hasta san Martiño, pan e viño; de san Martiño adiante, fame e frío.*** (14308:473). ****Hasta san Martiño, pan e viño; de san Martiño en diante, frío e fame.*** (VAZSACO1:177,4219). ****Hasta san Martiño, pan e viño; despois de san Martiño, fame e frío.*** (VAZSACO1:178,4220). ***Astra o Sanmartiño, pan e viño; e despois do Sanmartiño, fame e frío.*** (23911:149).

133. ***Por san Martiño, pan e viño.*** (13042:472). (VAZSACO). ***Polo san Martiño, pan e viño; despois del, fame e frío.*** (VAZSACO1:185,4412).

134. ***Por san Martiño, pan e viño; de san Martiño adiante, fame e frío.*** (15327).

135. ***Por san Martiño, pan e viño; despois do san Martiño, fame e frío.*** (00062).

136. ***Por san Martiño, pan e viño; de san Martiño adiante, fame e frío.*** (VAZSACO1:188,4494).

Estas paremias parecen referirse criticamente a un consumo repentino e desaforado dos recursos alimenticios acumulados durante o ano. E aquí insinúase a primeira explicación.

É sabido que o ideal económico dunha aldea é o daquela familia da que en xuño se pode dicir que *ten millo vello no canastro,* é dicir, que xa lle está entrando o millo novo e aínda ten algún millo do ano anterior nesa *despensa de pobres á vista da xente*,

que era como Álvaro Paradela definía os hórreos ou canastros: unha familia rica ou unha familia frugal que soubo estira-los recursos en previsión de que a colleita do ano seguinte puidese ser pobre. Non debemos pensar que iso sexa un eloxio da riqueza senón da frugalidade, da boa administración. Polo tanto este refrán non sería unha verdade "de valor universal" senón recurso dialéctico para criticar (e amoestar) aquelas familias insensatas que consomen en poucas semanas os recursos alimenticios que lle debían durar para once meses. De feito, se repasámo-los refráns de novembro, observamos que ningún avala o consumo de viño sen límite: pola contra, falan de *proba, cata, bota un traguiño… polo san Martiño.*

Pero, nun país rico de xente pobre como foi tradicionalmente Galicia, cabe outra explicación acorde coa nosa historia económica. Como queda dito nos apartado 01 e 02, historicamente os viñateiros galegos non foron donos das terras que cultivaban ata 1926; e, só dende esa data, empezaron os viñateiros galegos a reuniren o traballo da terra coa plena propiedade desa terra. Esta segunda cara da realidade da produción agraria en Galicia fainos ver que refráns do tipo *Dica san Martiño, pan e viño; dempois, fame e frío* pode tamén aludir amargamente á escasa duración do pan e do viño nunha casa e nunha terra das que o ignoto propietario non os podía desafiuzar pero que estaban gravadas co tributo do foro que se sumaba ós tributos municipais e estatais. Pode ser, logo, este grupo de refráns unha expresión de queixa social.

Velaí, polo tanto, dúas hipóteses para unha mesma paremia.

### 1.27. Técnica comercial para o viño. Primeiros consellos

O refraneiro tamén dá consellos comerciais para lle dar saída ós excedentes de viño. ¿Cando, onde e a quen debe un galego vende-lo viño que queira vender? Aínda que veremos consellos máis específicos na sección *4. Viño e economía,* o primeiro é que o viño non se debe vender en mosto: haino que vender xa feito, para non regala-las plusvalías. Polo tanto, nunca se debe vender en setembro, se xa o houber, ou outubro senón a partir de novembro.

137. ***Polo san Martiño, merca-lo viño.*** (43815:153).

138. ***Polo san Martiño vende o teu viño.*** (41741).

139. ***Polo san Martiño vende o teu viño, antes a pipeiro que a taberneiro.*** (TABOA2). (BOUZA3:60). (VAZSACO: 15327). (15224). (17324).

140. ***Polo san Martiño vende o teu viño, antes ó pipeiro có taberneiro.*** (44907). (11806). (43815:153).

O refraneiro aconsella vender a *pipeiro* (que compra por xunto) mellor que a taberneiro (que, aínda que compre un bocoi vende por cuncas ou vasos). Ignoro cal é a razón verdadeira deste consello comercial pero probablemente debe verse aí a intención de vender de xeito que o envase vaia íntegro, porque vender por cántaros ou medidas menores, estraga progresivamente o viño que queda na pipa sen vender.

Pero atrás quedan dous refráns que din que hai que vender preferentemente ó bo veciño ou ó bo amigo. No mundo rural as relacións comerciais non son anónimas e é moi importante *a palabra* do comprador (é dicir, a súa seriedade nos contratos), entre outras cousas, porque moitas transaccións non sempre se pagan no momento nin se asinan documentos.

### 1.28. Antíteses do mes de san Martiño

141. ***No san Martiño, nin fabas nin viño.*** (VAZSACO1:179,4253). ***Por san Martiño, nin fabas nin viño.*** (CARRA34:16). (VIÑO:214).

Este refrán sería totalmente opaco se non soubésemos algunha forma plena recollida por outros, que imos ver. Será que recomenda non probar aínda as fabas nin o viño?

142. ***Por san Martiño non se sementan fabas nin liño.*** (20545:74).

É dicir, a festa do san Martiño é un descanso ben merecido e este refrán lembra que as fabas seméntanse canda o millo (entre marzo e maio); e o liño, en abril. O que alguns viñateiros fan xa neste mes é empezar a abrir gavias para airea-los buratos e despois estercar e plantar cepas.

143. ***Planta a viña en Santos e terás un ano de adianto.*** (43815:153). ***Polos Santos gabea as cepas.*** (BOUZA3:59) (CASAS1:2343815:153).

A vida ten que seguir e, cando acaba un ciclo agrícola, xa o novo ciclo agrícola está en marcha: lembremos que atrás queda un refrán que xa marca tarefas: *Por san Martiño zapa o teu viño e sementa o teu alliño.* Pero no caso do viño (en realidade das cepas) o viñateiro ten que estar atento a que xa empeza un ciclo novo:

144. ***Por san Martiño recolle o millo e planta o viño.*** (VAZSACO1:188,4489). Plantar plántanse cepas que darán uvas e estas, debidamente traballadas, converteranse en viño. Hai aquí saltos lóxicos; dise unha cousa para entender outra pero todo falante nativo entende o que o outro quixo dicir, aínda que non saiba que ese xogo de dici-la a causa polo efecto se chama *metonimia* pero saben captalo e tamén o saben xogar e por iso se permiten dicir que se *planta o viño*. Isto é a *estilística* que practicaban os nosos avós labregos, aínda que nunca oísen falar de tal palabra e digan que eles só querían rimar *Martiño* con *viño.* Isto é a vontade de estilo na fala popular anónima. *Non todo se aprende na Universidade* - repite a miña muller, de longa experiencia docente.

145. ***Ó chega-lo San Martiño, mátase o porco e próbase o viño.*** (RODGO3:313). (000109).

146. ***Por Santos sacha a horta e capa o rancho; ó chegar o Samartiño mátase o porco e próbase o viño.*** (VAZSACO1:150,3532).

### 1.29. Aspectos laborais do remate da vendima

Xa queda dito que a viticultura é un dos elementos que ó agricultor tradicional galego lle poden dar algún diñeiro en metálico; ou *liquidez,* como se di agora:

147. ***Vendima feita, cuartos no peto.*** (CASAS1:21).

Queda dito que a viticultura foi tradicionalmente traballo unifamiliar en Galicia: normalmente non empresarial, aínda que nos últimos 50 anos nacesen importantes cooperativas e mesmo importantes empresas de carácter familiar ou xa sociedades anónimas que normalmente realizan o ciclo completo vitícola e vinícola. Ora ben, a vendima hai que facela con rapidez, para colle-la uva no seu momento óptimo de maduración, dado que en Galicia o tempo atmosférico é sempre incerto. Por iso é frecuente que os viñateiros busquen axuda. Axuda que, nalgunhas partes de Galicia, tamén se procurou para a sabia montaxe dos palleiros ou para a posterior recollida da castaña[23]. Velaí os refráns:

148. ***Vendima feita e castaña recollida, pícaro fóra, vai ganar a túa vida.*** (VAZSACO1:85,2062).

149. ***Vendima feita e palleiro cerrado botan fora ó criado.*** (TABOA2).

O traballo da vendima, de apaña-la castaña ou de face-los palleiros é dos poucos que requiren un traballo asalariado de carácter temporal. Na agricultura tradicional de Galicia outros traballos son de axuda recíproca, é dicir, gratuítos.

**1.30 Decembro ou Nadal: unha exquisitez e algo máis**

No mes do Nadal pouca é a actividade relacionada coa vide ou co viño. Lembremos un longuísimo refrán que queda atrás: *Agosto, madura e setembro vindima a uva; outubro, bagazo fervendo na cuba; samartiño e nadal (se é pra mín) deixalo dormir; e, cando xa a xeada queimou a horta - colle o xarro e ábrelle a porta.*

Este refrán, propio do viñateiro exquisito e austero (*se é pra min*), aconsella deixar durmi-lo viño *en samartiño e nadal* e non abillalo ata que cheguen as xeadas de xaneiro. ¡Matices!

Se hai algo certo é que a maior parte dos galegos saben administra-lo viño que fan ou privarse temporalmente del, porque constatan que o viño que se abilla na primavera ten máis calidade. O ideal é ter viño vello para as festas de Nadal e Ano Novo, como queda dito: *…samartiño e nadal (se é para min) deixalo durmir.*

Así como producía admiración aquel veciño que, cando se collía o millo novo, aínda *tiña millo vello no canastro* (ou hórreo), tamén se admira aqueles que, cando xa lles entra o viño novo na adega, aínda conservan viño do ano anterior para as festas de Nadal e Ano Novo e así poden deixar que o viño novo se vaia asentando devagariño nas cubas. Esta administración austera considérase propia dunha casa gobernada con cabeza.

150. ***Quen arranxa a caiñeza no advento - é o porco, o viño e o queixo fresco.*** (MAREVA:21).

[23] Non é este artigo o lugar de expoñelo pero é admirable a técnica con que algúns labregos saben *cerrar un palleiro*, é dicir, amontoa-la palla cunha técnica aparentemente simple pero que impermeabiliza o seu interior e conserva dentro a palla fresca e seca, a pesar de que o palleiro estará durante case seis meses ó ventimperio húmido de Galicia. Para isto tamén se contratan veciños especialistas que aquí, xenericamente, o refrán denomina *criados* ou *pícaros* (é dicir, mociños). Pero o último palleiro que eu vin cubrir en Caritel, cubriuno ós seus setenta anos Manuel de Cacheiro con arte que toda a redonda lle recoñecía.

O Advento (do latín *adventus Redemptoris*: "chegada do Redentor") é o período que forman as catro semanas anteriores ó Nadal, coas que se inicia o ano litúrxico cristián. É un tempo de austeridade (*caiñeza* significa "miseria") e a liturxia utiliza ornamentos mourados en sinal de penitencia.

151. ***En decembre pouco viño e muita auga quente.*** (60023:35).

152. ***Nadal quer roupas e viño nas cuncas.*** (23911:150).

153. ***Nadal: rachas ó fumeiro e viño a escancear.*** (23911:150).

154. ***No Nadal alegrote, alegrote, que hai viño na cuba e chourizos no pote.*** (11806).

Efectivamente: matado o porco polo san Martiño e feitos e afumados os chourizos, no Nadal xa todo está no seu punto.

### 1.31. Febreiro: a choiva perniciosa

Un refrán único, pero suficientemente documentado, considera que un febreiro chuvioso prexudica o viño.

155. ***A auga de febreiro derrama o viño.*** (RODGO1:279). (VIÑO:403). (11806). (23911:139).

### 1.32. A trasfega de marzo

Trasfega-lo viño é trasladalo do recipiente no que está a outro limpo. Isto faise varias veces no ano para separalo das partículas vexetais, levaduras mortas e bacterias que se van decantando no fondo. Faise porque todo ese fondo, con baixas presións atmosféricas, pode revolverse e subir. Marzo é en Galicia un mes no que poden coincidir altas presións e tempo estable e iso recomenda facer esta trasfega que purifica o viño.

156. ***Marzo marzal, déixame o viño trasegar.*** (CASAS1:10). (BOUZA3:76). (11806). (VIÑO:443).

157. ***Marzo, o viño polo vaso.*** (11806).

158. ***Marzo, marciño, pan trigo e grolo de viño.*** (23911:141).

159. ***Marzo, marciño quere pantrigo e un grolo de viño.*** (11806). (FRAGUGEG20:166).

### 1.33. Unha trasfega de maio

160. ***Pra viño ben conservado, trasfégao en maio.*** (23911:145).

### 1.34. As flores do final

161. ***Das flores a máis fea é a do viño.*** Cando o viño se acaba na pipa, saen as flores brancas, que son fragmentos da capa que cubre o viño na pipa. (21002).

162. ***Cando o viño bota flores, o taberneiro cría colores.*** (VAZSACO1:629,16636).

### 1.35. Graduación

Os graos do viño indican a proporción de azucre que ten ese viño. Esas moléculas compostas por carbono, hidróxeno e osíxeno (carbohidratos) dan enerxía inmediata e mídense en graos Baumé en Europa e en graos Brix en América. Segundo a graduación os viños considéranse secos, semisecos, semidoces ou doces:

| Gramos de azucre nun litro de viño | Denominación |
|---|---|
| menos de 5g | Viño seco |
| entre 5 e 30g | Viño semiseco |
| entre 30 e 50g | Viño semidoce |
| máis de 50 g | Viño doce |

163. ***De mosto de moitos *grados *salen viños embocados.*** (VAZSACO1:61,1430). Probablemente este non sexa un refrán de tradición oral senón unha de tantas máximas da autoría de Jacinto del Prado (probable pseudónimo), porque a medición dos graos do viño é unha innovación do tratamento científico.

### 1.36. Calidade: publicidade e prezo

Cando os refráns queren falar da calidade do bo viño, algúns falan de lugares pero a maioría descartan expresamente a publicidade[24]. A idea básica do refraneiro é que o viño que é bo recoméndase de seu, sen axuda de nada: a publicidade vai de boca en boca. Outros refráns compárano co que acontece cos panos de calidade: non precisan exposición e a sona esténdese de seu.

164. ***Viño, de ricos; e pan, de pobres.*** (VAZSACO1:538,13909). O viño destes [os ricos] é de mellor calidade porque teñen máis medios para lograr unha colleita boa. O pan, o centeo, en cambio, non esixe tantos coidados e, por outra parte, cóceno o seus propios donos. (21007:1714). ***Viño de ricos e pan de probes.*** O viño requere moitos coidados que non llos dá o probe pola falta de medios; o pan, non quere tantos mimos. Tanto un coma outro, é millor canto máis natural sexa e menos químicas se empreguen nel. (MOREI1:97). ***Viño de probe e pan de rico.*** Estrañamente antitético da variante máis estendida. (VAZSACO1:537,13908). ***Comer pan e beber viño é propio do rico.*** (VAZSACO1:789,21166). Estas paremias están comentadas na introdución deste artigo (0.).

165. ***O galego fino con todo bebe viño.*** (39011). Lémbrese que *fino* en galego é un sinónimo retranqueiro de persoa rica e desleigada: o viño é un complemento caro da comida.

166. ***Viño que salte, queixo que chore e o pan que cante.*** (TABOA2). (VAZSACO). (RODGO3:421). (VIÑO:229). (23911:214). O viño que non está fiado, salta ó botalo no vaso. Algúns queixos galegos, en fresco, son húmidos. O pan fresco tamén trisca ó cortalo ou rompelo.

[24] Véxase tamén a epígrafe 2.4. A calidade é a mellor publicidade.

167. ***Non hai mellor viño có da viña.*** (RODGO3:421). ***Non hai mellor viño que o da viña.*** (CAJARA:91). ***Non hai mellor viño, có que dá a vide.*** (23911:215). ***Non hai millor viño que o da viña.*** (VAZSACO). (CAJARA:91). (VIÑO:61). Este refrán predica como valor supremo a autenticidade ecolóxica do viño.

168. ***-¿Maruxiña ten bo viño? -Ela dirá, qu'o que fora sonará.*** (CARU:28111888). ***Maruxiña ten bo viño, si o ten, el o dirá: o que fore, sonará.*** (SACO1:223). É dicir, que os feitos son a mellor comprobación da verdade ou falsidade do que se di. (SACO2:316). (VIÑO:294). (RODGO3:421). ***Maruxiña ten bo viño; si o ten, el o dirá: e o que fore sonará.*** Este refrán insiste en que o propio viño é quen di se ten ou non calidade, non quen o ofrece. Velaí outro requinte de estilo. (VAZSACO1:551,14379). (RISCO-18).

169. ***Si Xan ten bon viño, xa se dirá.*** (VAZSACO1:653,17298).

170. ***O viño que é chispeiro non percisa pregoeiro.*** (TABOA2). (RODGO3:421). (VIÑO:104). (VAZSACO1:838,22832). ***O viño que é chispeiro, non necesita compañeiro.*** (23911:210). ***O viño chispeiro non necesita pregoeiro.*** (TABOA2).

171. ***A cuba de bon viño non precisa de bandeira.*** (CARRA4:190508). (VIÑO:252). ***A cuba do bo viño non necesita bandeira.*** (VAZSACO). (TABOA2). ***A cuba do bon viño non necesita bandeira.*** (21007:43). Era frecuente, antes da actual rixidez do mercado, que, nas casas onde vendían viño, puxesen na porta algún signo (xeralmente un ramallo de loureiro ou algo así) ó que nuns casos lle chamaban ***ramo*** e noutros ***bandeira.*** O refrán di que o bo viño non precisa publicidade: xa corre gratis a sona de boca en boca.

172. ***A cuba do bo viño non necesita bandeira i o bo pano na arca se vende.*** (RODLO1:79).

Na relación calidade – prezo, a barateza adoita ser indicio de pouca calidade:

173. ***O viño bo é caro; e o barato é malo.*** (RODGO3:421). ***O viño bo é caro, i o barato é mao.*** (VIÑO:95). ***O viño bo é caro, i-o barato é malo.*** (VAZSACO1:219,5248).

174. ***O viño barato saca o carto do farrapo.*** Porque se bebe máis. (VAZSACO1:424,10780). (RODGO3:421). (VIÑO:94). (23911:206). (34401:86).

175. ***O viño barato sácache o carto do trapo.*** (VAZSACO1:424,10781). (RODGO3:421). (VIÑO:94). (34401:86). (23911:206). A mediados do século XX era habitual que a xente das aldeas levase as súas moedas, para non extravialas, no peto e envoltas nun pano da man, aquí chamado *farrapo*, non só por razóns de rima senón porque, ás veces, era un simple trapo e non unha peza confeccionada á máquina como hoxe ten todo o mundo.

O viño bo bébese axiña ou, como se di moitas veces, *déixase beber*, é dicir, todos o queren beber e acaba axiña: como di outro refrán, *O que é bo acaba logo*. A calidade ten ese defecto: que é efémera.

176. ***Viño bon e home valente pouco duran.*** (VAZSACO1:445,11449).

177. ***O pan, do grao; e o viño, da uva.*** Este refrán úsase cando alguén louva unha cousa que non é boa. (VAZSACO).

## 1.37. Calidade do viño: catro indicios en secuencia galega

Pero onde están os indicios de calidade? Entre as innumerables notas paremiolóxicas de Vázquez Saco figuraba (10.794 da nosa edición) esta sentencia *Ouserve no viño o bon probador o gusto, cheiro, súa forza e color.* Por varias razóns parece probable que isto non sexa un refrán de tradición oral senón, outra vez, unha máxima de autor (quizais tamén do misterioso Jacinto del Prado). Pero esa única cita vale para anticipar que a eses catro parámetros do baremo o refraneiro galego chámalles *sabor* ou *boca* (gusto), *nariz* (olor, cheiro), *que salta ós ollos* (forza) e, por suposto, *color* (que inclúe color máis transparencia). Pero, como imos ver, o refraneiro engade un quinto parámetro: que sexa do ano anterior (*anello*) para que estea ben asentado e purificado e se logre unha boa color.

Contabilizando as citas destes parámetros nos refráns que vou citar a continuación obsérvase que, de máis a menos citas, serían estas:

| color | boca | forza | idade | nariz |
|---|---|---|---|---|
| 7 | 6 | 4 | 2 | 1 |

Por se-lo refraneiro un produto da tradición oral espontánea é ben posible que o numero de citas que presente cada parámetro nun corpus como o *Tesouro Fraseoloxico Galega* (TFG) teña algunha significación. Atrévome a supoñer que nos indica os valores preferentes que quixeron deixar condensados nas paremias non só os autores anónimos dos refráns senón tamén os usuarios anónimos que as foron repetindo ata chegaren a nós. De ser así, o noso refraneiro primeiro parece valora-la color, despois o sabor e a forza; e teriamos que concluír que a idade e o aroma son valores menos imprescindibles.

Isto choca coa actual disciplina das catas que empezan sempre pola secuencia *ollos → nariz → boca*. O aroma é hoxe o segundo parámetro de análise pero na viticultura tradicional rara vez vimos que os nosos avós ulisen o viño e dixesen que sabores lles evocaba ese aroma: primeiro miraban contra a luz e seguidamente cataban. Nunha entrevista a un viñateiro da Ribeira Sacra[25], cando este ofrece un vaso de viño á entrevistadora, esta pregúntalle como se bebe un viño da Ribeira Sacra e el respóndelle bebendo a súa copa. A xornalista pregúntalle *¿Pero no se huele antes?* E o señor Fidel respóndelle *Eso lo hacen los químicos.* E logo engade: *Aquí se dice ¡Salú! y en Alemania Prost!* Eu tampouco lembro que meu pai ulise o viño e que dixese que ulía a romeu e esas evocacións subxectivas que agora se levan. Para el o viño estaba todo no sabor e engadía: *ó bebelo diche que uvas eran, como estaban, como están as doelas do bocoi e, se ten forza, vese pasados uns minutos na alegría de quen o bebeu*. Quizais sen coñece-la cita, meu pai estaba concordando co salmo 104,15: *o viño alegra o corazón do home.*

178. ***Dixo Salomón que o gran viño alegra o corazón.*** (23911:208). (23911:210). (41816). Como se acaba de ver, a cita é dun salmo do rei David (104,15)

[25] https://www.youtube.com/watch?v=c6ttBvLcz-U

e o anónimo autor do refrán, para consegui-la rima, fíxolle máis xeito cambialo polo seu fillo o rei Salomón. Pero os biblistas din que a participación do rei David na elaboración do libro dos Salmos foi probablemente a de director e parcialmente coautor dalgún, algo semellante ó que fixo o noso rei Afonso X coas Cantigas de Santa María. Este refrán salienta a forza do viño.

179. ***O viño bo quenta o corazón.*** (25405). Supoño que este refrán debe colocarse aquí no sentido metafórico de que "alegra a quen o bebe" e non entre aqueles outros que falan de que o viño produce calor físico.

180. ***Alegría do corazón e da alma é o viño.*** (23911:206).

181. ***O viño alegra o ollo e quenta as orellas.*** (34401:86). ***O viño alegra o ollo e quenta o corpo.*** (RODGO3:421). (TABOA2). (VAZSACO1:838,22814). (VIÑO:92). ***O noso viño bon, que dan as cepas, quenta as orellas.*** (27003:137).

182. ***A agulla do bo viño - á calquer quenta o fuciño.*** (MAREVA:25).

183. ***Na adega, touciño e viño - quenta o carrelo, a tripa e o fuciño.*** (MAREVA:10).

184. ***Viño e cousa de liño, cando arrefenta, quenta.*** (GILBER:117). (FRAGUGEG19:85). (VAZSACO3:286,1094).

185. ***Cando Xan vai contento, é que leva viño dentro.*** (23911:215).

186. ***A auga fai mal e o viño fai cantar.*** (RODGO1:280). (VIÑO:230). (GARGO1:60).

Da anterior paremia, a primeira parte é falsa e a segunda pode ser verdadeira. Só coñezo dúas paremias que falen claramente do aroma. Anotárona a primeira en Pantón (Ribeira Sacra), terra de viñedos en socalcos únicos no mundo pola extensión e pola altura. Esta paremia, única e con certo aire de creación non popular, cifra en tres os matices esenciais do viño de calidade:

187. ***O viño ha de ter tres cousa da muller fermosa: bo color, *boa nariz e boa boca.*** (23911:215).

Ese **boa nariz,* anómalo en galego (porque debía ser *bo nariz*), quizais indique algo aprendido de fóra. Nestas paremias está a linguaxe das catas modernas: obsérvese a metonimia de *nariz* por "aroma" e de *boca* por "sabor". É certo que Eladio Rodríguez, que era do Ribeiro, xa recolle como unha das acepcións de nariz "Olor, aroma de vino" e pon o exemplo *este viño tén bo nariz*, que non só indica o estado do viño senón que podería indica-lo estado da cuba na que se criou. Pero ese valor non o recollen os outros lexicógrafos antes nin despois. E a paremia di **boa nariz*, cando *nariz* en galego é masculino.

188. ***Home precavido, oler o tabaco e o viño.*** (VAZSACO1:439,11256).

Pero, aínda que a maioría dos refráns galegos non resalten o olor como un parámetro de calidade, o certo é que o viño ten olor e que o transmite. Non só é certo que

189. ***A cuba ole sempre a uva.*** (23911:186).

190. ***Cada fustalla cheira ó viño que garda / gardou.*** (RODGO2:389).

191. ***Cada bota cheira ao viño que ten.*** (VIÑO:319).

porque tamén é certo que

192. ***Ao que bebe viño chéiralle o fuciño.*** (VIÑO:16).

O refraneiro galego prioriza que o viño estea ben criado e asentado, é dicir, purificado e limpo; *que dea a cara.* Quizais por iso, un refrán recomenda a pícara cautela de non mira-lo propio viño ó sol, cando o ofrece a outra persoa, se non está seguro da súa plena limpeza:

193. ***Cando deas viño ó teu señor, non o mires ó sol.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:837,22798). (VIÑO:25).

A limpeza do viño é o primeiro factor de valoración na tradición vinícola de Galicia:

194. ***O viño, pola cor; e o pan, polo sabor.*** (RODGO3:421). ***O viño pola coor i o pan polo sabor.*** (VIÑO:206). (34401:86).

195. ***O pan polo olor, o viño *polo color e todo polo sabor.*** (38319:110).

Esa limpeza conséguese dándolle o seu debido tempo de fermentación e crianza, que o fai *anello* ou *anexo,* é dicir, dun ano. Cando é así, produce unha alegría e benestar que *salta ós ollos.* Resumindo: color, sabor e forza son os méritos prioritarios do viño na tradición oral galega.

196. ***Pan e viño..., xa tes paraíso.*** (23911:188).

Con todo, no refraneiro conviven parámetros de calidade inversos:

197. ***O pan pola coor e o viño polo sabor.*** (VIÑO:198). (CAJARA:92). ***O pan, pola cor, e o viño, polo sabor.*** (34401:192). ***O pan, pola cor; e o viño, polo sabor.*** (RODGO3:77). ***O pan, polo color; o viño, polo sabor.*** (23911:211).

A comparación entre pan, queixo e viño serve para crear un refrán trimembre que resalta unha terceira cualidade do viño: a chispa da alegría que produce en quen o bebe coa metáfora de que *salta ós ollos*:

198. ***O pan, con ollos; o queixo, sen ollos; e o viño, que salte ós ollos.*** (34401:192). ***O pan con ollos, o queixo sin ollos, o viño que salte ós ollos.*** (23911:188). ***O pan, con ollos; o queixo, sin ollos; o viño, que salte ós ollos.*** (RODGO3:77). (VIÑO:197).

199. ***O pan, con ollos; o queixo, cego; e o viño, anello***. (RODGO3:77). ***O pan, con ollos, o queixo, cego, i o viño, *anexo.*** *(VIÑO:196).*

200. ***Pan con ollos e viño que salte aos ollos.*** (21007:1338).

201. ***Pan con ollos, queixo sen ollos e viño que salte ós ollos.*** (40005:14,218). (VAZSACO1:660,17553).

Os *ollos dos pan* son os buratiños ou burbullas que ten o pan trigo e, en menor medida, o pan de centeo e que se lle forman ó esponxarse na cocción. Nótese que o pan de millo non *ten ollos*. Entre os queixos hainos compactos, coma o queixo de San Simón, e hainos con buratiños ou *ollos* (coma o gruyère francés).

O refraneiro prefire o queixo sen ollos (ó que tamén chama *queixo cego*) e o pan, en cambio, con ollos (*que vexa*). A alegría que produce na mirada é o que chama *saltar ós ollos.* Así naceron estas variantes:

202. ***Queixo cego, pan con ollos e viño que salte ós ollos.*** (31901). ***Queixo cego, pan que vexa e viño que chispe no bullo.*** (23911:210). ***Queixo cego, pan que vexa e viño salte á ceixa.*** (23911:210). Lémbrese a cantiga: *Beber viño dá alegría, / e o fumar dá *placer; / o que non fuma nin bebe, /¿que alegría che ha de ter?* (VAZSACO1:467,12046).

203. ***O queixo, sin ollos; o pan, con ollos; i-o viño, que salte ós ollos.*** (VAZSACO).

En calquera caso, a calidade do viño empeza porque sexa viño e só viño. O refrán é moi coñecido:

204. ***O pan, pan; e o viño, viño.*** (RODGO3:77).

Pero este refrán, por unha ben coñecida reelaboración, transformouse en metáfora da verdade sen ningún tipo de reserva, da franqueza, de chamarlle ás cousas polo seu nome:

205. ***Ó pan, pan; e ó viño, viño.*** (VIÑO:79). (18401,187). (20532:61). (23911:207). (44084).

206. ***Ó pan, pan; o viño, viño.*** A cada cousa hai que lle da-lo seu nome verdadeiro. (44248). En Portugal teñen tamén este refrán pero usan esta variante: *Pão, pão, queijo, queijo.* (CARVALHO1,3:69).

Este refrán expresa que a cadaquén hai que lle da-lo seu merecido e os romanos definían o concepto de xustiza así: *Vnicuique suum*. Pero tamén se pode entender como desexo de que o pan sexa pan auténtico e de que o viño sexa de uva, é dicir, desexo de que non haxa ningún tipo de adulteración nin fraude.

O viño asóciase á verdade, porque o viño na debida proporción desinhibe de complexos, de tabús e de medos; e por iso

207. ***O viño ten tres propiedades: facer dormir, facer rir e os cores sair.*** (TABOA2).

208. ***O meniño e o borracho din o que teñen no papo.*** (43220).

209. ***O viño das festas e os testamentos dos avós, descobren as intenciós.*** (MOREI1:7).

E aínda hai unha segunda reelaboración goliárdica:

210. ***Ó pan, pan; e ó viño, coma loucos.*** (23911:207). Este refrán xoga coa elisión de dous verbos diferentes en cada segmento: *chamarlle* pan ó verdadeiro pan pero *tirarse ó* viño como loucos.

O viño de moita calidade dura moito (os viños de reserva). Pero o refraneiro conta unha verdade: o viño de calidade normalmente é o primeiro que se bebe e o primeiro que se acaba. Xa acontecía así nos tempos vellos nos que as pequenas cantidades se transportaban en *odres* de coiro, que levaban, máis ou menos, uns 50 litros:

211. ***Odre de bo viño dura pouquiño.*** (RODGO3:39). ***Odre de bon viño nunca dura moito.*** (CARRA4:200808). (CARU:19121888).

212. ***Odre de bo viño, cabalo saltador e home rifador nunca dura moito co seu señor.*** (RODGO3:39).

### 1.38. Calidade: a idade do viño

O refraneiro cando fala de viños de calidade presupón unha boa viticultura e unha boa vinificación: é dicir, un tratamento case amoroso das cepas e das uvas pero tamén un tratamento amorosamente hixiénico dos lagares e dos bocois, coas súas correspondentes trasegas. Só así se pode falar de viño dalgunha calidade.

Nestas circunstancias, supoñendo unha elaboración rigorosa, o refraneiro responde unha pregunta que, polo número de citas e variantes, vese que a fai moita xente: ¿é mellor o viño novo ou o viño vello?

213. ***Amigo e viño, o máis antigo.*** (MAREVA:48). ***Viño e amigo o máis antigo.*** (FRAGU-GEG26:122).

214. ***Viño vello, amigo vello e ouro vello.*** (23911:210).

215. ***Amigo vello, touciño e viño anexo.*** (MAREVA:47).

216. ***Viño e amores, os vellos son os mellores.*** (RODGO3:421). (TABOA2). (VAZSACO). (FRAGU-GEG26:122). (18401:187). (21112:35). (23911:209). (27101). (43815:160).

217. ***Viños e amores, canto máis vellos, mellores.*** (23911:269).

218. ***Viños e amores, dádeme os vellos, que son os millores.*** (CABANA).

219. ***Viños e amores dos vellos son os millores.*** (TABOA2,Pontevedra). (VIÑO:133). (40204:75).

220. ***Aceite, viño e amigo, millor canto máis antigo.*** (TABOA2). ***Aceites, viños e amigos, cantos máis millor.*** (VIÑO:6).

221. ***Aceite, viño, mel e amigo, mellor, canto máis antigo.*** (MAREVA:8).

222. ***Viño e médico, vello.*** (VAZSACO1:641,16985). ***Viño vello para beber, médicos vellos para curar e amigos vellos para tratar.*** (40005:14,218).

223. ***Amigo, vello; touciño, vello; viño, aínda máis vello. O tempo é proba de boa calidá.*** (MOREI1:23).

224. ***Pan de hoxe, carne de onte e viño avellán, manteñen ó home san.*** (40800*). Viño avellán* é viño vello: este refrán presenta unha variante única.

225. ***Pan de hoxe, carne d´onte e viño d´antano manteñen o home sano.*** (VALLA7:31). (RISCO-18). ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano - manteñen o corpo sano.*** (MAREVA:63). ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano manteñen o home sano.*** (RODGO1:180). ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano manteñen ó home san.*** (13702:128). ***Pan de hoxe, carne de onte e viño *d'antaño manteñen ó home sano.*** (TABOA2,D. V.).

226. ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, manteñen o home sano.*** (CARREA1:138). (VAZSACO). (40607:59).

227. ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de antonte.*** 998ms: "d'antonte". (VAZSACO1:664,17670).

228. ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de outono manteñen o home sano.*** (VAZSACO1:664,17671).

229. ***Pan de hoxe, carne de onte e viño de outono manteñen o home sano***. (000108).

230. ***Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano manteñen o home sano.*** (VAZSACO1:660,17559). (RODGO3:77). *"Hai quen di e perce máis acertado "Pan de hoxe, carne de onte e viño..."* (MOREI1:63). (VIÑO:208). ***Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano: saúde para todo o ano.*** (RODGO3:77). ***Pan de onte e carne de hoxe e viño de antano, *salú pra todo o ano.*** (VAZSACO1:660,17558).

231. ***Pan de onte e viño de ano, o home está sano.*** (13201:252). ***Pan de onte e viño de antano, saúde para todo o ano.*** (40607:59).

232. ***Pan de onte e viño de antano, *salú pra todo o ano.*** (VIÑO:209).

233. ***Carne de hoxe, pan de onte, viño de antano / viño de cando cadre.*** (RODGO1:496). (VIÑO:164).

Como se ve, hai diferente percepción en se é mellor o pan de hoxe e a carne de onte ou ó revés; e Moreiras Santiso sinálao expresamente. Pero tódalas variantes cadran en sinalar como viño mellor o viño *de ano* ou *de antano*, é dicir, o que se fixo o ano anterior: ese que en Cangas un informante chamou *viño avellán.* A variante *de cando cadre* parece rebaixa-la importancia da idade do viño, con tal de que sexa viño.

O refraneiro inclínase de forma contundente polo viño vello. E compárao co ouro vello, co touciño vello, co aceite vello, co mel vello, cos médicos vellos pero sobre todo cos amigos ou amores vellos. Quere dicir que para o refraneiro, o viño vello está máis asentado e curado pero, ademais, comparte os valores superiores da calidade, fidelidade e experiencia.

O que non nos di o refraneiro galego é canto tempo de repouso e crianza precisa un viño para adquiri-la condición de *viño vello*. Só especifica que, cando se fai o viño novo, non hai que ter présa en catalo: aí é o momento de bebe-lo viño vello (*Polo outono, bebe o*

*viño vello e deixa pousa-lo novo*). Non sei se entender este refrán como "conténtate con beber viño de anadas anteriores" ou "permítete beber viño de reserva".

234. ***Polo outono, bebe o viño vello e deixa pousa-lo novo.***

235. ***Viño do ano n'o bebas, anque sea sobre as frebas.*** (VAZSACO1:538,13910).

*Polo outono, bebe o viño vello e deixa pousa-lo novo* parece indicar que, forzada polo curiosidade do momento, a xente en Galicia devece por cata-lo viño novo. Pero tamén se podería entender como "permítete beber viño de reserva", aínda que, sendo a produción vinícola en Galicia de carácter familiar e maiormente de autoconsumo, non é frecuente que nalgunha casa (de non ser unha casa rectoral ou un pazo) houbese viño que puidésemos cualificar como *reserva*.

Coido que non é o mesmo *viño vello* que *viño de cepas vellas.* Vexa o lector este refrán:

236. ***As cepas vellas quentan as orellas.*** (44508). Aquí as *cepas* significan o viño.

237. ***O viño da viña vella zonzonéame na orella.*** (VAZSACO1:838,22816). (VIÑO:97).

238. ***O viño da viña allea zonzonea a orella.*** (RODGO3:421).

*Zonzonear* significa "zumbar", como fai o moscón. Debe observarse que a última variante non di *viña vella* (viño de cepas vellas) senón *viña allea*.

239. ***Viño blanco e muller, o primeiro que viñer.*** (23911:213). (23911:252). (MOREI2:86). (MOREI1:11). (VIÑO:129).

**1.39. Calidade: o viño acompaña pero quen establece o nivel é a comida**

240. ***Coas castañas asadas e sardiñas salgadas non hai ruín viño.*** (CARRA4:40308).

241. ***Pan, viño e carne quitan a fame.*** (RODGO3:77). (VAZSACO). (VIÑO:212). (CAJARA:94). 23911:212)[26].

**1.40. Calidade: o viño bo quece por dentro**

242. ***Un pouquiño viño quita o frío.*** (23911:211).

243. ***O vello e o forno pola boca se quentan: un con viño e outro con leña.*** (RODGO3:408). (VIÑO:90). (VAZSACO). (23911:264).

244. ***O viño das cepas vellas quenta as orellas.*** (*VAZSACO1:838,22817). (27003:137). (43917). (5Abres:26). (ALOMO3:28). (RODGO3:421). (TABOA2). (VIÑO:98). (34401:86). (43920). (23911:209). ***O viño das cepas vellas, quenta as ourellas.*** (44914).

[26] *Pan, xamón e viño *añexo son os que inchan o pelexo*. (TABOA2). (*VSACO) (TABOA2). Arredo este refrán porque ten varias características que indican que é unha frustrada adaptación do correspondente refrán castelán, onde rimarían ben *anejo* con *pellejo* pero non en bo galego.

245. ***Quenta as orellas o viña das cepas vellas.*** Canto máis vellas sexan as cepas mellor viño dan**.** (31910). (39011). (43220). (43310). (44307).

### 1.41. Calidade: as borras

O refraneiro sabe que o viño está sempre vivo e sabe que, pousado, sempre cría algo de borras. E con isto o viño tamén se converte en símbolo da caducidade ou da debilidade humana: como se ten dito, en todas partes hai unha legua de mal camiño.

246. ***No mellor viño hai borras.*** (RODGO3:421). (VIÑO:74). (XERAIS2:428).

247. ***O mellor viño fai borra.*** (VIÑO:74). (45703). (23911:216). (RAJO).

248. ***O mellor viño vólvese vinagre.*** (TABOA2). (RODGO3:421). *O Mintireiro verdadeiro, 1969. (VIÑO:75). (23911:209). (VAZSACO).

249. ***De un gran viño, un gran vinagre, e de un gran santo, un gran demonio.*** (VAZSACO1:254,6236). Espectacular comparanza na que ese "de un" parece ser indicio de que orixinalmente foi castelán: pola súa moralidade puido difundirse a partir dun mosteiro.

250. ***Do bo viño, bo vinagre.*** (RODGO3:421). (VAZSACO). (VIÑO:41). (23911:186).

251. ***O mellor viño, o que dá a vide.*** (23911:188): é dicir, o que non ten auga nin aditivos.

252. ***Ás veces vale máis o viño cás borras; e de contino vale máis o viño.*** (RODGO3:420).

253. ***Naide mormure de naide, que somos de carne humana; non hai pelexo de viño que non teña a súa botaina.*** (VAZSACO1:831,22610).

### 1.42. Calidade: efectos

No tocante ó viño abundan os refráns que exaltan a capacidade de desinhibir e de devolverlles ós vellos (habitualmente reflexivos e severos) unha certa alegría despreocupada.

254. ***O viño fai ao vello mociño. O viño fai o vello mociño.*** (RODGO3:421). ***O viño fai ó vello mociño.*** (VALLADARES). (RISCO-18). (ALOMO3:28). (43917). (34401:86). (43920). (VIÑO:102). Probablemente alude ó efecto desinhibidor que ten o viño, e que fai que moitos vellos, habitualmente severos, se manifesten, despois de beber, con menor severidade e maior cordialidade.

255. ***O viño fai de vello meniño.*** (17851). ***O viño fai do vello meniño.*** (VAZSACO1:529,13730). (41740). ***O viño fai dun vello un meniño.*** (VAZSACO1:529,13733). (10613)***. O viño fai do vello miniño.*** (VAZSACO1:529,13731). ***O viño fai do vello mociño.*** (23911:205). (41814). (45605). (SACO2:336). (VALLA7:585).

256. ***O viño ó homiño faino meniño.*** (VAZSACO1:529,13734). (10703). ***O viño fai do homiño meniño.*** (VAZSACO1:529,13729). ***As peras e o viño, fan ó vello mociño*** (23911:210). ***Queixo, leite, ovos, viño fan do vello mociño.*** (J.P.). ***Trigo e viño fan ao vello mociño.*** Con referencia ó trigo sirva este como exemplo. (21007:1625).

257. ***Pan, uvas e queixo, saben a beixo.*** (23911:187). Neste caso corrixo a fonte que escribe**beso***,* porque destrúe a rima *Uvas, pan e queixo saben a beixo.* (VAZSACO1:429,10919). A perfecta rima en castelán *(beso... queso)* podería indicar que é refrán aprendido na sega en Castela.

258. ***Pan quente e uvas ás vellas quitan engurras.*** (RODGO3:77). (VIÑO:390). (MOREI2:35). (VAZSACO1:662,17621). (23911:255). (42009). ***Pan quente e uvas, ás vellas quitan as arrugas.*** (23911:220).

259. ***Pan quente e uvas, ás mozas poñen mudas, e ás vellas quítanlle as arrugas.*** (23911:220). ***Pan quente e uvas, ás mozas volven mudas e ás vellas quitan engurras.*** (MOREI2:36).

260. ***Bebe viño e augardente, tera-lo corpo sempre quente.*** (27003:142). Este refrán é falso na palabra *sempre*. O alcohol produce unha reacción calórica transitoria. Disque o constatado aumento da calor corporal, cando se bebe augardente, é momentáneo e que, para mantela, habería que seguir bebendo. De feito teño oído relatos de testemuños presenciais dalgunhas mortes por conxelación en Teruel na Guerra Civil (1936-1939) e engadían que os médicos avisaban de que o consumo de alcohol (para combate-lo frío) aceleraba precisamente a morte porque producía sopor, inmobilidade, baixa do metabolismo e isto facía que o ataque do frío acabase sendo mortal.

261. ***Máis val viño frío que auga quente.*** (VAZSACO1:219,5242). VIÑO:243). ***Máis val viño quente que auga fría.*** (VAZSACO1:219,5243). (VIÑO:244). Velaí xuntos dous refráns contraditorios que, para teren algún sentido, deberían responder a dúas utilizacións completamente distintas e mesmo antitéticas.

### 1.43. Calidade: alimenta

262. ***O bo viño cría bo sangue.*** (RODGO3:421). (VIÑO:70). (23911:219).

263. ***O viño cría sangue; e o pan, panza: todo o demais é chanza.*** (RODGO1:676). (34401:193). Ignoro se esta crenza que manifestan este refrán e mailo anterior ten algún fundamento biolóxico. A vella tradición considérao un reconstituínte e, en caso de debilidade, tralo parto ou tras enfermidades, dábase viño, quizais porque se notaba un certo fortalecemento do corpo. Pero, aínda que forme parte da dieta mediterránea, os actuais libros de nutrición tenden a desaconsellar calquera forma de alcohol, pola posible adicción e porque as calorías que achega son calorías baleiras, que non se compensan por un posible subministro doutros principios nutritivos, como proteínas, glúcidos, fibra, vitaminas, minerais (que, polo visto, o alcohol non ten). Podería ser que neste refrán estean latentes a crenza homeopática que relaciona viño tinto e sangue e, sobre todo, a crenza cristiá de que na eucaristía o viño consagrado na misa é, dalgún xeito misterioso, o sangue de Cristo.

264. ***O viño é o sangue dos vellos.*** (45605). (RODGO3:421). (45802). ***O viño é *a sangre dos vellos.*** (VALLA7:585). (VAZSACO1:529,13728). (23911:208). É ben

posible que este refrán non pase de ser unha reelaboración laica da frase tan repetida na liturxia cristiá de que *Vinum est sanguis Christi* ("O viño [consagrado] é o sangue de Cristo"). Pero quizais alude á enerxía e a alegría que produce en persoas habitualmente serias.

265. ***Crían bo sangre o pan, o viño i-a carne.*** (RODGO1:676). (VAZSACO1:661,17599). Quizais mereza un comentario semellante ó anterior.

266. ***O viño é o leite dos vellos.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:838,22826). (VIÑO:100). (ALOMO3:28). (23911:212). (23911:221). (45802). Outra afirmación humorística.

267. ***O viño é pan e medio.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:838,22827). (VIÑO:101). (34401:86).

268. ***Allo cru e viño novo sempre fan bo acomodo.*** (MAREVA:45). ***Viño puro e allo crudo fan andar o mozo aghudo.*** (VAZSACO1:430,10939).

## 2. Comercio do viño e outras valoracións

### 2.1. Os *pelellos* (ou *pelexos*)[27] de viño dos arrieiros[28]

Hoxe cando un coche chega sen problemas a tódalas aldeas de Galicia, por estradas asfaltadas, á xente máis nova xa se lle fai difícil pensar que isto é unha novidade relativamente recente: non era así hai oitenta anos. Antes, fóra do mundo urbano, as comunicacións eran por camiños de terra e o clima húmido moitas veces facíaos intransitables mesmo para os carros de vacas ou bois. O único medio viable para transportar viño era en pelellos ó lombo de mulas e algún mulo que transportaban, unidos en rea, uns oito pelellos cada un. Tamén nalgúns casos utilizaban burros, como din os refráns 272, 274, 277, 278, 282, 285, 300, 301, 587, 605. O transporte de mercadorías pesadas en carros de bois reservábase para traxectos curtos ou para camiños moi ben coidados:

> *[...] todavía entre 1840-65, casi el 72% de los 7.500 kilómetros de caminos existentes en Galicia lo eran de herradura y para circular por ellos, en el mejor de los casos, como aseguraba un sufrido viajero por tierras orensanas en 1889, era preciso resignarse a ingresar en el arma de caballería. Todo ello nos explica la importancia que tendrá durante siglos la arriería como articuladora de los tráficos mercantiles gallegos, y no sólo para conectar entre sí las tierras más agrestes del interior permitiéndoles el acceso a productos básicos, como la sal o el pescado, sino para garantizar también el abastecimiento de los núcleos urbanos más importantes, incluidos los de la costa, quienes dependerán de los recueros para obtener algunas de las mercancías fundamentales destinadas a su*

[27] Aínda que a palabra lexítima é *pelello,* a forma común na fraseoloxía e no uso espontáneo era *pelexo*, dende o P. Sarmiento (en 1746) ata polo menos 2014 (segundo documentan o TILG e o CORGA). A palabra *pelello* aparece unha vez en 1926 e confírmase en 1988 na recolleita dunha cantiga popular (*Este pandeiro que toco / é de pelello de corzo; / tócano-lo en Tericeira / i arresona'n'Arandoxo*). Hoxe, como digo, a forma *pelello* é a normativa (DRAG).

[28] Véxase AMADO CARBALLO, L. (1999): *Homes do país: os galegos pintados por si mesmos*. Edición de Ricardo Polín. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Véxanse tamén FERNANDEZ CORTIZO, C. (2008) e RUBIO PÉREZ, L. (1995).

> *consumo o a sostener sus actividades mercantiles con Europa y América, como sucede con el vino.* (GONZÁLEZ LOPO 2008: 354).

Aínda que o viño se criaba en cubas ou barrís, para o transporte pola difícil orografía de Galicia os arrieiros utilizaban fundamentalmente pelellos que ían ó lombo de mulas. Lembremos que no cap. 35 do *Quixote* o protagonista bótase a durmir e soña que un xigante o está ameazando e empeza a atacar coa espada uns pelellos de viño e o viño tinto parecíalle sangue e isto aínda o toleaba máis. Xa non queda moita xente que en Galicia acorde o uso dos pelellos (máis coñecidos por *pelexos*): eran recipientes feitos con pel de castrón ou cabra recuberta de pez (mestura de aceite e brea). Os arrieiros transportaban os pelellos en mulas; cada mula levaba entre sete/oito olas de viño (sendo a ola de 16 litros, unha mula podía chegar a levar 112 litros), e algún arrieiro chegaba a levar unha recua de doce mulas. Destino importante era unha cidade, unha vila ou un porto de mar (para a exportación ás vilas do Cantábrico ou ás Illas Británicas e no retorno de portos de mar ás súas casas, os arrieiros moitas veces transportaban o sal imprescindible para conservar carne para todo o ano) e, deste xeito, repítese en Galicia o que xa sucedía antigamente en Roma, onde a ruta pola que os arrieiros traían o sal do mar Adriático recibiu o nome desa mercadoría (*Via Salaria*)[29]. Pero había clientela noutras partes: os irmáns Boán din que dende Ourense exportábase *vino blanco y tinto en abundancia que se lleva para todas las provincias de este Reino*. Pero, como queda dito en 0.1, tamén din que en 1571 producíase viño no N. de Lugo (vales de Mondoñedo, Valadouro, Lourenzá, Ría de Foz e Viveiro, que *Monforte es tierra fértil donde se coge mucho vino* e que nas Mariñas de Betanzos e nas terras de Chantada *se coge vino y pan y mucha castaña e fruta y está cerca de la ribera*) (SAAVEDRA 1992: 18-20).

No refraneiro os *pelellos* aparecen sempre como *pelexos* e mesmo na fraseoloxía esa palabra designa unha persoa borracha.

269. ***Pelexo de viño, non fai amigo.*** (23911:295).

270. ***Home atrevido e pelexo de bo viño duran pouquiño.*** (21007:694). ***Home estrevido, pelexo de bo viño, e vaso de bo vidro, duran pouquiño.*** (RODGO2:453).

271. ***Non hai pelexo de viño que non teña a súa botaina.*** (VAZSACO1:831,22610). A *botaina* é un remendo de coiro. Vázquez Saco recolle o refrán incluído nesta cantiga*: Naide mormure de naide, / que somos de carne humana; / non hai pelexo de viño /que non teña a súa botaina*.

Verbo do transporte de viño en pelexos de viño o historiador Pegerto Saavedra facilítame estes datos que moito lle agradezo:

> *O viño que desde Ourense, Ribadavia e outros lugares saía para os mercados do Cantábrico (máis importantes que o mercado inglés), era levado a Pontevedra*

[29] A *Via Salaria* era a estrada pola que chegaba o sal dende o mar Adriático ás montañas dos Sabinos, unha das etnias da Roma primitiva. É unha vía ben anterior á fundación de Roma e, quizais por iso, o nome non lembra o político que a mandou facer senón a función comercial predominante no inicio. Chega a Roma e, dende Roma, co nome de *Vía Campana* prolóngase ata o próximo Mediterráneo.

*por arrieiros (polo camiño chamado precisamente "dos arrieiros", que pasa polo Carballiño, e que hai poucos anos foi brutalmente asfaltado), o mesmo que o que ía para Santiago. Despois metíano en cubas: en Pontevedra, no XVI, había un importante gremio de toneleiros. Non fomos os galegos amigos das botellas ate entrado o século XX (en Burdeos, hai "denominacións de orixe" e embotellado desde principios do XVIII), pero felizmente para o comercio, hoxe recuperamos o tempo perdido. O mesmo pasou coa augardente, que case non se fabricaba ate fins do XIX e moita da que se consumía aquí viña de Cataluña, país no que xa no XVIII cada viticultor tiña un alambique.*

## 2.2. Os arrieiros

Eladio Rodríguez (ERG), lexicógrafo do Ribeiro, deixou no seu Diccionario esta magnífica definición enciclopédica:

> ***Arriero**, el que con bestias de carga trajina de un lugar a otro, generalmente en vinos. Sinónimos: ARREEIRO, ARROCHEIRO y RECOEIRO; PIPEIRO. Los nuevos medios de transporte y locomoción han hecho desaparecer en Galicia los ARRIEIROS, que eran los que iban a comprar el vino a los puntos de producción, recorriendo las bodegas de la comarca vinícola, acompañados siempre del CORREDOR, que conocía de antemano la clase de vino que había en cada ADEGA y sabía también la que el arriero solía preferir. Los arrieros tenían su recua, compuesta de cuatro, seis, diez o más caballerías, generalmente machos o mulas, la última de las cuales llevaba el CHOCALLO anunciador de que el conjunto marchaba normalmente. Peregrinos constantes de todos los caminos de carro, entonaban sus típicos cantos amoldados a su paso cansino, que se cantan en Galicia desde que los coros gallegos los han divulgado en sus exhibiciones públicas. Los arrieros eran de Dacón, Maside y otros pueblos de la comarca orensana de Carballiño; y en la compra de los vinos fueron sustituídos por los PIPEIROS*[30].

Os arrieiros eran parte imprescindible da saída dos viños galegos cara ó estranxeiro, dende a Idade Media ata a Idade Moderna. Tamén a América e ben ó interior: Xosé Casal Porto documenta, con detalle case notarial, un envío feito en 1891 dunha *pipa* (véxase 1.1.) de viño do Ribeiro á cidade arxentina de Rosario (300 km arriba de Buenos Aires subindo polo río Paraná) e que xestionaron íntegramente dende Moraña dous morañeses: o arrieiro de Soar (José Ruibal) e o escribán José Casal (CASAL, 2000; 7-24)[31].

---

[30] Figura social tan importante acabou xerando valores metafóricos residuais (pero de uso minoritario): e así *arrieiro* significa en Frades a procesionaria do pino porque está formada por vermes que "avanzan en hilera y unos prendidos de los otros como hato de caballerías de arriero" (ERQ1). Tamén lle chaman *arrieiro* á bandada de Melanita negra en Frades e en Caión (A Laracha) e noutros lugares designa a *menstruación* (GLOSARIO).

[31] Merece lerse pola rica achega de datos técnicos e económicos de prezos da barrica, do viño, do transporte do Ribeiro a Vigo, e de Vigo a Rosario, dos trámites aduaneiros e, por suposto, tamén da xestión do arrieiro.

### 2.2.1. Refráns do oficio de arrieiro

Os arrieiros[32] utilizaban burros, recuas de bestas e, onde había bos camiños, carros. Naturalmente unha profesión tan importante está presente no refraneiro. Vexamos primeiro algúns fraseoloxismos do arrieiro.

272. ***Fai como os burros de arrieiro, que carretan o viño e beben auga.*** (20000).

273. ***Vólvense as bestas aos arrieiros.*** Fórmula que critica a rebelión do pequeno contra o grande; ou describe a insubmisión. (MOREI1087). (210071722).

274. ***Xogan os burros e páganas os arrieiros.*** *Paga xusto por pecador*. (RISCO-18). (RODGO1:407). (MOREI1087). ***Xogan os burros e perden os arrieiros.*** O mesmo que *pagan xustos por pecadores* (21112032). (24402:1308).

275. ***¡Arrieiros somos e no camiño nos atopamos!*** A desgraza que hoxe me pasa a min, mañá pode pasarche a ti. (44250). ***Arrieiros somos e no camiño andamos e moitos días nos atopamos.*** Este é un deses refráns que, aínda dicindo unha verdade de valor universal ("sempre hai tempo de pagar unha mala acción"), funciona moitas veces como unha fórmula de ameaza. O tempo verbal, presente ou futuro, empregado nos refráns, reflicte a vinganza xa feita ou a ameaza, así ***Arrieiros somos e nos camiños nos tropezamos***: *tropezarse* é encontrarse (alguén con alguén) e, neste caso, pode estar indicando que se lle vai pagar coa mesma moeda. (RODGO1:241). (MOREI1086). (GEG02216). ***Arrieiros somos e no camiño nos encontramos.*** (23911132). (CAJARA87). ***Arrieiros somos e no camiño da feira nos atoparemos.*** Ameaza de represalia por parte de aquel que non recibe o favor ou xustiza que merece o cre merecer. Cando alguén nos fai mal, pódeselle lembrar, con esta advertencia, que a vida dá moitas voltas e pódelle cambia-la fortuna e, se cadra, a nós tamén nos chega a ocasión de lle negar a el o favor ou xustiza que necesite**,** dicindolle ***Arrieiros somos e no camiño nos encontraremos.*** (25003). (25019057). (38319103). (44354). (45703). (CARRA4190508). (RISCO-18) (TABOA2). ***Somos arrieiros e no camiño nos atoparemos.*** (CARU28121888). ***Todos somos arrieiros e xa nos atoparemos.*** (RODGO1:241).

276. ***Lastre quere o veleiro; e bo faco o arrieiro.*** (GONPE088).

277. ***A besta tonta, arrieiro louco.*** (21007:0010). ***A burro frouxo, arrieiro tolo que lle malle o lombo.*** (RODGO1:406). MOREI1086). ***A burro *floxo, arrieiro tolo que lle malla o lombo.*** (23911201).

278. ***A burro pardo, arrieiro arroutado.*** (R1406). (MOREI1086). (34401,087).

279. ***Arrieiro dunha besta tanto gana como pesca.*** (MOREI1086)**.**

[32] Verbo do transporte dos arrieiros merece lerse íntegro o traballo de GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (2008).

280. ***Arrieiro d'unha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana mais perde do que *gana.*** (TABOA2,Porqueira). (GONPE055). (GONPE109). ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana mais perde que *gana.*** (TABOA2, 25003) (CARREA1132). ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perde do que gaña.*** (CARRA4260108). / ***... do que *gana.*** (13702,125) (TABOA2,Porqueira). ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, perde máis do que gaña.*** (RODGO1:241). (GONPE055). Variante: ***…máis perde que gaña.*** (GONPE055). ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta, e pescador de cana, perde máis que *gana.*** (GEG02216). ***// Arrieiro dunha besta e troiteiro dunha cana, perde máis que do que *gana.*** (CARREA1132). (49504). ***Arrieiro dunha besta, canto gana, canto pesca.*** (RISCO-18). ***Arrieiro dunha besta, tanto gana, canto pesca.*** (210070206). ***Arrieiro dunha besta tanto gana como pesca.*** (MOREI1086). // ***Arrieiro dunha besta, tendeiro dunha cesta e pescador dunha cana, comen mais que ganan.*** (RISCO-18). ***Arrieiro dunha besta, tendeiro dunha cesta e pescador de cana, come máis do que gaña.*** (GONPE055). (GONPE109). // ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana mais perde que *gana.*** (TABOA2). (25003). (CARREA1132). ***Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta, e pescador de cana, perde máis que *gana.*** (GEG02216). ***Arrieiros dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de caña, perden máis do que *ganan.*** (23911134).

281. ***Arrieiro perdido, atares de seda.*** (TABOA2).

282. ***Arrieiro rabudo malla na albarda e malla no burro.*** (RODGO1:241). (23911132). (GEG02216). (MOREI1086).

283. ***Arrieiro tonto, se non entendes de viños, busca a terra.*** (210070207, MOREI1086).

284. ***Arrieiro que come *conexo, *adiós *candalexo.*** Sospeito que non está ben anotada esa palabra *candalexo* e que quizais é *caudalexo* (de *caudal*, é dicir, diñeiro, patrimonio). Refrán, que, coma tantos outros, recomenda as vantaxes dunha certa austeridade.

285. ***Ata que morre o arrieiro non se sabe de quen é a recua / de quen son as bestas.*** (R1241). ***…as bestas (ou a recua).*** (CARRA4130508). ***Ata ende morre-lo arrieiro non se sabe de quen é a recua ou as bestas.*** (CARRA3418). ***Ata que morre o arrieiro non se sabe de quen é a recua*** (CARU23111888) / ***...de quen son as bestas.*** (RODGO1:241). ***… as bestas (ou a recua).*** (CARRA4130508). ***Hastra ver morrer o arrieiro, non se sabe de quen son as bestas. Non se sabe de quen é a récoa hastra que morre o arrieiro.*** Non se pode botar o carro diante das vacas, nin botar contas sin o taberneiro. O conto da leiteira. (MOREI1086). ***Hasta que morra o arrieiro non se lle ven as matas ó burro.*** (TABOA2). Parécese a aquel refrán castelán *El comerciante y el puerco, después de muerto.* (SACO2314). ***En canto non morre o arrieiro, non se sabe de quen é a récoba.*** Récoba (ou récoa, recua) é un conxunto de bestas de carga coas que traballa o arrieiro, empregada no trato do viño e da augardente, que transporta

en pelexos empezgados. (24001/269). ***Hastra que morre o arrieiro non se sabe de quen é a recua.*** (CARU23111888). ***Ningún sabe de quen é a recua ata que o arrieiro morra.*** (13702,117). ***Non sabe de quén é a recua hasta morrer o arrieiro.*** (14005). ***Non se sabe de quen é a recoba astra que morre o arreeiro.*** (VAZSACO: 99824003). ***Non se sabe de quen é a recua ata que morre o arrieiro.*** (VALLA749025003, 42608, RODGO3:241 (*hasta TABOA2). ***Nunca se sabe de quen é o burro hasta que morre o arrieiro.*** (TABOA2). É o único caso no que o animal dun arrieiro é un burro e non a besta, con maior capacidade de carga e tracción.

286. ***Ende morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua.*** "Se dice de los que hacen alarde de lo que no tienen" (VAZSACO 16.724). ***Ende morrendo o arrieiro, sábese de quen é o gando.*** Dise dos que fan alarde do que non teñen. (TABOA2,Verín). ***En morrendo o arrieiro, sábese de quen era o gando.*** (TABOA2).

287. ***Besta de arrieiro vai sempre en récoa e nunca sabe o que leva.*** (RODGO1:350). (GEG03206). (MOREI1086).

288. ***Arrieiros de Loibán cunha besta catro van: dous arrean, un contén e outro mira se vai ben.*** (RODGO1:241). (MOREI1086). (GEG02216). ***Arrieiro de Xudán, que un atafa e outro ten, e outro mira se vai ben***. (MOREI1086). Aínda que na edición impresa do Diccionario de Eladio Rodríguez aparece escrito *loiván* coido que se refire tamén a un lugar, porque ese Diccionario non define a palabra *loiván e, en cambio, Loibán é un lugar da parroquia de Merille, concello de Ourol. Xudán é parroquia do concello da Pontenova, polo tanto arrieiros de Loibán e de Xudán son arrieiros lugueses. Esta podería ser unha paremia burlesca creada ou por veciños que non eran do gremio dos arrieiros (menosprezando oficio alleo) ou mesmo pola competencia dos arrieiros do Ribeiro dos que se sabe que, en tempos, chegaban a Ribadeo para embarcaren viño para o N. de España e para as Illas Británicas.

289. ***Grande arrieiro, pequeno bodegueiro. O que chufa que é bo arrieiro non é o mellor bodegueiro.*** (27003,106).

290. ***Cando o arrieiro vende a bota é porque sobra o por ond'esta bota.*** (RISCO-18). Cando un se desfai do que a el lle compre ou obra de maneira desacostumada por algún motivo oculto, é pra desconfiar. Se este texto non nos chega mal copiado, teriamos aquí unha construcción única (case unha locución subst.) *o por onde esta bota,* que designaría o picho da bota, polo que sae o viño. (MOREI1086). Desfacerse dun negocio tan bo, ten que haber algún truco. (38319104). (VIÑO320). (RODGO1:241). (45703). // ***Cando o arrieiro vende a bota ou dá ó pez ou está rota.*** (TABOA2). ***Cando o arrieiro vende a bota, ou sabe ó pez ou é que está rota.*** (R1241). (45703). ***Se o arrieiro vende a bota, ou non tén pez ou está rota.*** Cando alguén obra en sentido desacostumado, é que algún motivo oculto está por medio. (210071525).

291. ***Val máis (ser) arrieiro dunha besta ca criado dunha recua.*** Louvanza da vida independente, aínda que un sexa pobre. Equivale a outros coma estes: *Máis val ser amo dun fento ca criado dun convento* e en castelán *Más vale ser amo de cabaña que mozo de campaña.* (14005). (210071689). (23911194). (R1241) (récoa), (MOREI1087). (TABOA2). (CAJARA96). (ALOMO315). (GEG02216). (VAZSACO: 16982).

292. ***Xantar de curas, cear de arrieiros e almorzar de cazadores.*** *"Teñen fama de ser boas en cantidá e calidá as comidas esas"* (MOREI1016). ***Pra almorzar, con cazadores; pra xentar, con carpinteiros; pra merendar, con serradores; pra *cenar, con arrieiros.*** (VAZSACO.998ms16: "cos cazadores", "cos carpinteiros", "cos serradores", "cos arrieiros").

293. ***Entre Santos e Nadal, arrieiro, non vaias ó sal que perdera-la burra ou o caudal.*** (11806). (RISCO-18). Xa queda dito que os arrieiros do Ribeiro levaban viño a Pontevedra, onde se trasvasaba a toneis (era importante o Gremio de toneleiros nesa Vila) e parte do viño exportábase por ese porto. Xa está dito que os arrieiros no camiño de regreso á súa casa traían sal dos portos de mar para terra adentro, un produto indispensable para conserva-la carne dos animais que se mataban e para sazona-la comidas. Non traer sal en novembro e decembro (que é cando se salga o porco) podería ter que ver coa chuvia, xa que daquela non había sacos impermeables pero tampouco está aínda o viño novo para traslados importantes.

294. ***Arrieiro no porto, tempo revolto.*** // ***Zarraleiro no porto, tempo revolto.*** Variantes: ***Zarraleiro/serralleiro/paragüeiro/arrieiro.*** Contra o que poida parecer, despois de le-lo refrán anterior, estoutro refrán non se refire ós arrieiros transportistas de viño na ida e de sal no regreso se non a un tipo de vento: *vento carreteiro, vento arrieiro* (GONPE080). En Corme *arrieiro* ou *paragüeiro* designa o tempo de brétema e choiva miúda, e tamén se lle chama *zarraleiro* ou *serraleiro* (probablemente de *cerrar/serrar*). (MOREI1:095). (GONPE073). (GONPE104). Polo tanto a segunda variante non se refire ós antigos transportistas de viño, pero vai aquí como advertencia.

295. ***De arrieiro a arrieiro non pasa diñeiro.*** (R1241). (MOREI1086). (GEG02216). Supoño que moitas veces terían necesidade de axuda recíproca.

### 2.2.2. O arrieiro, metáfora da vida

296. ***Crego solteiro e arrieiro casado éche bon fregado.*** (CARU16111888). (ALOPI59). Sorprendente observación do celibato eclesiástico e da vida ambulante do arrieiro.

297. ***O malo é que morre o arrieiro e fica a récoa.*** Estremecedora queixa dunha muller que se sente morrer de parto. (27003,187).

298. ***Non hai quen ande atrás da besta como o arrieiro.*** 99820032: "com'o arrieiro"**.** A cada un dóenlle as súas cousas. O colector explica: "Porque es también a quien más interesa" (210070918).

299. ***Deus é bon e o demo non é malo.*** Frase que dicía un arrieiro cada vez que tiña que pasar coa súa recua por unha ponte que estaba medio falsa: -*Dios é bon, e o demo non é malo!* (FINGOI141).

300. ***Fanas os burros e páganas os arrieiros.*** (TABOA2). (27003,182). ***Moitas veces fanas os burros e páganas os arrieiros***. *Xustos por pecadores*. (210070783). ***Fanas os burros …e perden os arrieiros.*** (27305). ***Rompen os burros e páganas / perden os arrieiros. Xogan os burros e perden os arrieiros.*** (VAZSACO 998V en "Agrícolas. Animales").

301. ****Hasta que morra o arrieiro non se lle ven as matas ó burro.*** (TABOA2). Equivale ó castelán *El comerciante y el puerco, después de muerto*. É cando se coñece ben. (SACO2314).

302. ***Moitas veces a mula responde ó arrieiro.*** Equivale a que os subordinados se insolentan ou que pagan xustos por pecadores. (210070783).

303. ***Morra a besta e quede o arrieiro.*** (23911290). Vén dicir, máis ou menos, o que di estoutro: ***Antes que a pelica, entrega a carteira.*** (210070794).

304. ***Besta de arrieiro non pregunta quen a monta nin a carga que leva.*** *"-Porque, boeno, que unha groma a tempo non debe causar noxo, si señor, pro que sempre lle estén furga que te furga, ¡ora o demo! nin besta de arrieiro que non pregunta quen a monta nin carga que leva*. (PERZPLA3519).

305. ***O que ha de ser arrieiro, ten que nacer entre as albardas.*** (VAZSACO).

306. ***Pai arrieiro, fillo cabaleiro e neto esmoleiro.*** (43274). Parece querer dicir que o neto dun pai traballador e emprendedor por veces acaba na miseria porque as comodidades adquiridas matan o esforzo austero e creativo que xerou o patrimonio familiar.

### 2.3. Consumíase tinto e vendíase branco

Debo tamén ó prof. Pegerto Saavedra a información de que o viño branco reservábase históricamente para o comercio:

> *Non teño información sobre a data na que comeza o cultivo do albariño, pero en todo caso asocialo aos monxes non me parece, de primeiras, que sexa acertado. Sen dúbida os mosteiros favoreceron o viñedo, aínda que non tanto como se di (para algúns autores non habería viñedos antes...). O que si podo afirmar, despois de consultar moitos libros de contas dos cistercienses, é que os monxes bebían viño tinto; o branco só o usan para a cociña e para a liturxia (e para a venda). Durante a Idade Moderna os viños verdadeiramente estimados son da provincia de Ourense (á que pertencía Quiroga); os "ullaos" e semellantes formaban parte das rendas forais e dos décimos, pero non sempre eran consumidos polos relixiosos, que en ocasións mercaban ribeiros. [...]*
>
> *Para o que non atopo de momento explicación é para o asunto do consumo local: o viño branco de Ourense era, ata mediados do XVIII, moito máis estimado que o tinto*

*(no século XVI valía o dobre), pero os monxes, que cobraban rendas dun e doutro, case só consumían tinto (San Clodio, Sobrado, Oseira...) e eran homes que na súa meirande parte procedían de fóra de Galicia (Castela, León. Asturias, A Rioxa...).*

### 2.4. A calidade é a mellor publicidade

Completando o dito na epígrafe 1.36. Calidade: publicidade e prezo, direi que na economía de autoconsumo poucos excedentes de viño se producen. Con todo, algunhas paremias tratan o asunto da venda de viño e formulan algunhas estratexias comerciais básicas que axuden a saber cando se debe e cando non se debe vende-lo viño que un produciu ou cando e onde se debe compra-lo viño bo. Como é natural, o viño de moita calidade publicítase de seu:

307. ***O bo viño na adega se vende.*** (45703).

308. ***O bo viño, na cuba se vende.*** (23911:214).

309. ***O bo viño trae a venda consigo.*** (*O Mintireiro verdadeiro, 1969*). (TABOA2). (RODGO3:421). ***O bo viño trae a venta consigo.*** (23911:211). (VIÑO:71).

310. ***O viño chispeiro non necesita pregoeiro.*** (TABOA2).

311. ***A cuba do bo viño non necesita bandeira i o bo pano na arca se vende.*** (RODLO1:79).

312. ***A cuba do bó viño non necesita bandeira.*** (TABOA2). (VAZSACO). (21007:43).

313. ***A cuba do bo viño non necesita bandeira i o bo pano na arca se vende.*** (RODLO1:79).

314. ***Taberna vella non precisa ramalleira.*** (RODGO3:352). (VIÑO:311). Alude ó vello costume de poñer un ramallo (de loureiro) na porta da casa onde se vende viño. Aínda utilizan este indicador convencional moitos furanchos (que, como é sabido, son casas particulares que están autorizadas a vende-lo seu propio viño acompañado dunha pequena tapa (de queixo, xamón, tortilla, empanada ou algo semellante) pero que teñen prohibido mercar viño alleo para prolongar esta actividade comercial temporal).

315. ***O bo viño e o bo pan, eles solos se propagarán.*** (23911:215).

316. ***O viño bo é caro; e o barato é malo.*** (RODGO3:421). (VIÑO:95). (VAZSACO1:219,5248).

Un refrán condensa o esencial: a calidade do produto fai bo todo o proceso comercial:

317. ***A bon viño, bon taberneiro.*** (VAZSACO1:626,16575).

É certo que este refrán tamén se podería entender como que o taberneiro ten que estar á altura do seu magnífico viño. Esta sería a interpretación dunha Escola de Alta Hostelería.

Pero o comercio está dominado pola lei da oferta e da demanda. E a oferta nos produtos agrícolas depende de factores globalmente incontrolables pero parcialmente previsibles como son os climáticos. Así, resulta curioso que para a observación popular o millo

(que veu da América) teña un biorritmo descompasado cun produto tan euroasiático coma o viño. Di o refrán:

318. ***Cando hai viño, non hai millo.*** (VAZSACO1:58,1337). Se este refrán existe, probablemente é porque os nosos devanceiros xa constataron que as choivas e fríos que, en certos meses, favorecen o desenvolvemento do millo son, nesas datas, especialmente prexudiciais para o desenvolvemento da vide e viceversa. E, de ser esa a razón, teriamos que pensar que o millo é unha pranta orixinal de América, mentres que a vide é orixinaria dos Países mediterráneos. E tamén revelaría que non eran tan incompetentes os nosos avós fuxindo do monocultivo.

319. ***Boa resteba, mala vendimia.*** A *resteba* (forma dialectal de *restreba*) é o millo de tarde. (45006). Se cadra este refrán vai na mesma liña do anterior.

O refraneiro fai unha comparación valorativa do pan co viño, co touciño e co liño e as prelacións que establece son variadas:

320. ***Antes de pan, viño; antes de viño, touciño; antes touciño ca liño.*** (23911:209).

321. ***Antes o pan có viño e antes o touciño có viño.*** (RODGO3:76). (VAZSACO1:659,17494).

322. ***Antes o pan que o viño, e antes o viño que o touciño.*** (VIÑO:147).

323. ***Antes pan que viño, antes viño que touciño e antes touciño que liño***. (VIÑO:148).

324. ***Antes pan que viño, antes viño que touciño e antes touciño que liño.*** (RODGO3:76). (VAZSACO1:659,17495).

325. ***Anaco de touciño pide trago de viño.*** (VAZSACO1:810,21928). (CAJARA:87). (RODGO3:379). (44908). (23911:209).

326. ***O touciño vive no fango e morre no viño.*** (23911:216).

327. ***O touciño e o viño para o mociño, e o pan e a auga para o velliño.*** Consello envolto en antíteses de estilo. (43403).

328. ***Val máis que sobre pan que non que falte viño.*** (VAZSACO1:661,17586). (RODGO3:77). ***Máis vale que sobre pan, que non falte viño.*** (23911:209).

329. ***Ás veces vale máis o viño cás borras; e de contino vale máis o viño.*** (RODGO3:420). ***Ás veces val máis o viño que as borras, e de contino, val máis o viño.*** (VIÑO:19). (VAZSACO1:218,5237).

330. ***Máis vale viño demo que auga santa.*** (27003:188). ***Máis vale viño malo que auga santa.*** (40607:59). A auga santa (bendita) é a que se lles bota ós defuntos: así que aquí, máis que compara-la auga co viño, compáranse as moi diferentes situacións nas que se usan: non se pode dicir que os aldeáns non teñan estilo cando falan.

331. ***Máis vale viño frío que auga quente.*** (RODGO3:421). (34401:86). ***Vale máis viño quente, ca auga fría.*** (23911:220). ***Máis vale viño que quente que auga fría.*** (RODGO3:421).

332. ***Máis vale viño malo que auga bendita.*** (40607:59).

333. ***Media vida é a candea; e o pan e o viño é outra media.*** (RODGO1:464). (RODGO3:417). (VIÑO:186). ***Media vida é a candea; pan e viño é outra media.*** (VAZSACO1:834,22697). ***Media vida é a candela, pan e viño a outra media.*** (VAZSACO).

334. ***Menos valen ás veces as borras có viño***. (RODGO3:421). ***Menos valen ás veces as borras que o viño.*** (VAZSACO1:838,22806). (VIÑO:54).

Xa para o comercio do viño, o refraneiro actúa como un xefe de empresa autoritario:

335. ***Arrieiro tonto, se non entendes de viño, busca a terra.*** (21007:207). ***Arrieiro tonto, se non entendes de viños, busca a terra.*** (MOREI1:86).

### 2.5. Valor comparativo do viño

336. ***Pan, que sobre; carne, que abonde; viño, que non falte; e alegría, que abaste.*** (RODGO3:77). (VIÑO:211).

337. ***Non hai tal viño coma o pantrigo e o leite macizo.*** (RODGO3:81). (34401:106). (34401:193). Refrán que, estimando máis o pan e o queixo có viño, manifesta unha maior valoración doutro tipo de alimentación e consecuentemente, doutro tipo de agricultura.

338. ***Viño e sacramentos, pra quen os queira.*** Este refrán ten un aire laicista pero quen o recolleu foi un sacerdote e el velle tamén unha validez relixiosa e dío con estas palabras: *"Han de recibirse desde luego, con absoluta voluntad, para que sean fructuosos"*. (VAZSACO1:787,21076).

### 2.6. Un subproduto das uvas: augardente

339. ***Viño maduro, augardente forte.*** (VAZSACO1:85,2069). (CASAS1:22).

340. ***A augardente, na tenda; o viño, na taberna.*** (RODGO1:282). (VIÑO:272).

341. ***O viño do bullo fai moito barullo.*** (VAZSACO1:76,1824). O *bullo* é o residuo sólido que queda despois de estrulla-la uva e co que se fai a augardente. Viño do bullo sería denominación figurada por augardente. O *barullo* serían os efectos que produce a augardente en quen a bebe, dada a superior concentración de alcohol.

### 2.7. O viño axuda a camiñar e máis dá unha nota de humor

A metáfora de que *con pan e con viño xa se anda o camiño* é moi produtiva. *Andar camiño* significa realiza-los traballos físicos que hai que facer; *con pan e viño* realmente significan unha alimentación frugal pero suficiente. O refrán está moi asentado e ben se ve no número de variantes que circulan. A variante final pon unha pinga de humor e de sentidiño en todo isto. Vexamos:

342. ***Co pan e co viño, anda o home o seu camiño.*** (26344).

343. ***Con cacho de pan e taza de viño xa se anda o camiño.*** (VAZSACO1:661,17589). (40822).

344. ***Con pan e con viño ándase o camiño.*** (VAZSACO1:661,17591). (17851).

345. ***Con pan e con viño faise o camiño.*** (21832). (35125).

346. ***Con pan e viño ándase camiño.*** (000105). (21002). (41743). ***Con pan e viño ándase o camiño.*** (RODGO3:77). (000100). ***Con pan e viño ben se pasa o camiño.***

347. ***Con pan e viño ándase o camiño.*** (14203). (18401:187). (21112:15). (21112:17). (15243). (25003). (32503). (38319:104). (39011). (40204:73). (RISCO-18). (TABOA2). (VIÑO:174).

348. ***Con pan e viño ben se pasa o camiño.*** (VIÑO:173).

349. ***Con pan e viño máis curto se fai o camiño.*** (27003:108).

350. ***Con pan e viño pása-lo camiño.*** (45703). ***Con pan e viño pásase o camiño.*** (45703). (VAZSACO1:661,17595). (CARU:16111888). (SACO2:331).

351. ***Con pan e viño xa s'anda o camiño.*** (23911:210). (VAZSACO1:661,17596). ***Con pan e viño xa se anda camiño.*** (15007). (18603). (21814). (32004). (40307). (VAZSACO). Para vivir hai que comer, se ben só con pan e viño xa se pode ir tirando. (42409).

352. ***Con pan e viño, ándase camiño.*** (13201:251). (15327). (34005). (39455:359). (CARRA4:40308). (TABOA2).

353. ***Con pan e viño xa se pasa o camiño.*** (14204). (VAZSACO1:661,17598).

354. ***Con pan e viño, pásase o camiño.*** (RAJO). (RISCO-18). (SACO1:219). (CARRA4:40308).

355. ***Con solas e viño xa pode un andar camiño.*** (VAZSACO1:804,21689). ***Con solas, pan e viño ben se pode coller o camiño.*** (RODGO3:339). ***Con solas, pan e viño ben se pode coller o camiño.*** (VAZSACO1:804,21690). ***Con solas, pan e viño xa pode un andar camiño.*** (RODGO3:339).

356. ***Cun cacho de pan e un trago de viño, ándase o camiño.*** (RODGO3:339). (43815:160).

357. ***Para andar camiño leva pan e viño***. (RODGO1:454). (VAZSACO). (VIÑO:215). ***Sen pan nin viño non se anda ben o camiño.*** (VAZSACO1:661,17583). (RODGO3:77). (VIÑO:222). ***Sin pan e viño non se pasa o camiño.*** (45703).

358. ***Pan e viño andan camiño***. (NORI5). (VAZSACO1:661,17603). Unha vez máis a linguaxe popular personifica (neste caso, o *pan*) coma se fose o pan quen anda e non o home: poden os labregos non saber que este recurso estilístico se chama *proposopea* pero o que saben é usala con vontade de estilo: estes son primores da linguaxe popular.

359. ***Pan e viño andan camiño / mellor que mozo garrido.*** (RODGO3:77). (ALOMO3:28). ***Pan e viño andan camiño, millor ca mozo garrido.*** (MOREI1:16). (VIÑO:210). (VAZSACO1:660,17566). Velaí reelaboracións do anterior que confirman a vontade de estilo incluso en xente sen estudos literarios.

360. ***Solas e viño andan camiño.*** (RODGO3:339). (VAZSACO1:804,21691). Nova prosopopea.

361. ***Yantar sin viño non axuda a proseguir o camiño.*** (60023:93). Refrán do galego de León.

362. ***Con pan, xamón e viño, andámo-lo camiño.*** (40800).

A nota de humor sensato en todo isto pona un refrán inxeniosamente explicitado (ampliado):

363. ***Con pan e viño anda o home camiño; pero con xamón non ten comparación.*** (VAZSACO1:661,17592).

Atrás queda xa outra nota de humor concisa e laica:

364. ***Máis vale viño malo que auga bendita.*** (40607:59).

### 2.8. Saber beber ou non saber beber: o caso de Noé

*Saber beber* é algo que se aprecia moito entre os viñateiros e sempre resulta intrusa e incómoda a compaña dunha persoa que, cando bebe, se volve impertinente ou agresiva: dese dicimos que *non sabe beber* e esa persoa queda marcada como potencialmente desagradable. A visión de quen creou un produto natural tan refinado como é o viño, é que o *borracho* é unha persoa que destrúe unha obra de arte, un estripacontos.

Así que a ciencia de beber viño empeza pola norma esencial da moderación.

Co viño os excesos son moi perniciosos. Por iso un dos refráns básicos é este:

365. ***O viño faille ben a quen respeto lle ten.*** (23911:211).

366. ***Pan, con fartura; e viño, con mesura.*** (RODGO3:77). (VAZSACO1:661,17574). (23911:211). (VIÑO:207).

367. ***Viño, a pasar; auga, a fartar.*** O colector explica: "Recomienda el uso moderado del vino, y libertad para beber agua, por ser esta muy sana". (VAZSACO1:430,10937). (VALLA7:586). (VIÑO:250). (23911:212). (23911:221). (45605). ***Viño, a pagar; auga, a fartar.*** ¿Haberá unha errata nese pagar? (RISCO-18).

368. ***Cando o viño falou, dixo: "Si o pan vai diante, eu son gran home".*** O colector comenta: "Porque el consumo del vino está en razón directa de la abundancia del pan". (SACO2:337).

369. ***Na cama e na cadea coñécese o amigo e non entre xerros de viño.*** (RODGO1:151). (23911:299). (VIÑO:59). ***Cando un está enfermo ou preso é cando se ven os amigos de verdá.*** (MOREI1:9).

370. ***Non te fíes destes tres conselleiros: o viño, o amor e a noite.*** (23911:228).

371. ***Quen beba viño de máis, acaba consigo e cos demais.*** (VAZSACO1:471,12155). (000101).

372. ***O viño faille mal ó rapaciño.*** (40607:59).

373. ***As penas con viño non son penas.*** (40607:59).

374. ***O viño abre as cancelas das penas que nos rodean.*** (23911:214).

Como se ve, estes refráns constatan que o viño desinhibe parcialmente, porque non ten a chave para resolve-los problemas da vida.

375. ***O viño afogaría as penas, se non nadaran elas.*** (23911:210).

Entre toda esta arte, coidadosamente elaborada, non deixan de aparecer algúns refráns bárbaros e sen mesura que din

376. ***Viño de cepa, canto che quepa.*** (23911:216). (21007:1712). ***Auga de cepa, canta che quepa.*** (23911:211). ***Auga de cepa, cánta che quepa.*** (21007:241).

377. ***Auga para os peixes, para os homes viño a feixes.*** (44514). (GONPE:27). (RODGO1:280). (45013). (43310). ***Auga prós peixes; prós homes, viño e peixes*** (23911:214). (VIÑO:236).

378. ***Non almorces sin viño nin andes moito camiño.*** (RODGO1:128). (MOREI1:97). (23911:205). ***Non collas sin bota o camiño e, cando a leves, lévaa con viño.*** (MAREVA:42). Refrán de moi dubidosa solvencia médica, aínda que algún destes se remonten a un remedio difundido con ocasión da peste negra.

379. ***O que non bebe viño non ten amigo.*** (ALOMO3:28). (VIÑO:82). (13702:119). ***O que non bebe viño, non ten cariño.*** (VAZSACO1:422,10741). Estes non parecen verdades de valor universal, que é a definición dun refrán. Pero podería ser outra cousa: que se refira a que ese alguén non ten quen o convide: pénsoo porque un dos lugares de recollida deste refrán é Fisterra, que non produce viño.

380. ***O que non bebe viño, *Dios non o leva por bo camiño.*** (VAZSACO1:469,12113).

Estes refráns son tan disparatados coma aquel xa visto de *Ó pan, pan; e ó viño, coma loucos*.

Discordes tamén coa realidade, aínda que algo menos, son os que din

381. ***O que non paga un neto nin bebe viño, non ten amigos.*** (VAZSACO1:211,5084). ***O que non paga un neto, nin bebe viño nin tén amigos.*** (21007:1203). Como direi comentando o refrán 407, a palabra *neto* neste contexto é unha medida de capacidade, anterior ó Sistema Métrico Decimal, case equivalente a medio litro. *Pagar un neto* (na taberna) é convidar outra persoa a compartir unha bebida e iso, na Galicia tradicional e entre homes adultos, é unha mostra de sociabilidade xenerosa que fai amigos.

382. ***O que ten bo viño non lle faltan amigos.*** (VAZSACO1:838,22813). (TABOA2). (VIÑO:85). (34005). (44250). ***Ó que ten bo viño, non lle faltarán amigos.*** (23911:206).

Pero a tendencia goliárdica destes refráns non os fai representativos da mentalidade global do refraneiro galego, máis ben moderado e moderador. O consumo inmoderado de viño tende a crear unha visión paralela da realidade que realmente acaba illando a quen bebe e acaba sendo dolorosa para o seu entorno familiar ou profesional. Máis propio da sensatez dos proverbios son, en cambio, os seguintes:

383. ***Pelexo de viño, non fai amigo.*** (23911:295).

384. ***O amor e o viño sacan o home de tino.*** (CABANA). ***O amor, licor e o viño sacan ó home de tino.*** (MAREVA:55). Naturalmente esta paremia fala dos excesos.

385. ***Sempre é bo o viño: no verao, polo calor; e no inverno, polo frío.*** (23911:213).

Cómpre recoñecer que o viño é asunto moi delicado, porque produce adicción e os resultados adoitan ser catastróficos para o bebedor e tamén para o seu entorno familiar e social.

Falando de viño, o refraneiro tende a aconsella-la moderación, para non converter un pracer nunha enfermidade ou nunha traxedia.

Mesmo hai refráns que pretenden salva-lo viño ruín, ese que, cando llo daban a probar a meu pai (43210), el nunca dicía que non lle gustaba e, menos, que era cativo: usaba a única cortesía que lle impedía faltar á verdade: ***por onde vai, molla.*** Entre ese viños que *por onde van, mollan*, están estes:

386. ***A viño de mal parecer, pecha-los ollos e beber.*** (34401:86). (RODGO3:420). (VIÑO:20). (VAZSACO1:218,5236).

387. ***Viño ruín, para quen o queira pero non para min.*** (RODGO3:421). (VIÑO:132).

Pola contra, hai indicios positivos do viño que xa os percibe a vista:

388. ***Viño tinto con escuma blanca non ofrece desconfianza.*** A escuma no viño é síntoma de boa calidade, como xa queda explicado na epígrafe 1.12. (21007:1720) (VAZSACO1:430,10940).

O viño de moita calidade dura moito: son os chamados *viños de reserva* ou simplemente *reserva*. Pero, como xa se dixo, o refraneiro observa unha experiencia común: o viño bo adoita se-lo primeiro que se bebe e o primeiro que se acaba. *O que é bo acaba logo.* Xa acontecía así nos tempos vellos nos que as pequenas cantidades se transportaban en odres:

389. ***Bebe viño, pero amodiño***[33]. (40607:59).

390. ***O viño, bebelo amodiño.*** (VIÑO:202). (CAJARA:94).

[33] Actualizo aquí a ortografía porque tódolos refraneiros escriben sempre *a modo* e *a modiño*: está foi unha modificación ortográfica que a RAG introduciu no 2003.

391. ***O viño, bebelo amodiño: gotiño a gotiño.*** (RODGO3:421). ***O viño, bébeo amodiño, gotiño a gotiño.*** (23911:206).

### 2.8.1. Relato da primeira borracheira: Noé

Os antigos gregos e romanos xa tiñan un certo prurito do saber beber. O Dionisio grego e o Baco romano son deuses de aprezo ambiguo, porque simbolizan o saber beber e o *non saber beber* (ROMERO MASIÁ e POSE MESURA: 1988). Entre Grecia e Roma, o Novo Testamento cristián sacralizou o viño ata transformalo en símbolo sacramental (sangue de Cristo) e facendo que unha mínima cata do viño sacramental represente nada menos que unha forma de unión dos seres humanos con Deus. Pero no Antigo Testamento da mesma Biblia, hai xa no libro da Xénese (9, 17-28) o primeiro relato dunha borracheira: alí lese que o patriarca Noé viviu 950 anos, que se salvou do Diluvio coa súa familia e unha parella de animais de cada especie, que se fixo labrador e plantou unha viña e que, cando probou o viño, emborrachouse e estaba durmindo en coiro. No relato intervén Noé e tamén os seus tres fillos (Sem, Cam e Iafet) e mailo neto Canaán (fillo de Cam):

> *20 Noé fixose labrador e plantou unha viña. 21 Bebeu viño, embebedouse e botouse espido na súa tenda. 22 En vendo Cam, pai de Canaán, a seu pai espido, saíu a contárllelo aos outros dous irmáns. 23 Sem e Iafet colleron un mantelo, puxérono aos ombreiros e, camiñando de costas, cubriron as partes de seu pai. Como miraban cara a atrás, non o viron espido. 24 Cando espertou Noé da bebedela e soubo o que lle fixera o fillo máis novo, dixo: 25 -"Maldito Canaán! Sexa para seus irmáns o derradeiro dos escravos". 26 E engadiu: -"Bendito o Señor, Deus de Sem, e que Canaán sexa o seu escravo. 27 Estenda Deus a Iafet para que more nas tendas de Sem, e que Canaán sexa o seu escravo".*

En Galicia do borracho dise hoxe que *non sabe beber* e, se, por cousa do alcohol, lle dá pola violencia, dise que *ten mal viño*.

392. ***Quen beba viño de máis, acaba consigo e cos demais.*** (000101). Todo exceso é pernicioso pero o do viño é dos máis perniciosos.

393. ***É un mal enemigo o viño, se se convirte en vicio.*** (23911:211).

394. ***Quen é amigo do viño, de si mesmo é enemigo.*** (VIÑO:116). (RODGO3:421). (VAZSACO1:219,5251). ***Quen é amigo do viño, de si mesmo é inimigo.*** (34401:86). ***Quen é amigo do viño é enemigo de si.*** (RISCO-18). ***Quen é amigo do viño, enemigo é de si mismo.*** (VAZSACO1:471,12157).

O borracho perde o control de si con numerosos efectos indesexados. O máis inocente é a indiscreción pero seguen outros a cada paso máis perigosos:

395. ***O borracho con viño di o que ten no papiño.*** (23911:261). (44307). (FRAGU-GEG26:122).

396. ***Canto máis viño entra, máis* secretos *salen.*** (23911:212).

397. ***Home cheo de viño non garda *secretiño.*** (18001).

398. ***O moito viño, quita o sentido.*** (23911:210). (VAZSACO).

399. ***O viño anda sen calzóns.*** (RODGO3:421). (VIÑO:93). ***O viño anda sin calzós.*** (VAZSACO1:219,5247).

400. ***Ó pe da cama, nin viño nin auga.*** (23911:226). (GEG4:176). (RODGO1:449). (VIÑO:247).

401. ***Bailan as vellas naquel camiño; quen bailan non son as vellas, quen baila é o viño.*** (39455:360).

402. ***O viño é fillo da cepa torta: a unhos déitaos i-a outros non lles deixa atopar a porta.*** (VAZSACO1:424,10784)[34].

403. ***O viño das peras nin o tires nin o bebas nin ó teu amigo deas.*** (MOREI1:26). (RODGO3:421). (VAZSACO). (VIÑO:99). ***Viño de peras non o bebas nin o deas a quen ben queiras.*** (GOLPE:21). (RODGO3:420). (VIÑO:228).

404. ***O viño e o tabaco poñen o home fraco.*** (45703).

No conxunto do refraneiro galego a borracheira figura como unha avaría no funcionamento do proceso vitivinícola: non é para iso para o que os viñateiros coidan con amor e sacrificio as súas cepas e as súas cubas e realizan o longo e delicado de proceso de vinificación coas súas pertinentes trasegas. Despois dunha lectura atenta dos dous artigos maxistrais de J. Cantera Ortiz de Urbina sobre o viño no refraneiro castelán (CANTERA 1999; CANTERA 2000), quédame a sensación de que no refraneiro castelán o borracho e a borracheira ocupan un espazo maior do que ocupan no galego[35], quizais porque o consumidor castelán está máis lonxe do proceso vitícola e vinícola e porque, sendo aquela unha cultura normalizada sen interrupcións durante case un milenio, houbo máis interacción entre a cultura escrita e a oral, axudando a escola e a Igrexa a fortaleceren a permanencia do uso de paremias orais ou de paremias que eran xa de procedencia erudita. En cambio, esta vía estivo pechada durante os case cinco séculos que o galego estivo legal e efectivamente privado de escola, documentación, publicacións e de liturxia e isto fixo imposible que o galego oral se alimentase do que ocasionalmente o erudito recollía por escrito, como acontecía, en cambio en castelán. O caso do inédito e monumental refraneiro galego de Llópiz (ó que me referín no punto 0.5) é a proba palmaria de como paremias que se recolleron do uso oral entre 1880 e 1954 están alí consignadas pero aínda non se divulgaron para poder comprobar se seguen vivas nos mesmos lugares nos que se recolleron ou noutros dos que non sospeitamos.

Finalmente, volvendo a como se debe bebe-lo viño, o refraneiro galego recomenda bebelo frío.

405. ***Nin caldo frío, nin viño quente.*** (39455:356).

406. ***Nunca lle falta achaque ao viño: no vrau pola calor e no inverno polo frío.*** (RODGO3:421). ( VAZSACO1:838,22828). (VIÑO:63).

---

[34] Véxase a análise que deste refrán publicou Ana Acuña Trabazo (ACUÑA 2002).

[35] Ademáis dos refráns deste apartado, que *falan dos que non saben beber*, poden repasarse noutros apartados os que levan os números 25, 208, 365-372, 488, 513, 524, 582, 591, 604, 710, 717, 725, 728, 729, 764, 788, 789, 800.

## 2.9. Polisemia humorística: o neto de viño

407. ***Non hai neto de viño que grande sea / sexa.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:219,5245) (VIÑO:62). Naturalmente *neto* aquí non designa un ser humano (fillo de fillo, como figura no refrán 532) que co tempo pode medrar, senón ese *neto* ou recipiente para líquidos, do que escribiu Sarmiento isto: *"A la medida de vino que el castellano llama cuartillo llama el gallego neto* (SARMIENTO (1746): *Colección de voces...*) e o *cuartillo* antes do Sistema Métrico Decimal equivalía a 504 ml., polo tanto un *neto* vén sendo, máis ou menos, medio litro, designando o contido polo continente[36]. Lembremos aquela cantiga que recolleu en Ribadavia o P. Sobreira: *Si tu vira lo que vin / na feyra do Carballiño, / vinte cinco xastres juntos / bebend'un neto de viño.* (SOBREIRA: 1792-1797; s.v.feira). ***Neto***, como medida de capacidade anterior ó Sistema Métrico Decimal, aínda se podía oír humoristicamente nalgunhas tabernas galegas a mediados do século XX pero xa como equivalente aproximado dun vaso de viño ou un cuartillo e figura neste refrán e nos refráns 381, 516, 519, 551, 622, 739, 769. Tamén se usaba en Castropol (Asturias), que estrema con Ribadeo, río por medio[37] e que no XVII estaba fóra da xurisdición do Principado. O *neto* marca o límite extremo da cordura, porque neto e medio (3/4 de litro) xa emborracha, como di coa súa ironía o refrán 519.

---

[36] É ben sabido que España adoptou o Sistema Métrico Decimal (SMD) coa *Ley de Pesas y Medidas* de 19.7.1849 e que pouco antes se organizara en municipios e provincias (Constitución de 1812 e Ley Municipal de 1823). Pero anteriormente Galicia estaba organizada en Xurisdicións e cada Xurisdición tiña o seu Sistema Oficial de Pesos e Medidas e Lonxitudes. E na cabeza de cada Xurisdición había un Procurador Xeral e tres Rexedores (veciños por quenda anual). Había unha arca de tres chaves (*arca do Concello / arca del Concexo*) que custodiaban os tres rexedores dese ano. Esa arca só se abría en presencia do Procurador desa Xurisdición, se actuaban simultaneamente os tres rexedores coas súas chaves. Nesa Arca do Concello, ademais dos documentos orixinais da Xurisdición, custodiábanse as pesas e medidas oficiais desa Xurisdición e os comerciantes, para poderen comerciar, tiñan que ter certificación de que os seus pesos e medidas eran os oficiais da Xurisdición: "*dentr della se allan un pote de cobre para por el poder conferir las ollas de vender vino en la citada Jurisdicción de Caldevergazo. (H)ai asimesmo medidas del mismo metal para conferir por ellas las de las tabernas*. E cita tamén outros patróns para carniceiros, tendeiros e muiñeiros. É xa moi sonada a arca do Couto Mixto pero tódalas Xurisdicións tiñan cadansúa arca de xeito que na actividade comercial só se autorizaba o uso de pesas e medidas de lonxitude e capacidade que estivesen formalmente compulsadas coas que alí se gardaban na arca desa Xurisdición. Pode verse o referido á Xurisdición de Caldebergazo en MARTÍNEZ PLASENCIA, Mercedes e SÁNCHEZ CORA, Teresa (I, 2002; 74-79). Isto explica que case tódalas medidas que figuran nos refráns son anteriores ó Sistema Métrico Decimal. O Sistema Métrico Decimal (Francia 1791) estandarizou unidades métricas a partir de propiedades de cousas naturais, como o tamaño da Terra e o peso da auga, e establecendo relacións decimais entre unha unidade e outra. Nisto colaborou Pedro Joseph Rodríguez González (1770-1824), autoridade matemática de talla mundial que axudou a afina-las bases teóricas do SMD. Catedrático da USC e mestre de Domingo Fontán, é coñecido como *O matemático Rodríguez* ou *matemático de Bermés*, porque nacera en Bermés, Lalín (https://www.gciencia.com/historias-gc/jose-rodriguez-). Véxanse FERNÁNDEZ GONZÁLEZ Frutos (2008), LÓPEZ-VIZCAÍNO, Mª Paz (2008), ROLAND, Eduardo (2017).

[37] "Los representantes de los partidos políticos del Distrito de Castropol, a comienzos de siglo solían dar un bollo de pan y un *neto de vino*, o un paseo en automóvil por las inmediaciones, a los aldeanos que les cedían los votos (PÉREZ DE CASTRO: 225). En 1632 Castropol opúxose a adopta-las medidas unificadas en Oviedo para toda Asturias *por ser, como es, fuera de la jurisdicción de este Prinzipado*" (PÉREZ DE CASTRO: 180).

## 2.10. O viño como metáfora da xustiza distributiva

408. ***Ao que ten pan, carne e viño *Dios lle dea herba no liño.*** (21007:170). Este refrán expresa o desexo de que Deus reparta a sorte pero que tamén reparta as molestias nesta vida, de xeito, que os que gozan de todo teñan tamén algún contratempo. Cando se cultiva o liño, a aparición de herba común no medio do liño obriga despois a entrecoller freba a freba e resulta actividade moi molesta. De rebote, obsérvese como este refrán cifra o benestar en *ter pan, carne e viño*, co que a *felicidade* non parece poñerse en ter grandes propiedades senón en *non pasar fame*. A *memoria da fame* –dicía García-Sabell– é un dos compoñentes esenciais do carácter galego (seguramente coma en boa parte dos pobos agrícolas do mundo) tal como percibe o ollo clínico de García Sabell[38].

409. ***Pan e viño..., xa tes paraíso.*** (23911:188).

410. ***Bica e leite mazado, viñota e vida d'aldea, *Dios lla día a quen a *desea.*** (VAZSACO1:663,17634).

411. ***Maruxiña ten bo viño, si o ten, el o dirá: o que fore, sonará.*** (SACO1:223). O colector explica: "Es decir, que los hechos son la mejor comprobación de la verdad o falsedad de lo que se dice". (SACO2:316).

412. ***O que ten o viño, ben o bebe; e o que non o ten, ben o xeme.*** (43308). ***O que ten o viño, ben o bebe; e o que non o ten, mal o xeme.*** (43308).

413. ***O viño é bo, pero se é viño bo.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:838,22825).

414. ***Pan con viño, onde non te chamen non metas o fuciño.*** (VAZSACO1:424,10797).

## 2.11. ¿Como beber?

O refraneiro, obra de milenios, non incorporou ese fenómeno importado, recente e estraño chamado *botellón*. Para que un pracer non se convirta nun malestar, o refraneiro galego aconsella beber con comida, non mestura-las bebidas e saber compartir cos compañeiros de mesa.

415. ***O viño ha ser comido máis ben que bebido.*** (RODGO3:421). ***O viño ha ser comido, máis que bebido.*** (VIÑO:204). ***O viño ha de ser comido mellor que bebido.*** (34401:86).

416. ***Viño en sopas non emborracha.*** (40607:30). (40607:59). ***Agora que son velliño, sopas e bo viño.*** (27003:209).

417. ***Beber viño e non comer é cegar e non ver.*** (VAZSACO1:517,13431).

[38] A psicoloxía dun pobo é obra de milenios de historia social compartida, non resultado dunha tendencia conxuntural. Por iso segue vivo na recámara psicolóxica da xente galega canto nela soubo descubri-la dilatada experiencia médica de Domingo García-Sabell e que expuxo en *Notas sobre a fame galega* que apareceu por primeira vez en *Notas sobre a fame galega Ensaios I* (1963, Vigo: Ed. Galaxia) e que reaparece 1991 en *Análise existencial do home galego enfermo e outros ensaios* (Vigo: Ed. Galaxia).

418. ***Pra que o viño non che faga daño, reméndalle do mismo paño.*** Este refrán do Bierzo alude a que non se deben mestura-las bebidas para que non senten mal. (60023:70).

419. ***A pouco viño, pequeno traguiño.*** (VAZSACO1:7,54). ***A pouco viño ¡coidadiño!*** (RODGO3:178). (VIÑO:17).

420. ***Viño, a pasar; auga, a fartar.*** (45605). Recomenda o uso moderado do viño e, en cambio, recomenda beber abundante auga, porque isto é moi san (VAZSACO1:430,10937). ***Viño, a pagar; auga, a fartar.*** (RISCO-18). Esta última é unha variante do anterior e, de non ser errata, constituiría un retoque humorístico do anterior, cousa moi frecuente na vida das paremias.

421. ***Se con uvas bebedes, dúas veces beberedes.*** (RODGO1:340). (VIÑO:401).

422. ***Pra beber con uvas, máis val beber en *aúnas.*** (VIÑO:396).

## 2.12. Viño medicinal

O alcohol e a terapéutica médica teñen moito que ver. Pero só un refrán aproxima o viño á medicina e, aínda así, coa súa evidente dose de humor:

423. ***A catarro forte, talladas e viño.*** (RODGO1:525). (23911:221).

424. ***Non hai mellor *ciruxán que a boa carne, o bo viño e o bo pan.*** (40607:59).

425. ***Unto de porco e mel das abellas fervidos en viño e... ¡fora catarreira***! (VIÑO:126). (23911:190).

426. ***Mala é a chaga que con viño non sana.*** (RODGO2:571). (VAZSACO1:478,12433). ***Mala é a ferida que con viño non cura.*** (40607:59).

## 2.13. Medicina popular: unto, mel e viño

Hai outro refrán que parece médico, porque fala da picadela do alacrán e da donicela, da forcadela ou da mordida do renlo. Polo número de citas e de variantes que presenta, ofrece indicios de corresponder a crenzas moi intensas e por iso é interesante velas en conxunto. Son estas:

427. ***Mordedela d'alacrán, traer viño, traer pan, que mañá t'enterrarán.*** Forma un terceto monorrimo. (SACO2:336).

428. ***Mordedura de alacrán: busca viño, busca pan, que mañán te enterrarán.*** (VIÑO:57).

429. ***Se te pica un alacrán, busca viño e busca pan, que mañá te enterrarán.*** (21204:27). ***Se te pica un alacrán, busca viño, busca pan, que mañá te enterraran.*** (20520:49). ***Se che pica un alacrán, busca viño, busca pan, e máis crego e sancristán, antes hoxe que mañá, pois logo te enterrarán.*** (GEG1:188).

430. ***Se te pica un alacrán, bebe viño e come pan, que mañá te enterrarán.*** (21811). (36701). ***Si te pica o alacrán, bebe viño e come pan, que mañá che enterrarán; si che morde unha doniña prepara a sabaniña.*** (TABOA2).

431. ***Se te pincha un alacrán, busca viño e busca pan, que mañá te enterrarán.*** (20509:38). ***Se te pincha un alacrán, busca viño e come pan, que mañá te enterrarán.*** (20526:55). (20527:56).

432. ***Se te roi un alacrán, busca viño e busca pan e máis crego e sacristán, antes hoxe que mañán, pois logo te enterrarán.*** Fai referencia ó gran poder tóxico de este artrópodo, moi venenoso do que son presa frecuente os cans da casa. (44249). ***Se te roe un alacrán busca viño e busca pan e mais crego e sacristán, antes hoxe que mañán, pois logo te enterrarán.*** (RODGO1:98). (VIÑO:121).

433. ***Se te roi un alacrán, busca viño e busca pan qu'ás vintecatro horas os cregos t'enterrarán.*** (VAZSACO1:533,13817).

434. ***Si te roe o alacrán, busca viño e busca pan, que mañá te enterrarán; si te roe a donicela, pon a sábana i-a vela.*** Viño e pan eran necesarios apara atende-los amigos que viñan á casa para acompañar no velorio. (VAZSACO1:533,13876).

435. ***Se te morde o alacrán, busca viño e busca pan, que mañá te enterrarán.*** O colector explica: "El alacrán. Es considerado como animal ponzoñoso". (33325:65). ***Se te morde o alacrán, busca viño e busca pan, sacerdote e sacristán, que mañá te enterrarán.*** Idem por D. Carlos Pulido. (30209:165). ***Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan que mañá te enterrarán.*** O colector explica: "A las mordeduras de estos animales tienen los aldeanos un miedo horroroso que se traduce en estos dos refranes populares". (20011). (21112:26). (23901:191). (23911:196). ***Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan, sacerdote e sancristán, que mañán te enterrarán.*** (VIÑO:120).

436. ***Se te morde un alacrán, busca viño e pan que mañán te enterrarán.*** (VAZSACO1:532,13812). ***Si te morde un alacrán, busca viño e pan, que *mañán te enterrarán.*** (17852).

437. ***Se te morde un alacrán busca viño e coce pan, se te morde un renlo busca cregos para o enterro.*** (18401:188). ***Si che morde un alacrán, vai ó viño e mais ó pan, que te enterrarán mañán.*** Haino noutras linguas. (VAZSACO1:533,13831).

438. ***Se te morde un alacrán, garda viño e garda pan, que mañá te enterrarán.*** Idem por el sacristán de Goyás, en 1931. (42418:165). ***Se te morde un alacrán, garda viño e garda pan, que mañán te enterrarán.*** (ALOMO3:30). (VIÑO:119). ***Se te morde o alacrán, garda viño e garda pan, que mañá te enterrarán.*** (34703:56).

439. ***Si te morde un alacrán, bebe viño e come pan, que mañá te enterrarán.*** (10614). (VAZSACO). ***Si te morde un alacrán, busca viño e pan, que mañán te enterrarán. Si te morde o alacrán, busca viño e busca pan, sacerdote e sacristán, que mañá te enterrarán.*** Variante: ***Si te morde un alacrán, busca viño e pan que mañán te enterrarán.*** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C) (VAZSACO).

440. ***Si te morde un alacrán, deixa viño e deixa pan, que mañá te enterrarán.*** (VAZSACO1:536,13865).

441. ***Si te morde un alacrán, garda viño e garda pan que mañá te enterrarán.*** O colector explica: "Lo del vino y lo del pan, alude a la comida que suelen dar a los sacerdotes y familiares que de lejos acuden al entierro". (VAZSACO).

442. ***Se che traba o alacrán, prepara o viño e o pan.*** (15243).

443. ***Se te morde a donicela, busca viño e busca vela que mañá che darán terra.*** O colector explica: "A las mordeduras de estos animales tienen los aldeanos un miedo horroroso que se traduce en estos dos refranes populares" (RODGO2:132). "A xente pensa que a mordedura da donicela é mortal, o que non é certo". (42903). ***Se te morde a donicela, busca viño e busca vela, que pronto che darán terra.*** *Existe a crenza en Galicia de que a mordedura da donicela é mortal. O costume que aínda hai en algunha aldea de ofrecer viño ós acompañantes nos velorios, xustifica tamén o "busca viño*. (40001). (42903). ***Se te morde a donicela, toma viño e busca vela.*** (GONR11:69). ***Si te morde unha donicela, busca viño e busca vela que mañá che darán terra.*** (VAZSACO1:536,13870). ***Se te morde unha dornicela, busca viño e busca vela que mañá irás prá terra.***

444. ***Se te morde unha forcadela busca viño, busca vela, que mañán te botarán á terra.*** (27003:148).

Vexamos agora todas estas variantes nunha táboa:

| ANIMAL | ACCION | CITAS |
|---|---|---|
| alacrán | busca viño e busca pan | 8 |
| | busca viño, busca pan | 1 |
| | busca viño e pan | 3 |
| | busca viño e coce pan | 1 |
| | busca viño, busca pan, e máis crego e sancristán | 4 |
| | busca viño e busca pan, sacerdote e sacristán | 3 |
| | vai ó viño e mais ó pan | 1 |
| | garda viño e garda pan | 4 |
| | deixa viño e deixa pan | 1 |
| | prepara o viño e o pan | 1 |
| | busca viño e come pan | 1 |
| | bebe viño e come pan | 5 |
| doniña | prepara a sabaniña | 1 |
| donicela | pon a sábana i-a vela | 2 |
| | busca viño e busca vela | 4 |
| | toma viño e busca vela | 1 |
| forcadel | busca viño, busca vela | 1 |
| renlo | busca cregos para o enterro | 1 |
| TOTAL | | 43 |

Das 18 variantes deste refrán, que presenta 43 citas, só 1 variante (5 citas) recomenda beber como última actividade antes de morrer. A análise do conxunto fai evidente que o viño e o pan non eran para que bebese o que recibira a picada do alacrán, renlo, doniña ou donicela (*Mustela nivalis*) ou da forcadela (*Forficula auricularia*). Pan e viño non son antídotos nin, sequera, placebos para se despedir serenamente da vida. O que o refrán di é que hai que buscar, preparar, gardar viño e pan; e deixalos dispostos para

o velorio: antes das modernidades dos tanatorios, pan e viño eran indispensables para agasalla-las persoas que tiñan a amabilidade de viren acompaña-la familia nas difíciles horas previas ó enterro.

E mesmo sospeito que a presenza do beber (para afronta-lo mal paso da morte) puido aparecer inducido de que nalgún sitio se cambiou o *coce pan* por *come pan*.

O que este refrán indica é que o viño (co pan) forma parte da cortesía básica con que na Galicia tradicional (rural e mariñeira) se recibe calquera visita: maiormente, na visita derradeira do velorio. Esta é a valoración fundamental da paremia.

Aínda así, podemos preguntarnos: ¿é ou non é certo que a mordida de alacrán, donicela, forcadela é capaz de matar? Protección Civil di[39] que as especies de escorpións presentes en España non matan (si, en cambio, as existentes en América[40]) pero raramente en maiores de seis anos. A picadura de alacrán (como a dun toxo, un cravo, ou calquera outra ferida) é ferida aberta que, nas condicións hixiénicas de hai anos, podía infectarse; e con máis probabilidade a mordida da donicela. Hoxe, lavando a ferida con auga quente e xabrón, aplicando desinfectantes (non coloreados) e colocando un apósito é suficiente. A asistencia médica pode ser necesaria se persisten os síntomas. En calquera caso, parece imposible unha septicemia capaz de matar en 24 horas, como din os refráns.

Do *renlo* pouco sabemos: quizais sexa o misterioso insecto amarelo que ninguén viu, que noutros sitios chaman *renla, rela* ou *relo,* e que, se pica as vacas na lingua, fainas inchar e que, se pica os cans, inocúlalles a hidrofobia (BENAVENTE-FERRO 2010: 667). En calquera caso, a variante do renlo é a única que non menta nin o viño nin o pan.

Pero os refráns falan dunha época na que a asistencia médica ou veterinaria tardaba horas en chegar e tampouco viñan provistos de penicilina, sulfamidas, antibióticos e antisépticos para os casos extremos.

Dito isto, cómpre recoñecer que é certo que hai un refrán que recomenda o viño, como narcótico, para o trance supremo do suicidio:

445. ***Se te queres afogar no muíño, bebe primeiro un bo grolo de viño.*** (27003:192).

## 3. Xeoparemioloxía do viño galego

Algúns refráns etiquetan os viños de certas parroquias ou comarcas, unhas veces gabándoos, e outras, criticándoos. Esté capítulo lúdico do refraneiro non entra no catálogo de verdades de valor universal porque son observacións, que tendo unha parte de realidade, teñen moito de humor, de estima do propio viño e de menosprezo do viño doutras comarcas: todo rivalidade hiperbólica, festiva e sen malicia.

[39] http://www.proteccioncivil.es/catalogo/carpeta02/carpeta24/vademecum12/vdm013.htm. [15.9.2015].

[40] https://www.nlm.nih.gov/medlineplus/spanish/ency/article/002850.htm. [15.9.2015]. http://www.escorpionpedia.com/picaduras-escorpion/ [15.9.2015].

446. ***Aire de Carnota, nin bo viño, nin boa bota.*** Para entendelo cómpre ter en conta que ese refrán foi recollido en Laíño (Dodro) e que Carnota está á beira do mar aberto e a uns 60 km ó N.O. (13304:165).

447. ***Con troitas do río Sil e viño de Valdeorras, esquécense as penas todas.*** (GONPE:41). Hai unha variante menos redonda na pureza da lingua e na métrica do verso e incita a discutir se iso significa que é copia ou imitación da seguinte: ***Con troitas do Miño e viño de Ribeiras, olvídanse as penas.*** (23911:213). Sería un anticipo da lóxica rivalidade de dúas Denominacións de Orixe de merecida sona.

448. ***Da Ribeira Sacra bebe o viño e poraste contentiño.*** (23911:212).

449. ***Do Carballiño, bo pan e bo viño.*** (VIÑO:482). ***De Carballiño bo pan e bo viño.*** (41209).

450. ***En Ceboliño mitá auga e mitá viño.*** (VIÑO:483). O Bo Xesús do Ceboliño é unha parroquia do concello de Ourense.

451. ***En Chouzán, nin viño nin pan.*** Santo Estevo de Chouzán é unha parroquia do concello lugués de Carballedo. É terra de ribeira, pero de solo moi crebado e das máis difíciles no cultivo de cereais. Na súa igrexa existe un sillar de parede cunha escultura dun can, que representa a fame da comarca cando se construía o templo arredor do s. XIII. (21007:569).

452. ***En Ribeiras de Miño, boa horta e bo viño.*** Este refrán refírese á parroquia de Santo André de Ribeiras de Miño, do concello lugués de Pantón. (23911:171). ***O mellor viño... o de Ribeiras de Miño.*** (23911:215).

453. ***Home sanabrés, aire burganés e viño portugués, *Dios nos libre dos tres. s.v.*** Aínda que a fonte indica que este refrán se recolleu no concello ourensán da Mezquita en 1975 e tamén que *aire burganés* significa "vento do sur" (34506:161), cómpre engadir que Sanabria (ou Seabra) está a 40 km ó leste da Mezquita e que *burganés* parece se-lo xentilicio zamorano dos habitantes de Burganes de Valverde (a 120 km da Mezquita), tamén ó leste: é dicir, para A Mezquita *aire burganés* tería que ser "vento do leste" ou, como moito, do sur-leste: polo tanto, segundo este refrán, serían paradigmas de mala calidade o vento de Burganes, a xente de Sanabria a 40 km tamén ó leste, pero tamén o viño do outro lado da fronteira portuguesa, situada a uns 10 km. ó sur da Mezquita, e onde, a 32 km (dende a mesma Mezquita) está a vila de Vinhais, de significativo topónimo[41]. En refráns que, coma este, reúnen nunha mesma descualificación tres producións veciñas, case sempre está tan comprometida a veracidade da paremia, que normalmente debemos tomala como hipérbole humorística de retesía veciñal, que é o que ordinariamente son este tipo de sentencias e con esa intención é como ordinariamente se usan. E, por parte, debe terse en conta que o refrán non especifica en qué época do ano e para qué planta (non necesariamente a viña) é malo o vento do leste. Nos últimos corenta anos a disciplina vinícola mellorou, tanto en

[41] No Vale do Lima (freguesia de Beiral do Lima), en 1758 xa se distinguía entre *vinha de vinhais* "viña baixa ou continua" (para nós "en espaller") e *vinha de enforcado* ou *inforcado*", de parra. (CARDOSO 236).

Galicia como nas zonas estremeiras; e non podemos dar por verdade de valor universal que un teña que pedir a Deus que o libre do viño portugués. Este é, polo tanto, un deses refráns nos que a veracidade paremiolóxica vese suplantada pola simple e humorística retesía veciñal, que ninguén pensa en converter en verdade paremiolóxica perenne.

454. ***Na Ribeira Sacra, bo viño e boas patacas.*** (23911:318). O refrán foi recollido en Pantón (Lugo). Os de lonxe identificámo-la *Ribeira Sacra* con ese espectacular canón do Sil, adornado, maiormente do lado lugués, cun heroico cultivo da viña en socalcos que acadan nalgún caso 600 m de altura e con pendentes superiores a 32º que, polo tanto, forman un ecosistema único e variado ao longo da ribeira. Non é caso único no mundo pero é moi infrecuente e ten consideración de viticultura heroica. Con todo a Denominación de Orixe que identifica os viños inclúe concellos lugueses da ribeira do Sil e tamén do Miño como Portomarín ou Pantón (de características xeomofolóxicas parecidas) pero tamén zonas de val coma Monforte e, sorprendentemente exclúe concellos da banda ourensá do río Sil. A sorpresa procede, sobre todo, de que o topónimo histórico *Ribeira Sacra* fai referencia ós numerosos lugares que na Idade Media tiñan vida monástica ou eremítica (solitaria) á beira dese río Sil (maiormente do lado ourensán) e sobre todo a un que no século XII era corónimo: *Ribeira sacra* é a forma actual do primitivo *Reuoeyra / Rovoyra sacrata* ("carballeira sacra"). Dona Tareixa de Portugal en documento do 21.8.1124 doou un terreo ós frades bieitos presididos polo abade Arnaldo con estas palabras: *et tibi, Arnaldo, seruo eius, et socijs tuis ei seruientibus tam presentibus quam futuris locum qui dicitur Reuoeyra Sacrata, qui est in Monte de Ramo, territorio Caldellas:* ("[entrégoche] a ti, Arnaldo, servo [de Deus] e ós teus compañeiros que a El serven, tanto os presentes coma os futuros, o lugar denominado *Revoeyra Sagrada*, que está en Monte de Ramo, territorio de Caldelas"). Quizais a doazón era para agrupar tantos monxes solitarios (eremitas) creando alí unha comunidade monástica (*cenobio*) dedicada a san Xoán. Así se fixo e nese lugar estiveron os frades durante moito tempo e diso queda memoria no nome do lugar e parroquia de *Seoane Vello* (nótese que *Seoane* quere dicir "de San Xoán"). Posteriormente coa reforma cisterciense os frades trasladáronse a outro lugar de Montederramo (o actual) e alí crearon un mosteiro novo, agora dedicado a Santa María. Pero o lugar inicial de *Seoane Vello* non só conserva a memoria toponímica do vello culto a San Xoán senón tamén o escudo abacial co carballo que é verdadeiro brasón da *Revoeyra* ou *Rovoyra sacrata* ("carballeira sacra"), que son as dúas formas que figuran na doazón fundacional de Dona Tareixa de Portugal. O tempo foi borrando memorias e a *Revoeyra sacrata* (Carballeira Sacra) acabou transformada en *Ribeira Sacra*, empezando a aludir xa non á carballeira senón ó río (e mesmo ós ríos Sil e Miño)[42]. Esta transformación faise visible

[42] Curiosamente o apelido *Reboiras* concéntrase hoxe na parte atlántica de Galicia (Dodro, Rois, Rianxo, Bueu, Boiro, Padrón, O Grove, Marín, Cangas, Ribeira, Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Vigo e A Coruña), mentres que o apelido *Reboiro* está vivo en Bóveda, O Incio, A Pobra de Brollón, Sarria, Monforte de Lemos, Ourense e Lugo. *Robleda* (quizais castelanizado), en Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Viana do Bolo, Rubiá, O Barco de Valdeorras.

coa recente publicación da documentación medieval de Montederramo (LORENZO 2019: 181) que evidencia que Montederramo tiña propiedades agrícolas, nalgúns casos tamén con vinicultura, en Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Rubián e mesmo Vilaragunte.

Escudo da reitoral de Seoane Vello e do Mosteiro de Montederramo

455. ***No Carballiño boa carne, bo pan e bo viño.*** (RODGO1:487). ***Pra carne, pan e viño, O Carballiño.*** (AGUIRRE:43). (RODGO1:487). (VIÑO:499). (31901)**.** ***Para pan, carne e viño, o Carballiño.*** (45012).

456. ***No coto de Oleiros, troitas, viños, e piñeiros*****.** (21007:874). Refrán recollido no concello lugués de Carballedo. A parroquia de Oleiros era coto administrativo na división antiga. Era célebre nos documentos antigos a pesqueira da Pena da Infanta, por estar en litixio entre os frades de Pombeira e Oseira. Parece que o pino non era coñecido aquí hai un século.

457. ***O Miño é o pai do viño.*** (23911:207). (ALORO27:110). O río Miño fertiliza tres das cinco Denominacións vinícolas de Galicia: parte da Ribeira Sacra, O Ribeiro e a parte inferior da chamada Rías Baixas.

458. ***En San Román, pouco viño e pouco pan.*** San Román ou San Romau (no Nomenclátor de Galicia, San Romao) designan unha parroquia do concello lugués de Carballedo. Con moitos lugares de ribeira, esta

freguesía reparte os cultivos da montaña e do val; por iso ten abundancia en cada cousa. (21007:582).

459. ***O que queira beber viño bon que vaia a Esperón.*** "Esperón, aldea cercana á cidade de Pontevedra". O colector, sacerdote de Carballedo (Lugo), puido aprender este refrán nalgunha estadía cos frades de Poio, parroquia da que O Esperón é un dos seus lugares: nese caso habería que esperar *que vaia ó Esperón*. (21007:1234).

460. ***O viño de Beade ben que me sabe.*** (VIÑO:489). Beade é concello da provincia de Ourense e na comarca do Ribeiro.

461. ***O viño de Lombao, vaso na boca e caralla na mau.*** A explicación é que, por ser frouxo e bebedeiro, logo fai mexar: é diurético. Lombao pertence ó concello lugués de Paradela. (24001:111). Outros refráns atribúen este carácter diurético ó viño do Pereiro de Aguiar e mais ó do Ribeiro.

462. ***O viño de Ribadavia súbese logo á gabia.*** (VIÑO:490). ***Viño de Ribadavia, logo se sube á gávea.*** (GONPE:92).

463. ***O viño do Avia ten forza, espírito e labia.*** Ignoro se *labia* se refire a que fai falar ou a algunha calidade do sabor do propio viño. (RODGO3:421). (TABOA2). (VIÑO:492).

464. ***O viño de Bieite, anque sexa coma leite.*** (VIÑO:491). Supoño que se refire ó viño da parroquia de santo Adrao de Bieite, no concello ourensán de Leiro; polo tanto, viño do Ribeiro. Escribo *Bieite*, que procede de *Benedicti*, aínda que A. Blázquez escribira *Vieite,* porque seguramente así figuraba daquela no Nomenclátor oficial e esa forma é hoxe frecuente no apelido *Vieitez/Vieites* por esquecer que significa "fillo de Benedicto ou Bieito".

465. ***O viño do Ribeiro fai andar o mozo lixeiro.*** (RODGO3:421). (VIÑO:493). ***O viño do Ribeiro fai andar ó mozo lixeiro.*** (MOREI1:20). Nova alusión eufemística ó caracter diurético do viño (*fai andar lixeiro*).

466. ***O viño do Ribeiro fai fortes os mozos e remoza os vellos.*** (RODGO3:421). (MOREI1:20). (VIÑO:494). (VIÑO:495).

467. ***O viño do Ribeiro fai o vello chuscarrandeiro.*** (RODGO3:421). (MOREI1:20). ***O viño do Ribeiro ten sona de paroleiro.*** (RODGO3:421). (VIÑO:497). (TABOA2,Ribeiro). As dúas variantes aluden a que fai falar, e falar con gracia.

468. ***Viño tinto do Ribeiro, falangueiro e trouleiro.*** (RODGO3:421). (VIÑO:504).

469. ***O viño do Ribeiro non ten compañeiro.*** (RODGO3:421). (VIÑO:496).

470. ***O viño, o Miño faino menino.*** (VAZSACO1:76,1827).

471. ***Os de san Román, pouco viño e pouco pan.*** Refírese a San Román de Campos do municipio de Carballedo (Lugo). (21007:1291). Novo refrán de rivalidades veciñais.

472. ***Para bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia.*** (RODGO3:421). ***Pra bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia.*** (VIÑO:498).

473. ****Pulpo de Arcos, pan de Cea e viño de Cabanelas.*** (31901). San Xoán de Cabanelas e Santa María de Arcos son parroquias do Carballiño. Cea é o concello limítrofe onde está asentado o mosteiro de Oseira, que tiña parte da propiedade do porto de Marín e de alí recibía, como pago do foro, polbo e outros peixes. Probablemente o mosteiro de Oseira non consumía todo o que recibía e vendía o sobrante e así debeu de nace-lo feito sorprendente de que as mellores expertas en cociñaren este molusco sexan dende hai moito tempo as polveiras do Carballiño, situado a uns 100 km. do mar. Elas, tradicionalmente coñecidas como **pulpeiras de Arcos* ou **pulpeiras do Carballiño* (aínda que recentemente a RAG definiu como normativas unicamente as palabras *polbo* e *polbeira*) venderon e venden en tódalas feiras o polbo cocido e aliñado con sal, aceite e pemento sobre pratos de madeira (chamado *á feira*) e fóra de Galicia tamén se coñece como *pulpo á feira* ou *a la gallega*. Tamén en Portugal é coñecido como *polvo á galega*, aínda que alí comparte éxito co *polvo á lagareira* que leva un contorno de patacas cocidas.

474. ***Se as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga e rio de Ouro viño mouro, n´había terra coma o Valedouro.*** (RISCO-18). ***Se as penas de Oirán fosen pan e as da Froixeira manteiga e o río Douro viño mouro a ver quen ía poder.... coa xente do Valadouro***[43]**.** (VIÑO:500). ***Si as penas d'Oirán se volveran pan; as da Frouseira, manteiga; i o río d'Ouro, viño mouro ¿quen podería co Valadouro?*** (LENCE: 36). ***Se as penas de Oirán foran de pan, as da Frouseira, de manteiga, e o río de Ouro viño mouro ¡calquera podía co***[44] ***vale de Ouro!*** (AMORME 2:551). *Viño mouro* quere dicir, "viño tinto". *E ... a ver quen ía poder... / ... calquera podía* son formas irónicas, significando "ninguén podería co Valedouro; ninguén o superaría". *Santo Estevo de Oirán* está no concello lugués de Mondoñedo e ten unha zona alta e pedregosa. *A Frouseira* é unha montaña entre os concellos de Foz e Alfoz, e nela houbo un castelo[45] cargado de historia de resistencia nobiliaria á unificación política baixo a coroa de Castela. O *río Ouro* (escrito ás veces *de Ouro* e mesmo *Douro*) nace na Serra do Xistral e despois de fluír 20 km polos concellos do Valadouro e Foz desemboca no Cantábrico na parroquia de Santiago de *Fazouro* (topónimo que significa "Foz do Ouro") no concello que se chama precisamente Foz ("desembocadura"). O refrán expresa o soño dunha metamorfose xeomorfolóxica que converte en paraíso esa terra parcialmente montañosa e parece un soño galego creado a partir de citas bíblicas, recorrentes na liturxia, nas que *Deus promete ó seu pobo elixido unha terra que deita leite e mel* (Eclesiástico 46,8; Baruc 1,20). Pero Amor Meilán comenta que o valor económico do val supera de sobra as carencias da zona montañosa: *Tal dice el adagio [...] y, sin embargo,*

[43] ALVAG28 escribe *Vantedouro*. [http://ovaral.blogspot.com.es/2008/04/potica-do-golpe-e-dos-varados.html].

[44] O texto impreso contén unha errata evidente, porque di *podía o* por *podía co*.

[45] https://gl.wikipedia.org/wiki/Castelo_da_Frouxeira.

*para que el país sea uno de los ricos por excelencia, no necesita que se vuelvan pan las peñas de Oirán, ni en manteca las de la Frouseira, ni en vino las aguas del río de Oro. Ya en 1804 decía Labrada que era el valle muy abundante de trigo, centeno, maíz, vino y frutas, que se solían despachar en Mondoñedo y Vivero.* A cita é importante testemuño da produción de viño, aínda a principios do XIX, na parte máis septentrional de Galicia.

475. ***Para pan, terra de Lugo; para viño, Ribadavia; para meniñas bonitas, Santiaguiño de Meabia.*** (REGUEPAR:44). Aínda que hoxe non figura no Nomenclátor de Galicia ese Santiago de Meabia, este refrán (ou cantiga) foi recollido no século XIX (entre 1840 e 1858). Hoxe en Forcarei hai unha parroquia de San Xoán de Meavía.

476. ***Se vas a Ligonde, leva pan que che abonde; queixo e chourizo, cigarro e viño.*** (MAREVA:44). ***Se vas algún día a Ligonde - leva pan que che abonde... Mais, se vas ó Apóstolo Sant'iago - leva pan, viño e compango.*** (MAREVA:6). Este refrán parece presenta-la parroquia de Santiago de Ligonde (concello de Monterroso) como paradigma da escasa hospitalidade pero a segunda variante parece un retruque no que o Santiago de Compostela aínda parece moito máis escaso de hospitalidade, como dicindo *¡A todo hai que gañe!*

477. ***Somos de Chouzán onde non hai viño nin pan e no tempo das cireixas dámo-las queixas.*** Santo Estevo de Chouzán é unha parroquia do concello lugués de Carballedo, na ribeira do Miño. (21002).

478. ***Viño de Cacabelos faz cantar aos vellos.*** (VIÑO:503).

479. ***Viño de Untes, bebe e non preguntes; viño de Ribela, sabe que pela; viño de Golfariz, sabe aos homes e amarga aos rocís.*** Santo Estevo de Untes é parroquia do concello de Ourense. San Xillao de Ribela é parroquia de Coles: as dúas primeiras están en terra de viño á beira do río Miño. Golfariz, en cambio, se non me engano, é lugar de Santa María de Paradela na Estrada, terra alta e fría. (21007:1715).

480. ***Viño de Viso, que mira que te aviso.*** Teño dúbidas sobre a localizacion deste Viso, porque se anotou en Carballedo (Lugo) e o Viso máis próximo está no Incio. Pero podería ser un lugar da parroquia de San Pedro de Cudeiro no concello de Ourense, porque a mesma fonte anota refráns de viño de Ourense. (21007:1717).

481. ***Viño do Pereiro, mexadeiro; San Salvador, algo millor, Tibiás, pra polas mañás, Castadón, si ou non; Lamela, purrela; Cachamuiña, purreliña; Ceboliño, nin auga nin viño.*** Refrán composto que devalúa a calidade do viño das proximidades da cidade de Ourense, porque todos estes topónimos corresponden a parroquias da periferia desa cidade, aínda que O Pereiro de Aguiar é concello de seu. (SACO2:346).

482. ***Viño do Souto, tras dun vaso outro.*** Freguesía do municipio de Cea. (21007:1716).

483. ***Viño tinto, en Ribadavia.*** (41209). (VIÑO:505)**.**

Resumamos todo isto nun cadro.

| CARACTERÍSTICAS POPULARES DOS VIÑOS GALEGOS QUE FIGURAN NOS REFRÁNS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| POSITIVAS | **ten calidade** | **pai do viño** | **fai esquece-las penas** | **produce alegría** | **dá valor ó lugar** |
| | O Ribeiro (non ten compañeiro)<br>Ribadavia ++++<br>O Carballiño++++<br>(e Cabanelas)<br>Ribeiras de Miño++<br>Ribeira Sacra<br>Esperón<br>Vieite<br>Ribela<br>Golfariz (amarga ós rocís) | Río Miño | Ribeiras (451,457) | Valdeorras<br>Ribeira Sacra | coto de Oleiros (Carballedo) |
| | **fai o vello chuscarrandeiro** | **sabe ben** | **pide máis** | **dá forza** | **remoza os vellos** |
| | O Ribeiro<br>Ribeiro trouleiro | Beade | O Souto (Cea) | O Ribeiro | O Ribeiro |
| | **fai falar** | **fai cantar** | **fai mexar** | **fai andar lixeiro** | **rei do viño** |
| | Avia<br>O Ribeiro++ | Cacabelos | Lombao<br>O Pereiro | O Ribeiro++ | caíño |
| NEGATIVAS | **escaseza** | **augado** | **sen calidade** | **para as mañás** | **sóbe á cabeza** |
| | Chouzán<br>S. Román++<br>Ligonde<br>Santiago<br>Chouzán | Ceboliño | portugués<br>Untes<br>O Viso<br>Castadón,<br>Lamela,<br>Cachamuíña,<br>Ceboliño | Tibiás | Ribadavia ++ |

O primeiro que chama a atención, unha vez máis, é que **só aparecen no refraneiro tres zonas vinícolas: Ribadavia - O Ribeiro** (incluíndo os viñedos próximos á cidade de Ourense), **Valdeorras** e **A Ribeira Sacra**. Non aparecen nin *Monterrei* nin as *Rías Baixas* nin tampouco *As Mariñas*. A razón é que, aínda que nas zonas que faltan o cultivo da vide sexa tamén multisecular, nelas era máis frecuente falar de castes de cepas (*albariño, caíño, espadeiro* etc.) mentres que no Ribeiro, aínda que había castes (*brancellao, pazao, torrontés* etc.) de sempre houbo o hábito de usar unha denominación xeográfica (véxase 0.2). Lembremos que en 1880 en Padrón Rosalía de Castro cita cepas e non a zona de Padrón (1880: 220).

*¡Ouh miña parra d 'albariñas uvas, que a túa sombra me das;*
*ouh ti, sabugo de froriñas brancas, que curas todo mal;*
*ouh ti, en fin, miña horta tan querida e meus verdes nabals;*
*xa non vos deixo, que as angustias negras lonxe de min se irán!*

Pero Ramón Cabanillas (Cabanillas 1917: 87) vinculaba o viño espadeiro á súa terra da beira do Umia (Cambados, Ribadumia)

*¡O espadeiro! ¡Asios mouros, cepas tortas,*

*follas verdes, douradas e vermellas,*
*gala nas terras vivas de Castrelo,*
*nos Castelos de Oubiña e nas areas*
*de Tragove e Sisán, do mar de Arousa*
*i o Umia cristaíño nas ribeiras!*
*¡O espadeiro amante! ¡O viño doce!*
*¡Alegría de mallas i espadelas,*
*compañeiro das bolas de pan quente*
*i as castañas asadas na lareira!*

## 4. Viño e economía

Xa vimos atrás, na sección 1.27. Técnica comercial para o viño, algúns primeiros consellos. Busquemos máis información no refraneiro.

### 4.1. Pensamento do sector primario do viño

484. ***Antes de casar, ten casa en que morar, terras en que traballar e viñas en que podar.*** (27003:140). (TABOA2). ***Antes de casar, ter casa en que morar, terras en que traballar e viñas en que podar.*** (VIÑO:335). (CABANA). ***Antes de casar, ter casas en que morar, terras en que traballar e viñas en que podar.*** (RODGO1:514). Estas paremias completan coas anteriores o pensamento do sector primario do viño.

485. ***Viño acedo, touciño vello e pan centeo sosteñen a casa en peso.*** (27003:140). (43920). (RODGO3:421). (TABOA2). (VAZSACO). (VIÑO:227). O orixinal desta última cita di *en peno*, pero supoño que é errata por *en peso*. Esta paremia, que parece cita-los tres elementos básicos da cociña proletaria galega (pan, porco e viño), matiza tamén o pensamento básico do sector primario do viño.

486. ***O bo viño na cuba se vende.*** (23911:214). Parece o retruque do anterior, expresando que o viño bo era para vender.

487. ***Nen o teu pan en sopas nin o teu viño en probas.*** (VAZSACO1:659,17521).

488. ***Na terra do viño, véndese o viño e bébese a auga.*** (24001:111). Parece unha nota de humor económico, porque só pode vender viño quen o produce; mais na realidade expresa que na nosa historia a produción de viño era fundamentalmente para a venda (*Viño de ricos e pan de pobres*). Aínda o matiza máis o refrán seguinte.

489. ***A muller do viñadeiro, gran outono e mal inverno.*** O colector explica: "Porque en el otoño saca el viñadero sus principales ingresos". (VAZSACO1:568,15007). ***A muller do viñateiro, bon outono e mal inverno***. (MOREI1:21). (MOREI2:79). (VIÑO:276). Indicio de que, para os mais, os beneficios da viticultura xa se esgotaban no propio outono.

Hai outro refrán moi asentado no sector primario que expresa o que pensa o labrego dos que, estando nese sector produtor, teñen un pé posto no sector secundario: os que se dedican a mercar gando nas casas e véndelo nas feiras (*chaláns*) e di que, ó final, ese traballor híbrido desatende as terras:

490. ***Labrabor chalán nin colle viño nin pan.*** (CARRA34:18). (CARRA4:270608). (RISCO-18). (VAZSACO). (18401:184). ***Labrador chalán, non colle viño nin pan.*** (ALVAG:18). (23911:132). (GOLPE:13).

491. ***Labrador barallán nin colle viño nin pan.*** (RODGO2:503). (VIÑO:49). (43815:160) (18401:184). ***Labrador barallán non colle viño nin pan.*** (23911:261). (43920). (44237:53). (ALOMO324). ***Labrador arallán non colle viño nin pan.*** (18401:184). *Barallán* (que fala moito); *arallán* (probable errata por *barallán*).

492. ***Labrador larchán nin colle viño nin sega pan.*** (VAZSACO1:465,11995). (RODGO2:503). (VIÑO:50). Alude á persoa lacazá; ERG pon "barallán", FZN "chalán". (MOREI1:115).

493. ***Pra quen seña home cristiano, sempre ten que haber engano en vender estopa por liño e gato por lebre e xoana por viño.*** (GILBER:118). (MOREI1:62). *Xoana* é un "refresco hecho de vino y agua a partes iguales", significado recollido por Elixio Rivas Quintas (Frampas III) en Beade do Ribeiro e que podería vir do nome do recipiente que en castelán é *damajuana*: recipiente de cristal, de pescozo curto e ventre voluminoso protexido por un trenzado vexetal ou plástico, que impide ve-lo contido real.

A falsidade no comercio do viño está formulada nesta locución *Pregoar viño e vender vinagre.* (RODGO3:420). (VIÑO:18). Dos aspectos comerciais do viño, o refraneiro formula as seguintes sentencias:

494. ***Quen ó viño bota auga, de dúas cousas boa fai unha mala.*** (23911:215).

495. ***Neste mundo mesquiño cando baixa o pan sobe o viño.*** (RODGO2:662). ***Neste mundo mesquiño, cando o pan encarece, abarátase o viño.*** (RODGO2:662).

496. ***Nin o teu pan en bolas nin o teu viño en sopas.*** (RODGO3:77). (VAZSACO1:659,17522). (VIÑO:189). ***Nin o teu pan en roscas nin o teu viño en botas.*** (RODGO3:77). (VIÑO:190). ***Nin o teu pan en sopas nin o teu viño en probas.*** (RODGO3:77). (VIÑO:191). (VAZSACO1:659,17521). ***Nin o teu pan en tortas nin o teu viño en botas.*** O colector explica: "Recomienda que no se empleen los caudales en cosas que se consumen con facilidad". Pero isto pon á vista o lonxe que está a economía tradicional da actual economía de mercado internacional. (VAZSACO1:663,17651).

497. ***O viño barato saca o carto do farrapo.*** (RISCO-18)[46].

[46] No orix. *Co viño*, probable errata.

498. ***Comer uva e pagar acio.*** (RODGO1:584). (VIÑO:385)[47].

### 4.2. Pensamento do sector secundario do viño. Oferta e demanda

499. ***Teña eu cubas e caudal e quen queira, viñas e lagar.*** (RODGO3:369). Indica que é máis negocio comerciar con viño, é dicir ter diñeiro para mercalo (*caudal*) e capacidade de almacenalo (*cubas*) do que producilo (*viñas e lagar*): o sector primario da economía move todo o proceso pero é o que menos rendemento económico lle saca ó seu traballo. Velaí unha perspicaz observación económica formulada en palabras labregas.

Aínda que a formulación da lei da oferta e a demanda se atribúe a Adan Smith (1776), a intuición de que este fenómeno existe debe de ser antiga. Por iso o refraneiro tradicional aconsella non vender cando hai moito, porque os prezos estarán moi baixos e, sobre todo, porque o ano seguinte igual hai pouco e entón a demanda subirá e iso subirá o prezo. E esta lei o labrego galego formúlaa con antíteses contundentes:

500. ***Ano de viño, gardalo. Ano de pouco, despachalo.*** (SACO2:341).

501. ***Ano de viño, guarda viño.*** Que se gastará todo. (TABOA2).

502. ***Ano de viño non vénda-lo viño; ano de non viño, vende viño.*** Cando o hai, todos venden, e logo vale máis; é ó revés. (27003:151). Sorprende a buscada anomalía *ano de non viño*.

Incluso recomenda algo que para un produtor pode ser sorprendente: comprar para especular:

503. ***Ano de viño, merca e garda viño.*** (RODGO1:178). ***En ano de viño compra ou garda viño.*** (CARRA33:7). (CARRA4:230408). (ALVAG:15). (11806). (RISCO-18). ***En ano de viño merca e garda viño.*** (VIÑO:44). ***Ano de herba e viño, garda herba e merca viño.*** (MAREVA:61). (23911:176).

Pero tamén existe a recomendación dun prudente *vender e gardar*, que realmente temos que entendelo como *vender pero tamén gardar*:

504. ***Ano de viño, vende viño e garda viño.*** (TABOA2).

¿E cando se debe vender ou comprar? O refraneiro recomenda vender polo san Martiño (novembro) pero aconsella mercar por febreiro. Compréndese ben o interese de mercar viño en febreiro, porque o viño tivo un tempo suficiente para facerse, é dicir, para te-las súas fermentacións e presentarse xa puro e estabilizado:

505. ***Por febreiro compra o viño do Ribeiro***. (00071).

Pero precisaríase a opinión dun experto para entender por qué non se debe vender viño en xullo

506. ***No mes da santa Mariña, non capes a porca nin vendas o viño.*** (23911:146).

---

[47] Equivale a paga-lo todo a cambio da parte. Aínda que figura en repertorios paremiolóxicos parece locución e non consello (refrán).

e, en cambio, é interesante vendelo polo san Martiño:

507. ***Polo Sanmartiño, vende o teu viño.*** (23911:148). ***Polo S. Martiño, vende o teu viño; antes a pipeiro que a taberneiro.*** (CASAS1:24). O *taberneiro* vende o viño en vasos e, se non lle interesa merca-la pipa enteira, o que nela quede vai perdendo valor. Pola contra, ó *pipeiro* (transportista de viño en carros) interesáballe leva-la pipa chea e ben atestada para que o viño non se fose batendo e estragando polo camiño.

Falando do comercio do viño, o refraneiro parece responder á visión do produtor ou do cliente: testemuña a opinión vulgar de que no ámbito da comercialización existe ou pode existir fraude. Que iso é así, vese en que a ese mal profesional chámalle *bo taberneiro*:

508. ***O bo taberneiro, antes de vende-lo viño, bautízao primeiro.*** (RODGO2:192). (RODGO3:352). (VIÑO:301). (MOREI1:128). (21112:22). (23911:134). (43815:162). *Bautízao* é metáfora relixiosa por "bótalle auga" para que aumente algo o volume.

509. ***Trata en viño e serás mezquiño.*** (TABOA2).

510. ***Para quen sexa home cristiano sempre ten que haber engano en vender estopa por liño e gato por lebre e xoana por viño.*** (RODGO2:192). Xa comentado en 493.

511. ***Non bote auga ó viño o *cosecheiro, si quer ter creto e diñeiro.*** Unha vez máis é probable que esta sexa unhas desas máximas da autoría de Jacinto del Prado máis ca un refrán da tradición popular. (VAZSACO1:70,1671).

512. ***Pra que valla máis o teu viño, fala mal do do veciño.*** (23911:215). Outro exemplo de malas prácticas comerciais.

513. ***Para dormir descoidado, non vendas viño fiado.*** Podería pensarse que é unha paremia que pregoa a venda ó contado. Pero *viño fiado* é un viño que se volve insípido e espeso como o aceite. Que o viño *fíe* é consecuencia de que as bacterias, rodeándose de dextrona, agrúpanse unhas coas outras. A solución é trasfegalo e antigamente algúns adegueiros trasfegaban o viño facéndoo pasar por un filtro de toxos. Hoxe o sulfito e os filtros evitan que o viño fíe. Pero compréndese que o refraneiro advirta do perigo de vender viño en mal estado.

514. ***Non escondas a chave ó bodegueiro, si queres do viño facer diñeiro.*** (VAZSACO1:790,21188).

### 4.3. Comercio do viño: economía

515. ***Cando hai viño no Ribeiro, hai alegría e diñeiro.*** (NORI5).

### 4.4. Comercio do viño: amigos

O viño vai asociado á alegría e ás relacións de amizade.

516. ***As comadres cando reñen e se volven a amigar, mercan un neto de viño pra podelo festexar.*** (23911:247). Podería ser tamén un cantiga de catro versos.

517. ***Sopa de viño non emborracha pero alegra de máis a rapaza.*** (RODGO3:342). (VAZSACO1:428,10892). ***Sopas en viño non emborrachan, mais alegran moito ás rapazas.*** (MOREI2:21).

518. ***Sopa en viño non emborracha, pero agachar, agacha.*** (RODGO3:342). (VAZSACO1:803,21644).

519. ***Sopa en viño non emborracha; neto e medio non fai mella; el vento non fai, ¿que é esto que abanea?*** (VAZSACO1:428,10893). Parece un soliloquio do que se decata que xa bebeu de máis.

520. ***Sopas de leite e bon viño póñenme noviño.*** (VAZSACO1:537,13881). ***Sopas de pan e viño fan do vello mociño.*** (VAZSACO1:537,13882). ***Pan e viño fan do vello mociño.*** (VAZSACO). Un vaso de viño dá alegría.

Pero o refraneiro avisa de que o viño nunca debe influír nas relacións comerciais.

521. ***A amistade corra pero o viño a oito cartos.*** (RODGO1:152). ***A amistá corra, pero o viño a oito cartos.*** (VIÑO:1).

## 5. Efectos do viño

### 5.1. Efectos positivos

O refraneiro di que o viño dá forza. Algúns din que a dá para os traballos agrícolas.

522. ***A gadaña quere forza e maña, e viño que a taña.*** (23911:174).

523. ***Come caldo, pan e viño, xa verás que pouco che fonde o camiño.*** (27003:108).

524. ***O viño dá forzas e a auga quítaas todas.*** (RODGO3:421). ***O viño dá forzas e a iauga quítaas todas.*** (VIÑO:248). (VAZSACO1:219,5249). (23911:213). Máis que forzas, o viño o que dá é unha certa euforia e atrevemento.

525. ***O viño dálle forza ó velliño.*** (VAZSACO).

526. ***O viño é a raís do corpo.*** (43210).

527. ***Se queres te-lo teu home gordiño, despois do caldo dálle un gotiño, sempre que sexa de viño.*** (34401:86). (RODGO1:443). Deste hai cativas variantes e a razón dáa Correas "Quita las ventosidades el vino tras el caldo o con el mezclado, y abriga el estómago". *Quien tras el caldo no bebe, no sabe lo que pierde*. (MOREI1:22).

528. ***Se queres ter o teu home gordiño, enriba do caldo dálle un traguiño de viño.*** (RODGO3:382).

### 5.2. Efectos negativos do *fillo da uva*

O viño desinhibe e fai aflora-los os aspectos da nosa personalidade que a prudencia nos aconsella ocultar ou dos que candidamente nin nós somos conscientes, dende o egoísmo descortés ata a violencia incontrolada:

529. ***Amigo que pide muto viño, dálle ca porta no fuciño.*** (38319:103).

530. ***O que ten bo viño, bébao e non llo dea ó seu veciño.*** (VAZSACO1:250,6093). ***O que teña bo viño, bébao e non llo dea ao veciño.*** (RODGO3:421). (MOREI1:66). (VIÑO:86).

531. ***Antes de deixar heredade a sobriño, bébeo en viño.*** (21112:25). ***Antes de que herde o sobriño, gasta o viño.*** (VAZSACO1:325,8044).

532. ***Ben aforra o vello que bebe viño e zuga o langostino: ó remate, quen paga é o fillo, o neto ou o sobriño.*** (MAREVA:23).

Sorprendente, nesta mesma liña, a forte ironía do seguinte refrán, pensado precisamente para non partilla-lo propio viño:

533. ***O tabaco e o viño hai algús que o regalan ó seu veciño.*** (RODGO3:352). (VAZSACO1:805,21714). (VIÑO:88). Refrán que se carga de ironía nesa palabra *algús*.

534. ***O teu maior amigo, se pode, bébeche o viño e lévache o trigo.*** (MAREVA:49).

535. ***O amigo campesiño comerache o pan e beberache o viño.*** (MAREVA:47).

536. ***O aldeán darache a proba do seu viño e beberache o teu pipotiño.*** (RODGO1:111). (MOREI1:82). (VIÑO:64). A palabra *aldeán* non me parece que teña aquí o valor de "labrador" en xeral senón o de "persoa da aldea", é dicir, "persoa da túa aldea": en consecuencia, "persoa que ten contigo moita confianza". Máis que de labradores fala de persoas próximas que abusan da confianza.

537. ***O morapio ten a culpa de moitas trifulcas: na taberna, cos amigos; e na casa, coa muller e os fillos.*** (23911:206). É certo que o viño en exceso pode levar á violencia ós que son coléricos e que estes precisan someterse a unha terapia constante que, certamente, exclúe todo tipo de alcohol[48].

Con todo, non parece que o viño sexa a causa senón a mostra de problemas que son previos. Un refrán reflexiona sobre os problemas previos que levan a un consumo patolóxico de viño e que o viño deixa á vista:

538. ***Algo lle pasa á Francisco, se zuga dez cuncas de viño.*** (MAREVA:42). Refrán sabio para falar das persoas alcohólicas, que o son por problemas que agachan e que, agachando as causas, adían a solución.

[48] Véxase o apartado 7.5.10 Violencia.

539. ***Tanto me quer o fillo da uva, tanto me quer, que todo me derruba.*** (VAZSACO1:559,14675). ***Tanto me quere o fillo da uva, tanto me quere, que se el quere me derruba.*** (RODGO3:216).

540. ***Viño na cuba, borracheira segura.*** (38319:114).

541. ***Cando o viño entra, a razón marcha.*** (23911:208).

542. ***O que se organiza con viño, queda no camiño.*** (23911:205).

543. ***Bo viño na seitura, o traballo pouco dura.*** O seitor vaise lindrando, a durmir tras dun valado. (MAREVA:10).

544. ***Non fumes en pipa nin bebas viño porque os dous xuntos fan mal camiño.*** (40607:59).

### 5.3. Efectos neutros

545. ***Cando o viño é bo, un vaso chama a outro.*** (VAZSACO1:830,22583).

### 5.4. Viño, viño bautizado e humor

O *viño bautizado* (rebaixado con auga) é unha das metáforas máis comúns.

546. ***A auga fíxoa *Dios i-o viño os homes: respetemos a auga e bebamos o viño.*** (VAZSACO1:313,7764).

547. ***A auga para os peixes, para os homes, viño a feixes.*** (LEMABOU:1). ***Auga para os peixes, para os homes viño e feixes.*** (39011).

548. ***A auga mata o lume, o viño mata a sede.*** (23911:208).

549. ***A bo viño non hai mal bebedor.*** (RODGO3:420). (VAZSACO1:837,22795). (MOREI1:96). (VIÑO:3). (23911:214). (34401:86).

550. ***Beber bo viño faino todo veciño; o que é malo é beber viño malo.*** (RODGO3:420). (VAZSACO1:219,5238). (VIÑO:155).

551. ***O neto de viño é pequeniño.*** (23911:215). Lémbrese o significado do *neto* como medida de capacidade no refrán 406.

552. ***Na terra do viño, véndese o viño e bébese a auga.*** (24001:111).

553. ***Os cregos bautizan nenos; e os taberneiros, viño.*** (23911:164). ***Os curas e os taberneiros son todos mui parecidos: os curas bautizan nenos; e os taberneiros, o viño.*** (VAZSACO). (15309). Aínda que algúns colectores o incorporaron ó refraneiro, as pausas con rima no segundo e cuarto elemento indican que é unha cantiga popular e ademais ten melodía coñecida; pero a intención satírica achégao ós refráns.

554. ***Cantos borrachos habería, se o río Miño levara viño.*** (23911:261). O Miño é o río máis presente nos refráns galegos do viño: figura, ademais deste, nos refráns 447,452, 457, 470, 566, 755, 814, 837 e 838.

Hai un refrán que parodia o visto no inicio do ideal económico da aldea, poñendo unha engádega inesperada:

555. ***A casa xa labrada, a viña xa prantada e a sogra enterrada.*** (43920). (TABOA2,Pontevedra). (MOREI2:55). (VIÑO:334). (RODGO1:512).

556. ***Agora que vén a uva e vén o figo, cásate, Pedro Garrido.*** (25203). Este refrán pícaro recomenda que o home (Pedro) case no momento en que a casa se vai encher dos produtos cultivados durante todo o ano: final do verán (uva e figo).

## 6. Viño e gastronomía

Na gastronomía galega o viño é o complemento festivo dos mellores pratos, maiormente de carne. O refraneiro di que o viño é o espírito da comida:

557. ***A bocado forte, trago de viño.*** (RODGO1:363). (VIÑO:138).

558. ***Polo ou galiña, con auga da viña.*** (VAZSACO1:41,929). Metáfora do viño.

559. ***A carne pon carne, o viño pon sangue.*** (00068).

560. ***A carne cría carne; o viño, sangre; o pan cría panza i-o demais todo é chanza.*** (VAZSACO1:514,13350). Isto de que o viño cría sangue é tópico común a diversas linguas europeas.

561. ***A carne pon carne e o viño pon sangue.*** (RODGO1:496). (34401:194). (VIÑO:141).

562. ***A carne pon carne, o pan pon a panza i o viño guía a danza.*** (RODGO1:496). (VIÑO:142). (43920).

563. ***Á carne, dálle viño e, se é xamón, con máis razón.*** (23911:211).

### 6.1. Viño e pan

564. ***Dixo o viño: No corpo do home son valente e voante. E dixo o pan: Se eu vou diante.*** (VALLA7:585). (RODGO3:421). ***Dixo o viño moi campante: no corpo do home son valente e voante; e dixo o pan: si eu vou diante.*** (MOREI1:36). (VIÑO:182). ***No corpo do home sou valente e boiante. E dixo o pan: Se eu vou diante.*** (ALVAG:14). (40006:21,336).

565. ***Dixo o viño: No corpo do home son valente e ruante; e dixo o pan: Se eu vou diante.*** (23911:211). (CARRA4:70408).

## 7. A vinicultura como escola de vida

### 7.1. Metáforas positivas

Atrás queda dito que o *viño bautizado* é unha das metáforas máis comúns. Vexamos algunhas máis elaboradas que deron en refráns.

566. ***Baguiño a baguiño fixo a vella unha pipa de viño.*** Pouco a pouco xúntase moito. (TABOA2). (ALOMO316). (MOREI2:84). (VAZSACO1:244,5922). (VIÑO:22). (27003:151). (38319:103). O *rabusco das uvas* que quedan esquecidas na vendima é unha magnífica e vella metáfora do valor de

repasa-lo traballo feito e de aproveita-lo que aparentemente carece de valor. Díselle ó que despreza unha cousa por ser pequena. Un bago non é case nada pero, xuntándoo con outros, faise o viño. Hai que aproveitar. Este refrán enxalza o valor das cousas pequenas e o de aproveitar tódolos recursos por pequenos que sexan.

567. ***Unha vella de bagos fixo cen pipas de viño.*** (44321). ***Unha vella, de bagos, fixo cen canados de viño.*** *"*Bagos" son as uvas, consideradas individualmente (DRAG). Outros refírense ás uvas que quedan dispersas despois de vendimar (21007:1642). (44905). ***Unha vella de cen bagos fixo unha pipa de viño. Unha vella de cen bagos fixo unha pipa de viño.*** (44914). ***Unha vella do Miño fixo de bagullos unha pipa de viño.*** (23911:248). ***Unha vella do Ribeiro fixo de bagullos unha pipa de viño.*** (MOREI2:24). ***Unha vella no Ribeiro fixo de bagullos unha pipa de viño.*** (VIÑO:502).

568. ***Amigo, vello; touciño, vello; viño, aínda máis vello. "***O tempo é proba de boa calidá". (MOREI1:23). ***Amigo, vello; touciño, vello; e viño, inda máis vello.*** (CARRA4:190508). (VIÑO:13). ***Amigo, vello; touciño e viño, anellos.*** (RODGO1:150). ***... anexos.*** (VIÑO:12).

569. ***Amigo e viño, o máis antigo.*** (O Mintireiro verdadeiro, 1969). (TABOA2). (RODGO1:150). (VIÑO:10). Este refrán e mailo anterior enxalzan o valor da fidelidade que supera as probas que trae o paso dos anos.

570. ***Amigo por amigo, o meu pan e o meu viño.*** (RODGO1:150). (MOREI1:9). (VIÑO:11). Este refrán enxalza o valor superior do propio esforzo, porque é o que nos dá os recursos máis fiables para a vida, aínda que sexan escasos. Esperar que cheguen de seu pola porta axudas alleas é sempre confiar no improbable.

571. ***Amigo que non sirve, bota que perde o viño e coitelo que non corta, que se perdan, pouco importa.*** (VAZSACO1:211,5081).

572. ***Os valentes e o bo viño acábanse logo.*** (RODGO3:403). (VAZSACO1:825,22386)

573. ***Os viños das festas e os testamentos dos avós descubren as intenciós.*** (23911:212).

574. ***O home e o viño son os máis amiguiños.*** (18001).

575. ***A cepa, tarde ou cedo, sempre dá as uvas por setembro.*** *(23911:188).* ***A cepa, tarde ou cedo, sempre dá uvas polo setembro.*** (RODGO1:542). (34401:85). (VIÑO:379). "*...volveuse ó pobo e díxolle amoscado: "-Deixarvos de retranqueiras, e conto acabado, que pau de corno nace de abondo na aldea, e o que non ten cornos, ten testa, e a cepa, tarde ou cedo, sempre dá uvas" e marchouse remusgando, ó mesmo tempo ...*". (PERZPLA1:346).

576. ***Unha vella, de bagos, fixo cen pipas de viño.*** (44321). Hipérbole que, en calquera caso, advirte que do que se considera irrelevante aínda se pode sacar moito proveito.

577. ***Dos bagos faise o viño; e das frebas, as meas.*** (24001:108). (24001:151).

578. ***Ó viño e á xente nova, pra ser bos, hai qu'esperarlles tempo.*** (VAZSACO1:654,17332). ***Ó viño e á xente nova hailles que dar tempo pra que sean cousa boa.*** (21007:180).

579. ***Non falta tesouro de viño nin de ouro.*** (VAZSACO1:807,21806). (RODGO3:371).

## 7.2. Metáforas negativas

580. ***Ó que ten bo viño non lle faltan amigos.*** (RODGO3:421).

581. ***O amigo do teu viño non o queiras de veciño.*** (MOREI1:35). (RAJO). (VIÑO:65). (FRAGU-GEG2:53). (23911:297). (45703). (MAREVA:50). ***O amigo do teu viño non o teñas de veciño.*** (45703). Este refrán nas súas dúas variantes advirte contra os perigos da amizade parasitaria e interesada, que pode deixar na miseria a unha persoa á boa fe.

582. ***Nin denantes nin agora, terás leales amigos - sin un peso na falchoca, pra gastalo en pan e viño.*** (MAREVA:49).

583. ***Ó teu inimigo cómelle o pan e bébelle o viño.*** (RODGO2:186). ***Ó teu mellor amigo, cómelle o pan e bébelle o viño.*** (MAREVA:50). ***Ó teu amigo cómelle o pan e bébelle o viño.*** (RODGO1:151). Paremia difícil de interpretar porque di o mesmo tanto referíndose ó amigo coma ó inimigo.

584. ***O bo amigo, co teu pan e co teu viño.*** (RODGO1:151). (VIÑO:69). (MOREI1:9).

585. ***De todo hai na viña d-El Señor.*** (CARRA4:70408). (VIÑO:352). Isto parece inspirado na parábola de Xesús, que conta Mateo 20,1-15, do propietario dunha viña que á mañá cedo contratou por un denario uns vendimadores. Como non daban abasto, saíu sucesivamente ós camiños, a tres horas diferentes, en busca de máis xente polo mesmo prezo. Cando á noite foi pagar, os da primeira hora protestáronlle de que os da última cobrasen igual. E el díxolles que el contratara con todos igual e rematou coa outra frase de que *os últimos serán os primeiros e os primeiros os últimos.* Aínda que o sentido inicial era que en toda distribución hai beneficiados e prexudicados, hoxe úsase máis para dicir que en todas partes hai bos e ruíns.

586. ***Cabaza que non ten viño non é cabaza nin cabaciño.*** (RODGO1:415). (VIÑO:318). (34401:86).

587. ***Fai como os burros de arrieiro que carretan o viño e beben auga.*** (VAZSACO1:632,16738). ***Fai como os burros dos arrieiros, que carrean o viño e beben a auga.*** (VAZSACO1:632,16739).

588. ***O home reñidor, cabalo corredor e odre de bon viño, nunca duran moito.*** (VAZSACO).

589. ***Por casar as fillas, promete /prometen casa e viñas.*** (VAZSACO1:511,13256).

590. ***Home atrevido e pelexo de bo viño duran pouquiño.*** (21007:694). ***Home estrevido, pelexo de bo viño, e vaso de bo vidro, duran pouquiño.*** (RODGO2:453).

591. ***Inda non é viño e xa quer ser vinagre.*** (VAZSACO1:838,22805). Metáfora da precipitación. (RODGO3:421). (VIÑO:48).

592. ***"Que valente son" -díxolle o viño ó pan; "Si eu vou diante" -respondeu o pan.*** (39455:360).

593. ***O que non dá do seu viño, non cate o do veciño.*** (23911:210). ***Quen non dá do seu viño non queira catar o do veciño.*** (RODGO3:421). (VIÑO:117). (VAZSACO1:838,22839). ***Quen non dá do seu viño non vaia catar o do veciño.*** (TABOA2).

594. ***De vendima feita, cestos abondo.*** (23901:192). Na vendima precísanse tantos vendimadores pero tamén cestos para carrexa-la uva ata o lagar. Neste refrán pervive a sintaxe latina do ablativo absoluto.

595. ***Meu san Migueliño das uvas, moito me tardas e pouco me duras.*** (44327). ***San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras.*** Ben expresa este refrán a caducidade das cousas. (49622).

596. ***Cando se remata o viño, a bota (xa) non fai falla.*** (RODGO 3,421). (VAZSACO1:838,22799). (VIÑO:321).

### 7.3. Metáforas neutras

597. ***A adega cheira ó viño que ten.*** (RODGO1:56). (RODGO1:366). (34401:44). (23911:187). (23911:212). (VIÑO:251). (GEG1:110).

598. ***Cada bota cheira ó viño que lle botan.*** (VAZSACO1:258,6352). ***Cada bota cheira ó viño que ten.*** (RODGO1:381).

599. ***Cada cuba cheira ó viño que lle botan / que ten.*** (RODGO1:687). (VIÑO:254). ***Cada cuba ole ao viño que ten.*** (60023:24).

600. ***Cada fustalla ole ao viño que gardou.*** (CARRA4:190508). ***Cada fustalla cheira ó viño que garda.*** (VAZSACO1:712,18984). (VIÑO:255). ***Cada fustalla cheira ó viño que gardou.*** (VAZSACO1:712,18985).

601. ***Amor de puta e viño de xarro, á mañá bo e á tarde malo.*** (23911:268). ***Amor de rameira e viño de tarro, á mañá bo e á tarde malo.*** (RODGO1:154). (MOREI1:124). (MOREI2:75). (23911:272). (RABA-GEG2:65). (VIÑO:14). Aínda que o primeiro elemento (*amor de puta*) parece levar a pensar que é unha metáfora negativa, eu supoño que se refire simplemente ó viño que se sacou ou á botella que abriu e quedou aberta varias horas (da mañá para a tarde) e que perde toda a súa calidade. En definitiva, compara dúas realidades que perden o seu valor por seren efémeras.

602. ***Unos nacen pra vendimiar, e outros pra sacar os cestos.*** Refrán do galego de León. (60023:88). Todos nacemos con habilidades diferentes e todas elas son útiles e necesarias.

603. ***O forno e o vello pola boca se quentan: este con viño e aquel con leña.*** (RODGO3:214). (MOREI1:139).

604. ***O forno proba o tempero do aceiro, o viño proba os corazós.*** (23911:206).

605. ***Os burros acarrean o viño e beben a auga.*** É un dito moi frecuente nas zonas de ribeira (próximas ó río Miño), onde abunda o viño: parece face-la risa dos que non aprecian o viño. (21007:1280). (VAZSACO1:274,6744). Lémbrese os refráns 271, 273, 299 e 586.

606. ***O home mesquiño non colle forzas con pan nin con viño.*** (RODGO2:454). (VAZSACO1:442,11355).

607. ***A gadaña quere forza e maña, e viño que a taña.*** (23911:174).

608. ***O home mesquiño dispois de comer, ten frío.*** (MOREI1:97).

609. ***O viño con pasión tira esta do corazón.*** (VAZSACO1:424,10782). (VIÑO:96). (23911:211).

Pero lémbrese este refrán

610. ****Suelas e viño andan o camiño.*** (RISCO-18).

### 7.4. Defensa da propiedade

611. ***Cabra, viña e horta, o seu dono á porta.*** (RODGO1:420). (MOREI1:75). (VIÑO:342).

612. ***O pan e o bon viño son do seu dono.*** (VAZSACO1:757,20189).

### 7.5. Consellos de vida

#### 7.5.1. Autocrítica. Ver Hipocresía

613. ***Ninguén que beba viño chame borracho ao seu veciño.*** (RODGO3:421). (VIÑO:295). (43310). (43220). (43917). (44307). (44508). (45013). ***Polo novembro ninguén que beba viño chame borracho ó veciño.*** (43815:154).

#### 7.5.2. Avareza

614. ***Na casa do mesquiño, cando hai para pan, non hai para viño***. (RODGO2:618). ***Na casa do mesquiño, cando hai pra pan non hai pra viño.*** (MOREI1:46).

#### 7.5.3. Aforro e economía

615. ***O que merca e fía, non mercará leiras nin viñas.*** (GILBER:122). (RODGO2:615). (VAZSACO1:542,14041). A propiedade adquírese con esforzo e austeridade. Aquel que axiña gasta en cousas pequenas o diñeiro que gañou, nunca consegue aforrar; pero o aforro é o que permite acumular recursos suficientes para mercar bens estruturais, que na economía campesiña son as leiras e as viñas. Este refrán emparella (e desaconsella) tanto a falta de aforro coma o vender a prazo indefinido (fíar).

#### 7.5.4. Efectos do viño

616. ***O que bebe viño, chéiralle o fuciño.*** (23911:214). ***Ó que bebe viño chéiralle o fociño.*** (27003:123). (42009). (45703).

617. ***O que bebe viño ten sucios os fuciños.*** (43921).

618. ***O que come o pan e bebe viño, solta moito diñeiriño.*** (VAZSACO1:422,10722).

619. ***O que fai o viño non o fai o chicolate.*** (VIÑO:81). Sendo os dous estimulantes, teñen efectos diferentes.

620. ***O que con viño a boca enxagoa, sempre algo de viño traga.*** (23911:210).

### 7.5.5. Proporción excesiva

Hai un par de paremias que claramente sobrepasan os límites do sentido común e o sentir xeral do resto das paremias, polo que, máis que consellos da sabedoría popular parecen ditos fixados para describi-la desmesura contra o sentido común.

621. ***O viño polo xerro é como mellor o quero.*** (RODGO3:421). (MOREI1:97). (VIÑO:332). ***O viño polo xerro, é como mello-lo quero.*** (23911:213). ***O viño polo xerro é como millor o quero.*** (VAZSACO1:219,5250). Este refrán borra a mesura máxima establecida nun neto (ref. 519).

622. ***Por cada bocadiño, un neto de viño.*** (RODGO1:363). (VIÑO:213). Tamén este refrán é desmesurado, porque, por cada bocado, recomenda a mesura máxima.

Por seren proporcións disparatadas, terían que ser paremias irónicas. Máis que refráns en sentido estrito, teñen que ser descricións dun evidente exceso que se destrúe a si mesma por sentido común.

Os refráns que seguen tamén son descricións de excesos evidentes:

623. ***O que come pan e bebe moito viño, é un bon borrachiño.*** (VAZSACO1:422,10724). ***O que bebe moito viño, faise un bo borrachiño.*** (VAZSACO1:421,10709).

624. ***O que bebe moito viño sáelle o diablo ó camiño.*** (10614).

625. ***O que bebe moito viño, di o que ten no papiño.*** (23911:210).

626. ***O que bebe moito viño, vaiche por mal camiño.*** (Santiago). (VAZSACO).

### 7.5.6. Resaca

627. ***Á deitada da cama non bebas viño nin auga.*** (VAZSACO1:514,13356). Curiosa locución que equivale a *cando te deites na cama*.

628. ***Cena de viño, almorzo de auga.*** (23911:214). ***¿Cenaches con viño? Pois xa verás como almorzas con auga.*** (23911:214).

629. ***O que con viño se deita, con gana de auga se levanta.*** (23911:207). (34005). (39011). (40607:59). (43220). A auga é boa para a resaca.

630. ***Quen con viño se deita con gana de auga se levanta.*** (23911:258). (43815:163). ***Quen con viño se deita, con auga se levanta.*** (44002).

631. ***O que con viño cea, con auga *se desaiuna (desaúna).*** (VAZSACO1:527,13682). ***O que muto viño bebe, con auga se *desaiuna.*** (33309:145). ***O que moito viño bebe, cando a zorra madruga, con auga***

***se desayuna.*** (20001). O rema (2ª parte ou mensaxe) do refrán é un castelanismo tanto no verbo (*desaiuna) como na anómala anteposición do pronome *se*: as dúas cousas revelan que a paremia é importada.

### 7.5.7. Promesas incumpridas

O viño crea un clima de cordialidade e fraternidade. Quizais por iso está na liturxia cristiá, asociado ó pan de trigo, dende hai vinte séculos.

632. ***Homes bos e picheles de viño amainan o ruído.*** (RODGO2:453). (VAZSACO1:441,11307). O DRAG define o *pichel* como "Xerra alta e redonda, máis ancha na base ca no colo, xeralmente de estaño, con tapa unida á asa, que se empregaba para quitar o viño dos pipotes". Debía ser típica de Santiago, porque ós nacidos nesa cidade aínda hoxe os coñecemos como *picheleiros.*

Pero esa cordialidade pode ser efémero influxo do alcohol. Por iso, a mediados do século XX, estiveron de moda nos bares e tabernas de Galicia (e dispersos por España adiante) uns azulexos decorativos, nos que campaba esta paremia de probable orixe castelá[49]:

633. ***Se bebes para *olvidar, paga antes de empezar.***

Unha cantiga revela o clima de cordialidade momentánea que o viño é capaz de crear e que a musa popular condensa nesta cantiga: *Cheguei á viña por uvas / e con follas (folla) topei sólo. / Dixech'onte 'Serei túa' /e hoxe dis 'Non m'acordo'".* (BLADO0442). (VALLA645). (VALLA7:150). (PERZBA3001). (000111).

### 7.5.8. Facundia, arrogancia, infantilización

634. ***Dentro do borracho sempre fala o viño.*** (VAZSACO1:831,22602).

635. ***A beber viño nunca me ganóu veciño.*** (RODGO1:339). (MOREI1:96). (VIÑO:134). (LOPTA1:45).

636. ***O que de vello queira volverse mociño, que tome o leite despois do viño.*** (VAZSACO: Agro). Supoño que alude a que leite e viño son bebidas características de nenos e de adultos.

### 7.5.9. Imposibilidade (que carballos ou toxos dean uvas)

Un dos sistemas para expresar fraseoloxicamente o concepto "nunca" é dicir "cando algo produza aquilo que naturalmente é incapaz de producir" Valerii Mokienko (1986/2000 (*Imaxes*): 291-299) estudou este fenómeno na fraseoloxía rusa e aprendeunos a descubrir que ese sistema de cinco formas tamén funciona en galego con cinco formas, das que tres son comúns a galego e ruso. Neste caso o concepto galego é *cando os carballos ~ os olmos ~ os toxos ~ as bidueiras ~ as figueiras dean uvas / cando as maceiras dean peras / cando as bidueiras dean figos e as figueiras dean uvas / cando os olmos dean peras e os toxos boten uvas*. Pero combina, para maior expresividade, con outra

[49] Aínda que as imaxes de persoas con traxe tradicional galego parecían indicar unha enxebreza galaica da paremia, o verbo *olvidar* (que en galego sería *esquecer*) delata a orixe foránea, porque é imprescindible para a rima. Con todo, a insistente presenza en moitos bares testemuña que chegou a aclimatarse en Galicia.

forma que tamén existe en ruso "cando algo faga algo que é incapaz de facer", no caso galego "*cando a auga ~ o río corra arriba~ cando os riós corran para riba*", "*cando as formigas pisen forte*". Vexamos como esa maneira de dicir "nunca" (común a ruso e galego) funciona nalgúns refráns galegos do viño:

637. ***Cando a auga corra arriba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11101). ***Cando o río corra arriba e os carballos den uvas, serán bos os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11105). ***Cando o río corra arriba i-os carballos dean uvas, han de contar *verdad os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11106). ***Cando o río corra arriba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias***. (VAZSACO1:434,11107). ***Cando o río corra arriba i-os carballos dían uvas, daquela hanche ser bos os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11108). ***Cando os ríos corran pra riba i-os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO).

638. ***Cando os olmos dean peras e os toxos boten uvas, han de ter boas auciós os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11110). ***O home de barbas rubias ha de ser bon cando os carballos dean uvas.*** (VAZSACO1:441,11328).

639. ***Cando as formigas pisen *fuerte e os carballos den uvas, han ser bos homes os das barbas rubias.*** (21002).

640. ***Cando as maceiras dean peras e as peras dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.*** (20302).

641. ***Cando as bidueiras den figos y-as figueiras den uvas, entonces han de ser bós os homes das barbas rubias.*** (RISCO-18).

642. ***Cando o río corra arriba e os carballos den uvas, serán bos os homes das barbas / de barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11105). (20001). ***Cando o río corra arriba i-os carballos dean uvas, han de contar *verdad os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11106). ***Cando o río corra arriba i-os carballos dían uvas, daquela hanche ser bos os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11108). ***Cando o río corra pra riba e os carballos dean uvas, han de ser homes de ben aqueles da barba ruba.*** (VAZSACO1:434,11109).

643. ***Cando os carballos dean uvas, serán bos os homes de barbas rubias.*** (23911:262). ***Cando os carballos teñan uvas han de ser bos os homes das barbas rubias.*** (27003:187).

644. ***Cando os olmos *dean peras e os toxos boten uvas, han de ter boas auciós os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11110). ***Cando os olmos dean peras e o trovisco dea uvas, entonces dirán verdá os homes das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11110). ***Cando a auga corra arriba / e o carballo dea uvas / han de ser homes de ben / os mozos das barbas rubias.*** (VAZSACO1:434,11101).

Como nin dan peras os carballos; nin botan uvas os olmos, os toxos, o trobisco ou as bidueiras; como non dan peras as maceiras; nin as bidueiras dan figos e como tampouco os ríos corren para riba, aplicando a doutrina de V. Mokienko, todos eses sintagmas significan **"nunca"**. Este é o primeiro concepto.

O segundo concepto do refrán é que se hai que arredar e protexer dos *rubios porque nunca han ser bos*. Pero ¿que *rubios* son estes? ¿Serán os vikingos que atacaron as costas galegas da Mariña de Lugo e Farum Brigantium (agosto de 844); a ría de Arousa e Compostela (858); que destruíron o mosteiro de Cálago en Vilanova de Arousa (951); ou que atacaron Mondoñedo (964)?

Creo que non, porque os vikingos eran *roxos*, non *rubios*: o concepto de ***rubio*** é diferente en castelán e en galego: mentres en castelán significa "amarillento, parecido al oro" (DRAE), en galego significa "castaño ou amarelo que tira ó vermello" (DRAG). Así que o *rubio* galego e *rubio* castelán son cores diferentes: o rubio galego vén cadrar co castelán *pelirrojo*, como boa parte dos raposos e das vacas rubias.

Coido que o que estes refráns estigmatizan é a diferenza, o ser diferente. Pódese ver un mapa europeo de pelirrojos [http://xsierrav.blogspot.com/2019/05/pelirrojos-i-incidencia-y-distribucion.h] e outro de verdades e mentiras sobre este asunto [https://www.pelirrojos.org/verdades-y-mentiras-sobre-pelirrojos.php].

A conclusión é que esta serie de refráns que estigmatizan *os homes de barbas rubias* non responden a unha "verdade de valor universal" (é dicir, non son verdadeira cultura popular), senón expresión instintiva de desconfianza ou medo irracional ante o que é ***diferente e minoritario***, postura habitual de alerta que adoptamos cando non coñecémo-la razón desa diferenza. Máis que cultura popular, expresan desconfianza instintiva e irracional.

645. ***Mal lle vai ó raposo cando anda ás uvas.*** (45703). Este refrán é conceptualmente próximo daqueles anteriores que utilizan o concepto "nunca" e que vimos atrás, neste mesmo apartado.

### 7.5.10. Violencia

Entre os efectos de *non saber beber* (beber con exceso) ou (como tamén se di) *ter mal viño* está o da aparición de impulsos agresivos en certas persoas, que, sen probaren o alcohol, non son así. Ademais do que xa quedou documentado en 5.2. cómpre engadir esta observación de que a algunhas persoas o alcohol convérteas en violentas:

646. ***Auga de cepas, ruído de tellas.*** (RODGO1:280). Este refrán expresa ben un dos efectos nocivos que o exceso de viño (*auga de cepas*) produce nalgunhas persoas. Dúas magníficas locucións nun mesmo refrán: *auga de cepas* para designa-lo viño e *ruído de tellas* para designa-la violencia física.

### 7.5.11. Crítica da crítica ó bebedor

O alcoholizado vive unha traxedia interior, da que é consciente, pero da que nin el se sabe defender axeitadamente.

647. ***O que non bebe viño nin come grasa, come pan sin tasa.*** (VAZSACO1:422,10740).

648. ***Todos miran o viño que bebo, pero non saben a sede que eu teño.*** Refírese a que a xente ve o que un fai pero non o que un leva por dentro. (41202:347).

649. ***Todos xa saben o viño que eu bebo, pero aínda non saben a sede que eu teño.*** No fondo de cada un nin a igrexa pode xulgar. (21007:1607).

650. ***Sábenme todos do viño que eu bebo pero non saben a sede que eu teño.*** (TABOA2). ***Todo o mundo sabe o viño que eu bebo, pero ninguén a sede que eu teño.*** (13702:123). ***Todos me saben o viño que bebo e non me saben a sede que teño.*** (RODGO3:421). (VIÑO:124). (ALOMO331). ***Todos me saben o viño que eu bebo, e non saben a sede que eu teño.*** (23911:211).

651. ***Ó que non xoga, nin fuma, nin bebe viño lévao o demo por outro camiño.*** (RISCO-18). ***O que non xoga nin fuma nin bebe viño levallo o demo por outro camiño.*** (RISCO-18).

652. ***O home que non bebe viño, nin fuma tabaco, lévallo o demo por outro buraco.*** (41403). ***O home que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.*** (16513). (18709). (19103). (23911:258). (VAZSACO1:469,12103). ***O home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*** (00098). ***O home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por mal camiño.*** (00062). ***O home que non fuma nin bebe viño, o diaño o leva por outro camiño.*** Ten outros vicios. (34005). Este refrán condena o fariseísmo, porque quen non ten o vicio do viño ten outros.

### 7.5.12. Indicios que ofrece o uso do viño

653. ***A adega cheira ao viño que ten.*** (VIÑO:251).

654. ***En pan cortar e viño botar ben vexo quen me quere ben e quen me quere mal.*** (RODGO3:215).

655. ***Se o taberneiro vende a bota, ou perde o viño ou está rota.*** (VAZSACO1:639,16929). ***Cando o taberneiro vende a bota, é que sabe a pez ou está rota.*** (VAZSACO1:16633). ***Cando o taberneiro vende a bota, ou é que ole a pez ou está rota.*** (VAZSACO1:629,16634). Quere dicir, como anota Sbarbi para o equivalente castelán, que o que parece actuar contra lóxica e razón, razóns terá que xustifiquen o seu proceder.

### 7.5.13. Audacia

656. ***O que non se atreve, nunca bon viño bebe.*** (VAZSACO1:543,14106). ***O que non se astreve, nunca viño bebe.*** (VAZSACO1:543,14104).

## 8. O viño e as súas combinacións ou maridaxe na comida

657. ***O refrán di así i-eu tamén cho digo aiquí: 'Atrás do lobo, un can; atrás dunha taza de sopas, unha taza de viño i-on rebuxo de pan'.*** (VAZSACO1:39,871). (VAZSACO1:555,14534).

658. ***Comas ben, comas mal, empeza con viño e acaba con pan.*** (VAZSACO). Estraño consello recollido en Sober.

### 8.1. Arroz (peixe, pepino) (Ver máis en diante *Papas de arroz*)

659. ***O consello dun padre capuchino: con todo o que comas, viño.*** (23911:166).

660. ***O arroz, o guiso e o pepino nacen na aghua e morren no viño.*** (VAZSACO1:420,10661).

661. ***O arroz, o guiso e o pepino nacen na auga e morren no viño.*** (41816).

662. ***O arrós, o peixe i-o pepino nacen na auga e morren no viño.*** (VAZSACO1:420,10661). ***O arroz e o pepino, nacen en auga e morren en viño.*** (23911:213).

663. ***Despois de arroz, carne ou touciño, mete viño.*** (23911:211).

## 8. 2. Papas de arroz

664. ***Con papas, viño bebas.*** Estas papas son as papas de arroz tamén coñecidas como arroz con leite (VAZSACO1:415,10526) e que os portugueses denominan *arroz doce*. Debe ser prato creado en Asia, dado que dese continente viñeron tanto o arroz coma a canela. Con todo, a súa creación atribúese a moitos cociñeiros europeos e tamén en Galicia circulou nos anos 70 (e ignoro con que fundamento) a afirmación de que o inventara un cociñeiro de Fernando VII, que era natural de Narón.

## 8.3. Caldo

Na miña infancia morañesa todo o mundo dicía que os canteiros lle botaban viño ó caldo. Non podo confirmalo e estes refráns tampouco o confirman; só falan da maridaxe no estómago pero non no prato.

665. ***Caldo e viño, fan do vello un mociño.*** (FRAGU-GEG4:159).

666. ***O caldiño ten un bo compañeiro no viño.*** (RODGO1:441). (23911:216).

667. ***O caldo e o viño fan ó vello mociño.*** (31901).

668. ***O corpiño, pra quentalo, unha taza de caldo e unha cunca de viño.*** (23911:220).

669. ***O que no caldo bota viño, de vello faise mociño.*** (RODGO1:442). (VIÑO:201). "Ensalza as cualidás salutíferas do viño". (MOREI1:63). (ALOMO319). (15412). (21112:22)***. O que no caldo bota viño, faise de vello mociño.*** (23911:210). (23911:284).

670. ***Quen no caldo bota viño, de vello faise *meniño.*** (A fonte di realmente *faise mariño* pero os paralelos indúcenme a consideralo unha errata). (43815:163).

671. ***Se bebes viño e comes caldo, manda á merda ó ciruxano.*** (23911:130).

672. ***Dempois do caldiño bota sempre un traguiño, non de auga senon de viño.*** (VIÑO:179). ***Despois do caldiño bota sempre un traguiño, non de auga, senón de viño.*** (RODGO1:441). (34401:58). (34401:193).

## 8.4. Castañas, sardiñas, figos, cereixas, chourizo, lacón, touciño

673. ***Señora María, señor Manuel, castañas asadas e viño con mel.*** (15309).

674. ***Non hai ruín viño coas castañas asadas e sardiñas salgadas.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:219,5246). (23911:209). (43220). (43310). (43815:161). (44307). (45013). (GONPE:36).

675. ***Viño, pan e sardiñas fan crecer as meniñas.*** (PIÑE3).

676. ***Ó chourizo e ó figo, afogalos en viño.*** (23911:210).

677. ***Ó figo, viño; e á auga, figa.*** (23911:207). *Facerlle a figa* a alguén ou a algo é un xesto ritual que manifesta desprezo e, ó mesmo tempo, protexe ritualmente contra algo ou alguén que está diante e é capaz de nos facer mal. Velaí un refrán que, na súa brevidade, ten estrutura de quiasmo e que, unha vez máis, manifesta a vontade de estilo da fala popular.

678. ***Ós figos, se son verdes, hai que darlles viño.*** (RODGO2:352).

679. ***Agua ó figo e á pera viño.*** (40822). (VAZSACO1:515,13382). Parece contradicilos anteriores.

680. ***Se bebes viño con figos e cereixas, xa me darás as queixas.*** (23911:211).

Como se ve, hai refráns contraditorios verbo da confluencia de figos e viño.

**8.5. Lacón, touciño e soá**

681. ***En maio nin xantar, nin viño, nin pote no lume sen touciño.*** (11806).

682. ***Nin ola sen touciño, nin xantar sen viño.*** (RODGO3:42). (34401:58). ***Nin ola sin touciño, nin xantar sin viño.*** (VIÑO:188). ***Nin pote no lume sin touciño, nin xantar na mesa sin viño.*** (RODGO3:177). ***Nin pote ó lume sen touciño, nin xantar na mesa sen viño.*** (43920). ***Nin pote ó lume sin touciño, nin xantar á mesa sin viño.*** (23911:212). (23911:215).

683. ***Nin xantar na mesa sen viño, nin pote no lume sen touciño.*** (39011). (43310). (44307). Dúas cousas precisas para un bo xantar. (44357).

684. ***Díxolle o touciño ó viño: ¡Ben veñades, meu amigo!*** (RODGO2:21). (23911:206). ***Díxolle o touciño ó viño: ¡Ben veñas, amigo!*** (RODGO3:379).

685. ***Tallada de touciño quer gulapo de viño.*** (VAZSACO1:810,21931). (RODGO3:379).

686. ***No pote, o touciño; e na mesa, o viño.*** (23911:213).

687. ***Ó touciño mételle tragos de viño.*** (RODGO3:379).

688. ***Ó lacón e ó touciño, tragos de viño.*** (RODGO2:504). (23911:206). ***Ó lacón e ó touciño, grolos de viño.*** (FRANCO:570). ***Ó lacón i ó touciño dálle con viño.*** (VAZSACO1:421,10687).

689. ***Prá col, touciño; pró touciño, viño.*** (23911:213).

690. ***O cachelo, con touciño e ben mollado en viño.*** (23911:205).

691. ***A soá e o cacheliño, afogados en viño noviño.*** (23911:206). ***A soá e o cacheliño, hai que afogalos en viño.*** (23911:210).

### 8.6. Caldo

692. ***Ningún pote sen caldiño e ningún xantar sen bo viño.*** (21112:27). ***Ningún pote sin caldiño, e ningún xantar sin bo viño.*** (23911:206).

### 8.7. Peixe e marisco

693. ***A sardiña con sol debaixo da viña, chama pola gaita de fol.*** (PIÑE3).

694. ***O peixe debe nadar tres veces: en auga, en mollo e en viño.*** (LEMABOU:7). Variantes: ***mollo/prebe/salsa.*** (GONPE:28).

695. ***O viño quere ve-lo peixe.*** (23911:167).

696. ***O marisco quere viño que da auga xa vén.*** (GONPE:43). ***Os mariscos queren viño que, para auga, xa veñen dela.*** (ALVAB3:11). (TABOA2: Faro de Vigo 24.3.1974). (GONPE:29). (GONPE:43). (40204:74). ***Os mariscos queren viño, pois da auga xa veñen.*** (LEMABOU:7). (GONPE:43). (40606).

Como se ve, no estilo dos refráns deste apartado triunfa a *prosopopea* ou personificación: a gaita é unha persoa que chama polo viño, o viño tamén quere ve-lo peixe, os mariscos queren viño e teñen as súas razóns. Novos primores da fala popular e de xente anónima.

### 8.8. Leite

697. ***Díxolle o leite ao viño: -Vente pra acó meu amigo.*** (CARRA4:70408). (VIÑO:181). (RISCO-18). ***Díxolle o leite ó viño: ¡Vente para acá, meu amigo!*** (RODGO2:523). ***Díxolle o leite ó viño: Ven pra acó, meu amigo***. (NORI5). ***Díxolle o leite ó viño: Vente para acó, meu amigo.*** (25003).

698. ***Díxolle o leite ó viño: ¡Ben chegado sexas, amigo; mais poucas veces veñas por ese camiño!*** (RODGO2:523).

699. ***O leite co viño fai o vello mociño.*** (18603). ***O leite co viño fan do vello un mociño.*** (TABOA2). ***O leite con viño fan do vello mociño.*** (20001). ***O leite co viño, fai do vello meniño.*** (33903).

700. ***O leite i-o viño fan do vello miniño.*** (RISCO-18). ***O leite e o viño fan do vello mociño.*** (10615). (41816). (20310:32).

701. ***O leite y-o viño fan o vello mociño.*** (Núñez). Es todavía muy usado este refrán. (SACO2:338). ***O leite e o viño fan ao vello mociño*** (ou ***meniño***). (CARRA4:200808). ***O leite e o viño fan do vello meniño.*** (RISCO-18).

702. ***O leite e o viño fan o vello mociño.*** (SACO1:225). (000104). (VIÑO:73). (RODGO3:408). ***O leite e o viño fan ó vello mociño.*** (FRANCO:833). ***O leite e o viño fai ao vello meniño.*** (VAZSACO). (MURGUIA2).

703. ***Leite con viño fai do vello un mociño.*** O leite e o viño poden transformar a un vello nunha persoa xove. (21002).

Fronte ós anteriores, que parecen dicir que a inxesta de viño e leite polos vellos ten efectos rexuvenecedores, débese prestar atención a estoutros refráns que os enmendan, baixo aparencia humorística:

704. ***O leite co viño fai do vello mociño, se non mata de camiño.*** (VAZSACO1:526,13652). (22109). ***O leite e o viño fan o vello mociño, se non o matan no camiño.*** Ás veces a un vello o leite e o viño sonlle fortes e tenos que rebaixar con auga, pero iso é unha excepción pois o refraneiro encarece a *sanidá* do viño e as vitaminas do leite, así *Come leite e bebe viño e de vello serás mociño.* (MOREI1:97).

705. ***Leite e viño fan ó vello mociño, se non queda no camiño.*** (40307).

A razón da sospeita é que no Bierzo usan un refrán que só alí se anotou pero que, se cadra, nace dalgunha experiencia médica:

706. ***Leite despois do viño, veneno fino.*** (60023:52).

### 8.9. Mel

707. ***O viño con mel sabe mal e fai ben.*** (RODGO3:421). (VIÑO:203). (VAZSACO1:838,22815). (34401:141). (43920).

708. ***Despois das uvas e mel sabe mal o viño, pero fai ben.*** (VIÑO:389). ***Despois de uvas e mel sabe mal o viño pero fai ben.*** (RODGO3:400). (VAZSACO1:824,22356).

### 8.10. Melón, sandía, pepino

709. ***O melón, a sandía i-o pepino nacen en auga e morren en viño.*** (VAZSACO).

### 8.11. Pan

710. ***O pan *frena o viño.*** (23911:188).

711. ***Non bebas viño nin comas *grasa e comerás pan sen *tasa.*** (27003:147).

### 8.12. Perdiz e coello

712. ***Prá perdiz i-o coello, o millor, viño vello.*** (VAZSACO1:426,10834).

713. ***Bebe o viño alí onde come a perdís.*** (VAZSACO1:16,275). (SACO2:337). (ALOMO328). (VIÑO:154). (CARU:14111888). ***Bebe o viño onde come a perdiz.*** (RISCO-18). (SACO1:218). (VAZSACO). (ALVAG:10). (CARRA4:120208). ***Bebe o viño donde come a perdíz.*** (RISCO-18). A perdiz de máis de quince días come herba e cereais (e en moi escasa medida insectos): por iso este refrán probablemente convida a beber acompañando os cereais (non necesariamente tumbado na herba). Para Nathalie Roelens, que estuda a semiótica do gusto, o sabor dunha cousa ten que ver tamén "con el origen de ese alimento, con su biotopos. El lugar donde come la perdiz, el sitio donde la liebre juega tienen, según Brillat-Savarin, un papel determinante para el sabor de su carne" (ROELENS).

### 8.13. Allo

714. ***Allo cruo e viño puro pasan o porto seguro.*** (40822). "Ambos son provechosos y no hacen daño". (VAZSACO1:54,1250). ***Allo cru e viño novo sempre atopan acomodo.*** (RODGO1:141). (VIÑO:8). (34401:107). (GEG2:29). (23911:185). (23911:212). (23911:218).

### 8.14. Ensalada

715. ***Coa ensalada, ou viño ou nada.*** (RODGO2:201). (VAZSACO1:356,8824).

### 8.15. Béveras (*brevas) e figos

É ben sabido que a figueira (*Ficus carica*) dá froito dúas veces no ano. A primeira é a bévera que madura por sanxoán. O segundo froito é o figo que madura en outubro. En Galicia cómense frescos e, como acontece coas uvas, hai pouca tradición de secado de figos, pero algo máis de secado uvas (coas que se fai o viño tostado).

¿É compatible o viño coas béveras (*brevas) e cos figos? O noso refraneiro dá consellos totalmente contraditorios, o que pode significar que na memoria colectiva quedaron experiencias antitéticas.

716. ***Con figos bebe auga ou viño.*** (RODGO2:352). (VAZSACO1:431,11004). (VARET:13013). ***Os figos, se son verdes, hai que darlle viño.*** (VAZSACO1:431,11007). (VARET:13013).

717. ***Con *brevas e con figos non aproveitan os viños***. (VAZSACO1:519,13483). Non está en consonancia co dito castelán que afirma: *Con brevas, vino; y agua con el higo*. Aínda que, por se-la **breva* unha clase de figo, quedariámonos co galego, en espera de que os bromatólogos dixeran a última palabra, xa que os refráns non concordan. (21007:410).

718. ***Con *brevas viño non bebas.*** (VAZSACO1:519,13485).

719. ***Con *brevas viño bebas.*** (VAZSACO1:519,13484).

720. ***Con *brevas viño bebas; con figos, non te atrevas.*** (23911:220).

721. ***Con *brevas viño bebas, e con figos, auga e viño.*** (VIÑO:170). (RODGO1:392). (23911:220).

Máis incomprensible aínda é a variante que introduce, como terceiro elemento, os caracois, que en Galicia case carecen de tradición gastronómica:

722. ***Con *caracoles, figos e *brevas, auga non bebas; pero o viño sexa tanto, que todo o que comas ande nadando.*** (RODGO1:484). (VIÑO:171).

723. ***Deben de nadar en viño: os *caracoles, as *brevas e os figos.*** (23911:208). (RODGO3:421). (VAZSACO1:219,5240). (TABOA2,Pontevedra). (VIÑO:178).

724. ***Con peras, viño bebas.*** (VAZSACO1:520,13490). (RISCO-18). (13702:111). (25003). ***Con peras, viño bebas; con figos, non te atrevas.*** (23911:207). ***Con peras, viño bebas, e con *brevas non bebas.*** (VAZSACO1:519,13489).

### 8.16. Peras

725. ***Con peras viño bebas, mais non sea tanto que naden as peras.*** (CARU:16111888). ***Con peras viño bebas, mais non sexa tanto o viño que naden as peras.*** (CARRA4:40308). ***Con peras viño bebas, non sea tanto que naden as peras.*** (SACO2:335). (SACO1:219). ***Con peras viño bebas, pero non tanto que naden as peras.*** (VAZSACO1:519,13487). ***Con peras viño bebas,***

***pro non seña tanto que naden as peras.*** (TABOA2,Pontevedra). ***Con peras viño bebas.*** (RODGO3:130). ***Con peras viño bebas... pero non sea tanto o viño que naden as peras.*** (VAZSACO1:519,13488). ***Con peras, viño bebas; máis non sea tanto que afoguen (ou naden) as peras.*** (MOREI1:97).

726. ***Con peras viño bebas; mais non sea tanto viño que afoguen as peras.*** (VAZSACO1:691,18391). ***Con peras viño bebas; mais non sexa tanto o viño que afoguen as peras.*** (RODGO3:130).

727. ***Con peras, viño bebas, non sea tanto que naden as peras.*** (RISCO-18). ***Con peras, viño bebas, non seña tanto que naden as peras.*** (VIÑO:175). ***Con peras, viño bebas, pero que non sea tanto que naden as peras.*** (23911:207).

728. ***Con peras viño bebas e sea tanto o viño que naden as peras.*** (VAZSACO1:519,13486). ***Con peras viño bebas e tanto bebas que naden as peras.*** (RISCO-18). ***Con peras viño bebas e tanto sexa o viño que naden as peras.*** (RODGO3:130). (34703:55). ***Con peras viño bebas; e tanto sea que naden as peras.*** (VAZSACO1:691,18390).

729. ***Auga ó figo; e á pera, viño.*** (RODGO1:280). (VIÑO:235). (23911:188). ***Auga pró figo; e prás peras, viño.*** (VAZSACO1:517,13421). ***Auga ao figo; e ás peras viño, pero non sea tanto o viño que naden as peras.*** (VAZSACO1:516,13412). ***Augoa ao figo; e ás peras, viño: Mais non sexa tanto o viño, que naden as peras.*** (CARRA4:190508). ***Auga ás uvas e viño ás peras; mais non seña tanto o viño, que naden as peras.*** (VIÑO:150).

Noutro lugar veremos un refrán no que os magostos son referencia: *Polo novembro ninguén que beba viño chame borracho ó veciño*. (43815:154).

## 9. Pasar sen viño e a hipocresía

Ser abstemio en Galicia é unha opción ocasional, temporal ou permanente. O feito de que haxa un bo monllo de refráns que poñen cualificativos a este comportamento indica que é un comportamento moi observado, non sempre dende o mesmo punto de vista e non sempre con aprobación, sobre todo no pasado.

730. ***O forno sin pan, a despensa sin touciño e o pipote sin viño, fai cruces o meu veciño.*** (RISCO-18). Velaí un compendio do que en Galicia se considera pobreza.

731. ***Xa non teño bota, xa non teño viño, xa non teño pan pra levar pró camiño.*** (VAZSACO1:85,2070). Aínda a principios do século XX en Galicia a maior parte dos desprazamentos facíanse a pé e por iso este refrán lamenta a pobreza extrema de quen se ten que desprazar necesariamente.

732. ***¡Mundo, mundiño, cando non hai para pan, hai para viño***! (RODGO2:662).

733. ***Ningún que beba viño chama borracho ó seu veciño.*** (No orixinal *Ninjún*...) (18001).

A hipocresía ten no refraneiro do viño unha das súas referencias máis frecuentes e vese ben na cantidade de citas e de mínimas variantes: nun caso é o demo quen mete o home abstemio noutros vicios peores. Nalgúns casos, o refraneiro chega a dicir que Deus, non por non beber viño, lle torna a un home outros malos camiños.

734. ***O que non bebe viño nin fuma tabaco, nin ten amigo, nin fai trato.*** (MOREI1:102). Beber viño e fumar tabaco, polo menos ocasionalmente, formaba parte dos convencionalismos indispensables para que un home puidese estar na sociedade e relacionarse.

735. ***O que non come, non fuma, nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*** (FRAGU-GEG7:19).

736. ***O que non fuma e non bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.*** (41740). ***O que non fuma e non bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*** (10615). ***O que non fuma e non toma viño leva o dano na boca por outro camiño.*** (13303). ***O que non fuma e non toma viño, leva o demo na boca por outro camiño.*** (18705). ***O que non fuma nin bebe viño lévao o demo por outro camiño.*** (000107). ***O que non fuma nin bebe viño lévao o demo por outro camiño.*** (40515). (42423). (40607:59). ***O que non fuma nin bebe viño o demo llo leva por outro camiño.*** (TABOA2). (000103). (18303). (18708). (38319:111). ***O que non fuma nin bebe viño o demo o leva por outro camiño.*** (18704). (14204). ***Ó que non fuma nin bebe viño o demo o leva por outro camiño.*** (26104). ***Ó que non fuma nin bebe viño o deño llo leva por outro camiño.*** (VIÑO:84). ***O que non fuma nin bebe viño, lévallo o demo por outro camiño.*** (RODGO2:384). ***O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.*** (15225). (RAJO). (M.V.) ***O que nun fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*** (10005). ***Ó que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.*** (45703). ***O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por autro camiño***. (20001). (41815). (41816). (44908). (45212). (CRESPO2:93). (FRAGU-GEG8:244). (NORI5). ***O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.*** (000104). (12006). (20310:31). ***O que non fuma nin bebe viño, o deño llo leva por outro camiño.*** (13702:119). ***O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.*** (VAZSACO1:470,12125). ***O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo levará por outro camiño.*** (VAZSACO1:470,12126). ***O que non fuma, nin bebe viño o demo llo leva por *autro camiño.*** (10613). ***Ó que non fuma, nin bebe viño, lévallo o demo por outro camiño.*** (T.O.) (CARREA1:130). ***Ó que non fuma, nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.*** (VALLA7:162). ***Quen non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.*** (41814). ***U home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por mal camiño.*** (VAZSACO1:471,12170).

737. ***O que non bebe viño *Dios non no leva por bo camiño.*** (000112). ***O que non fuma e bebe viño, *Dios o leva por outro camiño.*** (17853). ***O que non fuma nin bebe viño lévallo *Dios por outro camiño.*** (18001). ***O que non fuma nin bebe viño lévao *Dios por outro camiño (ou lévao o demo).*** (VIÑO:83). ***O que non fuma nin bebe viño, lévallo *Dios por outro camiño.*** (MOREI1:33). ***O que non fuma nin bebe viño, lévao Deus por outro camiño.*** (25003).

738. ***O que non fuma, non usma; o que non bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño; e se non che gustan as mulleres, ¿pra que me queres?*** Argumentando ad hominem. (VAZSACO1:470,12130).

739. ***O que non gasta en viño, o demo llo leva por outro camiño.*** (VAZSACO1:832,22641). ***O que non gasta os cartos no tabaco e no viño, o demo llos leva por outro camiño.*** (49504). ***O que non gasta os cartos nun neto de viño o demo llos leva por outro camiño.*** (15008).

740. ***O que non gastas en tabaco i-en viño, o demo cho leva por outro camiño.*** (VAZSACO1:832,22642).

741. ***Os que non fuman nin beben viño o demo os leva por outro camiño.*** (45212). ***Os que non fuman nin beben viño, o demo llo leva por outro camiño.*** (41741). (VAZSACO1:470,12143).

742. ***Polo novembro ninguén que beba viño chame borracho ó veciño.*** (43815:154).

743. ***O moro fino come touciño e bebe viño.*** (23911:282). Este refrán úsase para condena-la hipocresía en calquera relixión.

744. ***Prás ánimas un carto; pra viño, catro.*** (23911:152).

745. ***Odre sen viño non fai amigo.*** (RODGO3:39). (VAZSACO1:625,16550).

746. ***Onde el non tire viño, escusan outros ir por auga. /... escusan de ir outros por auga.*** (VAZSACO1:201,4806). ***Onde él non tire viño escusan ir outros por auga.*** (VIÑO:246).

747. ***Da viña do veciño, sabe mellor o racimo.*** Expresa a envexa do alleo. (23911:286). ***O mellor racimo, o da viña do veciño.*** (23911:298).

## 10. Refráns para brindar

748. ***Bota viño e beberemos, xa que viño temos.*** (RODGO1:383). (VIÑO:161).

749. ***Se a cunca é capaz e o viño é ricaz, comamos e bebamos e teremos a festa en paz.*** (RODGO1:694). (VIÑO:333).

750. ***Dios nos dea viño, mentras vivamos; e o ceo, (pra) cando morramos.*** (23911:212). (21007:512). (VAZSACO1:313,7742).

751. ***O viño e o señor hai que recibilos con honor***. (20545:74).

752. ***¡Alegrete, alegrote, que hai viño na cuba e chourizos no pote!*** (RODGO1:113). ***¡Alegría, alegrote, que hai viño na cuba e chourizos no pote!*** (VIÑO:144).

753. ***Despois de morto, nin viña nin horto.*** (23911:310). (39011). (44357). (43310). (CARRA4:70408). (VAZSACO1:270,6638). (MOREI1:80). (VIÑO:351).

754. ***Cantos borrachos habería, se o río Miño levara viño.*** (23911:261).

## 10.1. Humor de taberna

755. ***O millor sinal de auga é non haber pra viño.*** No orixinal *A millor*. (VIÑO:234).

756. ***Abade que foi *monaguillo, ben sabe quen bebe o viño.*** (TABOA2). (VIÑO:2). (ALOPI:55). (VAZSACO1:376,9343). (MAREVA:1). ***O cura que foi monaguillo, ben sabe quen bebe o viño.*** (23911:163). ***Quen tén un sacristán amigo, xa sabe quen bebe o viño.*** (MAREVA:48).

757. ***Bebín auga porque non houbo auga, que se auga houbera, viño bebera.*** Di o muiñeiro, porque sen auga o muíño non anda e, polo tanto, o muiñeiro non gaña nada. (MOREI1:96).

758. ***Cabalo corredor, home rifador, vaso de vidro, e tiñalla de viño, sempre están en perigo.*** (MOREI1:48).

759. ***Cando o borracho ronca, o viño no tonel apousa.*** (18001).(43815:164). (CARRA4:260208)[50]. (MOREI1:19).

760. ***Chámasme amigo i-eu, entramentes, vou pagando o viño.*** Metáfora do amigo de comenencias, que practica sempre a lei do funil, o ancho pra min e o estreiro pra ti. (VAZSACO1:206,4936).

761. ***Convidoume o amigo meu, pero o viño pagueino eu.*** (23911:291). ***Convidoume Xan Mateo, e o viño pagueino eu.*** (13702:111). ***Convidoume San Mateu, o viño pagueino eu.*** (CARREA1:133). ***Convidoume Xan Romeu e o viño pagueino eu.*** (CARRA4:40308). (ALOMO310). (MOREI1:98). (RODGO1:628). (VAZSACO1:415,10528). (VIÑO:32). (RISCO-18).

762. ***Chafar, chafoume, mais como pagar o viño, pagoume.*** (TABOA2,Verín). (CARRA4:120608). (VAZSACO1:655,17376). (VIÑO:36).

763. ***Con auga moe o muíño; e o muiñeiro, con viño.*** (23911:133).

764. ***É boa desgracia non ter para viño e ter que beber auga.*** (RODGO2:121). (VAZSACO1:274,6737).

765. ***Élle un caso: bebe-lo viño e deixa-lo vaso.*** (VIÑO:323). (13702:112).

766. ***Eu non bebo o viño, que o como en cuncas gotiño a gotiño.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:219,5241). (VIÑO:291).

767. ***Eu non son digno de bebe-la auga sen viño.*** (RODGO1:280). (VIÑO:242).

768. ***Viño con auga, prá fragua.*** (23911:215).

769. ***¿Fillos? Filloas. ¿Netos? De viño***. (VIÑO:46). ***Fillos, filloas e netos de viño.*** (MOREI1:53). (CARU:22111888). (CARRA4:60508). Este refrán metalingüístico, propio de persoa comenenciuda e solitaria, xoga co parecido fónico de *fillos* e *filloas* (as que se comen) e coa polisemia da palabra *neto* (non, neste caso, o fillo do fillo ou da filla senón a medida de capacidade equivalente aproximadamente a medio litro (ver refráns 384, 410)).

[50] *Cando o borracho romea, o viño no tonel apouca*. Supoño que é mala transcrición, quizais *romea* está por *ronca* (CARU:14111888).

770. ***Folgade, galiñas, que o galo está nas vindimas.*** (RODGO1:2). (VAZSACO1:398,9955). (43815:160). É sabido que, cando se mete o galo no galiñeiro coas galiñas, estas baixan a produción de ovos e algunhas deixan de poñer.

771. ***Forneiro coloradiño, bebe a auga e deixa o viño.*** (23911:134).

772. ***Emprega en viño o que lle has de dar ós sobriños.*** (32503). (43920). ***Gasta en café e viño o que has de deixar ó teu sobriño.*** (VAZSACO1:668,17797). ***Gasta en farra e viño o que has de deixar ós sobriños.*** (45703). ***Gasta en festa e viño o que has de deixar ós teus sobriños.*** (10615). ***Gasta en festas e en viño, o que has de deixar ós sobriños.*** (20304). (23911:212). (38319:106). (TABOA2). (MOREI1:32). ***Gasta en festas e viño o que teñas que deixar ao sobriño.*** (20530:59). (23911:233). ***Gasta en pan e viño o que lle has de deixar ós sobriños.*** (TABOA2). ***Has de gastar en viño o que lle has de deixar ós sobriños.*** (TABOA2).

773. ***Gostar, gosta o viño, mais non pagalo.*** (VIÑO:47). (CARRA4:60508).

774. ***Home que non fuma nin bebe viño o demo o leva por outro camiño.*** (44237:51). (000108).

775. ***Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura muito.*** (Núñez). (MURGUIA2). ***...nunca dura moito.*** (CARRA4:130508). (SACO1:222). (VAZSACO1:440,11279). *Ni al caballo corredor ni al hombre rifador duró mucho el honor*. (SACO2:315). (VIÑO:326). (RISCO-18).

776. ***Home rifador, cabalo corredor, xerro de bo viño e besta de andadura nunca moito dura.*** (RODGO2:453).

777. ***Home valente e bota de viño pouco duran.*** (000104). (21007:710). (40515). (41815). (45605). (CARRA4:130508). (TABOA2). (VIÑO:327). (TABOA2,Verín). ***Home valente e viño bo pouco dura.*** (SACO2:315). ***Home valente e bota de viño, duran pouquiño.*** (MOREI1:48). ***Home valente e viño bon pouco duran.*** (99820002) ***...pouco dura*** (VAZSACO1:441,11298). ***Home valente e bota de viño, duran pouquiño.*** (23911:265). Calquera dos dous caen axiña, un probablemente morto e a outra baleira. (41202:337).

778. ***Mais val que sobre pan que non que falte viño.*** (VIÑO:185).

779. ***¿Maruxiña ten bon viño? Ela o dirá que o que fora sonará.*** (CARRA4:270608).

780. ***Mellor gastar en viño que dar ós sobriños.*** (45406).

781. ***Mentres auga leve o Miño non faltará en Lugo viño.*** (21007:772). ***Mentres auga leve o Miño non faltará viño.*** (VIÑO:245). (RODGO1:280). ***Mentres auga teña o Miño, en Valboa non faltará viño.*** (23911:213). ***Mentras auga leve o Miño no Ribeiro non faltará viño.*** (TABOA2,Orense). ***Mentras auga teña o Miño, no Riveiro non falta viño.*** (TABOA2,D.V.). (VALLA7:585). (000102). (VIÑO:487). Habería que analiza-lo uso en vivo, para saber se alude a que sempre haberá viño no Ribeiro ou se poderá conter algunha maliciosa alusión a mestura de viño con auga. Supoño que é a primeira.

782. ***Mundo mundiño, cando hai pra pan non hai pra viño.*** (VAZSACO1:586,15521).

783. ***Nin pra lavarse nin pra face-lo caldo fai falla auga, porque o viño basta.*** (VAZSACO1:552,14412). Outra lembranza de que había xente que lle botaba viño ó caldo, maiormente os canteiros[51].

784. ***Nin sopa de auga nin viño de sopa.*** (RODGO3:342). (VAZSACO1:803,21642).

785. ***Ninguén que beba viño chame borracho ó seu veciño.*** (39011).

786. ***O blanco viño gústalle ó monaguillo.*** (VAZSACO1:831,22616). (15327).

787. ***O mellor sinal de auga é non haber probado viño.*** (RODGO1:280).

788. ***O viño dicen que non é bon, pero fai algo: entra mouro e sale blanco.*** (VAZSACO1:424,10783).

789. ***O viño non é Dios, pero milagros fainos.*** (23911:210).

790. ***Por eso morre Pepiño, por beber auga en vez de viño.*** (40607:59).

791. ***Pouco por uvas se me dá cando uvas non ha.*** (VIÑO:394). ***Pouco por uvas se me dá, cando non as hai.*** (RODGO3:400). (VAZSACO1:825,22370). Expresa unha humorística indiferencia. ***Pouco se me dá polas uvas, cando non hai ningunhas.*** (23911:187). ***Pouco se me dá por uvas cando non hai ningunhas.*** (RODGO3:400). (VIÑO:395).

792. ***Prá viña, pasada de galiña; prá casa, pasada de a braza.*** *Cuando se va al trabajo, paso corto; cuando se va al descanso, paso largo*. (VAZSACO1:696,18527).

793. ***Pró bo viño, nunca faltan bebedores.*** (23911:215).

794. ***San Xuan benditiño, o borracho que bebe agua é porque non ten viño.*** (VAZSACO1:833,22664).

795. ***Se o viño che prexudica os negocios, deixa os negocios.*** (23911:211). (34003). ***Se o viño che prexudica os negocios..., déixaos.*** (MOREI1:33). ***Si o viño che perxudica os negocios, deixa os negocios.*** (000104). (45212). É o refrán galego máis goliárdico que coñecín nunca e propio das paradoxais hipérboles de taberna.

796. ***Se os penedos de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga e o Río de Ouro viño mouro, non habería terra coma a do Valadouro.*** (RODGO3:370).

797. ***Pra que o quero: pra bodega de viño non me sirve e pra tulla de pan tampouco.*** A unha muller *de todos* recriminábanlle a sua fraxilidade e ela contestaba: *Pra que o quero: Pra bodega de viño non me sirve e pra tulla de pan tampouco*. Outra decía tamén*: Dios que nolo deu e nos que o temos ¿pra qué o queremos?* (TABOA2).

[51] Véxase 8.3.

## 11. Observacións curiosas

798. ***Naide se enche con viño da súa casa.*** (VAZSACO1:419,10635) (20014). ***Ninguén se emborracha co viño da súa casa.*** (VIÑO:296).

799. ***Ninguén se farta de uvas, que non lle *queipan dúas.*** (VAZSACO1:419,10641).

800. ***O obreiro cando vai pra viña, leva paso de galiña; e cando vai pró pobo, leva paso de lobo.*** (TABOA2).

801. ***O forneiro coloradiño, deixa a auga e bebe o viño.*** (23911:131).

802. ***Viño bebido, nin ten sustancia nin fai amigo.*** (GOLPE:21).(VAZSACO3:269,555)

803. ***Romaxe de cerca, moito viño e pouca cera.*** (RODGO3:294). (VAZSACO1:794,21297).

### 11.1. Outras referencias

804. ***Amigo que non sirve, bota que verte o viño e coitelo que non corta, anque se perdan, pouco importa.*** (VAZSACO1:211,5081).

805. ***Non collas bota pró camiño, e cando a collas, lévaa con viño.*** (VAZSACO1:243,5898).

806. ***Cada bota cheira ó viño que lle botan.*** (VAZSACO1:258,6352).

807. ***Quen queira ver as uchas baleiras, coza o pan en tortas i-o viño en botas.*** (VAZSACO1:427,10860).

808. ***Home valente e bota de viño pouco duran.*** (VAZSACO1:441,11297).

809. ***Cando o viño bota flores, o taberneiro cría colores.*** (VAZSACO1:629,16636).

810. ***Se o taberneiro vende a bota, ou perde o viño ou está rota.*** (VAZSACO1:639,16929).

811. ***Nin o teu pan en roscas nin o teu viño en botas.*** (VAZSACO1:659,17523). ***Nin o teu pan en tortas nin o teu viño en botas.*** O colector explica: **"**Recomienda que no se empleen los caudales en cosas que se consumen con facilidad". (VAZSACO1:663,17651).

812. ***En pan cortar e viño botar, ben vexo quen me quer ben e quen me quer mal.*** (VAZSACO1:767,20495).

813. ***Quen ten bon viño na casa, ten a bota na porta.*** (VAZSACO1:792,21235).

814. ***Tabaco, viño e muller botan un home a perder.*** (VAZSACO1:805,21717).

815. ***A muller e a viña dá ao home alegría.*** (MOREI2:77). ***A muller e a viña dan ao home alegría.*** (CABANA). (VAZSACO1:570,15043). (RODGO2:660). (23911:254). ***Á muller e á viña faina o home garrida.*** (CABANA). (RODGO2:660). (MOREI2:77).

816. ***Naide mormure de naide, que somos de carne humana; non hai pelexo de viño que non teña a súa botaina.*** (VAZSACO1:831,22610). *Botaina* é un remendo de coiro.

817. ***Cando se remata o viño, a bota non fai falta.*** (VAZSACO1:838,22799).

818. ***O que ten cepas, fai achas ou astellas.*** (VAZSACO1:75:1809).

819. ***O home precavido, *oler*** [sic] ***tabaco e o viño.*** (VAZSACO1:439:11256).

### 11.2. Viño e insensatez

820. ***O amor e o viño sacan ao home de tino.*** (RODGO1:155). (VIÑO:66). (CAJARA:92). ***O amor e o viño sacan ó home de tino.*** (RABA-GEG2:65). ***A muller e o viño sacan ó home de tino.*** (CABANA).

821. ***O home e o meniño son parecidos cheos de viño.*** (40607:59).

822. ***¿Bebes viño? Non bebes siso.*** (NORI5). (VAZSACO1:421,10450).

823. ***O bo viño fai do vello mociño; e do mozo, un toliño.*** (23911:205). (MAREVA:10).

### 11.3. Viño e sinceridade

824. ***Ao pan, pan; e ao viño, viño.*** (CARRA4:40608). (VAZSACO). Expresa que a cada cousa haille que chamar polo seu verdadeiro nome; tamén que, en certos casos, cómpre falar sen eufemismos.

825. ***Ánimas, un carto; para viño, catro.*** (VAZSACO1:466,12041). (VIÑO:277).

## 12. Sacralización do viño: crea sangue, é a raíz do corpo

Como xa se dixo (FERRO 2017: 39 (1.1.)), a historia e a paleobotánica hoxe informan de que, contra o que insinuaba o xeógrafo grego Estrabón (64/63 a.C. -24 d.C) na súa *Geographia* (3,3), a vide leva en Galicia máis de dous milenios. E, por parte; o viño está sacralizado, como mínimo, dende a chegada do cristianismo: na derradeira cea cos seus discípulos Xesús atribuíu ó pan e ó viño (dous dos tres elementos da cultura mediterránea, segundo Estrabón) un segundo valor símbólico que resultou transcendental na cultura europea e tamén naquelas outras ás que chegou a relixión cristiá. Incluso considera a viticultura como unha metáfora da condición humana, entendida, como algo que transcende a nosa propia morte: *Eu son a vide e vós os bacelos.*Tal como nos conta o evanxelista Xoán (cap. 15), que estaba sentado a par de Xesús na derradeira cea, este, diante da copa de viño que compartiron, mentou a vide, os bacelos e a propia viticultura como un espello ou metáfora da condición humana:

> *1 Eu son a verdadeira vide, e meu Pai é o labrador. 2 O bacelo que en min non leva froito, arríncao; e o que leva froito, límpao, para que leve máis froito aínda. 3 Vós xa estades limpos, pola palabra que vos teño falado. 4 Permanecede en min e eu en vós. Así como o ramo non pode levar froito pola súa conta, se non permanece na vide, vós tampouco, se non permanecedes en min. 5 Eu son a vide; vós os bacelos. Quen permanece en min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois fóra de min non podedes facer nada. 6 Se alguén non permanece en min, é coma os ramos arrincados fóra, que secan; apáñanos, bótanos no lume e arden. 7 Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer. 8 Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.* (Xoán 15, 1-8).

Cando Xesús de Nazaré lles dixo ós discípulos *eu son a vide e vós os bacelos,* situaba a viticultura como unha actividade económica neutra, que, a pesar diso, ten connotacións que sobardan o puramente económico e entran de cheo no mundo simbólico.

O relato que desa mesma cea ofrecen Mateo (26, 26-29), Marcos (14, 22-25) e Lucas (22, 15-20) asegura que houbo alí unha referencia directa e explícita xa ó viño e a versión que dá o Evanxeo de Mateo (cap.26) é esta:

> *26 Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan e, dando gracias, partiuno e déullelo ós seus discípulos, dicindo: -Tomade e comede: isto é o meu corpo. 27 E collendo unha copa, dando gracias, déullela dicindo: -Bebede todos dela. 28 Que isto é o meu sangue, o sangue da Alianza, vertido por todos para o perdón dos pecados. 29 E asegúrovos que desde agora non volverei beber este producto da viña ata o día que o beba, noviño, convosco no Reino do meu Pai.* (Mateo 26, 26-29).

Como en tódalas misas se repiten as palabras *Bebede todos del, que isto é o meu sangue* e como, maiormente a partir da disidencia de Lutero e Calvino, a doutrina católica insistiu en que na misa o pan convértese realmente en carne e o viño convértese realmente en sangue de Cristo (*transubstanciación*), parece verosímil que esas palabras bíblico-litúrxicas estean na escura orixe dos ditos populares de que *o viño cría sangue* e de que o *viño é a raíz do corpo.* Non é este o lugar de entrar no específico debate litúrxico e teolóxico do Concilio de Trento (1545-1563), pero esa crenza e discusión teolóxica poderían ter orixe nunha crenza laica anterior de que o viño, calquera tipo de viño, constitúe un alimento que cría sangue, porque xa o escribira precisamente en 1384 Juan de Avignon e, se cadra, outros encontran testemuños anteriores. En calquera caso, a creatividade que estimula o viño bebido en compañía non precisa concilios para acoller e predicar calquera afirmación que valore o viño nin preocupa se esas afirmacións son ou non son rigorosamente científicas. Aquelas persoas ás que o viño bebido en compañía non lles estimula o sono nin a agresividade frecuentemente gozan dunha creatividade divertida, afectuosa e ilimitada que lles permite aproveitar, traspoñer ou retorcer frases alleas, coma, neste caso, as oídas na liturxia ou nos sermóns na igrexa. Neste clima sospeito que poderían ter nacido frases como *o viño cría sangue* ou que o *viño é a raíz do corpo*: frases que se din, que se celebran e chega. Non teñen por que ser refráns, é dicir, "verdades de valor universal"[52].

## 13. Mitoloxía

Entre os relatos populares galegos nos que intervén dalgún xeito o viño, citarei só este do Castro de Amboade, parroquia de Vilar de Ortelle (Pantón) do que recibimos unha versión curta e outra longa.

826. ***Cando nesta bodega falte o viño, ha de faltar a auga no río Miño.*** "En el castro había un encanto, cuando allí vivían los moros, que estaba en una bodega. [...] Era tan grande su poder que corría el siguiente refrán: *Cando*

[52] Véxase tamén o refrán 338.

*nesta bodega falte o viño, ha de faltar a auga no río Miño*. (ACUÑA02:36). Posiblemente se refira ó Castro de Amboade en Vilar de Ortelle (Pantón). Na Casa de Amboade había sonadas viñas no séc. XVI, que pagaban un terzo da produción ó bispo de Lugo. Pero a lenda sitúa a existencia de viño xa en época castrexa[53].

827. ***Boa a fixeches; acabouse a miña sorte e a da Adega da Portela!*** A Casa de Lagariza, Vilar de Ortelle, concello de Pantón (Lugo), tiña unha adega que se coñecía como Adega da Portela. Tan boa era aquela adega que se dicía: *Antes secaría o río Miño que na adega da Portela faltara o viño*. Un dos devanceiros da casa non deixaba que ninguén fose buscar o viño á adega pois parece que alí se lle aparecía unha moura en forma de serpe, que logo se transformaba en muller e que se divertían entrambos. Ao rematar, a moura, antes de volver a transformarse en serpe, dáballe ao home uns carbóns que logo se volvían moedas de ouro e así, disque, puido virlle a riqueza á Casa de Lagariza, aínda que os seus propietarios sempre foron xente nobre e con recursos. Tempo adiante o señor da Casa de Lagariza enfermou e como non podía ir buscar o viño á adega mandou un seu criado, facéndolle prometer previamente que, vise o que vise, non se asustase. Mais cando o criado entrou na adega e tropezou coa serpe, asustouse, comezou a berrar e botou a correr cara a casa. Cando llo dixo ao amo, este botou as mans á cabeza e lamentouse: *—Boa a fixeches; acabouse a miña sorte e a da Adega da Portela!* Cando o señor mellorou volveu buscar viño á Adega da Portela, pero nunca máis viu a moura. A Adega desapareceu e fixose unha nova, a que aínda hai hoxe, moi boa, con moi bo viño, como sempre tivo aquela casa. E que dure, para que non se cumpra o dito: *"Antes secaría o río Miño que na adega da Portela faltara o viño*"[54].

828. ***¡Se estas son guerras, que nunca se acaben!*** É o que din despois dunha boa comida de festa en Vilar de Ortelle (Pantón). (VAL VAL, Xosé: 2014). Con esta cita homenaxeo este sacerdote que tanta fraseoloxía recolleu cos seus fregueses e que a publicou do seu peto pouco antes de morrer e da que parcialmente dei noticias no seu momento[55].

829. ***Se vas o S. Benitiño non collas pan nin viño.*** Refírese á comida nas romarías (49622).

830. ***San Xistre busca as uvas donde as viste.*** (VAZSACO1:193,4610). Ignoro que santo é e tamén a explicación, porque san Sixto non se representa con uvas e os santos que se representan cun acio de uvas son Xurxo, Abdón, Fiz de Nola, Senén,Trega, Úrsula e Xurxo.

---

[53] Véxase [ww.lavozdegalicia.es/lemos/2008/06/14/0003_6903460.htm].

[54] [Texto elaborado a partir da información achegada por unha descendente da Casa de Lagariza, Vilar de Ortelle, Pantón (Lugo)] [https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=27&id=518].

[55] VAL VAL, Xosé (2012): *Díxoo ou predicouno? Ditos populares*. Lugo: Edición de Xosé Val, Cura de Vilar de Ortelle; 447 páxs. (DL. PO 597-2012). Este libro seguiu medrando en cantidade e calidade ata a morte do colector en 29.9.2014. (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 16, 2014; 501-506).

## 14. Superstición e crenzas

831. ***Derramarse o viño é bo sinal; pero non o sal.*** (RODGO3:421). (VAZSACO1:838,22802). (VIÑO:40).

832. ***O viño é a raís do corpo.*** (43210). Neste refrán latexa a crenza popular (posiblemente irracional) de que o viño cría sangue e, mesmo que, se o viño é bo, cría sangue bo. Lémbrese o refrán castelán de que *Carne cría carne, vino cría sangre; pan, panza y lo demás es chanza.* Non me estrañaría que esta idea teña moito que ver coa idea milenaria cristiá da transubstanciación, é dicir, de que, cando na misa o sacerdote consagra o viño, este convértesese no sangue de Cristo. *"El octavo catamiento según la contía: y por razón que los de Sevilla son bien criados, non son usados de bever el vino fuera de comer, como fazen en otras tierras, la contía convenible para los más dellos es medio al yantar y medio á la cena, de buen vino con sus condiciones, y aguado por la meytad; y es comunal á los omes bien regidos, ca lo demás es demasía y dañoso para la natura, y lo menos esso mismo. Y el vino que es bevido en quantidad y en calidad según la complision, y según el tiempo y según la tierra, cria buena sangre y dá apetito de comer, y esfuerça la virtud natural, y vidal y animal, y esfuerza el entendimiento: y los antiguos, quando querían fablar en cosas graves ó pedricavan, bevian medio cotofre de vino puro para esforçar la calentura natural, y para esforçar el entendimiento y la memoria…"* (AVIGNON, Juan de (s. XIV): *Sevillana medicina*). (1545; fol. LXr). MORENO TORAL, Esteban (2012; 327-338).

## 15. Sincronías mnemotécnicas

Poden ser dalgunha utilidade algunas sincronías mnemotécnicas que nos marcan os refráns e que teñen que ver coa viticultura e, en parte tamén, co viñedo[56]. O refraneiro é, coma noutros ámbitos, un manual oral ou, se se quere, mnemotécnico, para axudar a programar con éxito os traballos agrícolas. No caso da viticultura e da vinicultura contén diversas sincronías que axudan a percibir e interpreta-lo biorritmo que o viticultor pode observar na natureza e, deste xeito, poder tomar medidas no seu tempo ou mesmo anticiparse ós feitos.

## 16. Observacións xerais e conclusións

### 16.1. Os viños galegos saen indemnes dunha crise mortal

Os homes e mulleres da Galicia histórica, rural e mariñeira, non eran traballadores dunha única especialidade, que cobraban a fin de mes e despois ían merca-lo que lles faltaba. Nada foi así en Galicia e nada era así aínda na miña infancia: os nosos avós (por primeira vez propietarios da terra polo Decreto de 1926) e mesmo os nosos pais, en principio, tiñan que producir todo o que precisaban e, aínda na miña mocidade, ían vender na feira aquelas producións propias, das que se podían desprender (ovos, manteiga, millo, porcos, galiñas ou gando) e co diñeiro que recibían, mercaban o que non se producía na casa (medicamentos, aceite, zocos ou pano para cando viña a costureira á casa facérno-la roupa á medida). As feiras tradicionais de Galicia (ata 1960, máis ou menos) tiñan sempre estas dúas fases: primeiro

[56] Véxase en FERRO Viticultura 2016:107-108.

vender, despois mercar; íase a elas cargados (non como se vai hoxe a un supermercado) e volvíamos cargados con outras cousas. Unha disciplina de mercado (necesaria pero que non pensou nos labregos) matou a maior parte do sistema produtivo das nosas aldeas entregando o noso mercado interior a empresas foráneas (e mesmo estranxeiras). A superproducción forestal disimula o abandono da agricultura (que evidencian os ciclos de incendios) e concentra a propiedade da terra. Galicia vai na cabeza na despoboación. A finais dos anos 80 un estratega pontificou na prensa galega: *Sobra gente en las aldeas de Galicia.*

Pero Galicia é moito máis dinámica do que o pesimismo paralizante predica. Hoxe só subsisten aquelas actividades nas que con moita enerxía e moita intelixencia algunhas familias ou algunhas cooperativas ou algunhas empresas souberon acomodarse ás novas regras de xogo comercial (o sector pesqueiro, o sector lácteo, o avícola, o das patacas, o do mel e da froita ecolóxica). E está aí á vista: a vinicultura familiar tamén deu paso a unha vinicultura cooperativa e empresarial, que, concentrando intelixencia, recursos e sinerxias, vai por diante do calendario planificando o futuro, abrindo mercados e sempre sobre a base do estudo científico da situación. Hoxe moitos dos nosos viñateiros teñen estudos medios (e algúns mesmo universitarios) pero volveron á aldea: se cadra, nunca na historia tivo Galicia neste sector a calidade e a cantidade de produto que hoxe ten; nin tampouco a cualificación profesional de hoxe. Recuperadas as mellores cepas, as terras máis sollosas e as mellores técnicas de vinificación, Galicia asomou a orella nas catas internacionais de viños, entrando polo seu pé en mercados de todo o planeta e devolvéndono-lo orgullo de termos da aldea ou ser da aldea.

O sector vitivinícola é un anticipo da Galicia posible, porque é un dos que presentan unha recuperación máis fulgurante coa entrada firme en mercados dos cinco continentes. A transformación que para ben fixo en Galicia o sector do viño e que tamén iniciaron con forza sectores como o do leite, da carne ou da madeira é un anticipo da Galicia posible como o é, noutro ámbito, Inditex.

O home e a muller galega que crearon o refraneiro, como repositorio da súa experiencia, eran traballadores de toda a historia anterior, traballadores complementarios, que compartían os traballos (ou, mellor, as fases dos traballos) cun reparto axeitado á forza física e á inclinación de cadaquén pero, mesmo así, os dous eran multiespecialistas: expertos en vacas, tamén o eran en porcos, ovellas e galiñas; érano elas en roupas, en primeiros auxilios e en muíños pero tamén o eran eles en froiteiras, en silvicultura, en rachar e estibar leña, en construír ou reparar casas.

En Galicia, aínda no século XXI, a vivenda rural ou mariñeira tradicional non é o lugar ó que se vai comer ou durmir senón tamén, en certa medida, unha factoría familiar que se regula polo refraneiro que lle marca o calendario de traballos e tamén moitas das súas especificidades técnicas.

O refraneiro, baixo a súa aparencia de mensaxe sempre informal e cargada de afectos positivos e negativos a favor ou en contra de algo ou dalguén, funciona, se ben se mira, como un almanaque oral, sen follas e iso convérteo nun manual de vida e de traballo: neste caso, manual da viticultura e da vinicultura. O refraneiro é un calendario laboral no

que a mnemotecnia asocia os traballos non tanto a un díxito senón ós ritmos litúrxicos (*San Migheliño das uvas maduras* (4.10)*, moito nos tardas e pouco nos duras*) pero, como se ve, sacando sempre o santo da igrexa e introducíndoo no contexto laico laboral, como un marcador cronolóxico moito máis visual e afectivo que uns símples díxitos: unha especie de bendito laicismo.

O refraneiro como manual profesional, neste caso, da vinicultura, ofrece observacións curiosas e necesarias para tódalas fases da vinicultura e faino sempre dunha maneira imáxica, que convida a repeti-lo refrán axeitado cando se producen circunstancias semellantes á primeira vez que un o oíu. E así se memoriza e así se perpetúa como ferramenta sempre dispoñible para novos usos.

Os tratados escritos de vinicultura son cousa relativamente recente en Galicia. Nestes refráns, en cambio, compéndiase boa parte da ciencia oral e práctica que fixo posible durante dous milenios a elaboración do viño en Galicia. Estou seguro de que os importantes vinicultores que hoxe levan como trofeos os nosos viños polo mundo adiante e que volven con contratos de venda na carteira sentirán que son herdeiros e melloradores desta cultura galega do viño. Asistín non hai moito a unha voda en Cork (Irlanda) e os viños eran un tinto e un branco: o branco era un Rías Baixas e *gañou por goleada* no aprezo daqueles comensais, todos irlandeses ou australianos

### 16.2. Os refráns: estilo con vida

Como manual profesional ou de vida, o refraneiro distínguese doutros manuais técnicos en que o refrán ten vontade de estilo e que o estilo non é unha floritura baleira senón un mecanismo lingüístico para favorece-la memorización da doutrina do refrán[57]. Pero ningún refrán naceu redondo: algunha vez parece que podemos rastrexa-lo progreso estético que, para unha mesma mensaxe, foron facendo progresivamente os falantes con vontade de estilo, coma tal, nos refráns 356, 357, 358 e 359. Por iso digo que sería interesantísimo observar, se puidésemos rastrexalo, como naceu un refrán, un único refrán. Os refráns só viven e divúlganse no uso oral: non sabemos cando nin onde nin como nin quen dixo por primeira vez un determinado refrán. Pero, se puidésemos, probablemente veriamos que primeiro naceu unha observación intelixente, que a repetiron (os que a oíran) cando se viron nunha situación semellante; e veriamos que a repetición tivo variantes de tanteo e só algunha delas acabou parecendo máis redonda e máis concisa e que esta, por estética e por economía, acabou triunfando na boca da xente, o que non implica –e este é un mérito exclusivo da estilística colectiva ou popular– que en todas partes acabasen desaparecendo as variantes menos redondas. Estou falando do mesmo que debeu de acontecer (pero xa nunha escala grandiosa) coa *Ilíada* e a *Odisea* de Homero, que viviron moito tempo dependendo só da tradición oral.

Á mantenta organicei o material, neste traballo, por temas e, dentro de cada tema, non por orde alfabética senón por variantes e xerarquicamente: aqueles refráns dos que

[57] Véxanse, sen ir máis lonxe, os refráns 34, 71, 119, 144, 166, 263, 325, 326, 328, 329, 330, 358-359, 465, 677 e 696 por poñer só uns poucos casos.

conseguimos reunir moitas variantes seguro que dan pistas a algunha lectora ou lector para descubrir como se foi desenvolvendo historicamente ese refrán, aínda que non teñamos documentación escrita. Valerii Mokienko descubriu que na vida das unidades fraseolóxicas percíbense dous tipos de movemento: un de ampliación do número de palabras ata facer máis explícita a información (*explicitación*) e outro de redución ou compresión dese número de palabras (*implicitación*), ata da-la mesma información co menor número de palabras (MOKIENKO 1980/2000: 201-318). O material que aquí se ofrece ten, nesta miña versión, unha das lecturas posibles pero calquera no meu lugar soñaría que teña outras posteriores, que fagan luz sobre a cultura inmaterial dos nosos pais e avós. Queda aquí material para que outros curiosos traten de descubrir en que dirección (e por que) se moveron os refráns na boca da xente: se na dirección ampliadora (*explicitación*) ou na dirección redutora (*implicitación*). Teño a esperanza de que alguén algún día o faga en honor de Valerii Mokienko e para gloria da nosa lingua popular (da arte lingüística da nosa xente anónima) e tamén da fraseoloxía rusa, da que somos aprendices.

### 16.3. Refraneiro inacabado

As **832** unidades que presentei aquí proceden de **280** informantes (ou puntos de información) pero, como xa dixen no ap. 0. estou seguro de que hai aínda máis refráns do viño: o día que os galegos poidan acceder ó monumental *Refranero gallego* de Vicente Llópiz Méndez, como xa dixen no apartado .0, verán que neste tema do viño hai aínda moitas novidades ou perfís, porque as 235 unidades básicas que ese manuscrito contén no tema *Vino* (o 72º) proceden de fontes exclusivas del, diferentes ás que hoxe todos manexamos e que, polo tanto, enriquecen o que xa coñeciamos e aquí queda consignado. Sigo pedindo ás Institucións e agora fágoo tamén ás empresas privadas axuda económica para, cun equipo de filólogos que xa existe, prepara-la edición digna dese manuscrito, víctima da súa grandeza (79 fascículos, 2033 folios, 21.710 refráns básicos que coas variantes debe sobrepasa-las 44.000 unidades). Nunha Galicia, que por fin ten conciencia de si (institucional e empresarial), os recursos económicos deberían acompaña-lo entusiasmo dos paremiólogos.

## 17. Apéndice da cabra que vai pola viña

No anterior artigo "Maio come o trigo e agosto bebe o viño. A viticultura no refraneiro galego" (*Cadernos de Fraseoloxía Galega* 18, 2016: 17,133) perdeuse un apéndice que expresa que os vicios e as faltas dos pais transmítense ós fillos. O refrán exprésao cunha metáfora do comportamento da cabra (ou a ovella) ante a viña (non o viño), que é tan popular que suma vinte variantes:

833. ***Saltou a cabra na viña e tamén saltará a filla.*** (RODGO1:420). (VIÑO:372). ***Se salta a cabra na viña, tamén saltará a filla.*** (RODGO3:309). ***Cabra por viña, de tal mai, tal filla.*** O colector explica: "Los hijos, siguen, por lo común, el genio y las inclinaciones de sus padres". (VAZSACO1:19,371).

834. ***Vai a cabra pola viña, por donde vai a mai, vai filla.*** (20001). (24001:270). ***Vai a cabra pola viña, tal e a nai com'é a filla.*** (ALVAG:31). (23911:198).

(VIÑO:374). ***Vai a cabra po-la viña, tal é a nai como é a filla.*** (SACO2:329). (RISCO-18). (SACO1:232). ***Vai a cabra pola viña; tal é a nai com'a filla.*** (VAZSACO1:756,20178). ***Vai a cabra pola viña, tal nai tal filla.*** (42008). ***Vai a cabra pola viña, tan boa é a nai coma a filla.*** Os vicios e as faltas dos pais transmítense ós fillos.

835. ***Vai a cabra po-la viña, vai a nai e máis a filla.*** (40822). ***Vai a cabra pola viña, vai a nai e vai a filla.*** (41743). (VAZSACO1:756,20179). ***Vai a cabra por a viña; por donde vai a nai vai a filla.*** (VAZSACO1:756,20180). ***Vai a cabra por a viña; por donde vai a mai vai a filla. Vai a cabra por a viña; tanto ten a mai como a filla.*** (VAZSACO1:756,20181). ***Vai a cabra por a viña; vai a nai e mais a filla.*** (VAZSACO1:756,20182). ***Vai a cabra pr'a viña, vai a mai e máis a filla.*** (NORI5). ***Vai a cabra prá viña; por donde vai a mai vai a filla.*** (VAZSACO1:756,20183). ***Vai a chiva pola viña, tal é a mai como a filla.*** (TABOA2).

836. ***¿Vai a cabra á viña? Tal fai a nai como tal fai a filla.*** (VAZSACO). (RODGO1:420). ***¿Vai a cabra na viña? Tal fai a nai, tal fará a filla.*** (VIÑO:373).

837. ***A cabra vai pola viña, tal é a mai, tal é a filla.*** (VAZSACO1:754,20135). ***A cabra vai pola viña: como fai a nai, fai a filla.*** (RODGO1:420). (23911:192).

838. ***Com'a cabra por su a viña, por donde vai a nai vai a filla.*** (RISCO-18). (CARRA4:40308). (VAZSACO1:22,448).

839. ***A ovella que vai pola viña, tan honrada é a mai como a filla.*** Os fillos herdan os costumes dos pais. (38319:102).

## 18. Referencias bibliográficas

### 18.1. Bibliografía primaria

000100 Segade Vidones, Emilio: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000101 Pontes García, Pedro: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000102 Luna Bande, Francisco: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000103 López Varela, Eliseo: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000104 González Fernández, M.: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000105 Gómez Vilar, Manuel: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000107 Darriba Míguez, Amador: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000108 Couselo Gago, Juan Carlos: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000109 Bello Valiño, Juan: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000110 Area Alonso, José Manuel: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003// 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000111 Camino Sánchez, Manuel: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

000112 Iglesias Ares, José A.: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

00062 Algún lugar de Galicia. Lago López, Manuel (1962) (2003). Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

00068 Algún lugar de Galicia. López Taboada, Carme.

00071 Rodríguez Vieites, Félix (1954) (2007). Informante sen indicación de lugar en PAZ ROCA, Mª Carmen: "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 247-293. Tras: indícase páxina e número.

00098 Vázquez Veiga, Luis: Informante sen indicación de lugar nos diferentes manuscritos paremiolóxicos de Francisco Vázquez Saco editados en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003 // 6, 2004; 205-219 // 9, 2007; 247-293.

10005 Algún lugar da provincia. Informantes anónimos do 'Refraneiro' de Vázquez Saco. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10216 Ortoño. Ames. Un veciño de 50 anos aprox. e Moroño, S. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. e FERNÁNDEZ REI, F. (1975 / 1984) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

10412 Ares. Ares. Barral Sánchez, J.M. (1959) (1962): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.

10613 Arzúa. Arzúa. Pampín Basteiro, Argimiro: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

10614 Burres. Arzúa. Duro Quintela, José: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

10615 Arzúa. Arzúa. Fráiz Vázquez, Jaime. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

10703 San Mamede de Monte. A Baña. Mayo Brenlla, Jesús. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

10917 Betanzos. Betanzos. Varios veciños / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

11806 As Neves. A Capela. Alumnos/as do C.P. "Mosteiro de Caaveiro" (A Capela) (1989): *Refraneiro do ano* Colexio Público "Mosteiro de Caaveiro". As Neves. A Capela.

12006 San Mamede de Carnota. Carnota. Louro Lado, Baldomero. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

12109 Carral (Paleo). Carral. Varios veciños / ÁLVAREZ BLANCO, R. e FERNÁNDEZ REI, F. (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

12401 Rodís. Cerceda. Castro Vázquez, Pedro / FERNÁNDEZ REI, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

13042 Mesoiro (Elviña). Coruña, A. Vilas, Luís / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

13201 Curtis. Curtis. MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Mª Rosario (1970): *El habla de Curtis y sus cercanías.* Universidad de Santiago de Compostela. Febrero de 1970. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.

13303 Dodro. Dodro. García Vázquez, José María. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

13304 Vigo. Dodro. Citoula, J. e Pérez, R. / FERNÁNDEZ REI, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

13702 Fisterra. Fisterra. ESMORÍS RECAMÁN, Francisco (1959): "Refranero fisterrán", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XIV, 42; 107-129.

14106 Cuíña (Traba). Laxe. Pose Lema, José / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

14203 Tállara. Lousame. Castro Ces, Andrés. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

14204 Boa. Camboño. Lousame. González Santos, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

14308 Barizo. Malpica de Bergantiños. Martelo Rodríguez, Generoso / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

14504 Beba. Mazaricos. González, María e Sanchiño, A. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1976) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

15007 Santa Xuliana de Monfero. Monfero. García García, M.: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral". *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15008 Xestoso. Monfero. Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15224 Serres. Muros. Vázquez Formoso, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15225 Esteiro. Muros. Caamaño Cernadas, Serafín. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15226 Louro. Muros. Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15235 Louro. Muros. Un veciño / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

15243 Louro. Muros. Chelo Monteagudo (Muros).

15309 San Pedro de Coucieiro. Muxía. Álvarez Baliña, Ramón. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15327 Mintiráns. Caberta. Muxía. Canosa Quintáns, Francisco (1956) (2003). Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

15412 Fonte da Cruz. Narón. Sánchez de Toca Silva, Susana.

16513 Padrón. Padrón. Freire López. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

17324 Olveira. Ribeira. Blanco Sieira, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

17708 Vilar de Céltigos (Grixoa). Santa Comba. Redondo Maneiro, Agustín / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

17800 Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. Informante anónimo.

17819 Roxos. Santiago de Compostela. Lamela Villaravid, Mª do Carme.

17851 Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. Otero Outes, José A. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
17852 Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. Casal García, Manuel. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
17853 Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. Crespo Caamaño, Clemente. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18001 Sobrado dos Monxes. Sobrado. Lodeiro, María do Carme.
18303 San Cristovo de Reis. Toques. Mendoza Cajade, Antonio. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18401 Santaia. Gorgullos. Tordoia. Varela González, Francisca (1985). *A fala de Santaia* citada tamén en GARCIA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
18402 Anxeriz. Tordoia. Álvarez Souto, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18507 S. Miguel de Vilar. Touro. Barreiro Fernández, Julio. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18603 Trazo. Trazo. Viqueira Liñares, Mª Clara.
18704 Niveiro. Val do Dubra. García Villasenín, Jesús. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962-2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18705 Rial. Val do Dubra. Antelo Fraga, Jesús María.
18708 Santiago de Buxán. Val do Dubra. Cornes Iglesias, José. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
18709 Buxán. Val do Dubra. Señarís Fernández, Cándido. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5, 2003.
18911 Ribadulla. Vedra. Escuredo Escuredo, José / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
19103 Brai, S. Vicenzo de Curtis. Vilasantar. López López, Celestino. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
20000 Algún lugar da provincia. Informante anónimo.
20001 Algún lugar da provincia. Informantes anónimos do 'Refraneiro' de Vázquez Saco. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral". *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
20014 Está no 1150.

20302 San Pedro Fiz de Castro Am. Antas de Ulla. García Conde, Bienvenido.
20304 Antas de Ulla. Antas de Ulla. Sánchez, Herminia Pérez Pérez, Leoncia.
20310 Antas de Ulla. Antas de Ulla. Lamela Villaravid, Carme (1993): *A literatura popular de tradición oral -cántigas, adiviñas e refráns - no concello lugués de Antas de Ulla*. Inédito.
20509 Baralla. Manuel Pardo López Xosé Carlos Rodríguez.
20520 Baralla. Víctor Manuel Vázquez López Xosé Carlos Rodríguez.
20526 Baralla. Víctor Fernández López Xosé Carlos Rodríguez.
20527 Baralla. Rubén M. Xosé Carlos Rodríguez.
20530 Baralla. Isabel Becerra López Xosé Carlos Rodríguez.
20532 Baralla. Francisco Javier García López Xosé Carlos Rodríguez.
20545 Baralla. Daniel López López Xosé Carlos Rodríguez.
21002 Pradeda. Cartelos. Carballedo. Guerra Otero, Pilar.
21007 Carballedo. Carballedo. RIELO CARBALLO, Nicanor (1972, 1973, 1974, 1975): *Refranero Popular de Carballedo*. Revista de Dialectología y Tradiciones Populares XXVIII, 1972, 1º-2º; 1 45-156; XXIX, 1973, 1º-2º; 131-153; XXX, 1974, 3º-4º, 429-452; XXXI,1975,1º-4º,1 11-135.
21112 Castro Ribeiras de Lea. Castro de Rei. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2000): *Anacos da nosa cultura* C.E.I.P. Veleiro do Campo (Castro Ribeiras do Lea). Curso 95/96-96/97. Lugo: Citania Publicacións.
21204 Pereiramá. Castroverde. VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Mª Isabel Vázquez Fernández, M.I. (1985): *El habla y léxico de San Julián de Pereiramá (Lugo)*. Universidade de Santiago de Compostela. S.d. Citado tamén en GARCÍA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba,* anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
21811 Paderne. Folgoso do Courel. Regueiro Marcos, Margarita.
21812 Carballal. Folgoso do Courel. Pol Pardo, Marta.
21814 Moreda. Folgoso do Courel. Rodríguez Lago, Azucena.
21817 Piñeira. Folgoso do Courel. Rodríguez Méndez, Cristina.
21832 Pedrafita. Folgoso do Courel. Veiga Núñez, Eva.
22105 Friol. Friol. Campo Janeiro, Fermín Luís.
22109 Narla. Friol. Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
23901 Ferreira. Pantón. PALACIO SÁNCHEZ, J.A. Palacio Sánchez, J.A. (1974,1985): *Notas sobre el léxico de Ferreira de Pantón (Lugo)*. Universidade de Santiago de Compostela. Julio de 1974. Citado tamén en Constantino GARCIA: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba, anexo 27.* Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
23911 Pantón. (2003): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra.* Pantón, Concello de Pantón, 2003; 509 páxs.
23911b Pantón. (2005): A.X.OS ESTRALOXOS (2005): *Cántigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra.* Pantón, Asociación Xuvenil 'Os Estraloxos'; 832 páxs.

24001 San Miguel de Paradela. Paradela. PALLARES LÓPEZ, Manuel (1930): *Folklore da freguesía de san Miguel de Paradela (Lugo)* Nós 77,1930,100-102.
24402 Terra Cha. Pol. RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha* (*Pol*). Sada: Edicións do Castro. *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos* 35. [Os catro últimos díxitos indican o número de cantiga, refrán ou frase].
25003 Ribadeo. Ribadeo. LANZA, Francisco (1933): *Falan os de Ribadeo,* Nós 114; 147-154/ 116, 169-172/ 118, 207-211.
25019 Ribadeo. Ribadeo. LORENZO, Xaquín (1974): "El carro en el folklore de Galicia", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXX; 43-76. Os tres últimos díxitos indican a páxina.
25405 S. Román de Lousada. Samos. Villaravid Diéguez, Saladina Lamela Villaravid, Carme
26104 Ferreira. O Valadouro. PRADO FERNÁNDEZ, Margarita (1971) (1985): *Vocabulario de Ferreira del Valle de Oro.* Universidad de Santiago de Compostela. Octubre de 1971. Citado tamén en GARCIA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba, anexo 27*. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
26344 Vilalba. CARRÉ, LOIS (ed. de Paz Roca, Mª Carmen) (1965) (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4; 129-141.
26502 Candamil. Xermade. Varios veciños / FERNÁNDEZ, F. e GONZÁLEZ, M. (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
27003 Terra Cha. RIELO CARBALLO, Isaac (1989): *Cancións galegas (Literatura Popular)* Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, Lugo.
27101 Area Mindoniense. Rivas, Paco (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense. Unha proposta didáctica.* E. Deputación Provincial de Lugo.
31303 Brués. Boborás. Cedeira Salceda, Manuel / FERNÁNDEZ REI, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
31901 Cabanelas e O Carballiño. O Carballiño. Rodríguez Carnero, Francisco.
31910 San Miguel da Piteira. O Carballiño. Muleiro González, José.
32004 Outomuro. O Mundil. Cartelle. Rodríguez Rodríguez, Xosé Enrique.
32503 Roucos. Cenlle. Rodríguez Álvarez, Manuel.
33325 A Gudiña. A Gudiña. PRIETO, Laureano (1949): *Notas etnográficas sobre animales domesticos y salvajes de La Gudiña (Orense).* Douro-Litoral, 3ª série, V; 50-67.
33903 Grou. Lobios. FERNANDES DO PALHEIRO, Bieito (1935) (2008): "Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10; 241-253.
34001 Maceda. Movilla, Consuelo e Aldemira Requejo, María C.
34003 Maceda. Maceda. Díaz Pérez, Ma. Xosé.
34005 Maceda. Aldemira Requejo, M. Carmen.

34401 A Merca. A Merca. ARAÚJO IGLESIAS, Miguel Anxo (1997): *A Merca. Antropoloxía dun Concello Galego.* Vigo: Ir Indo.

34501 A Mezquita. A Mezquita. TABOADA CID, Manuel. (1971) (1985): *Vocabulario y Notas Etnográficas de La Mezquita.* Universidad de Santiago de Compostela. Febreiro de 1971: Citado tamén en GARCIA, Constantino: *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba, anexo 27.* Universidade de Santiago de Compostela.

34505 A Mezquita. A Mezquita. Taboada Cid, Manuel (1978): *Algunos aspectos de la vida material y espiritual de La Mezquita. III Etnografía Boletín Auriense* VIII; 149-163.

34506 Mezquita, A. Mezquita, A. Casares, A. e García, F. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

34703 Monterrei. Monterrei. TABOADA, JESÚS (1947): *La medicina popular en el Valle de Monterrey (Orense)* Revista de Dialectología y Tradiciones populares, III; 31-57. [Os tres últimos díxitos indican a páxina].

35125 Ourense. Ourense. García Novoa, Francisco Xosé.

36507 Calvos (Penosiños). Ramirás. Fernández, M. Bugallo, E. e un veciño / ÁLVAREZ. R., FERNÁNDEZ. F., GONZÁLEZ. M. (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. Trala clave, engádense tres últimos díxitos que indican a páxina na que se encontra a información.

36615 San Cristovo. Ribadavia. Varios veciños / FERNÁNDEZ REI, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

36701 San Xoán de Río. Río. Sotelo López, Julia.

38319 Viana do Bolo. Viana do Bolo. VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Aproximación ó 'mínimo paremiolóxico' galego. Unha proposta didáctica", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4; 79-116.

39011 Xinzo de Limia. Xinzo de Limia. Diversos informantes BLANCO, Milagros: *Refráns recollidos nos concellos de Xinzo de Limia e Sarreaus*.

39402 A Limia Alta Lorenzo Fidalgo, Agostiño.

39455 Terra das Frieiras. RIVAS QUINTAS, Eligio e RODRÍGUEZ CRUZ, José (2002): *Terras das Frieiras.* Deputación Provincial de Ourense, Ourense.

40001 Provincia de Pontevedra Vázquez Vidal, Francisco Javier.

40005 PORTELA PAZOS, Salustiano (1920): *"*Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" en *Ultreya* 13; 203-204;14; 218; 15; 238; 16; 251; 18; 279; 19; 295; 20; 320. Os díxitos 6-7 indican nº da revista e 8-9-10 a páxina. Nas citas, despois da clave 40005: e dous puntos, indícanse o número da revista e maila páxina.

40006 ÁLVAREZ JIMÉNEZ, Emilio (1920): Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" en *Ultreya* 20; 320; 21; 336; 22; 352. Os 5 primeiros díxitos indican a localización xeográfica; 6-7, o nº da revista; 8-9-10 indican a páxina. Nas citas, despois da clave 40006:, indícanse o número da revista e maila páxina.

40114 Sela. Arbo. Fernández Rodríguez, Alfonso / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
40204 Baiona. Baiona. Barreiro Troncoso, Héctor (1992).
40210 Sabarís. Baiona. Un veciño / ÁLVAREZ, Rosario e FERNÁNDEZ, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
40301 Ferro Ruibal, María Elda. Mane, Barro, Barro.
40305 Búa Pereira, David. Mane, Barro, Barro.
40307 Bretoña. Curro. Barro. Corredoira Varela, Xosé Manuel.
40515 S. Andrés de Cesar. Caldas de Reis. Fresco Reboredo, Manuel: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
40601 Castrelo. Cambados. LEIRO LOIS, Adela (1986): *Cambados: a tradición oral*. Colexio Público Castrelo.
40606 Castrelo. Cambados. LEIRO LOIS, Adela (1990): *O traballo no mar (aparellos e artes de pesca e marisqueo).* Consellería de Pesca, marisqueo e acuicultura. Santiago.
40607 Castrelo. Cambados. Equipo de Normalización Lingüística do C.P. de Castrelo (1996): *A medicina popular.* Colexio Público de Castrelo.
40822 Divino Salvador de Coiro. Cangas. Otero González, Manuel: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41202 Loureiro. Cotobade. Vidal Meijón, Ana (1994): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade)*. Memoria de Licenciatura-Universidade de Santiago-Facultade de Filololoxía baixo a dirección do Dr. Francisco Fernández Rei.
41209 Carballedo. Cotobade. Castelao (1927): "Material etnolingüístico publicado na sección 'Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia'", *Nós* 38; 14-15.
41210 Tenorio. Cotobade. Puig Vidal, José María: Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.
41403 Crecente. Crecente. Rodríguez Rodríguez, Xosé Enrique.
41740 Santa Mariña de Ribela. A Estrada. Barreiro Somoza, Manuel: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41741 Codeseda. A Estrada. Cabaleiro Cabaleiro, Teófilo: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41743 Moreira. A Estrada. Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949-1957.: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41750 Baloira. A Estrada. Rebolo, M. / GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

41814 Loureiro. Dúas Igrexas. Forcarei. Barreiro Barreiro, José Luís: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41815 Soutelo de Montes. Forcarei. González Gil, Valentín: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
41816 Forcarei. Forcarei. Gulías Rivas, José M.: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
42008 Agolada. Agolada. Vidal, Paz Pérez Pérez, Leoncia.
42009 Moaña. Moaña. Soto Viñas, Paula.
42314 Salcidos. Guarda, A. Conde Fernández, A. / Fernández, F. e Álvarez, R. (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
42413 Lalín. Lalín. Areón Seijas, Miguel.
42418 Goiás. Lalín. RISCO, Vicente (1947): "Tradiciones referentes a algunos animales I, II", *Revista de Dialectología y Tradiciones populares,* III; 163-188 e 371-400. Os tres últimos díxitos indican a páxina.
42423 Lalín. Lalín. Alvarellos López, Nicolás: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
42903 Moaña. Moaña. Galansky Koper, Carlos (comentando *Diccionario* de E. Rodríguez González).
43210 Grixó. S.Cruz de Lamas. Moraña. Ferro Batallán, Jesús.
43220 A Bouza. Rebón. Moraña. Ruibal Fernández, María.
43274 Santa Xusta, Moraña. Casal Porto, José.
43308 Dornelas. Mos. Campos Fernández, María T.
43310 A Pedra Pinta. Santa Marta. Mos. Giráldez Lorenzo, Mercedes.
43403 As Neves. As Neves. De Dios Díez, Ma. Flor.
43815 Poio. Poio. APARICIO CASADO, Buenaventura (1992): *A tradición oral en Poio* Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra.
43914 San Mateo de Oliveira. Pontearеas. Pardellas Cortiñas, Adolfo.
43917 Pontearеas. Pontearеas. Pardellas Cortiñas, Adolfo.
43920 Fraga do Rei. Oliveira. Pontearеas. Ucha González, Julián.
43921 Critiñade. Pontearеas. Gándara, Alfredo.
43953 Guillade. Pontearеas. Varios veciños / FERNÁNDEZ REI, Francisco (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
44002 Caritel. Ponte Caldelas. Lopo González, María Socorro.
44084 Ponte-Caldelas. Ponte Caldelas. Canda, Pilar, Cid, Eva, Cousiño, Pilar, López, Diana: Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.
44237 Pontevedra. Pontevedra. Colexio Público Froebel (1994): *Literatura de Tradición Oral.* Colexio Público Froebel, Pontevedra.

44249 Pontevedra. Pontevedra. Conde Rodríguez, José Vicente e Bemposta Lago, Francisco J.
44250 A Ponte Sampaio. Pontevedra. Berta e Ornela: Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.
44307 O Porriño. O Porriño. De Dios Díez, Ma. Flor.
44321 O Porriño. O Porriño.
44327 O Porriño. O Porriño.
44357 Torneiros. O Porriño. Muleiro Gómez, José.
44359 O Porriño. O Porriño. Gabriel Fernández, Elvira de.
44508 Cesantes. Redondela. Lorenzo Fidalgo, Agostiño.
44514 Redondela. Redondela. Estévez Gómez, Mª Adoración.
44905 Salceda de Caselas. Salceda de Caselas. Fernández Núñez, Xulio.
44907 Salceda de Caselas. Salceda de Caselas. Pérez, Florencio Pérez Pérez, Leoncia.
44908 Salceda de Caselas. Salceda de Caselas. Pérez, Mercedes; Pérez Pérez, Leoncia.
44914 Budiño, Picoña, Soutelo.... Salceda de Caselas. Míguez López, Mª Concepción e Alonso Rodríguez, Luís.
45006 Salvaterra de Miño. Salvaterra de Miño. Camafeita Pazos, Josefina (1979): *Notas Léxicas y Etnográficas del Ayuntamiento de Salvatierra de Miño.* Universidad de Santiago de Compostela. Julio de 1979.
45012 Pesqueiras. Alxén. Lourido. Salvaterra de Miño. Rodríguez Rodríguez, Xosé Enrique.
45013 Salvaterra de Miño. Salvaterra de Miño. Muleiro González, José.
45212 Graba. Silleda. Filloy Rial, Juan Benito: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
45406 Goián. Tomiño. Estévez Gómez, Mª Adoración.
45520 Caldelas de Tui. Tui. Castro, Jovita Pérez Pérez, Leoncia.
45605 Santa Comba de Cordeiro. Valga. López Castro, Manuel: Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
45703 Vigo. Vigo. Fernández Lopo, Ma. Edith.
45787 Vigo. Vigo. Carré, Lois Paz Roca, Mª Carmen (1965) (2003): *Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral* por Lois Carré (1898-1965), *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4; 129-141.
45802 San Adrián e Santa Cristina. Vilaboa. Casal, Iria e Fernández, Natividad: Fraseoloxía galega recollida por alumnnos do Instituto Torrente Ballester de Pontevedra en 1999.
45807 Vilaboa. Vilaboa. Acuña Garrido, Jesús. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.
49504 Rías Baixas. Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957. Citado en VAZQUEZ SACO, Francisco (1962) (2003): "Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5.

49622 O Salnés Lorenzo Fidalgo, Agustín.
5Abres GUTIÉRREZ MARGARIDE, Ana María (1993): "Refrais, ditos e canciois da Terra de Santiso de Abres", *A Freita* 3; 25-31.
60017 Carracedo de Monasterio. Carracedelo. Dous veciños e Castro, I. / GONZÁLEZ, M., ÁLVAREZ. R. e FERNÁNDEZ. F. (1975) (2003): *Atlas Lingüístico Galego.* Instituto da Lingua Galega. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
60023 CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero Berciano.* León: Ediciones Lancia.
ANÓNIMO: *O Mintireiro* verdadeiro,1969.
ACUÑA: ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina. .
AGUIRRE: AGUIRRE, Luis de (1945): *Los productos gallegos de exportación.* Ministerio de Industria y Comercio, Servicios de Propaganda. Publicaciones de los Servicios Comerciales del Estado. Serie Comercio exterior; 11. Madrid.
ALOMO3: ALONSO MONTERO, Xesús (1977): *Lengua, literatura e sociedade en Galicia.* Madrid: Akal; 60-63.
ALOPI: ALONSO PIMENTEL, Emilio, Xesús e Sara (Equipo A.P.) (1975): *O clero na literatura Popular Galega.* Madrid: Akal Editor.
ALORO: ALONSO RODRÍGUEZ, Eliseo: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina.
ALVAB3: ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (1968): Os Refrans e as Frases Proverbiás. As Cantigas, os Contos e os Recitados. Do Pulpo, o Calamar, a Lura e demais Familia. *O libro do marisco* (1968): Vigo. Castrelos.
ALVAG: ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio (1904): *Refranero agrícola y meteorológico gallego.* Antonio del Río y Micó, Pontevedra.
AMORME5: AMOR MEILÁN, Manuel (1936): *Geografía del Reino de Galicia, prov. de Lugo.* Carreras Candi, Francisco, 1862-1937. Barcelona: Edit. Alberto Martín, 5 t.; t. 2; 551.
ANONI-12: ANÓNIMO (1973): "Refráns dos meses. Soneto" n'*O Gaiteiro de Lugo. Calendario Galego pro Ano 1973.*
AUTORIDADES: Real Academia Española (1726-1739): *Diccionario de autoridades.* [https://www.rae.es/recursos/diccionarios/diccionarios-anteriores-1726-1996/diccionario-de-autoridades].
BLADO: BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica.* Vigo: Xerais, 2 vols. [A numeración remite directamente á cantiga citada].
BOUZA3: BOUZA BREY, Fermín: Papeis inéditos do arquivo da Real Academia Galega.
CABANA: CABANA, Darío X. (1974): *Libro do amor.* Vigo: Castrelos.
CAJARA: CAJARAVILLE, M. (1983): *Debullando folklore. La Voz de Galicia*, A Coruña.
CARRA32: CARRÉ ALDAO, Eugenio (1921): "Algúns refráns galegos do Pronóstico en 'Almanaque Gallego para 1922 por M. Castro López'". Buenos Aires (1921);127-130.
CARRA33: CARRÉ ALDAO, Uxío (1926): "Coleición de refráns de almanaque", *Nós* 35; 6-8.

CARRA34 CARRÉ ALDAO, Uxío (1926): "Coleición de refráns de almanaque", *Nós* 36; 13-18.

CARRA400000: CARRÉ ALDAO, Eugenio (1908): "Refranero gallego" en *A Nosa Terra.* A Coruña. Os seis últimos díxitos indican día, mes e ano (do século XX) en que se publicaron.

CARREA1: CARRÉ, Lois Paz Roca, Mª Carmen (1965) (2003): "Aportazón ao refraneiro. Coleición de refrás recollidos da tradizón oral por Lois Carré (1898-1965)", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4; 129-141.

CARU: CARUNCHO, Ricardo (1888) (2007): *Cantares y refranes gallegos* Diario de Avisos de La Coruña. Os oito díxitos indican o día, o mes e mailo ano.Cítao tamén PAZ ROCA, Mª Carmen: "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 2007; 247-293. Tras: indícase páxina e número.

CARVALHO: CARVALHO COSTA, Alexandre de (1982,1983,1984,1985): *Gente de Portugal. Sua linguagem - seus costumes.* Ediçâo da Assembleia Distrital de Portalegre. I (1,2,3), 1982; II, 1983; III, 1984; IV, 1985. O(s) primeiro(s) díxito(s) indica(n) o volume(e tomo); os últimos, a páx.

CASAS1: CASAS, Álvaro das (1935): "Refraneiro Galego", *Nós*, Pubricacións Galegas e Imprenta, Santiago s.d. [J.A. Ventín Durán afirma que é de 1935 e que foi patrocinado por Almacenes Dolores Iglesias, de Santiago, "pra distribuir ôs seus freigueses"].

CRESPO: CRESPO POZO, P. José Santiago (1972, 1979, 1982, 1985): *Nueva Contribución a un Vocabulario Castellano-Gallego* Edit. La Región (tomo 1 1972). Tomos 2,3 e 4 Sada: Edicións do Castro, 1979, 1982, 1985 respect.

DRAG: (2012): REAL ACADEMIA GALEGA (ed.) *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG. A partir de 2012 debe consultarse a edición dixital en constante actualización. https://academia.gal/dicionario.

FERRO. *Dicnom*: FERRO RUIBAL, Xesús (dir) (1992): *Diccionario dos nomes galegos.* [Coautores BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel, FERRO RUIBAL, Xesús, GARCÍA ÁLVAREZ, Xosé M., LEMA SUÁREZ, Xosé María e TATO PLAZA, Fernando R.]. Vigo: Ir indo. 663 páxs.

FERRO. *Viticultura*: FERRO RUIBAL, Xesús (2016): " 'Maio come o trigo e agosto bebe o viño'. A viticultura no refraneiro galego", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 18; 35-132. [http://cirp.gal/w3/publicacions/pub-0450.html] [3.9.2019].

FILGU-G38: Anónimo (Filgueira Valverde, Xosé): *O Gaiteiro de Lugo. Calendario Galego pró ano 1938* .

FRAGU-GEG00: FRAGUAS FRAGUAS, Antonio: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega.* Os dous primeiros díxitos indican o tomo, e os tres seguintes, a páxina.

FRANCO: FRANCO GRANDE, X.L. (1972): *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego* Vigo: Editorial Galaxia, 2ª.

GARGO1: GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1983): *Recantos da lingua. 1982* Biblioteca Gallega. *La Voz de Galicia*, A Coruña.

GARGO6: García González, Constantino (1991): *Peneirando palabras. 1990.* Biblioteca Gallega. *La Voz de Galicia*, A Coruña.

GEG: FRAGUAS FRAGUAS, Antonio[58] (1974): *Gran Enciclopedia Gallega.* Os díxitos indican o tomo e o número de páxina. Edición de Silverio Cañada.

GILBER: GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel (1992): *O Liño* Vigo: Ir Indo, 1992.

GLOSARIO: GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe. Verba, anexo 27*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

GOLPE: GOLPE, Salvador ("Pedro de Merille") (1906) (1994)): *Refraneiro agrícola-meteorolóxico.* La Coruña, Tip. "Tierra Gallega", 1906. Reedición facsímile da Asociación Cultural Eira Vella, Betanzos, 1994.

GONPE: González Pérez, Clodio (1993): *Refraneiro do mar* Sada: Edicións do Castro.

LEIRO1: LEIRO LOIS, Adela (dir.) (1986): *Cambados: a tradición oral*. Colexio Público Castrelo. Cambados.

LEIRO2: LEIRO, Adela e DAPORTA PADÍN, Xosé Ramón (1998): *O porco.* Promocións Culturais Galegas, Vigo.

LEIRO4: LEIRO, ADELA E DAPORTA PADÍN, Xosé Ramón (1999): *A galiña.* Promocións Culturais Galegas, Vigo.

LEMABOU: LEMA BOUZA, Lino (1993): *Ditos e cantigas mariñeiras.* Museo do Pobo Galego e outras entidades. Santiago.

LOPTA1: LÓPEZ TABOADA, Carme (1995): *Do falar e do escribir*. A Coruña: Fontel Edicións.

MACHAAL: MACHADO Y ÁLVAREZ, Antonio (1884): "Calendario popular gallego", Biblioteca de las tradiciones populares españolas IV; 15-23.

MAREVA: MAREVA, Xepe (1999): *Refráns galegos por orden alfabético.* Follato nº1. Palas de Rei: Edicións Lakinfil.

MARTÍNS SEIXO, Ramón Anxo (2013): "'Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe'. Unha aproximación aos campos semánticos da comida e da bebida na fraseoloxía galega", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 463-486.

MOKIENKO, V. (1980-2000): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusa.* (1ª ed. rusa 1980. Trad. Galega 2000). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MOKIENKO, V. (1986-2000): *As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos dobre fraseoloxía* (1ª ed. rusa 1986. Trad. Galega 2000). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MOREI1: MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home.* Lugo: Edición do autor. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

MOREI2: MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978): *Os mil e un refráns galegos da muller.* Lugo: Editorial Alvarellos. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

MURGUIA2: MURGUÍA, Manuel (1923) (2003): *Refranes de asuntos gallegos de la colecion del comendador Fernan Nuñez*. Fichas manuscritas de Manuel Murguía que conteñen tamén outros refráns que Murguía di seren do P. Sobreira]. Editado

[58] Figura como información anónima pero hoxe sabemos que esa sección achegouna sempre Antonio Fraguas Fraguias.

por VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía", *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4; 117-128.

NORI5: NORIEGA VARELA LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1935): "Sabiduría popular", *Galicia en Madrid* 37, 09; 38, 10, 40, 12, 41,10. Os díxitos que seguen NORI5 indican número da revista, ano e páxina.

PÉREZ BALLESTEROS, José (1885) (1886): *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña.* Biblioteca de Tradiones Populares I (1885), II (1886), III (1886). (Tomo VII de El Folklore Español dirigido por Antonio Machado y Álvarez). 3 vol. Extramuros: Mairena del Aljarafe (Sevilla) Reedición Facsímil (dir. por Xesús Alonso Montero (1979)). Madrid: Akal Editor. O primeiro díxito indica o volumen e os outros tres a páxina.

PERZPLA1: PÉREZ PLACER, Heraclio (1998): *Contos da terriña*. Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro de Investigación en Humanidades. 293-422.

PIÑE3: PIÑEIRO ARES, José (1963): "Ca sardiña a voltas". *La Noche*.

RABA-GEG000: RÁBADE PAREDES, Xesús: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes, a páxina.

RAJO: RAJO LÓPEZ, M (1977): *Refráns e ditos galegos II.* Monforte de Lemos: Imprime Gráficas Fraga.

REGUEPAR: REGUERA Y PARDIÑAS, Eugenio (?) (1995): "Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858)". *Cadernos de Lingua*, Anexo 2.

RISCO-18: RISCO, Vicente (2012): *Refráns de Lobeira*. Colección de refráns que editará Xosé Mª Gómez Clemente. Fundación Vicente Risco. O número trala sigla indica o número que no manuscrito leva o refrán. Por veces o refrán está no manuscrito "Ditos de Lobeira", a sigla é RISCO-LOB-d.

RISCO-N: RISCO, Vicente: *T*raballos varios na revista NÓS. *Nós*. Os dous (ou tres) primeiros díxitos indican o número; os tres últimos, a páxina.

RODGO1000: (1958): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Tomo I. Vigo: Galaxia, XXIV, 733 pp. As citas seguen a edición, ortograficamente actualizada e tematicamente organizada de FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego Básico*. Vigo: Galaxia; 612 pp.

RODGO2000: (1960): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Tomo II. Vigo: Galaxia, 666pp. As citas seguen a edición, ortograficamente actualizada e tematicamente organizada de FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego Básico*. Vigo: Galaxia; 612 pp.

RODGO3000: (1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Tomo III Vigo: Galaxia, 653 pp. As citas seguen a edición, ortograficamente actualizada e tematicamente organizada de FERRO RUIBAL, Xesús (1987): *Refraneiro galego Básico*. Vigo: Galaxia; 612 pp.

RODLO1: RODRÍGUEZ LÓPEZ, X. (1897, 1899, 1997): *A cruz de salgueiro.* Follas Novas, La Habana 1897. Imp. de "El Regional", Lugo 1899. Reedición do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades 1997. Citamos polas páxinas e texto desta reedición.

SACO1: SACO Y ARCE LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1868) (1967): *Gramática Gallega.* Imprenta de Soto y Freire, Lugo 1868; 263-282. (Reedición de Gráficas Tanco, Orense 1967; refráns nas páxinas 215-232).

SACO2: SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881) (1987): *Literatura Popular de Galicia.* Servicio de Publicacións, Diputación Provincial de Ourense, Vigo 1987. Esta edición corresponde ó manuscrito que se estaba imprimindo en 1881 cando o autor morreu.

SOBREIRA: (1792-1797) SOBREIRA, Fr. Juan (1979): *Papeletas de un Diccionario Gallego* I. Texto. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Orense 1979.

TABOA2: TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de Fraseoloxía* 2. Os tres últimos díxitos indican a páxina.

TABOA4: TABOADA, Jesús (1949): "Folklore astronómico y meteorológico de la comarca de Monterrey". *Revista de Dialectología y Tradiciones populares*, V; 110-139.Os tres últimos díxitos indican a páxina.

VAL VAL, Xosé[59]. Cura de Vilar de Ortelle (2012): *Díxoo ou predicouno? Ditos populares.* Lugo: Edición de Xosé Val, Cura de Vilar de Ortelle; 447 páxs. (DL. PO 597-2012.

VALLA6: VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884, 1887, 1970): *Cantigueiro Popular***.** Edición parcial do *Cantigueiro Popular* de 1867 e dun *Novo apéndice ô Cantigueiro Popular* de 1887 e mailas cantigas recollidas no Ribeiro na vendima de 1884. Publicacións da Real Academia Gallega, A Cruña 1970. Cito polo número de páxina.

VALLA7: VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego - Castellano* Santiago: Imprenta del Seminario Conciliar Central.

VARET VARELA TOBÍO, Mª del Carmen: Entradas varias na *Gran Enciclopedia Gallega*. Os dous primeiros díxitos indican o tomo e os tres seguintes a páxina.

VAZSACO1: VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral (Cadernos de Fraseoloxía Galega), Cadernos de Fraseoloxía* 5. Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal (director) e Mª Carmen Paz Roca. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Santiago de Compostela.

VAZSACO3: PAZ ROCA, Mª Carmen e VIDAL CASTIÑEIRA, Ana: Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco VÁZQUEZ SACO, Francisco (2007): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco", *Cadernos de Fraseoloxía*

[59] Xosé Val Val, Cura de Vilar de Ortelle, no concello de Pantón (Lugo), foi un dos máis intensos colectores de fraseoloxía e paremioloxía galega (pero tamén de cantigas e alcumes) no cambio de milenio da provincia de Lugo, emulando así a Francisco Vázquez Saco, do que posiblemente fora alumno no Seminario. Na súa parroquia animou a creación da Asociación Xuvenil "OS ESTRALOXOS" que reuniu no último decenio do século XX un amplo repertorio de cantigas populares, ditos, refráns e alcumes na súa parroquia e que tivo dúas autoedicións progresivas pero co mesmo título: ASOCIACIÓN XUVENIL OS ESTRALOXOS (2003): *Cantigas, ditos, alcumes... da Ribeira Sacra*. Pantón; 509 páxs e outra no 2005 co mesmo título e xa de 832 páxs. Finalmente e, dous anos antes de morrer, Xosé Val fixo unha nova escolma fraseolóxica revisada e enriquecida, á que a dobre revisión anónima desta revista encontrou aínda pequenas chatas que el xa non tiña saúde para incorporar e decidiu autoeditala: VAL VAL, Xosé (2012): *Díxoo ou predicouno? Ditos populares*. Pantón; 447 páxs. en edición do autor e doutro compañeiro de sacerdocio Anxo Vega González. O autor morreu o 29.9.2014. A cantidade de unidades que nese libro aparecen (5.189 fraseoloxismos e 372 paremias) ou que só nel aparecen ou que só elas explican outras unidades enigmáticas faime dubidar de que a severidade formal con que os estándares priman sobre a orixinalidade sexa tan útil como se di. Hai unha pequena recensión en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 16, 2014, 501-506.

*Galega* 9; 247-293. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela. Os cinco díxitos indican o número do refrán nesa edición.

VIÑO: Anónimo (1958): *Cantigas do viño.* Vigo: Castrelos, MCMLVIII.

VIÑO: Anónimo [ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xose M.] (1968): *Refraneiro do viño.* Vigo: Ed. Castrelos, MCMLXVIII. Véxase nota 6 deste artigo.

XERAIS2: ARES VÁZQUEZ, Mª Carme e outros (1990): *Diccionario Xerais Castelán Galego de uso, frases e sinónimos.* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990.

### 18.2. Bibliografía secundaria

ACUÑA, Ana (2002): "Relaciones entre distintos géneros de literatura popular: el caso de la cepa torta" en *I Congreso Internacional 'Sociedades y Culturas: abriendo caminos'*. Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular: Universidad de Sevilla. ARRIAGA FLÓREZ, Mercedes et al. (eds.) (2004): *Sociedades y culturas: Nuevas formas de aproximación literaria y cultural*. ArCiBel: Sevilla. 15 p. [http://193.147.33.53/selicup/images/stories/actassevilla/comunicaciones/ACUNA.pdf] [10.6.2015].

AMADO CARBALLO, Luis (1999): *Homes do país: os galegos pintados por si mesmos*. Edición de Ricardo Polín. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

AVIGNON, Juan de (1384) (1545): *Seuillana medicina que trata el modo co[n]seruatiuo y curatiuo de los q[ue] abita[n] en la muy insigne ciudad de Seuilla, la q[ua]l sirue y ap[ro]uecha p[ar]a q[ua]lquier otro lugar destos reynos*. En casa de Andres d' Burgos: Sevilla; 135. [http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000090346&page=; cf. fol. Lxr).1]. // A primeira data (1384) é a da redacción final da obra e a segunda (1545) é a da edición póstuma preparada polo médico humanista Nicolás Monardes.

BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (2010): *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*. Santiago de Compostela. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 1.637.

CANTERA ORTIZ DE URBINA, Jesús (1999): "*Vinum laetificat cor hominis*. El vino en el refranero español, francés y gallego" en *Paremia* 8; 103-112.

(2000): "Más consideraciones acerca del vino en el refranero" en *Paremia* 9; 25-34.

CARDOSO, A. (2018). "Vinho Verde – um "vinho diferente" para a Europa e para o mundo", *The overarching issues of the european space - preparing the new decade for key socio-economic and environmental challenges*. Porto: Fac. Letras Univ. Porto; 234 -246.

CASAL PORTO, Xosé (2000): "A viaxe dunha pipa de viño do ribeiro de Moraña a Rosario no ano 1891", *A Taboada. Revista das Asociacións Culturais A Cabana e O Meigallo*. Ano 1, n. 2; 7-24.

CASARES, Antonio (1843): *Observaciones sobre el cultivo de la vid en Galicia por D. Antonio Casares, catedrático de Química i de Historia natural i sócio de varias corporaciones*. Santiago: Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel.

CASTRO, Xavier (2006): *A la sombra ejemplar de los parrales. Cultura del vino en Galicia y otros espacios peninsulares.* Prólogo de Guillermo Campos. Gijón: Trea; 399 pp.

(2010): *Yantares gallegos. Historia de la dieta atlántica.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico; 289 pp.

(2017): "Adegueiro por amor á terra: [entrevista a] José María Fonseca Moretón" en *Tempos novos*. *Revista mensual de información e opinión para o debate*. 243, ago. 2017; 40-45.

(2020): *Tostado. El vino noble de Galicia*. Acuarela Comunicación: Moaña; 168 páxs. Pódese tamén ver un breve resumo xornalístico da man do propio autor en [https://www.diariodepontevedra.es/blog/xavier-castro/tostado-vino-noble-Galicia/202010032006441106433.html].

CID BABARRO, Aníbal (2007): *O oficio de toneleiro*. *Rescatando un anaco da nosa cultura. Traballo ganador do Certame 2007;* 19 pp. http://www.almanaqueagricola.com/numeros/2008/2008.02_o_oficio_de_toneleiro.pdf.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2008): "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la época moderna", *Obradoiro de historia moderna* 17; 325-352.

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ Frutos (2008): *Unidades de medida tradicionais: interese histórico e didáctico. Cautelas IES nº 1 de O Carballiño* [http://www.enciga.org/files/boletins/66/Fernandez_Gonzalez_Frutos_As_unidades_de_medida_nas_investigacions_historicas.pdf].

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1989): "Do viño e os peregrinos de Compostela", *Quinto Adral* 66; 261-264.

(1990) "Dos toneleiros" en *La Voz de Galicia* (4.6.1989). Reproducido en *Adral VI* 1990; 214-219.

GARCÍA-SABELL, Domingo (1963): "Notas sobre a fame galega" en *Ensaios I*. Vigo: Galaxia. Este ensaio reaparece incluído en 1991 en *Análise existencial do home galego enfermo e outros ensaios.* Vigo: Ed. Galaxia.

GARCÍA TATO, Isidro (2019): "O viño na Idade Media na actual D.O. Valdeorras". Conferencia na Biblioteca Municipal do Barco de Valdeorras (29.11.2019) (Ciclo divulgativo sobre a cultura do viño. Museo do Viño de Galicia. Biblioteca Municipal. O Barco de Valdeorras, 26 de enero de 2013).

GARCÍA TATO, Isidro e SUÁREZ PIÑEIRO, Ana María (eds.) (2005): *Actas de la Cultura del Vino. Primer Congreso Peninsular. O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"; 373 pp.

GELABERT GONZÁLEZ, Juan Eloy (1976): *Problemas de comercialización de los vinos de Ribero de Avia en los siglos XVII y XVIII*. Santiago: Colegio Franciscano; 19 pp. Separata de *Santiago de Compostela: la ciudad, las instituciones, el hombre*; 151-169.

GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (2008): "La arrieria en el comercio de la Galicia suroccidental según el Catastro de Ensenada", *Obradoiro de Historia Moderna* 17; 353-372.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. (2001): "O Ciclo do viño: O Ribeiro, etnoloxía da vide e do viño" en SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé C. (coord.) (2001): *O Ribeiro: o viño da cultura, a cultura do viño*. [Galicia]: Mirabel; 273-305.

LÓPEZ-VIZCAÍNO RUBIO, Mª Paz (2008): *Unidades de medida tradicionais de Galicia*. [https://www.edu.xunta.gal/centros/iesriocabe/system/files/u1/Matematicas/medidas%20tradicionais%20galegas.pdf].

LORENZO, RAMÓN (2019): *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*. Coa colaboración de Maka Pérez. Gallaeciae Monumenta Historica. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. [Un CD contén a edición dixital dos 1880 documentos dende 1124 ata a mediados do s.XVI].

MARTÍNEZ PLASENCIA, Mercedes e SÁNCHEZ CORA, Teresa (2002): *Ponte Caldelas. Memoria escrita dun pobo. 1500-1936.* Tomo 1: *A Xurisdicción de Caldebergazo, o Partido xudicial*. Pontevedra; 601 pp. Tomo 2: *O Concello constitucional*. V. 3: Obras públicas. Vol. 4: *A Vila de Ponte Caldelas, configuración, desenvolvemento urbanístico*; 860 pp. V. 5: *A Freguesía de Santa Baia de Ponte Caldelas. A freguesía de Santa María de Caritel*; 914 páxs. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicaciones.

MORENO TORAL Esteban e RAMOS CARRILLO, Antonio (2012): "Estudio de los vinos medicinales del tratado Sevillana Medicina de Juan de Avignon (siglo XIV)" en *Homenaje al Prof. Dr. José Luis Valverde*. Universidad de Sevilla; 327-338.

MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Luz (2015): *O Tumbo das viñas de Ribadavia. Estudo histórico e lingüístico.* Tese de doutoramento dirixida por Ramón Lorenzo Vázquez e por Ana Isabel Boullón Agrelo. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Filoloxía Galega. Facultade de Filoloxía. [http://hdl.handle.net/10347/14597].

OLEA-1 (1536) (1947): FILGUEIRA VALVERDE, José (1947): "El primer vocabulario gallego y su colector, el Bachiller Olea (c. 1536), *Cuadernos de Estudios Gallegos* II, fasc. VIII, 591-608. Reedición en *Sétimo Adral* (1992) 3; 34-48.

OLEA-2 (1536) [2003]: *Bachiller Olea, Vocábulos gallegos escuros: lo que quieran dezir*. Edición y estudio por José Luis Pensado; revisado, completado y dispuesto para la imprenta por Dieter Messner, *Cadernos de lingua*. Anexo 7. A Coruña. Real Academia Galega.

OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1964): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugés", *Cuadernos de Estudios Gallegos* LVIII; 143-160.

PEREIRA FERNÁNDEZ, José Manuel (2000): "Pontevedra y el mar en tiempos de Carlos I. Algunos aspectos del acontecer cotidiano. Universidad de Santiago de Compostela" en *XIX Jornadas de Historia Marítima 1999. Hombres y armadas en el reinado de Carlos I: ciclo de conferencias, octubre de 1999*. Madrid: Instituto de Historia y Cultura Naval; pp. 29-51. [http://www.armada.mde.es/archivo/mardigitalrevistas/cuadernosihcn/34cuaderno/02cap.pdf].

PÉREZ DE CASTRO, J.L. (1973): "Pesos y medidas populares en Asturias" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXIX, 1973, Cuad. 1º y 2º; 179-233.

POSADA, Xosé (1979): *Os viños de Galicia*. Vigo: Galaxia.

PRADO, Jacinto del (1906-1907): "Máximas y refranes gallegos ordenados y coleccionados por Jacinto del Prado" en *La Defensa.* Lalín: Imprenta de "La Defensa", 1-9-1906 a 8-6-1907. Os números que seguen a sigla 'PRADO7' indican a páxina do refraneiro.

REINOSO, Victoriano e SUÁREZ CANAL, Xosé Luís (1993): *O Viño. El Vino / Wine.* Ir Indo: Vigo; 255 pp.

RODRÍGUEZ CAMPOMANES, Pedro (1764) (1973): "Informe original del conde de Campomanes sobre la emigración a Portugal de los habitantes de Galicia y el papel que el marqués de Croix escribió en diciembre de 1764 con dicho motivo", *Grial* 42; 422-429.

RODRÍGUEZ PARADA, Raquel (2011): "Onomástica das adegas, viños e licores da D.O. Monterrei e da súa comarca" en *Cadernos de Lingua* 33, 2011; 85-118.

(2020): "A etiqueta que viste o viño. Achega ó nome das adegas viños e licores da D.O. Ribeiro" en *V Xornada de Onomástica Galega*. Real Academia Galega-Deputación Provincial: Pontevedra. [https://www.youtube.com/watch?v=aXtHK1MCJa0&list=PL2zWGrwz62bZNvhgTLBx8TYkA0dxbgD6W&index=2].

ROLAND, Eduardo (2017): "José Rodríguez: o matemático galego que definiu o metro" [https://www.gciencia.com/historias-gc/jose-rodriguez-matematico-galego-metro/].

ROMERO MASIÁ, Ana e POSE MESURA, Xosé Manuel (1988): *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Padroado do Museu Arqueolóxico Provincial;166 pp.

RUBIO PÉREZ, Laureano M (1995): *Arrieros maragatos. Poder, negocio, linaje y familia, siglos XVI-XIX*. León: Fundación Hullera Vasco-Leonesa; 173 pp.

SAAVEDRA, Pegerto (1992): *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico. 235 pp.

(2001): "Idade moderna. O Ribeiro, historia" en SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé C. (coord.) (2001): *O Ribeiro: o viño da cultura, a cultura do viño*. [Galicia]: Mirabel; 113-151.

SARMIENTO, Martín (1754 - 1758): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. Edición de J. L. Pensado Tomé. Salamanca: Universidad de Salamanca.

SIERRA RODRÍGUEZ, Xosé C. (coord.) (2001): *O Ribeiro: o viño da cultura, a cultura do viño*. [Galicia]: Mirabel; 535 pp.

VÁZQUEZ BERTOMEU, Mercedes (2005): "Fuentes para el estudio de la vid y el vino en la Galicia bajomedieval" en GARCÍA TATO, Isidro e SUÁREZ PIÑEIRO, Ana María (eds.) (2005): *Actas de la Cultura del Vino. Primer Congreso Peninsular. O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002.* Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento"; 157-182.

# Rimbaud e Apollinaire nas recreacións poéticas bielorrusas: particularidades do tratamento fraseoestilístico[1] [2]

## *Rimbaud and Apollinaire in Belarusian poetic recreations: distinctive features of phraseo-stylistic treatment*

Yauheniya Yakubovich
Universitat de València
yauheniya.yakubovich@uv.es

Resumo: Certas peculiaridades da linguaxe dos textos artísticos son difíciles de transmitir na tradución, aínda que se trate das características dominantes do estilo dun poeta. Isto é especialmente certo cando nos enfrontamos a estilos tan innovadores dende o punto de vista lingüístico como os de Rimbaud ou Apollinaire. Ao traducir os seus textos ao idioma bielorruso, o tradutor leva a cabo simultaneamente dúas tarefas: a de tradución propiamente dita e a de afirmar e actualizar o seu propio idioma. Neste artigo, ofrecemos unha análise comparativa dalgunhas características da combinatoria léxica da poesía de Rimbaud e de Apollinaire e as súas traducións ao bielorruso. Como metodoloxía de análise lingüística utilizamos basicamente o aparato formal da Lexicoloxía explicativa e combinatoria. Ademais da análise lingüística de orixinais e traducións, como introdución e para unha comprensión da esencia do problema do estudo, presentamos ao lector a situación sociolingüística e histórica de Belarús.

Palabras clave: Rimbaud, Apollinaire, lingua bielorrusa, anomalía lingüística, deslexicalización.

*Abstract: Certain peculiarities of the language of artistic texts are difficult to transmit in translation, even if they are the dominant characteristics of a poet's style. This is especially true when we face such innovative styles (from the linguistic point of view) as those of Rimbaud or Apollinaire. When translating their texts into Belarusian, the translator simultaneously performs two tasks: that of the translation itself and that of affirming and actualizing its own language. In this article, we offer a comparative analysis of some characteristics of the lexical combinatory in the Rimbaud's and Apollinaire's poetry and their translations into Belarusian. As a linguistic analysis methodology we*

[1] Data de recepción: 05.08.2019. Data de aceptación: 28.10.2019.
Tradución feita por Sara Villar Aira.

[2] É moi grato para min agradecer calorosamente a Xavier Blanco a súa atenta lectura deste texto e as útiles correccións e suxerencias que me aportou. Naturalmente, considérome a única responsible dos erros e inexactitudes que puideran subsistir no texto.

*basically use the formal apparatus of Explanatory and Combinatorial Lexicology. In addition to the linguistic analysis of originals and translations, as an introduction and for a better understanding of the essence of the problem of our study, we present to the reader the sociolinguistic and historical situation of Belarus.*

*Keywords: Rimbaud, Apollinaire, Belarusian language, linguistic anomaly, defrozeness.*

## 1. Introdución

A tradución segue sendo, ademais dunha das máis poderosas ferramentas hermenéuticas, un recurso de excepción para achegar unhas culturas a outras no espazo e no tempo: culturas que gozaron de gran difusión e prestixio internacional con culturas emerxentes e aínda pouco coñecidas; culturas de linguas practicadas en enormes extensións e múltiples zonas xeográficas con culturas de linguas concentradas en pequenas áreas. Unha grande calidade no orixinal esixirá manter esa mesma altura na tradución. Se o que se pretende, ademais, é lograr unha tradución excelente, deberase tamén proceder a verter con éxito as marcas diatópicas, diastráticas e incluso diacrónicas da lingua de partida na lingua de chegada.

Cando na nova literatura bielorrusa (coa súa linguaxe fresca e flexible, pero humillada polo seu pretendido estatus "rústico" e contaminada aínda polas reminiscencias de vellos clixés do realismo socialista) penetran grandes textos da literatura francesa (opulenta, antiga, prestixiosa, unha literatura que produciu obras que rozan a perfección), prodúcese unha simbiose que contribúe a encher os baleiros discursivos da nova tradución bielorrusa, a pulir o seu estilo e a formar un novo canon.

De feito, a elección dos autores para este estudo sobre a confluencia de dúas literaturas tan distantes non foi accidental. Tanto Rimbaud como Apollinaire, alimentados polo pulcro e brillante *background* literario francés, van máis alá dos seus límites, achaian o camiño a unha nova visión da poesía e rompen as barreiras que o *bon usage* e incluso o *bel usage* impoñerían a espíritos menos libres. Neste artigo, trataremos de amosar como a fraseoloxía e a combinatoria léxica son as primeiras trincheiras na loita da innovación contra a norma.

Presentaremos, pois, a continuación, unha análise lingüística comparada da compoñente fraseolóxica e combinatoria dalgúns poemas destacados de Rimbaud e Apollinaire e as súas traducións ao bielorruso. Dende o punto de vista metodolóxico, apoiarémonos principalmente no aparato teórico e terminolóxico da Lexicoloxía explicativa e combinatoria (Mel'čuk 2003, 2013; Mel'čuk e Polguère 2007; Blanco 2010). Ademais, dado que o obxecto da nosa investigación é a relación entre un orixinal e a súa tradución, recorreremos a algúns dos grandes clásicos do ámbito da teoría e a práctica da tradución (Vinay e Darbelnet 1977, Etkind 1982).

Antes de pasar directamente á análise dos textos, consideramos necesario presentarlle brevemente ao lector o contexto histórico e cultural da lingua de chegada.

## 2. Premisas históricas e sociolingüísticas da situación literaria na Belarús actual[3]

Antes que nada, quixeramos subliñar que o nome do noso país na tradición romanofalante, *Bielorrusia* (*Biélorrusie* en francés), aínda que de uso estendido, é inadecuado e anacrónico. *Bielorrusia* corresponde, en puridade, unicamente á denominación da antiga República Soviética (*República Socialista Soviética de Bielorrusia*), que xa non existe. O topónimo oficial do actual estado bieolorruso, e tamén o que respecta a tradición histórica e etimolóxica, é *Belarús*, e así aparece denominado este estado na nomenclatura oficial da ONU.

Belarús é, para moitos cidadáns europeos, unha zona descoñecida do seu propio continente. A miúdo considérase, en parte debido á paronomasia dos seus topónimos, unha rexión de Rusia que obtivo a independencia, por razóns pouco coñecidas, durante o colapso da URSS. Adóitase ignorar que Belarús, antes de converterse nunha república soviética en 1919, declararase independente do Imperio ruso (en 1918), do cal formou parte durante pouco máis dun século.

A que estado, pois, senón a Rusia, pertencía o territorio que hoxe se denomina Belarús? Durante unha gran parte da Idade Media (séculos IX-XIV), o territorio da actual Belarús formaba parte da Rus de Kiev, un estado eslavo oriental que englobaba tamén os principados da actual Ucrania de hoxe e a Rusia Europea. O topónimo *Rus* (*Rutenia* na súa forma latinizada) relaciónase semanticamente coa fe ortodoxa e co patrimonio cultural de Bizancio (Zaprudnik 1993: 1-2) e non define unha poboación uniforme dende o punto de vista étnico. É esta raíz *-rus* (de *Rus* de Kiev, non de *Rusia*) a que aparece no topónimo *Belarús.*

A partir do século XIII e ata finais do século XVIII, os territorios bielorrusos estaban integrados nunha das maiores formacións estatais europeas: o *Gran Ducado de Lituania, Rutenia e Samogitia* (coñecido, de forma máis sucinta, como *Gran Ducado de Lituania*), que se aliou estreitamente co Reino de Polonia en 1569, creando a República das Dúas Nacións (en polaco: *Rzeczpospolita*).

A lingua de chancelaría do Gran Ducado e, polo tanto, a lingua oficial de dito estado era o antiguo bielorruso, que tiña as súas raíces (como o ucraíno e o ruso) na lingua escrita eslava oriental. No antigo bielorruso, pois, redactáronse os Estatudos do Ducado de 1529, 1566 e 1588; e na devandita lingua, o erudito Francysk Skaryna (aprox. 1490-aprox. 1552), doutor en medicina e gran personalidade do Renacemento, publicou a súa tradución da Biblia entre 1517 e 1519.

Na República das Dúas Nacións, o antigo bielorruso perdeu progresivamente a súa posición de prestixio ata ser reemplazado polo polaco en 1696 (Грыцкевіч 2000). Despois das sucesivas particións da República das Dúas Nacións (1772, 1793 e 1795), Belarús,

[3] Baseámonos, neste apartado, no noso propio estudo sobre o marco histórico de Belarús e sobre algúns autores bielorrusos modernos (Yakubovich 2016: 430-439).

como tamén unha parte de Polonia, foi anexionada por Rusia, que prohibiu o uso escrito da lingua bielorrusa.

Tendo perdido o contacto coa súa antiga e prestixiosa tradición escrita, o bielorruso evolucionou de maneira basicamente oral, especialmente no medio rural e entre a pequena burguesía. Xa na segunda metade do século XIX, a pesar das condicións francamente desfavorables, unha nova tradición literaria e lingüística comezou a tomar forma grazas ao esforzo de autores pioneiros, como Vincent Dunin-Martsinkievich (1807-1884) ou Frantsishak Bahushevich (1840-1900), entre outros.

O período de renacemento nacional (político, lingüístico e cultural) iniciouse un pouco máis tarde, a principios do século XX. Entre 1906 e 1915, publicouse un xornal bielorruso, *Nasha Niva* (*O Noso Campo*), que cultivaba a conciencia nacional e, con ela, unha nova tradición literaria. Nas páxinas deste xornal (que rexurdiu na década de 1990 nun novo formato, que se mantivo ata a actualidade) propúxose un novo estándar lingüístico e publicáronse obras dos principais autores da literatura bielorrusa clásica, como Yanka Kupala (1882-1942), Yakúb Kolas (1882-1956), Tsiotka (1876-1926), Maksim Bajdanovich (1891-1917) ou Vatslaw Lastowski (1883-1938).

Algúns destes clásicos foron tamén tradutores. Poetas como Ovidio, Heine, Schiller, Verhaeren e Verlaine "falaron" por primeira vez en bielorruso grazas ao talento poético de Maksim Bajdanovich, o cal, sen renunciar ao seu marcado carácter nacional, soubo sacar pleno partido de *l'épreuve de l'étranger* (Berman) e acabou integrando na súa propia obra o estetismo, os motivos e as formas métricas da poesía europea.

Por outro lado, xa en 1918, estableceuse o estándar da lingua bielorrusa moderna, coa publicación da *Gramática para as escolas* de Branislaw Tarashkievich (1892-1938), que traducira ao bielorruso a *Ilíada* de Homero e *Pan Tadeusz* de Adam Mickiewicz.

O 25 de marzo dese mesmo ano, a República Popular de Belarús proclamou a súa independencia. Non obstante, os bolcheviques apoderáronse rapidamente do poder e declararon, en 1919, a República Socialista Soviética de Bielorrusia. A parte occidental de dito territorio converteuse, dende 1921 ata 1939, nunha rexión de Polonia.

Os anos vinte na Bielorrusia soviética, como en boa parte de Europa, foron un período dunha relativa liberdade de opinións e iniciativas, así como de innovacións culturais: o ser humano trataba de construír un novo mundo, máis xusto, que non acabou de facerse realidade...

En Bielorrusia, durante este período, entrou en vigor a política de *bielorrusización*, que tivo un grande éxito. A lingua bielorrusa introduciuse en todas as esferas da vida social. No ámbito literario, había unha grande actividade, apareceron asociacións literarias como *Maladniak* (*Verdugal*) e *Uzvyshsha* (*Altura*), que publicaron revistas homónimas. A literatura bielorrusa coñeceu un novo período de esplendor coa aparición de numerosos autores dun novo estilo modernista. Por desgraza, as voces de moitos deles apagaríanse para sempre durante os sanguentos anos trinta.

Entre estes autores, cabería destacar a Uladzímir Zhylka (1900-1933), experto en poesía europea e tradutor de Mickiewicz, Ibsen e Baudelaire, así como a un poeta innovador, Uladzímir Dubowka (1900-1976), que recreou en bielorruso algúns sonetos de Shakespeare e poemas de autores orientais. En 1927 publicouse a primeira antoloxía de traducións, o poemario *Flores de campos estranxeiros* de Yurka Hawrúk, que incluía, entre outras, traducións de Petrarca, Schiller, Shelley, Biron, Heine, Longfellow, Baudelaire (Скобла 2008: 14).

Os anos trinta, e os cincuenta anos de chumbo do réxime soviético, deron en terra co optimismo e as ilusións da década dos 20. Os crimes masivos do período estalinista truncaron unha cantidade enorme de vidas e destruíron os destinos de millóns de persoas inocentes pertencentes a clases sociais moi distintas (incluíndo as clases populares e, especialmente, o campesiñado). En Bielorrusia, o NKVD (órgano de policía política da URSS) exterminou o 90% de intelectuais, o "sal da terra" da nova nación bielorrusa que aínda non se recuperou plenamente deste golpe.

Non só se perseguiu as persoas, tamén se tratou de someter a lingua. En 1933, impúxose unha peculiar reforma da ortografía do idioma bielorruso, que tiña como obxectivo asimilalo ao máximo á lingua rusa. Tratouse dunha verdadeira nova codificación (despois da do 1918) da lingua bielorrusa moderna, xa que a reforma estalinista afectou en profundidade non só á ortografía, senón tamén á morfoloxía e á sintaxe. Aínda hoxe, existen dúas normas rivais para a lingua bielorrusa: a primeira, a de 1918, considérase máis auténtica, mentres que a segunda, a oficial, está máis difundida e é, na práctica, de uso xeral. Afortunadamente, obsérvase na actualidade unha certa tendencia a combinar ambas normas, aínda que non se produce unha fusión completa. Todo parece indicar que as diferenzas ortográficas son as máis difíciles de salvar.

Volvendo á historia da Bielorrusia soviética, cabe mencionar que, en setembro de 1939, a Belarús occidental (que anteriormente pertencera a Polonia), foi anexionada polo estado soviético, que levou a cabo unha intensa represión. De 1941 a 1945, a Segunda Guerra Mundial acabou coa vida de 2,2 millóns de bielorrusos, é dicir, dun terzo da poboación bielorrusa. Tratándose dun territorio fronteirizo, non houbo en Bielorrusia recuncho algún que non se vira afectado pola morte e a devastación: incendiáronse centos de aldeas e as cidades foron arrasadas por completo.

Tras a guerra, e a pesar de tantas perdas, a represión estalinista non só non se atenuou, senón que caeu con maior forza sobre os superviventes e, ata a morte do tirano en 1953, o seu terror perdurou, cubrindo para sempre de infamia tanto a época soviética como o estado comunista.

En canto ás condicións sociolingüísticas nos anos de posguerra e ata os anos 80, estaban ditadas polas necesidades do imperio colonial que era, *de facto*, a centralizada e centralizadora Unión Soviética, que impoñía a asimilación de toda cultura considerada minoritaria. O idioma bielorruso foi practicamente expulsado do sistema educativo, con certas excepcións en escolas rurais. Como afirma Sudnik (Суднік 2000), a superioridade social da cidade sobre a aldea quedou reflectida na superioridade do ruso sobre o bielorruso.

A este último asignóuselle un papel meramente folclórico, rexional, e reforzouse e fixouse a imaxe dun falar "campesiño", que existía dende a época zarista.

A pesar da política de asimilación, o réxime tamén contribuía en certo grao ao desenvolvemento das literaturas "locais". A literatura bielorrusa, a pesar do estatus secundario que se lle impuxo e, a miúdo, contra os clixés da doutrina do realismo socialista, evolucionou e enriqueceuse con nomes como Larysa Héniyuch (1910-1983), Maksim Tank (1912-1995), Yanka Bryl (1917-2006), Uladzímir Karatkievich (1930-1984), Nil Hilevich (1931-2016), Ryhor Baradulin (1935-2014), Vasil Siómuja (1936-2019) e moitos outros. Un destes escritores que se formaron na época soviética foi Vasil Bykaw (1924-2003), universalmente coñecido pola súa obra (traducida a máis de 50 idiomas, incluído o español) que revela a verdade sobre a guerra dende unha perspectiva existencialista e descarnada.

Con todo, ata finais da década dos 70, ningún libro relevante da literatura mundial se traduciu ao bielorruso, excepto, claro está, a literatura que procedía do ámbito soviético (Суднік 2000). De novo, ao réxime convíñalle que os idiomas rexionais só serviran para o diálogo entre as repúblicas da URSS; para a tradución das obras mestras dos autores clásicos mundiais recorríase ao ruso.

A situación mudou a partir dos 70, cando apareceron as colecciónes de poesía *Poesía dos pobos do mundo* e *Poesía dos pobos da URSS* e a revista literaria *Horizontes*. Así, Verlaine, Éluard, Apollinaire, Lorca, Rilke, Vallejo, Szymborska e moitos outros autores do patrimonio occidental fixéronse accesibles ao lector en bielorruso (Скобла 2008: 17). Publicáronse, ademais, antoloxías de poesía dos pobos da URSS e de países estranxeiros con traducións ao bielorruso de escritores franceses, alemáns, polacos, italianos, eslovenos, lituanos, húngaros, xeorxianos etc. En 1975 viu a luz un libro de poemas escollidos de Lorca (traducidos por Ryhor Baradulin) e, un ano máis tarde, unha brillante tradución do *Faust* de Goethe por Vasil Siómuja.

Coa chegada da *perestroika*, as "mordazas" do réxime soviético debilitáronse definitivamente, xa que este chegaba ao seu completo (e moi esperado) colapso, tanto ideolóxico como económico e político. Reconsideráronse moitos acontecementos do pasado que as autoridades ocultaran ou interpretaran segundo a súa doutrina. A autora bielorrusa Svetlana Aleksiévich (que sería galardoada co premio Nobel de literatura en 2015) atreveuse a formular cuestións tabú sobre o trauma da Segunda Guerra Mundial, a guerra de Afganistán ou o desastre de Chernobyl, convertendo estas cuestións nos temas da súa prosa documental.

O espertar nacional dos anos 80-90, acompañado dun vivo interese cara ao patrimonio e o idioma nacionais, parecía irreversible. En 1990, a lingua bielorrusa converteuse legalmente na única lingua oficial da Bielorrusia aínda soviética, mentres que o ruso quedaba destinado a garantir a comunicación coas restantes Repúblicas. Porén, a asimilación lingüística e cultural rusa demostrou ser máis exitosa en Bielorrusia que noutras ex-repúblicas soviéticas, xa que, en 1994, nunha Belarús xa independente, restaurouse o ruso como lingua cooficial. Isto non supuxo, na práctica, a igualdade de

ambas as dúas linguas, senón unha *diglosia* e unha lenta pero inexorable suplantación da lingua bielorrusa en moitas esferas funcionais da vida social (Woolhiser 2001). Os últimos refuxios do falante bielorruso foron a literatura, as artes e, máis tarde, unha área cada vez máis extensa de Internet.

Tras a caída da cortina de aceiro, a literatura bielorrusa sumouse, aínda que con certo retraso, aos procesos que se desenvolveron na literatura occidental veciña. A poesía rock (Liavón Volski e grupos *Mroya* e *NRM*), as tendencias formais e linguocéntricas (Ales Razanaw, Ryhor Baradulin), o posmodernismo (Adam Hlobus, Andréi Khadanovich, Ihar Babków, Viktar Zhybul) e o feminismo (Volha Ipátava, Eva Vezhnaviéts, Dzhetsi) foron sopros de aire fresco para unha literatura bielorrusa construída a base do pouco flexible realismo socialista. Ao mesmo tempo, algúns autores da época soviética, como Ryhor Baradulin, Nil Hilevich, Vasil Bykaw e outros, continuaron gozando de gran prestixio grazas ao seu indiscutible talento literario e, en especial, ao carácter universal dos seus valores.

En canto á literatura traducida, os autores occidentais fluíron no espazo textual da lingua bielorrusa. Por mencionar só algúns, citemos as traducións do *Hamlet* de Shakespeare, do *Tartufo* de Molière e de *Os Bandidos* de Schiller por Ryhor Baradulin; as de Charles d'Orléans, Christine de Pizan e diversos poetas franceses da Pléiade por Nina Matsiásh; as traducións de Verhaeren, Apollinaire, Yeats, Pessoa, Safo por Liavón Barshchewski; as de Baudelaire, Mallarmé, Rimbaud, así como as de poetas polacos como Szymborska, Miłosz, Gałczyński por Andréi Khadanovich; as traducións de Camus, Sartre, Derrida, fragmentos de *Chanson de Roland*, poemas de Villon e du Bellay por Zmitsier Kolas etc. (Yakubovich 2017: 436-439).

Os textos traducidos publicáronse en antoloxías, como a máis completa colección de traducións en bielorruso (57 linguas) baixo a dirección de Mikhás Skobla (2008), *Voces de alén do horizonte,* así como en revistas literarias como *Dzieyaslów* (*Verbo*), *ARCHE*, *Litaraturnaya Bielarús* (*A Belarús Literaria*) ou *PrajdziSviét* (*Trotamundos*), unha revista enteiramente dedicada á tradución.

Na época dos anos 2000-2010, e pese a que xa quedara moi atrás a era soviética co seu adoutrinamento e o seu pasado traumático, a situación sociolingüística non cambiara aínda radicalmente. Na actualidade, os falantes de bielorruso gañaron espazo nun ámbito tan importante como Internet e, tal vez por esta razón, a alarma sobre a inminente desaparición da lingua bielorrusa non soou con forza. Os autores mozos (Nasta Kudásava, Igar Kulików, Viktar Martsinovich etc.) que escollen o bielorruso como a única ou principal lingua de creación inscríbense en novas tendencias literarias, alleas ao posmodernismo e ás súas parodias, nas que poden promover o seu interese pola linguaxe, as raíces e a emoción.

# 3. Estudos de caso: Rimbaud e Apollinaire nas traducións ao bielorruso

## 3.1. Rimbaud na tradición traductolóxica bielorrusa: descrición do corpus

Como indicamos na Introdución, non é fortuíto que escolleramos a Rimbaud e a Apollinaire como suxeitos de estudo. Aínda que distintos, ambos teñen un xeito especial e innovador de traballar tanto a forma como o contido dos seus poemas e constitúen, pois, un desafío para todo tradutor; tamén, por suposto, para o traductor ao bielorruso.

Rimbaud, poeta decadente, experimentador, precursor do surrealismo, non encaixaba en absoluto co canon de beleza elaborado pola crítica literaria soviética. A pesar de todo, non só se traduciu ao ruso, senón tamén ao bielorruso xa durante a era soviética (temos, por exemplo, as traducións de M. Fedzikovich, de Y. Siemiazhón e de R. Baradulin entre outros). No contexto do realismo socialista soviético, toda obra non realista que non imitara a natureza quedaba automaticamente enmarcada dentro do idealismo (e era considerada, polo tanto, oposta ao materialismo canónico). Por riba, considerábase a atención á forma como algo case pecaminoso. Non obstante, dende o punto de vista do marxismo, Rimbaud resultaba aceptable debido á súa simpatía pola Comuna de París de 1871 e polo compromiso social patente nalgúns dos seus poemas. Todo isto podía interpretarse como un certo desprezo da sociedade burguesa, o que convertía a Rimbaud nun poeta verosímil aos ollos da crítica soviética.

Xa na época postsoviética, os tradutores sentíronse atraídos non só por unha certa orientación "antiburguesa" de Rimbaud, senón tamén pola novidade da súa percepción da poesía como *visión*, así como polo tratamento completamente "anticlásico" da linguaxe. Esta rebelión, respecto tanto á norma literaria como á linguaxe poética, foi sentida como moi próxima ao quefacer poético do poeta bielorruso Andréi Khadanovich (n. 1973), profesor de literatura francesa na Universidade Estatal de Belarús, que traduciu moitos poetas franceses, incluíndo a Rimbaud, ao bielorruso. En particular, Khadanovich recreou os textos máis emblemáticos do autor francés, como *Voyelles, Bal des pendus, Ophélie, Le Dormeur du val, Chercheuses des poux,* entre outros, e no 2018, publicounos como poemario na serie literaria *Os poetas do Planeta.*

Un dos textos máis famosos e máis subversivos de Rimbaud é, sen dúbida, *Le Bateau ivre* (1871). Escrito por un poeta adolescente que nunca vira o mar, o poema impresiona pola discrepancia entre unha forma clásica (estamos falando do moi consagrado alexandrino francés) e un contido verdadeiramente psicodélico, ou, segundo Felman (1973: 16), polo contraste "entre un sistema do significante e un sistema do significado".

Cabe sinalar que, para un tradutor bielorruso formado na tradición tradutolóxica eslava, sería completamente inaceptable transferir calquera poema rimado á prosa. Isto significaría renunciar non só á forma, senón tamén á "riqueza do contido da devandita forma" (Etkind 1982: XIV). Polo tanto, incluso un organismo tan complexo como *Le Bateau ivre* (coas súas combinacións léxicas fóra de calquera paradigma e un estilo que pode considerarse un auténtico desafío ao bo gusto cultivado pola literatura clásica francesa) ten que traducirse en rima, custe o que custe, sen esquecer que é preciso, ademais, pasar do sistema silábico francés ao sistema silábico-tónico propio do bielorruso.

A pesar destas dificultades, temos catro traducións deste poema en bielorruso: as traducións de Mikola Fedziukovich e Ryhor Baradulin, realizadas na época soviética, e as recreacións de tradutores contemporáneos, Aléh Minkin e Andréi Khadanovich. Máis adiante, nas nosas observacións, apoiarémonos sobre tres destes textos dispoñibles, os de Fedziukovich, Baradulin e Khadanovich[4].

Máis aínda que *Le Bateau ivre*, a obra máis peculiar de Rimbaud, aquela coa que conseguiu adiantarse ao seu tempo en varias décadas, foi a recompilación dos seus poemas en prosa, as *Illuminations* (redactados entre 1972 e 1975). Os poemas en prosa xa se coñecían como xénero e, na literatura francesa do século XIX, esta forma aparece nas obras de Aloysius Bertrand e Charles Baudelaire, por exemplo. Os poemas en prosa de Rimbaud respectan o ritmo, están organizados en estrofas, pero xa non obedecen a ningún ditado de metro nin de rima.

As *Illuminations* describen visións do poeta mozo ou, máis ben, dos soños enguedellados, densos e ruidosos dun neno que descobre a beleza nas formas máis inesperadas e delirantes. Estas visións están enmarcadas nunha sintaxe irregular e complexa. A linguaxe das *Illuminations* é máis complicada que a linguaxe do *Bateau ivre*, trátase de verdadeiras "palabras en liberdade" que transgreden a lóxica e o significado "antropolóxico" habitual das palabras e das combinacións léxicas. Quedan distorsionados así non só os paradigmas selectivos nos que se basean a combinatoria e a fraseoloxía, senón incluso os paradigmas lóxicos, o que introduce o contrasentido como recurso poético.

No caso das *Illuminations*, podería considerarse que a tradución é, a un tempo, unha verdadeira análise lingüística[5].

### 3.2. Rimbaud e a súa anticombinatoria

Para referirse ao estilo dos textos de Rimbaud mencionados, sería plenamente apropiado usar o termo "anomalía". Calquera tipo de clixé, tanto estilístico como lingüístico, é alleo ao poeta mozo: os *frasemas*, incluso na forma de *colocacións* (Mel'čuk 2013), están practicamente ausentes dos seus poemas; en cambio, abundan as combinacións idiosincráticas.

No seu *Le Bateau ivre*, Rimbaud administra frecuentes "labazadas" ao refinado *gusto* francés e á poesía parnasiana (á que non aforra os seus sarcasmos, aínda que fose no

---

[4] A partir das seguintes publicacións bielorrusas: Para a tradución de Fedziukovich: Скобла, Міхась (ed.) (2008) Галасы з-за небакраю. Анталогія паэзіі свету ў беларускіх перакладах XX стагоддзя. Мінск, Лімарыус, 527-529. Para a tradución de Baradulin: Баршчэўскі, Леанід (ed.) (2006) Беларуская літаратура і свет: выбраныя тэксты для чытання і аналізу. Мінск, Радыёла-Плюс, 110-113. Para a tradución de Khadanovich: Рэмбо, Арцюр (2010) "Мацней за алкаголь, грамчэй ад вашых лір!..". Вершы ў перакладзе Андрэя Хадановіча" en Прайдзісвет 4. URL: http://prajdzisvet.org/text/505-piany-karabiel.html (última consulta: 11/07/2019).

[5] Para os comentarios do presente artigo, empregaremos as nosas propias traducións dos poemas *Aube, Départ, Marine, Phrases, Enfance I, III* y *IV, Being Beauteous, Veillées, Fleurs, Métropolitain et Ponts*, citadas segundo: Рэмбо, Арцюр (2018) "Вершы прозай з кнігі "Азарэнні". Пераклад Яўгеніі Якубовіч en Літаратурная Беларусь 9 (145),16 (10). Citamos os textos orixinais de Rimbaud segundo a edición: RIMBAUD, Arthur (2010) *Œuvres complètes*. Paris, Flammarion.

seu seo onde se formou como poeta). Porén, non será este aspecto da obra poética de Rimbaud o que reterá a nosa atención. Certo é que, en versos como *Qui porte, confiture exquise aux bons poètes, Des lichens de soleil et des morves d'azur*, a proximidade de lexemas pertencentes ao rexistro poético (como *exquise* e *azur*) con lexemas como o técnico *lichens* e o familiar *morves* crea un marcado contraste estilístico. Agora ben, o devandito contraste débese a factores puramente diasistemáticos, non a factores de semántica léxica que son os que nos interesan aquí.

En Rimbaud detectamos moi a miúdo anomalías lingüísticas. Se nos referimos á descrición de *anomalías* proposta por Tzvetan Todorov (1966), podemos distinguir dous tipos delas nos textos do poeta adolescente: a *anomalía semántica* ou *combinatoria* e a *anomalía referencial* ou *antropolóxica*. O primeiro tipo, como o seu nome indica, está asociado a unha transgresión do paradigma combinatorio debida á asociación de dous lexemas semanticamente incompatibles, como *crime vert* (Todorov 1966: 102). Este é un caso de incompatibilidade entre semas, xa que un sema "cor" aplícase a unha base que presenta un sema "inmaterial". Violase, pois, unha restrición semántica.

En canto ás anomalías antropolóxicas, caracterízanse polo "estraño dos eventos descritos" (Todorov 1966: 113-116). Unha frase dada, que pode ser perfectamente aceptable dende o punto de vista gramatical, non encaixa na nosa visión antropolóxica da realidade, como sucede con *La lampe fortifie les familles violentes* (Todorov 1966: 114). Estas anomalías coinciden co fenómeno que Michele Prandi chama *contresens* (Prandi 1987: 30-31) e caracterizan a linguaxe da literatura surrealista.

Cabe sinalar que as anomalías combinatorias e antropolóxicas poden aparecer reunidas nunha soa frase, xa que, ao fin e ao cabo, a semántica modela as propiedades da nosa realidade e a transgresión da súa combinatoria revela a miúdo o labor dunha imaxinación que vai máis alá das conexións entre os obxectos ou fenómenos comunmente aceptadas no noso mundo real.

A continuación, ofrecemos a análise dalgúns casos de combinacións anómalas no *Bateau ivre* e nas *Illuminations*, así como tamén nas súas traducións. Na nosa opinión, a transmisión (ou a non transmisión) deste tipo de fenómeno lingüístico na tradución pon de manifesto o grao de comprensión do texto e, en especial, do estilo do mesmo por parte do tradutor.

Para a descrición das propiedades combiatorias dos lexemas, utilizaremos o aparato formal das *etiquetas semánticas* (Blanco 2010). A etiqueta semántica é unha unidade léxica (lexema ou frasema) ou un sintagma que pode utilizarse como xénero próximo na definición analítica dun conxunto relativamente importante de unidades léxicas (Blando 2010: 160). A incompatibilidade das etiquetas semánticas das compoñentes dunha combinación léxica serviranos para demostrar a súa incoherencia semántica, dende o punto de vista, claro está, do uso normativo.

Empezaremos pola estrofa 6 do *Bateau ivre* (liñas 21-24):

| Nº | Fragmento na lingua de partida | Nº | Fragmentos na lingua de chegada |
|---|---|---|---|
| 1 | Et dès lors, je me suis *baigné dans le Poème*<br>De la Mer*, infusé d'astres*, et lactescent,<br>Dévorant les azurs verts ; où, *flottaison blême*<br>Et *ravie*, un *noyé pensif* parfois descend ; | 1.1 | Вось тады прада мной і паўстала паэма –<br>залатая паэма шматзорных глыбінь.<br>І адкрылася мне неадступная тэма,<br>аб якой знае толькі тапелец – адзін.<br>(Fedziukovich) |
| | | 1.2 | І я ў *настоенай на млечнасці* цяпелец<br>Марской *паэме* з тых *купаюся* часін,<br>Куды за мной плыве *задумлівы тапелец*,<br>Дзе ў сінізне зялёнай цьмее напамін.<br>(Baradulin) |
| | | 1.3 | Мяне *кармілі з рук гекзаметрамі* хвалі,<br>Я піў зяленіва і *зорны сырадой*,<br>Я цытаваў прыбой, з якога выплывалі<br>*Тапельцы сумныя*, што мрояць пад вадой...<br>(Khadanovich) |

Marcamos en cursiva as combinacións que quedarían fóra dun paradigma léxico habitual. Así, o sintagma *baigné dans le Poème* resulta dunha combinatoria rota, tendo en conta que o verbo francés *baigner* corresponde á etiqueta ACCIÓN FÍSICA[6] e que o lexema *Poème*, descrito pola etiqueta CONTIDO INFORMACIONAL QUE SE COMUNICA, non pode funcionar como segundo actante semántico do verbo en cuestión. É certo que este verbo en francés pode ter un sentido figurado (cf. $TLF_i$) e, polo tanto, aceptar como complemento un substantivo abstracto e non só un substantivo que designe unha zona de auga. Non obstante, no contexto do fragmento considerado e do texto en xeral, o verbo *baigner* só pode entenderse na súa acepción primaria, ou sexa como acción física, sobre todo considerando a secuencia *Poème de la Mer* como unha paráfrase metafórica do mar.

A combinación *infusé d'astres* presenta unha anomalía combinatoria máis marcada. O sintagma está construído segundo o modelo *infusé de* + N coa etiqueta SUBSTANCIA, como en *infuser de la verveine* (cf. $TLF_i$). A combinación do participio *infusé* cun substantivo etiquetado como OBXECTO CELESTE, que pertence a un campo semántico sen relación ningunha co esperado, ten un forte impacto estilístico. Rimbaud crea unha colisión semántica (*infusé* fronte a *astre*).

No sintagma *flottaison blême/ Et ravie*, hai unha incongruencia entre o substantivo *flottaison* (que se refire a un acontecemento) e os adxectivos que se lle aplican no poema, que se refiren, normalmente, a entidades. Isto confírelle a *flottaison* unha materialidade que non lle é completamente allea (de feito, *flottaison* pode designar, segundo $TLF_i$, un 'conxunto de troncos ensamblados para flotar'). Neste caso a distancia semántica entre o substantivo e os seus modificadores diminúe a través da recategorización do primeiro, se

[6] A lista de etiquetas semánticas en francés que utilizamos está dispoñible no dicionario en liña *DiCoPop : Accès grand public au dictionnaire de combinatoire du français (sous la direction de Polguère, A.)* [dicionario en liña]. URL: http://olst.ling.umontreal.ca/dicopop/index.php (última consulta 15/07/2019).

ben non desaparece por completo, xa que o segundo adxectivo (*ravie*) non forma parte da combinatoria de tal substantivo en ningunha das súas acepcións.

Por último, a secuencia *noyé pensif* cerra a serie de combinacións anómalas do fragmento citado. É unha descrición lóxica máis que léxica (acaso unha anomalía antropolóxica), improcedente para un OBXECTO FÍSICO (que foi, pero xa non é, un SER HUMANO). O universo lingüístico da poesía e a realidade delirante do mundo rimbaldiano permiten este tipo de combinacións paradoxais, de aí que o efecto estilístico provocado polo sintagma *noyé pensif* quede minimamamente marcado.

Pasamos agora a considerar as traducións. Sinalemos, en primeiro lugar, que a tradución máis antiga, a de Fedziukovich (1973), non reflicte ningunha das características antes mencionadas do fragmento analizado: nin combinatorias subvertidas, nin contrastes estilísticos. O tradutor esboza os puntos de referencia léxicos do fragmento, menciona *poema, astros, afogado,* pero nivela por completo as metáforas baseadas no choque de combinatorias léxicas incompatibles. É unha tradución "romantizante", que arrasa a aspereza do estilo de Rimbaud e aspira a un estilo neutro, habitual, claro. Tal vez isto se deba ao peso da formación filolóxica soviética, coa súa insistencia na claridade, na "verdade da vida", coa súa desconfianza fronte a todo tipo de "fantasías" formalistas.

A tradución (1984) deste fragmento asinada por Baradulin é moito máis interesante dende o punto de vista do tratamento da linguaxe. Precisemos que Baradulin como poeta é coñecido polo seu verbocentrismo e por unha metaforicidade rebuscada que se pon de manifesto tamén nas súas traducións poéticas. Baradulin, por exemplo, transmite literalmente o sintagma *baigné dans le Poème / de la Mer* (*Марской паэме... купаюся*), como tamén o de *noyé pensif* (*задумлівы тапелец*). En canto á combinación *infusé d'astres*, Bardulin conserva o efecto da combinatoria rota e o contraste entre o material "alimentario" (*infusé – настоенай*) e o material "cósmico" (*astres – цяпелец*[7]), reforzando este contraste mediante a introdución do substantivo abstracto *млечнасці* (lit. *Lacteosidade*) que é un hápax do tradutor e que nominaliza o adxectivo *lactescent* do orixinal (liña 2 do fragmento). Fai referencia, de maneira clara, á Vía Láctea (elemento cósmico) e non ao produto lácteo (elemento alimentario).

A. Khadanovich na súa tradución máis recente (realizada en 2010) e máis atrevida, leva a cabo uns cantos cambios bastante curiosos. A imaxe do personaxe lírico que se baña no poema do mar queda substituída por unha imaxe que o tradutor considera sinonímica: as ondas alimentan o barco de hexámetros (*кармілі з рук гекзаметрамі хвалі*). Tense que recoñecer que esta substitución queda bastante afastada semanticamente do orixinal (se ben *hexámetros* podería reemplazar, en certa maneira, a *poema*, a relación entre *bañarse* e *alimentar* constitúe, a todos os efectos, unha innovación do tradutor), pero é un acerto, case un achado, dende o punto de vista do efecto contrastivo.

[7] *Цяпельца* significa en bielorruso 'lume pequeno', 'fogueira' pero Baradulin refírese á luz das estrelas.

Máis adiante, Khadanovich inventa a fórmula *leite fresco de estrelas* (*зорны сырадой*) para transmitir a secuencia *infusé d'astres, et lactescent*. Aínda que o sintagma orixinal é adxectival e o tradutor emprega unha secuencia nominal, o carácter non normativo da combinatoria queda perfectamente reproducido. Por último, o *afogado pensativo* convértese no *afogado triste* (тапельцы сумныя, en bielorruso en plural): o semantismo consérvase en parte, e o efecto da oposición "animado – non animado" vértese con acerto.

Pasemos ao fragmento seguinte (estrofa 9, liñas 33-36):

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmentos de chegada |
|---|---|---|---|
| 2 | J'ai vu le soleil bas, *taché d'horreurs* mystiques, –<br>Illuminant de *longs figements violets*,<br>Pareils à des acteurs de *drames très-antiques*<br>Les flots *roulant* au loin leurs *frissons* de volets ! | 2.1 | Там, дзе згубную слодыч кахання я зведаў,<br>дзе схавалася сонца за цёмнай гарой,<br>бушаваў акіян – як з *антычных трагедый*,<br>з неўміручых трагедый бунтоўны герой.<br>(Fedziukovich) |
| | | 2.2 | Я бачыў сонца жах, што ў *плямаках містычных*<br>Жывіла вобразы *юлёвае смугі*,<br>І хвалі быццам бы артысты *драм антычных*,<br>*Юлёвым рабаціннем білі ў берагі.*<br>(Baradulin) |
| | | 2.3 | Я ўбачыў, як *трымціць спалоханае* сонца,<br>Згушчаючы ваду ў *цёмна-ліловы жах*, –<br>І мора ўсё хутчэй круціла хвалі ў гонцы,<br>Як *старажытны мім*, *стаяла на вушах*!<br>(Khadanovich) |

Na primeira liña, a secuencia *taché d'horreurs* presenta outro caso típico de combinatoria rota. O verbo *tacher*, na construción *tacher de N*, selecciona como segundo actante semántico un substantivo de tipo QUÍMICA/NATURAL ou ENTIDADE VISUAL (cor, luz etc). A súa combinación cun substantivo de carácter inmaterial que designa unha CARACTERÍSTICA NEGATIVA (*horreur* presenta, no contexto do poema, a acepción 'Carácter do que provoca aversión moral, do infame ou horrible', cf. $TLF_i$) non é normativa e serve para materializar, para facer máis visuais estes abstractos *horreurs mystiques*.

Na segunda liña, o substantivo *figement*, que describe un feito, unha acción ou un estado, vese caracterizado por dous adxectivos cualificativos, *long* e *violet*, que acompañan normalmente a substantivos de tipo entidade. Unha situación parecida obsérvase ao final da estrofa: no sintagma *roulant...leurs frissons* hai unha contradición sémica entre o verbo *rouler* e o substantivo *frisson*.

De feito, como xa vimos no material textual de Rimbaud, as combinatorias rotas constitúen un procedemento moi eficaz de creación de metáforas, xustamente grazas ao achegamento implícito de dous ou máis semas contraditorios en compoñentes do sintagma que presentan entre si unha dependencia semántica (Nkollo 2001).

Na terceira liña, temos un caso particular de transgresión de combinatoria de selección. Trátase dunha ruptura no interior dun frasema. Poderiamos falar dun exemplo de *desfraseoloxización* (ver definición máis adiante). A *cuasilocución* (Mel'čuk 2013) francesa *drame antique* (sinónimo contextual de *théâtre antique*) constitúe unha unidade bastante fixa semántica e sintacticamente, que non acepta inserciòns dentro da súa estrutura sintáctica. Por conseguinte, a combinación *drames très-antiques*, con inserción do adverbio *très*, contradí o uso normativo e, a parte do efecto estilístico propio á violación da combinatoria de unidades libres (como a colisión e a discordancia sémica), produce un efecto de *palimpsesto* (Galisson 1993), ou sexa, de xogo intertextual entre o frasema orixinal e a súa versión modificada coa "soldadura" de sentidos implicados. A desfraseoloxización inclúe, como "subprodutos" estilísticos, ironía e matices lúdicos.

A tradución de Fedziukovich, de novo, ignora as particularidades lingüístico-estilísticas do texto orixinal. Ademais, as dúas primeiras liñas da tradución nin sequera transmiten correctamente o contido do texto de partida, xa que din literalmente: *Onde coñecín a dozura perniciosa do amor / onde o sol se escondeu, detrás da montaña escura...* Constatamos outra vez a romantización das imaxes poéticas que altera o organismo semántico-visual do poema. Na terceira liña, aparece o sintagma *traxedia antiga* e a imaxe do mar encrespándose, pero aquí terminan as coincidencias entre o orixinal e a tradución. O texto de Fedzikovich aproxímase ao que Etkind (1982: 26) chama *tradución-imitación*. O tradutor coida moito da rima e o metro do texto traducido, o que xustamente debe suxerirlle ao lector a métrica do orixinal, pero, polo demais, exprésase máis ben a si mesmo seguindo apenas algunhas pautas de contido do orixinal.

En cambio, na tradución de Baradulin encontramos as secuencias *плямаках містычных* (*manchas místicas*)*, юлёвае смугі* (*néboa violeta*)*, хвалі.../ Юлёвым рабаціннем білі ў берагі* (*ondas...cabrillas violetas golpean as costas*) as cales, aínda que a certa distancia, xa se aproximan bastante ao estilo do texto orixinal. Percíbense con claridade a intención e os esforzos do tradutor para reproducir na súa versión a estrañeza combinatoria de Rimabaud, esa alteridade primordial da súa poesía que xera metáforas sen cesar.

En suma, en canto ao texto de Baradulin, podemos falar dunha tradución moi respectuosa no tocante ás propiedades fraseoestilísticas da linguaxe rimbaldiana. É certo tamén que, debido ao estilo deste tradutor, o texto parece máis barroco, máis hermético e menos visual que o orixinal.

Á súa maneira, Khadanovich tamén se cingue ao orixinal e substitúe *longs figements violets* por *цёмна-ліловы жах* (*horror de cor violeta escura*), *le soleil bas, taché d'horreurs mystiques* por *трымціць спалоханае сонца* (*o sol espantado treme*). O tradutor habelencioso conserva parcialmente a combinatoria de Rimbaud, pero centrándose en desentrañar a esencia das imaxes. Aínda sen transmitir literalmente o caso de deslexicalización de *drames très-antiques*, Khadanovich capta ben a súa connotación lúdica e faina xurdir na última liña, que vulnera inesperadamente o ton sublime da estrofa mediante a introdución dun frasema coloquial bielorruso: *Як*

*старажытны мім*, *стаяла на вушах!* (*Como un mimo antigo, (o mar) entregábase ás súas travesuras!*).

Como vimos, a recreación de Khadanovich, ademais da fidelidade ao contido, implica o dominio do xogo de rexistros estilísticos e contén unha certa ironía que, ao noso modo de ver, o aproxima á esencia do orixinal.

Gustaríanos citar, para rematar, un par de exemplos procedentes das *Illuminations* (acompañados das súas traducións), uns fragmentos que destacan entre todos pola súa rareza linguoestilística.

Neste fragmento de *Being Beauteous*, Rimbaud usa unha especie de anomalías antropolóxicas que lle permiten crear metáforas *sinestésicas* nas que diferentes tipos de sensacións (sensación visual / auditiva etc.) se mesturan entre si significativamente:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 3 | Des sifflements de mort et des *cercles de musique* sourde font monter, s'élargir et trembler comme un spectre ce corps adoré (...) Les *couleurs* propres de la vie se foncent, *dansent,* et se dégagent autour de la vision, sur le chantier. Et les *frissons* s'élèvent et *grondent,* et la saveur forcenée de ces effets se chargeant avec les sifflements mortels et les rauques musiques | 3 | Шыпенне смерці і *віхры* прыглушанай *музыкі* вымушаюць ўздымацца, шырыцца і трымцець, нібы здань, гэтае за ўсё даражэйшае цела (...) Ясныя *фарбы* жыцця гуснуць, *скачуць* і развейваюцца наўкола Мроі падчас стварэння. І *трапятанне* ўзносіцца і *гудзе,* і ўтрапёны водар гэтых з'яў поўніцца смяротным шыпеннем і хрыплай музыкай |

Neste fragmento aparece o substantivo *cercle* que, como ENTIDADE VISUAL, trátase dunha forma e non admite na súa combinatoria substantivos coa etiqueta CONXUNTO DE SONS EXPRESIVOS, como *musique*. Rimbaud procede, unha vez máis, a unha amálgama de sentidos incompatibles, sen base empírica na nosa realidade obxectiva e no que poderiamos considerar a normalidade sensorial. Do mesmo xeito, *les couleurs… dansent* ou *les frissons… grondent* presentan sintagmas fóra do paradigma sensorial común. Estas anomalías teñen no texto de Rimbaud unha finalidade concreta: o poeta constrúe unha realidade alternativa dos soños, de "clarividencia", coa participación activa de todos os sentidos. Pensemos tamén no poema *Voyelles* (1871), exemplo paradigmático de sinestesia.

Na nosa tradución de Rimbaud, reproducimos case literalmente as combinacións en cuestión. A tradución literal ou directa (Vinay y Darbelnet 1977: 46, 48) paréceme plenamente xustificada neste caso, xa que a realidade sinestésica do contido do texto rimbaldiano ou, máis ben das súas imaxes, pode representarse unicamente a través da natureza anormal da súa linguaxe. En lugar de "romantizar" as imaxes, aproximando semanticamente fenómenos opostos, fixámonos como obxectivo reflectir fielmente a súa

oposición, disconformidade, imperceptibilidade, a fin de demostrar que o texto orixinal describe un outro mundo, o mundo de Rimbaud.

Zholkovski e Shcheglóv (1996), nos seus brillantes traballos sobre expresividade poética, introducen o termo *procedemento de expresividade*, que é unha operación técnica que permite vincular a pasaxe do *tema* (idea, concepto) á súa representación no texto (Жолковский и Щеглов 1996: 21). Estes procedementos de expresividade poden revelarse xa sexa a través da composición ou da estrutura da obra de arte, xa sexa a través da linguaxe empregada. Se se trata dun procedemento propio dun autor en concreto, fálase de procedemento *invariante*. Podemos dicir, pois, que a anomalía combinatoria e antropolóxica é un procedemento invariante dos textos de Rimbaud, polo menos dos que estudamos no presente artigo.

Das traducións analizadas, consideramos como máis logradas aquelas que reproducen este procedemento de expresividade (como a de Khadanovich, por exemplo). Está claro que para preservar todo o organismo textual (rima, ritmo, imaxes) é necesario omitir, nalgúns casos, algunhas anomalías e substituílas por outros medios.

### 3.3. Apollinaire en bielorruso: introdución ao corpus

Guillaume Apollinaire, cuxo nome real era Guillaume Albert Vladimir Alexandre Apollinaire de Kostrowitzky, está directamente relacionado con Belarús, polo menos en termos de afiliación histórica e étnica. A família *Kostrowitsky*, familia materna de Apollinaire, tiña as súas posesións históricas no territorio das actuais Belarús e Lituania (Melnikiene 2014). Apollinaire, ademais, era sobriño-neto de Kazimir-Rafal Kastravitski (1868-1918), poeta, dramaturgo e lingüista bielorruso, un dos pioneiros da cultura bielorrusa moderna, que escribía baixo o pseudónimo de Karús Kahaniéts.

Dende o punto de vista da súa creación literaria, Apollinaire está indisolublemente vinculado á poesía da vangarda francesa e europea. Ao igual que Rimbaud na súa época, foi educado na tradición literaria anterior (para Apollinaire, tratábase do simbolismo), pero gradualmente desenvolveu o seu propio estilo, achaiando o camiño ao lirismo do século XX. A eliminación da puntuación, a mestura de discurso directo e autorial, a intuición, a emotividade e a frescura das imaxes da súa poesía son trazos que pertencen xa a unha nova época. Na maioría dos seus poemas, a rima e a métrica canónica xa non importan. Aínda máis innovadores resultan os seus *Caligramas* (1913-1916), cos que inventa unha nova linguaxe formal.

As innovacións de Apollinaire, porén, difiren das de Rimbaud en canto á súa natureza profunda. Na nosa opinión, o primeiro soubo manter certo equilibrio entre innovación e tradición; a realidade dos seus poemas, tanto dende o punto de vista figurativo como lingüístico, resulta máis proporcional á realidade humana. Se Rimbaud tratou de desfacerse do eu poético, da intimidade, do ton de confesión, en Apollinaire estas características líricas están presentes como en ningún outro.

A transparencia e a musicalidade da linguaxe de Apollinaire, así como a súa universalidade e, ao mesmo tempo, a orixinalidade das súas imaxes son sen dúbida as

razóns polas que o poeta francófono foi moi traducido. Na época soviética valorábase a súa actitude progresista e a súa participación na Primeira Guerra Mundial. Unha colección das súas traducións en bielorruso, ao coidado da poeta Edzi Ahniatsvét, publicouse en 1973. Neste poemario, a tradutora decidiu non manter a puntuación (ou, máis ben, a ausencia de puntuación) de Apollinaire e adaptouna por completo ao sistema de puntuación normativo da lingua bielorrusa. Máis recentemente Apollinaire foi traducido, respectando a puntuación orixinal, por Lyavón Barshchewski, Andréi Khadanovich, Uládz Lyankievich e outros[8].

### 3.4. Variacións colocacionais en Apollinaire

A combinatoria non normativa (vimos diversos exemplos procedentes da obra de Rimbaud) converteuse nun procedemento bastante común na poesía europea do século XX, e a poesía de Apollinaire non foi unha excepción. Porén, neste artigo gustaríanos centrarnos na transgresión dunhas relacións combinatorias en particular: as relacións colocacionais.

Na clasificación de Mel'čuk (i.e. 2013), unha *colocación* é un frasema composicional formado por dous compoñentes, *base* e *colocativo*. O primeiro (a base) é seleccionado libremente polo falante, e o segundo (o colocativo) escóllese en función do significado da base. Así, algúns exemplos típicos de colocacións en español serían *declarar la guerra, reír a mandíbula batiente, herméticamente cerrado* etc.

As colocacións, na Lexicoloxía explicativa e combinatoria, descríbense mediante as funcións léxicas, onde a base é o *argumento* e o colocativo un *valor* deste argumento: **FL**(*base*) = *colocativo*. A *función léxica* define relacións semánticas moi abstractas e xerais entre base e colocativo. O número destes valores semánticos é limitado e bastante reducido. Por exemplo, o sentido 'intenso/intensamente' modélase mediante a función léxica **Magn**: **Magn**(*llorar*) = *como una Magdalena*; o xuízo eloxioso estándar plásmase mediante a función **Bon**: **Bon**(*recibir*) = *con los brazos abiertos*; a unidade estándar mediante a función **Sing**: **Sing**(*arroz*) = *grano*; etc.

Entre as colocacións en francés, hai moitas que corresponden á estrutura *Adx. / V. Comme Dét. N.* que poden ser descritas polas funcións léxicas **Magn**, **Bon**, **AntiBon**, **Epit**, **Ver** e outras. Estas estruturas detéctanse con frecuencia no discurso poético pero, moi a miúdo, non cos seus valores canónicos, senón en formas manipuladas con intención artística.

A linguaxe poética de Apollinaire, en particular, abunda en casos de manipulación de colocacións con *comme*. O poeta satura a fórmula colocacional en cuestión á súa maneira, engadindo unha nova función léxica a un adxectivo-base ou incluso inventando

[8] Para este artigo, analizamos as traducións de algúns textos escollidos de Apollinaire procedentes dos poemarios *Alcools* y *Calligrammes*, publicados nas antoloxías seguintes: Para as traducións de Ahniatsvét: Апалінэр, Гіём (1973) Зямны акіян. Пераклад з французкай мовы Эдзі Агняцвет. Мастацкая літаратура. Para as traducións de Barshchewski, Khadanovich, Stefanovich: Апалінэр, Гіём (2016) Выбраная паэзія. Мінск, Выдавец Зміцер Колас. Citamos os textos orixinais en francés segundo a antoloxía: Apollinaire, Guillaume (1965) *Œuvres poétiques*. Bibliothèque de la Pléiade. Gallimard.

unha combinación nova para un adxectivo que, no uso do francés normativo, non ten asociada unha comparación estable con *comme* (Yakubovich 2015: 125-131).

Pasemos a un exemplo concreto nun fragmento da *Chanson du mal-aimé*:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 4 | Je suis *fidèle comme un dogue*<br>*Au maître le lierre au tronc*<br>*Et les Cosaques Zaporogues*<br>*Ivrognes pieux et larrons*<br>*Aux steppes et au décalogue* | 4 | *Адданы, як пёс гаспадарскі…*<br>А можа,<br>*Я верны,*<br>*як плюшч — ствалу,*<br>*як колас — полю,*<br>*Як хлопцы-казакі з Запарожжа,*<br>*У п'янстве і ў бойках набожныя,*<br>*Верныя стэпу свайму і прыволлю.*<br>(Ahniatsvét) |

Neste fragmento, a comparación orixinal (ou máis ben unha parte da comparación) *fidèle comme un dogue*... achégase á comparación intensiva estándar en francés **Magn**(*fidèle*) = *comme un chien*. Así, Apollinaire fai unha clara referencia a unha colocación existente na lingua francesa pero, ao mesmo tempo, modifícaa ao servizo da súa intención poética. Fagamos notar que o vínculo entre ambas formas pode plasmarse mediante a función léxica hiperonímica **Gener**(*dogue*) = *chien*.

Cando unha secuencia non presenta unicamente un caso de transgresión de combinatoria léxico-semántica, senón que suxire tamén unha forma estándar de dita secuencia, é dicir, cando existe un efecto de palimpsesto, podemos falar de *desfraseoloxización.* Segundo a nosa propia definición, a desfraseoloxización é un recurso lingüístico que consiste na modificación, por medio dun mecanismo concreto, do significado e, a miúdo, do significante dun frasema, modificación cuxo resultado é un desbloqueo das restricións semánticas e sintácticas existentes no seo do frasema. É importante destacar que a modificación que dá lugar a unha desfraseoloxización ten que poder percibirse como non normativa e permitirlle ao receptor identicar o frasema inicial (Yakubovich 2015: 110).

A tradutora bielorrusa, probablemente para conservar a rima e o ritmo, substitúe *dogue* por *пёс гаспадарскі* (*can do seu amo*) que, obviamente, non é unha equivalencia literal do texto de partida, senón unha tradución que recrea adecuadamente o efecto de desfraseoloxización do texto orixinal, a saber, a referencia metalingüística a unha colocación existente na lingua. En bielorruso, por influencia do ruso, tamén se di *fiel / leal como un can*.

Reparemos en que a segunda parte da comparación en Apollinaire *fidèle ... Au maître le lierre au tronc / Et les Cosaques Zaporogues / Ivrognes pieux et larrons / Aux steppes et au décalogue* xa non responde ás esixencias da desfraseoloxización, xa que non remite a ningún frasema do francés.

O fragmento de *L'émigrant de Landor Road* podería facer pensar na colocación francesa **Bon**(*vêtu/ habillé*) = *comme il faut*:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 5 | Le chapeau à la main il entra du pied droit<br>Chez un tailleur très chic et fournisseur du roi<br>Ce commerçant venait de couper quelques têtes<br>De mannequins *vêtus comme il faut qu'on se vête* | 5 | Ён пры капелюшы, як паўнапраўны пан,<br>Прыдворнаму краўцу прынёс стары кафтан.<br>А камерсант-кравец, падаючы абновы,<br>Быў сам, *як манекен той безгаловы*.<br>(Ahniatsvét) |

O poeta rompe a colocación engadíndolle ao colocativo a extensión *...qu'on se vête* por razóns de rima, pero sobre todo para obter un ton lúdico e un certo efecto de ironía, trazos que a miúdo acompañan a desfraseoloxización. A tradutora bielorrusa, desta vez, non transmite a desfraseoloxización do orixinal, senón que intenta crear un efecto lúdico sen recorrer ao palimpsesto: *O xastre vendedor... / Foi el mesmo como un manequín sen cabeza.*

No fragmento do caligrama *Visées*, a comparación fraseolóxica *bleu comme le ciel* sométese á desfraseoloxización da seguinte maneira:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 6 | Les villes tour à tour deviennent des clefs<br>Le masque *bleu comme met Dieu son ciel* | 6 | Гарады па чарзе робяцца ключамі<br>Маска *блакітная якую на неба кладзе Пан Бог*<br>(Barshchewski) |

A función léxica que describe esta colocación é **Epit**, un epíteto corrente semanticamente baleiro. Apollinaire éncheo de sentido destruíndo a estrutura sintáctica da comparación orixinal, pero vivificando a súa motivación. O poeta volve comparar a cor azul á cor do ceo, que é o seu referente. O tradutor non respecta esta modificación, senón que a racionaliza; de feito, a comparación desaparece da tradución e é substituída por unha proposición relativa: *Маска блакітная якую на неба кладзе Пан Бог* (*Máscara azul que lle pon o Señor ao ceo*).

En *Loreley,* atopamos outro caso de modificación de comparación fraseolóxica en:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 7 | Puis ils s'en allèrent sur la route tous les quatre<br>La Loreley les implorait et ses yeux *brillaient comme des astres* | 7.1<br><br><br>7.2 | Вядуць Ларэлею. Ідуць і маўчаць.<br>А вочы яе, *як свяцілы, гараць*:<br>(Ahniatsvét)<br>Ідуць учатырох і плача Ларэлея<br>І *ад яе вачэй наўкола дзень святлее*<br>(Stefanovich) |

Aquí a estrutura inicial da comparación baséase nun verbo, non nun adxectivo nin nun participio. Temos a estrutura *V. comme Dét. N*. A colocación orixinal podería ser

**Magn**(*briller*) = *comme une étoile / des étoiles*. Neste caso, ademais, a substitución de *étoiles* por *astres* sería sinonímica. Por esta razón, ou polo feito de que en francés existen moitas comparacións fixas coa base *briller* (segundo o $TLF_i$, *briller comme le jour, comme une escarboucle, comme l'or; briller comme des charbons ardents, comme un éclair*), esta ocorrencia carace dun efecto claro de palimpsesto e aproxímase máis ben a unha variante.

A autora da primeira recreación realiza unha tradución literal, que resulta ser unha equivalencia perfecta. En bielorruso, *як свяцілы, гараць* (*brillar como astros*) é unha transformación por substitución sinonímica da colocación *як зоркі, гараць (brillar como estrelas*). Ao igual que no fragmento orixinal, na tradución tampouco se detecta claramente o xogo entre a forma modificada e o sintagma inicial. En cambio, o autor da segunda tradución utiliza unha paráfrase da comparación orixinal: *І ад яе вачэй наўкола дзень святлее* (*E dos seus ollos o día iluminábase arredor*). Como o efecto estilístico da comparación "romantizante" de Apollinaire non inclúe o xogo do sentido inicial e final, parécenos que as dúas traducións son aceptables.

A relación é aínda máis debil entre a comparación *simple comme les hangars de / Port-Aviation* no poema *Zone* coa súa posible referencia no francés **Magn***(simple) = comme bonjour.*

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 8 | La religion seule est restée toute neuve la religion<br>Est restée *simple comme les hangars de Port-Aviation* | 8.1 | Толькі рэлігія — *гэта яшчэ ў навіну, яшчэ не за бортам,*<br>*Як і ангары нядаўна адкрытага аэрапорта.*<br>(Ahniatsvét) |
| | | 8.2 | Толькі рэлігія не састарэе ніколі<br>*Простая як самалёты ў ангарах і лётнае поле*<br>(Khadanovich) |

Este exemplo pode, eventualmente, referirse a unha colocación existente, se ben o recoñecemento da forma inicial non é obvio e incluso podería non darse. Noutras palabras, o efecto estilístico aquí non se basea no recoñecemento dunha forma canónica, senón na súa ausencia. Trátase dunha colocación acuñada polo poeta que dá lugar a un novo valor da función **Magn** para a base colocacional *simple.* Esta observación queda reforzada polo feito de que ningún dos dous tradutores recoñeceu un xogo intertextual; ambos trataron a comparación de Apollinaire como unha colocación forxada.

En Apollinaire atópanse múltiples ocorrencias de colocacións idiosincráticas que presentan unha estrutura comparativa pero que xa non fan referencia a ningunha forma fixa existente no sistema da lingua francesa. Estas colocacións forxadas, aínda sen efecto de dobre sentido, están claramente marcadas dende un punto de vista estilístico. Blanco (2013) sinala a súa natureza particular:

> *Faisons remarquer que, dans la plupart des manipulations stylistiques concernant les locutions et les proverbes, il y a un effet de palimpseste dans la mesure où la forme manipulée renvoie à la forme standard. Pour ce qui est des collocations, par contre, il est fréquent d'avoir des formes stylistiquement marquées justement là où il n'y a pas de forme non marquée. La reconstitution de l'effet repose alors soit sur la construction syntaxique particulière (p. ex. Adj comme Dét N) […] soit uniquement sur une composante sémantique de l'unité lexicale utilisée comme collocation improvisée.*

Unha estratexia estilística dalgúns poetas (no noso caso, de Apollinaire) consiste, pois, na saturación desta estrutura, como no fragmento seguinte de *Marizibill*:

| Nº | Fragmento de partida | Nº | Fragmento de chegada |
|---|---|---|---|
| 9 | Je connais gens de toutes sortes<br>Ils n'égalent pas leurs destins<br>*Indécis comme feuilles mortes*<br>Leurs yeux sont des feux mal éteints<br>Leurs cœurs bougent comme leurs portes | 9.1 | Я ведаю рознага *лёсу* людзей.<br>Не ўсіх зразумеў я, праверыў:<br>Той — *мёртвага лісця цішэй*,<br>А полымя тоіцца ў зрэнках вачэй,<br>А сэрца — адкрытыя дзверы.<br>(Ahniatsvét) |
| | | 9.2 | Бываюць людзі рознай косці<br>Што ўласных не заслужаць мук<br>Яны звычайныя да млосці<br>Як грук дзвярэй іх сэрцаў гук<br>Недатушыў іх вочы хтосьці<br>(Stefanovich) |

A comparación en discurso *Indécis comme feuilles mortes* corresponde a unha fórmula formada por unha base adxectival e un colocativo introducido por *comme*. Con todo, a relación entre a base e o colocativo, polo menos no exemplo citado, non pode materializarse mediante ningunha función léxica, xa que as funcións léxicas describen vínculos semanticamente moi xerais. En cambio, no caso que nos ocupa, a relación semántica entre *indécis* e *feuilles mortes* non está motivada nin analóxica nin etimoloxicamente (como nas colocacións ben coñecidas, do tipo *bleu comme le ciel*), senón que se basea nunha anoloxía *sui generis*, intuitiva. Esta "carga" poética da colocación comparativa reflicte a esencia mesma da poesía que experimenta co potencial creativo e a flexibilidade combinatoria dunha lingua.

Na tradución de Ahniatsvét, a autora trata de interpretar á súa maneira a anoloxía de Apollinaire, aínda que sen conservar a estrutura propia da colocación: *Я ведаю рознага лёсу людзей. / Не ўсіх зразумеў я, праверыў:/ Той — мёртвага лісця цішэй...* (*Coñezo persoas de destinos diferentes / Non a todas as puiden entender, poñer a proba:/ Algunhas son máis discretos que as follas mortas...*). Na recreación de Stefanovich, non se conserva nin o léxico implicado; cambian incluso os campos semánticos. Trátase dunha tradución libre.

Para concluír, poderiamos dicir que o uso da comparación como estrutura colocacional constitúe unha das características dominantes do estilo de Apollinaire. Ás veces, o efecto estilístico da comparación reside na transgresión da combinatoria interna, ou sexa, na desfraseoloxización dunha colocación existente, que provoca a activación do sentido orixinal. Agora ben, atopamos tamén casos nos que o efecto estilístico non ten nada que ver cun palimpsesto, senón que se basea na reprodución da forma colocacional con *comme* enriquecida con sentidos (denotativos ou connotativos) propios do imaxinario poético, sen referencia ningunha á fraseoloxía propia do sistema da lingua francesa.

A tradución supón a detección e a análise dos recursos estilísticos de autor e pon a proba, ao mesmo tempo, os recursos do tradutor. Para traducir as comparacións de Apollinaire o tradutor ten que interpretalas, identificar correctamente a intertextualidade, decidir se as analoxías que implican son importantes e reproducilas, se é preciso, por outros medios. En xeral, os tradutores bielorrusos citados tratan de conservar as comparacións orixinais, desfraseoloxizadas ou non, como marcas da linguaxe de Apollinaire, aínda que ás veces as sacrifiquen en ben da organización estrófica (en especial cando non desexan afastarse do sistema estrófico do orixinal), do ritmo e da concisión, tamén cruciais na creación poética.

## 4. Conclusións

Neste artigo, analizamos as características da combinatoria en textos de dous poetas innovadores da lingua francesa, así como as posibilidades de interpretación e transposición en bielorruso. Mentres que nos poemas de Rimbaud atopamos a miúdo *anomalías combinatorias* (transgresións de selección paradigmática), na obra de Apollinaire, é máis frecuente a recreación libre dunha estrutura colocacional que, ás veces, conduce á *desfraseoloxización.*

Ao ser poesía innovadora, que desafía a linguaxe establecida e todo o convencionalismo en xeral, os textos de Rimbaud e Apollinaire deben conservar esta propiedade cando se verten a outro sistema lingüístico e cultural, xa que esta é a súa característica *dominante* (Etkind 1982: 12). A tradición da tradución bielorrusa estivo influenciada pola tradición rusa (co seu estrito imperativo de preservar o metro, a rima e todo o organismo complexo do poema), pero tamén pola tradición soviética, ou máis ben polo realismo socialista. Desta influencia herdamos a simplificación da linguaxe na tradución e a nivelación de metáforas (por exemplo, nas traducións de Fedziukovich). Quizais sexa por iso que, nas traducións postsoviéticas, a precisión en canto ao tratamento estilístico e unha certa coraxe tradutolóxica aparezan con maior frecuencia. A atención ás características lingüísticas do orixinal supón a implicación do tradutor no xogo iniciado polo poeta (como podemos observar nas traducións de Khadanovich).

As traducións bielorrusas destes poetas franceses non só cumpren coa función obvia de poñer ao alcance do lector unha versión en dito idioma, senón que tamén contribúen significativamente á "liberación" e a actualización do bielorruso. Neste sentido, o papel que xoga a tradución achégase ao do orixinal: os textos de Rimbaud e Apollinaire, así

como as súas traducións bielorrusas contemporáneas, instauran unha nova tradición poética liberada do ditado clásico, dos seus clixés discursivos e estilísticos. É xustamente a proximidade funcional dos orixinais e as súas traducións o que nos serviu de motivación para este estudo.

## 5. Referencias bibliográficas


APOLLINAIRE, Guillaume (1965): *Œuvres poétiques*. Bibliothèque de la Pléiade. Gallimard.

BLANCO, Xavier (2010): "Etiquetas semánticas de hecho como género próximo en la definición lexicográfica" en *Quaderns de Filologia. Estudis Lingüístics* 15, 159–178.

(2013): "Le défigement des collocations comme recours stylistique" en *Cahiers de Lexicologie* 102, 207–225.

DiCoPop: *Accès grand public au dictionnaire de combinatoire du français (sous la direction de* Polguère*, Alain)* [diccionario en línea]. URL: http://olst.ling.umontreal.ca/dicopop/index.php (última consulta 15/07/2019).

ETKIND, Efim (1982): *Un art en crise. Essai de poétique de la traduction poétique*. Lausanne, L'Age d'Homme.

FELMAN, Shoshana (1973): "Tu as bien fait de partir, Arthur Rimbaud. Poésie et modernité" en *Littérature* 3, 3-21.

GALISSON, Robert (1993): "Les palimpsestes verbaux : Des révélateurs culturels remarquables, mais peu remarqués..." en *Repères* 8, 41–63.

MEL'ČUK, Igor (2003): "Collocations dans le dictionnaire" en Szende, Thomas (ed.): *Les écarts culturels dans les Dictionnaires bilingues*, 19–64. Paris, Honoré Champion. URL: http://olst.ling.umontreal.ca/pdf/Collocations-Szende.pdf (última consulta: 12/07/2019).

(2013): "Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais…." en *Cahiers de Lexicologie. Revue Internationale de Lexicologie et de Lexicographie* 102, 129–149.

MEL'ČUK, Igor e POLGUÈRE, Alain (2007): *Lexique actif du français. L'apprentissage du vocabulaire fondé sur 20000 dérivations sémantiques et collocations du français*. Bruxelles, De Boeck & Larcier.

MELNIKIENE, Danguole (2014): "Guillaume Apollinaire : « L'ombre du Nord »" en Rey, Alain *et al*. (dirs.) *De l'ordre et de l'aventure. Langue, littérature, francophonie*, Paris, Hermann Editeur, 277-284.

NKOLLO, Mikołaj (2001): "La correction grammaticale, les anomalies sémantiques et la métaphore dans la grammaire transformationnelle-générative" en *Studia Romanica Poznaniensia* 28, 83-97.

PRANDI, Michele (1987): *Sémantique du contresens*. Paris, Minuit.

RIMBAUD, Arthur (2010): *Œuvres complètes*. Paris, Flammarion.

$TLF_i$ = *Le Trésor de la Langue Française Informatisé* [dicionario en liña]. URL: http://atilf.atilf.fr/dendien/scripts/tlfiv4/showps.exe?p=combi.htm;java=no (última consulta 15/07/2019).

TODOROV, Tzvetan (1966): "Les anomalies sémantiques" en *Langages* 1, 100–123.

VINAY, Jean-Paul e DARBELNET, Jean (1977): *Stylistique comparée du français et de l'anglais*. Paris, Didier.

WOOLHISER, Curt (2001): "Language Ideology and Language Conflict in Post-Soviet Belarus" en O'Reilly, Camille (ed.): *Language Ethnicity and the State*. London / New York, Palgrave, v. 2, 91-122.

YAKUBOVICH, Yauheniya (2015): *Défigement dans les textes poétiques Typologie et exemples en français, espagnol, catalan, russe, bélarusse et polonais* (Tesis doctoral). URL: http://www.tdx.cat/handle/10803/291815 (última consulta: 19/07/2019).

(2016): "La poésie bélarussophone: prémisses historiques et auteurs modernes" en *Revue européenne de recherches sur la poésie* 2, 429-451.

ZAPRUDNIK, Jan (1993): *Belarus : At a Crossroads in History*. Boulder / San Francisco / Oxford, Westview Press.

АПАЛІНЭР, Гіём (1973): *Зямны акіян*. Пераклад з французскай мовы Эдзі Агняцвет. Мастацкая літаратура.

(2016): *Выбраная паэзія.* Мінск, Выдавец Зміцер Колас.

БАРШЧЭЎСКІ, Леанід (ed.) (2006): *Беларуская літаратура і свет: выбраныя тэксты для чытання і аналізу*. Мінск, Радыёла-Плюс.

ГРЫЦКЕВІЧ, Анатоль (2000): "Заняпад беларускай мовы ў беларуска-літоўскім гаспадарстве ў XVIII стагоддзі" en Скобла, Міхась (ed.) *Аняменне: з хронікі знішчэння беларускай мовы*. Вільня, Gudas [libro de una biblioteca en línea]: Інтэрнэт-бібліятэка Камунікат. URL: http://www.kamunikat.org/katalohbht.html?pub_start=370&pubid=9264 (última consulta: 08/03/2011).

ЖОЛКОВСКИЙ, Александр e ЩЕГЛОВ, Юрий (1996): *Работы по поэтике выразительности: Инварианты - Тема - Приемы – Текст*. Москва, АО Издательская группа Прогресс.

РЭМБО, Арцюр (2010): "Мацней за алкаголь, грамчэй ад вашых лір!..". Вершы ў перакладзе Андрэя Хадановіча" en *Прайдзісвет* 4. URL: http://prajdzisvet.org/text/505-piany-karabiel.html (última consulta: 11/07/2019).

(2018): "Вершы прозай з кнігі "Азарэнні". Пераклад Яўгеніі Якубовіч en *Літаратурная Беларусь* 9 (145), 16 (10).

СКОБЛА, Міхась (2008): "Космас паэзіі" en Скобла, Міхась (ed.) *Галасы з-за небакраю. Анталогія паэзіі свету ў беларускіх перакладах XX стагоддзя*. Мінск, Лімарыус, 13-20.

СКОБЛА, Міхась (ed.) (2008): *Галасы з-за небакраю. Анталогія паэзіі свету ў беларускіх перакладах XX стагоддзя*. Мінск, Лімарыус.

СУДНІК, Станіслаў (2000): "Пра тэорыю "мужыцкасці" en Скобла, Міхась (ed.) *Аняменне: з хронікі знішчэння беларускай мовы*. Вільня, Gudas [libro de una biblioteca en línea]: Інтэрнэт-бібліятэка Камунікат. URL: http://www.kamunikat.org/katalohbht.html?pub_start=370&pubid=9264 (última consulta: 07/03/2011).

# Recadádivas
# Compilations

# A fraseoloxía de Tabeirós a través da obra *Contiños da Terra* (1931) de Manuel García Barros[1]

## *Phraseology from Tabeirós through the work* Contiños da Terra (1931) *by Manuel García Barros*

Sara Villar Aira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades[2]
saravillaraira@gmail.com

Resumo: Esta recadádiva recolle e expón as diferentes unidades fraseolóxicas contidas na obra de Manuel García Barros *Contos da Terriña* (1931), as cales dan conta da riqueza fraseolóxica e lingüística do autor e de Tabeirós, comarca á que el pertencía.

Palabras chave: fraseoloxía galega, tradición oral, literatura, literatura popular.

*Abstract: This compilation collects and exposes the different phraseological units contained in the work of Manuel García Barros Contos da Terriña (1931), which account for the author's phraseological and linguistic richness and from Tabeirós, the region to which he belonged.*

*Key words: Galician phraseology, oral tradition, literature, popular literature.*

Manuel García Barros (A Estrada, 1876-1972) dedicou boa parte da súa vida a traballar a prol da defensa e da promoción da lingua galega. Naceu na Estrada en 1876, estudou maxisterio en Santiago, que rematou en 1905, e ocupou a praza na parroquia estradense de Rubín. En 1927 aprobou a oposición con praza en Pepín, no concello de Castrelo do Val, mais co Golpe de Estado de 1936 foi suspendido do seu emprego e salario. Simpatizou cos movementos agrarios, coas Irmandades da Fala e co Grupo Nós, especialmente co seu amigo e referente Ramón Otero Pedrayo. En 1957 foi nomeado membro da Real Academia Galega. A súa traxectoria como escritor comeza coa colaboración no xornal *El Estradense* e continúa con *El Emigrado*, xornal fundado en 1920 por parte da asociación "Hijos del Ayuntamiento de La Estrada de Cuba". Neste xornal publica periodicamente

[1] Data de recepción: 15.04.2019. Data de aceptación: 16.09.2019.
[2] Co apoio do *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades* da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

os contos que darían lugar a *Contiños da Terra* (1931). Continuou escribindo ao longo da súa vida pero non viu editada ningunha obra máis. Postumamente, publicouse o volume *As Aventuras de Alberte Quiñoi* (Editorial Castrelos, 1972). Máis tarde saíron á luz as súas obras *Enredos* (Editorial Galaxia, 2000), *Dos meus recordos* (Editorial Galaxia, 2001), de corte autobiográfico, e *A pluma insubmisa* (Editorial Galaxia, 2019).

A través da súa obra pódese observar o seu compromiso con Galicia, coa lingua galega e especialmente coa fala da súa comarca. Nela demostra un gran coñecemento da lingua propia a través do manexo dunha gran variedade de léxico e, especialmente, de fraseoloxismos. Un exemplo disto é a súa colección de relatos titulada *Contiños da Terra* (1931), resultado da unión dos contos publicados durante a década de 1920, no xornal *El Emigrado*, fundado pola Sociedade de "Fillos da Estrada na Habana". Foi publicada en 1931 pola Editorial Nós e en 1952 publicouse unha segunda edición na editorial Caporaletti Hnos. de Buenos Aires na que o propio autor realizou cambios e engadiu dous contos novos, reeditada en 1999 por Edicións Xerais de Galicia e en 2002 por *La Voz de Galicia* na súa colección Biblioteca 120 Galega. No prólogo do autor na primeira edición, presente nas outras tres, Manuel García Barros explica a motivación e o proceso creativo da obra: "E resolvinme a facer contos. Para elo esgaduñei no veneiro humorísteco do pobo botando man de todo aquilo que anque conocido non tivese notícea de que fose pubricado; e posto xa en camiño, cando a canteira do pobo non me daba materiaes, buscábaos na miña própea, anque foren máis cativos. Así saíron istes contos á vida das letras." (A Estrada, 1930). Con estas palabras deixa claro, pois, que parten da tradición oral e popular mais que pasan polo filtro do traballo e do talento literario. Tematicamente están ambientados no rural galego, concretamente na comarca de Tabeirós que é á que pertence o autor. Están impregnados de humor e caracterízanse pola súa brevidade e por trasladar ao papel trazos da oralidade, entre os que destaca o emprego de diferentes fraseoloxismos, facendo deste xeito da obra un reflexo de parte da riqueza fraseolóxica galega. Esta obra contou cunha segunda edición que o autor definiu no prólogo como "correxida e aumentada":

> E fose como quixer, eiquí me tendes outra volta afanándome, perdendo o sono, desvevíndome en preparar a buscarlle a maneira de levar ó prelo ista nova edición de "Contiños da Terra" á que poderá apricárselle o aditamento crásico de "correxida e aumentada", porque así é como vai. As miñas espranzas non poden estar noutra banda que nos galegos de Bos Aires, en particolar nos meus veciños do " Centro Cultural do Partido da Estrada", que conocen a situación a que fun reducido e saben das miñas inquedanzas, das miñas loitas de moitos anos pola cultura do labrego e por todo aquilo que conviñera á eisaltación dos nosos valores e á prosperidade da nosa Terra. Cunha aperta garimosa pra todos iles. Callobre, A Estrada, Outono do 1951. (1952: 71)

Sobre esta segunda edición avalada polo autor, Carlos Loureiro levou a cabo a través da editorial Xerais unha terceira edición na que ademais da obra se inclúe unha introdución á vida e á obra do autor e se analizan algúns aspectos concretos da obra en cuestión. Esta edición é fiel ó texto orixinal, respectando a variedade léxica e unicamente facendo algunhas intervencións de regularización ortográfica:

> A presente edición de Contiños da Terra tomou como referente a última edición da obra, engadíndolle as correccións que o propio García Barros lles ía facendo persoalmente aos exemplares agasallados por el mesmo ou ben mercados que posuían os seus coñecidos e aos seus propios exemplares. Soamente se unificou a acentuación gráfica e as grafías *b,* v e h, acomodándoas á normativa en vigor, así como o guión que hoxe non se utiliza ou ben que se coloca de forma diferente, como por exemplo: n-unha, n-ela, resolvel-o encidente… […] Polo demais mantívose totalmente o respecto á obra tomada por referente, incluíndo as numerosas variantes de palabras que aparecen ao longo da obra, como *ó/ao, pra/para, e/i*... (1999: 48)

O feito de incluíren numerosos exemplos de unidades fraseolóxicas converte as obras de Manuel García Barros en focos de interese e fontes de información fraseolóxica que dan conta non só dos coñecementos do autor, senón da realidade lingüística da súa zona. De acordo con isto, dende o proxecto Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, realizouse hai anos unha lectura de *Contiños da Terra* co obxectivo de extraer todas as unidades fraseolóxicas e incluílas no Tesouro Fraseolóxico Galego. No presente traballo, retomouse a análise e o traballo destas unidades fraseolóxicas, a lectura da obra e a preparación do material para poder compartilo de maneira ordenada e contextualizada.

Para isto, servímonos da terceira edición da obra e a partir dela presentamos clasificadas un total de 394 unidades fraseolóxicas. Estas foron clasificadas na seguinte tipoloxía, respectando a estrutura e os criterios das recadádivas de *Cadernos de Fraseoloxía Galega*: colocacións, locucións (verbais, substantivas, adxectivas, adverbiais e prepositivas), fórmulas, esquemas fraseolóxicos e refráns. No proceso de extracción e clasificación delas, levamos a cabo a súa normativización lingüística. Esta normativización realizouse unicamente na citación das unidades mais non nos anacos de texto que empregamos como exemplos, nos cales mantemos as formas orixinais no exemplo para sermos fieis ao texto e dese xeito, tamén ao seu autor. As unidades fraseolóxicas preséntanse, ademais de clasificadas tipoloxicamente, cunha explicación de significado e uso e exemplificadas e xustificadas con anacos de texto da obra acompañados do número de páxina para que poidan ser consultadas en contexto con facilidade. Na formulación lematizada das expresións inclúense, no caso de habelos, entre corchetes os actantes que son complemento directo ou indirecto do predicativo. Nalgúns casos, a unidade fraseolóxica aparece en máis dun momento na obra e, polo tanto, nos exemplos amósanse todos eles separados por dúas barras (//). Resérvase o uso dunha única barra para separar versos, o que só se rexistra nun caso. Ademais, indícase con […] que o texto que se amosa non é completo e entre corchetes aclárase en certas ocasión información explicitada nun anaco de texto non citado pero á que se alude.

Traballando coa obra deste xeito, extraendo as unidades fraseolóxicas e ordenándoas da maneira exposta orixinouse pois esta recadádiva que nace non só co obxectivo de facer unha pequena contribución no eido dos estudos de fraseoloxía galega, senón tamén de dar a coñecer a calidade literaria e a riqueza fraseolóxica inherente á obra de García Barros, quen por desgraza non puido obter en vida o recoñecemento que merecía.

## 1. Colocacións

1. **acollerse á casa** col. Resgardarse. *Os porcos, que andaban fóra, seica tamén tiveron medo a mollarse, e acolléronse á casa entrando pola cociña [...].* (76)
2. **armarse confusión** col. Producirse unha situación caótica. *¡Alí si que foi ela! A confusión que alí se armou non é para dita.* (212)
3. **bacía dos porcos** col. Recipiente no que comen os porcos. *E sentado na bacía dos porcos, fíxolles as osquias, entregoullos, ela doulle os cartos, e ¡boas tardes nos dea Dios!* (208)
4. **botar un neto** col. Beber. Un "neto" equivale a medio litro. *Un día que viña de tocar, atopouse co borreiro e tiveron ocasión de botar un neto xuntos.* (90)
5. **chegar tardeiro** col. Chegar tarde. *Xa un pouco tardeiro chegaron, por fin, os do Tío Bartolo, tocando nunhas conchas.* (85)
6. **coller o camiño** col. Empezar a camiñar. *Inda ben non colleron o camiño, soscitouse entre eles unha desputa sobre en que taberna había millor viño das váreas que había dende alí á ponte, opinando cada un por unha deferente.* (92)
7. **crebas do negocio** col. Perdas que un negocio produce, inconvenientes. *[...] queixouse o borreiro das crebas do negocio, pois os montes íbanse cobrindo de pinos en ves das carpazas que antes había e as abellas non tiñan onde libar e a cada paso iba habendo menos.* (90)
8. **curuto da cabeza** col. Parte superior e posterior da cabeza das persoas. *[...] e algúns había que tiñan máis distancia dende o pescozo ó cruto da cabeza, que ás puntas dos pés.* (82)
9. **dar fregas** col. Pasar a man con forza repetidas veces por unha parte do corpo, masaxear. *O home aquel sabía onde o había [unto de lobo] e obrigábase a ir a buscalo e levarllo á casa e hastra darlle as fregas, se á man viña, e decindo ó tempo que llas dese unhas palabras que el sabía [...].* (79) *// [...] aquel home xa lle conocera o mal tan pronto como o vira e que soilo se curaría de raís dándose unhas boas fregas con unto de lobo por todo o corpo.* (79)
10. **darlle a carreira a [alguén]** col. Pagarlle os estudos a alguén. *Trouxérao [un balón] o fillo do tío Araxo, que estudaba para crego nun convento [...], que viñera con motivo do santo do seu tío, o cura de Fontemollada, que era quen lle daba a carreira.* (184)
11. **darlle un pasamento a [alguén]** col. Morrer do susto. *Ó ver tal, Xuana, quedouse estantigüada de todo e por pouco lle dá un pasamento.* (77)
12. **darlle unha broma a [alguén]** col. Feito dirixido a unha persoa para rirse dela. Sinónimo de "gastarlle unha broma a alguén". *Bueno, Pois este borreiro tratou de darlle unha broma ó gaiteiro Rei, e este recibeu unha carta [...].* (89)
13. **dar o salto** col. Saltar. *Intentou dar o salto, e deuno, e foi a dalo precisamente por onde había un torno espetado na parede, un pouco revirado por riba e aguzado na punta.* (198)
14. **día de festa** col. Día especial, de celebración. *[...] pois tíñanos moi gardadiños para cantalos no día propio coma quen garda unha prenda para estrenala nun día de festa.* (84)

15. **día de mozas** col. Festividade. *Se era día de mozas, como o miércoles ou o sábado, xogábase hastra ás nove, ben entre seis coas manillas, ben entre catro sin elas.* (119)
16. **día de mozos** col. Festividade. *Aquel día era sábado, e polo tanto, día de mozos.* (119)
17. **día propio** col. Día especial, específico ou propicio para algo. *[…] pois tíñanos moi gardadiños para cantalos no día propio, coma quen garda unha prenda para estrenala nun día de festa.* (84)
18. **día santo** col. Día no que se celebra unha festividade relixiosa. *Todos sabemos que os zapateiros en ves de gardar o domingo, fan o seu día santo no luns.* (91)
19. **entrar en sospeitas** col. Comezar a sospeitar. *O cura entrou axiña en sospeitas coeste suxeto e tratou de facer averigüacións […].* (115)
20. **estar sabido** col. Estar claro, non haber dúbida con respecto a algo. *Está sabido. E acaba se queres. ¡Asús, que rapás máis desconfiado!* (97)
21. **facer vida viaxeira** col. Andar viaxando dun lugar para outro. *Os que por custión do seu oficio fan vida viaxeira, soien atoparse de ves en cando […].* (89)
22. **ir abaixo** col. Baixar o prezo de algo. *[…] pero xa sabes que todo sobe, non sendo os becerros, que van decote abaixo* […]. (183)
23. **misa grande** col. Misa do día de festa. *Estiveron os tres á misa grande, presenciaron a porcesión á sombra dun carballo, ela coa servelleta no brazo e iles co sombreiro na man.* (229-230)
24. **pasar traballo** col. Facer esforzo. *Nunca o deixaba soilo co medo que llo estragasen e todo lle facía ela para que non pasase traballo.* (122)
25. **poñer en reste** col. Facer unha fila. *[…] xa se viron as catro rocas, que estaban postas en reste tras do lume encima da parromeira […].* (119)
26. **restes de a [número]** col. Grupos dun número. *Xa sabedes, restes de a catro, homes e mulleres; cada un marche sempre detrás do que leve diante e gardando a misma lonxura do que leve ó lado.* (132)
27. **saber de [+ subst.]** col. Estar ao tanto, ter noticia de algo. *E resultou que nin había americano nin sabía ninguén nada de tal función.* (90)
28. **tornar a auga** col. Coidar que a auga non vaia para o eido do veciño. *Xorxe Trabadelas acaba de morrer, pró caso, impensadamente, pois inda na antevispra fora torna-la auga á cortiña e inda se non acabara de secar a caroza que levara.* (194)
29. **vestir de fino** col. Vestir de forma elegante. *Aquela barba que tanto lle servía para darlle aspeito de personaxe pudente e arriscado, cando vestia de fino, como para envolto nos trapos aparentar unha calamidá pura e verdadeira.* (154)
30. **xabón de olor** col. Xabón perfumado. *Buscou no baúl unha pastilla de xabón de olor que utelizaba namais que prás festas, e á escasa lus do nacente día púxose diante do espello da ventana co fin de quita-las barbas.* (132)
31. **xogar á brisca** col. Xogar a un xogo de cartas da baralla española. *Unha noite de inverno xogaba á berisca cuns veciños na súa casa, os cales se propuxeron saber o que había de certo acerca da crus en custión.* (148)

## 2. Locucións

### 2.1. Locucións verbais

32. **abrir a boca** lv. Admirarse, sorprenderse, abraiar. *E Farruquiño quedouse abrindo a boca, nin máis nin menos que os moitos que alí estaban.* (173)
33. **acabárselle a postura a [unha galiña]** lv. Enfermar, estropearse, chegarlle o fin. *Farruquiño tiña unha galiña que choqueou ó acabárselle a postura.* (163)
34. **alumear coma os ollos dun gato** lv. Brillar moito. *[...] meteu o dedo grande por unha sortixa que talmente parcía de ouro con dous anacos de vidrio labrado metidos, que alumeaban como os ollos dun gato [...].* (132)
35. **andar atufado** lv. Estar fachendoso. *-Pois si, home, si. E o teu Alberte tamén che andaba por alí moi atufado xa no meio dos mozos axexándolle ás rapazas, e co seu cigarriño, ¿sabes?, co seu cigarriño na boca.* (205)
36. **andar coa cabeza a voltas** lv. Pensar ou reflexionar sobre algo. *A muller del tiña dous irmáns que vían co natural desgusto o que a súa irmán sofría co porco do zapateiro e andaban coa cabeza a voltas precurando facer algo que lle servira dalgún escarmento.* (95)
37. **arder nun candil** lv. Ser de boa calidade. *[...] aquel cura vello que non tiña millores gustos que troulear cos seus feligreses, mandou vir unha ola de viño pró adro, un viño branco da súa colleita do cal podía decirse en verdade "que ardía nun candil".* (169)
38. **berrar coma un can doente** lv. Berrar moito e moi forte. *Pero a terceira [aguilloada] debeu de ser forte porque o rapás pegou un salto no burro, deixou caí-lo mantelo, e berrou como un can doente.* (156)
39. **botar a porta fóra** lv. Marchar. *[...] e alí meteuse debaixo dunha cama facendo propósito firme e verdadeiro de non saír anque o chuzasen hastra tanto que o señor médeco non botase a porta fóra.* (110) // *[...] encima da pucha poñíalle un sombreiro de palla atado cunha trenza ó queixo para que non lle caíse, e por riba de todo un pariaguas aberto, sin o que non lle deixaba botar a porta fóra.* (121) // *Pero Ciridonio, como notou que algúns esboiraban por rirse, dixo moi seriamente: -O que pasou, o que pasa, e o que vai pasar, é que botedes todos a porta fóra e me deixedes, que non estou agora para conversas.* (143)
40. **botarlle a man a [algo]** lv. Agarrar algo. *Ó fin quen o quitou [da cesta], foi a dona dos ovos, que botándolle man á solapa, díxolle que das mans non lle fuxía hastra que lle pagase o desperfeuto.* (145)
41. **botarlle a súa chungada a [alguén]** lv. Tentar mocear. *Había que velo na feira [...] atendendo ás compradoras risoño e compracido e, si eran mozas, sin perder a ocasión de botarlle a súa chungada.* (206)
42. **botar a man de [algo]** / **botar man de [algo]** lv. Recorrer a algo. *Polo mesmo, penso que non mo levaredes a mal se volo conto na lengua de Rosalía, pois ten tódalas trazas dun dos contiños da terra, e anque sea vello dalgo ha de botar un a man para saír do paso.* (91) // *[...] soía botar man da doutrina, que fora o úneco que adeprendera na*

*escola e inda non se lle esquecera de todo [...].* (230)

43. **botar (as súas) contas** lv. Meditar sobre as vantaxes e inconvenientes de algo. *Il miraba ó porco e botaba as súas contas [...].* (201) // *Polo camiño botou as súas contas: mandaríanos entrar e entrarían; convidaríanos, como era natural, e se as cousas se poñían dereitas, quedaríanse prá noite a xoga-la berisca.* (207) // *Con todo, O Grigorio botaba contas, porque vía moi longo o poder emanciparse, pro, como era ativo, soubo remexerse.* (222)
44. **botarlle a man a [algo] / botarlle man a [algo]** lv. **1**. Agarrar algo. *Ó fin quen o quitou [da cesta], foi a dona dos ovos, que botándolle man á solapa, díxolle que das mans non lle fuxía hastra que lle pagase o desperfeuto.* (145) // *Pero sin botar a man a nada.* (169) **2**. Recorrer a algo. *Os touciños tamén foran indo en anacos para a feira por non ter outra cousa a que botar a man para traguer gas e xabrón e algún que outro farrapo.* (219)
45. **botar man de [algo/alguén]** lv. Recorrer a algo ou a alguén. *Pero o raposo, que en terquedade pró malo ninguén lle puxo nunca os pés diante (por algo lle chaman Pedro), non se dou inda por vencido, e botando novamente man das súas artes, díxolle ó galo […].* (152)
46. **botarse á carreira** lv. Correr. *Cansado xa e perdida a pacencia, resolveu da-lo golpe dunha ves botándose á carreira [o raposo para coller o galo].* (152)
47. **caber na cachola a [alguén]** lv. Entender unha cousa. Úsase sobre todo en construccións negativas. *[…] por máis de que esto de que dea voltas sea cousa que inda hoxe hai a quen non lle cabe na cachola.* (78)
48. **caerlle na man a [alguén]** lv. Posuír a calidade para realizar algo con facilidade. *Alí fora á escola dun tendeiro de quincalla que a poñía nos días que non había feira nin mercado, e tan ben lle caíra na man a pruma, que de volta na súa aldea sabía facer unhas letras tan repenicadas, adornadas con puntos por tódolos lados, que hastra seu pai mesmo pasmaba con el.* (82)
49. **caer na conta** lv. Decatarse de algo. *-¿Pero que non había de caír eu na conta? Si eu sempre dixen que quen sabe, sabe, e a isto non hai que lle dar voltas.* (162)
50. **chamar a atención de [alguén] / chamarlle a atención a [alguén]** lv. Espertar interese ou curiosidade de alguén: *O tío Zanfona quedouse tamén por alí debruzado no antepeito cara ó camiño para chamar millor a atención dos que pasasen.* (202) // a alguén: *[...] e ó rapás chamoulle a atención, naturalmente*. (156)
51. **chamarlles aos pés amigos** lv. Fuxir dun lugar, marchar de présa. *[…] e se o borreiro non lle chama ós pés amigos, de seguro a pasaría máis negra que un gato cando o esfolan.* (90)
52. **coller entre as uñas a [alguén]** lv. Pillar, descubrir a alguén. *[…] [o crego] acababa de ter certo tropezo con certa autoridade, e nin por canto quería que o colleran entre as uñas […].* (196)
53. **coñecer de vista [alguén]** lv. Coñecer só de ver, sen lle ter falado nunca. *A iste, que a conocía ben [Sabela da Casa Grande] "de vista", enchíalle tanto o ollo que xa llo enchía un pouco de máis, e polo tanto, con respeuto a*

*ela, xa non tiña aspiracións maores.* (206)

54. **custarlle caro a [alguén]** lv. Supoñerlle esforzos ou causarlle prexuízos. *[…] desempeñando un cárrego do Estado, unha infraución da lei podía costarlle cara*. (196)
55. **custarlle traballo a [alguén]** lv. Esixirlle esforzo, resultarlle difícil ou ofrecerlle dificultades. *¡Traballiño custou o facela chegar á alta torre, dende a cal inda hoxe me refresca os recordos de tempos pasados cando vén o aire dreito!* (168) // *Eu estou pensando en darlle unha carreiriña anque me custe bo traballo, pois paréceme un cárrego de concencia o adicalo a fozar na terra coma eu, que nunca saín diso.* (218)
56. **custar rabo de sardiña** lv. Ser moi caro. *-Pois non deberas de mollalo [o paraugas], que entumecéronselle os muelles, e agora non funcionan. E o arregralos vai a custar rabo de sardiña.* (174)
57. **dar algo para a conta** lv. Dar algo en anticipo. *E logo de aprenderlle ben a leución e facerlla repetir unhas cantas veces e darlle algo [de diñeiro] xa prá conta, quedouse o cura e o rapás foise, cada un deles máis contento que unhas castañolas en día de festa.* (117)
58. **dar de si** lv. Render. *Os ósiños do lombelo e outras menudánceas fóraos repartindo pra adobar unhas berzas algún día que outro, e ben pouco deran de si*. (219)
59. **darlle a gana de [algo] a [alguén]** lv. Querer algo. *[...] como unha marca oprobiosa naquiles que as súas nais non poideran ou non lles dira a gana de casárense.* (221)
60. **darlle a vida a [alguén]** lv. Ser unha axuda, aliviar. *[...] e como a noite estaba crara e ademais corría un ventiño que, dándolle a vida pró moito que suaba [...]*. (200, liña 8)
61. **dar un berro máis longo cá torre do reloxo de Santiago** lv. Berrar moi forte. *Mingos, por toda resposta, dou un berro máis longo que a torre do relós de Santiago […]*. (110)
62. **dar coa razón de [algo]** lv. Coñecer ou descubrir a causa ou razón pola que algo acontece. *Todos sabemos que os zapateiros en ves de gardar o domingo fan o seu día santo no luns. Eu non podo dar coa razón de que así o fagan e vosoutros seguramente que tampouco.* (91)
63. **dar de pernas (arriba)** lv. Andar con moita rapidez, correr. *Cando estaba limpando a terra dos ollos, aviscou a Pepe do Barro que estaba cuns amigos a un lado do campo, e alá se foi, dando de pernas arriba, cunha vella que non lle arredou de diante.* (87)
64. **dar Deus [algo]** lv. Obter algo sen esforzo. *Anda, muller, anda, non seas corraña. Bota outras catro [cereixas] máis, que a ti dáchas Dios.* (225)
65. **dar dunhas noutras** lv. Levar unhas cousas a outras nunha conversa. *E así, dando dunhas noutras, foi sabendo o tío Silverio que aquel home xa lle conocera o mal tan pronto como o vira […]*. (79)
66. **darlle boa rabecha [algo] a [alguén]** lv. Sentir xenreira. *[…] pero ó fin pudo leva-la operación ó cabo [afeitarse] sin outro resultado que unhas rascaduras nas faceiras, que por certo lle deron boa rabecha.* (132)
67. **darlle un fío a [algo]** lv. Cortar. *A cousa é de verdá sinxela: búscase unha*

*sobreira que dea o gordo, dáselle un fío en redondo que pase a cortiza sin entrar no pau […]*. (126)

68. **darlle morcillas a quen mata porco** lv. Dar algo a alguén que non o precisa. *[…] e como no lugar aquil praiticaban moi ben o dito de "dar morcillas a quen mata porco", todos lle trouxeran algo ó tío Zanfona […]*. (201)
69. **darlle voltas a [algo]** lv. Cuestionar algo. -*¿Pero que non había de caír eu na conta? Si eu sempre dixen que quen sabe, sabe, e a isto non hai que lle dar voltas*. (162)
70. **darlle voltas á cabeza** lv. Matinar, cavilar, pensar. *Farruquiño cansárase, tamén, de darlle voltas á cabeza pensando e descurrindo o modo e maneira de non perder máis a chave [do hórreo] […]*. (172)
71. **darlle voltas á cachola** lv. Matinar en algo, reflexionar sobre algo. *O tío Mosteiro pensaba de ir, coma todos, pero tiña un problema que resolver, que, por máis que lle daba voltas á cachola, non saía del, anque para resolvelo non facía falta saber moito de númaros: era problema de cartos*. (86)
72. **darse aire de [algo]** lv. Querer parecer dunha forma determinada. *Facendo de corazón tripas e avergonzándose de si mesmo por facer caso de contos que poida que non tivesen pisca de fundamento, pasou a porta dándose aire de home enteiro, arrencheuse nun banco, pideu e comeu, facendo por botar da imaxinación tódolos burros tal coma se non houbera habido un no mundo e pensar soio na herencia do tío defunto, no que a el, ó tío Martiño, lle podería tocar da mesma, e como se compoñería para traguer xa en cartos o que resultara*. (75)
73. **darse conta de [algo]** lv. Comprender algo que antes non se entendía ou non se sabía. *[…] e marchou con el arrastro un bo anaco, sin darse conta […]*. (87) // *Pero el, dándose conta perfeuta do culminante do momento, non arreparaba en traballos por negros que fosen […]*. (133) // *Mideu ben o terreo e calculou dous saltos dados con tal rapidés que cando o galo se dese conta xa o tería nas uñas*. (152) // *Como visen que a pelota viña alta, correron arrecuando co fin de alcanzala no seu punto sin darse conta do río hastra que se viron chapuzando coa auga por riba dos nortellos*. (189)
74. **darse por vencido** lv. Renunciar á loita ou desistir dun empeño por considerar nula a posibilidade de éxito. *Pero o raposo, que en terquedade pró malo ninguén lle puxo nunca os pés diante (por algo lle chaman Pedro), non se dou inda por vencido […]*. (152)
75. **dar unha volta por [un lugar]** lv. Pasear, pasar por un determinado lugar. -*¡Ai, ho! -dixo o borreiro- pois logo heiche de ir dar unha volta por alá*. (90)
76. **darse ton** lv. Presumir. *[…] así que na súa conversa, para darse tono, soía mesturar de ves en cando algunha verba castelán, como quen que se engañaba […]*. (106)
77. **deixar en paz [alguén]** lv. Non molestar alguén. *[…] todos iles olleristas de pura cepa e que non se resinaban a deixar en pas perpetua ó paduano de Xorxe*. (196)
78. **dicir para si** lv. Pensar. *Pero eu que en boa hora sea dito non son ningún burro, e a min ninguén mas mete;*

*cando pasei a barca de Sarandón, pensei e dixen para min: -¡Ah, larpeiro!* (80) // *O pirmeiro que fixo foi mirar se estaba Tarabelo, e ó velo no seu posto, sinteu certa satisfaución interior e dixo para si: Isto marcha ben.* (117) // *Ademais que as cirolas comenzábanlle a rabuñar de raio. -¡Raio as parta!- decía el para si.* (132)

79. **durmir coma unha pedra** lv. Durmir profundamente. *Durmía como unha pedra*. (179)
80. **encherlle o ollo a [alguén]** lv. Gustarlle. *A iste, que a conocía ben [Sabela da Casa Grande] "de vista", enchíalle tanto o ollo que xa llo enchía un pouco de máis, e polo tanto, con respeuto a ela, xa non tiña aspiracións maores.* (206)
81. **estar pagado do tipo** lv. Estar ufano do seu aspecto físico. *Antre os presentes estaba tamén Bieito Ramallos, ergueito coma un fuso de lagar, posta a súa capa azulada, de bandas vermellas, que fora nova en tempos pasados, con esa prestancia de quen está pagado do tipo ou dun parentesco que por liña torcida tivera con persona escolleita.* (168)
82. **estar para conversas** lv. Estar de bo humor. [Úsase máis en construción negativa]. -*O que pasou, o que pasa, e o que vai pasar, é que botedes todos a porta fóra e me deixedes, que non estou agora para conversas.* (143)
83. **estoupar coa risa** lv. Rir moito, con moita intensidade. *O cura, "que estaba no allo", vendo a cara que Bieito poñía, estoupaba coa risa arrimado á parede da ilesia.* (169)
84. **facer a macáncona** lv. Lacazanear. *Pola contra, xúntanlle unha morea de paus e chaman a Farruquiño; e como Farruquiño non sabe facer a macáncona, despáchallos en dous días, e logo ten que esperar outros dous a que lle xunten outra morea.* (182)
85. **facer bo de [alguén]** lv. Lograr que alguén abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase máis comunmente en frases negativas]. *Fai tres días que ando atrás del para facelo volver á casa e non lle fago bo del*. (146)
86. **facer falla** (**a [alguén]**) / **facer falta** (**a [alguén]**) lv. Ser necesario. *Tiña un problema que resolver, que, por máis que lle daba voltas á cachola, non saía del, anque para resolvelo non facía falta saber moito de númaros: era problema de cartos.* (86) // *E vostede debía de vir tamén, pois a todos nos fai falla que o Santo nos axude. (219) // A ela tamén lle facía falla que o Santo a axudara*. (219)
87. **facer o avío** lv. Cumprir unha función. *Pero mentras duran, duran, e fan o avío.* (236)
88. **facer de corazón tripas** lv. Facer un esforzo ante unha dificultade. *Facendo de corazón tripas e avergonzándose de si mesmo por facer caso de contos que poida que non tivesen pisca de fundamento, pasou a porta dándose aire de home enteiro, arrencheuse nun banco, pideu e comeu, facendo por botar da imaxinación tódolos burros tal coma se non houbera habido un no mundo e pensar soio na herencia do tío defunto, no que a el, ó tío Martiño, lle podería tocar da mesma, e como se compoñería para traguer xa en cartos o que resultara.* (75)

89. **facerlle a festa a [algo]** lv. Volverse tolo de ledicia á vista de algo. *[...] botáronse polas escaleiras arriba indo dreitiños a onde estaba o pan, facéndolle a festa ó dreito sin ningunha crase de comprimentos.* (76)
90. **facerlle unha función a un santo** lv. Costear unha festa en honor dun santo. *[...] un americano dunha parroquia de Montes cuio nome e lugar se lle endicaba, proieutaba en tal día e a tal santo facerlle unha función con tódalas da lei e solecitaba o concurso do gaiteiro Rei con toda a súa banda.* (89)
91. **facer unha cruz na testa** lv. Manifestar estrañeza (persignarse en sentido figurado). *Fixen unha crus na testa e non tiven outro remedio que resinarme a andar co dedo grande do pé ó fresco hastra o martes ás once que viñeron a traballar [os zapateiros].* (91)
92. **facerse cruces** lv. Persignarse; abraiarse ou escandalizarse por algo que resulta sorprendente. *A señora, véndoo fuxir, quedouse estantigüada, e dándolle á aventura certo sentido que non tiña, levou os dous dedos á testa e fíxose cruces [...].* (200)
93. **facérselle auga na boca a [alguén]** lv. Desexar algo vivamente, especialmente cando se trata de cousas de comer. *Ó raposo, ó oír falar das galiñas, fíxoselle auga na boca de tal xeito, que dou en cuspir o mesmo que se acabara de fumar un petillo deses de a patacón o macillo.* (106)
94. **ferver a [alguén] os pés** lv. Estar ansioso, desexoso de que ocorra algo. *[...] co cal se iban enteirando da importáncea que tiña o tal deporte no mundo enteiro, e alcendéndolle, cada ves máis, o desexo, non soio de egoalar ós máis pintados, senón de chegar a ter en Malpocados unha olimpiada coma a de París, pró cal xa lle fervían os pés a todos.* (210)
95. **fregar as mans** lv. Manifestar satisfacción. *Bieito Ramallo non era dos que menos se fregaban as mans de satisfación ó escoitala [...].* (169)
96. **fuxir coma do lume de [algo/alguén]** lv. Ter moito medo a [algo ou alguén], evitar a todo custo [algo ou alguén]. *Os criados fuxían de alí como do lume e os xornaleiros, pouco máis tiña, porque ademais do trato, que era coma de quen viña, pagáballes tarde, mal e arrastro.* (149)
97. **ganar a vida** lv. Conseguir os medios de subsistencia co traballo. *Ás veces non iba soilo, que levaba tamén algún endevido da familia que el sabía poñer en caráuter para lle axudar a ganar a vida.* (155) // *[...] eu teño que ter conta da miña vida, que a non ganei tumbado de pernas arriba sinón traballando forte e duro.* (138)
98. **gustarlle a [alguén] tanto como un caramelo a un rapaz larpeiro.** lv. Agradarlle moito. *Contáronmo, xa fai tempo, na lengua en que escribo estes contos, e gustoume tanto como pode gustarlle un caramelo a un rapás goloso.* (91)
99. **irse a monte** lv. Verterse. *[...] pero deuse o caso condanado de que o aparato tíñao na faltriqueira da gabardina, que lle quedara encima da mesa onde comera, e había que ir por el e ningún dos dous que alí estaban podían facelo sin que o viño se fora a monte.* (140)
100. **ir tirando** lv. Manterse, irlle regular, nin moi ben nin moi mal. *Adicado a un oficio manual, sacaba para ir tirando*

*pola súa vida e pola da muller súa.* (229)

101. **levar a cabo [algo]** lv. Realizar algo. *É escusado decir que non se levou a cabo o partido [...]*. (213)
102. **levar a mal [algo]** lv. Parecerlle mal algo. *Polo mesmo, penso que non mo levaredes a mal que volo conte na lengua de Rosalía [...]*. (91)
103. **levar trazas de [algo]** lv. Parecer, dar a impresión de algo. *Pero vendo que non levaba trazas de que se puñera millor, resolveu consultalo en regla e curalo dunha ves [...]*. (109)
104. **manterse de aire** lv. Xaxuar, privarse de comer. *Así que, o tío Silverio afroxou un billete de cincuenta; pero resultaba que aquel bo home tiña que botar polo menos dous días de viaxe e non había de manterse de aire, así que o tío Silverio non tivo mais remedio que rabuñar outra ves na faltriqueira dándolle catorce reás que lle quedaban [...]*. (79)
105. **marchar a rastro coma as cóbregas** lv. Arrastrarse. *Nin por marchar arrastro coma as cóbregas, nin por pegarse ó chau coma unha lapa confundindo o seu color co da herba, o galo se lle poñia a xeito [ao raposo]*. (152)
106. **matar o tempo** lv. Entreterse facendo calquera cousa para que dea a sensación de que o tempo pasa máis rápido. *Entón a muller, ó velo tan desgustado, quentoulle unha sarteñaza de xorza que sobrara dos chourizos, e namentras lla quentaba fixou Antón a vista nos idem que lle colgaban á altura da cabeza, e por mata-lo tempo deu en palpalos cos dedos*. (124)
107. **meterllas a [alguén]** lv. Enganar alguén. *Pero eu que en boa hora sea dito non son ningún burro, e a min ninguén mas mete; cando pasei a barca de Sarandón, pensei e dixen para min [...]*. (80)
108. **meter o nariz para dentro** lv. Osmar no interior dalgún sitio. *O primeiro que facía ó chegar a un estabrecimento era meter o narís para dentro, figurándolle que sempre cheiraba a burro.* (74)
109. **mollar o peteiro** lv. Beber. *En troques, tiña tamén que entrar ó viño, porque mollara o peteiro coma as outras*. (166)
110. **non caber en si** lv. Amosar moita emoción. *Ó entraren pola pirmeira rúa, redoubrou Hermenexildo os seus afáns polo lucimento do acto, polo da súa sociedade, e polo seu própeo. Iba o home que non cabía en si.* (133)
111. **non dar nin ter** lv. Estar esmorecido, case sen signos de vida. *Eu xa non daba nin tiña. Ó que se cansaron, fóronme deixando, e ó verme libre daqueles lapantís, tratei de levantarme.* (159)
112. **non dicir unha fala** lv. Non dicir nada. *Perguntándolle quén era, cómo se chamaba, de onde viñera, a qué convento pertencía... Pero Roque non decía unha fala; non facía máis que miralos un por un estantigado.* (96)
113. **non irlle ben a [alguén]** lv. Non atoparse moi ben de saúde. *-E xa osté ve, señor: cando unha lle vén por cas do médeco é de supoñer que non lle vai moi ben.* (128)
114. **non largarlle pé a [algo/alguén]** lv. Non afrouxar na posición dun, non mudar de opinión. *Ó ver Xuana chegar aqueles dous corranchos, que mesmo eran do seu xeito, chegouse a eles e xa non lle largou pé.* (77)
115. **non poder coa risa** lv. Ter moitas ganas de rir. *E víase todo larmeado e metido na cesta, que era fonda, de xeito*

*que as pernas quedáranlle ó alto, e como non podía afianzarse, remexíase encravándose cada vez mais. Quen o axudara non había porque ninguén podía coa risa.* (145)

116. **ser cousa de [algo]** lv. Ser pertinente, razoable, oportuno. *Atada ó pescozo, éralle molesto; na faltriqueira, podía perdela o mesmo; atada ó forro da pucha, podía perde-la pucha e maila chave; metida nun zoco, tampouco era cousa diso.* (172)

117. **non telas todas consigo** lv. Estar preocupado por algo, non estar tranquilo. *Non era que estivese mal nin moito menos, pero non estaba comedeiro, e polo mesmo nonas tiña todas consigo.* (124)

118. **non ter máis remedio / non ter outro remedio** lv. Non haber ou ter outra solución, estar obrigado a algo. [Ás veces vai seguida da conxunción *que*]. *O tío Silverio non tivo mais remedio que rabuñar outra ves na faltriqueira dándolle catorce reás.* (79) // *Fixen unha crus na testa e non tiven outro remedio que resinarme a andar co dedo grande do pé ó fresco hastra o martes ás once que viñeron a traballar [os zapateiros].* (91)

119. **non ter mala cara** lv. Ter bo aspecto. *-E xa osté ve, señor: cando unha lle vén por cas do médeco é de supoñer que non lle vai moi ben. -Pois ti mala cara nona tes.* (128)

120. **non ter nin unha cadela** lv. Estar sen cartos. *Pró xantar levaría da casa calquer fricolada que a súa muller faría, pero pró pantrigo e pró viño, habería que levar, e non tiñan nin unha cadela […].* (87)

121. **non ter pelos na lingua** lv. Falar claramente e sen rodeos. *Eu non teño pelos na lengua para decirlle a calquera, se chega o caso: [...].* (138)

122. **non ter traza(s)** lv. Non ter lóxica ou sentido. *A bulda tampouco a quería porque, o que el se decía: el compraba o porco e tiña que crialo, e mantelo, e cebalo; e si dempois aínda había de pagar para poder come-la carne, a cousa non tiña traza.* (136) // *Aquilo non tiña trazas. E como había que dispoñer as cousas do caso, quitárona de alí case que arrastro e metérona nun cuarto.* (194)

123. **non ter volta** lv. Non ter posible discusión, non ter outra solución. *-Así que voulle a decir: pasado mañán é día santo e eu llos levarei [fusos] á casa ben feitos e de madeira ben curada, que non han de ter volta.* (207)

124. **non volverlle ás mans a [alguén]** lv. Non recuperar unha cousa que un emprestou. *De maneira que o que presta unha cousa pró antroido xa ten por seguro que non lle volve ás mans hastra entrada a coresma.* (157)

125. **non saír de [algo]** lv. Non deixar de facer algo. *Eu estou pensando en darlle unha carreiriña anque me custe bo traballo, pois paréceme un cárrego de concencia o adicalo a fozar na terra coma eu, que nunca saín diso.* (218)

126. **parecer mentira que** lv. Resultar incrible, ser moi estraño. *-Pero muller, parece mentira que te poñas así.* (194)

127. **partir a alma** lv. Afectar fondamente, causar dó, aflixir. *Con ela quedou Rosiña do Couto, súa veciña, súa compañeira; e os seus laios partían a ialma.* (194)

128. **pasar de maduro** lv. Ser demasiado maior para facer algo. *Tiña a súa casa nas ribeiras do Ulla na que vivía coa súa muller e dúas irmás desta, solteiras*

*e sin moita espranza de deixar de selo por iren pasadas de sazón: quer decirse, que xa pasaban un pouco de maduras.* (89)

129. **pasala máis negra ca un gato cando o esfolan** lv. Atoparse nunha situación perigosa. *[...] e se o borreiro non lle chama ós pés amigos, de seguro a pasaría máis negra que un gato cando o esfolan.* (90)

130. **pegarllas a [alguén]** lv. Enganar alguén. *-¿O que? O que mas pegue a min ha de ser señorito. Á miña casa que ninguén chegue coa entenceón de pufarme, que perde o tempo.* (138) *// A práutica fai maestro, e eu conozo á xente dende o momento que a vexo entrar pola porta. A min ninguén mas pega.* (138)

131. **pegarse coma unha lapa a [alguén/ algo]** lv. Non separarse, agarrarse ou suxeitarse fortemente. *Nin por marchar arrastro coma as cóbregas, nin por pegarse ó chau coma unha lapa confundindo o seu color co da herba, o galo non se lle poñia a xeito [ao raposo].* (152)

132. **perder a conta de [algo]** lv. Deixar de saber algo con exactitude. *-É moi certo cando dices, -díxolles Rei- anque eu inda teño na miña casa tres cortizos que deben de estar no millor, pois dous nunca se cataron e o outro, catouse váreas veces, pero xa perdín a conta de cando foi a últema*. (90)

133. **perder o fío** lv. Esquecerse momentaneamente do que se estaba a falar. *-Bueno, pois, con permiso de todos, vou a deixar a Ciridonio pegado á pipa do xeito que sabedes, e alá pró trinta e un, se teño modo e non perdo o fío, xa vos direi o que pasou cando chegou a muller á casa*. (140)

134. **perder o tempo** lv. Facer algo sen obter un resultado positivo. *¿O que? O que mas pegue a min ha de ser señorito. Á miña casa que ninguén chegue coa entenceón de pufarme, que perde o tempo.* (138)

135. **permitirse o luxo de [algo]** lv. Facer ou permitirse algo especial, agradable, extravagante, difícil etc. *De maneira que, cando tratou de virse, tiña xunta unha contiña e poido permitirse o luxo de comprar un reló barato cunha cadea de sete fíos e tres pasadores [...]*. (141)

136. **petar no chan coma se fose un fol de fariña** lv. Caer levando un forte golpe. *O palleiro non fuxeu; e eso lle foi bo, que rolando por el abaixo non lle foi a caída tan forte. Asi e todo, petou no chan [o raposo] o mesmo que si fora un fol de fariña.* (108)

137. **podérenselle contar os osos a ollo a [alguén]** lv. Estar moi delgado. *Un can ladraba na eira, que parecía seu irmán, fóra a alma, por aquelo de podérselle contar os ósos a ollo, e un gato roncaba na parromeira máis morto de fame, que vivo de xenio […]*. (149)

138. **poñer da súa parte [algo]** lv. Contribuír, colaborar, interesarse. *[...] levado da simpatía que Farruquiño lle inspiraba, poñía da súa parte canto podía para resolverlle o problema que de tal xeito o inquedaba*. (182)

139. **poñer escola** lv. Ensinar. *Daquela inda non había escola en Tabeirós. E decir: nona había tal como hoxe está estabrecida, que demais, había; poñíiaa un zoqueiro que había nun lugar de xunto á ilesia […]*. (115)

140. **poñerlle os pés diante a [alguén]** lv. Gañarlle ou avantaxar a alguén en

algo. *[…] porque a face-las cousas con entusiasmo, e fe verdadeira, ninguén lle poñía os pés diante ós malpocadenses.* (214) // *Pero o raposo, que en terquedade pró malo ninguén lle puxo nunca os pés diante (por algo lle chaman Pedro), non se dou inda por vencido […].* (152)

141. **poñerse coma un bombo** lv. Coller unha enchente de comida. *Ademais, que sendo dos pirmeiros [á hora do rancho], podía recuncar, o que facía case sempre. Así era que se poñía coma un bombo e non había Dios que o fixese andar.* (109)
142. **poñerse a andar camiño** lv. Emprender unha viaxe. *Hoxe en día ninguén se pon a andar camiño cun codelo de broa na faltriqueira e bebendo auga en calquera poza que se atope, como antano socedía.* (73)
143. **prender no sono** lv. Adormecer. *Pero el durmía. Durmía como unha pedra. E eu arrepiaba e non podía prender no sono*. (179)
144. **plantarlle a man na cara a [alguén]** lv. Pegarlle na cara a alguén. *-A perdís, así como é, había que facerlla comer ó tío Cachas, por marrau, e ti non te rías moito, porque che pranto a man na cara así como a teño, e non che ha de quedar moi limpa.* (105)
145. **quitárselle a fala a [alguén]** lv. Levar un susto. *Alí non se ouía máis que -¡O defunto! A min quitóuseme a fala.* (180)
146. **rabuñar na faldriqueira** lv. Gastar diñeiro. *O tío Silverio non tivo mais remedio que rabuñar outra ves na faltriqueira dándolle catorce reás que lle quedaban.* (79)
147. **roncar coma unha carraca** lv. Roncar moito, moi forte. *Comeu o caldo a da Xoroba, e unha e logo outra, fóronse debruzando encima da mesa, e presto se foron quedando todas, unhas soneando a gusto e outras roncando coma carracas.* (166)
148. **roñar o mesmo ca un porco** lv. Facer ruído. *Viñéranos precurar [abade e sancristán] / e fixéranlle saber / que andaba o demo na ilesia / a noite do día aquel / roñando o mesmo que un porco / tal barullo a meter / que os veciños con tal susto / non se tiñan xa de pé.* (99)
149. **sacar forzas de fraqueza** lv. Facer un derradeiro esforzo para lograr algo. *Saca forzas de fraqueza / que tamén fago así eu, / e escoita ben que che diga / o que me has de responder, / precurando non atontarte, / que a cousa sinxela é*. (100)
150. **saír do paso** lv. Superar unha dificultade. *Polo mesmo, penso que non mo levaredes a mal que volo conte na lengua de Rosalía, pois ten tódalas trazas dun dos contiños da terra, e anque sea vello dalgo ha de botar un a man para saír do paso*. (91)
151. **saírlle o conto furado a [alguén]** lv. Saírlle algo mal a alguén. *[…] que o señor médeco seica leu as historias miñas que saíron no EMIGRADO e quixo il facer outra, pero sáielle o conto furado porque o tempo pasa, e anque non sexa máis que de ver, un aprende […].* (175)
152. **ser do xeito de [alguén]** lv. Ser do agrado ou gusto dunha persoa, virlle ben algo. *Ó ver Xuana chegar aqueles dous corranchos, que mesmo eran do seu xeito, chegouse a eles e xa non lle largou pé.* (77)
153. **ser a mesma conta** lv. Ser ao final o mesmo. *¡Bo! Eu o que sei é que estou*

*mal; vaia: que non estou ben. -Éche a mesma conta estar mal que non estar ben. ¿E que tal comes?* (128)

154. **ser capaz de tragar a lúa con cornos e todo** lv. Comer moito. *[...] douse o caso estrano de que se lle fose afacendo o estómago chegando a ser capás de tragar a lúa con cornos e todo se houbese quen lla puñera a xeito.* (121)

155. **ser fariña doutro fol** lv. Tratarse dun asunto diferente. *-E fixeche moi ben [indo ao médico], Farruquiño. -Iso de se fixen ben ou mal, é fariña doutro fol, meu señor. ¡Vaia unha riqueza que me lle veu diso!* (175)

156. **ser outro conto** lv. Cambiar o asunto, ser diferente. *Se pudese vende-la cousa e mais quedarse con ela, xa sería outro conto.* (149)

157. **ser un Xan** lv. Persoa con pouca personalidade que se deixa dominar con facilidade. *Xexé era un homiño de Dios. Xan era o nome de pía, e tan ben lle caía que pode decirse, parodeando a Rosalía, que era un Xan compreto.* (229)

158. **ser outro caso** lv. Ser diferente. *Do que non entendía era de tomar copas; tal horror lles tiña, que non podía velas, e o ensulto máis grande que podía facérselle era convidalo a tomar unha. Sendo cuartaróns xa era outro caso [...].* (94)

159. **suar coma un cabalo** lv. Suar moito. *Ó chegar á entrada da vila, Hermenexildo suaba coma un cabalo que leve unha legua de galope [...].* (133)

160. **tanto lle ter a [alguén]** lv. Non importarlle, serlle indiferente unha cousa. *A min tanto me ten coller cara alá que cara outra banda.* (207)

161. **tentar o demo [alguén]** lv. Actuar de xeito arriscado e perigoso. *Xa tiñan un bo anaco sobido, díxolle a aguia ó raposo: -¿Qué tal vas? -Eu al pelo; o pior es ti -Ai, eu, onde me pese, pouso. -¡Non te tentará o demo!* (108)

162. **ter conta de [algo/alguén]** lv. Encargarse de algo ou alguén, atender algo ou alguén. *[...] eu teño que ter conta da miña vida, que a non ganei tumbado de pernas arriba sinón traballando forte e duro.* (138)

163. **ter entrada na casa de [alguén]** lv. Ser de confianza para alguén. *Así e todo degoraba ter trato con ela [Sabela da Casa Grande], e máis aínda terlle "entrada" na súa casa.* (206-207)

164. **terlle lei a [algo/alguén]** lv. Quererlle ben a algo ou a alguén, ser leal, ser fiel. *Xuaña tíñalles [a dous porcos] moita lei porque en canto a comer non soupo o que era para eles cousa mala [...].* (76)

165. **ter lugar** lv. Ocorrer. *E alí foi onde tivo lugar o encontro máis grande que se rexistra nos anales da Futbolísteca.* (212)

166. **ter man** lv. Aguantar, manterse como está. *[...] e se rompía [o xustillo], facialle outro nó e dáballe outro estirón; e se á terceira ves tamén rompía, destonces metía a man na faltriqueira e dáballe a cadela, pero se tiña man, inda tiña que botar outros tres anos.* (144)

167. **ter o rabo de palla** lv. Ter algún punto fraco ou aspecto censurable, ter motivo para se sentir aludido ou para ser criticado. *Algúns buscaron os máis escondidos recantos e espetáronse neles coma ratos; pero D. Valeriano e mais o empregado, que, como sole decirse, tiñan pró caso o rabo de palla*

*e vían o lume cerca, non tiveron cousa de máis xusgo que derrancar dúas ripas e enfiarse polo tellado.* (197)

168. **ter para consigo** lv. Estar convencido de algo, ser da opinión de algo. *[...] e inda máis outras chilindradas que foron aparecendo e Grigorio lles foi dando trazas, coidando de portarse ben, pois tiña pra consigo que aquelas monxiñas tan guapas e tan melerias non habían de ser corroñas e lle darían unha propiniña regular*. (223)

169. **ter para si que [+ or.]** lv. Estar convencido de algo. -*Pois ídevos alá que teño para min que vos ten [un ichó] unha perdís dentro.* (104)

170. **ter trazas de [+ inf.]** lv. Parecer, haber posibilidade de que unha cousa aconteza. *A verdá é que xa me cansa, / e non sei como vai ser, / pois por máis que esconxuramos / nin trazas de saír ten.* (101)

171. **ter un corazón máis brando cá manteiga** lv. Ser persoa de bo corazón, ser moi boa persoa. -*Si eu sempre dixen, señora Aguia, que vostede era unha boa persoa, que tiña un curazón máis grande que o dun boi e máis brando que a manteiga.* (107)

172. **ter un corazón máis grande có dun boi** lv. Ser persoa de bo corazón, ser moi boa persoa. -*Si eu sempre dixen, señora Aguia, que vostede era unha boa persoa, que tiña un curazón máis grande que o dun boi e máis brando que a manteiga.* (107)

173. **tocar por un carballo arriba** lv. Tocar moi ben un instrumento musical. *Reuneuna este, agregándolle algunhas prazas, incruso un requinteiro que para ponderalo non atopaba frase máis axeitada que decir que tocaba por un carballo arriba.* (90)

174. **tolo coma unha cabra** lv. Moi tolo. *O pior inda era que ós homes non se lles podía falar do caso. Mandábanas [ás mulleres] a face-lo caldo, que do demais, non entendían. Estaban tolos coma cabras todos iles.* (216)

175. **tomar [algo] á catalá** lv. Beber dun só trago. *Sendo cuartaróns xa era outro caso; tomábaos anque fora á catalana sin que a gorxa tivera que funcionarlle máis que dúas veces a todo máis para cada un.* (94)

176. **tomar as dez** lv. Tomar algunha comida ou bebida a esa hora da mañá. *O tío Mosteiro de boa gana cambearía as dúas pesetas nun dos moitos postos que alí había para toma-las des, pero a súa muller, dándolle un rempuxón, fíxoo entrar na capilla.* (87)

177. **tomar a molestia de [algo + inf,]** lv. Molestarse en facer algo. *Vivos están aínda moitos que o viron e que o oíron, e o que dubide que se tome a molestia de ir a Callobre [...]*. (86)

178. **tomar parte en [algo]** lv. Participar en algo. *Hai que ter en conta que, si ben o ouxeto do maestro eran os rapaces, como case todos era uns mocosos que non servían para nada, resolveu, polo intre, que tomaran parte tódolos que quixeran, dando así satisfaución ó entusiasmo que todos amostraban*. (210)

179. **topar de menos [algo]** lv. Darse conta de que falta algo. *Dirixeu unha mirada ó gancho e topou de menos a cacheira que alí tiña encolgada coma un adorno.* (220)

180. **traballar coma un negro** lv. Traballar moito. *Nas súas mocedades estivera en Bos Aires, onde botara máis de des anos traballando coma un negro; así mesmo: ¡coma un negro!* (140)

181. **valer a pena** lv. Ser útil e proveitoso un esforzo. *-Pero, home, se non vale a pena... -¡Que non ha de valer, muller, que non ha de valer! Ademais que a min tanto me ten coller cara alá que cara outra banda.* (207)
182. **ver as estrelas** lv. Sentir unha dor moi aguda. *-Si, señor; téñolle unha man que me está amocando de demo, deume en inchar un coteno cunhas lanzadas que vía as estrelas a calquer hora*. (175)
183. **ver mundo** lv. Viaxar por diferentes lugares e países. *[...] alá se foi o tío Martiño a ver a terra dos seus avós disposto a ver un pouco máis de mundo do que ata destonces vira [...]*. (73)
184. **verse negro** lv. Ter moita dificultade para levar a cabo algo. *[...] cando no día da esfolla lle abreu ó forno e quixo quitar pan para da-las once, veuse negro, porque nin se arrincaba nin había ferramenta que o entrase*. (150) // *Pero logo, vinme negro con tódolos outros que acudían tamén ó mesmo*. (158)
185. **vir á man** lv. Coincidir, cadrar, ter lugar un acontecemento. *O home aquel sabía onde o había [unto de lobo] e obrigábase a ir a buscalo e levarllo á casa e hastra darlle as fregas, se á man viña, e decindo ó tempo que llas dese unhas palabras que el sabía […]*. (79) // *Tamén estaban os homes que foran chegando para ver aquilo e hastra intervir, se á man viña.* (186)
186. **vir ao caso** lv. Ter relación co que se está a falar, ser oportuno. *Iste "brasiño" cumpría dúas mensións, a cal máis importante: axudar ó outro cando viña ó caso [...]*. (155)
187. **virlle ás mentes a [alguén]** lv. Lembrar algo. *Nos tempos de que vos falo foi cando oín o conto que non sei por que asociación de ideas se me veu ás mentes fai uns instantes*. (136)
188. **vir con lerias** lv. Contar cousas pouco cribles ou pouco serias. *-E é lástima que a túa [cara] engañe, Maripepa, que de verdá que a tés bonita. -¡Bueno! Véñaseme con lerias…* (128)
189. **volver en si** lv. Recuperar a consciencia. *Ó volver en si, abreu os ollos, e vendo o ceu alá enriba, dixo: [...]*. (108)

### 2.2. Locucións substantivas

190. **boa peza** ls. Persoa de malos costumes, que non é de fiar e coa que hai que ter coidado. *O cura entrou axiña en sospeitas coeste suxeto e tratou de facer averigüacións, non para recuperar a vaca, […] senón co intento de abichornalo e que souperan os veciños craramente a boa peza que entre eles tiñan.* (115)
191. **burro dos que non pousan no chan os catro remos** ls. Persoa ignorante, persoa burra. *Esto que vou a contar, évos tan certo como que habemos de morrer. Esta afirmación escusaba de facela porque é ben sabido que sempre houbo burros dos que non pousan no chan os catro remos […]*. (78)
192. **cabalo do demo** ls. Libélula. *-¿Ti montas ben ó cabaliño? -¡Monto eu anque sexa nun cabalo do demo!* (108)
193. **cantos hoxe comen pan** ls. Persoas que viven actualmente. *[…] foi nos tempos de Mari-Castaña, tempos que xa non acordaba miña avoa, canto máis eu, nin cantos hoxe comen pan e beben... do que haxa.* (115)
194. **cara de gata marañona** ls. Aspecto de enfado. *[…] zorregoulle á beata que*

*inda non levantara o bico do chau. Esta volveuse cunha cara de gata marañona [...].* (123)

195. **cara de parvo** ls. Aparencia de pouco intelixente. *El é un home de mediana edá, máis ben vello que mozo, baixote e con cara de parvo, que padece un reumatismo crónico, ou cousa así [...].* (78)

196. **cargo de conciencia** ls. Motivo para se sentir culpable de algo. *Eu estou pensando en darlle unha carreiriña anque me custe bo traballo, pois paréceme un cárrego de conciencia o adicalo a fozar na terra coma eu, que nunca saín diso*. (218)

197. **dedo de matar as pulgas** ls. Dedo polgar. *Tan preciosidade que, puxábaselle co dedo de mata-las pulgas por un botonciño e ¡zas! abríase de seu como por encanto.* (173)

198. **este mundo** ls. A Terra. *Tremiñan alí onde comenza a xusticia, que é outra virtude, das máis grandes, e que non atopándose por iste mundo, dá lugar a isa tendencia tan estendida, e tan esprotada, de buscala no outro*. (230)

199. **home de pluma** ls. Home con estudos, que non traballa no campo. *Pensou, e pensou ben, que el non era un labrego calquera, el era un home de pruma, como todos saben; así que el sabería o que había de responder cando lle perguntasen o que era*. (83)

200. **nome de pía** ls. Nome que se lle dá a alguén ao bautizalo. *Xexé era un homiño de Dios. Xan era o nome de pía, e tan ben lle caía que pode decirse, parodeando a Rosalía, que era un Xan compreto.* (229)

201. **ollo clínico** ls. Aptitude para diagnosticar as doenzas con precisión e rapidez. *O médico, que tiña bo ollo clínico, axiña lle conoceu o mal.* (109)

202. **ollos de can doente** ls. Ollos de enfado, de carraxe. *E poñendo uns ollos de can doente, tirou do cesto, arrincándoo das gadoupas daquelas rapiñas.* (145)

203. **o máis pintado** ls. O máis afouto, valente, ousado. *[...] co cal se iban enteirando da importáncea que tiña o tal deporte no mundo enteiro, e alcendéndolle, cada ves máis, o desexo, non soio de egoalar ós máis pintados [...]*. (210)

204. **o outro mundo** ls. [Nalgunhas crenzas] o mundo que hai despois da morte. *Acordoulle se morrería e estaría no outro mundo, soilo que, aquelo a groria non era, nin o inferno, nin o purgatorio, nin o limbo, posto que non había rapaces*. (96)

205. **punto de vista** ls. Maneira de ver, considerar ou xulgar. *Xa nas vispras ben entradas, unha noite antes de deitarse fixeron xunta xeneral o tío Mosteiro i a súa muller e dempois de debati-la custión baixo tódolos puntos de vista, acordaron por unanimidá acodir a seu veciño Pepe do Barro [...]*. (87)

206. **salvo a parte** ls. Xenitais [eufemismo]. *Pero Ciridonio, que veu o viño en peligro, zorregoulle un couce en salvo a parte que lle fixo a Xaquín soltar unhas gordas a Ciridonio e máis á etcétera que o parira.* (142)

207. **santo remedio** ls. Medida, decisión ou solución moi eficaz. *Foi santo remedio. Mentras aquel médeco estivo no regimiento, Mingucho non volveu a estar máis doente*. (111) // *Foi santo remedio. En cinco menutos quedou*

*a praza compretamente despexada e silenzosa*. (191)

208. **unha das súas** ls. Acción típica, normalmente mala ou negativa, dunha persoa. *Eu non sei como raio se fixeron con un vestido de frade, e un día en que Roque Peneco, o Peludo, tomara unha das súas [unha borracheira] e por pouco deixa á muller cun ollo soio [...]*. (95)

209. **un milagre de [algo]** ls. Moi + adxectivo. *E falaba dun rapás que tiña, que era un milagre de sabido. Na escola era o máis adiantado, tanto que o maestro estaba tolo con il.* (217)

210. **un si e outro tamén** ls. Todos. *Estaba preto a festa de San Lois, festa que como Gundián, o san Xorxe e algunha máis, é costume, e daquela érao máis, de iren a xantar ali, un si e outro tamén, case tódolos veciños en catro légoas á redonda.* (86)

### 2.3. Locucións adxectivas

211. **á vista** ladx. Visible, que se pode ver. *[...] pois el soilo entendía de cousas á vista; do que estivera escondido non entendía máis que da paletilla [...]*. (115)

212. **ao corrente** ladx. Informado. *Ben se che conoce que non les nin siquera "O EMIGRADO", que senón estarías ó corrente das novas desposicións e verías a necesidade de que entremos todos de cheo na vida moderna*. (152)

213. **á parcería** ladx. Dise de algo que se posúe a medias; cun contrato entre o propietario dunha terra e o que a traballa ou entre o propietario de determinadas pezas de gando e o que as coida, polo que ambos participan dos produtos ou beneficios tirados. *Tiñan un ichó á parcería co cal aínda non pillaran nada.* (103) *// [...] resolveu montar a taberna para ir tirando, axudado por unhas vaquiñas que tiña á parceiría [...]*. (141)

214. **a xeito** / **ao xeito 1**. ladx. Axeitado, adecuado. *Buscou un ameneiro ó xeito, cortouno, limou unha serra vella que había na casa e tronzouno en toras*. (206)

215. **calado coma un morto** ladx. Sen dicir nada. *A todo isto, o do torno quieto e calado como un morto, propoñéndose que, se dalgún xeito alí se chegaban e podía descolgarse, botaríase a fuxir, sin que o conoceran.* (199)

216. **coma novo** ladx. En perfecto estado. *Comproullos en seis pesos un tratante que tan pronto os adequireu, levounos á fonte de San Antonio que está alí cerquiña e a poder de xerros de auga e de rascalos cun croio, deixounos coma novos, mandándoos axiña á feira mentres que lle facía a mesma operación a outros máis que alí tiña*. (77)

217. **coma unha prata** ladx. Moi limpo. *Il empeñárase en que había de ir eu a probarlle as filloas, pois estrenara unha pedra das lexítimas de Negreiros "que as daba como unha prata"*. (177)

218. **contento coma unhas pascuas** ladx. Moi contento. *Farruquiño vendeu o cabalo por sete pesos; comprou por seis o aparello, novo de todo, e marchouse con el ó lombo prá casa contento coma unhas pascuas.* (162)

219. **con todas as da lei** ladx. Completo, legal, regramentario, con todas as garantías. *[...] un americano dunha parroquia de Montes cuio nome e lugar se lle endicaba, proieutaba en tal día*

*e a tal santo facerlle unha función con tódalas da lei e solecitaba o concurso do gaiteiro Rei con toda a súa banda.* (89)

220. **corpo a corpo** ladx. Dise dunha loita que se fai con contacto directo entre os implicados. *Foi unha verdadeira loita corpo a corpo* (212)

221. **de a moio** ladx. Moi grande, importante, relevante. *Resultado tal ves desta visita foi un ediuto, que apareceu na porta da ilesia o domingo que veu prohibindo o xogo do balón en toda a parroquia e castigando con multas de a moio as infraucións* (216) // *É unha verdade de a moio aquilo de que "as circunstánceas mandan".* (199)

222. **de bo ver** ladx. Ben considerado, ben visto. *[...] aquil bacalau de Jueves Santo, día que era de bon ver o ir ás ilesias bebendo en cantas fontes se atoparan, anque non houbera sede*. (136)

223. **de confianza** ladx. [Persoa ou cousa] en que se pode confiar. *[...] cando chegou a un mesón, que polas trazas e pola cara da xente que veu na porta, pareceulle de toda confianza*. (75) // *-Mire, vostede quería fusos bos e de confianza, craro está, e é o caso que xa todos están escollidos*. (207)

224. **de costume** ladx. Habitual, acostumado. *Acodiron alí dúas veciñas para ve-la compra e poñerlle precio, como é de costume nistes casos.* (77)

225. **de marras** ladx. [Persoa ou cousa] coñecida, consabida. *Rei tratou de non facer alusión ó caso de marras*. (90) // *[...] dirixeuse ó crego de marras decíndolle [...]*. (98)

226. **de moda** ladx. [Prenda de vestir] acorde cos gustos do momento. *[...] quedándolle a modo de polainas de moda.* (134) // *[...] e amostrando os artístecos escotes dos zapatos de moda por antre os paus espaciados da balaustrada dos corredores.* (186)

227. **de palabra** ladx. [Persoa] cumpridora das promesas ou compromisos. *Eu sempre fun de palabra, e niste caso, cúmproa con moito gusto.* (208)

228. **tumbado de pernas arriba** ladx. Dise dunha persoa que está sen traballar, sendo unha persoa nugallá. *[...] eu teño que ter conta da miña vida, que a non ganei tumbado de pernas arriba sinón traballando forte e duro.* (138)

229. **de pouco atrás** ladx. Moi recente, desde hai pouco tempo. *Os fillos do Tío Bartolo, dous eles e dúas elas, familia veciña de pouco atrás, propoñianse estrenar uns reices que trouxeran da súa terra [...]*. (84)

230. **de xeito** ladx. Axeitado, apropiado. *Non topache ningunha [xuvenca] de xeito? -Como topar, topei, topei; pero, mire ¡anque lle fora o demo! De cantas mirei ningunha, nin por milagre, lle tiña dentes de riba.* (171)

231. **do leite** ladx. [Animal] que aínda mama, mamote. *Oíra a fala de que por aqueles sitios [...] adoitaban matar burros para aporveitárlle-la carne o mesmo que si foran becerros do leite.* (74)

232. **dos demos** ladx. Extraordinario, moi grande. *Tanto se indinou, sobor todo cando veu a risa dos acompañantes e que máis dun cento de rapaces lle armaban unha festa dos demos, que xurou que se daquela non pegara, o que era doutra había de pegar, ou el deixaba de ser Pepe*. (146)

233. **doutro mundo** ladx. Extraordinario, excepcional. *Deixemos a Xaquín*

*Taboada contando os seus milagres a catro ou seis que lle escoitan coa boca aberta como se oíran cousas de outro mundo.* (81)

234. **en cuestión** ladx. [A persoa ou cousa] de que se trata ou a que nos referimos. *Unha noite de inverno xogaba á berisca cuns veciños na súa casa, os cales se propuxeron saber o que había de certo acerca da crus en custión.* (148)

235. **en desuso** ladx. Desusado, que non se usa ou aplica. *[...] máis estrambóetecos e máis en desuso que poidera ver pra espetalos con toda a mala entenceón [...].* (221)

236. **enteiro e verdadeiro** ladx. Completo, na súa totalidade. *[...] máis abaixo engarráronlle os dous pés nun odre de viño, e alá se foi enteiro e verdadeiro.* (87)

237. **ergueito coma un fuso de lagar** ladx. Moi dereito. *Antre os presentes estaba tamén Bieito Ramallos, ergueito coma un fuso de lagar, posta a súa capa azulada, de bandas vermellas, que fora nova en tempos pasados, con esa prestancia de quen está pagado do tipo ou dun parentesco que por liña torcida tivera con persona escolleita.* (168)

238. **feito e dereito** ladx. Completo, auténtico. *¡Aquello era o demo! El non era el. Era un frade feito e dreito que estaba no seu convento.* (96)

239. **fraco coma as táboas dunha cancela** ladx. Moi delgado. *Víñaselle á imaxinación un xumento que había no seu lugar, fraco coma as táboas dunha cancela e coas partes veciñas ó rabo recubertas de moscas e porcallada ¡apff! vamos, que antes de comer burro, seica se deixaría morrer de fame.* (74)

240. **frío coma un croio** ladx. Moi frío. *O compañeiro estaba frío coma un croio.* (179)

241. **gordo coma un trambollo** ladx. Moi gordo. *O tío Zanfona tiña o seu porquiño para matar, un chiniño baixo, curto e gordo coma un trambollo.* (201)

242. **máis contento ca unhas castañolas en día de festa** ladx. Moi contento. *E logo de aprenderlle ben a leución e facerlla repetir unhas cantas veces e darlle algo [de diñeiro] xa prá conta, quedouse o cura e o rapás foise, cada un deles máis contento que unhas castañolas en día de festa.* (117)

243. **máis forte ca un buxo de cen anos** ladx. Moi forte. *[...] senón que lles facía crer [un zapateiro] ós seus crientes, os cales, cuns estiróns de dedos e catro bendicións, marchaban máis fortes que buxos de cen anos.* (115)

244. **máis seguro ca Mateu** ladx. Sen poder moverse, fixo. *E como as portas volven a erguerse, alí queda a probe [unha perdiz nunha trampa] máis segura que Mateu, si ben hai moitas tan avisadas coma Casanellas, que ó chegaren, [...] dan volta mirando moito onde pon os pés.* (103)

245. **máis vello có andar a gatas** ladx. Moi vello. *Hoxe vou a decirvos como se fan [os cortizos], porque así cómpre ó bo entendemento do conto que é xa mais vello que o andar a gatas.* (126)

246. **medio morto** ladx. Moi canso, sen forzas. *O probe pateou e forcexeou inutelmente hastra que, cansado e medio morto, resolveu deixarse, á boa de Dios, ó que saíse.* (198)

247. **mondo coma unha mazá** ladx. [Cabeza] sen pelo, calva. *[...] levou as*

*mans á cabeza para tirar dos pelos e alcontrouna monda coma unha mazán, a non ser a estreita redouza que lle iba de cexa a cexa por detrás do curuto.* (95-96)

248. **morto de fame** ladx. Esfameado, con moita necesidade de comer. *Un can ladraba na eira, que parecía seu irmán, fóra a alma, por aquelo de podérselle contar os ósos a ollo, e un gato roncaba na parromeira máis morto de fame, que vivo de xenio […].* (149)

249. **no traxe que Adán tiña antes do pecado** ladx. Nu. *Cando estivo no traxe que Adán tiña antes do pecado, mandouno [o médico] deitarse encima da cama, de papo abaixo e co corpo ben esterricado.* (110)

250. **pasado de sazón** ladx. Persoa mais ca madura. *Tiña a súa casa nas ribeiras do Ulla na que vivía coa súa muller e dúas irmás desta, solteiras e sin moita espranza de deixar de selo por iren pasadas de sazón: quer decirse, que xa pasaban un pouco de maduras.* (89)

251. **polo xeito** ladx. Semellante. *E logo fálelle vostede [ao médico] da paletilla, do mal de ollo e doutras cousas polo xeito: deso non lle queren entender.* (79) // *Falaron do tempo, do caro que estaba todo e doutras cousas polo xeito, que falan sempre os que teñen pouco que facer.* (106)

252. **que mete medo** ladx. Impresionante. *[…] Ó ver aquelo as rapazas, acodiron tamén, pero tan aturdidas, que non se coidaron de quitar as súas rocas da centura, e como tamén iban diante, máis axiña chegaron ó lume, que lapareou por todas elas cun garbo que metía medo.* (120)

253. **quieto coma unha estaca** ladx. Sen se mover, quieto de todo. *Dempois de interminabres ensaios, poido, ó fin, o árbitro xunta-los bicos e tocou o corno fortemente, e ó ouílo todos se quedaron quietos como estacas, según a consina que tiñan do maestro.* (212-213)

254. **tan avisado coma Casanellas** ladx. Moi prudente, moi precavido. *E como as portas volven a erguerse, alí queda a probe [unha perdiz nunha trampa] máis segura que Mateu, si ben hai moitas tan avisadas coma Casanellas, que ó chegaren, […] dan volta mirando moito onde pon os pés.* (103)

255. **vivo de xenio** ladx. Agudo, espelido. *Un can ladraba na eira, que parecía seu irmán, fóra a alma, por aquelo de podérselle contar os ósos a ollo, e un gato roncaba na parromeira máis morto de fame, que vivo de xenio […].* (149)

### 2.4. Locucións adverbiais

256. **á beira** ladv. Preto, moi próximo. *Puxo a Ciridonio á beira desposto a facer canto lle mandase.* (139) // *Por diante del non pasaba ningún dos que botaban o viño; ambos daban a volta ó chegarlle á beira.* (169) // *Á pirmeira labarada de lus que entrou, torcín a cabeza, e vin a cara líveda do defunto que tiña á beira.* (180) // *Ó tela á beira suxetouna co gancho collido ca man esquerda, e ca dreita foille quitando as cereixas e botándoas ó cesto.* (226)

257. **á boa de Deus** ladv. De calquera maneira, sen reflexión. *O probe pateou e forcexeou inutelmente hastra que, cansado e medio morto, resolveu deixarse, á boa de Dios, ó que saíse.* (198)

258. **a cabalo / de a cabalo** ladv. Coas pernas abertas sobre o lombo da

cabalgadura que se monta. *Os oficios eran: "a parranda"; dous "contrabandistas" de a cabalo, que non facían nada; dous "pelegrinos", un a cabalo e outro a pé, que tampouco facían nada [...]*. (157-158)

259. **á cabeza** ladv. Diante de todo. *[...] poñéndoa no segundo lugar á cabeza, como lle correspondía por númaro de socios, según fora acordado*. (133)

260. **a cada paso** ladv. Frecuentemente, a miúdo. *Os montes íbanse cobrindo de pinos en ves das carpazas que antes había e as abellas non tiñan onde libar e a cada paso iba habendo menos*. (90)

261. **á espera** ladv. Agardando [alguén ou algo]. *E queiras ou non, Xuna foise co compadre e Xan quedouse á espera de que botasen o ramo*. (230)

262. **á forza** ladv. Contra a propia vontade. *Ademais iban: uns vendedores de roupa vella, que lla vestían á forza ós parroquianos [...]*. (158)

263. **á fronte** ladv. Dirixindo, comandando [algo]. *[...] que el nacera para estar ó frente decote, non para estar en fías mesturado coa demais xente*. (131) // *[...] e alá se foi a poñerse ó frente da entidade social máis importante do destrito, como el quería que fose a sociedade ó seu mando*. (132)

264. **a gatas** ladv. Apoiando as mans e os xeonllos. *Cando o crego e o empregado se viron na parte de fóra do tellado botáronse a gatas polas tellas, cada un por onde pudo, buscando con ánsea a saída*. (198)

265. **a gusto** ladv. 1. Ben, con comodidade. *Elas querían estar a gusto, fose como quixer*. (165) 2. Con tranquilidade e satisfacción. *Voltaban xuntas da festa, da que saíran un pouco máis cedo co fin de xantar a gusto na vila*. (165) // *Unha e logo outra, fóronse debruzando encima da mesa, e presto se foron quedando todas, unhas soneando a gusto e outras roncando coma carracas*. (166) // *Eu, como con ouxeto de velatorio había por alí rapazas boniteiras, quedeime moito a gusto enredando coelas*. (179)

266. **á mañá** ladv. Pola mañá. *Certo día pola tarde, viña de Santiago a onde fora á miñán cun saco de billas ó lombo, que facelas era o seu oficio.* (78)

267. **á medida** ladv. Axustándose ás medidas particulares da persoa ou a cousa á que se refire. *Descursos arriba e descursos abaixo, soio viron o recurso de que Ciridonio tapara coa lengua o burato de arriba, o cal resultou mesmo á medida, e total que todo sería cousa dun menuto*. (140) // *E total, que el sentira bastante a vergonza, pero sentira moito máis as pesetas que lle voaran a el que inda na súa vida se decidira a facer un traxe á medida*. (141)

268. **á noite / pola noite** ladv. Durante a noite. *E socedeu que, cando á noite quixo colle-la bola para cear, millor dito, para ceala, remexeu antre o toxo do saco pero a bola non apareceu; voara mentres el fora darlle auga á mula*. (150) // *Porque o balón viñera na vispra pola noite*. (184)

269. **á noitiña** ladv. Nas primeiras horas da noite, despois do solpor e antes de que sexa noite pecha. *-Con iste, -díxose-coas que teño collidas e con outro que colla á noitiña, poida que me cheguen para a caravela*. (226)

270. **a non ser** ladv. Indica a exclusión, en canto á participación na acción expresada polo verbo, do termo que

segue. *Levou as mans á cabeza para tirar dos pelos e alcontrouna monda coma unha mazán, a non ser a estreita redouza que lle iba de cexa a cexa por detrás do curuto*. (96)

271. **ao amañecer** ladv. Cando amañece, no momento en que comeza a saír o sol. *Ó amañecer, que xa ha de estar de bo xeito, cóllelo e mételo na casa, e seguidamente bótaste polo lugar abaixo lamentándote de que che roubaron o porco*. (202)

272. **ao cabaliño** ladv. Subido encima do lombo ou dos ombreiros. *-¿Ti montas ben ó cabaliño?* (108)

273. **ao cabo** ladv. Finalmente, despois de todo. *É verdá que moito non podo, pero, anque ó cabo empeñe unha leira...*(218) // *Ó cabo saieu o señor*. (232)

274. **ao cabo de contas / ao cabo das contas** ladv. Finalmente. *O outro resultado sabido e seguro, era quedarse dormido ó cabo de contas, tan prefundamente, que podian levalo ó río e darlle un baño ou colgalo dun pau e aforcalo, ou tiralo ó aire e xogar con el á pelota sin que houbera medo de que espertase.* (94) // *Farruquiño, como home prudente, miraba, vía e calaba; e ó cabo das contas, resolveu irse sen comprar.* (171)

275. **ao cerrar da noite** ladv. Cando se fai de noite. *Empezaban ó cerrar da noite logo de acomoda-lo gando, encende-lo lume e colgar o caldeiro dos porcos que fervía namentras que fiaban.* (119)

276. **ao dereito** ladv. 1. Directamente, sen se demorar nin se entreter. *Botáronse polas escaleiras arriba indo dreitiños a onde estaba o pan, facéndolle a festa ó dreito sin ningunha crase de comprimentos*. (76) // *Non houbo carrileira que non pasasen nin atallo que non collesen; e todo ó dereito coma se un santo os guiara.* (77) 2. Da maneira correcta, ben. *Non podo decir ó dreito se o ouín, se o lin ou o soñei*. (201).

277. **ao dereito** ladv. **1**. Directamente, sen se demorar nin se entreter. *Botáronse polas escaleiras arriba indo dreitiños a onde estaba o pan, facéndolle a festa ó dreito sin ningunha crase de comprimentos*. (76) // *Non houbo carrileira que non pasasen nin atallo que non collesen; e todo ó dereito coma se un santo os guiara*. (77) **2**. Da maneira correcta, ben. *Non podo decir ó dreito se o ouín, se o lin ou o soñei*. (201)

278. **ao efecto** ladv. Coa finalidade que se di. *O tío Martiño de boa gana descansaría tomando un bocado de algo que lle correse, pois co sofocamento non lle apetecía calquera cousa. Sitios ó efeito había de abondo.* (74)

279. **ao escurecer** ladv. Ao se facer de noite. *Cerrara a porta Xan Bobo / xa do día ó escurecer*. (99)

280. **ao fin** ladv. Por fin. *Armouse unha revolución na casa; todos mandaban calar sin que ninguén o fixese. Calaron ó fin todos; os de dentro co barullo e os de fóra coas conchas [...]*. (85) // *Ó fin, tanto o apuraron que, levantándose rapidamente, díxolles* [...]. (96) // *-Non te poñas con monadas, / porque ó fin que abrila tes, / que namentras que ti abres / eu teño que estar a ler...* (101) // *[...] cando ó fin enravechado [...]* (102) // *E dando dunhas noutras escomenzaron de cachetes, hastra que ó fin o Canivelo, como era algo máis forte que o Fiúncho, tirou con el de paturras, decíndolle: [...]*. (105)

281. **ao fin e ao cabo** ladv. Finalmente, en definitiva, en realidade. [Introduce un argumento que reforza unha afirmación anterior]. *Así que veu que fuxiran, chegouse el por alí, abreu o ichó, tapáste-lo narís? E fixo dentro o que ó fin e ó cabo tiña que facer noutro lado*. (103)
282. **ao fresco** ladv. Destapado, descuberto, ao aire. *Fixen unha crus na testa e non tiven outro remedio que resinarme a andar co dedo grande do pé ó fresco hastra o martes ás once que viñeron a traballar [os zapateiros]*. (91)
283. **ao lado** ladv. Preto, ao carón de algo ou alguén. *Xa sabedes, restes de a catro, homes e mulleres; cada un marche sempre detrás do que leve diante e gardando a misma lonxura do que leve ó lado*. (132)
284. **ao lombo** ladv. Sobre o lombo. *Certo día pola tarde, viña de Santiago a onde fora á miñán cun saco de billas ó lombo, que facelas era o seu oficio*. (78) // *Comprou por seis o aparello, novo de todo, e marchouse con el ó lombo prá casa contento coma unhas pascuas*. (162) // *Subeu por ela, anque pasou os seus traballos, volveu a baixala co porco ó lombo, levouno á casa e volveu pola esqueira*. (203)
285. **ao menos** ladv. Como mínimo ou aínda que non sexa máis que [o que se expresa]. -*¡Atendede! Ídevos á calle do Pexego, número vintesete; alí perguntades por Roque Peneco, que por mal nome lle chaman ou ó menos lle chamaban o Peludo*. (96) // *[...] tamén o é en contar feitos a il mesmo acaecidos, ou que, ó menos sabe moi ben apropialos, todo cunha gracia e un donaire que eu pra min ben quixera*. (232)
286. **ao oído** ladv. En voz moi baixa. *[...] sin decirlle ninguén nada, coma se un anxeliño lle estivera ditando ó oído*. (83)
287. **ao outro día máis** ladv. Ao día seguinte. *Ó outro día mais era a feira do Foxo e alá os levou disposta a vendelos polo que lle desen e comprar outros que non foran tan avisados*. (76) // *Nunha ocaseón que cocía para unha esfolla que había ter ó outro día máis (cocía na antevispra para que o pan lle enfriase no forno, pois enfriando fóra, abrandáballe a codia) [...]*. (150)
288. **ao parecer** ladv. Segundo as aparencias. *[...] E cuspía porque sin bens nin rentas, nin traballar gran cousa, vivía ó parecer folgadamente [...]*. (115)
289. **ao pé da letra** ladv. De maneira estrita, literalmente. *Unha desas cartas que empezou a escrebir acabalo dun tallo e non acabou, non sei por que, chegou ás miñas mans e aquí a traslado ó pé da letra para que vós ademiredes tamén*. (83) // *Xacobe foi á misa disposto a cumprir ó pé da letra os mandatos de súa tía*. (122)
290. **ao pronto** ladv. No momento, de inmediato. *Veu vir un home calquera, que iba gobernar a súa vida, e que ela ó pronto non conoceu, e fuxeu deixando o gando soio*. (113)
291. **ao que saíse** ladv. De calquera maneira, sen reflexión, aberto a tódalas posibilidades. *O probe pateou e forcexeou inutelmente hastra que, cansado e medio morto, resolveu deixarse, á boa de Dios, ó que saíse*. (198)
292. **ao redor** ladv. Na volta de algo ou alguén, no espazo que o rodea. *Mirando ó redor cunha risiña desimulada,*

*díxolle á muller polo baixo: -¡E mais seica pegou!* (146) // *Mirou se a xente o vía, esterricou o brazo, dou dúas voltas ó redor, apertou o dedo e ¡zas! o paraugas quedou aberto tan redondo como era*. (174) // *[...] como se agacha unha lebre cando sinte os cans ó redor*. (190)

293. **ao solpor** ladv. *No momento en que se pon o sol, ao ocaso. Ó solpor volveuse á cerdeira e colleu hastra que non se vía*. (228)

294. **ao son** [dun instrumento ou unha música] ladv. Soando ese instrumento ou música. *Mal por mal, éralle millor beilar ó son da gaita que ó son dunha tranca que el collía se se negaban a facelo.* (89) // *[...] e dándolle escolta viñan tamén seis mozos que foran a buscalo, marcando paso ó son do tarareo de "La del Soto del Parral"*. (186)

295. **a pares** ladv. Dous ou dúas de cada vez. *[...] acordaron por maoría de votos meterse para dentro, o que foron facendo unha por unha as máis anchas, e a pares as máis estreitas [...]*. (165)

296. **a pé** / **de a pé** ladv. Andando. *[...] un a cabalo e outro a pé [...]*. (158) // *Tamén pasaba un rigueiro por unha das esquinas, que, se con pouca auga, cubría bastante treito por ser chan o terreno, e atravesábao unha ponte de táboas para pasar a xente de a pé*. (186)

297. **a rastro** ladv. Polo chan, arrastrando. *Aquilo non tiña trazas. E como había que dispoñer as cousas do caso, quitárona de alí case que arrastro e metérona nun cuarto.* (194)

298. **á redonda** ladv. Ao redor. *Pero no que mais Xaquín se destinguía e no que se facía necesario en máis de vinte pasos á redonda, era na escribidura de cartas.* (83) // *Estaba preto a festa de san Lois, festa que como Gundián, ou san Xorxe e algunha máis, é costume, e daquela érao máis, de iren a xantar alí, un si e outro tamén, case tódolos veciños en catro légoas á redonda.* (86)

299. **ás costas** ladv. Sobre os ombros ou o lombo. *[...] para fóra o porco saleu, / meténdose polo medio / das pernas de don Xosé, / marchando con el a costas, / con présa que era de ver*. (102)

300. **así como así** ladv. Dígase o que se diga, de calquera maneira. *[...] vóucheme a ve-lo médeco, porque, así como así, xa vai con dous anos que lle pago o arrendo sin que o ganara en nada, polo si ou polo non quen entende, entende [...].* (175) // *O domingo na misa buscouse un compañeiro, pois non era cousa de ir soio, así como así.* (207)

301. **así e todo** ladv. A pesar de todo, aínda así. *Así e todo, petou no chan o mesmo que si fora un fol de fariña*. (108) // *Así e todo, heivos de confesar que soio era de lonse; ó verse un nela, atopábase tan ben que lle fuxía sin sentila*. (135) //*Así e todo degoraba ter trato con ela [Sabela da Casa Grande], e máis aínda terlle "entrada" na súa casa.* (206) // *Así e todo, houbo quen aviscando o balón, poido axeitarlle un puntapé tan forte que o fixo ir chinchando hastra os da outra banda*. (212)

302. **as máis das veces** ladv. Na maioría dos casos. *[...] armábase de gaita e empeñábase en que habían de beilar as tres, o que conseguía as máis das veces [...]*. (89)

303. **ás mancheas** ladv. En abundancia. *De modo e de maneira que, a calquer*

*outro probe, mandaríase con Dios ou despacharíase cun codelo ou cunha espiga, pero a el caíalle todo ás mancheas*. (155)

304. **ás moreas** ladv. En gran cantidade. *Os veciños, que chegaron ás moreas, ó enteirarse do caso, parteciparon do parecer da muller; aquelo tiña que ser cousa do demo, por forza*. (142) // *Algúns hastra o viran, e a ouír os pormenores que daban, axuntábanse ós outros ás moreas no camiño da misa no mesmo atrio da ilesia mentras o crego botaba responsos*. (184)

305. **ás sardiñas** ladv. Enriba da cabeza, enriba do corpo. *Agachouse a aguia, montou o raposo e alá se foi polo aire coel ás sardiñas.* (108) // *Polo llano, levábao pola man e polas costas, ás sardiñas.* (121)

306. **ás veces** ladv. Nalgunhas ocasións. *O demo sopra ás veces, Maripepa; e soceden cousas se non se ten ollo con el*. (130) // *Ás veces non iba soilo, que levaba tamén algún endevido da familia que el sabía poñer en caráuter para lle axudar a ganar a vida*. (155)

307. **ás voltas [con algo ou alguén]** ladv. Dedicándolle tempo ou traballo [a algunha cousa]. *Estaba ás voltas co seu traballo cando, ó mirar cara á porta [...]*. (126)

308. **á tarde** ladv. Durante a tarde, entre o medio día e a tardiña. *-Anque chova, mimadriña; anque pola miñán chova, imos á tarde*. (193)

309. **a tempo** ladv. En boa hora, en momento oportuno, puntualmente. *E inda che veu a tempo*. (129)

310. **a toda présa** ladv. Coa maior rapidez. *Mandouno tocar a toda présa, pero os bicos non se lle xuntaban e o corno non sonaba*. (212)

311. **a todo isto** ladv. Úsase para dar énfase a unha circunstancia de interese para o que se está a dicir. *O pai quixo adiantarse, pero o fillo coutouno. A todo isto, o do torno quieto e calado como un morto, propoñéndose que, se dalgún xeito alí se chegaban e podía descolgarse, botaríase a fuxir, sin que o conoceran.* (199)

312. **a todo máis** ladv. Como moito. *Sendo cuartaróns xa era outro caso; tomábaos anque fora á catalana sin que a gorxa tivera que funcionarlle máis que dúas veces a todo máis para cada un.* (94)

313. **a todo pulmón** ladv. Con toda a forza. *Tan logo se veu coa léngoa libre, berrou a todo pulmón*. (143)

314. **a un tempo** ladv. Simultaneamente. *Así quixo facelo; pero tamén quixo Dios ou o demo, ou os dous a un tempo [...]*. (134)

315. **a xeito** / **ao xeito** ladv. Da maneira adecuada, ben. *Douse o caso estrano de que se lle fose afacendo o estómago chegando a ser capás de tragar a lúa con cornos e todo se houbese quen lla puñera a xeito*. (121) // *Nin por marchar arrastro coma as cóbregas, nin por pegarse ó chau coma unha lapa confundindo o seu color co da herba, o galo non se lle poñia a xeito [ao raposo]*. (152) // *Farruquiño veu unha xuvenca que lle viña ó xeiro, chegouse a ela, miroulle a boca e deixouna*. (171) // *[...] foi o primeiro que saltou o desnivel e, colléndoa a xeito [a pelota], zorregoulle un zocazo soberbio [...]*. (187) // *Arrimouse a xeito a ver que falaban e oeu que o veciño decía: -Pois si, home, si. E o teu Alberte tamén che andaba por alí*. (205)

316. **á xunta da noite** ladv. Á noitiña, nas primeiras horas da noite, despois do solpor e antes de que sexa noite pecha. *Cando chegou á xunta da noite á casa perguntoulle a muller se quería comer algo, pero el contestoulle melancolicamente que non estaba comedeiro*. (124)
317. **cando cadra** ladv. Ocasionalmente, ás veces. *Eu sonlle veciño dun ó cal inda lle vou traballar á casa cando cadra, e seille moito como fan*. (79) // *O sol de inverno, cando cadra, tamén pica que rabea, e aquel día xa iba picando tamén un pouco*. (132) // *[...] víase cando cadraba cun borreiro de Montes [...]*. (89)
318. **cando eu diga misa** ladv. Nunca. -*¡Ah, larpeiro! ¡Xa me has de traguer o unto ese cando eu diga misa! ¡Como que siquiera me preguntache de onde era nin como me chamaba!* (80)
319. **cando menos** ladv. Como mínimo. *[...] alá se foron, cando menos, a ver se quedara algo de pan de antevíspera*. (77)
320. **canto máis** ladv. Con maior razón, especialmente. *[...] foi nos tempos de Mari-Castaña, tempos que xa non acordaba miña avoa, canto máis eu, nin cantos hoxe comen pan e beben... do que haxa*. (115)
321. **claro está** ladv. Por suposto, obviamente. [Úsase como inciso para dar máis énfase ao que se di]. *[...] cada un o que ben puido ou que lle pareceu, sempre ó menos daño, craro está [...]*. (201) // -*Mire, vostede quería fusos bos e de confianza, craro está, e é o caso que xa todos están escollidos*. (207)
322. **coa boca aberta** ladv. Abraiado, sorprendido. [Utilízase sobre todo cos verbos deixar, estar ou ficar]. *Bueno: deixemos a Xaquín Taboada contando os seus milagres a catro ou seis que lle escoitan coa boca aberta como se oíran cousas de outro mundo, e digamos quen era o noso heroe*. (81)
323. **coa (súa) lingua pequena** ladv. En voz baixa; para si mesmo. *E cando chegaba á porta do cuartel, virouse cara ó convento e faloulles coa súa lengua pequena*. (224)
324. **coma as chuvias** ladv. En abundancia, en moita cantidade. *Deron en xuntarse coma as chuvias [un grupo de rapaces] e presto me pasou unha pedra por onda as orellas*. (160)
325. **coma un lóstrego** ladv. Con moita rapidez. *Coma un lóstrego botouse fóra da capilla en busca de Pepe do Barro*. (87) // *O Fiúncho i o Canivelo non quixeron saber máis. Correndo como lóstregos, píllanse alá, e ó ver as prumas por pouco bailan unha muiñeira de gusto*. (104) // *Canto tal viron, fuxiron coma lóstregos, e ó verme por fin soilo, medín a miña situación*. (160) // *Sin poder desenrodarme das roupas, saltei da cama coma un lóstrego, levándoas arrastro*. (180) // *Pero como se meteu na casa inda ben eles non chegaron ó portal, cando Alberte pasaba por entre a folla veu un coma un [can] coma un lóstrego e botouse a el sin avisar, baixándolle un anaco do pantalón pola parte traseira*. (208)
326. **coma se tal cousa** ladv. Como se nada pasase. *Fernando comenzou a botar viño por un lado e Pepe polo outro, e cada un, ó chegar xunto a Bieito, volvia atrás coma se tal cousa*. (169)
327. **como é debido** ladv. Como é lícito ou como corresponde. *[...] facíalle a osquia máis ancha ou máis estreita*

*para que prendera como era debido*. (206)

328. **como quen non quere a cousa** ladv. Disimuladamente. *Un día que andaba co gando e máis de caza, veu pasar ó Fiuncho i ó Canivelo co chirimbolo, e así como quen non quere a cousa, sigueunos e observounos onde o iban armar*. (103)

329. **con estrelas** ladv. Moi cedo. *Hermenexildo Cancelas Cabezatronada deixara o leito casque con estrelas*. (131) // *Na vispra madrugara moito, case con estrelas*. (225)

330. **con todo** ladv. Porén. [Introduce unha oposición ou puntualización a algo que se dixo anteriormente]. *Con todo, o Grigorio botaba contas, porque vía moi longo o poder empanciparse, pro, como era ativo, soubo remexerse*. (222)

331. **de abondo** ladv. Suficiente(s), bastante(s). *O tío Martiño de boa gana descansaría tomando un bocado de algo que lle correse, pois co sofocamento non lle apetecía calquera cousa. Sitios ó efeito había de abondo.* (74) // *[...] e o resto, con barro de abondo para tapear unha porta*. (160) // *[...] e era todo o que cumpría, pois campos había de abondo, e pés tiña cada un os seus*. (209) // *Caeu un bo chaparrón, e por certo que non soilo esborruxou de abondo, senón presto deu en bota-la auga pola varilla abaixo, deixando a Farruquiño pouco máis mollado que se nono tivera*. (174) // *[...] pero aquí teñen de abondo coa corda das vacas e o mango das ferramentas [...]*. (216) // *Chegou á casa e sentouse nun tallo un pouco cansada e tamén un pouco mollada, pois chovera de abondo polo camiño*. (220)

332. **de acordo** ladv. De igual opinión. [Expresa a conformidade total]. *Nova deliberación da que non chegaron a poñerse de acordo, pois unha cuspíalle a unha cousa e outra cuspíalle a outra*. (166)

333. **de alí a pouco** ladv. Pasado un breve período de tempo. *De alí a pouco saieu de novo a señora, repentíndolle: [...]*. (232)

334. **de antigo** ladv. Desde hai moito tempo, desde tempos remotos. *Xa sabemos de antigo que o consultor de Farruquiño é o maestro da parroquia, e xunto del se foi Farruquiño*. (171)

335. **de aquí para ala/ de aquí para alí** ladv. Dun lado para outro. *Todos xemían e sudaban a turrar. Soio Bieito Ramallos, sin descolga-la capa, andaba de aquí para alí berrando: -¡Arriba! ¡Forte! ¡Coidado con isto! ¡Coidado con aquilo! -Pero sin botar a man a nada.* (169) // *-E o fúbol -sigueu decindo o maestro- é o medio máis axeitado para conseguir a robustés do home, porque pon en movimento órgaos e facultades: aduca as pernas e os pés correndo de aquí pra alá [...]*. (210)

336. **de balde** ladv. Gratis. *No mesmo Hotel comía de balde en troques de certos servicios de limpeza*. (141) // *Os primeiros días traballou de balde, que nono era de todo, posto que se mantiña nas casas onde iban a traballar [...]*. (222)

337. **de boa gana** ladv. Con gusto. *O tío Mosteiro de boa gana cambearía as dúas pesetas nun dos moitos postos que alí había para toma-las des, pero*

*a súa muller, dándolle un rempuxón, fíxoo entrar na capilla.* (87)

338. **de bruzos** ladv. Boca abaixo. *Non foi posibre que ningún se acordase onde bebera o millor viño, e como a cabeza lles pesase demasiado, puxéronse de bruzos na barandilla de ferro da ponte mirando cara ó río.* (92)

339. **de cheo** ladv. Por completo. *-Xa vexo que estás moi atrasado de noticias. Ben se che conoce que non les nin siquera "O EMIGRADO", que senón estarías ó corrente das novas desposicións e verías a necesidade de que entremos todos de cheo na vida moderna*. (152) // *-O que ti buscabas, era que eu entrara de cheo na túa boca*. (153)

340. **de contra** ladv. De modo contrario ou oposto a algo dito anteriormente. *De contra, non se lle podía chamar probe cando viña de vacacións á súa casa limpa e confortabre*. (154) // *E de contra deixáronlle a peza o mesmo que unha esterqueira, chea de cascas de ovos, tonas de chourizos, pranas de queixo, ósos de porco, papeles engraxados... ¡o demo! e por riba de todo, un cheiro a allos podres que adoecía.* (166)

341. **de cu** ladv. Sobre as nádegas. *Pero socedeu que detrás del estaba unha cesta arrasada de ovos doutra regateira, e co recúo que dou a tirar polo cesto, tropezou nela, e alá se foi de cu na mesma, espetándose hastra ó fondo*. (145)

342. **de demo** ladv. Moitísimo. *[...] e todas a comer de demo e barullar canto podían.* (165) // *Serían como as once do segundo día que levaba de camiño, i o sol queimaba de demo.* (73) // *-E tamén bos brazos para mallar nos de Xambre -dixo un pelexón-, que a última ves zorregáronnos de demo.* (210) // *Destoncias, foi cando o galo [ao raposo], dende a póla da cerdeira lle berrou de demo [...]*. (153)

343. **de diante** ladv. No lugar anterior. *Cando estaba limpando a terra dos ollos, aviscou a Pepe do Barro que estaba cuns amigos a un lado do campo, e alá se foi, dando de pernas enriba cunha vella que non lle arredou de diante*. (87)

344. **de favor** ladv. Como favor. *[...] alí veu o recurso de meterse na pirmeira porta que vise aberta e alí pedir de favor que o deixaran meter nunha corte co fin de sobir as cirolas*. (134)

345. **de fino** ladv. De forma elegante. *Aquela barba que tanto lle servía para darlle aspeito de personaxe pudente e arriscado, cando vestia de fino, como para envolto nos trapos aparentar unha calamidá pura e verdadeira.* (154)

346. **de firme** ladv. Moito, con intensidade. *Alí tivo a sorte de que o alcanzara un machetazo dos mambises en ocaseón que os fixera correr de firme, indo el diante, polo cal feito foi descansar un mes ó hespital e mais déronlle unha crus das baratas.* (147)

347. **de fociños** ladv. De fronte; de fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. [Úsase con diferentes verbos: dar, bater, caer...]. *Este non lle gustou o espello, e levantando o puño, doulle unha pancanda que case o tirou de fociños*. (122) // *Pasou o "cego" e, facendo coma que non vía, doume un rempuxazo que por pouco vou de fuciños.* (159) // *Dun esforzo, boteime a collelo, pero fíxeno con tan mala sorte que me espaturrei de fuciños na lama.*

(159) // *Cando un iba correndo, outro esterricaba a perna enganchándoo cun zoco e dando con el de fuciños*. (191)

348. **de folgueta** ladv. Non traballar, andar lacazaneando. *O caso foi que era un luns e que por selo, uns cantos zapateiros andaban de folgueta.* (91)

349. **de incógnito** ladv. Sen se dar a coñecer. *Ós dous días chegaba ó Ferrol "de incónito" nun carromato*. (180)

350. **de máis** ladv. En exceso. *Enchíalle tanto o ollo que xa llo enchía un pouco de máis, e polo tanto, con respeuto a ela, xa non tiña aspiracións maores.* (206)

351. **de mala gana** ladv. A desgusto, sen gana. *E alá se foi a servir a quen mal pagaba, por certo de moi mala gana*. (222)

352. **de mañá** / **pola mañá** ladv. Ás primeiras horas da mañá ou durante a mañá. *Díxose que a cousa non era para présa, e que polo menos hastra o día siguiente de mañán non podería arrincar o vehículo.* (178) // *Il saíra xa de mañán para Fontemollada, pero quedaba o Molexas, que era como da casa e dispoñía do balón*. (184) // *-Anque chova, mimadriña; anque pola miñán chova, imos á tarde*. (193)

353. **de matute** ladv. Sen cumprir coa legalidade. *Pepe das Baíñas levaba un desos sombreiros e del quixo valerse para pasar os ovos de matute*. (146)

354. **de memoria** ladv. Servíndose só da memoria. *-¡Iso mesmo é! O meu fillo é o que o sabe ben. Pois si: dendes que veu iste maestro aprenden que dá xenio. O meu sabe cantar de mamoria tódalas provincias do mundo.* (217) // *[...] sabe xa de mamoria cando ha de facer bo tempo ou cando ha de chover ¡e como il o diga...!* (218)

355. **de novo** ladv. Outra vez. *-¡Nin tampouco bebe! -berrou Fernando, que corría a enche-lo xerro de novo*. (170) // *E deseguida lle comenzaron a carrexar: primeiro, unha cómoda que uns caixóns lle tantaneaban, e algúns había que facerllos de novo [...]*. (223)

356. **de [número cardinal] en fondo** ladv. Formando unha fila que ten a fronte o número de unidades que indica o numeral. *A sociedade marchaba como quedaba endicado, de catro en fondo e el, o presidente, fóra de fías [...]*. (133)

357. **de pé** ladv. En posición vertical ou erguida, apoiándose nos pés. *Asombrado de verse nun sitio que non conocía, púxose de pé dun salto*. (95) // *Viñéranos precurar [abade e sancristán] / e fixéranlle saber / que andaba o demo na ilesia / a noite do día aquel / roñando o mesmo que un porco / tal barullo a meter / que os veciños con tal susto / non se tiñan xa de pé.* (99)

358. **de prestado** ladv. Sen que sexa da súa pertenza aquilo que se expresa. *[...] porque habedes de saber que na parroquia que se proieuta unha mascarada, os individuos que han de integrala, non descansan tres semanas antes para vestirse naquel día de prestado*. (157)

359. **de preto** ladv. Desde pouca distancia. *-Se nono fixemos -dixo un dos que seguiran o balón de preto, cando máis asustado fuxía-, a culpa foi dos do outro lado, que nosoutros ben o levabamos*. (213)

360. **de principio** ladv. Nos primeiros momentos. *De principio ganaría pouco, ou nada, asegún [...]*. (222)

361. **de raio** ladv. Moito. *As cirolas comenzábanlle a rabuñar de raio.*

*-¡Raio as parta!- decía el para si.* (132)

362. **de raíz** ladv. Completamente. *Soilo se curaría de raís dándose unhas boas fregas con unto de lobo por todo o corpo.* (79)

363. **de seguro** ladv. Con toda certeza; moi posiblemente. *Se o borreiro non lle chama ós pés amigos, de seguro a pasaría máis negra que un gato cando o esfolan.* (90)

364. **de seu** ladv. Por si mesmo. *Consiste [un ichó] nun bastidor que encuadra unha porta con dúas follas que se abren nun sentido e cérranse de seu tan pronto se deixan.* (103) // *Tan preciosidade que, puxábaselle co dedo de mata-las pulgas por un botonciño e ¡zas! abríase de seu como por encanto.* (173)

365. **de súpeto** ladv. De maneira súbita. *O tal ediuto caeu en Malpocados como unha bomba de moitas libras que non deixara vidros nin tellas nas casas, e ós malpocadenses coma a aguia que lle cortaran as aas de súpeto*. (216)

366. **de todo** ladv. Completamente, totalmente. *Ó ver tal, Xuana quedouse estantigüada de todo e por pouco lle dá un pasamento.* (77) // [...] *hastra que, desmaiado de todo, cubreu a cabeza coa capucha e deixouse caír sentado no catro onde dormira*. (96) // *Dende o fozadeiro hastra a punta do rabo, para el o rabo non tiña cousa mala; o mesmo comía o touciño da coarta que zugaba un óso deixándoo limpo de todo*. (136) // *[...] colgada no brazo unha gabardina que xa fora nova e inda non era vella de todo [...]*. (138) // *Farruquiño vendeu o cabalo por sete pesos; comprou por seis o aparello, novo de todo, e marchouse con el ó lombo prá casa contento coma unhas pascuas.* (162)

367. **de veras** ladv. De verdade, realmente. *A siguente xa foi un pouco de veras, encima dos lomedros.* (110) // *-¡Vaia, home, vaia! ¡E roubáronche o porco! ¿E xa llo dixeches por aí ós outros? -¡Non é iso! É que mo roubaron de veras ¡inda eu rabee!* (203)

368. **de verdade** ladv. Realmente. *A cousa é de verdá sinxela: búscase unha sobreira que dea o gordo, dáselle un fío en redondo que pase a cortiza sin entrar no pau [...]*. (126) // *-E é lástima que a túa [cara] engañe, Maripepa, que de verdá que a tés bonita. -¡Bueno! Véñaseme con lerias…* (128) // *[...] senón un balón de verdá, que se infraba e desinfraba [...]*. (184)

369. **de vez en cando** ladv. Cada certo tempo, ás veces. *Os que por custión do seu oficio fan vida viaxeira, soien atoparse de ves en cando.* (89) // *Era este un raposo xa corrido, tanto polo que correra como polo que o correran; nas súas mocedades fora a Castela, así que na súa conversa, para darse tono, soía mesturar de ves en cando algunha verba en castelán [...]*. (106) // *O tío Zanfona pasaba de vex en cando , co fin de bota-lo parrafeo e toma-la coapa, por casa do tío Xirafa [...]*. (201).

370. **dunha vez** ladv. **1**. Definitivamente. *Pero vendo que non levaba trazas de que se puñera millor, resolveu consultalo en regla e curalo dunha ves.* (109) // *Cansado xa e perdida a pacencia, resolveu da-lo golpe dunha ves botándose á carreira [o raposo para coller o galo]*. (152) **2**. Totalmente, completamente. *[O paraugas] deu en bota-la auga pola*

*varilla abaixo, deixando a Farruquiño pouco máis mollado que se nono tivera. Pero non por iso lle perdeu o agarimo, pois como bonito, érao dunha ves.* (174)

371. **en cambio** ladv. Con todo, polo contrario. -*¡Todo che aburre! E en cámbeo paréceche que comerías con gusto algunha cousa que non tes*. (128) // *Tiña moi ben aprendido que a perder ninguén se pon rico, en cámbeo, a roubar, pode ser.* (141)

372. **en carne e óso** ladv. En persoa. *O mesmo tío Silverio que anda por ahí en carne e óso poderá contárvolo se queredes.* (78)

373. **en confianza** ladv. De maneira reservada. *Xa o tiña manifestado en confianza: il quería ter "entrada" na Casa Grande [...]*. (207)

374. **en conxunto** ladv. Na súa totalidade, de maneira global. *E cando o bendeciron sería en conxunto, quedándolle igoal a virtude ó santo, ó dragón e á peana*. (236)

375. **en efecto** ladv. Efectivamente. *Nos grandes apuros é onde se ven os grandes homes, e Hermenexildo, que era en efeuto un home grande [...]*. (134)

376. **en fin** ladv. Resumidamente. *En fin: que se pon a contar e non acaba.* (78) // *En fin, que con facer o que os máis fagan, tes feito canto hai que facer*. (122) // *[...] en fin: daquelo non falaba Ciridonio, porque a el ninguén llas pegaba*. (141)

377. **en redondo** ladv. Circularmente, arredor. *A cousa é de verdá sinxela: búscase unha sobreira que dea o gordo, dáselle un fío en redondo que pase a cortiza sin entrar no pau.* (126)

378. **en regra** ladv. Conforme co que se considera correcto ou adecuado, ben, de acordo coas normas. *Vendo que non levaba trazas de que se puñera millor, resolveu consultalo en regla e curalo dunha ves.* (109)

379. **en roda** ladv. Ao redor. -*¡En roda, señores! ¡Todo o mundo en roda!* (169)

380. **en todo caso** ladv. Se hai algunha dúbida. *Todo é poñerse ás cousas, meu santo; e en todo caso vas onda o maiestro que te deprenda.* (183)

381. **en troques** ladv. Non obstante, polo contrario. *En troques, tiña tamén que entrar ó viño, porque mollara o peteiro coma as outras*. (166) // V*osoutros tendes callos nas maus porque traballades coelas, e en troques nonos tendes na testa nin no narís...* (210)

382. **hoxe en día** ladv. Na actualidade. *Hoxe en día ninguén se pon a andar camiño cun codelo de broa na faltriqueira e bebendo auga en calquera poza que se atope, como antano socedía*. (73)

383. **inda non ben** ladv. Menor que. *Dempois da xorza non comeu máis que unha toriña de morcilla, inda non ben que de media cuarta. E xa non quixo máis nada pois ¡non estaba comedeiro!* (125)

384. **máis ben** ladv. Mellor [Introduce unha matización]. *El é un home de mediana edá, máis ben vello que mozo, baixote e con cara de parvo, que padece un reumatismo crónico, ou cousa así [...].* (78)

385. **máis da conta** ladv. Excesivamente, máis do conveniente. -*Mira, ou te confesas, ou te levantas, pois xa me estás mareando un pouco máis da conta*. (97)

386. **máis ou menos** ladv. Aproximadamente. *No calor do entusiasmo ninguén desistía; namais que os que quedaban, un eiquí, outro alí, máis ou menos maltreitos según os máis ou menos que lle houberan pasado por encima*. (212)
387. **mal por mal** ladv. Entre todos os males. [Sinala unha opción menos mala ca outra, inda que non sexa boa]. *[...] mal por mal, éralle millor beilar ó son da gaita que ó son dunha tranca que el collía se se negaban a facelo.* (89)
388. **mentres que o mundo siga dando voltas** ladv. Sempre. [Dise para afirmar a continuidade de cousas e comportamentos]. *[...] é ben sabido que sempre houbo burros dos que non pousan no chan os catro remos, e, polas trazas que leva, seguiraos habendo mentras que o mundo siga dando voltas [...]*. (78)
389. **na súa vida** ladv. Nunca. *E total, que el sentira bastante a vergonza, pero sentira moito máis as pesetas que lle voaran a el que inda na súa vida se decidira a facer un traxe á medida.* (141)
390. **nas barbas de [alguén]** ladv. Na presenza [de alguén]. *Uns rapaces que por alí quedaron, deron en rírseme nas barbas con tan pouca crianza, que eu, que non estaba para risas, pranteille ó que estaba máis cerca un couce no traseiro que saíu voando tres varas polo menos.* (160)
391. **nin cinasco** ladv. Nada. *Os manelos arderon hastra non quedar nin cinasco*. (120) // *E xa a tiñamos armada hastra que do cesto non quedaba nin cinascos*. (214)
392. **nin máis nin menos** ladv. Exactamente, xustamente. *E Farruquiño quedouse abrindo a boca, nin máis nin menos que os moitos que alí estaban*. (173)
393. **nin moito menos** ladv. De ningunha maneira. *Os animosos veciños de Malpocados non se desanimaron, nin moito menos, co pouco éisito do primeiro intento [...]*. (213)
394. **nin por canto** ladv. Por nada. *[...] [o crego] acababa de ter un tropezo con certa autoridade, e nin por canto quería que o colleran entre as uñas [...]*. (196)
395. **no allo** ladv. Ao corrente, informado. *O cura,"que estaba no allo", vendo a cara que Bieito poñía, estoupaba coa risa arrimado á parede da ilesia.* (169)
396. **nos tempos a que chegamos** ladv. Actualmente. *E parece increíble que nos tempos a que chegamos, tales cousas sucedan.* (114)
397. **nos tempos de Mari-Castaña** ladv. En tempos antigos, moitos anos atrás. *[...] foi nos tempos de Mari-Castaña, tempos que xa non acordaba miña avoa, canto máis eu, nin cantos hoxe comen pan e beben... do que haxa.* (115)
398. **pola contra** ladv. De modo contrario ou oposto a algo dito anteriormente. *Pola contra, xúntanlle unha morea de paus e chaman a Farruquiño; e como Farruquiño non sabe facer a macáncona, despáchallos en dous días, e logo ten que esperar outros dous a que lle xunten outra morea.* (182)
399. **pola tarde** ladv. Durante a tarde, entre o medio día e a tardiña. *Certo día pola tarde, viña de Santiago a onde fora á miñán cun saco de billas ó lombo, que facelas era o seu oficio.* (78) // *[...] e*

*tamén onde os mozos, que pola tarde saen de tuna , se axuntan cantando os alalás enxebres [...]*. (185)

400. **polas trazas que leva** ladv. Polos indicios, tendo en conta as apariencias. *Esta afirmación escusaba de facela porque é ben sabido que sempre houbo burros dos que non pousan no chan os catro remos, e, polas trazas que leva, seguiraos habendo mentras que o mundo siga dando voltas […]*. (78)

401. **polo baixo** ladv. En voz baixa. *E mirando ó redor cunha risiña desimulada, díxolle á muller polo baixo [...]*. (146)

402. **polo de agora** / **por agora** ladv. No momento presente, sen ter en conta o que poida suceder máis tarde. *-Mire, -dixo a do Corgo- traianos un neto do Ulla por agora a ver como é.* (165) // *-Home, eu iso non cho podo decir, nin tal ves ningún, porque, de cantos pra alá se foron, polo de agora ninguén volveu contar nada [...]*. (231)

403. **polo de pronto** ladv. De momento. *-Bueno, mimadriña, logo xa eu o verei. Polo de pronto...ofrézame. ¡Alí onde haxa mellor música!* (193)

404. **polo demais** ladv. Á parte diso, no tocante a outras consideracións. *E istes foron os gastos únecos a deducir da súa fertuna, que trouxo polo demais enteiriña*. (141)

405. **polo menos** ladv. Como mínimo, aínda que non sexa máis que [o que se expresa]. *Resultaba que aquel bo home tiña que botar polo menos dous días de viaxe.* (79) // *Eu, que non estaba para risas, pranteille ó que estaba máis cerca un couce no traseiro que saíu voando tres varas polo menos.* (160) // *Díxose que a cousa non era para présa, e que polo menos hastra o día siguiente de mañán non podería arrincar o vehículo.* (178)

406. **polo tanto** ladv. En consecuencia. [Expresa a consecuencia do que se dixo antes]. *Veciño desta parroquia, e polo tanto feligrés do tal cura, era un endevido en quen a xente cuspía.* (115) // *Aquel día era sábado, e polo tanto, día de mozos*. (119) // *A iste, que a conocía ben [Sabela da Casa Grande] "de vista", enchíalle tanto o ollo que xa llo enchía un pouco de máis, e polo tanto, con respeuto a ela, xa non tiña aspiracións maores.* (206)

407. **polo si ou polo non** ladv. Como medida de precaución, polo que poida ocorrer. *O médico, que tiña bo ollo clínico, axiña lle conoceu o mal, mais, polo si ou polo non, os pirmeiros días deixouno rebaixado de servicio.* (109) // *[...] vóucheme a ve-lo médeco, porque, así como así, xa vai con dous anos que lle pago o arrendo sin que o ganara en nada, polo si ou polo non quen entende, entende […]*. (175)

408. **por aí** ladv. Máis ou menos. *Fai disto coma uns trinta anos. Tiña eu por aí uns dazasete*. (178)

409. **por cabeza** ladv. Expresa o que lle corresponde a cada individuo nunha repartición. *E aquí armouse un novo lío, porque verdá era que lles tocaba a cadela por cabeza, pero resultaba que a Xorobada comera o caldo ela soila e polo mesmo non tiñan para que pagarllo as outras*. (166)

410. **por certo** ladv. En realidade. [Úsase para poñer algo en relación co que se dixo]. *[...] resolveu saír e foise dereito a onde tiña a roupa, por certo, debaixo dunha nube de zapatos e alpargatas que lle iban caíndo encima sin que soubera de onde saían […]*. (111)

*// Ao fin pudo leva-la operación ao cabo [afeitarse] sin outro resultado que unhas rascaduras nas faceiras, que por certo lle deron boa rabecha.* (132) // *E sigueu a múseca, sigueu a mascarada e seguín eu tamén coma a demais xente, que iba moita, por certo.* (158) // *E poxo abaixo, poxo arriba, colleuno [un paraugas] ó fin en vintecinco reás, que por certo, nono daría anque lle deran cen.* (173)

411. **por completo** ladv. Completamente, totalmente. *O home foi polo gando, e topou as cinco vacas e maila xuvenca moi a seu gusto nunha veiga de millo, que quedou arrasada por compreto*. (113) // *Inda tiña moitos zocazos que sofrir aquela tarde. O que si que o xogo comenzou a desmoralizarse por compreto.* (190-191)

412. **por en canto** ladv. De momento. *E namentras andaban vendo se lle aparecía familia, ou que habían de facer, tiña a cama acupada "por encuanto"*. (179)

413. **por encima** ladv. Ademais. *-Ista si que foi boa. Quedar sin o porco, porque sin el quedei, que eu nono vexo, e por encima quedar tamén por marrao.* (204)

414. **por exemplo** ladv. Poñendo por caso: a modo de ilustración. [Emprégase cando se quere ilustrar ou afirmar algo mediante un exemplo]. *E descorrindo, descorrindo, viron que o millor era, en ves de un equipo soio que tiñan, estabrecer váreos, por exempro, tantos como lugares tiña a parroquia [...]*. (213) // *Se a calquera se lle pedía un cesto, por exemplo, nono daba coa mau, como hastra alí, senón que o tiraba ó aire e mandábao con unha patada [...]*. (214)

415. **por fin** ladv. Finalmente. *Chegoulle, por fin, a vez e perguntoulle o sarxento: [...]*. (83) // *Xa un pouco tardeiro chegaron, por fin, os do Tío Bartolo tocando nunhas conchas.* (85) // *Aquí andan, alí andan...cheguei por fin a velas nunha eira ó tempo que o "general" berraba: [...]*. (157) // *O primeiro en atopala foi o empregado, que, anda que anda, gatea que gatea e busca que te busca, chegou por fin a unha parede que daba a unha horta*. (198)

416. **por forza** ladv. Necesariamente, forzosamente. *Os veciños, que chegaron ás moreas, ó enteirarse do caso, parteciparon do parecer da muller; aquelo tiña que ser cousa do demo, por forza*. (142)

417. **por liña torcida** ladv. [Relación de parentesco] por afinidade, non por consanguinidade. *Antre os presentes estaba tamén Bieito Ramallos, ergueito coma un fuso de lagar, posta a súa capa azulada, de bandas vermellas, que fora nova en tempos pasados, con esa prestancia de quen está pagado do tipo ou dun parentesco que por liña torcida tivera con persona escolleita.* (168)

418. **por milagre** ladv. Por casualidade. *-Non topache ningunha [xuvenca] de xeito? -Como topar, topei, topei; pero, mire ¡anque lle fora o demo! De cantas mirei ningunha, nin por milagre, lle tiña dentes de riba.* (171)

419. **por pouco** ladv. Case. *Ó ver tal, Xuana, quedouse estantigüada de todo e por pouco lle dá un pasamento.* (77) // *Eu non sei como raio se fixeron con un vestido de frade, e un día en que Roque Peneco, o Peludo, tomara unha das súas [unha borracheira]*

*e por pouco deixa á muller cun ollo soio.* (95) // *O Fiúncho i o Canivelo non quixeron saber máis. Correndo como lóstregos, píllanse alá, e ó ver as prumas por pouco bailan unha muiñeira de gusto.* (104) // *Pasou o "cego" e, facendo coma que non vía, doume un rempuxazo que por pouco vou de fuciños.* (159)

420. **por se acaso** ladv. Como medida de prevención. *Por se acaso ergueu a caravela e foi andando*. (228)
421. **por suposto** ladv. Evidentemente. [Dise para manifestar acordo con algo que se dixo, así como a súa gran convicción ao respecto]. -*E, por suposto, que tamén irías á entendida*. (129)
422. **por unanimidade** ladv. De maneira unánime. *Xa nas vispras ben entradas, unha noite antes de deitarse fixeron xunta xeneral o tío Mosteiro i a súa muller e dempois de debati-la custión baixo tódolos puntos de vista, acordaron por unanimidá acodir a seu veiño Pepe do Barro, o que non receiou en prestarlle dúas pesetas para que fosen á romaría*. (87)
423. **pouco a pouco** ladv. De maneira continua pero lenta. *E, máis amigos que nunca, o Canivelo foi metendo a man pouquiño a pouco, e tan pronto atopou cas prumas, dixo: [...]*. (105) // *Mingucho, pouco a pouco, coma se lle costara gran traballo*. (110)
424. **que nin pintado** ladv. Moi ben, moi adecuado. -*¡Nada, ho! Se queres tamén convencerme a min ¡pois convencido! Vaite con Dios, e boa sorte, que a cousa hache de saír que nin pintada.* (203)
425. **que rabea** ladv. Moito. *O sol de inverno, cando cadra, tamén pica que rabea, e aquel día xa iba picando tamén un pouco.* (132)
426. **sobre todo** ladv. De modo principal, de modo especial. *Pró adiante has ter moito coidado coas pedras, que son moi malas para xargóns, sobre todo de noite e fóra da casa.* (130) // *E sobre todo, aquela barba*. (154)
427. **tarde, mal e arrastro** ladv. Tarde e de maneira irregular. *Os criados fuxían de alí como do lume e os xornaleiros, pouco máis tiña, porque ademais do trato, que era coma de quen viña, pagáballes tarde, mal e arrastro. (*149)
428. **unha vez ou outra** ladv. Nunha ou noutra ocasión. *A probe conocía prauticamente o toque de tódolos chirimbolos da zapatería: empezando polo martillo [...], todo, unha ves ou outra, lle fora dar á súa cabeza, que tiña máis croques nela que o Santo aquel que peta no peito tralo Pórtico da Groria.* (94)

### 2.5. Locucións prepositivas

429. **abaixo de** lprep. Na parte ou lugar inferior de algo. *[...] un pano á cabeza dando volta ó gañote e atado no curuto e por riba unha pucha de lan hastra abaixo das orellas: todo por mor do frío*. (121).
430. **á altura de** lprep. Ao nivel de, a par de. *[...] quitou as dúas pesetas, púxollas á altura do narís e díxolle secamente: [...]*. (88) // *[...] fixou Antón a vista nos idem que lle colgaban á altura da cabeza [...].* (124)
431. **á beira de** lprep. Nun lugar próximo a. *Xa á beira do lugar que se lle endicara, afinou a gaita e entrou tocando en compás de paso dobre a muiñera de Sandán, que era a súa especialidá*. (90) // *Ciridonio quixo decirlle que*

*acudise alí a tapar aquelo, pero como tiña a lengua ocupada no oficio de tapón, soilo pudo soltar un berro fondo que, por estar á beira da pipa, resonou así como os da raposa cando está en celo*. (142)

432. **a carón de** lprep. Moi preto de. *Así andaba cando chegou por alí unha aguia que se pousou a descansar nunha peneda acarón do sitio no que o raposo paseaba*. (106) // *Sentámonos a carón da pedra que co seu braseira quentaba a cuciña alomeada cunha lampra de carburo*. (177)

433. **á conta de** lprep. Aproveitando certa circunstancia da persoa ou da cousa que se expresa. *Á miña conta que ninguén se devirta ¡Porra!* (176)

434. **a forza de** lprep. Polo feito (realizado intensa e repetidamente) de. *A forza de rogos tales / Xan, tremano, a porta abreu [...]*. (101) // *Soilo a forza de cinto se movía*. (109)

435. **a pesar de** lprep. Contra o desexo, a vontade etc., de alguén ou contra a resistencia de algo. *-¡Vaia pois logo! Xa que se empeñan, voulles a contar un que me pasou a min mesmo, e que a pesar do tempo que pasou, ben poucas veces o teño contado: [...]*. (178) // *[...] iles estaban dispostos a chegar e chegarían a pesar dos tropezos, e a pesar tamén de non quedar unha folla de arnica en ningún brañal da parroquia*. (213) // *E Xan, apesares do fresquiño que corría, comenzou as súas, camiño de S. Xorxe*. (236)

436. **a poder de** lprep. Polo feito de realizar algo intensa e repetidamente. *Comproullos en seis pesos un tratante que tan pronto os adequireu, levounos á fonte de San Antonio que está alí cerquiña e a poder de xerros de auga e de rascalos cun croio, deixounos coma novos, mandándoos axiña á feira mentres que lle facía a mesma operación a outros máis que alí tiña*. (77)

437. **acerca de** lprep. Respecto a, sobre. *Unha noite de inverno xogaba á berisca cuns veciños na súa casa, os cales se propuxeron saber o que había de certo acerca da crus en custión*. (148)

438. **ademais de** lprep. Por enriba de, sumado a. [Introduce unha cousa ou acción que se engade a outra que se expresa]. *Deron en chegar as parrandas que ali chamaban cadrillas, compostas, ademais das voces, dunha frauta, ou dun acordeón, ou dunha pandeireta, ou de nada, que eran as máis*. (84) // *Os criados fuxían de alí como do lume e os xornaleiros, pouco máis tiña, porque ademais do trato, que era coma de quen viña, pagáballes tarde, mal e arrastro*. (149) // *Foran na compaña dun seu compadre, que ademais de ser amigo e compañeiro, no tocante á confianza na casa, tiña canta quería*. (229)

439. **antes de** lprep. Nun tempo anterior a algo. *Antes de comer burro, seica se deixaría morrer de fame*. (74) // *E foi de maneira que, antes de tremiñar o aprendizaxe de carpinteiro, xa Grigorio lle tiña pagado ó amo e podía traballar pra si, sendo dono do xornal que ganaba*. (222) // *Pouco antes das doce chegou Xan de volta*. (236)

440. **ao cabo de** lprep. Despois de. *Ó cabo de poucos días, chegaba o borreiro polas portas de Rei, en ocasión en que estaban as mulleres soias*. (90) // *Isto pasou en catro segundos, ó cabo dos*

*cales, ardían os catro manelos cada un na súa roca*. (120)

441. **ao mesmo tempo / ao tempo** lprep. Coincidindo no tempo. -*E logo, meu señor -díxolle a patrona ó tempo de face-la conta- supoño que comería ó seu gusto*. (75) // *O home aquel sabía onde o había [unto de lobo] e obrigábase a ir a buscalo e levarllo á casa e hastra darlle as fregas, se á man viña, e decindo ó tempo que llas dese unhas palabras que el sabía.* (79) // *O rapás, surrindo como aquel que algo fai anque pareza que non, respondeu, ó tempo que tiraba arriba polas cirolas [...]*. (127) // *[...] cerrouse o paraugas rapedamente, rascándolle ó mesmo tempo o narís a Farruquiño coa punta dunha ballena*. (174)

442. **ao pé de** lprep. Nun lugar próximo a. *E sucedeu que ó pé da coluna estaba dormichando unha señora devota que saíra a pasar o resario ó fresco, e ó caírlle aquelo encima, dou un berro como para morrer*. (200)

443. **ao redor de / arredor de** lprep. **1**. Por toda a parte exterior de, dándolle a volta a. *Unha ves por semana enseñáballe a estrución ós rapaces levándoos todos ó redor da ilesia parroquial, pró cal solía poñerse a guerrera, locindo os galóns e as cruces para estar millor en caráuter.* (147) // *[...] veu como a xente se apiñaba ó redor dunha "señorita" que, subida nun tallo, eixibía un mono que era unha verdadeira monada*. (173) **2**. Na proximidade de, á beira de. *[...] canto máis que el supoñía xa ós ceviles ó redor do corpo do delito e ben podían tamén botarse polo buxeiro en busca de interfeutos.* (200) **3**. Pouco máis ou menos, cerca de. *De arredor de trinta veciños que tiña o lugar, xa case todos mataran [...]*. (201) // *Il botáballe a conta ó redor de dous pesos, ou tres, se cadraba...* (223) **4**. Sobre, verbo de. *Da conversa que emprenderon, con gran satisfaución por parte de Ciridonio, que era un falador sempiterno, e que o outro facía xirar sempre arredor do viño [...]*. (139)

444. **ao revés** lprep. De maneira contraria ou oposta. [Acostuma ir cun complemento con "de"]. *Nistas parroquias a ilesia soie estar retirada, de xeito que, ó rivés doutros lados, todos van á misa polo mesmo camiño e saíndo e entrando no lugar todos pola misma canella*. (184)

445. **a rentes de** lprep. Ao mesmo nivel [do que se expresa]. *Para poñelo, cábase na terra un burato do tamaño do bastidor, axéitaselle este de maneira que quede arrentes do chan [...]*. (103)

446. **atrás de** lprep. Na procura de algo ou de alguén. [Indica localización de posterioridade no espazo respecto do que se expresa]. -*¿E non hei de conocer, señor, si é meu home? Fai tres días que ando atrás del para facelo volver á casa e non lle fago bo del*. (146)

447. **cara a** lprep. En dirección a. *Non foi posibre que ningún se acordase onde bebera o millor viño, e como a cabeza lles pesase demasiado, puxéronse de bruzos na barandilla de ferro da ponte mirando cara ó río.* (92) // *Cara á ilesia de Vilela / ben entrado o escurecer [...]*. (99) // *E cheo de rábea por nona poder seguire, dou en devanar cara ó chan o mesmo que un sarillo.* (108) // *Pero a avelaíña foi cara a lús, e como xa tiña pouco gas, apagouna*. (120) // *Eu soilo puden ver a Pepe das Baíñas camiñando cara á cárcele con dous*

*munecipales: un levábao a el e outro leváballe o cesto*. (145) // *Ó ver que collían cara a onde eu estaba, subeu por min arriba un estremecemento rápedo, unha sospeita que me deixou aterecido, ¿aquivocaríame de cuarto?* (180) // *-¡Que non ha de valer, muller, que non ha de valer! Ademais que a min tanto me ten coller cara alá que cara outra banda.* (207)

448. **cerca de** lprep. Achegándose ao límite de tempo que se toma como referencia. *Eu mesmo cheguei un día á casa, xa con noite, con ganas de descansar, e tiven que botar hastra cerca do día carrexando millo da rescolla, que os rapaces non quixeran ir a carrexar, nin iban, nin irían ó outro día anque alí se secase*. (114)

449. **co fin de** lprep. Co obxectivo de. [Expresa finalidade]. *Co fin de evitar os incomenentes que lle traguía a súa maneira de ser, resolveu poñerse enfermo*. (109) // *Buscou no baúl unha pastilla de xabón de olor que utelizaba namais que prás festas, e á escasa lus do nacente día púxose diante do espello da ventana co fin de quita-las barbas*. (132) // *Voltaban xuntas da festa, da que saíran un pouco máis cedo co fin de xantar a gusto na vila*. (165)

450. **con ocasión de** lprep. Con motivo de, na circunstancia de. *Con ocasión de morrerlle un parente que alá tiña, que seique inda deixaba unhas chousas, resolveuse facer un viaxe a ela para ver como era aquelo*. (73)

451. **con respecto a** lprep. No que concirne a. *Enchíalle tanto o ollo que xa llo enchía un pouco de máis, e polo tanto, con respeuto a ela, xa non tiña aspiracións maores.* (206)

452. **cousa de** lprep. Aproximadamente, máis ou menos. [Introduce unha medida de tempo aproximada con respecto a algo que aconteceu]. *-¿E que tal comes? -Moi pouco, señor: hai cousa dun mes que para min non lle hai cousa boa.* (128)

453. **dacabalo de** lprep. Sentado, sobre algo, cunha perna dun lado e a outra do outro, a semellanza de quen monta a cavalo. *Unha destas cartas que empezou a escribir acabalo dun tallo e non acabou, non sei por que, chegou ás miñas mans e aquí a traslado ó pé da letra para que vós ademiredes tamén: [...]*. (83) // *-¡Ai, Xan, que me leva o demo! ¡Que vou dacabalo del!* (102)

454. **debaixo de** lprep. Nun lugar inferior [con relación a algo ou alguén]. *Meteuse debaixo dunha cama facendo propósito firme e verdadeiro de non saír anque o chuzasen hastra tanto que o señor médeco non botase a porta fóra.* (110) // *[...] resolveu saír e foise dereito a onde tiña a roupa, por certo, debaixo dunha nube de zapatos e alpargatas que lle iban caíndo encima sin que soubera de onde saían [...]*. (111) // *[...] hastra que me vin debaixo de sabe Dios de cantos, que mesmo morría aprastado.* (159)

455. **dempois de** / **despois de** lprep. Nun tempo posterior a outro. *Xa nas vispras ben entradas, unha noite antes de deitarse fixeron xunta xeneral o tío Mosteiro i a súa muller e dempois de debati-la custión baixo tódolos puntos de vista, acordaron por unanimidá acodir a seu veciño Pepe do Barro [...]*. (87) // *Dempois da xorza non comeu máis que unha toriña de morcilla.* (125) // *Ó outro día dempois*

*das doce, o porco do tío Zanfona oeuse berrar coma se o mataran.* (202) // *Despois das rocas foi entrando por outras cousas: asubiotes, mangos de subelas, trousos; máis adiante chegou a facer billas, pínfanos e frautas, que lle levaba o "Masidao", que viña periodicamente polo lugar en precura de "obra".* (206) // *Dempois de interminabres ensaios, poido, ó fin, o árbitro xunta-los bicos e tocou o corno fortemente, e ó ouílo todos se quedaron quietos como estacas, según a consina que tiñan do maestro.* (212-213)

456. **detrás de** lprep. Nun lugar posterior con respecto a algo ou alguén. *Iba anoitecendo e a lúa chea que saíra por detras dun pinal iba sobindo [...].* (92) // *Levou as mans á cabeza para tirar dos pelos e alcontrouna monda coma unha mazán, a non ser a estreita redouza que lle iba de cexa a cexa por detrás do curuto.* (95-96) // *Xa sabedes, restes de a catro, homes e mulleres; cada un marche sempre detrás do que leve diante e gardando a misma lonxura do que leve ó lado.* (132)

457. **diante de** lprep. No lugar anterior. *Cando estaba limpando a terra dos ollos, aviscou a Pepe do Barro que estaba cuns amigos a un lado do campo, e alá se foi, dando de pernas enriba cunha vella que non lle arredou de diante*. (87) // *Buscou no baúl unha pastilla de xabón de olor [...] e á escasa lus do nacente día púxose diante do espello da ventana co fin de quita-las barbas.* (132) // *Serían así como as dúas cando entrou solemnemente na praza o fillo do Araxo coa pelota collida coas dúas mans diante do peito [...].* (186)

458. **en busca [de alguén/algo]** lprep. Buscando a persoa ou cousa que se indica. *O tío Martiño, inda era ben pequerrecho cando veu a esta terra con seus pais en busca de bens que traballar como caseiro [...].* (73) // *Coma un lóstrego botouse fóra da capilla en busca de Pepe do Barro*. (87) // *Á mañán siguente, tres ou catro familias andaban tolas polas rúas da vila, cada unha en busca de individuos das respeutivas casas, que desapareceran na vispra e non souperan máis deles*. (198) // *[...] canto máis que el supoñía xa ós ceviles ó redor do corpo do delito e ben podían tamén botarse polo buxeiro en busca dos interfeutos*. (200)

459. **en canto a** lprep. No que se refire a. *Xuana tíñalles [a dous porcos] moita lei porque en canto a comer non soupo o que era para eles cousa mala*. (76) // *E cuspía porque sin bens nin rentas, nin traballar gran cousa, vivía ó parecer folgadamente ; e en canto á ilesia, xa podía caír no día e á hora que quixese, na seguridade de que a el nono había de pillar debaixo.* (115)

460. **en espera [de alguén/algo]** lprep. Esperando que aconteza algo para decidir despois como actuar. *Estiven aguanta que aguanta en espera das resultas, e o que resultou foi que xa o delor me chegaba ó pulso*. (175)

461. **en procura** [**de alguén/algo]** lprep. Buscando a persoa ou cousa que se indica a continuación. *E Farruquiño, seguro xa de el mesmo, alá se foi onda á Marica en precura dos ovos*. (164) // *Sucedeu que por aqueles días andaba pola vila un dises frades pedicheiros que van de porta en porta en procuro do sostén da comunidade [...].* (197)

*// Despois das rocas, foi entrando por outras cousas: asubiotes, mangos das subelas, trousos; máis adiante chegou a facer billas, pínfanos e frautas, que lle levaba o "Masidao", que viña periodicamente polo lugar en precura de "obra"*. (206)

462. **en troques de** lprep. En lugar de. *No mesmo Hotel comía de balde en troques de certos servicios de limpeza* (141). // *En troques, tiña tamén que entrar ó viño, porque mollara o peteiro como as outras*. (166)

463. **en vez de** lprep. En lugar de. *Cando é a cabeza que o leva a onde el non queira, cando lle tiran os lomedros, cando as pernas lle queren andar para tras en ves de facelo para diante... [...].* (78) // *O tío Silverio, no seu afán de curarse, sinteu non dispoñer máis que de des, pero todo tivo seu arreglo, pois en ves de ser tanto como unha castaña, sería pouco máis que un grau de millo, pero xa o saberían esterricar para que dese unha ou dúas unturas.* (79) // *Queixouse o borreiro das crebas do negocio, pois os montes íbanse cobrindo de pinos en ves das carpazas que antes había e as abellas non tiñan onde libar.* (90) // *Todos sabemos que os zapateiros en ves de gardar o domingo, fan o seu día santo no luns.* (91)

464. **encima de** lprep. Enriba de, nun lugar superior respecto dunha cousa. *Cando estivo no traxe que Adán tiña antes do pecado, mandouno [o médico] deitarse encima da cama, de papo abaixo e co corpo ben esterricado.* (110) // *Xa se viron as catro rocas, que estaban postas en reste tras do lume encima da parromeira.* (119) // *Encima da pucha poñíalle un sombreiro de palla atado cunha trenza ó queixo para que non lle caíse, e por riba de todo un pariaguas aberto, sin o que non lle deixaba botar a porta fóra.* (121) // *Pero deuse o caso condanado de que o aparato tíñao na faltriqueira da gabardina, que lle quedara encima da mesa onde comera, e había que ir por el e ningún dos dous que alí estaban podían facelo sin que o viño se fora a monte.* (140)

465. **enriba de** lprep. Nun lugar superior a [desde o punto de vista do falante]. *[...] pero un día quitou o pan do forno porqu llo comían os ratos e levouno ó sobrado, deixándoo enriba dunha hucha para logo gardalo millor, e foise a colle-la roupa que xa tiña medio enxoita e empezaba a choviscar*. (76) // *Nun estaba o defunto na cama, tal como morrera, cun cañoto de vela aceso enriba dun tabulete; no outro a cama na que habiamos de dormir eu mailo teniente*. (179) // *Sobín e, coa pouca lus que viña de abaixo, dei co pasillo e entrei no cuarto, despinme, botando a roupa enriba da cama, e mentinme nela, coidando de non espertar ó compañeiro*. (179)

466. **fóra de** lprep. **1**. Indica localización espacial no exterior de algo real ou imaxinario. *A sociedade marchaba como quedaba endicado, de catro en fondo e el, o presidente, fóra de fías*. (133) // *Has ter moito coidado coas pedras, que son moi malas para xargóns, sobre todo de noite e fóra da casa.* (130) **2**. A excepción de. *Chamábanlle o señor Bastián, era espréndido no que cabe e boa persona, fóra do defeuto apuntado*. (84)

467. **grazas a** lprep. Por causa ou intervención de. *E gracias a isto pudo comer pan a xente, senón...comería*

*aire, porque outro non llo traguía nin llo buscaba*. (150) // *Gracias a que o "general" escomenzou: [...]*. (158)

468. **logo de** lprep. Despois de. [Indica posterioridade]. *Logo de aprenderlle ben a leución e facerlla repetir unhas cantas veces e darlle algo [de diñeiro] xa prá conta, quedouse o cura e o rapás foise*. (117) // *Empezaban ó cerrar da noite logo de acomodalo gando, encende-lo lume e colgar o caldeiro dos porcos que fervía namentras que fiaban*. (119)

469. **lonxe de** lprep. A moita distancia de. *[...] resolveron dar un paseo hastra unha ponte que había non moi lonxe do pobo en que esto socedía*. (92)

470. **na compaña de** lprep. Con, sendo acompañado por. *Nunha ocasión foran ambos de merenda á festa do san Vitriolo, que era de moita sona, e foran na compaña dun seu compadre, que ademais de ser amigo e compañeiro, no tocante á confianza na casa, tiña canta quería*. (229)

471. **nin Deus** lprep. Ninguén. *[...] ponlle unha receta que nin o demo a le, lévaa á botica e danlle un mexunxe que nin Dios o toma, e así lle van apodrentando o corpo*. (79)

472. **nin o demo** lprep. Ninguén. *[...] ponlle unha receta que nin o demo a le, lévaa á botica e danlle un mexunxe que nin Dios o toma, e así lle van apodrentando o corpo*. (79)

473. **no tocante a / tocante a** lprep. Polo que se refire a, con relación a. -*Tocante a eso de saíre [o demo da igrexa] / eu lle direi, don Xosé, / paresme a min que coa porta / cerrada, mal pode ser*. (101) // *Nunha ocasión foran ambos de merenda á festa do san Vitriolo, que era de moita sona, e foran na compaña dun seu compadre, que ademais de ser amigo e compañeiro, no tocante á confianza na casa, tiña canta quería*. (229)

474. **por causa de** lprep. Tendo como causa a cousa ou persoa que se expresa. *Os das alpargatas queixábanse dos pisotóns dos dos zocos, istes decían que non se iban a descalzar por causa diles [...]*. (188)

475. **por conta de** lprep. Pagando [esa persoa ou entidade]. *[...] Grigorio nono collería senón que o retería o mestre pra desconto do aprendizaxe, e a onde non chegase, traballaría por conta do mestre hasta compretar os trinta pesos en que se conviñeran*. (222)

476. **por mor de** lprep. Por medio de. [Indica a causa ou motivo de que algo suceda]. *[...] e nesto a condanada da Marela [unha vaca] enroscou o rabo e moscou, e as outras fixeron o mesmo, e tiven que botarme tras delas por mor do millo, que se non fora eso, a perdís era eu quen a traguía*. (104) // *Fillos nonos tivera, non se sabe ben se porque Deus non quixo darllos, ou por non haber feito por eles por mor de non mantelos*. (149)

477. **por riba de** lprep. Encima ou na parte superior de. *Vén a perdís e para picalos graus, pasa por riba do ichó; co peso ceden as portas e ¡alá vai!* (103) // *[...] un pano á cabeza dando volta ó gañote e atado no curuto e por riba unha pucha de lan hastra abaixo das orellas: todo por mor do frío*. (121) // *Encima da pucha poñíalle un sombreiro de palla atado cunha trenza ó queixo para que non lle caíse, e por riba de todo un pariaguas aberto, sin o*

*que non lle deixaba botar a porta fóra.* (121)

478. **preto de** lprep. Chegando ao límite da unidade de tempo que se expresa a continuación. *[...] e cando xa preto da noite apareceron, díxose que a cousa non era para présa, e que polo menos hastra o día siguiente de mañán non podería arrincar o vehículo*. (178)

479. **tras de** lprep. Nun lugar posterior con respecto a algo ou alguén. *[...] i o bo sacristán Xan Bobo / agachadiño tras del [...]*. (100) // *[...] xa se viron as catro rocas, que estaban postas en reste tras do lume encima da parromeira [...]*. (119)

480. **xunto a** / **xunto de** lprep. Expresa proximidade. *Daquela inda non había escola en Tabeirós. E decir: nona había tal como hoxe está estabrecida, que demais, había; poñíiaa un zoqueiro que había nun lugar de xunto á ilesia.* (115) // *Unha avelaíña branca apareceu por xunto ó forno -¡Boa sorte!- dixeron as rapazas-.* (120) // *-E para eso vés xunto de min, para que cho diga.* (128) // *Os homes da parroquia achábanse xunto da ilesia dispostos a subir unha campana nova que viñera pró sitio doutra que, polo tocar roufeño, por estar fendida, lle chamaban "a choca"*. (168) // *Fernando comenzou a botar viño por un lado e Pepe polo outro, e cada un, ó chegar xunto a Bieito, volvia atrás coma se tal cousa.* (169) // *Xa sabemos de antigo que o xonsultor de Farruquiño é o maestro da parroquia, e xunto del se foi Farruquiño*. (171)

### 2.6. Locucións pronominais

481. **algún + Sust. + que outro** lpron. Poucos, algúns. *Os ósiños do lombelo e outras menudénceas fóraos repartindo pra adobar unhas berzas algún día que outro, e ben pouco deran de si*. (219)

482. **nin unha alma** lpron. Absolutamente ninguén. *Un domingo tocou o esquilón a entrar á misa, e veu o cura, asombrado, que nin unha alma lle entraba na ilesia*. (214)

483. **todo deus** lpron. Todos. *[...] e tódolos veciños a viron chegar afogando, e todo dio-lo sabe, menos ela, naturalmente [...]*. (113)

484. **todo o mundo** lpron. Todos. *Ademais convén que todo o mundo vexa que acatámo-la lei dando exempro de confraternidade*. (153) // *-¡En roda, señores! ¡Todo o mundo en roda!* (169) // *Isto sábeo todo o mundo*. (236)

### 2.7. Locucións conxuntivas

485. **antes (de) que** lconx subordinante. **1**. Con anterioridade a que. [Indica tempo pasado ou anterior ao momento de que se fala ou en que se fala]. *O artimañeiro proparou uns mexunxes con certo misterio, colleu os alicates con moito aparato, e quizais antes de que el quixera, cerrouse o paraugas rapedamente, rascándolle ó mesmo tempo o narís a Farruquiño coa punta dunha ballena*. (174) **2**. [Indica preferencia]. *Prá venda, esperaba sempre o precio máis outo, e se algunha vez lle fuxía, voltaba co cestiño prá casa antes que vender unha cadela menos*. (145)

486. **ao que** lconx. Así que. *Ó que me cantaron, tuven que darlle as miñas dúas pesetiñas, ou quedar por un marrau*. (158) // *Ó que se cansaron,*

*fóronme deixando, e ó verme libre daqueles lapantís, tratei de levantarme.* (159)

487. **así que** lconx. **1**. Tan pronto como, no mesmo momento en que. *Así que veu que fuxiran, chegouse el por alí [...]*.(103) **2**. De modo que. *Así que, o tío Silverio afroxou un billete de cincuenta; pero resultaba que aquel bo home tiña que botar polo menos dous días de viaxe e non había de manterse de aire, así que o tío Silverio non tivo mais remedio que rabuñar outra ves na faltriqueira dándolle catorce reás que lle quedaban.* (79) // *-Así que voulle a decir: pasado mañán é día santo e eu llos levarei [fusos] á casa ben feitos e de madeira ben curada, que non han de ter volta*. (207)

488. **ata que** lconx. Ata o momento en que se produce o expresado a continuación. *E dando dunhas noutras escomenzaron de cachetes, hastra que ó fin o Canivelo, como era algo máis forte que o Fiúncho, tirou con el de patruras, decíndolle: [...]*. (105) // *Nos outros días soltos poñíase o pote, mentres que a nai lle achegaba o lume, xogaban as outras tres, cada unha para si, hastra que chegaba o patrón para rezar o resario, cousa que nunca deixaban de facer*. (119) // *Ó fin quen o quitou [da cesta], foi a dona dos ovos, que botándolle man á solapa, díxolle que das mans non lle fuxía hastra que lle pagase o desperfeuto.* (145) // *[...] hastra que me vin debaixo de sabe Dios de cantos, que mesmo morría aprastado.* (159)

489. **ben... ben...** lconx. Ou...ou... [Indica alternativa entre dúas cousas]. *Se era día de mozas, como o miércoles ou o sábado, xogábase hastra ás nove, ben entre seis coas manillas, ben entre catro sin elas.* (119)

490. **cando que** lconx. En caso de que, se. *E cando que non lle estordiguen os nervios e se despegue, eu respondo*. (143)

491. **co fin de que** lconx. Para que. *[...] co fin de que non fuxise o viño*. (140)

507. **con tal que** lconx. Poñendo unha condición para que algo suceda. *[...] capaba porcos e gatos e toda crase de bichos, con tal que fosen de xénero masculino [...]*. (115)

492. **de calquera xeito** lconx. En calquera caso. *[...] pro, de calquer xeito, eran dous, ou quezá tres anos que lle viñan a trastornar a marcha da dúa vida sin ningunha cras de porveito [...]*. (223)

493. **de modo e de maneira que** lconx. Introduce unha consecuencia. *De modo e de maneira que, a calquer outro probe, mandaríase con Dios ou despacharíase cun codelo ou cunha espiga, pero a el caíalle todo ás mancheas*. (155)

494. **de modo que** lconx. Introduce unha consecuencia. *-De modo que non roubache máis que as pedras*. (97) // *De modo que eu non vexo máis que dous pecados: un rouba-las pedras e outro a mentira de negar que queimáche-los toxos, porque con malicia nono farías*. (98)

495. **de paso que** lconx. Ao mesmo tempo, aproveitando a circunstancia que se expresa. *Istas preocupacións, Farruquiño, partecipáballas a certo operario amigo seu, que parolaba coíl de paso que andaba por alí tomándolle medidas ós paus [...]*. (182)

496. **de xeito que** lconx. **1**. Polo tanto. [Introduce unha consecuencia]. *De*

*xeito que non sabía o que había de facer Farruquiño*. (172) **2**. De tal maneira que. [Introduce unha cláusula modal]. *E víase todo larmeado e metido na cesta, que era fonda, de xeito que as pernas quedáranlle ó alto, e como non podía afianzarse, remexíase encravándose cada vez mais. Quen o axudara non había porque ninguén podía coa risa.* (145) // *Quiatán da Rigueira pideu a baraxa. Martiño da Cenguiña faloume, de xeito que o oíse o tío Andruco: [...]*. (178) // *As casas están pegadas as unhas coas outras, cos tellados corridos, de xeito que vistas por riba non lle sería doado a calquera sinalar a súa*. (185)

497. **e iso que** lconx. A pesar de que. *O cura entrou axiña en sospeitas coeste suxeto e tratou de facer averigüacións, non para recuperar a vaca, que xa supoñía que lle voara, e iso que naquel tempo non había aeroplanos [...]*. (115)

498. **e mais** lconx coordinante **1**. E tamén. [Une palabras, frases ou oracións e expresa suma]. *Eran Maripepa de Caitano e máis a tía Antonia do Menecho, que conviñeron en que non foran mal comprados.* (77) // *O home foi polo gando, e topou as cinco vacas e maila xuvenca moi a seu gusto nunha veiga de millo, que quedou arrasada por compreto*. (113) **2**. E ademáis. [Emprégase para engadir e enfatizar información]. *-¡Se pega, pega; se non pega, non pegou! [...] Mirando ó redor cunha risiña desimulada, díxolle á muller polo baixo: -¡E mais seica pegou!* (146) // *-¡Caramba! E mais son bonitos*. (208)

499. **en canto** lconx. Inmediatamente despois de facer ou de ocorrer algo. *Por fin fóiselle desamortecendo e en canto puido despechar os dentes co delor que o desamortecer lle daba, estendeu os brazos e berrou: [...]*. (188)

500. **inda ben non [+ perf.]** lconx. No momento mesmo en que se emprende unha acción. [Indica a inmediateza dun acontecemento]. *Inda ben non colleron o camiño, soscitouse entre eles unha desputa sobre en que taberna había millor viño das váreas que había dende alí á ponte, opinando cada un por unha deferente.* (92)

501. **mentres que** / **namentres que** lconx. Durante o tempo que acontece unha acción. [Expresa que a acción ocorre ao mesmo tempo que outra]. *[...] a poder de xerros de auga e de rascalos cun croio, deixounos como novos, mandándoos axiña á feira mentras que lle facía a mesma operación a outros máis que alí tiña*. (77) // *Sempre houbo burros dos que non pousan no chan os catro remos, e, polas trazas que leva, seguiraos habendo mentras que o mundo siga dando voltas.* (78) // *-Non te poñas con monadas, / porque ó fin que abrila [a porta] tes, / que namentras que ti abres / eu teño que estar a ler…* (101) // *Empezaban ó cerrar da noite logo de acomoda-lo gando, encende-lo lume e colgar o caldeiro dos porcos que fervía namentras que fiaban*. (119)

502. **para que** lconx. Co obxectivo de conseguir algo. [Indica finalidade]. *O tío Silverio, no seu afán de curarse, sinteu non dispoñer máis que de des, pero todo tivo seu arreglo, pois en ves de ser tanto como unha castaña, sería pouco máis que un grau de millo, pero xa o saberían esterricar para que*

*dese unha ou dúas unturas.* (79) // *[...] era ben dina de que un Veiga ou un Montes a recollera ó pentagrama para que non se perdera coma outras moitas cousas que se perden e non deberan perderse*. (85) // *-E para que non o sepa, dilo*. (97) // *Encima da pucha poñíalle un sombreiro de palla atado cunha trenza ó queixo para que non lle caíse, e por riba de todo un pariaguas aberto, sin o que non lle deixaba botar a porta fóra.* (121) // *Nunca o deixaba soilo co medo que llo estragasen e todo lle facía ela para que non pasase traballo.* (122) // *Nunha ocaseón que cocía para unha esfolla que había ter ó outro día máis (cocía na antevispra para que o pan lle enfriase no forno, pois enfriando fóra, abrandáballe a codia) [...]*. (150)

503. **pois ben** lconx. Dito isto. [Dise para tirar unha conclusión ou para retomar o relato que se interrumpira]. *Pois ben, na casa deste señor axuntáronse na noite de Reis case tódolos veciños coa sana intención de oír os reices novos [...]*. (84)

504. **por máis de que** / **por máis que** lconx. Aínda que. *Seguiraos habendo mentras que o mundo siga dando voltas: por máis de que esto de que dea voltas sea cousa que inda hoxe hai a quen non lle cabe na cachola.* (78) // *[...] propoñíanse estrenar uns Reices que trouxeran da súa terra, e por máis que se intentara conocerllos, non fora posibre [...]*. (84) // *O tío Mosteiro pensaba de ir, coma todos, pero tiña un problema que resolver, que, por máis que lle daba voltas á cachola, non saía del.* (86)

505. **posto que** lconx. Dado o motivo que se expresa a continuación. [Indica causa]. *[...] recomendándolles, polo intre, o fútbol como máis adesibre, posto que, con vinte pesetas comprábase un balón, e era todo o que cumpría [...]*. (209)

506. **se acaso** lconx. En caso de que. [Introduce unha condición]. *E calzándose uns zocos ben ferrados, colgando ó ombreiro unhas alpargatas novas para remudar se acaso os zocos o entrillaban [...]*. (73)

507. **se ben** lconx. Aínda que. *Costábanlle algo máis que os que vendera, pero ben o valían, porque si ben non eran máis nin menos, tiñan outro aquel, eran doutra sangre.* (77) // *Padece un reumatismo crónico, ou cousa así, que si ben non o ten na cama nin lle empide traballar, traino sempre un pouco amolado*. (78) // *E como as portas volven a erguerse, alí queda a probe [unha perdiz nunha trampa] máis segura que Mateu, si ben hai moitas tan avisadas coma Casanellas, que ó chegaren, [...] dan volta mirando moito onde pon os pés.* (103)

508. **sempre que** lconx. A condición de que, con tal de que. *[...] alá se foi o tío Martiño a ver a terra dos seus avós disposto a ver un pouco máis de mundo do que ata destonces vira, e a rezar uns cantos "padrenuestros" pola alma do defunto sempre que lle tocase a el algunha das chousas que deixaba*. (73)

509. **tan pronto (como)** lconx. No mesmo momento en que. *Comproullos en seis pesos un tratante que tan pronto os adequireu, levounos á fonte de San Antonio que esta alí cerquiña [...]*. (77) // *Aquel home xa lle conocera o mal tan pronto como o vira.* (79) // *-¿Qué*

*non viches ó cura? Se tan pronto entrei pola porta empezou: -¡Ese! ¡Ese, que buscó las dos pesetas!...* (88) // *Consiste [un ichó] nun bastidor que encuadra unha porta con dúas follas que se abren nun sentido e cérranse de seu tan pronto se deixan.* (103) // *Tan pronto abreu o día, saltou con el a contas [o pai], e o rapás, como é natural, acabou por confesarlle todo.* (117)

510. **xa que** lconx. Dado o motivo que se expresa a continuación. [Indica causa]. *-Pois xa que me falaches ben, vouche a dar unha peza de dous cartos*. (116)

511. **o que si que [+or.]** lconx. O que cómpre dicir é que. [Introduce un matiz ou opinión]. *Inda tiña moitos zocazos que sofrir aquela tarde. O que si que o xogo comenzou a desmoralizarse por compreto.* (190-191)

## 3. Fórmulas

512. **Aínda bo é (foi, ...) que** fórm. Afortunadamente, por sorte. *-O que é que nos anda embormando coeso das tres cruces e inda bo é se ten as dúas.* (148)

513. **A verdade** fórm. Úsase cando se quere dicir o que se pensa con sinceridade. *Xuana fora aguantando que unha ves topase a cosca do xargón polo piso adiante, outra, unha hucha co de riba para baixo, e así, porque, á verdá sentía desfacerse deles [...].* (76) // *A verdá é que xa me cansa, / e non sei como vai ser, / pois por máis que esconxuramos / nin trazas de saír ten.* (101)

514. **Ai, ho!** fórm. Forma de iniciar unha resposta ou dirixirse a alguén. *-¡Ai, ho! -dixo o borreiro- pois logo heiche de ir dar unha volta por alá.* (90) // *-¡Ai, ho!, -dixo- ¡quen che me dera ir allá! [...] -Por aí non pases coidado -díxolle a aguia- que se queres, lévote eu.* (107)

515. **Alí si que foi el/ela!** fórm. Dise para expresar que algo se botou a perder. *¡Alí si que foi el! Os ovos que el tiña no cesto, co empulso que lle dou ó caír, saltaron máis altos que foguetes e máis de catro esfachicaron nas testas dos presentes.* (145) // *¡Alí si que foi ela! A confusión que alí se armou non é para dita.* (212)

516. **Aínda o demo!** fórm. Dise para amosar asombro. *-Os teus [ovos] non che sirven porque non tes galo. -¡Aínda o demo! ¿E como hei de facer? -Pois cambearllos a Marica da Pousa.* (163)

517. **Aínda permita Deus que** fórm. Dise para desexarlle mal a alguén. *-Ainda permita Dios que veña unha centella que te devida! ¡Ladrón! Éche ben certo: ¡O que con rapaces se deita…!* (118)

518. **Aínda que lle fora o demo!** fórm. Dise para expresar sorpresa. *-Logo: ¿non topache ningunha [xuvenca] de xeito? -Como topar, topei, topei; pero, mire ¡anque lle fora o demo! De cantas mirei ningunha, nin por milagre, lle tiña dentes de riba.* (171)

519. **A quen Deus tolla** fórm. Emprégase como inciso para maldicir a quen se acaba de nomear. *[...] e veu por detrás o raio do barbeiro, a quen Dios tolla, e coa brocha empapada no mexunxe que sabedes, púxome a cara coma un zapato.* (159)

520. **Aquí para entre os dous** fórm. Emprégase para expresar confidencialidade. *-Por iso, aquí para*

*entre os dous, de ben mirado, conmigo fuches ben marrao. Porque a min, que che dei o consello, a proba debiches de traguerma e non tratar tamén de engañarme.* (204)

521. **Así Deus me leve!** fórm. Dise para reforzar que se está dicindo a verdade. -*Pois ídevos alá que teño para min que vos ten unha perdís dentro. -¡Que ha de ter, ho! -¡Así Dios me leve! Eu mesmo a vin ir [unha perdiz] dreita alí [...].* (104)

522. **Boa sorte** fórm. Dise para lle desexar sorte a alguén. *Se queres tamén convencerme a min ¡pois convencido! Vaite con Dios, e boa sorte, que a cousa hache de saír que nin pintada.* (203)

523. **Boas tardes nos dea Deus!** fórm. Emprégase para despedirse ou para remarcar o final dunha situación. *E sentado na bacía dos porcos, fixolles as osquias, entregoullos, ella doulle os cartos, e ¡boas tardes nos dea Dios!* (208)

524. **Centellas te comeran!** fórm. Dise para expresar maldición. -*Non sei por que fuxiches, ho que eu non viña a facerche ningún mal. -¡Centellas te comeran! -díxolle o galo-. ¡Si que viñas a facerme ben!* (152)

525. **Coma quen di** fórm. Aproximadamente. *Pernafría é unha aldea de sesenta veciños nun soio núcreo de poboación. É, coma quen di, unha parroquia dun soio lugar, como as máis daquela banda.* (184)

526. **Como que non [+ ind.]?** fórm. Dise para amosar sorpresa ante unha resposta negativa. -*Os teus ovos non sirven, Farruquiño. -¿Como que non sirven os meus? ¿Os de quen han de servir logo?* (163)

527. **Como sabes** fórm. Úsase para reafirmarse no que se di e ao mesmo tempo procurar a implicación do interlocutor. -*Pois mira, agora vén o tempo do antroido, e ti que tes certa maña, pódeste adicar a facer burros, que é unha mercancía que, como sabes, ten moita saída niste tempo*. (182)

528. **Con perdón** fórm. Dise para se desculpar por algo dito, como unha palabra malsoante ou algunha comparanza con outra cousa. *[...] e xa non queda máis que botar man dunha materia branda, que soe ser bosta, con perdón de todos, e barrealo ben co fin de taparlle tódalas xuntas*. (126)

529. **Con permiso** fórm. Úsase para pedir permiso ou desculparse por algo que se vai facer. -*Bueno, pois, con permiso de todos, vou a deixar a Ciridonio pegado á pipa do xeito que sabedes, e alá pró trinta e un, se teño modo e non perdo o fío, xa vos direi o que pasou cando chegou a muller á casa*. (140)

530. **De menos nos fixo Deus** fórm. Expresa a esperanza que se ten de conseguir o que se intenta, aínda que pareza desproporcionado. *[...] e isto pode ser nada ou pode ser moito, que de menos nos fixo Dios [...]*. (175)

531. **Deus diante!** fórm. Úsase para expresar a esperanza de que algo aconteza ou non. -*Ai, mimadriña, que afogo! -Non afogas, muller, non, Dios diante!* (192)

532. **Deus me axude!** fórm. Expresa o desexo de ter resultados positivos no que se intenta. *Aquí ben poidera tremiñar o fúbol en Malpocados e acabar eu o conto; pero non sucedeu así, e polo mesmo teño que seguilo, e Dios me axude.* (213)

533. **Deus queira que** fórm. Dise para mostrar a desconfianza de que unha cousa saia como se pensa. *Dios queira que ninguén pase as angurias por que pasou o probe empregado ó oír aquilo*. (199)
534. **Din alí** fórm. Úsase cando se vai citar un dito ou refrán ou para acompañar algo que se dá por consabido. -*Ningún mal che fixeron, pois os ovos alimentan moito. E tomarías tamén cerboa porque din alí: o que queira te-la muller boa, déalle cerboa.* (129) // -*Si,¿pra onde vas, tolo? "pra onde van todos", din alí. Pero eu non che estou con isas. E iso que dis de que van todos, ti ve-los que van, pro non ves os que quedan.* (233)
535. **Do demo** fórm. Aplícase ao que se ten por seguro que non ocorrerá. *Era un home alto coma un esqueiro, e tan seco, que se o apertaran nun lagar, do demo se botaría medio neto de zume.* (149) // *[...] iste ano o meu porco é cativo, que cada un chega onde pode. E anque no seu xeito non está malo, ó botarme a repartir, eu zugarei os dedos que outra cousa do demo que me queda.* (202)
536. **Dunha vez** / **Unha vez** fórm. Úsase para comezar os contos ou narracións. *Dunha ves, sin máis axuda que ada navalla, fixera un arado de garabullos con tódolos requesitos que lle comprían e un xugo co seu tomoeiro axeitado pró dito arado.* (221) // *Unha ves chegou á ilesia cun rapás pra bautizar, e dende o adro chamou á retoral*. (232)
537. **E adeus** fórm. Dise para ser rotundo no que se acaba de afirmar, para subliñar que a cousa non ten remedio. *Antón non comeu mais que dúas cuncas, pois non tiña gana e adiós.* (124)
538. **É dicir / Quer dicirse** fórm. Úsase para explicar ou reformular algo que se dixo. *Tiña a súa casa nas ribeiras do Ulla na que vivía coa súa muller e dúas irmás desta, solteiras e sin moita espranza de deixar de selo por iren pasadas de sazón: quer decirse, que xa pasaban un pouco de maduras.* (89) // *Daquela inda non había escola en Tabeirós. É dicir, nona había tal coma hoxe está estrabecida, que demais, había [...]*. (115) // *Fegura que todo llo deixan para elas, quer decirse, as mozas, que as que deixan de selo vólvense coma iles no particular*. (187) // **[***...] levábballos a vender a real por peza, quer decirse, por abano [...]*. (222)
539. **E logo** fórm. **1**. Úsase para engadir énfase nunha interrogación, ao principio da frase. -*E logo, meu señor – díxolle a patrona ó tempo de face-la conta- supoño que comería ó seu gusto*. (75) // -*¿E logo ti de que es maiestro, ho?* (127) // -*E logo, ¿que te trai por aquí, Maripepa?* (128) // -*E logo, que o señor médeco seica leu as historias miñas que saíron no EMIGRADO e quixo il facer outra [...]*. (175) **2.** Úsase para preguntar pola razón ou causa de algo. Equivale a "¿por que?". -*¿E logo? -E logo que, entre unhas cousas e outras, custa seis pesos e non teño unha cadela.* (161) // -*¿E logo? ¿quedou algún por aí? -díxolle Pepe*. (169) // -*¿E logo, Xexé?* (231)
540. **E máis** fórm. Emprégase para engadir e enfatizar información. *O axente quedouse prantado, mirando como o outro seguía coa súa andrómena berrando: -¡Se pega, pega; se non pega, non pegou! [...] Mirando ó*

*redor cunha risiña desimulada, díxolle á muller polo baixo: -¡E mais seica pegou!* (146)

541. **en boa hora sexa dito** fórm. Dise para subliñar o oportuno do que se está a afirmar. *Pero eu que en boa hora sea dito non son ningún burro, e a min ninguén mas mete […].* (80)

542. **e non ha de [+ inf.]?** fórm. Emprégase co mesmo verbo da pregunta en forma negativa coa intención de contestar afirmativamente. *-¿E a ti gústanche os cartos? -¡Vaia, ho! ¿E non me han de gustar?* (116)

543. **E pico** fórm. E un pouco máis. *[...] e quixo Dios ou o demo, que iso inda non se puido averiguare, que a aquela hora das des e pico sobira polas escaleiras do casino [...].* (197)

544. **e por aí** fórm. Úsase para cerrar unha enumeración. *[…] [un sombreiro de palla] adornado según o capricho ou a posibilidade de cada un: abelorios, postales usadas, rosas de trapo, prumas de galo, botóns de vidrio, e por aí…* (158)

545. **E por aí** / **E por aí adiante** fórm. Etcétera. Úsase para cerrar unha enumeración. *[Un sombreiro de palla] adornado según o capricho ou a posibilidade de cada un: abelorios, postales usadas, rosas de trapo, prumas de galo, botóns de vidrio, e por aí…* (158) // *E como levaba xa longos anos rexentando a parroquia, tivera xeito e ocasións de abondo pra ila sementando de Pancracios, Sidonios, Tanasios, Robustianos, Pacomios, Caralampios, Fortunatas, Sinforosas, Teclas, Rufinas, Conegundas, e por aí adiante...* (221)

546. **Está boa a conta!** fórm. Úsase para expresar contrariedade ou lixeiro desgusto ante algún contratempo. *[…] díxose que a cousa non era para présa, e que polo menos hastra o día siguiente de mañán non podería arrincar o vehículo. -¡Estache boa a conta! -dixen eu- ¿E onde e como pasámo-la noite?* (178)

547. **Esta si que foi boa** fórm. Dise para mostrar a súa indignación ou incredulidade ante o que acaba de acontecer.. *-Ista si que foi boa. Quedar sin o porco, porque sin el quedei, que eu nono vexo, e por encima quedar tamén por marrao!* (204)

548. **E todo** fórm. Vai o final dunha enumeración ou da descrición dunha cousa ou persoa para enfatizar a totalidade do conxunto. *Onda el iban a escribilas homes e mulleres, rapaces e todo, ademirándose do encabezo que lle poñía el soilo, sin decirlle ninguén nada, coma se un anxeliño lle estivera ditando ó oído*. (83) // *Douse o caso estrano de que se lle fose afacendo o estómago chegando a ser capás de tragar a lúa con cornos e todo se houbese quen lla puñera a xeito.* (121) // *O pirmeiro día foi de folga na parroquia; sospendéronse os traballos, meteuse o gando na corte, e homes e mulleres, rapaces e todo, congregáronse na ampria carballeira [...]*. (211)

549. **Fai/faga (me/nos) o favor** fórm. Expresión de cortesía con que se pide algo. *-Pero señor, ¡escoite! Faga o favor: ¿e non se podrá comer siquera a que quede nos dentes de cando un a comese?* (137) // *-Pois traiame a min unha conquiña del, faga o favor*. (166)

550. **Fóra a alma** fórm. Dise cando se compara un animal cunha persoa. *Un can ladraba na eira, que parecía seu*

*irmán, fóra a alma, por aquelo de podérselle contar os ósos a ollo, e un gato roncaba na parromeira máis morto de fame, que vivo de xenio.* (149)

551. **fose como fose** fórm. De calquera maneira, en calquera caso. *Así foi que, entuseasmados co achádego, resolveron ir a collelo fose como fose.* (93)

552. **fose como quixer** fórm. Sen importar os medios para conseguir algo. *Elas querían estar a gusto, fose como quixer.* (165)

553. **Inda eu rabie!** fórm. Emprégase para reforzar unha afirmación. *-¡Vaia, home, vaia! ¡E roubáronche o porco! ¿E xa llo dixeches por aí ós outros? -¡Non é iso! É que mo roubaron de veras ¡inda eu rabee!* (203)

554. **(Inda) malo raio te/vos fenda/ (Inda) malo raio te/vos parta** fórm. Utilízase para desexarlle mal a alguén. *¡Ladróns, sinvergonzas! ¡Inda malo raio vos fenda a todos! ¡Acudide aquí, condanados! ¿Non vedes que me foxe o viño?* (143) // *Seguiron sobindo, e cando á aguia lle pareceu, dou unha reviravolta e soltouno [ao raposo], decíndolle: -¡Agárrate ben, senón cas! El mirouna cun ollo, pois o outro facíalle falta para ve-lo camiño, e díxolle: -¡Malo raio te parta!* (108) // *Ademais que as cirolas comenzábanlle a rabuñar de raio. -¡Raio as parta!- decía el para si.* (132)

555. **Isto marcha ben!** fórm. Dise para expresar ánimo. *O cura, ó da-la volta para escomenzar a prática dominical, o pirmeiro que fixo foi mirar se estaba Tarabelo, e ó velo no seu posto, sinteu certa satisfaución interior e dixo para si: Isto marcha ben.* (117)

556. **María Santísima!** fórm. Dise para expresar admiración. *¡María Santísima! Sin poder desenrodarme das roupas, saltei da cama coma un lóstrego, levándoas arrastro.* (180)

557. **Mellor dito** fórm. Úsase para aclarar ou corrixir algo que se acaba de dicir. *E socedeu que, cando á noite quixo colle-la bola para cear, millor dito, para ceala, remexeu antre o toxo do saco pero a bola non apareceu; voara mentres el fora darlle auga á mula*. (150) // *E como mandan, mandáronlle ó crego que, así como saleu polo buxeito do tellado, se dera a buscar saída, ou millor dito, baixada [...]*. (199) // *-Pois iso é unha estrucia, ou millor dito, unhas estrucias que tenden ó desenrolo dos órgaos do corpo humán, aducando con exercicios axeitados cada un pró fin que a Natureza lles impuxo*. (209)

558. **Meu dito, meu feito** fórm. Úsase para indicar que unha cousa ocorre ou ocorreu como se dixo e inmediatamente. *Meu dito, meu feito. Ó outro día dempois das doce, o porco do tío Zanfona oeuse berrar coma se o mataran.* (202)

559. **Nin que tiveran o demo dentro** fórm. Dise de quen fai tolerías ou cousas impropias del. *Os porcos de Xuana de Moroza nin que tiveran o demo dentro.* (76)

560. **Non faltaba máis** fórm. Indica que se acepta algo por consideralo razoable. *-Si, home, non faltaba máis. Ti axúdame a ter conta que non fuxa esta*. (105)

561. **non haber Deus que [+ verbo en subx.]** fórm. Úsase para ponderar a imposibilidade de facer algo que se expresa a continuación. *Ademais, que sendo dos pirmeiros [á hora do*

*rancho], podía recuncar, o que facía case sempre. Así era que se poñía coma un bombo e non había Dios que o fixese andar.* (109)

562. **non haber queixa [de algo/ alguén]** fórm. Estar ben algo. *-Non houbo queixa, señora, non houbo queixa -respondeulle o tío Martiño- anque, se lle vou a decir verdade, a carne éralle mesmo negra.* (75)

563. **non quedar por [alguén ou algo]** fórm. Deixar de facerse ou de ocorrer algo por unha persoa ou cousa. *-Ofrézame ó San Bras, mimadriña. -Bueno, miña filla. Pois por aí que non quede. Toma esta auguiña e gargarexa.* (192)

564. **Non sei que che (lle, vos...) diga** fórm. Expresa dúbida ou incerteza. *-¡Eu non sei que diga!* (176) // *-Pois mira, ho: eu non sei que che diga, pero estáseme acurrindo unha idea que poderás acoller anque non sexa máis que así por en canto*. (182)

565. **o demo** fórm. Moitas cousas, moito. *E de contra deixáronlle a peza o mesmo que unha esterqueira, chea de cascas de ovos, tonas de chourizos, pranas de queixo, ósos de porco, papeles engraxados... ¡o demo! e por riba de todo, un cheiro a allos podres que adoecía.* (166-167)

566. **Oes, ti!** fórm. Dise para realizar unha chamada de atención. *Destoncias, foi cando o galo [ao raposo], dende a póla da cerdeira, lle berrou de demo: -¡Oes, ti! ¡non fuxas, ho! ¡Para, burro, para e lelle o decreto!* (153)

567. **Onde vai (que + or.)!** fórm. Expresa que hai moito tempo que ocorreu algo. *Xa onde vai que me dixo que pasara das catro reglas, e supoño que agora andará na quinta, ou na sesta, ou ¡que sei eu! [...]*. (217)

568. **O primeiro é o primeiro** fórm. Úsase para ponderar o que é considerado como prioritario. *O pirmeiro era o pirmeiro, dempois xa quedaría tempo pró demais*. (87)

569. **O que sabe, sabe** / **Quen sabe, sabe** fórm. Dise para comentar o coñecemento dunha persoa. *-¡Por eso, quen estudia, moito aprende e o que sabe, sabe, e con quen sabe, non hai que poñerse!* (88) // *Si eu sempre dixen que quen sabe, sabe, e a isto non hai que lle dar voltas.* (162)

570. **O que son as cousas** fórm. Dise para comentar o curioso ou asombroso que é algo. *-Pois mire usté, señor, o que son as cousas: o burro éralle mesmo branco*. (75)

571. S**i, home/muller, si** fórm. Emprégase para reiniciar o diálogo. *Arrimouse a xeito a ver que falaban e oeu que o veciño decía: -Pois si, home, si. E o teu Alberte tamén che andaba por alí [...]*. (205)

572. **Pola alma dos teus defuntos** fórm. Rogo para que alguén faga algo por nós. *Era polo mes de Xaneiro e eu adoecía cos sabañóns. Veume unha veciña e díxome: "eu seiche dun remedio, Farruquiño" ."Moller, pola alma dos teus defuntos, dime cal é, que isto non se sofre"*. (175-176)

573. **Por Deus** fórm. Dise para expresar súplica ou xuramento. *-¡Calade, por Dios! ¡Ai, meu paiciño!* (194) // *-¡Calade, por Dios! ¡Deixádeme morrer!* (194) // *-¡Ai, que son eu! ¡Por Dios, que son eu! ¡Son Fulano!* (199)

574. **Que digamos** fórm. Reforza unha negación anterior. *Anque os tempos que corremos non son moi bos que*

*digamos, calquera ten cinco ou dez pesos para un viaxe [...]*. (73) // *-Bueno: cantar, non cantaban alá moi ben que digamos, pero as palabras ¡ai! as palabras mesmo eran bonitas*. (85)

575. **Quen me dera (+ inf.)** fórm. Dise para expresar desexo. *-¡Ai, ho!, -dixo- ¡quen che me dera ir **allá**! [...] -Por aí non pases coidado -díxolle a aguia- que se queres, lévote eu.* (107)

576. **Que me leve o demo!** fórm. Úsase para reforzar a adhesión ou posicionamento do falante con respecto do que fala. *Pero se vos falase ou por alí estivese, destonces ¡que me leve o demo si sei quen son!* (96)

577. **que te trae por aqui?** fórm. Dise para saudar a alguén que chega a un lugar. *-E logo, ¿que te trai por aquí, Maripepa?* (128)

578. **(Que) veña unha centella que te divida!** fórm. Dise para desexarlle mal a alguén. *-Ainda permita Dios que veña unha centella que te devida! ¡Ladrón! Éche ben certo: ¡O que con rapaces se deita…!* (118)

579. **Raio as parta!** fórm. Dise para expresar maldición. *Ademais que as cirolas comenzábanlle a rabuñar de raio. -¡Raio as parta!- decía el para si.* (132)

580. **Rema arriba, rema abaixo** fórm. Expresa un período de dúbida e reflexión antes de tomar unha decisión. *Rema arriba, rema abaixo, mercounos ó fin en oito pesos.* (77)

581. **Sabe Deus** fórm. Dise para ponderar a imposibilidade de saber ou cuantificar algo a ciencia certa. *[...] hastra que me vin debaixo de sabe Dios de cantos, que mesmo morría aprastado.* (159)

582. **Se Deus quere** fórm. Dise para expresar a esperanza de que algo aconteza. *Podes irte sin coidado, que has de sanar, se Dios quer, sin máis remedios.* (130)

583. **Se os hai** fórm. Úsase para expresar unha calidade en grao máximo. *Ciridonio Barrigafonda, a quen xa conocedes, era un home agarradiño, se os hai*. (140)

584. **ser o demo** fórm. Emprégase para expresar abraio. *¡Aquello era o demo! El non era el. Era un frade feito e dreito que estaba no seu convento.* (96)

585. **Se vou dicir verdade** fórm. Úsase cando se quere dicir o que se pensa con sinceridade. *-Non houbo queixa, señora, non houbo queixa -respondeulle o tío Martiño- anque, se lle vou a decir verdade, a carne éralle mesmo negra.* (75)

586. **Son cousas da vida** fórm. Expresa resignación ante determinados feitos ou aceptación do inevitable. *Son "cousas da vida" impostas polas circunstánceas, nas que calquera se ve, cando menos o pense*. (199)

587. **Tan certo como que habemos de morrer** fórm. Dise para ponderar a veracidade de algo. *Esto que vou a contar, évos tan certo como que habemos de morrer.* (78)

588. **Un demoño** fórm. Expresa oposición a algo ou negación. *-¡Picou un demonio! É que debe de estar podre, que se me esfurricou por antre os dedos*. (105)

589. **Un día é un día** fórm. Úsase para expresar que ás veces se pode facer unha excepción. *¡Un día é un día, Xan!* (230)

590. **Vai boa!** fórm. Úsase para expresar que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é ou para dar máis énfase a unha valoración. *Berraba, e pedía por Dios, pero ¡vaiche boa! cada*

*un desculpábase co que tiña encima e sobaban sin consideración.* (159)

591. **Vaia que [+ ind.]!** fórm. Dise para amosar asombro. *-¡Vaia, ho! -decía Augaviños arrimado de lombo ó mostrador- ¡Vaia que che fixen hoxe un bo negocio coisas pendangas! ¡Se as volvo a ver máis á porta, xuro por Dios que as esbandallo!* (167)

592. **Vai/ide con Deus** fórm. Dise para se despedir. *Se queres tamén convencerme a min ¡pois convencido! Vaite con Dios, e boa sorte, que a cousa hache de saír que nin pintada.* (203)

593. **Vive Deus** fórm. Dise para ponderar o que se di. *Meu pai rouboulle unha vaca / ó cura de Tabeirós; / inda ninguén sabe nada, / ¡pero é certo, vive Dios!* (117) // *Miña nai está arrombada / do cura de tabeirós; / inda ninguén sabe nada / ¡pero é certo, vive Dios!* (118)

594. **Volta arriba e volta abaixo** fórm. Emprégase para dar conta dun período de reflexión. *Volta arriba e volta abaixo, o caso foi que Augaviños cobrou as súas sete cadelas.* (166)

595. **Vostede oe!** fórm. Dise para reforzar o discurso preguntándolle ao interlocutor. *-¿Osté oi! -dixo a da Xoroba- ¿E ten caldo?* (166)

596. **Xa está dito!** fórm. Dise para expresar que o tema está pechado, que non hai máis que discutir sobre un asunto. *-Mira que se non calas e fas ben canto che mande, non hai cartos, nin brancos, nin negros. -¡Carafio! Xa está dito. Anque sea a roubar, pode mandarme que podo decirlle que me parta un…* (116)

597. **Xuro por Deus que [+ ind.]** fórm. Emprégase como aseveración. *¡Vaia, ho! -decía Augaviños, arrimado de lombo ó mostrador- ¡Vaia que che fixen hoxe un bo negocio coisas pendangas! ¡Se as volvo a ver máis á porta, xuro por Dios que as esbandallo!* (167)

## 4. Esquemas fraseolóxicos

598. **... abaixo ... arriba** esquema Dá conta dun proceso ou período ata chegar a un resultado. *E poxo abaixo, poxo arriba, colleuno [un paraugas] ó fin en vintecinco reás, que por certo, nono daría anque lle deran cen.* (173)

599. **E [+ ind.], e [+ ind.]** esquema Forma de responder reiterando ou insistindo en algo que outros negan. *-E andan, e andan, e mais é certo, que inda fai poucos días na ponte do Zarabeto […].* (112) // *-E andan, e andan, e mais é certo.* (112)

600. **como [+ inf.] [+ ind.]** esquema Repetición do verbo que serve para enfatizar. *-Pois eu, como chamar, chámanme o Tarabelo, pero o meu nome é Xacinto.* (116) // *-Logo: ¿non topache ningunha [xuvenca] de xeito? -Como topar, topei, topei; pero, mire, ¡anque lle fora o demo! De cantas mirei, ningunha, nin por milagre, lle tiña dentes de riba.* (171)

601. **[Ind.] que [ind.]** esquema Repetición do verbo co obxectivo de enfatizar a acción sinalada. *O primeiro en atopala foi o empregado, que, anda que anda, gatea que gatea e busca que te busca, chegou por fin a unha parede que daba a unha horta […].* (198)

602. **ir de [número] veces** / **ir con [número]** esquema Emprégase para indicar cantas veces aconteceu algo ou o tempo que pasou dende un acontecemento. *Farruquiño ten un hórreo, e o hórreo ten unha pechadura,*

*e a pechadura unha chave. Pero Farruquiño iba xa de catro veces que perdía a chave sin encontrala de ningunha.* (172) *// Destonces díxenme: vóucheme a ve-lo médeco, porque, así como así, xa vai con dous anos que lle pago o arrendo sin que o ganara en nada, polo si ou polo non quen entende, entende […].* (175)

603. **poñerse [alguén] a (+inf) e non acabar** esquema Empezar a facer algo e non pórlle fin. *[…] en fin: que se pon a contar e non acaba.* (78)

604. **Que + haber (de) [+ inf.]!** esquema Emprégase para responder negativamente co mesmo verbo da pregunta. *-Pois ídevos alá que teño para min que vos ten unha perdís dentro. -¡Que ha de ter, ho! -¡Así Dios me leve! Eu mesmo a vin ir [unha perdiz] dreita alí […].* (104) *// -¿E non comprache, Farruquiño? -¡Que había de comprar! ¡Que había de comprar!* (171) // *-¡Que había de volver!* (80) // *-Pero, muller: ten pacéncea. ¿Ti non ves…? -¡Que hei de ver! ¡Que hei de ver! ¡Ai, meu paiciño, en que días viñeches a morrer!* (194) // *-¡Que non ha de valer, muller, que non ha de valer! Ademais que a min tanto me ten coller cara alá que cara outra banda.* (207)

605. **quedar por (+adx negativo)** esquema Quedar mal con alguén. *-Ista si que foi boa. Quedar sin o porco, porque sin el quedei, que eu nono vexo, e por encima quedar tamén por marrao.* (204)

606. **S. + abaixo, S. + arriba / S. + arriba, S. + abaixo** esquema Expresa insistencia ou repetición do indicado polo substantivo. *Rema arriba, rema abaixo, mercounos ó fin en oito pesos.* (77) // *Descursos arriba e descursos abaixo, soio viron o recurso de que Ciridonio tapara coa lengua o burato.* (140) // *Volta arriba e volta abaixo, o caso foi que Augaviños cobrou as súas sete cadelas.* (166) // *E poxo abaixo, poxo arriba, colleuno [un paraugas] ó fin en vintecinco reás, que por certo, nono daría anque lle deran cen.* (173) // *Baixamonos e, contas arriba, contas abaixo, resultou que había que buscar carpinteiro e ferreiro.* (178)

607. **saltar a [+subst en plural] con [alguén]** esquema Comezar algo con alguén. *O pai non saltou con el a cachetes. Era un pai algo prudente para facer eso.* (117)**.** // *[…] e tan pronto abreu o día, saltou con el a contas [o pai], e o rapás, como é natural, acabou por confesarlle todo.* (117)

## 5. Refráns

608. **A práctica fai mestre** ref. É a experiencia de onde provén a sabedoría. *A práutica fai maestro, e eu conozo á xente dende o momento que a vexo entrar pola porta. A min ninguén mas pega.* (138)

609. **Nada hai novo baixo o sol** ref. O que parece novidade non o é pois todo ten un precedente. *[...] que se nada hai novo baixo o sol, como dixo non sei quen, cómprenos siquera darlle novs trazas ás mesmas cousas [...].* (201)

610. **Na terra do meu home, o que non traballa non come** ref. Cómpre traballar para conseguir o sustento. *-Si, ho. ¿Ti non sábe-lo refrán? "Na terra do meu home, o que non traballa non come".* (170)

611. **Nunca é tarde se a sorte é boa** ref. Para recibir un beneficio nunca é tarde. *Nunca é tarde se a sorte é boa.* (202)
612. **O que cala, outorga** ref. Un silencio pode ser interpretado como unha conformidade. *¿Que che parece, meu santo? ¿Non dis nada? Pois o que cala, otorga.* (237)
613. **O que con rapaces se deita mexado se levanta** ref. Non convén facer tratos con xente nova pois adoitan saír mal. *-Ainda permita Dios que veña unha centella que te devida! ¡Ladrón! Éche ben certo: ¡O que con rapaces se deita…!* (118)
614. **O que queira ter a muller boa, déalle cervoa** ref. Indica que a inxestión de cervúa é boa para as mulleres, especialmente no período de embarazo. *- Ningún mal che fixeron, pois os ovos alimentan moito. E tomarías tamén cerboa porque din alí: o que queira te-la muller boa, déalle cerboa.* (129)
615. **Para onde vas, tolo? Para onde van todos** ref. Advirte do perigo de facer o que fai a maioría da xente sen reflexionar sobre a súa conveniencia. *- Si,¿pra onde vas, tolo? "pra onde van todos", din alí. Pero eu non che estou con isas. E iso que dis de que van todos, ti ve-los que van, pro non ves os que quedan.* (233)
616. **Quen na pedra se deitou, nunca ben dela contou** ref. Advirte dos perigos de asumir certos riscos. *- O demo sopra ás veces, Maripepa; e soceden cousas se non se ten ollo con el. Non quero decirche con esto que ti teñas necesidá de facer escritos. Podes irte sin coidado, que has de sanar, se Dios quer, sin máis remedios. E pró adiante has ter moito coidado coas pedras, que son moi malas para xargóns, sobre todo de noite e fóra da casa. Ten sempre en conta o refrán: "quen na pedra se deitou, nunca ben dela contou".* (130)
617. **Un tolo fai un cento** ref. A tolemia é ás veces contaxiosa. *Din alí que un tolo fai un cento e tanto o dixo e o asegurou que todos acabaron por creer o mesmo*. (93)

## 6. Bibliografía

GARCÍA BARROS, Manuel (1999): *Contiños da Terra.* Edición de Carlos Loureiro. Vigo: Xerais.

# Recensións
# Reviews

**ALMEIDA, José João (1999): *Dicionário aberto de calão e expressões idiomáticas*. [En liña]. Guimarães: Universidade do Minho.**

O *Dicionário aberto de calão e expressões idiomáticas* (DAC) nace no maxín dun experto en programación informática e amador das expresións idiomáticas. José João Almeida é profesor auxiliar na Escola de Engenharia da Universidade do Minho en Guimarães (Portugal) e pertence ao Grupo de Especificação e Processamento de Linguagens do Centro de Ciências e Tecnologias de Computação onde se está a desenvolver o Projecto Natura, fundado polo propio doutor Almeida. Este proxecto é un pequeno grupo de investigación en Processamento de Linguagem Natural que está composto polo seu fundador e ao que se foron incorporando varios alumnos (de licenciatura, mestrado ou doutoramento), investigadores, bolseiros e outros docentes e ten como obxectivo principal investigar e crear ferramentas informáticas que se baseen na linguaxe natural.

O DAC é un deses útiles que crearon. Trátase dun proxecto infinito (por non estar acabado nin ser concibido para que o estivese), aberto e colaborativo que lles permite, por unha banda, a colaboración a todas as persoas que desexaren participar nel para incorporar expresións idiomáticas ou termos groseiros e, por outra, o acceso a todos os interesados que o quixeren consultar e utilizar. A idea principal é compilar "uma parte nobre e rica da língua Portuguesa. Ao mesmo tempo que inclui verdadeiros tesouros, este domínio é frágil e muitas vezes os termos têm um tempo de vida curto" consoante reza a introdución do sitio web que sinalamos a continuación. Tecnicamente, este dicionario emprega a linguaxe de programación DPL (dictionary programming language). A última versión está accesíbel en http://natura.di.uminho.pt/jjbin/dac e, neste sitio web, o usuario pode acceder: á procura electrónica de todas as unidades rexistradas até o momento, ás fichas para incorporar posíbeis colaboracións, á última versión en pdf (que van actualizando regularmente para que vaian aparecendo as novas incorporacións), á versión html monobloque, á versión en texto UTF8, ás fontes a partir das cales se xera todo (onde incluso aparecen compiladas moitas paremias que non están no pdf) así como a unha serie de documentos que elaborou o seu creador sobre a descrición do propio DAC e a ferramenta que lle dá soporte (DPL). Neste momento, as entradas que o conforman están visíbeis na procura en liña, mais só marxinalmente no pdf e txt.

Agora mesmo o DAC contén un corpus que se aproxima xa ás 4000 unidades. A última versión pdf que está agora consultábel pertence ao 06/07/2018 e posúe un total de 193 páxinas. Para alén das entradas, o documento posúe unha páxina inicial cunha portada principal

que inclúe o título, o nome e o enderezo electrónico do coordinador e a data de edición do arquivo e unha segunda que describe, primeiramente, o volume, despois, explica a estrutura das entradas e, en último lugar, achega unha listaxe con todas as persoas colaboradoras.

O dicionario está elaborado a partir da escoita activa da lingua oral diaria, da consulta de textos escritos e da colaboración das persoas que envían contribucións mais prescindindo da lectura ou consulta dos dicionarios de expresións idiomáticas impresos. Ao estar orientado ao concepto (e non á palabra), vai engadindo novas formas de dicir o mesmo e presenta a vantaxe de lle preguntar ás persoas por novas variantes. A ordenación que presenta o pdf é alfabética e mestura unidades mono e pluriverbais que son tratadas do mesmo xeito. A información que se achega, como mínimo, de cada unha é o significado e un exemplo de uso e, a maiores, poden aparecer sinónimos, indicacións do rexistro ao que pertence (clasificadas en: normal, calão, erudito, coloquial, calão carroceiro, calão muito carroceiro, calão estupidamente carroceiro), indicación do lugar de uso (pt, pt norte, pt centro, pt sul, Brasil, Angola, Madeira, Açores, particular) ou o tipo de unidade que é (termo, frase pitoresca, interjeição, provérbio, insulto, termo calão, idiomática, outra). Outras veces, aínda que non o indique na introdución, poden incluso ir acompañadas dunha anécdota ou dunha adiviña ou incluír outro tipo de contido complementario como pode ser o que aparece no corpo das entradas *Enciclopédia do piropos aprendiz de informática* ou *Enciclopédia do piropos à Trolha*.

Os únicos peros que se lle poden poñer a esta peculiar e orixinal obra paremio-lexicográfica é que, ao estar en proceso constante de construción, ten algunhas entradas aínda sen máis información ca o lema, é dicir, sen a información básica que teñen todas as outras: definición e contexto; outras aparecen duplicadas con dúas formas de cita (*é uma anedota* e *ser uma anedota*, por exemplo); emprega abreviaturas que non explica por ningures e o lector pode non saber interpretar (é o caso de *patt.*, **GN* ou **N*); e fai unha distribución da polisemia das unidades que pode ser tamén algo confusa. Para optimizar tanto o contido e a correcta interpretación, uns e outros aspectos deberían ser revisados. Agora ben, a orixinalidade que este traballo achega ao mundo da fraseoloxía e da lexicoloxía e o valor que esconde a inmensa riqueza lingüística e cultural que compila son verdadeiramente interesantes para o mundo da investigación filolóxica e da aplicación simultánea das novas tecnoloxías nos métodos de investigación e difusión.

Polo que respecta ás expresións idiomáticas que reúne, inclúen unha serie de fórmulas, locucións, refráns e compostos sintagmáticos que conforman arredor do 60% das entradas. Todas elas pertencen a un rexistro claramente popular (por veces rozando ou chegando incluso ao grao máis alto de grosaría) e adoitan posuír cargas altamente expresivas e riquísimas en matices. En canto á súa temática, a que abrangue un maior número de unidades é a sexualidade, no entanto, o DAC contén outras moitas denominacións relacionadas con todos os aspectos da vida diaria dos seres humanos: falsidade, cantidade, paciencia, saúde, vinganza…

Fernando Groba Bouza
Universidade de Vigo

**BERTY, Katrin; MELLADO BLANCO, Carmen; OLZA, Inés (eds.) (2018): *Fraseología y variedades diatópicas*. Pamplona: Ediciones Eunsa, 187 páginas. ISBN 978-84-313-3317-1.**

O presente volume *Fraseología y variedades diatópicas* está conformado por sete traballos cuxo fío condutor son as variantes do español ao longo e ancho do seu dominio territorial. Estes traballos son o resultado dos diferentes relatorios que tiveron lugar no *XX Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas* en 2015 en Heidelberg.

Tal e como constatan algúns autores do volume (Mogorrón, páx. 84), ata o momento non se lles prestou demasiada atención ás variantes fraseolóxicas do español en contraste coas unidades fraseolóxicas do español de Hispanoamérica, polo que, de forma moi acertada, este volume vén a cubrir o baleiro neste ámbito da investigación. As editoras do volume expoñen no prólogo tres motivos polos cales tales deficiencias se fan patentes neste campo: problemas no plano oral en relación á documentación do material fraseolóxico, cuestións relacionadas con aspectos lexicográficos e, por último, o excesivo protagonismo da variedade estándar peninsular en detrimento doutras variedades.

O primeiro traballo de Freixas Alás, Julià Luna e Prat Sabater, enmarcado no proxecto "El español en contacto con el catalán: variación diatópica y bilingüismo", deseña varios cuestionarios que indagan no coñecemento e usos das UF (unidades fraseolóxicas) en falantes bilingües español-catalán. No primeiro cuestionario trátanse datos sobre o uso en ambas linguas e no segundo cuestionario valórase en formato didáctico a utilización de UF desta zona.

Lili Carrillo e Gallegos Shibya analizan locucións do español de México no ámbito das emocións. Os autores achéganse a dous enfoques: onomasiolóxico e cognitivo. A compilación do corpus baséase en dicionarios, textos de lingua falada (*Corpus Michoacano del Español*) e en plataformas dixitais. O corpus engloba oito emocións nas que se insertan diferentes locucións. Se ben existen universais metafóricos aplicables ás distintas variantes do español que demostran que o concepto non varía pero si a natureza léxica das locucións, os autores son cautos ao respecto porque esta hipótese precisa aínda de comprobación empírica.

As autoras italianas Messina Fajardo, Jiménez Naharro e Colucciello céntranse no ámbito fraseolóxico e paremiolóxico do español en contacto con outras linguas do continuo romance (en concreto, co italiano) no campo dos estereotipos de xénero (*ser una cotorra - essere un pappagallo; las mujeres son como los indios, se pintan cuando quieren guerra - le donne si truccano e gli uomini mentono*). Co obxectivo de evitar un uso sexista da lingua e eliminar determinados estereotipos, as autoras propóñense abordar o papel da muller no ámbito xa citado. Ofrecen unhas fichas de cada fraseoloxismo ou refrán

baseadas en seis aspectos (tipoloxía, significado, orixe, marcador de uso, correspondencia italiana e exemplo) e unha serie de exercicios que poñen o foco no fenómeno machista.

Se ben este tipo de exemplos está conformado por casos estereotipados e expresións lexicalizadas na lingua que incluso perderon esa connotación sexista, non cabe dúbida de que a ensinanza dos estereotipos de xénero en fraseoloxía pode fomentar no alumno a toma de consciencia sobre o uso sexista da linguaxe e, polo tanto, contribuír a animar sensibilidades a prol dunha sociedade máis igualitaria.

Mogorrón Huertas subliña a importancia dos significados polisémicos dos fraseoloxismos dentro das variedades hispanoamericanas. O autor leva a cabo unha compilación de 34.000 construcións verbais fixas das cales 12.000 pertencen a UF habituais de Hispanoamérica. Á súa vez, establece diferentes grupos: español de uso peninsular, uso rexional do español, uso peninsular común a numerosos países hispanoamericanos e expresións exclusivas de Hispanoamérica. Este traballo evidencia a infinidade de variantes diatópicas do español no ámbito fraseolóxico.

O traballo de Rico Sulayes nace no seo dun proxecto lexicográfico que ten por obxecto a creación dun dicionario monolingüe do nivel subestándar (ámbito de uso coloquial, familiar, popular e vulgar) en México, como paso previo a unha obra máis ambiciosa: a elaboración dun dicionario bilingüe español-inglés do léxico subestándar mexicano e que está documentado a partir do rastrexo en diferentes corpus (CEM, CREA, CORDE).

Tabares Plasencia e Batista Rodríguez investigan o léxico fraseolóxico da illa canaria de La Gomera. Tomando como punto de referencia a obra de Tabares Plasencia (2006) *Vocabulario tradicional de La Gomera*, o foco de atención céntrase nas comparacións fraseolóxicas fixas (*estar como un cachazo, estar negro como un coyor, ser malo como una jara*). Clasifícanse e analízanse 386 unidades estruturadas en colocacións, combinacións verbo + suxeito, locucións e enunciados fraseolóxicos. En relación ás comparacións fraseolóxicas empréganse elementos prototípicos ou comparados pertencentes á fauna, aos instrumentos propios da vida tradicional, elementos vexetais, mitos etc. Certamente, o traballo de Tabares Plasencia e Batista Rodríguez contribúe a unha maior difusión da fraseoloxía dialectal canaria.

Por último, Valero Cuadra aborda as estratexias tradutoras da versión alemá da obra *Mararía* de Rafael Arozarena. Obsérvase que as técnicas empregadas pola tradutora para transvasar elementos culturais específicos de La Gomera xiran en torno á neutralización, a explicación ou conservación dos termos da lingua de orixe, o cal reflicte a dificultade que conleva traducir cultura dunha lingua de orixe a outra meta en subvariantes locais dentro do arquipiélago canario.

Os distintos traballos aquí expostos reflicten a importancia de apreciar a riqueza dunha lingua pluricéntrica como é o español, tendo en conta tanto as variedades rexionais do español peninsular como as variedades do español hispanoamericano. En definitiva, este volume representa un aporte sumamente valioso por reunir traballos dun ámbito de estudo ata agora pouco explorado.

Ana Mansilla

**BLANCO ESCODA, Xavier e MEJRI, Salah (2018): *Les Pragmatèmes.* París: Classiques Garnier. ISBN 978-2-406-08203; 213 pp.**




*Les pragmatèmes*, obra publicada en Classiques Garnier, constitúe o terceiro volume da serie *Formes discursives* dentro da colección "Domaines Linguistiques", que dirixe Franck Neveu. A súa publicación nesta editorial foi posible grazas ao proxecto R&D (FFI2013-44185-P), *Jerarquía de etiquetas semánticas (español-francés) para los géneros próximos de la definición lexicográfica*, financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade español. Os seus autores, Xavier Blanco Escoda e Salah Mejri, son ámbolos dous catedráticos de lingua francesa na Universidade Autónoma de Barcelona e na Universidade Sorbonne París Cité, respectivamente, e grandes referentes da fraseoloxía francesa. O primeiro deles, Xavier Blanco Escoda, é coñecido polos seus diversos traballos sobre os frasemas e o segundo, Salah Mejri, pola concepción das nocións de fixación e deslexicalización dentro do sistema lingüístico francés.

Xa con estes antecedentes, podemos esperar atoparnos cunha obra da máxima calidade investigadora, co aval dunha prestixiosa editorial. Pero non só con eles: este libro ábrese nada máis e nada menos cun prólogo de Alain Rey, o reputado lexicógrafo francés, autor e director de múltiples dicionarios Le Robert. Un prólogo onde o veterano lingüista fai unha síntese de todo o volume, misturada cunha reflexión profunda sobre este novo elemento da lingua: o pragmatema. Acostumado aos neoloxismos lingüísticos de todo tipo, recoñécelle a este a súa dobre condición: por unha banda, o de ser "indispensable á lingüística", e por outra, o de "permanecer misterioso para a inmensa maioría dos francófonos" (p.7)[1]. Co obxectivo de resolver este misterio, e guiado pola súa longa experiencia como especialista da lingua francesa, analiza o xurdimento desta nova palabra ("pragmatème") e o seu concepto, descompoñéndoa en raíz e sufixo. Para poder situala no conxunto dos termos lingüísticos cos que comparte o mesmo sufixo (o sufixo *–ema*, como elemento que lle dá á palabra un estatus de unidade pertinente), debuxa o mapeo das demais denominacións, desde a palabra "fonema" (do século XIX), ata a creación de "pragmatema", acuñada en 1995 polo lexicógrafo ruso afincado en Canadá, Igor Mel'čuk. Focalizando, despois, a súa atención na raíz da palabra –parte que indica o ámbito ao que se refire–, relaciónaa coa pragmática (do grego *pragmatikos*), primeiramente no senso de Ch. Morris (dimensión analítica que "trata das relacións entre os signos e os seus usuarios" (p. 9)), e logo coa sintaxe (desde a perspectiva da combinatoria léxica) e a semántica. Con todo, na definición do termo prevalece o "uso humano dos signos, uso individual, colectivo, cultural" (p. 9), un uso que, aínda así, padece dun marco teórico pouco desenvolvido dentro da lingüística. Como o que caracteriza o pragmatema,

[1] Fornecemos directamente a tradución ao galego do texto orixinal (en francés).

aparte do seu aspecto pluriverbal e lexicalizado común a tódalas unidades fraseolóxicas (UF), é o seu uso exclusivo ligado a unha situación de enunciación específica, a análise da pragmaticidade deste tipo de UF require de criterios lingüísticos concretos. Neste senso, o mérito da contribución dos autores desta obra consiste en aportar precisamente os elementos que poden permitir definir mellor o pragmatema en relación ao uso desde unha análise estritamente lingüística.

A pesar da novidade do concepto, o prologuista tira de arquivo para lembrar que o que hoxe leva o nome de pragmatema chamábase antes "maneiras de falar" (*dictiones*) ou "fórmulas". Trátase, en calquera caso, de "enunciados codificados relacionados cunha situación sociocultural precisa dos locutores" (p.12), tales como *bonjour!* (bo día!), *salut!* (ola!), *à demain!* (ata mañá!), entre outras expresións. Mais estas formas en concreto, coñecidas tamén como "fórmulas de cortesía", integran a noción de pragmatema dun xeito que vai máis aló do simple acto de fala, debido ao seu dobre carácter lingüístico e sociocultural. A súa dupla condición de enunciado lingüisticamente autónomo e pragmaticamente dependente fai do pragmatema unha unidade fraseolóxica particular, cunha tipoloxía que se pode repartir de forma específica so para ese tipo de UF entre os dous canles: a escrita e o oral. Así, fronte aos pragmatemas de sáudo e despedida vistos antes, que se poden utilizar tanto de forma oral como escrita, o pragmatema *en panne* (avariado) só pode empregarse na escrita, figurando ademais nun soporte concreto e de xeito visible. Todos estes condicionantes externos forman parte do pragmatema, que reúne no seu contido mensaxe e función. Isto, á súa vez, volve a súa presenza "moito máis visible nos enfoques prácticos dos fenómenos lingüísticos que nos enfoques normativos ou descritivos" (p.13), como son a lexicografía, cos seus dicionarios, sobre todo bilingües, e os repertorios de expresións das guías de viaxe, ou a didáctica das linguas, cos seus métodos de ensino e as súas gramáticas. Esta obra serve para poñer en evidencia os problemas de tratamento que reciben os pragmatemas desde estes enfoques prácticos. Se ben, no caso dos dicionarios, o prologuista fai unha listaxe dos atrancos que atopa a recensión destas unidades fraseolóxicas, tamén recoñece que todo depende do modelo de dicionario e afirma que "non é de extrañar que se atopen menos pragmatemas (ou frasemas e incluso lexemas) nun repertorio normativo como o *Dictionnaire de l'Académie française* (9ª edición, terminada en 2016) que nun dicionario descritivo dunha amplitude similar" (p.16). A partir deste exemplo, reflexiona sobre a natureza da pragmaticidade da linguaxe que sinala como un fenómeno transversal que hai que relacionar cos comportamentos socioculturais dos individuos e estudar desde diferentes disciplinas (etnoloxía, semiótica, lingüística etc.). Como di Alain Rey, "a pragmática está en todas partes" (p. 18) e desde esta perspectiva "os pragmatemas […] serían pois non só unha unidade específica que describir, senón un universal da linguaxe". O mérito dos autores desta obra, segundo este lingüista, é ter conseguido "presentar unha problemática e unha teorización en preparación baseadas na observación das prácticas descritivas (eliminando tamén as fronteiras que separan as disciplinas: lexicografía unilingüe, plurilingüe, manuais, gramáticas…)" (p.18).

Analizando agora máis polo miudo as partes deste volume que sustentan esta observación das practicas descritivas, o reparto estrutúrase en 4 grandes apartados, precedidos dunha

introducción dos autores onde poñen de manifesto tanto a relevancia como a complexidade do fenómeno pragmatémico. A falta de consenso actual entre os estudiosos do tema para definilo volve o concepto inestable, razón pola cal esta obra pretende, á luz da análise das súas características, "construir unha hipótese de traballo relativamente consistente para levar a cabo esta investigación ata o final" (p.21). Esta hipótese parte da lexitimidade do fenómeno estudado, baseada na súa natureza, e da súa pertinencia para a descrición da fraseoloxía e das linguas, en xeral. A súa natureza afírmase a través duns parámetros que esta obra pon en valor, tanto desde unha perspectiva teórica como práctica. Estes parámetros permiten identificar o pragmatema na lingua e comprobar o seu funcionamento no discurso.

O primeiro dos apartados (*Le pragmatème, éléments d'une définition*) aporta desde o seu comezo unha definición do pragmatema prototípico que abranga todo o seu significado dun xeito aparentemente definitivo: "e un enunciado autónomo pluriverbal, semanticamente composicional, que é restrinxido no seu significado pola situación de comunicación na que se produce" (p. 25) (*Soyez le bienvenu/ Sexa benvido*). Mais esta definición matízase enseguida porque tamén existen pragmatemas monoverbais, chamados tamén "unigramas", como *Enchanté/Encantado*, ou non composicionais (*À vos souhaits/ Saúde*). A isto cómpre engadir, ademais, outros criterios definitorios coma a *ritualización*, que liga o pragmatema a unha situación concreta que esixe ese e non outro, o que fai do pragmatema un "produto histórico e cultural", ou a súa *adscrición* forzosa a unha parte determinada do discurso sendo el un enunciado independente (p. 26). A paradoxa entre a súa forma (autónoma) e o seu uso (dependente e repetido) é, pois, evidente, e dá conta da complexidade deste tipo de unidade fraseolóxica. Con respecto á forma, esta pode ter variantes, extensivas ou intensivas (*Bienvenu/Benvido > Soyez le bienvenu/Sexa benvido* ou ao revés *Danger de mort/Perigo de morte > Danger/Perigo*), que poden ser moitas veces derivacións dun frasema anterior (*Bonjour/Bos días < dire bonjour à qqn/dar os bos días a alg.*), ou poden ter tamén variacións (*Chut/Shut; Silence/Silencio; Tais-toi/ Cala*). En canto ao uso, este está totalmente condicionado pola situación de comunicación e mailas súas coordenadas deícticas de índole espacial, temporal, de acontecemento, acción, estado e entidade. Estas coordenadas son as que verdaderamente inflúen na elección do pragmatema, actuando previamente e impoñéndolle restricións semántico-léxicas. Efectivamente, estes condicionantes fan que a fixación, neste tipo de unidades fraseolóxicas, se produza dunha forma moi particular: no caso dos pragmatemas, trátase dunha fixación precoz, que se produce con anterioridade comparado ao resto das UF, xa que impón ao locutor as eleccións lexicais e semánticas do seu enunciado desde as coordenadas da propia situación de comunicación (p. 35). Completando este primer apartado, os autores presentan unha tipoloxía dos pragmatemas dentro dunha clasificación xeral dos frasemas, dividindo estes en dúas grandes categorías: os frasemas semántico-lexicais e os frasemas lexicais. Os frasemas lexicais comprenden as locucións e mailas colocacións, e os frasemas semántico-lexicais os pragmatemas, os clichés e mailas paremias. A diferenza que establecen os autores entre os pragmatemas e os clichés consiste, neste último caso, na ausencia de relación predeterminada entre a situación de comunicación e a expresión. *Ça ne te regarde pas/Non che importa; C'est la vie/*

*Así é a vida; Quelle heure est-il?/Que hora é?* etc. serían clichés ao non estaren ligadas a situacións concretas, condicionadas por determinadas coordenadas de tipo temporal, espacial etc.

O segundo apartado (*Les pragmatèmes dans le dictionnaire*) pode relacionarse co cuarto apartado (*Inventaire lexicographique des pragmatèmes*) no senso de que no primeiro faise unha análise da problemática que presenta a recollida dos pragmatemas en obras diversas da lexicografía e no segundo ofrécense pautas para realizar correctamente un inventario lexicográfico dos pragmatemas. No primeiro destes dous apartados, estúdase a presenza e a descrición dos pragmatemas en dicionarios monolingües do francés, bilingües (francés-inglés e francés español) e en dicionarios especializados, no só nos distintos diasistemas da lingua senón tamén na descrición dos frasemas (a fraseografía). Con respecto aos monolingües analizados, o *Trésor de la Langue Française informatisé* e *Le Grand Robert de la Langue Française* (versión electrónica), os autores son categóricos: "non só non describen de forma adecuada os pragmatemas, senón que, na maioría dos casos, nin os mencionan" (p.70). En canto aos bilingües como *Le Grand Dictionnaire Hachette-Oxford* (2007) e *Le Robert & Collins* (2010) para o par de linguas francés-inglés e mailo *Diccionario Larousse* (2003) (en versión electrónica) e o *Diccionario Espasa Grand* (2000) para o español-francés, obsérvase que recollen máis pragmatemas que os monolingües. Isto débese ao feito de que a tradución que fornecen estes dicionarios implica unha codificación na lingua de destino que pon de manifesto o seu carácter restrinxido de segmentos da fala ligados a situacións concretas. O interese do usuario por expresarse correctamente nesas situacións en lingua estranxeira lévao a buscar a forma máis axeitada, e polo tanto o pragmatema máis adecuado. En canto á lexicografía especializada, os autores rastrean a presenza deste tipo de unidades fraseolóxicas buscando nos diferentes eidos da variación diasistemática, nomeadamente a diatopía, diacronía, diastrática, diatécnica, diamodal e diaintegrativa. Todos eles describen os pragmatemas desde o valor cultural que conteñen xa que este condiciona "os usos e modos de ser nunha comunidade lingüística dada" (p.99). A descrición dos culturemas na identidade dos pragmatemas centra cuestións tan esenciais como a conveniencia da súa integración no seu aspecto semántico ou a pertinencia das categorías conceptuais nas que se poden reagrupar nun enfoque onomasiolóxico (*Saúdos, Disculpas, Prohibicións* etc.). Con respecto, finalmente, aos dicionarios fraseolóxicos, os empregados neste estudo (o de Rey e Chantreau, 1989; de Rat, 1957 e Ahsraf e Miannay, 1995) amosan a tendencia a ignorar a fraseoloxía composicional e, polo tanto, a pouca inclinación a recoller os pragmatemas, ou a recollelos mal sen relacionalos coa situación de orixe na que se empregan. A análise lexicográfica deste segundo capítulo pon de manifesto as lagunas principais destas obras no tratamento dos pragmatemas con respecto a 4 puntos: a falta dunha equivalencia léxica adecuada entre o pragmatema e a súa definición, a deficencia das equivalencias tradutolóxicas, a ausencia de referencia á estereotipia que caracteriza os pragmatemas na súa definición e por fin, a carencia de alusión á congruencia coa que o pragmatema está relacionado coa situación de enunciación. Todas as prácticas lexicográficas analizadas amosan a mesma falta de consciencia cara a estes parámetros esenciais para a definición desta entidade fraseolóxica.

O cuarto apartado (*Inventaire lexicographique des pragmatèmes*) relaciónase con este segundo no senso de que nel os autores realizan un estudo dos diferentes aspectos que conlevaría facer un inventario lexicográfico adicado exclusivamente aos pragmatemas. Efectivamente, despois de comprobar nas obras analizadas no segundo apartado as súas carencias con respecto a este tipo de unidades fraseolóxicas, resulta consecuente aportar propostas para crear obras recopilatorias de pragmatemas segundo un formato propio. Para empezar, e para marcar ben a diferenza coas aquelas outras analizadas previamente, os autores defenden a denominación de "inventario" para denominar o tipo de volume encargado de recoller os pragmatemas, en calquera lingua, e presentan a continuación cuestións relativas tanto á macroestrutura (lematización das unidades) como á microestrutura (descrición das unidades), incluíndo as de mesostrutura (tratamento dos pragmatemas como subentradas nos dicionarios de unidades léxicas). Esta última cuestión resulta, ademais, particularmente relevante ao tratar o aspecto dos equivalentes de tradución neste tipo de unidade fraseolóxica e salientar a necesidade de atender antes á equivalencia conceptual que á semántica. Así, o exemplo utilizado en francés *Un train peut en cacher un autre* traducido en español por *¡Ojo con el tren!* mostra ben que a "invariante do pragmatema non é semántica senón conceptual" (p.175). Este estudo realízano os autores a partir de inventarios que xa están en curso con pragmatemas de diferentes linguas (francés, español, árabe, bielorruso, catalán, grego, polaco e ruso). As iniciativas nas que se inspiraron para elaborar eses inventarios son, por unha banda, o *Petit dictionnaire permanent des Actes de Langage Stéréotypés* (cf. Kauffer, 2012, e outros) e, por outra, o modelo de análise semántica e tratamento lexicográfico dos *marcadores discursivos* de G. Dostie (2004). Unha consulta rápida da listaxe dos pragmatemas utilizados ao largo do libro e recollidos alfabeticamente ao final do mesmo (pp. 193-204) dá boa conta da variedade e extensión do fenómeno pragmatémico. Tan só por iso xa bastaría para xustificar a necesidade de levar a cabo un inventario exhaustivo de pragmatemas. Porén, e malia a amplitude da noción coa que parten os autores, cómpre lembrar a diferenza que establecen entre os pragmatemas (definidos como frasemas ligados a unha situación de comunicación precisa) e os clichés (*C'est la vie/Así é a vida; Quelle heure est-il?/Que hora é?* etc.), motivo polo que estes non aparecen no índice final e tampouco formarían parte dun inventario de pragmatemas.

O terceiro apartado, e que reseñamos de último, atinxe á parte fraseodidáctica dos pragmatemas, nomeadamente a como son tratados nos manuais, nas guías de viaxe e máis nas gramáticas de referencia. No caso dos manuais, os autores fan un repaso a dous de francés como lingua estranxeira, ámbolos dous de nivel A1, *Mobile* (Reboul *et al.*, 2012) e *Amical* de CLE International. A análise da presenza dos pragmatemas e do seu tratamento neses métodos mostra que forman parte do fondo léxico fundamental que un estranxeiro debe aprender; que a eficacia do seu ensino pasa necesariamente por relacionar estas expresións coas maneiras ritualizadas de ser e de comunicar da xente que fala esa lingua; e, finalmente, que o número reducido de pragmatemas que se estudan neses manuais débese en realidade á complexidade da tarefa que supón poñer en marcha un modelo de ensino adecuado. En canto ás guías de viaxe, o seu interese estriba no feito de que moitas das frases útiles que conteñen para os turistas son ou ben pragmatemas,

ou ben clichés, segundo a tipoloxía dos autores. Aínda que os lingüistas non acostuman interesarse por este tipo de produto, o certo é que a súa función utilitaria o fai óptimo para estudar o fenómeno pragmatémico e máis aínda os problemas de tradución que presenta. Para realizar este estudo, os autores examinaron guías contemporáneas (de ruso para hispanófonos e francófonos, e de español e de alemán para francófonos) pero tamén *Manières de langage* ("maneiras de falar"), é dicir obras en francés destinadas a anglófonos de finais do século XIV, inicios do XV, equivalentes ás guías de viaxe actuais, coa diferenza de que eran pensadas para que as súas expresións foran memorizadas, coma se se tratasen de manuais de ensino de linguas estranxeiras. Malia o tratamento desigual que amosan estas obras con respecto aos pragmatemas que recollen, reúneas a obxectivo común de fornecer aos viaxantes un medio de comunicarse rápido e eficaz cos habitantes dos países que están a visitar. Aínda que a información dos intercambios se reduce ao esencial, as unidades presentes nestas guías corresponden a situacións básicas, mais fundamentais para responder ás necesidades máis elementais dos usuarios, solventando calquera dificultade e evitando posibles atrancos ou mesmo desencontros. Conscientes da función relevante que cumpren, estas guías tentan aportar a máxima información posible, relativa tanto a varios aspectos lingüísticos, como a entonación, coma ás condicións de uso de tipo situacional ou cultural. Finalmente, a análise da información sobre os pragmatemas en distintas gramáticas do francés apunta á unha falta total de recoñecemento deste tipo de unidades por parte dos lingüistas e gramáticos. Despois de observar unhas nove obras, desde *Le Bon Usage* (Grevisse et Goosse, 2007, 14ª edición) ata a *Grammaire de l'Académie française* (1932), os autores sinalan que "comparados coas guías de viaxe, os manuais de gramática preocúpanse pouco dos pragmatemas como enunciados […]" (p. 145), e se algúns deles os incorporan débese a razóns de tipo sintáctico. Conclúen que esta ausencia mostra ben que "esta unidade non existe na concepción que teñen os autores das gramáticas do funcionamento da lingua" (p.145).

En definitiva, o traballo empírico de rastrear a presenza dos pragmatemas e mailo seu tratamento en obras lexicográficas, didácticas e tradutolóxicas, levou aos autores deste libro a defender a pertinencia epistemolóxica da noción e a súa verificación desde un punto de vista teórico. Co obxectivo de illala no cadro das investigacións sobre a fraseoloxía nas linguas, tentaron mostrar a realidade lingüística que ten o concepto de pragmatema, dun xeito moi concreto, con especificidades moi determinadas. Aínda que falte moito por esclarecer ao respecto, empezando por certas propostas en canto aos límites entre pragmatema e cliché, por exemplo, e do que son conscientes os propios autores (p. 179), o gran mérito desta obra consiste en ser a primeira en dedicarlle ao fenoméno pragmatémico un monográfico e en recoller nela todas as cuestións que nos leven a recoñecer a súa presenza innegable na lingua e máis a súa relevancia como tipo de unidade singular no conxunto da fraseoloxía.

María Isabel González-Rey
Universidade de Santiago de Compostela

**LUQUE TORO, Luis (2012): *Manual práctico de usos de la Fraseología española actual.* Madrid: Editoral Verbum, S.L. ISBN 978-84-7962-740-9; 180 páxs.**




Luis Luque Toro, da man da editorial Verbum a través da súa colección "Serie Español Práctico", ofrécenos un manual de grande valor e interese de cara a traballar arredor da fraseoloxía do español actual. A calidade desta obra non é, por outra parte, ningunha sorpresa se se repara na traxectoria do autor. Luque Toro é doutor en filoloxía inglesa na Universidade de Granada, actualmente profesor de lingua española na Universidade Ca'Foscari de Venecia e a súa liña de investigación céntrase principalmente na lexicoloxía, a tradución e os estudos contrastivos. É de especial importancia mencionar que publicou tamén un grande número de artigos dedicados á fraseoloxía como "*Locuciones lexicalizadas y semilexicalizadas: un desajuste por aclarar"* xunto con José Francisco Medina Montero no manual *Léxico español actual V* (2017) así como o *Diccionario contextual de locuciones preposicionales* (2009).

Nesta obra que nos ocupa, tal e como declara no seu prólogo, o obxectivo é "interpretar de la manera más fiel posible el concepto de fraseología, es decir, las modalidades del habla típicas de una lengua, o más específicamente, la suma de las unidades léxicas o, incluso una simple unidad, cuyo significado es la realización del pensamiento de una cultura, en nuestro caso, la española." (9). Para iso, o autor achega un amplo repertorio de actividades que teñen como finalidade abordar a aprendizaxe de cinco grandes bloques de unidades fraseolóxicas: as locucións, as colocacións, os refráns, proverbios e ditos, a fraseoloxía verbal e a linguaxe coloquial e familiar. En total, o manual conta con 50 unidades de aprendizaxe distribuídas segundo os bloques mencionados anteriormente, aínda que non delimitados como tales, ademais dunha introdución e un anexo situado ao final. Independentemente do bloque, todas as unidades seguen unha mesma estrutura: ó inicio presentan un cadro no que se definen as unidades a tratar e se explican as súas estruturas máis frecuentes, seguido dunha serie de frases a xeito de exemplo nas que se integran unidades do tipo tratado e finalmente ofrécense dous exercicios que, con pequenas variantes, consisten en completar ocos ou substituír partes marcadas dunha serie de frases a partir dunha lista do tipo de unidades fraseolóxicas que se está tratando.

O primeiro dos bloques, o das locucións, ocupa as 17 unidades iniciais. Dentro del abórdanse locucións preposicionais introducidas por *a, con, en, por*; locucións adverbiais introducidas por *a, con, de, en, para, por*; locucións nominais (*hijo de papá, coche cama, círculo vicioso* etc.); locucións adxectivas (*parco en palabras, corto de entendederas, de mala muerte* etc.); locucións verbais (*dar crédito, poner el acento, echar a perder* etc.); locucións conxuntivas (*ahora que, gracias a que, a menos que* etc.) e locucións clausais relacionadas co corpo (*calentarse la cabeza, saltar a los ojos, caerse de las manos* etc.),

co mundo animal (*andar a gatas, ser un perro viejo, estar hecho un toro* etc.) e coa comida e a bebida (*estar de mala leche, hacer buenas/malas migas con alguien, a pan y agua* etc.). Todas estas unidades están estruturadas de maneira que presentan un cadro inicial no que se define o tipo de locución a tratar, amósanse as estruturas xerais que estas unidades fraseolóxicas presentan, certas estruturas especiais e algunha característica frecuente; despois do cadro ofrécense unhas frases de exemplo que integran algunha das locucións do tipo coas que se está a traballar. Despois ofrécense dous exercicios, o primeiro consiste en completar ocos en frases a partir dunha lista de locucións e o segundo en substituír a partir dunha lista de locucións as partes en cursivas das frases.

O segundo bloque comprende unicamente tres unidades (18, 19 e 20) arredor das colocacións: "colocación verbo-sustantivo" (*echar la culpa, correr un riesgo, pegar fuego* etc.), "colocación sustantivo-adjetivo" (*lluvia torrencial, trabajo precario, terapia intensiva* etc.) e "colococaciones del adverbio" (*afirmar categóricamente, prometer solemnemente, gravemente enfermo* etc.). Nos tres casos explícanse as unidades, ofrécense exemplos e preséntanse dous exercicios de cada vez para introducir colocativos en función do contexto no primeiro caso e ligados a unha serie dada de substantivos, adxectivos, verbos ou adverbios no segundo.

A unidade número 21, titulada "Refranes, proverbios y dichos", é a que constitúe o terceiro bloque de contidos do manual. Nela defínense os tres conceptos incluídos no título e expóñense exemplos como *entre col y col, lechuga* para o refrán, *ir por la lana y salir trasquilado* para o proverbio ou *vérsele el plumero a alguien* para o dito. En canto ós exercicios, estes consisten en introducir refráns, proverbios e ditos en ocos de frases, ben polo sentido do contexto no caso do primeiro ou ben atendendo a unha temática específica, como no segundo.

O cuarto bloque é o máis extenso dos cinco e comprende as unidades que van entre a 22 e a 42. Estas unidades presentan material e actividades relacionadas coa fraseoloxía verbal de *caer(se)*, *dar(se)*, *echar(se)*, *estar*, *ser* ou *venir(se)* entre outros moitos. Nelas defínese o verbo en cuestión e amósanse estruturas xerais e especiais, exemplos de fraseoloxismos de cada un dos verbos como *caer chuzos de punta* para *caer(se)*, *dar marcha atrás* para *dar*, *echar de menos* para *echar(se)* ou *estar fuera de dudas* para *estar.* Ademais, como no resto de unidades ofrécense tamén frases con este tipo de unidades inseridas para que sirvan de exemplos contextualizados.Os exercicios consisten en completar con unidades fraseolóxicas os ocos de diferentes frases.

O quinto e derradeiro bloque deste manual corresponde con formas propias da linguaxe coloquial e familiar e localízase entre as unidades 43 e 50, clasificadas en fórmulas de admiración/sorpresa/alivio (*¡Vaya pedazo de...!, ¿Cómo es eso?, ahora sí que...* etc.), fórmulas de afirmación/negación (*¡Pues claro que sí!, ¡De eso nada!, ¡Y un huevo!* etc.), fórmulas de entusiasmo/satisfacción/optimismo (*¡De puta madre!, ¡Ya era hora!, mientras haya vida...* etc.), fórmulas de indiferenza/resignación/cansazo (*a mí plin, menos da una piedra, estoy hasta los mismísimos* etc.), fórmulas de enfado (*mandar algo/a alguien a tomar por (el) culo, ¡Vaya chasco!, dar el coñazo* etc.), fórmulas de insulto (*parecer*

*una tabla rasa, ser del sindicato del vidrio, ser un abrazafarolas* etc.), marcadores do discurso I (*pero, por lo tanto, francamente* etc.), e marcadores do discurso II (*anda, oye, quiero decir* etc.). Deste xeito, en cada unidade deste bloque, ofrécense exemplos de expresións relacionadas cun determinado sentimento ou intención, frases que as inclúen e exercicios nos que completar frases con exemplos dados.

A través destes cinco bloques artéllase pois un manual que demostra, ademais dos coñecementos do autor sobre a materia, o grande esforzo levado a cabo para conformalo, confeccionando unha estrutura sinxela pero coherente e ben organizada para dar cabida a diferentes unidades fraseolóxicas do español actual e para dotar de ferramentas que permitan ós e ás usuarias non só coñecelas ou ser conscientes de moitas xa aprendidas, senón de ter a posibilidade de empregalas nos contextos adecuados. Deste xeito, pódese dicir sen lugar a dúbida, que este *Manual práctico de usos de la Fraseología española actual* de Luis Luque Toro é unha obra relevante cun gran potencial didáctico que pon de relevo a importancia da fraseoloxía na oralidade das linguas, concretamente neste caso na do español.

Iván Pazó Rial
Universidade de Vigo

Sara Villar Aira
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

**MARTÍN SALCEDO, Javier (2017): *Fraseología española en uso. ¡Si tú lo dices! ¡Venga! Ya verás como sí*. Brasíla, DF: Consejería de Educación de la Embajada de España. Secretaría General Técnica. ISBN 978-85-67535-16-6; 108 páxs[2].**




*Fraseología española en uso. ¡Si tú lo dices! ¡Venga! Ya verás como sí* é unha obra de Javier Martín Salcedo, profesor de español e de portugués como linguas estranxeiras (LE) e investigador no ámbito do ensino e aprendizaxe de LE, e particularmente en didáctica da fraseoloxía. O traballo de Martín Salcedo, publicado en Brasil pola embaixada de España neste país e de acceso libre a través de Internet, presenta unha estrutura híbrida, posto que inclúe unha primeira parte (pp. 10-24), en que o autor ofrece unha caracterización e unha clasificación das unidades fraseolóxicas (en diante UF) e unha segunda parte (pp. 27-102) que contén 20 unidades didácticas para o ensino de colocacións, locucións e fórmulas.

2 [ttps://www.educacionyfp.gob.es/brasil/pt_BR/dam/jcr:9dda1f6f-fab7-45bb-a1ce19a599af420a/fraseologia-en-uso.pdf]

Así, tras un prólogo da profesora da Universidade Federal da Bahia Lívia M.T. Rádis Baptista, o autor introduce cinco apartados en que tenta caracterizar e clasificar as UF, a partir dun repaso a referencias bibliográficas xa clásicas na fraseoloxía do español. O autor ofrece as clasificacións de Casares, Zuluaga e Corpas Pastor e opta por traballar coa desta última autora, aínda que cinguíndose exclusivamente ás colocacións, locucións e fórmulas rutineiras.

Despois desta introdución teórica, Martín Salcedo ofrece a listaxe de expresións seleccionadas para cada unidade didáctica, distribuídas de acordo coa clase a que pertencen: 7 unidades didácticas abordan as colocacións, 8 as locucións e 5 as fórmulas rutineiras. Dentro de cada unidade preséntase un número variable de UF para estudar (desde un máximo de 26 na unidade 5 ata un mínimo de 9 na unidade 7). Tal e como sinala o autor, na selección das expresións que se traballan en cada unidade empregáronse criterios dispares: no caso das locucións, utilizouse un criterio semántico (con temas como o amor, ou o diñeiro, desde o punto de vista do significado figurado, ou os touros desde o punto de vista do significado literal); para as fórmulas un criterio pragmático (por exemplo, expresións de negación rotunda) ou un criterio formal (por exemplo, fórmulas que conteñen a palabra *Dios*) e no caso das colocacións, seguiuse un criterio estrutural (colocacións de estrutura verbo + adverbio, substantivo + adxectivo etc.). Máis alá destes criterios, non se sinalan outros, como o da frecuencia, a relevancia ou o rendemento, que parece que deberan usarse no proceso de selección das unidades. Non se indica tampouco o nivel de referencia para o que está pensado o traballo, e conviven no manual expresións que parecen corresponder a diferentes niveis de interlingua: compárense, por exemplo, *salir de cuentas* e *vehementemente criticado* con *ordenador portátil* ou *perder el avión*.

Tras a presentación das expresións que se van traballar en cada unidade didáctica, ofrécense estas, organizadas en volta dos tres grupos de UF xa mencionados: por esta orde, as colocacións, as locucións e as fórmulas rutineiras. A maior parte das unidades didácticas, especialmente as dedicadas ás locucións e ás fórmulas, van introducidas por unhas liñas que serven de presentación ao grupo de expresións que se van estudar. A continuación figuran as diferentes actividades que conforman a unidade, que van seguidas, na parte final do libro, do correspondente solucionario.

O número e tipo de actividades é variable en cada unidade didáctica e non existe unha pauta organizativa común. Os tipos de tarefas que atopamos son as seguintes, que se ilustran cun exemplo:

✓ *Asociación de UF con significados ou con motivacións*

**Establece la relación entre la unidad fraseológica y su significado.**

| Locuciones | Significado |
|---|---|
| 1. Ser un flechazo | a) estar enamorado de alguien |
| 2. Echar de menos | b) andar siempre juntos |
| 3. Salir con alguien | c) tener una buena relación con alguien |
| 4. Estar colado por alguien | d) ser un amor a primera vista |
| 5. Ser dos tortolitos | e) poner dificultades |
| 6. Ser el príncipe azul | f) sentir la falta de alguien |
| 7. Llevarse bien con alguien | g) tener un encuentro sexual fuera de la pareja |
| 8. Poner los cuernos a alguien | h) comenzar una relación con alguien |
| 9. Echar una cana al aire | i) cometer una infidelidad |
| 10. Poner pegas | j) ser el hombre de tu vida |

**Relaciona las locuciones propuestas a su origen en el mundo taurino.**

| | |
|---|---|
| 1. Dar largas | a. A su salida, el toro sale con fuerza y empuje. El matador le da los primeros capotazos para atemperar su embestida. |
| 2. Echar un capote | b. En su sentido simbólico significa hacer frente a una situación con determinación como el torero con el toro. |
| 3. Entrar al trapo | c. Es la acción que hace el toro al acudir a la llamada del torero que efectúa con el capote. |
| 4. Tener mano izquierda | d. Gesto con el que el torero, tras una faena más o menos aplaudida, quiere demostrar todo su poderío y arrogancia ante el toro. |
| 5. Escurrir el bulto | e. Se ha tenido siempre por cierto que un toro con pelaje castaño era bravo. Si se pasaba de este color, se entendía que presentaría más dificultades al torero. |
| 6. Pasarse de castaño oscuro | f. La larga es una suerte que realiza el torero mediante el movimiento del capote con una sola mano. |
| 7. Parar los pies | g. Una corrida de toros consta de tres tercios. Cambiar de uno a otro significa cambiar de parte o asunto. |
| 8. Cambiar de tercio | h. Cuando el torero no ve claro la llamada del toro al capote, el matador escurre o desvía al animal para ponerse a salvo. |
| 9. Dar un desplante | i. El capote es el trapo que usa el torero para incitar y distraer al toro. Cuando está en peligro, viene su cuadrilla con el capote. |
| 10. Coger el toro por los cuernos | j. Tener habilidad para torear con la izquierda, pues torear con la derecha es arte menor, ya que esta se emplea para la muleta. |

## ✓ *Compleción de ocos*

**Completa el diálogo con las expresiones que has aprendido.**

Lidia: ¡Qué tío más aburrido! no me cuentas nada de Eduardo, con lo que me gusta un chisme.

Fernando: Ya sabes que para los demás, soy una (1) _____. A ti, solo te gusta ponerlo (2) _____. Me llevo bien con él y no quiero hablar mal de él. Siempre hemos hecho muy (3) _____.

Lidia: Pues, a mí, me parece que tu amigo tiene mucha (4) _____, nunca quiere pagar, se te pega (5) _____. Siempre le tienes que invitar. Y encima, conmigo se pasa (6) _____. Me pone verde. No me cae nada bien.

Fernando: Bueno, tía. Él tiene su forma de ser y hay que respetarlo. Le gusta decir las cosas a la cara, no le mola andarse (7) _____. Por lo menos, no habla mal de ti por la espalda.

Lidia: Sí, muy bien. ¡Lo que tú digas! Siempre lo defiendes.

## ✓ *Selección múltiple*

**Descarta la opción (es) incorrecta (s).**

A) ¿Cuánto tiempo _____ de Madrid a Granada en coche?
a) tiras b) echas c) llevas

B) Aquí _____ el rato viendo la tele.
a) echando b) pasando c) dejando

C) Mi madre prefiere _____ el tinte en la peluquería.
a) echarse b) pasar c) ponerse

D) Ayer mi padre me _____ una bronca.
a) dio b) echó c) gané

E) El albañil le _____ un piropo a la vecina.
a) echó b) lanzó c) dio

F) Juana se _____ un novio en Carnaval.
a) echó b) arregló c) agenció

## ✓ *Detección de UF en textos*

**Existen muchas más palabras que responden a este modelo de colocación. Lee el siguiente correo electrónico y extrae las colocaciones que detectes.**

Hola, Andrés:
¿Qué tal tu viaje? Espero que bien. Aquí la experiencia está siendo muy buena en Salvador. Lo que no me gusta es el clima. Llueve mucho. Ayer, sin ir más lejos, cayó una ***lluvia torrencial.*** Pero por lo demás está todo bien. ¿Sabes a quién me encontré ayer? A Silvia. Sabes que esa chica tiene una conducta intachable. Nunca bebe, siempre tan correcta. Me contó sobre su relación con Luis, me dijo que fue un amor ciego. Yo creo que cometió un error garrafal al aceptar salir con él. Me da tanta pena la muchacha. Luis le está tomando el pelo. Le tengo un odio mortal a ese chico, porque se aprovecha de ella. Está hasta mucho más delgada. Me dijo que ha cambiado sus hábitos alimenticios de lo mal que lo está pasando. Vamos, que me dan ganas de mandarle un paquete bomba a su casa, para que el tío ese se vaya al infierno y deje a la chica en paz. Bueno, ya te contaré más cosas.
Un abrazo,
Francisco.

✓ *Vinculación de elementos (constituíntes dunha UF, UF co seu contexto, UF con imaxes)*

**Sabemos que el verbo echar presenta una considerable dificultad. Por ello, vamos a trabajar estructuras con dicho verbo.**
**Relaciona las frases para que tengan sentido. La letra a es un ejemplo.**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **A** | Echarse una siesta | | en la peluquería |
| **B** | Echar cuatro horas en coche de | | a una mujer bonita |
| **C** | Echar el rato | | en una discoteca |
| **D** | Echarse el tinte | | de lo que pasó |
| **E** | Echar una bronca | | de los que tiene |
| **F** | Echarle un piropo | | en la ventanilla |
| **G** | Echarse novio | | Granada a Madrid |
| **H** | Echar la culpa | | del tarot |
| **I** | Echar las cartas | | a su hijo |
| **J** | Echar más años | | esperando a mi amigo |
| **K** | Echar los papeles | **A** | después de comer |

✓ *Detección e corrección de erros*

**Señala los errores que hay en las siguientes expresiones y corrígelos.**

1. A Lidia no le gustaría que Fernando echase unas canas al aire.
2. Daniel nunca le ha echado los cuernos a Lucía.
3. Lucía y Daniel hicieron un polvo el primer día que se conocieron.
4. Miguel es el príncipe encantado de Antonio.
5. Miguel nunca le coloca pegas a lo que quiere Antonio.
6. Lucía y Daniel son una pareja que no se toman bien.

✓ *Transformación ou substitución*

**Piensa en la unidad anterior, transforma y crea frases con las colocaciones propuestas conforme el ejemplo:**

*Oponerse frontalmente. Cerrar herméticamente. Cumplir rigurosamente. Criticar vehementemente. Comportarse debidamente. Vestir impecablemente. Dormir profundamente. Observar detenidamente. Escuchar atentamente. Enamorarse perdidamente.*

*Se prohíbe terminantemente fumar en este espacio. Está terminantemente prohibido fumar en este espacio.*

1) _____

2) _____

3) _____

✓ *Verdadeiro / falso*

**Conforme el texto, di si las siguientes afirmaciones son verdaderas o falsas.**

| | V | F |
|---|---|---|
| Lidia perdió la cabeza al ver a Fernando. | X | |
| Lidia perdió un autobús para estar más tiempo con su novio. | | |
| El padre de Fernando tiene problemas de memoria. | | |
| La madre de Fernando tiene mucho equilibrio. | | |
| Fernando perdió a su mejor amigo por no dedicarle tiempo. | | |
| Su mejor amigo perdió los nervios porque Fernando no le hacía caso. | | |

✓ *Tradución do portugués ao español*

**Traduce las frases propuestas del portugués al español.**

Ele fez o projeto errado e jogou a culpa em mim.
Mãe Dináh colocou as cartas para ela e não adivinhou nada.
Quantos anos você me dá?
Tive que deixar a documentação para poder concorrer a vaga.
Joana arranjou um namorado no Carnaval.
Meu pai me deu uma bronca porque cheguei tarde em casa.
Minha mãe prefere pintar o cabelo no salão de beleza.
O cara deu uma cantada na vizinha.

A este último respecto, debe indicarse que, aínda que nin no título nin na Presentación se indica que o manual ten como destinatarias as persoas co portugués como lingua inicial, a existencia deste tipo de actividades de tradución deixa ás claras este feito. A obra está concibida como material complementario para o ensino do español a falantes de portugués e especificamente no Brasil, pois os textos e exemplos que se ofrecen deixan patente que o manual está contextualizado neste país:

**Completa las frases con los siguientes adverbios conforme corresponda.**

MUNDIALMENTE FIRMEMENTE VISIBLEMENTE
REMATADAMENTE INCONDICIONALMENTE LOCAMENTE

| | |
|---|---|
| 1 | Michel Temer está a) _____ enamorado de Marcela Temer. |
| 2 | Dilma Roussef está b) _____ loca como Maria I, La loca, según la revista *"Isto é"*. |
| 3 | Lula está c) _____ convencido de que él es el único que puede enderezar Brasil. |
| 4 | Brasil es un país d) _____ conocido por su buen fútbol. |
| 5 | Parte de la población brasileña está e) _____ afectada por la moción de censura de Dilma Roussef. |
| 6 | El nuevo presidente está f) _____ apoyado por algunos sectores económicos. |

Nesta liña, debe destacarse que en varias das actividades se pon o foco nas diferenzas culturais que subxacen á lingua de partida e á lingua meta, algo imprescindible en traballos deste tipo, nos que a aproximación cultural resulta necesaria non só para comprender correctamente o valor das expresións, senón tamén para facilitar a súa aprendizaxe. Neste sentido, o autor sinala na Presentación que a fraseoloxía é "una lente que da a conocer y entender los presupuestos culturales, sociales y las visiones de mundo de los individuos de una cultura" (p. 9).

Por outro lado, cómpre engadir ao xa indicado sobre as actividades que conforman o manual, que algunhas delas (por exemplo as actividades de verdadeiro / falso) son tarefas de *comprensión lectora* que se realizan trala lectura dun texto, que frecuentemente introduce a unidade. Ademais, propóñense algunhas *actividades semicontroladas para a creación de frases* que sirvan para poñer en práctica as expresións previamente estudadas ou para verificar o seu grao de comprensión:

**ACTIVIDAD 2**
**Crea una frase con las colocaciones propuestas.**
1. Salir herido >
2. Salir ileso >
3. Salir triunfante >
4. Salir redondo >
5. Salir despavorido >
6. Salir barato >

**Responde personalmente a las siguientes preguntas:**
1. ¿Quién es la oveja negra de tu familia?
2. De tus amigos, ¿quién es el que está como una cabra?
3. ¿Qué es lo que te pone más de mala leche de tu profesor?
4. ¿Has conocido alguna vez a alguien que sea un pedazo de pan?
5. ¿Tienes algún amigo/a que esté como una vaca?
6. ¿Te enamorarías de un cardo?

Finalmente, en boa parte das unidades propóñense *actividades comunicativas* en que a/o estudante debe escribir un texto empregando as expresións aprendidas. As actividades comunicativas que se propoñen son moi pouco variadas e na maior parte dos casos o que se solicita é a elaboración dun diálogo.

**Escribe un pequeño diálogo con al menos cuatro expresiones de esta unidad.**

Non hai actividades enfocadas cara á comprensión auditiva (pois o manual non inclúe material de audio) nin tampouco se propoñen actividades para a práctica da expresión oral. Por outro lado, a obra, de acordo co autor, está dirixida "a profesores y alumnos de español que lo quieran utilizar como material didáctico complementario en sus clases" (p. 9) e, nesta liña, sería interesante que se incluísen actividades cooperativas ou en parella, pois todas as que se propoñen están formuladas para realizar individualmente.

A pesar dos problemas sinalados nas liñas precedentes, non podemos por menos que darlle a benvida a esta obra que se sitúa nunha liña de traballo crecente, pero aínda insuficiente, e que conta con títulos como *Ejercicios de fraseología* (Ruiz Gurillo 2002), *El español idiomático da juego* (Losada Aldrey 2011) ou *Hablar por los codos. Frases para un español cotidiano* (Vranic 2016[2]). Trátase ademais, segundo a nós nos consta, do primeiro manual sobre ensino de fraseoloxía do español a falantes de portugués, así como dunha obra de acceso libre, o cal debe ser destacado e aplaudido. Esperamos que este traballo sirva de acicate para a elaboración de traballos da mesma índole noutros espazos lingüísticos e para o desenvolvemento das investigación sobre o ensino da fraseoloxía do español, e doutras linguas, no espazo lusófono.

**Referencias bibliográficas**

LOSADA ALDREY, María del Carmen (2011): *El español idiomático da juego*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

RUIZ GURILLO, Leonor (2002): *Ejercicios de fraseología*. Madrid: Arco/Libros.

VRANIC, Gordana (2016[2]): *Hablar por los codos. Frases para un español cotidiano*. Madrid: Edelsa.

María Álvarez de la Granja
Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela

**MESSINA FAJARDO, Luisa A. (2017): *Apuntes de fraseología, paremiología, traducción y didáctica del español.* Barcelona: Avant. ISBN: 9788416864690; 305 páxs.**

A profesora Luisa Messina Fajardo, docente na Università degli Studi di Roma Tre, recompila nesta obra un conxunto variado de traballos elaborados nos últimos dez anos, algúns inéditos, outros dispersos en revistas ou en actas de congresos en torno á fraseoloxía e paremioloxía do español. Este feito é importante porque, dentro da indubidable unidade da obra (o obxecto de estudo son sempre as unidades fraseolóxicas e as paremias da lingua española), os temas que serán obxecto de análise son moi variados, de xeito que permiten poñer en relación a fraseoloxía e a paremioloxía con outras disciplinas ou áreas temáticas tales como a didáctica, a tradución, a literatura, a variación dialectal no ámbito do español e as linguas de especialidade.

A obra comeza cunha *Introdución* na que a autora nos informa do proceso de elaboración do libro e realiza unha sucinta presentación das cinco partes en que se organizan os dezaoito traballos (capítulos) que se recollen.

A primeira parte, *Fraseología, paremiología y didáctica,* inclúe os seguintes capítulos: 1. Fraseología y cultura en la didáctica del español; 2. Traducción de las unidades fraseológicas; 3. La metáfora en las unidades fraseológicas; 4. El arcaísmo y la recreación de las paremias; 5. La brevedad en las paremias y en el microrrelato.

Como se aprecia pola listaxe, no primeiro capítulo trátanse cuestións de tipo xeral relacionadas coa importancia que ten o factor cultural para acadar unha verdadeira competencia comunicativa en español como lingua estranxeira (ELE), especialmente no ámbito fraseolóxico (fraseocultura), o que exemplifica a autora dando conta da orixe de diferentes unidades fraseolóxicas de procedencia bíblica ou mitolóxica.

No segundo capítulo abórdanse os problemas que provoca a tradución das unidades fraseolóxicas españolas e a súa didáctica, aspectos que se aplican preferentemente no ámbito da docencia a alumnos italianos: de novo ofrece abundantes exemplos de equivalencias totais ou aproximadas entre UF das dúas linguas.

Nos capítulos 3, 4 e 5, sen perder de vista o enfoque didáctico, examina tres das características máis salientables das unidades fraseolóxicas e, especialmente, dos refráns: o seu carácter metafórico (enfocado desde o punto de vista da lingüística cognitiva), a abundancia de arcaísmos (léxicos e morfolóxicos) e a brevidade, o que leva á autora a unha interesante comparación entre os recursos que emprega o refraneiro para acadar esa brevidade e os utilizados nos microrrelatos. Eses recursos son basicamente os mesmos, como se mostra nos exemplos que aduce Messina: un

welerismo como *No es nada lo del ojo. Y lo llevaba en la mano* (p. 69) podería ser citado como un exemplo prototípico de microrrelato. A brevidade é unha característica sobre a que, na nosa opinión, nunca se incidirá de abondo: é típica dos xéneros que esixen un cerre (pensemos tamén na lírica popular, no verso). En todos estes casos esa condensación conséguese puíndo de xeración en xeración todo o superfluo. A este respecto, sinalaba Juan de Valdés no seu *Diálogo de la lengua* (c. 1535: 158) como esta propiedade do refrán provoca que "dando a entender lo que queréis dezir, de las palabras que pusiéredes en una cláusula o razón no se pueda quitar ninguna sin ofender a la sentencia della". Esta reflexión do ilustre humanista tráenos á cabeza a actitude de Julio Cortázar, quen non se atreveu a publicar ningún relato co seu propio nome ata que realmente se sentiu satisfeito do resultado: isto produciuse cando –seguindo o modelo de Borges– considerou que nas súas obras xa non se podía suprimir ningunha palabra, ningunha era superflua (Prego 1985: 60).

Canto á cuestión dos arcaísmos, cremos que a súa relevancia na caracterización do refraneiro está sobrevalorada: é certo que as composicións fixadas, destinadas a ser repetidas sempre nos mesmos termos, tenden a conservar formas periclitadas (*Donde no hay harina, todo es mohína*), pero non é menos certo que a maioría dos refraneiros están formados por acumulación doutros anteriores, polo que moitas das unidades paremiolóxicas aí recollidas (que se pretenden pasar por vixentes) son, en realidade, desusadas, corresponden a un tempo pasado (e, por tanto, cando se mencionan, pertencen máis á categoría das citas que á da paremioloxía sincrónica). Nos refráns vivos, pola contra, a lingua vaise actualizando ao ritmo da evolución lingüística, como se pode comprobar se contrastamos as unidades actuais coas que se recolleron nos repertorios antigos: *A rio buelto, ganancia de pescadores, Tan lueñe de ojos, tan lueñe de coraçón, Haz bien y no cates a quien, Hoy por mi, cras por ti* son repetidos hoxe actualizados polos falantes como *a río revuelto…, ojos que no ven..., ...y no mires a quién, ...mañana por ti*.

A segunda parte leva por título *Traducción, didáctica y fraseología*. Consta dos seguintes capítulos: 6. La traducción como medio de comunicación y de cultura; 7. La evaluación en la traducción; 8. Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas.

Neste apartado, a autora céntrase en distintos aspectos da tradución desde un punto de vista teórico (breve historia da tradución, principais teorías) e tamén práctico (a avaliación na aula, os problemas que suscita a tradución). Desta parte, evidentemente, interésannos para esta recensión os capítulos 6 e 8, nos que se tratan especificamente os problemas e retos da tradución de unidades fraseolóxicas (especialmente entre o español e o italiano). O carácter peculiar das UF provoca que a tradución destas unidades –sempre dentro do marco da didáctica de linguas– esixa un dominio non só lingüístico senón tamén pragmático, sociolingüístico, discursivo e cultural (faceta na que insiste a autora) das dúas linguas. Para exemplificar este proceso ofrece un listado de equivalencias entre fraseoloxismos de distinto tipo (clasificado segundo diferentes criterios: funcional, formal, semántico) e unha selección de exercicios de diversa dificultade.

A terceira parte (*Paremia, literatura y traducción*) é en boa medida unha continuación da anterior, en canto que dous dos traballos versan sobre a tradución, agora centrada nos textos literarios. Está formada polos seguintes capítulos: 9. Las mujeres y el vestir en *Refranes o proverbios en romance* (1555) de Hernán Núñez; 10. Traducción de las paremias de *La Celestina* en dos épocas: 1506 y 1995; 11. Las paremias en *La Celestina* y la traducción en italiano de las paremias de Sempronio.

Como vemos, a preocupación polos problemas e técnicas de tradución antes apuntados aplícanse agora á tradución de obras literarias, en concreto, de *La Celestina.* Así, nos capítulos 10 e 11 analízase a distinta maneira de proceder na tradución desta obra literaria (verdadeiro repertorio de proverbios, unha das cimas na utilización literaria do refraneiro) en dúas versión italianas de distinta época: a feita por Alfonso Hordóñez en Roma (1506), case ao mesmo tempo que a edición *prínceps*, e a realizada por Viviana Brichetti (1995). Con estes capítulos enlaza o noveno, onde se estudan nun dos principais repertorios proverbiais dese mesmo século XVI (*Refranes o proverbios en romance* de Hernán Núñez) os estereotipos sociais e prexuízos relativos á visión da muller na época.

A cuarta parte (*Fraseología y paremiología en Hispanoamérica*) considera desde diversos puntos de vista distintos aspectos da fraseoloxía e fraseografía hispanoamericana. En concreto, os países dos que se ocupa son os seguintes: 12. Fraseología, paremiología venezolanas y «comparancias»; 13. Fraseología y paremiología en el Perú; 14. Fraseología y paremiología en Chile; 15. Fraseología y paremiología en Argentina.

Este apartado é sumamente interesante, polo menos para os que nos preocupamos pola fraseoloxía hispánica. A maioría das unidades fraseolóxicas (incluídas as paremias) propias do español de América teñen, evidentemente, unha base española (mesmo moitas unidades que neste apartado se consideran creacións americanas son coñecidas na península). Con todo, tendo en conta que constantemente se crean novos frasemas –o que é especialmente palpable nunha cultura popular tan rica como a dos países hispanoamericanos–, é de sumo interese examinar esas creacións innovadoras que, en moitos casos, seguen patróns comúns panhispánicos (como sucede coas «comparancias» venezolanas: *pasar más hambre que garrapata en peluche, más largo que piropo de tartamudo* etc., son equivalentes claros de frases elativas peninsulares como *pasar más hambre que el perro de un ciego* o *más largo que la bufanda de una jirafa*).

Como antes sinalamos, o punto de vista varía en cada un dos capítulos: no capítulo 12 e 15 Messina sopesa algúns fraseoloxismos venezolanos e arxentinos frecuentes. No capítulo 11 detense na análise das unidades fraseolóxicas que se documentan na obra *El pez en el agua* de Mario Vargas Llosa (2010). Finalmente, o capítulo 14 céntrase no estudo dos principais repertorios fraseolóxicos e paremiolóxicos do español de Chile, o que aproveita para mencionar unha selección de unidades incluídas neles.

Remata o corpo principal da obra cunha quinta parte (*Fraseología y lenguajes especiales*) composta por tres capítulos, nos que se tratan as interrelacións entre a fraseoloxía e as linguas de especialidade: 16. Los lenguajes especiales: el lenguaje político; 17. Léxico y unidades fraseológicas en el lenguaje del periodismo deportivo; 18. Fraseología y el lenguaje marino.

Evidentemente, no léxico de especialidade tamén ten cabida a fraseoloxía, como mostra neste apartado Messina Fajardo. Así, no capítulo 16 analiza algunhas unidades léxicas e fraseolóxicas de uso frecuente extraídas do diario *El País* (en realidade, bastantes desas expresións son de uso xeral, non lingua de especialidade, aínda que estean insertas nun documento de tema político: *encuentro informal, lanzar las campanas al vuelo, marchas forzadas, pez gordo* etc.). No capítulo 17 compara o uso de unidades fraseolóxicas na prensa deportiva en italiano e en español (en xeral, observa un maior uso deste tipo de expresións en español). Finalmente, o último epígrafe, dedicado ao léxico do mar, remata cunha listaxe das 57 paremias que conteñen a palabra *mar* no *Vocabulario de refranes y frases proverbiales* de Gonzalo Correas (algunha delas merece algunha atención. Por exemplo, *la mar que se parte, arroyo se hace* clasifícase no apartado "esperanza" cando o seu significado, se a interpretamos ben, é paralelo a *divide y vencerás*, é dicir, a división provoca debilidade).

Cerran a obra unhas breves conclusións finais, a bibliografía manexada ao longo dos capítulos, un índice onomástico e un apéndice no que se insire unha unidade didáctica para estudantes de español lingua estranxeira con abundantes exercicios fraseolóxicos (acompañados dun solucionario).

Esperamos que con estas liñas teñamos mostrado a variedade de temas tratados por Messina Fajardo, a riqueza de enfoques desde os que se considera o estudo da fraseoloxía, e foramos quen de suscitar o interese do lector afeccionado á paremioloxía ou do especialista, especialmente dos docentes dedicados ao ensino do español L2, para que se animen a traballar nas aulas con esta documentada obra.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

PREGO, Omar (1985): *La fascinación de las palabras. Conversaciones con Julio Cortázar*. Barcelona: Muchnik.

VALDÉS, Juan de (c. 1535 [1978]): *Diálogo de la lengua*. Ed. de Juan M. Lope Blanch. Madrid: Castalia.

Luis González García
Universidade da Coruña / Grupo Hispania

**VELÁZQUEZ PUERTO, Karen (2017): *¡Dale a la lengua! Integrando el aprendizaje de fraseología en ELE*. San Bernardino (USA). ISBN-13: 978-1537063058, ISBN-10: 1537063057; 124 páxs.**

